Traballo presentado como relatorio no *Seminario Internacional «Intercambios lingüísticos y literarios en el ámbito románico»*, organizado pola Universidade Complutense e mais a UNED e celebrado en Madrid do 7 ao 10 de maio de 2001. O proxecto «Estudo das variantes verbais no portugués continental falado», que a autora dirixe no CLUL dende finais de 1999, ten como obxectivo central o estudo da variación morfofonolóxica do verbo (con extensións de análise morfosintáctica) e baséase nun corpus deseñado a partir dos materiais sonoros do Grupo de Dialectoloxía do CLUL. Un segundo obxectivo é a comparación dos resultados obtidos na zona norte de Portugal cos galegos e para iso utilízanse os datos do *ALGa* e doutros traballos sobre o galego. Neste artigo faise unha comparación entre o portugués e o galego centrada na ligazón fonolóxica entre verbo e pronome acusativo enclítico e entre verbo e artigo definido. No corpus de portugués setentrional hai variedades caracterizadas por unha consoante de unión específica, segundo se trate do primeiro ou do segundo contexto, que dan lugar a cadeas que non se atopan no portugués estándar e que as aproximan ás variedades fronteirizas galegas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Recs.: *LLBA*, 37, 2003:[200307064].

81 (R/05). Otro Fernández: "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II/47, 1896:2-3. | [Ed. en liña n.v.]: <http://membres.lycos.fr/questione/artigos/otrofernandez1.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/06/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inserida no debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, esta carta ao director defende a necesidade de unificar o galego e para iso propón recorrer ao portugués. Con ela contéstase á carta asinada por Santiago Fernández Neira no nº II/45, 1896:3, na que se presentaban galego e portugués como linguas irmás.

82 (R/05). Pereira, Aureliano J.: "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II/56, 1896:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inserida no debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, esta carta ao director responde a outra publicada no número II/47, 1896:2-3. O autor mantén que o galego non ten que recorrer ao portugués e que hai que recoller todo o que ofrecen os textos históricos escritos en galego e despois purificalo, isto é, eliminar os vocábulos casteláns que teñan equivalente en galego. Neste sentido, fai fincapé na importancia da Academia Galega.

83 (R/05). Pereira, Aureliano J. / Martínez Eiras, Esther (tr. gal.): "Los orígenes del gallego", *El Regional*, 18-II-1896. | [Reed.]: *Revista Gallega*, II/49, 1896:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Versión gal.]: "As orixes do galego", en Aureliano Pereira, *Escritos sobre Federalismo e Galeguismo*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Concello de Lugo, Concellería de Cultura e Turismo, [2006]:225-338. | [Ed. facs. en liña n.v. da versión gal.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2007], <http://www.cirp.es/pub/docs/varios/AurelianoPereira.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 04/05/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da versión gal.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes / Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, <http://descargas.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/79126953896573495288868/028787.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 12/05/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inserida no debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, esta carta ao director responde a outra aparecida no nº II/47, 1896:2-3. Subliña a necesidade de traballar a prol do galego e afirma que, aínda que antigamente o galego "coincidise" co portugués, hoxe é unha lingua diferente, polo que aquel non se debe adoptar como norma para o galego.

84 (R/04). Pérez Rodríguez, Henrique: "A língua portuguesa no ensino secundário na Galiza", en Aurora Marco (ed.), *Língua, Literatura e Arte. Aspectos didácticos: Actas do Seminário Interdisciplinar celebrado en Santiago do 24 ao 27 de abril de 1997*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1997:295-300. | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor. [2004], <http://webs.uvigo.es/h06/weba573/persoal/henr/trab9.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/10/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor manifesta a necesidade de ensinar o portugués en Galicia e argumenta en favor desta idea apoiándose na existencia de posturas que defenden un achegamento do galego ao portugués, na intercomprensión entre os falantes das dúas linguas e na condición do português como quinta lingua máis falada no mundo. Analiza as diferenzas existentes entre as dúas linguas e conclúe que a maior parte se deben ao influxo do castelán sobre o galego.

85 (R/05). R.: "Los orígenes del gallego. Los romances arcáicos gallego y portugués", *Revista Gallega*, II/55, 1896:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M

No contexto do debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, reprodúcense aquí as primeiras liñas dalgúns documentos escritos en Portugal e Galicia nos sécs. XIII e XIV e faise referencia á orixe do artigo determinado galego.

86 (R/05). R.: "Los orígenes del gallego. Los romances arcáicos gallego y portugués", *Revista Gallega*, II/51, 1896:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Carta ao director que continúa o debate sobre a relación entre galego e portugués desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista. Recolle un fragmento dunha recensión, publicada nos núms. 4.303 e 4.307 do xornal *La Voz de Galicia*, sobre a novela de Antonio López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval* (1894), na que se defendía a identidade de galego e portugués, e a resposta, publicada no xornal *El Alcance* de Santiago de Compostela, na que Manuel Rodríguez Rodríguez mantén que son dúas linguas diferentes. Cítase tamén a opinión sobre o tema do Padre Sarmiento e de Teóphilo Braga.

87 (R/05). R.: "Los orígenes del gallego. Los romances arcáicos gallego y portugués", *Revista Gallega*, II/53, 1896:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. MEC

No contexto do debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, o autor salienta a importancia da documentación medieval, na que xa se poden apreciar diferenzas entre os textos escritos en Galicia e os portugueses. Para que o galego saia do "estado rural" no que se acha, considera imprescindible, ademais do estudo dos textos antigos, acudir a repertorios léxicos e gramáticas "portuguesas, castelás e lemosinas", que son afíns á lingua galega.

88 (R/05). R.: "Los orígenes del gallego. Los romances arcáicos gallego y portugués", *Revista Gallega*, II/54, 1896:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

No contexto do debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, o autor fai referencia á nasalidade (que se perdeu en galego, fronte ao portugués) e á influencia do provenzal e doutros romances sobre o galego, segundo el, pois non hai ningunha lingua que sexa pura.

89 (R/05). R. G. V.: "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II/48, 1896:4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inserida no debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, esta carta ao director responde a outras dúas publicadas nos núms. II/45, 1896:3 e II/47, 1896:2-3. Defende, fronte ás anteriores, a identidade específica da lingua galega e a existencia dunha tradición literaria propia, afirmando que o que hai que facer é perfeccionar e unificar a lingua.

90 (R/05). Raposo, Eduardo Paiva: "Algumas observações sobre a noção de *língua portuguesa*", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:585-593. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Instituto Camões, 2001, <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biblioteca>, Formato: PDF, [Consulta: 02/01/2004]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor sostén un concepto de lingua portuguesa con tres variantes: o portugués europeo, o brasileiro e o galego. Para el, "[a] noção clássica de *língua portuguesa*, de um ponto de vista intensional, não está somente, nem sequer essencialmente, assente em considerações de natureza linguística. Com isto não queremos dizer [...] que não haja uma *certa* unidade linguística subjacente a todas as variedades de português reconhecidas pela filologia. Contudo, parece-nos que os factores mais importantes subjacentes a essa noção são sobretudo de natureza política, histórica, ideológica e cultural, num sentido vasto deste último termo." (p. 587).

91 (R/05). Rodríguez Rodríguez, Manuel: "Los orígenes del gallego. La lengua lusitana no es el idioma propio y natural de los gallegos", *Revista Gallega*, II/62, 1896:4; II/63, 1896:4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Continuando co debate sobre as orixes do galego e a súa relación co portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, o autor apoia a opinión expresada por Aureliano J. Pereira no nº II/56, 1896:3-4, no que defendía a diferenza entre as dúas linguas, fronte a Fernández, quen, no nº II/47, 1896:2-3, consideraba necesario acudir ao portugués para revitalizar o galego. Manuel Rodríguez Rodríguez sinala algúns defectos gramaticais do galego que, na súa opinión, deben ser corrixidos; por exemplo, a duplicación dos finais do tipo *campaas* debe ser eliminada por razóns prosódicas. No nº II/63 afirma que non se pode acudir ao portugués en materia de prosodia e critica a manía de censurar por principio todo o que dicta a Real Academia Española.

92 (R/05). Vaamonde Lores, Florencio: "[Sen título]", *Revista Gallega*, VIII/360, 1902:4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor destaca a identidade de orixe, lingua e costumes de Galicia e Portugal.

93 (R/05). Vaamonde Lores, Florencio (co pseudónimo Fulvio Vergodense): "Do idioma galego", *Revista Gallega*, II/65, 1896:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Celso Álvarez Cáccamo, Versão Original, [2006], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/vo/1881/18960531rg03.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/05/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Continuando co debate sobre as orixes do galego e a súa relación co portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, o autor resume as opinións expresadas nas intervencións anteriores e defende a identidade de galego e portugués, salientando a necesidade de limpar o galego de castelanismos. Para fundamentar a súa opinión, recolle algúns textos literarios de diferentes épocas na versión galega e portuguesa co fin de demostrar a semellanza entre as dúas.

94 (R/05). Viñas, Cristóbo das: "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II/67, 1896:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Continuando co debate sobre as orixes do galego e a súa relación co portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, o autor súmase á opinión de Fflorencio Vaamonde Lores [entrada 93], afirmando a identidade das dúas linguas e salientando a necesidade que ten o galego, se non quere verse corrompido polo castelán, de deixarse influír polo portugués.

95 (R/05). Xan do Pobo (psedónimo): "Los mártires de Carral. Nuevo proyecto de monumento", *Revista Gallega*, VIII/390, 1902:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Con ocasión da construción dun monumento aos mártires de Carral, a Academia de San Fernando aconsella poñer nel unha inscrición ben en castelán, ben en galego (e que, de facerse en galego, esta non deberá ter "mezcla de portugués"). O autor deste artigo, critica esta aclaración da Academia afirmando que o portugués é o pai do galego.

Vid. tamén as entradas 108, 687, 745, 756, 845, 846, 855, 862, 873, 871.

14 Obras xerais de consulta

141 Manuais para a aprendizaxe do galego

96 (N/05). Granxa González, Xosé Antón / Méndez Álvarez, María Xesús: *Manual de Lingua Galega: Teoría e práctica: Nivel Superior*, Vigo, Xerais, 2002-05, 6 v. (I, 2002, 215 p.; I. *Solucionario*, 2002, 192 p.; II, 2004, 215 p.; II. *Solucionario*, 2005, 135 p.; III, 2004, 199 p.; III. *Solucionario*, 2005, 128 p.).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Destinado a un público amplo, pon especial atención nos contidos prácticos. Cada volume aparece organizado en seis bloques, o último dos cales ofrece unha escolma -adaptada aos temas desenvolvidos no volume- dos modelos de probas das escolas oficiais de idiomas para a obtención dos títulos elemental e superior. O v. I contén os bloques seguintes: I) Fonética e ortografía; II) Determinantes e outras categorías gramaticais; III) O pronome persoal; IV) O verbo; V) Actividades de corrección; VI) Test gramaticais e léxicos. O v. II desenvolve os seguintes: I) Orixes do léxico galego; II) Gramática histórica. As vogais e as consoantes do latín ao galego; III) Historia interna da lingua galega; IV) Historia externa da lingua galega; V) As falas do galego; VI) Modelos de test das escolas oficiais de idiomas. O v. III presenta os seguintes: I) A formación das palabras. Derivación e composición; II) A sintaxe galega; III) A fraseoloxía galega; IV) O galego e as demais linguas romances peninsulares; V) Léxico galego; VI) Modelos de test das escolas oficiais de idiomas.

97 (N/04). Rico Verea, Manuel (coord.) / López Taboada, Carme / Otero López, Iolanda / Rodríguez Brandeiro, Carlos Xabier / Souto Fraga, Margarita: *Lingua Galega: Iniciación*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 174 p., il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/herdada/herdada/lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/11/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Material didáctico institucional para o *Curso de iniciación á lingua galega*, destinado aos diversos colectivos profesionais e sociais de Galicia, regulado pola Orde do 1 de marzo de 1989 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan os cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega (DOG do 18/04/1989), e posteriormente modificado pola Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA) (DOG do 30/07/2007). Inclúe apartados de lectura, comentario de texto, léxico, gramática, ortografía, comunicación e expresión, historia da lingua e complementos. Non conta con libro de solucións.

98 (N/04). Ryder, Rory: *Learn 101 Galician Verbs in 1 Day = Aprende 101 verbos en gallego en 1 día*, Barcelona, Tsunami Systems, 2004, 104 p. | [Versión cast.]: Barcelona, Tsunami Systems, 2004, 104 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Prontuario elemental que ofrece en cadros as formas da conxugación de 101 verbos.

99 (N/05). Vidal Barral, Nel (coord.) / Lado Lago, Xoán Antón / Domínguez Salgado, Ana Belén / Blanco Carreira, Natalia: *Curso de actualización da lingua e linguaxe administrativa galegas*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 2005, 269 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Curso dirixido ao persoal da Xunta de Galicia co obxectivo de que poida perfeccionar e actualizar os coñecementos da lingua galega e da linguaxe administrativa con motivo da reforma das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727] aprobada pola RAG en xullo de 2003. A metodoloxía empregada é sempre teórico-práctica, partindo de exercicios prácticos para chegar aos contidos teóricos, que pola súa vez están relacionados uns cos outros en cada sesión, tentando velos sempre como un todo. O volume está constituído por oito unidades teóricas que tratan aspectos variados: estandarización, historia e evolución, actualización léxica, características da linguaxe administrativa, puntuación e convencións gráficas, manexo de ferramentas básicas para a axuda á escrita en lingua galega. A seguir, inclúense unha serie de exercicios escollidos para cada unha delas e, ao final, un práctico solucionario.

142 Prontuarios ortográficos

100 (R/05). Feixó Cid, Xosé: *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega: Actualización, complementos e desviacións*, Vigo, Edicións do Cumio, 2001, 255 p. | 2ª ed., 2001, 255 p. | *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega: Actualizacións, complementos e desviacións: Normativa aprobada en 2003*, Vigo, Edicións do Cumio, 3ª ed. actualizada, 2003, 287 p. | 4ª ed., 2004, 287 p. | 5ª ed., 2005, 287 p. | 6ª ed., 2006, 287 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Na primeira parte do traballo (p. 9-132) inclúese o texto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727] do ILG/RAG, acompañado dunha serie de notas (p. 123-132) en que se sinalan cuestións problemáticas e non ben resoltas neste texto normativo. A segunda parte (p. 133-250) ofrece unha serie de apdos. relativos á puntuación, uso de maiúsculas, regras de colocación dos pronomes átonos, normas de construción de frases comparativas, desviacións das normas (castelanismos, vulgarismos, hipergaleguismos, arcaísmos, lusismos e dialectalismos), familias léxicas irregulares, diferenzas entre as principais propostas normativas e desviacións e erros máis frecuentes coas correspondencias correctas.

143 Guías de estilo

101 (N/05). Arias Iglesias, Carlos. / Boado Rial, María Xesús / Cajiao Espino, José Juan / Calvo Ferrer, Ana / Dabán Royo, Pepa / García Cancela, Xermán / Senín Fernández, Xavier / Suárez Prado, Joaquín: *A edición institucional na Xunta de Galicia: Manual de*

procedemento e estilo, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, 2005, 240 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Manual que "pretende recoller todos os aspectos que inciden no proceso de edición dun documento. Vai dirixido, en primeiro lugar, a aquelas persoas con responsabilidades en materia de edición dos distintos departamentos da Administración, e tamén a aqueloutras que recollen, elaboran, procesan e difunden información; así mesmo, está destinado a todos os profesionais relacionados co mundo das publicacións" (p. 19). Como obra de consulta trata de "aclarar e unificar os aspectos que se presentan na práctica cotiá da edición, no ámbito da Administración, mediante unha información teórica e un establecemento de criterios que se complementan con abundantes exemplos, en prol de conseguirmos unha información o máis clara posible" (ibid.). Incúe un apdo. de "Normas de redacción lingüística" (p. 101-125) e, como anexo II, un "Vocabulario relacionado con publicacións" (p. 170-192) con 302 entradas.

144 Dicionarios

1441 Dicionarios monolingües

102 (R/05). Alonso Estravís, Isaac: *Dicionário da língua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1995, XI + 1591 p. | [Ed. en liña n.v. act. e aum.]: *Dicionário Electrónico Estraviz*, [2005], <http://www.agal-gz.org/estraviz/>, [Consulta: 20/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

É o único dicionario da lingua galega que dá as entradas das palabras nas tres propostas de codificación ortográfica existentes. Está constituído por 87.235 entradas das que se ofrece información gramatical, definición lexicográfica (utilizando como metalingua o galego), exemplos de uso, frases feitas, locucións, sinónimos, antónimos e refráns (tirados do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* [1958-61, vid. *BILEGA* 1047], de Eladio Rodríguez González). Inclúe un apdo. de "Palabras e locucións extranxeiras empregadas na linguaxe" (p. 1586-1591) [A.]. A ed. en liña consta de 91.029 entradas con numerosas voces dos ámbitos científico e técnico e con máis de 500.000 definicións. Ademais das informacións sinaladas para a ed. impresa, ofrece información etimolóxica e sobre variantes dialectais. Permite a consulta rápida por palabra ou por grupo de caracteres que forman parte de palabras.

Recs.: José Manuel Outeiro, *Agália*, 41, 1995:121-123.

103 (R/05). Carballeira Anllo, Xosé María (coord.) / Ares Vázquez, Carme / Hermida Gulías, Carme / Iglesias Sierra, Primitivo / Lema Suárez, Xosé María / López Fernández, Rosa: *Diccionario Xerais da Lingua*, [Vigo], Xerais, 2002, XV + 1280 p., il. | *Dicionario Xerais da Lingua*, [Vigo], 2ª ed. actualizada, Xerais, 2004, XV + 1280 p., il. | 3ª ed. con novo apéndice gramatical, 2005, XV + 1280 p., il. | 4ª ed. rev., 2006, XV + 1280 p., il. | 5ª ed. rev., 2007, XV + 1280 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Concibido como instrumento lexicográfico de apoio para o estudante de ensino secundario na medida en que actualiza e incorpora o léxico que ao longo dos anos se foi fixando dentro do estándar. Contén 37.000 entradas, ordenadas alfabeticamente, das que se desbotaron os derivados circunstanciais regulares, os aumentativos e os diminutivos, ademais dos participios que non teñen valor como adxectivos diferenciados. Esta obra mellora e actualiza a información semántica do *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) mantendo os aspectos que eran novidosos nel e achegando, ademais, o étimo das entradas. Á parte da información etimolóxica, en cada entrada ofrécense a categoría e subcategoría gramatical, as diferentes acepcións e indicacións de uso, xunto coa definición, sinónimos, exemplos, unidades fraseolóxicas e observacións de diversa índole (gramaticais, semánticas, etc.). Entre as p. 656 e 657 inclúe 32 con numeración romana independente que ofrecen ilustracións variadas entre as que destacan os mapas de Galicia, España e os cinco continentes [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. A nova ed. actualizada aparece adaptada á normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003.

Recs.: Manuel Rodríguez Alonso, "O Xerais actualizado", *Cartafol de libros*, 17-XI-2004, <http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>, [Consulta: 08/05/2006].

104-1. Pena Romay, Xosé Antonio (dir. e red.) / López Martínez, María Cruz (red.) / Hermida Borrajo, Xosé Avelino (red.) / Pampín Otero, María do Carme (red.): *Gran dicionario século 21 da lingua galega*, [Vigo], Galaxia / Edicións do Cumio, 2005, 1446 p. | 2ª ed., 2006, 1446 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Constituído por 80.000 entradas con 300.000 acepcións, vai dirixido a un público moi amplo. Na microestrutura de cada entrada inclúese información etimolóxica, gramatical e léxica, con atención especial ao léxico científico e ao léxico específico de novos eidos do coñecemento e a comunicación (internet, xenética, mercadotecnia, etc.). Incorpora sinónimos e antónimos, fraseoloxía, xentilicios, topónimos e un completo apéndice gramatical (p. 1365-1446) que inclúe información sobre o alfabeto, grupos consonánticos, terminacións e sufixos, acentuación, formación do plural, formación do feminino, artigo, pronomes, adverbios e locucións adverbiais, preposicións e locucións prepositivas, conxuncións e locucións conxuntivas, usos do trazo e das maiúsculas, perífrases e modelos de conxugación verbal, cunha relación alfabética de verbos con toda a información gramatical relativa a cada un (p. 1409-1432). Finalmente, tamén inclúe unha listaxe cos xentilicios e topónimos de uso frecuente (p. 1433-1446). A obra está adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003.

104-2. Peres rodrigues, José Henrique: *CONJUGAL: Flexionador Verbal do Galego (Versão 2.0)*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor, 2005, <http://193.147.82.95/conjugal>, [Consulta: 10/06/2008]. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 2005, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=14>, [Consulta: 10/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ferramenta dixital que permite visualizar a conxugación dos principais verbos do galego moderno tanto na proposta de codificación do galego da AGAL (Proposta de máximos) e na norma do portugués europeo. Tamén permite o recoñecemento de formas verbais illadas, así como o acceso ao banco de

verbos que contén 15.056 rexistros. O programa precisa unha plataforma Windows de 32 bits e foi probado cos sistemas operativos Windows 98, Windows 2000, Windows XP e Windows 2003. A primeira versión deste recurso, que pode ser consultado en liña ou ser descargado, apareceu en 2002.

Vid. tamén a entrada 391.

1442 Dicionarios bilingües/multilingües

105 (N/05). Castro Macía, Luís: *Dicionario Xerais Galego-Castelán / Castellano-Gallego*, Vigo, Xerais, 2005, XLVIII + 396 p. + XXII + 373 p. | 2ª ed., 2006, XLVIII + 396 p. + XXII + 373 p. | 3ª ed., 2007, XLVIII + 396 p. + XXII + 373 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Para cada entrada ofrécese información gramatical, equivalente(s) da lingua meta organizados segundo as diferentes acepcións e fraseoloxía. Cada parte do dicionario vai precedida por información morfolóxica e gramatical da lingua correspondente [modelos de conxugación verbal e na parte galego-castelán unha "Introducción gramatical" (p. XIII-XXIX) do galego].

106-1 (N/05). Gómez Guinovart, Xavier (coord.) / Mato Creo, Iolanda / Betancor González, Nerea / Carballo Covelo, Óscar / Conde González, Ana Vanessa / Graña Martínez, Silvia / Martínez Martelo, Inés: *Dicionario CLUVI Francés-Galego*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, 2005-, <http://sli.uvigo.es/CLFG>, [Consulta: 30/09/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Baseado na colección de textos franceses traducidos ao galego que forma parte do *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, vid.). Todas as palabras francesas que aparecen como entradas do dicionario están documentadas no *CLUVI* e todas as traducións galegas que se recollen no dicionario para esas palabras son traducións reais identificadas nas versións galegas dos textos franceses incluídas no *CLUVI*. Para cada tradución seleccionada, o dicionario fornece un exemplo real de uso documentado no CLUVI. Na primeira versión (0.1) de 2005 este dicionario contiña 284 entradas e 430 traducións. A versión 0.5 de 2008 contén 1.173 entradas e 2.604 traducións e os responsables da mesma son Xavier Gómez Guinovart (coord.), Iolanda Mato Creo (red.), Nerea Betancor González (red.) e Sofía Valiño Fraga (red.).

106-2 (N/05). Gómez Guinovart, Xavier (coord.) / Sacau Fontenla, Elena / Torres Padín, Ánxeles / Díaz Rodríguez, Eva / Álvarez Lugrís, Alberto: *Dicionario CLUVI Inglés-Galego*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, 2005-, <http://sli.uvigo.es/CLIG>, [Consulta: 30/09/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Baseado na colección de textos ingleses traducidos ao galego que forma parte do *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, vid.). Todas as palabras inglesas que aparecen como entradas do dicionario están documentadas no *CLUVI* e todas as traducións galegas que se recollen no dicionario

para esas palabras son traducións reais identificadas nas versións galegas dos textos ingleses incluídas no *CLUVI*. Para cada tradución seleccionada, o dicionario fornece un exemplo real de uso documentado no CLUVI. Na primeira versión (1.0) de 2005 este dicionario contiña 5.324 entradas e 7.998 traducións. Esta versión e as sucesivas, que corresponden á 1ª edición da obra, deixaron de estar operativas en 2008 coa inclusión na rede da versión 2.0, que se presenta como 2ª edición; está última versión, moi ampliada, contén 20.000 entradas e 30.000 traducións e os responsables da mesma son Xavier Gómez Guinovart (coord. e red.), Alberto Álvarez Lugrís (red.) e Eva Díaz Rodríguez (red.).

Recs.: *O Cartafol*, 24, 2005, <http://ocartafol.usc.es/pasaafolla.asp?OCartafol=24>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/11/2004].

15 Historiografía da lingüística galega

151 A lingüística galega anterior ao século XIX

107 (R/05). Estévez Solla, José Luis: "Sobre Frei Martín Sarmiento e as súas ideas pedagóxicas", [Ed. n.v.], *Cedofeita*, 6, 2002:23-28, il. | [Ed. en liña n.v.]: Lérez, Pontevedra, Asociación Socio-Cultural Cedofeita, [2005], <http://www.arcanaverba.org/cedofeita/sarmiento.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 25/09/2007].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 4. e

Na primeira parte do traballo coméntase a biografía de frei Martín Sarmiento (1695-1772), prestando especial atención á súa relación coa parroquia de Lérez (Pontevedra), e sinálanse as obras escritas polo bieito nas diferentes etapas da súa vida. Na segunda parte examínanse os principais postulados pedagóxicos de Sarmiento, dando conta dos autores que inspiraron as súas ideas e ofrecendo citas tiradas de diversas obras. Entre as propostas pedagóxicas ás que se presta atención, ocupa un lugar destacado a da necesidade do ensino en galego [X.A.P.]

108 (R/05). Kremer, Dieter: "Sarmiento und Portugal", *Galicien Magazin*, 6, 1998:23-27. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin6.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. e

Breve traballo que orixinariamente foi unha conferencia ofrecida en 1998 na Universidade Libre de Berlín. O autor trata, despois dunha sucinta recensión bio-bibliográfica de frei Martín Sarmiento (1695-1772), da relación de éste con Portugal. Ilustra con numerosas citas a vertente lusófoba de Sarmiento, que critica repetidamente o "ocioso" e "torpe" carácter portugués fronte á "sencillez gallega" (que tamén defende fronte ao desprezo e a burla da España da época). Neste sentido, as maiores críticas diríxense contra os "gallegos aportuguesados", que emigraron a Portugal e volven propensos a pervertir a súa patria galega con todo tipo de vicios. Pero a ambivalente relación de amor-odio do filólogo Sarmiento con Portugal ponse de manifesto no recoñecemento dos estudos lingüísticos portugueses, que contrastan cos case inexistentes sobre a lingua galega. Así, malia considerar o portugués como unha variante do galego, Sarmiento non dubida en recomendar que o neno galego se sirva dunha gramática portuguesa

para aprender o galego. Para o autor, no séc. XVIII non existe en Portugal unha figura comparable a Sarmiento [B.L.].

109 (R/05). Lapa, Manuel Rodrigues: "Fray Martín Sarmiento e o vocábulo *caritel*", *BmF*, I/3-4, 1933:185-188. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/01/boletim01.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

O autor salienta a importancia do *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1923, vid. *BILEGA* 793) de frei Martín Sarmiento (unha obra difícil de conseguir e, polo tanto, pouco coñecida no momento), considerando que, malia os erros que presenta, proporciona información lexicográfica de primeira orde. Como exemplo disto, sinala a voz lat. medieval *zevro*, que Sarmiento identifica co «onagro ou asno salvaxe», e a voz medieval *CARITELLUM*, que Sarmiento relaciona co top. *Caritel* e co verbo *caritar*; este verbo aínda se usa no galego actual co significado de «ferir, golpear a cara a alguén». O significado da voz medieval sería o de «multa debida a feridas corporais». Este breve estudo constitúe a introdución á edición do texto de Sarmiento en que estuda a etimoloxía e o significado da forma *caritel* (vid. entrada 955) [T.A.G.].

110 (R/04). López Peláez, Antolín: *El gran gallego: Fr. Martín Sarmiento*, A Coruña, Andrés Martínez, 1895, 268 p. (= *Biblioteca Gallega*). | [Ed. facs. n.v.]: [Patrocinada polo] Consello da Cultura Galega, Vigo, Galaxia, [2002]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Consello da Cultura galega, [2004], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/grangallego.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/06/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. E

Ten especial interese lingüístico o capítulo VI no que se repasan as máis importantes obras de frei Martín Sarmiento (1695-1772) e se estudan máis polo miúdo algunhas das súas ideas lingüísticas: a relación do galego co castelán e o portugués, a procedencia latina do galego, a riqueza léxica do noso idioma, a etimoloxía de moitos vocábulos e algúns prexuízos lingüísticos sobre o galego.

111 (N/04). Vélez Latorre, Xosé Manuel: "Etimoloxía e lexicografía: de Sarmiento a Pintos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:595-600. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. EC

En *A gaita gallega [...]* (1854, vid. *BILEGA* 5732) Xoán Manuel Pintos Villar (1811-1876) parte dos proxectos lexicográficos de frei Martín Sarmiento (1695-1772) para compoñer unha obra extraña en que se mesturan verso e prosa, creación e reflexión gramatical, así como compilación lexicográfica. Nesta comunicación compáranse os proxectos lexicográficos de Sarmiento, nomeadamente na primeira parte do *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (ed. de Jose Luís Pensado, 1999, vid. *BILEGA* 8946), e de

Pintos na obra referida. O obxectivo é determinar que parte da obra do primeiro coñeceu o segundo e como foi interpretada por el, tendo en conta que Pintos foi o primeiro editor de parte da *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega hecha por el Rvmo. Padre Fr. Martín Sarmiento, honor y gloria de Pontevedra, su patria* (1859, vid. *BILEGA* 3963). Tamén se leva a cabo unha análise pormenorizada do campo semántico dos termos denigratorios en Pintos (especialmente nas p. 64-65 de *A gaita gallega [...]*) e as súas fontes en Sarmiento. Finalmente, obsérvase como se introduce material de Sarmiento e interpretacións de Pintos sobre o primeiro na tradición lexicográfica galega posterior [Adaptación do libro de resumos do congreso].

Vid. tamén as entradas 63, 297, 361, 362, 1031.

152 A lingüística galega do século XIX

112 (N/05). Fernández Salgado, Antonio: *Marcial Valladares: Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, Servizo de Publicacións, 2005, 308 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Biografía de Marcial Valladares Núñez (1821-1903) elaborada a partir da tese de doutoramento do autor [*Marcial Valladares (1821-1903): Lingua, Literatura e Folclore* (2002, vid. *BILEGA* 10808)], presentada na Universidade de Santiago de Compostela. Desde o punto de vista lingüístico, o máis significativo é o cap. "O retiro en Vilancosta (1866-1903)" (p. 143-203), en que se abordan aspectos relacionados coa súa concepción da lingua, opcións normativas, elaboración e publicación das súas obras lingüísticas e literarias, etc.

Recs.: Ernesto Xosé González Seoane, "Retorno a Vilancosta", *Grial*, XLIV/170, 2006:116-117.

Vid. tamén as entradas 63, 111, 121, 228, 230, 231, 232, 362, 363, 1033, 1034-1, 1036, 1037.

153 A lingüística galega do século XX

113 (R/05). "Academia gallega", *Revista Gallega*, XII/564, 1906:1. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Dáse noticia da recuperación do manuscrito dun dicionario galego de Xoán Manuel Pintos que se consideraba perdido [o *Breve diccionario gallego [...]* (1853, vid. *BILEGA* 5734)] e do ofrecemento de Manuel Leiras Pulpeiro á Academia da súa colección de voces e refráns (recollida logo nas *Obras completas* do autor cos títulos "Vocabulario enviado por Leiras Pulpeiro á Academia Galega" (1970, vid. *BILEGA* 1063) e "Frases, adivinanzas, adagios e cantares" (1970, vid. *BILEGA* 2509). Tamén se salientan as achegas do estranxeiro: Jules Cornu autoriza á Academia a dar a coñecer en Galicia o seu estudo titulado

"Neugalizische Formenlehre" (1904, vid. *BILEGA* 1081), que foi traducido ao castelán como "Morfología del gallego moderno" e apareceu no *BRAG* (1906).

114 (R/05). "Real Academia Gallega", *Revista Gallega*, XIII/627, 1907:3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Dá noticia da doazón de papeletas que fixo Salvador Cabeza de León (1864-1934) para a confección do *Diccionario gallego-castellano* (1928, vid. *BILEGA* 1032) da Real Academia Galega, que só se publicou ata a voz *cativo*.

115 (R/04). Blanco Valdés, Juan L.: "Lembranza de Marcial Valladares no centenario da súa morte", *RGEn*, 39, 2003:145-158. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge39.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Ten interese lingüístico o apdo. titulado "Valladares lesicógrafo" (p. 150-153), en que se repasa brevemente o labor de Marcial Valladares Núñez (1821-1903) neste eido dos estudos lingüísticos.

116 (N/05). Fernández Rei, Elisa: "Situación actual das investigacións prosódicas sobre o galego", *BALIt*, III Serie, 29, 2005:147-159, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Panorámica descritiva do desenvolvemento dos estudos sobre a prosodia do galego, especialmente na última década. Como factores impulsores deste tipo de traballos e, en xeral, da institucionalización da lingüística galega, a autora sinala a oficialización do galego, que favoreceu a extensión dos seus usos e creou a necesidade de establecer unha variedade estándar. Así e todo, a curta historia do galego como lingua oficial explica o aínda escaso desenvolvemento dos estudos lingüísticos en xeral e prosódicos en particular. Despois de pasar revista aos escasos traballos sobre prosodia publicados na década de 1970 e á información prosódica que ofrecen as principais gramáticas galegas publicadas nos últimos 40 anos, céntrase nos proxectos que están a se desenvolver no ILG e no CRPIH. No laboratorio de fonética do ILG realízanse desde mediados da década de 1990 estudos descritivos e dialectais ao abeiro do proxecto *Prosodia galega*, prestando atención ás características dos contornos tonais nos tramos finais dos enunciados, á relación entre os dominios prosódicos e a entoación, aos procesos prosódicos morfofonolóxicos, analizados desde a perspectiva da Fonoloxía prosódica, ao ritmo e á elaboración dun corpus oral. A investigación do CRPIH enmárcase no proxecto de construción do sintetizador de voz *Cotovía*, sendo o ámbito aplicado das tecnoloxías da fala o que máis está a impulsar os estudos de prosodia galega na actualidade. A partir dos proxectos desenvolvidos nestes dous centros, xurdiu un grupo de traballo de carácter interdisciplinario formado por lingüistas da Universidade de Santiago de Compostela e enxeñeiros de telecomunicacións da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións da Universidade de Vigo; o labor deste grupo abrangue diferentes campos das

tecnoloxías da fala: conversión de texto a fala, recoñecemento da fala e xestión do diálogo, ademais da referida síntese de voz. No peche do artigo tamén se destaca a importancia do *Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman (AMPER)*, "pois vai supoñer un grande avance na descrición dialectal da entoación galega, se cadra non moi exhaustiva ou detallada, pero que si permitirá a comparación entre as variedades galegas e outras variedades románicas" (p. 157).

117 (R/05). Kabatek, Johannes: "Galicische Studien an der Universität Paderborn", *Galicien Magazin*, 3, 1997:12-13. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin3.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Breve informe acerca dos traballos sobre o galego xa rematados ou aínda en elaboración na Universidade de Paderborn (Alemaña).

118 (R/05). Kabatek, Johannes: "Os estudios sobre lingua galega en Alemaña", *Galicien Magazin*, 3, 1997:9-11. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin3.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Versión actualizada dun relatorio presentado no *Segundo Coloquio Científico Internacional sobre Tradición, Actualidade e Futuro do Galego*, celebrado na Universidade de Trier os días 4, 5 e 6 de novembro de 1993. Despois dun sucinto repaso da contribución dos romanistas alemáns ao coñecemento da lingua e a literatura galegas dende comezos do séc. XX, o autor céntrase nos traballos publicados a partir da década de 1980 ou que estaban en vía de publicación e sobre o contexto que contribuíu a que aumentase o interese polo galego neste país.

119 (R/05). Lama López, María Xesús / Santamarina, Antón: "Entrevista co Profesor Antón Santamarina Fernández, Director do Instituto da Lingua Galega", *Galicien Magazin*, 3, 1997:19-23. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin3.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Antón Santamarina ofrece á entrevistadora a súa visión dos 25 anos da historia do ILG.

120 (R/05). Malkiel, Yakov: "Carolina Michaëlis de Vasconcelos' Forgotten Sketch of an Unfinished Monograph on *e(n) -zebra* «wild donkey»", *BmF*, XXX, 1985:1-11. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/30/boletim30.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MC

O autor informa da existencia dun traballo, hoxe perdido, de Carolina Michaëlis sobre a palabra *zebra*, que se documenta no galego-portugués medieval.

121 (N/05). Sánchez Rei, Xosé Manuel: "Lingua e lingüística galega na época do *Cours*", en Ferdinand de Saussure, *Curso de Lingüística Xeral*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2005:42-73 (= *Ensaio*; 200).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Apdo. integrado no estudo introdutorio sobre a figura e as ideas do lingüista suízo Ferdinand de Saussure (1857-1913), nesta primeira tradución ao galego da súa obra póstuma *Cours de linguistique générale* (1916). En primeiro lugar, contextualiza e avalía os estudos sobre o idioma galego en relación co desenvolvemento da lingüística na época do mestre de Xenebra. A tradición galega caracterízase polos seguintes trazos: 1) Atraso verbo das correntes lingüísticas da época; 2) Escasa ou nula incidencia social das obras que constitúen esta tradición na época en que se publican; 3) Falta de rigor científico; 4) Carácter diglósico (malia estudaren o galego, case sempre se publican en castelán e, ademais, adoitan esta última lingua como termo de comparación para limitarse a subliñar unicamente as características diferenciais do galego); 5) As obras teñen en moitos casos un carácter misceláneo, incluíndo contidos que habitualmente quedan fóra deste tipo de traballos. Logo desenvolve unha breve análise sociolingüística da realidade lingüística galega da época do Rexurdimento e do primeiro terzo do séc. XX, tratando de aplicarlle algúns conceptos saussureanos e tendo en conta o grao de circulación na lingua corrente de termos como *lingua*, *idioma*, *dialecto*, etc. | Índice: 1. O contexto | 2. Aplicación dalgúns conceptos saussurianos á Galiza decimonónica e do primeiro terzo do XX | 2.1. Lingua e fala | 2.2. Diacronía e sincronía | 2.3. Lingüística interna e lingüística externa.

122 (N/05). Santamarina, Antón: "A lingüística galega nos últimos 25 anos", en VV.AA., *25 anos coa cultura galega: vinte e cinco perspectivas para o século XXI*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2005:189-215, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Repaso da historia da lingüística galega dos últimos 25 anos, que pretende mostrar "como o galego, nun arco de vinte e cinco anos (ou corenta, se queremos retrotraernos a 1966) pasou de ser case un[h]a *terra incógnita* a estar [...] á altura de outras lingüísticas europeas" (p. 241). O traballo divídese en dous treitos temporais: o dos inicios (de 1960 a 1981) e o da consolidación (de 1981 a hoxe). Dentro deste último faise unha revisión por "xéneros": filoloxía (edición de textos), estudos gramaticais, lexicografía, historia interna e externa da lingua, xeografía lingüística e dialectoloxía, e sociolingüística. Para o autor, o progreso que amosan os estudos de lingüística galega é un síntoma da recuperación da lingua, tendo tamén "o valor engadido de que axuda aos falantes a depoñer actitudes negativas e mesmo a adquirir actitudes positivas cara á lingua" (ibid.). Salienta tamén a importancia que estes avances tiveron no recoñecemento internacional do idioma.

123 (R/05). Zubillaga Barrera, Carlos: "Una experiencia pionera de enseñanza universitaria del gallego", *Madrygal*, 4, 2001:127-130, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0101110127A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Nota informativa que se sitúa nos anos 60 do século pasado en Uruguai, cando estaba a agromar o labor cultural galego da man da *Asociación Uruguaya de Hijos de Gallegos* e o Patronato da Cultura Galega. Neste contexto, repásase o labor de distintos persoeiros que traballaron como docentes no ámbito universitario. De entre eles, destaca a figura de José Pedro Rona, doutor do Departamento de Lingüística da Facultade de Humanidades e Ciencias da Universidade da República (Montevideo), que impartiu o primeiro cursiño de lingua e literatura galega na Universidade latinoamericana. Ademais, inclúese unha edición facsimilar dunhas breves normas fonéticas que Juan García Durán utilizara para o seu curso de lingua galega impartido naquela época nesa universidade.

Vid. tamén as entradas 4, 20, 21, 58, 63, 228, 229, 230, 231, 232, 294, 362, 363, 364, 365, 407, 496, 546, 547, 550, 565, 697, 731, 734, 1030, 1034-1, 1035, 1036, 1037.

154 A contribución doutras disciplinas

Vid. as entradas 263, 281, 282, 285, 287, 290, 291, 301, 343, 553.

16 Estudos comparativos galego / ...

124 (R/05). Espada, Juan Manuel: "Algo sobre el gallego", *Revista Gallega*, XIII/625, 1907:4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor destaca as semellanzas que atopa entre o léxico galego e o francés (que para el son maiores que co castelán) e atribúeo á orixe celta das dúas linguas. A continuación, compara os pronomes persoais, o adverbio interrogativo *u* e o pronome *il* (por *el*) pleonástico con casos semellantes do francés. Denuncia a necesidade da fixación da lingua (que sería tarefa da Academia) pois coas diferenzas dialectais corre o risco de perderse.

125 (R/05). Morvay, Károly / Vidal Castiñeira, Ana (tr.): "Notas sobre fraseoloxía comparada", *CFG*, 6, 2004:159-168. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor xulga que a publicación no ano 2000 polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da versión galega de dous manuais do fraseólogo ruso Valerii M. Mokienko (*Fraseoloxía eslava* e *As imaxes da lingua rusa*) pode significar un gran pulo para as investigacións da fraseoloxía comparada -descritiva e histórica (xeral e dialectal). Nestas notas dedícalle unha atención especial á *Fraseoloxía eslava*. A importancia dos libros de Mokienko radica, entre outros, no feito de facilitaren o acceso a un material fraseolóxico moi pouco coñecido na Península Ibérica. Os investigadores que emprendan traballos similares terán que ser conscientes do risco que supón o manexo dun gran número

de exemplos provenientes de diferentes idiomas. Os dous manuais en cuestión tampouco están libres de erratas, polo que o autor corrixe nun "Apéndice" (p. 167-168) as grallas descubertas nos exemplos polacos das versións galegas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 129, 142, 159, 176, 182, 562, 636, 683, 860, 944, 1041, 1071, 1155, 1168.

161 Estudos contrastivos galego / ...

126 (N/05). Vila Penedo, Xoán: "Breve confrontación do galego co inglés: achegas históricas e fonéticas", *RGaF*, 6, 2005:181-191.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

O inglés, que pasa por ser a lingua franca internacional na actualidade, padeceu na Idade Media unha relación de sometemento verbo do francés, como acontece na actualidade en Galicia co galego verbo do castelán. Por outra banda, o sistema fonético e fonolóxico do inglés e do galego presentan notorias diferenzas (mais tamén algunha relativa similitude). O autor desenvolve no traballo unha comparación contrastiva das dúas linguas en ambos os aspectos (o histórico e o fonético-fonolóxico), amosándose convencido, na súa condición de profesor de inglés no ensino secundario, de que esa comparación pode ser utilizada con proveito nas aulas, en beneficio dos alumnos [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 71, 93, 131, 151, 204, 208, 220, 265, 275, 283, 909, 1099.

▶ 2 FONÉTICA E FONOLOXÍA: TRABALLOS XERAIS

127 (N/05). Fernández Planas, Ana María: *Así se habla: Nociones fundamentales de fonética general y española. Apuntes de catalán, gallego y euskara*, Barcelona, Honsori, 2005, 200 p. (= *Manuales*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Manual que pretende expoñer de forma didáctica os fundamentos da produción, transmisión e recepción do son na comunicación entre os seres humanos. Vai dirixido ao profesorado dos distintos niveis educativos e aos alumnos universitarios que toman contacto por primeira vez coa fonética xeral e coa fonética castelá. Comeza por ofrecer unha caracterización xeral das capacidades fonatorias do ser humano e as súas características fónicas (caps. 1-5). Pasa logo a caracterizar desde o punto de vista fonético o castelán da Península Ibérica (cap. 6), aínda que tamén ofrece datos sobre a fonética do catalán, o galego e o éuscaro. Por último, ofrece unha caracterización xeral das distintas aplicacións da

fonética (cap. 7): uso didáctico (a corrección fonética e o ensino-aprendizaxe de segundas e terceiras linguas), uso clínico (a rehabilitación dos trastornos da fala), uso tecnolóxico (a síntese de voz e o recoñecemento automático da fala), uso xudicial (a fonética forense). Cada capítulo inclúe exercicios e cuestionarios de avaliación con solucionario ao final do libro.

Recs.: Paloma Arroyo, *RILIb*, III/2 (6), 2005:227-230 | Xosé Luís Regueira, *Verba*, 33, 2006:365-368.

Vid. tamén as entradas 116, 126, 844, 890, 992.

21 Vogais

128 (N/05). Arias-Cachero Cabal, Álvaro: "La armonización vocálica en fonología funcional (De lo sintagmático en fonología a propósito de dos casos de metafonía hispánica", *Moenia*, 11, 2005: 111-139.

1. investigación | 2. ámb. asturiano-leonés | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de León)

Traballo estruturado en tres partes: 1) "En torno a las relaciones sintagmáticas" (p. 111-122) ofrece un achegamento teórico ás relacións sintagmáticas (tipos, límites, relacións sintagmáticas entre invariantes, relacións sintagmáticas entre categorías, etc.); 2) "Dos casos de armonización vocálica en el noroeste peninsular" (p. 122-127) céntrase na descrición do fenómeno da metafonía no asturiano e no da inflexión de /'a/ na fala galega dos Ancares; 3) "Análisis sintagmático" (p. 127-138) presenta os contextos de aparición dos dous fenómenos antecitados, centrándose nas relacións sintagmáticas e non nas neutralizacións que teñen lugar no contexto metafonético.

129 (N/05). Condé, Valéria Gil: "O galego comparado às línguas românicas da Ibéria: aspectos do seu vocalismo oral", en *Atas da IV Jornada Nacional de Filologia: A Filologia de Ontem, de Hoje e de Amanhã*, São Paulo, Universidade de São Paulo / Rio de Janeiro, Círculo Fluminense de Estudos Filológicos e Lingüísticos, 2005:85-90. | [Ed. en liña n.v.]: Rio de Janeiro, Círculo Fluminense de Estudos Filológicos e Lingüísticos, [2005], <http://www.filologia.org.br/ivjnf/11.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/06/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral

Ofrece unha breve descrición fonolóxica do sistema vocálico do galego moderno en comparación co do asturiano, portugués europeo, portugués do Brasil, mirandés, castelán e catalán. Os trazos descritos son ben coñecidos, polo que o traballo non achega ningunha novidade relevante, aínda que poida resultar útil para un público brasileiro.

130 (R/04). Craddock, Jerry Russell: "Descending Diphtongs and the Regular Preterite in Hispano-Romance", *BHS*, LX/1, 1983:1-14. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]. | [Ed. facs. en liña]: Birmingham, EBSCOhost Electronic Journals Service, [s.d.], <http://ejournals.ebsco.com/direct.asp?ArticleID=48C2915DE06C46BCFA1F>, Formato: PDF, [Consulta: 14/02/2008]. | [Ed. en liña]: London, Informaworld,

[s.d.], <http://www.informaworld.com/smpp/ftinterface~content=a749165646~fulltext=713240928>, Formato: HTML, [Consulta: 15/02/2008]. | [Nova ed. rev.]: *RPh*, 60 [= *Homage Issue in Celebration of the 60th Anniversary of* Romance Philology*: A Homage Volume Dedicated to Jerry R. Craddock, Containing a Selection of his* obra dispersa *on Romance Historical Linguistics*], 2006:161-180.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Estúdase a evolución en dialectos iberorrománicos do ditongo descendente protohispano romance /èw/, achegando numerosos datos e discusión de particularidades de diferentes variedades lingüísticas (principalmente o castelán, o galego-portugués e o astur-leonés). O autor parte de distintas afirmacións de Yakov Malkiel e J. W. Harris para analizalas en detalle e tentar solucionar algúns interrogantes que presentan (sobre todo, a existencia de fases intermedias entre o protohispánico /èw/ e o castelán /jó/ e a presenza de ditongamento na evolución do ditongo con vogal mediopechada /éw/). Coméntanse as formas gal.-port. *Deus*, *eu*, *judeu*, *meu*, *sou*, *tou* (e as refaccións *teu*, *seu*), *romeu* e diferentes formas de perfecto (*cantou*, *comeu*, *deu* e a refacción *dou*, *encheu*, *estou*, *partiu*, *perdeu*, *sou*, *veo*, gal. moderno *veu* e*vou*). Como conclusión, proponse para os dialectos iberorrománicos centrais unha cadea evolutiva /èw/ > /jéw/ > /jów/ > /jó/; pola contra, sinálase que no galego-portugués e nos dialectos máis conservadores do asturiano occidental o sistema protohispánico quedou virtualmente intacto, con só perturbacións menores, do tipo /aw/ > /ow/ e /èw/ > /jéw/ [X.A.P.].

131 (N/04). Flaux, Marie-Christine: "Elementos de comparación dos sistemas fonolóxicos e das diferencias fonéticas en galego e en francés", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:239-248. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Tendo en conta as diferenzas fonéticas e fonolóxicas entre o francés e o galego, a autora intenta describir e explicar as dificultades que achan os falantes de francés ao aprenderen o galego. A intención non é describir nin comparar pormenorizadamente as variantes fonéticas e os sistemas fonolóxicos das dúas linguas, senón determinar as diferenzas básicas entre elas coa intención de "entendermos mellor ese acentiño que ten o falante de francés cando se expresa en galego, e viceversa" (p. 239). Conclúese que "o sistema vocálico galego non vai presentar maiores dificultades para un falante de francés unha vez superadas algunhas nocións importantes, tales como as regras de acentuación das palabras" (p. 247), mentres que no tocante ao sistema fonolóxico consonántico, a maior corrección fonética poderase alcanzar "despois de dominar puntos de articulación diferentes, así como toda unha serie de alófonos combinatorios" (ibid.).

132 (N/04). Martínez Mayo, Concepción: "Descrición acústica dos elementos non silábicos dos ditongos galegos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua

Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:249-255. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Descrición acústica dos elementos non silábicos dalgúns ditongos galegos en posición tónica, tentando determinar se é posible manter a diferenciación semivogal / semiconsoante en base a criterios acústicos (frecuencia do primeiro e segundo formantes, tempo e intensidade). Os grupos estudados son, dentro dos ditongos palatais, [ja], [ai], [je], [ei], [jo], [oi], [jò], [òi] e, dentro dos ditongos velares, [we], [eu], [wè], [èu], [wo], [ou]. Os datos proceden dun cuestionario con frases marco (co mesmo número de sílabas e idéntica estrutura acentual) e palabras en que aparecese o ditongo entre bilabiais, realizado a catro homes e catro mulleres estudantes universitarios cuxa primeira lingua é o galego. Conclúese que a posición dos elementos marxinais do ditongo "determina unhas pequenas diferencias determinables polos parámetros de duración, intensidade e frecuencia" (p. 255), mais que ao non seren moi acusadas, a autora prefire falar de "elementos marxinais e posición pre e posvocálica" (ibid.).

133 (N/04). Méndez, Xosé Antonio: "A natureza das glides en galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:257-267. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Algunhas condicións na estrutura silábica do galego parecen indicar que a secuencia tautosilábica *(glide)* + *(vogal)* forma un grupo monomoraico, débil. A oposición *guante / *gaunte* podería ser explicada polo diferente comportamento das glides segundo a súa posición na sílaba. Porén, para a asignación do acento estas secuencias compórtanse como grupos fortes, xa que non existen proparoxítonos con (glide) + (vogal) na penúltima ou última sílaba. Isto crea unha aparente inconsistencia que dificulta a clasificación das glides, tanto no referente á súa natureza fonolóxica como á súa afiliación silábica. Este traballo, seguindo principios da fonoloxía xenerativa [concretamente, a teoría da optimidade, "movemento recente dentro da fonoloxía xenerativa que rexeita de plano o ordenamento de regras e a súa distribución en varios niveis de representación" (p. 257)], trata de demostrar a orixe vocálica das glides, ás que lles asigna natureza de inicio silábico e non de compoñente do núcleo. En resumo, as conclusións son as seguintes: 1) as glides proceden de vogal pechada; 2) as glides prevocálicas deben de ser analizadas como parte do inicio silábico; 3) as glides prenucleares non teñen carácter moraico; 4) a relación co acento é paralela á presente nas consoantes palatais [Adaptación do libro de resumos do congreso].

134 (N/05). Regueira Fernández, Xosé Luís: "Nasalidade en galego e en portugués: algúns datos de secuencias vogal + nasal implosiva", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en*

homenaxe a Ramón Lorenzo, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:433-445 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Preséntanse os resultados da análise da duración da nasalidade durante e despois da emisión da vogal en secuencias *vogal + nasal + consoante oclusiva non voceada* e *vogal + nasal ante pausa* en seis informantes, tres portuguesas da zona comprendida entre Lisboa e Aveiro e mais dúas mulleres e un home galegos procedentes de concellos rurais ou semirrurais. A conclusión que o autor tira desta análise, malia os informantes seren insuficientes para establecer afirmacións categóricas, é que existe unha diferenza constante entre a nasalidade en galego e en portugués: a duración do segmento consonántico nasal é moito máis reducida en portugués.

Vid. tamén as entradas 91, 525, 540, 652, 877, 878, 879, 888, 962, 973-2.

22 Consoantes

135 (N/05). Colina, Sonia / Díaz Campos, Manuel: "Intervocalic Velar Nasals in Galician: Phonetic Evidence for Multiple Syllabic Affiliation", en Sónia Frota, Marina Vigário e Maria Joao Freitas (eds.), *Prosodies: With Special Reference to Iberian Languages*, Berlin / New York, Mouton de Gruyter, 2005:269-285 (= *Phonology and Phonetics*; 9).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Estudo das consoantes nasais velares intervocálicas en palabras como *unha, cunha, algunha*, desde un punto de vista fonético, co propósito de determinar se existen ou non diferenzas entre formas como esas e outros casos de nasais intervocálicas. Os datos en que se basea o traballo proceden de dez persoas galegofalantes ás que se lles pediu que leran un total de 36 frases en tres contextos diferentes: 1) xeminada (*unha a*); 2) posición inicial (*c'un amigolo*); 3) posición final (*c'un curandeiro*). Tras as análises fonéticas das gravacións, os autores conclúen que se aprecia unha distinción fonética entre as nasais velares unidas por varios vínculos e outras nasais velares intervocálicas que, deste modo, contribúen á proposta da xeminación.

136 (N/05). Colina, Sonia / Diaz Campos, Manuel: "The Phonetics and Phonology of Intervocalic Velar Nasals in Galician", *Lingua*, 116/8, 2006:1245-1273. | [Ed. facs. en liña]: [New York], Elsevier, ScienceDirect, 13-VI-2005, <http://www.sciencedirect.com/science/journal/00243841>, Formato: PDF, [Consulta: 30/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Tradicionalmente, a consoante velar nasal en posición intervocálica do galego moderno considerouse un segmento derivado. Porén, os investigadores manteñen opinións diverxentes verbo da súa afiliación silábica, aínda que todas as propostas presentadas ata agora contradín principios ben establecidos da teoría fonolóxica. Por outra banda, coñécense mal as características fonéticas deste segmento, máis aló do seu carácter nasal e velar. Este traballo pretende contribuír ao mellor coñecemento dos aspectos fonéticos e fonolóxicos desta consoante. Comeza por revisar as hipóteses explicativas formuladas previamente para esta unidade, propoñendo considerala un segmento nasal velar subxacente cunha

realización xeminada. Esta hipótese fonolóxica complétase cun estudo fonético sobre a xeminación que trata de precisar se existen diferenzas de duración entre esa nasal velar subxacente e outras nasais velares. Os resultados amosan que a duración dos segmentos xeminados galegos é maior que a dos simples, pero menor que a das consoantes xeminadas subxacentes, apoiando deste xeito a hipótese da presenza de xeminación non contrastiva na nasal velar intervocálica. Este traballo, en opinión dos autores, ilustra o papel desempeñado pola investigación fonética na análise fonolóxica e ten implicacións para o estudo da xeminación e para unha teoría do cambio lingüístico [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

137 (N/05). Costa, Daniel Soares da: "Descrição e análise do sistema consonantal do português arcaico no Pergaminho Vindel", [Ed. en liña n.v.]: *Estudos Lingüísticos*, 34, 2005:598-603, <http://gel.org.br/4publica-estudos-2005/4publica-estudos-2005-pdfs/descricao-e-analise-do-sistema-598.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comunicación presentada no *52º Seminário do Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*, celebrado na Universidade de Campinas en 2004. Describe o sistema consonántico da lingua que conforma as sete cantigas de amigo de Martin Codax conservadas no Pergamiño Vindel, datado a finais do séc. XIII ou principios do XIV. Comeza por facer unha comparación da ed. facsímile do manuscrito [*O Som de Martin Codax* (Lisboa, UNYSIS, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1986) de Manuel Pedro Ferreira] cunha versión posterior incluída na obra *Celso Cunha: Cancioneiro dos Trovadores do mar* [ed. de Elsa Gonçalves (1999, vid. *BILEGA* 10086)]. O resultado desta comparación é unha terceira versión, correspondente á interpretación da escrita do manuscrito feita polo autor, que amosa todos os grafemas consonánticos que conforman a lingua do trobador: <b>, <c>, <ch>, <d>, <f>, <g>, <l>, <ll>, <m>, <n>, <nn>, <p>, <qu>, <r>, <rr>, <s>, <t>, <z> e mais <i>, <u> en función consonántica. Conclúese que, dado que Martin Codax era "falante nativo de Português Arcaico, o sistema consonantal encontrado é representativo do português medieval dos séculos XIII e XIV e, como tal, contribui para a descrição da fonologia da época e da História da Língua Portuguesa, em geral" (p. 603).

138 (R/05). Galmés de Fuentes, Álvaro: "El arcaísmo fonológico de los dialectos del Norte portugués y su importancia para la lingüística románica general", *BmF*, XX/1-2 [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, III], 1961:19-30. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/20/boletim20.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Nas p. 19-26 estuda a estrutura fonolóxica das sibilantes nas rexións portuguesas de Trás-os-Montes e noroeste de Entre-Douro-e-Minho, así como nalgúns puntos da zona fronteiriza de España entre os que figuran o concello de San Miguel de Lobios (OU) e de Hermisende (ZA). Todos eles destacan polo seu conservadorismo, pois manteñen a antiga oposición fonolóxica entre <ss> / <ç>, <s> / <z>. Tamén interpreta como fenómeno conservador a indistinción *v / b*, pero sen facer ningunha referencia ao galego.

139 (N/04). Pinheiro, Márcia Helena Diman: *O sistema consonantal do Português Arcaico visto através das cantigas profanas*, Dissertação de Mestrado em Lingüística e Língua Portuguesa, Araquara, SP, Universidade Estadual Paulista Júlio de Mesquita Filho, Faculdade de Ciências e Letras, 2004, 215 p. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda as representacións posibles para os sons consonánticos do período galego-portugués a partir dos datos tirados dun corpus representativo da poesía trobadoresca, constituído por 107 cantigas de amigo e de amor. A investigación das relacións entre letras e sons na escrita galego-portuguesa a través do establecemento dos contextos de ocorrencia e das posibles variacións da escrita dunha mesma palabra permitiu reunir datos representativos para a análise. Estes datos foron interpretados desde a perspectiva dos modelos da Fonoloxía non lineal, nomeadamente do modelo métrico -previamente aplicado ao mesmo período nalgúns traballos de Gladis Massini-Cagliari (1999, vid. *BILEGA* 10233, entre outros)-, verificando a posición ocupada polas consoantes representadas, dentro da xerarquía da sílaba. Así pois, constitúe un traballo centrado no valor das representacións escritas das consoantes desde a perspectiva da posición que ocupan na sílaba, dentro da xerarquía dos constituíntes establecida polos modelos da Fonoloxía métrica. A análise mostra que grafemas consonánticos poden ocupar a posición de ataque simple, ataque complexo e coda simple, dentro da estrutura silábica.

140 (N/05). Somenzari, Tatiana: "Análise do status fonológico do grafema consonantal duplo RR em Português Arcaico", [Ed. en liña n.v.]: *Estudos Lingüísticos*, 34, 2005:392-396, <http://gel.org.br/4-publica-estudos-2005/4publica-estudos-2005-pdfs/analise-do-status-36.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comunicación presentada no *52º Seminário do Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*, celebrado na Universidade de Campinas en 2004. A partir dos datos tirados de 50 cantigas de amor do *Cancioneiro da Ajuda* (ed. facs. de 1994), a autora examina as ocorrencias do grafema duplo <rr> co obxectivo de determinar o seu estatus fonolóxico como consoante simple ou xeminada no galego-portugués medieval. A autora comeza por analizar as relacións entre letras e sons na escrita do galego-portugués, para logo pasar a interpretar os datos obtidos dende a perspectiva dos actuais modelos da Fonoloxía non-lineal verbo da sílaba. Os datos do corpus amosan unha variación gráfica <yr> / <ir>, que favorece a conclusión de que fonoloxicamente o son representado corresponde a unha consoante xeminada.

141 (N/04). Veiga Rodríguez, Alexandre: "A clase fonemática dos líquidos en galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:291-303. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008]. | Trad. cast. do autor: "La clase fonemática de los líquidos en gallego", en Alexandre Veiga, *Estudios de fonología funcional*, Noia, A Coruña, Toxosoutos, [2002]:201-214 (= *Colección Lingüística*; 5).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Estuda, desde a perspectiva teórica do estruturalismo funcionalista, a estrutura da clase fonemática líquida en galego moderno, prestando especial atención ás circunstancias distribucionais de neutralización co fin de determinar a orde xerárquica das oposicións funcionais no interior desta clase fonemática e o funcionamento marcado ou non marcado dos termos de cada unha destas oposicións [Adaptación do resumo que aparece no limiar da trad. cast.].

Vid. tamén as entradas 87, 131, 428, 517, 519, 521, 528, 530, 533, 539, 634-2, 876, 880, 881, 882, 883, 884, 889, 891, 950, 1027.

23 A sílaba e o acento

142 (N/05). Massini-Cagliari, Gladis: "Questões de silabação: comparações entre o português arcaico e o português brasileiro", en Gladis Massini-Cagliari, Clotilde de Almeida Azevedo Murakawa, Rosane de Andrade Berlinck e Marymarcia Guedes (orgs.), *Estudos de Lingüística Histórica do Português*, Araquara, Universidade Estadual Paulista, Faculdade de Ciências e Letras / São Paulo, Cultura Acadêmica, 2005:179-192 (= *Trilhas lingüísticas*; 7).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Compáranse algúns fenómenos de silabación do galego-portugués medieval (*período trobadoresco do portugués arcaico*, segundo a terminoloxía da autora) e do portugués brasileiro, analizándoos á luz da Teoría da otimidade, consonte as propostas de Alan Prince e Paul Smolensky (*Optimality Theory: Constraint Interaction in Generative Grammar*, New Brunswick, NJ, Rutgers University, Rutgers Center for Cognitive Science, Technical Report nº 2, 1993), John J. McCarthy e Alan Prince (*Prosodic Morphology: Constraint Interaction and Satisfaction*, New Brunswick, NJ, Rutgers University, Rutgers Center for Cognitive Science, Technical Report RuCCS-TR-3, 1993), Diana B. Archangeli e D. Terence Langendoen (*Optimality Theory: An Overview*, Oxford, Blackwell, 1997), Iggy Roca (*Derivations and Constraints in Phonology*, Oxford, Oxford University Press, 1997) e René Kager (*Optimality Theory*, Cambridge, Cambridge University Press, 1999). Por tratarse dunha primeira abordaxe do tema, a autora limítase ao estudo de fenómenos internos da palabra relacionados coa silabación, malia que tamén teñan relación directa outros procesos entre palabras, como os de sandi. Asumindo que a sílaba é o primeiro dominio prosódico a partir do cal as linguas organizan a súa fonoloxía, obsérvase que as formas das sílabas varían dunha lingua para outra e que a silabación é, dentro de cada lingua, previsible. Na teoría da otimidade, a gramática considérase constituída por un conxunto de restricións violables e xerarquizadas. Consonte esta concepción, o obxectivo deste traballo é establecer a xerarquía das restricións responsable da silabación do galego-portugués e do portugués brasileiro, a partir da verificación da actuación de restricións relativas a estrutura silábica e de fidelidade. A análise baséase nunha selección de cen cantigas profanas galego-portuguesas (50 de amor, extraídas do *CA*, e 50 de amigo, procedentes do *CBN*).

143 (N/05). Massini-Cagliari, Gladis: "Revisitando o acento do Português Arcaico a partir de uma abordagem otimalista: o padrão dos verbos", [Ed. en liña n.v.]: *Estudos Lingüísticos*, 34, 2005:1248-1253, <http://gel.org.br/4publica-estudos-2005/4publica-estudos-2005-pdfs/revisitando-o-acento-do-portugues-680.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comunicación presentada no *52º Seminário do Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*, celebrado na Universidade de Campinas en 2004. Estuda a distribución do acento nas formas verbais do período galego-portugués (a primeira fase do portugués arcaico) segundo os principios da teoría da optimidade. A análise baséase nos datos tirados das 503 cantigas de amigo do *CBN*, as 310 cantigas de amor do *CA* e as 420 *CSM*. As pautas acentuais achadas nas formas verbais do corpus son as mesmas e aparecen na mesma proporción que a autora identificara en traballos previos para os nomes e outros elementos léxicos non verbais: predominio de formas paroxítonas, mais con incidencia significativa de oxítonas e escasas proparoxítonas. Por esta razón, a xerarquía de restricións establecida para explicar o patrón acentual dos elementos non verbais é válida tamén para os verbos paroxítonos terminados en sílaba libre e en sílaba trabada, alén dos oxítonos terminados en sílaba trabada e en ditongo: "Em todas essas formas, percebe-se o mesmo jogo das forças conflitantes que agem sobre a localização do acento que pôde ser deduzida da análise dos nomes e outros itens lexicais não-verbais: tendências concomitantes em direção à produção de um ritmo trocaico e à marcação com a proeminência acentual da fronteira morfológica do radical. No entanto, no caso dos verbos, o domínio morfológico a ser ressaltado não é exatamente o radical, mas o tema verbal, que consiste na soma do radical com a vogal temática" (p. 1250-1251).

144 (N/05). Massini-Cagliari, Gladis: "Revisitando o acento do Português Medieval a partir das *Cantigas de Santa Maria*", en Inês Duarte e Isabel Leiria (orgs.), *Actas do XX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Lisboa, 13, 14 e 15 de Outubro de 2004)*, Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 2005:673-685. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2008], <http://www.apl.org.pt/docs/actas-20-encontro-apl-2004.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 09/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que se presenta como continuación de "O acento em português arcaico visto pela teoria da otimidade" (2001, vid. *BILEGA* 10867), onde a autora analizaba os paradigmas acentuais do portugués medieval a partir dun corpus constituído polas 503 cantigas de amigo conservadas no *CBN*. Agora desenvólvese a mesma análise tomando como corpus as 420 *CSM* de Afonso X. A autora conclúe que en posición de rima hai dous paradigmas: versos graves (rematados en palabras paroxítonas) e versos agudos (rematados en palabras oxítonas) e que a posibilidade de alternaren eses dous paradigmas nunha mesma cantiga é un argumento para defender a existencia dun ritmo trocaico no galego-portugués [T.A.G.].

145 (N/05). Massini-Cagliari, Gladis: *A música da fala dos trovadores: Estudos de prosódia do Português Arcaico, a partir das cantigas profanas e religiosas*, Tese de Livre Docência em Fonologia, Universidade Estadual Paulista, Campus de Araquara, Faculdade de Ciências e Letras, 2005. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda algúns fenómenos prosódicos do portugués arcaico (PA), a partir dos principios da Teoría da otimidade e a través da comparación das características lingüísticas das cantigas profanas galego-portuguesas coas das relixiosas. Os elementos prosódicos do PA aos que se presta atención son a estrutura da sílaba, o acento léxico e os procesos rítmicos coñecidos como sandi vocálico externo e

parágoxe. Verbo dos patróns de silabación, examínase a constitución das marxes silábicas, explorando as posibilidades de ocorrencia e combinación de consoantes no inicio e no final da sílaba. Canto ao núcleo silábico, rexístranse e analízanse todas as secuencias vocálicas posibles no PA, dentro dos límites da palabra, ofrecendo un estudo cuantitativo dos encontros vocálicos e discutindo todas as posibilidades de resolución desas secuencias en ditongos crecentes, ditongos decrecentes ou hiatos, en busca dun algoritmo que permita prever a ocorrencia de cada un deses tipos, dentro dunha aproximación fonolóxica otimalista. Na análise do acento determínanse todos os patróns de acentuación posibles no PA, con base nos tipos de verso (grave e/ou agudo) explorados polos trobadores, mostrando que as dúas pautas canónicas da lingua son as paroxítonas e as oxítonas, os dous únicos patróns encontrados en posición de rima. Hai tamén rarísimas proparoxítonas, rexistradas sobre todo nas *CSM*, aínda que tamén aparecen nas cantigas de amor. A interpretación otimalista fornecida para o acento do PA explica os resultados da tensión entre as presións exercidas polas tendencias a un ritmo trocaico e ao marcado da fronteira morfolóxica entre o radical e as desinencias, evidenciando, por outro lado, o papel (menos importante do que esas dúas tendencias, mais tamén relevante) da consideración do peso silábico no proceso de posicionamento da preminencia acentual no nivel da palabra. A seguir, exemplifícase a importancia da interacción entre acento e estruturación silábica na ocorrencia de procesos rítmicos, a partir da análise dos fenómenos de sandi e parágoxe. Con respecto aos procesos de sandi, recóllense no corpus todos os casos de ditongos, elisións, crases e hiatos en contexto intervocabular, cuantificándoos e opoñéndoos cualitativamente. Propóñense restricións de natureza rítmica, prosódica e fonotáctica para a ocorrencia deses fenómenos, as cales serven de base para a posterior interpretación otimalista. Por último, estúdase a parágoxe, fenómeno de carácter exclusivamente estilístico, que actúa sobre palabras xa ben formadas e existentes na lingua engadindo unha vogal epentética no fin das palabras oxítonas terminadas en consoante /r, l, n/. Preséntanse todos os casos de parágoxe identificados previamente na lírica profana e relixiosa, descríbense as súas características lingüísticas e explicítase a súa motivación estilística, para rematar desenvolvendo unha interpretación fonolóxica otimalista baseada na noción de *desvio*. O traballo, ademais de representar unha interesantísima contribución ao coñecemento da prosodia do galego-portugués, demostra que as diferenzas neste eido entre os dous tipos de textos considerados (as cantigas profanas e as relixiosas) son mínimas [Adaptación do resumo que aparece no texto orixinal].

146 (R/04). Zucarelli, Fernanda Elias: "Breve estudo da estrutura silábica do Português Arcaico: A posição do glide", [Ed. dix.]: *Estudos Lingüísticos*, 32, 2003:s.p., CD-ROM / Formato: PDF. | [Reed.]: *RELinguagem*, 12/2, 2004:405-421.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo derivado da memoria de licenciatura presentada pola autora na Universidade Estadual Paulista Júlio de Mesquita Filho [*Ditongos e hiatos nas cantigas medievais galego-portuguesas* (2002, vid. *BILEGA* 11891)] e desenvolvida dentro do proxecto de investigación *Fonologia do Português Arcaico*, dirixido pola profesora Gladis Massini-Cagliari. Analiza de forma sumaria a estrutura da sílaba no galego-portugués medieval (que a autora denomina *período trobadoresco do portugués arcaico*), centrándose principalmente en determinar a posición dos elementos semivocálicos /y/ e /w/ (glides). Os datos que lle serven de base corresponden á totalidade das sílabas de 100 cantigas profanas (de amigo e de amor) extraídas do *CBN* e do *CA*. A análise baséase nos principios da Fonoloxía non lineal, coa intención de propoñer un esquema silábico para o portugués arcaico e estudar a posición das semivogais nese esquema. Polo que respecta ao esquema da sílaba, os datos do corpus amosan estruturas cun máximo

de catro constituíntes, sen longas secuencias de vogais e consoantes; canto á posición das semivogais, a autora conclúe que a hipótese máis adecuada é consideralas como parte da coda silábica e non do núcleo.

Vid. tamén as entradas 91, 139, 140, 145, 212.

24 O grupo fónico e a entoación

147 (N/04). Sobrino Pérez, María dos Anxos: "O contorno final circunflexo na entoación do galego do Baixo Miño", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:291-303. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

A partir das gravacións realizadas a oito informantes de entre 40 e 50 anos, residentes en catro concellos da microsubárea pontevedresa do Baixo Miño (A Guarda, O Rosal, Oia e Tomiño), analízase o contorno final circunflexo que aparece como marca distintiva en varios tipos de secuencias modais (as interrogativas totais, e en xeral, todas as que non teñen partícula interrogativa, e as exclamativas) e establécense as súas variantes. Para isto, elaboráronse táboas e gráficos cos datos fornecidos polo CSL (Computerized Speech Lab) 4300 do laboratorio de fonética do ILG. As gravacións foron realizadas nos propios domicilios dos informantes, tomando como base un cuestionario aberto para procurar a maior espontaneidade posible. Conclúese que a clase dos fonemas líquidos en galego aparece integrada por sete unidades: [fonema +consonántico, +vocálico, -continuo, -tenso], [fonema +consonántico, +vocálico, -continuo, +tenso], [fonema +consonántico, +vocálico, +continuo, -denso], [fonema +consonántico, +vocálico, +continuo, +denso], [arquifonema +consonántico, +vocálico, -continuo], [arquifonema +consonántico, +vocálico, +continuo] e [arquifonema +consonántico, +vocálico] [Adaptación do libro de resumos do congreso].

Vid. tamén as entradas 531, 532, 544, 548, 549, 743.

25 Fonética sintáctica

148 (N/05). Fernández Rei, Elisa: "A dirección de clitización fonolóxica no galego actual", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:335-345 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise da clitización desde o punto de vista fonolóxico, das súas repercusións na xerarquía prosódica e da dirección e as propiedades da adxunción pola que optan os elementos que funcionan como clíticos. Un clítico pode aparecer entre dúas palabras fonolóxicas e, por conseguinte, hai a posibilidade de que se xunte a unha ou a outra. As preguntas que se tentan respostar no traballo son a cal das dúas palabras se xunta, que unidade prosódica resulta desta unión e cales son os criterios que operan para que a adxunción sexa á palabra precedente (adxunción enclítica) ou á palabra seguinte (adxunción proclítica). Conclúese que en galego existe unha preferencia pola adxunción enclítica "que permite en ocasións que o pronome se clitice á palabra que provoca a próclise" (p. 343). Se o elemento que provoca a próclise remata en vogal non se produce a enclitización, ao se activar a regra de elisión entre a palabra precedente e o clítico. Se, por súa vez, o elemento que provoca a anteposición remata en nasal, selecciónase o alomorfo *no*, ocorrendo o mesmo con *lo*, aínda que menos sistematicamente. Pórén, a autora fala de que determinados procesos descritos neste artigo, como a activación da regra da nasal ou a interpolación, xa case non son produtivos no galego actual (referíndose, fundamentalmente á perda da pronuncia alveolar no /n/ final en secuencias do tipo *non o sei*). Neste sentido, afirma que "[e]sta selección do alomorfo <*o*> en detrimento dos alomorfos <*lo*> ou <*no*> estaría a indicar unha tendencia, ao noso xuízo, a converter a próclise sintáctica tamén nunha próclise fonolóxica" (p. 344).

149 (R/05). Rübecamp, Rudolf: "A linguagem das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X o Sábio", *BmF*, I/3-4, 1933:273-356; II/2, 1933:141-152. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/index.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor compara a lingua das *Cantigas de Santa María* coa dos demais cancioneiros e con documentos notariais, chegando á conclusión de que xa na época medieval se advertía unha distinta evolución do galego e o portugués. Nas conclusións non se limita a resumir os datos do hiato románico (no que se centra este estudo), senón que menciona tamén outros datos de fonética e morfoloxía procedentes doutros capítulos da tese de doutoramente do autor, que aínda permanece inédita [*Die Sprache der* Cantigas de Santa Maria *von Alfonso el Sabio, verglichen mit der Urkundensprache Galiziens und der mittelalterlichen Sprache Portugals* (1930, vid. *BILEGA* 765)]. Estes dous artigos son un extracto dese traballo (o segundo é un glosario).

Vid. tamén as entradas 145, 886.

26 Sistemas de transcrición fonética/fonolóxica

150 (R/05). Losada Soto, Rut María: "Unha adaptación do SAMPA para a lingua galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:615-625. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://

www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Descrición do *SAMPA* (*Speech Assesment Methods Phonetic Alphabet*) e presentación dunha adaptación do mesmo para o galego. O *SAMPA* é un sistema de transcrición fonética desenvolvido a partir de 1987 por un grupo internacional de fonetistas co obxectivo de "[a]plicar métodos de representación fonética/fonolóxica que sexa compatible cos ordenadores, apropiados lingüisticamente e aceptables para os propósitos dos traballos de transcrición fonética de cada lingua en concreto, e en comparación coas demais" (p. 616). O SAMPA constitúe un sistema de transcrición fonolóxica segmental ou fonética moi ancha (unha proxección do Alfabeto Fonético Internacional), lexible para as máquinas, que usa tan só os caracteres do código ASCII comprendidos no rango 33-127; posúe tamén unha versión ampliada (o *X-SAMPA*), con convencións adoptadas para representar cada un dos símbolos do Alfabeto Fonético Internacional (incluídos os diacríticos) e que fai posibles transcricións lexibles por máquinas para todas as linguas; para transcribir os trazos prosódicos é preciso acudir ao *SAMPROSA* e esta outra transcrición ha de facerse separadamente, é dicir, en niveis diferentes (pois hai símbolos que coinciden cos do *SAMPA*).

▶ 3 GRAMÁTICA, PRAGMÁTICA, LINGÜÍSTICA TEXTUAL E ANÁLISE DO DISCURSO

31 Morfoloxía

Vid. as entradas 844, 992.

311 Formación de palabras

151 (N/05). Feig, Éva: "Das geflügelte Wort von der Euromorphologie - oder die Vogelgrippe als Fallstudie zu Stand und Wirkungskraft der Konvergenztendenzen in der Wortbildung der romanischen Sprachen", *RJb*, 56, 2005:296-334. | [Ed. facs. en liña]: Berlin / New York, Mouton de Gruyter, [2005], <http://www.degruyter.com/journals/romjb/2006/pdf/romjb_56_296.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 14/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

O obxectivo do traballo é determinar a produtividade e o potencial da euromorfoloxía para o ámbito románico a comezos do séc. XXI. As denominacións para o concepto de «gripe aviar» serven de exemplo

para o estudo dos procedementos de creación de palabras nas linguas románicas, perfilando os mecanismos que están baseados en formas latinas ou latinizantes e aumentan a converxencia formal e semántica entre as linguas. Os datos proceden da información periodística ofrecida nas edicións en rede de xornais nacionais escritos en castelán, portugués, francés, italiano, romanés, galego e catalán dos anos 1997–2000 e 2004–2005. Preséntase unha tipoloxía formal e semántica, un estudo etimolóxico e un esbozo micro-diacrónico das formas encontradas. Para o galego, mencióanse as formas *gripe de polo, gripe dos polos, virus dos paxaros, gripe aviaria, influenza aviaria, mal aviario, virus aviario, gripe avícola, gripe aviar* e *virus aviar* [B.L.].

152 (R/05). Ligero Valladares, Rosa María: "Os sufixos alterativos en galego", *Madrygal*, 2, 1999:91-92. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR9999110091A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve nota na que se caracteriza o galego pola presenza de aumentativos e diminutivos dos que carecen outras linguas europeas, razón pola que moitos deles son case intraducibles (por exemplo, *porcallonciño*, *gordechiño*).

153 (N/05). Mariño Paz, Ramón: "Forma e función do sufixo *-uel* no galego medieval", *Cadernos de Lingua*, 27, 2005:155-193.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

Analiza a evolución e funcionamento en galego medieval do sufixo *-BILIS*, que se empregaba en latín para a formación de adxectivos a partir de bases basicamente verbais que remataban en vogal. Na época medieval presenta as formas *-uel* (con mantemento da vogal postónica) / *-ble* (con síncope da vogal postónica non final). A evolución fonética de *NOBILIS* «coñecido», «ilustre» > *nobre*, maioritaria na documentación medieval fronte a *noble*, débese á perda de noción do sufixo *-BILIS*. Canto a *MOBILIS*, quizais naceu "como consecuencia dunha disimilación que actuaría sobre un orixinario e hipotético **MOVIBILIS*" (p. 157). Canto á forma do sufixo, estúdase a súa aparición na poesía e prosa non notarial, onde, malia a súa escasa presenza, se detecta un "triunfo case absoluto das solucións sen síncope da vogal postónica desde as fontes do século XIII ata as do XV" (p. 159); no plural todas responden á terminación *-uel* / *-uil* mais con mantemento do /l/ maioritariamente. Na prosa notarial a presenza de formas derivadas do sufixo *-BILIS* é moito maior que na produción non notarial, pero os datos indican que a forma *-ble(s)* é minoritaria e moito máis tardía. Conclúese que "as variantes sen síncope postónica predominan ata 1450 e sofren un rápido ocaso posteriormente" (p. 166), feito para cuxa explicación o autor cre fundada "a sospeita de que a fulgurante expansión de *-ble(s)* na prosa notarial posterior a 1451 estivo en relación directa co aumento da familiaridade co castelán que se daría na actividade profesional de notarios e escribáns a partir do ecuador do século XV" (ibid.), o cal "contribuíu a promocionar, entre as variantes dispoñibles, aquela que contribuía a potenciar a converxencia entre os dous códigos lingüísticos" (ibid.). A función do sufixo era a creación de adxectivos basicamente deverbais, aínda que tamén se rexistran casos de unión a lexemas nominais. Estes valores mantivéronse no galego medieval, rexistrándose formas de derivación verbal (*aborrecíbelle, benerable, conçelláuel, revocábel, usáuel, yrreuocable, esposíuele, inmóuel, jnvisíbele, móuel, aprazíuele, duráuil, enperduráuil, estáuel, fincable, paçiuile, perduráuel, semelláuel, conuiníuel, suçesiuelle*) e denominal (*amigáuel, faboráuel, rasonáuel*).

En competencia co sufixo *-uel* atopánse outros sufixos como *-iuo* < *IVUS*, *-deiro*, *-nte*. O estudo baséase nun amplo corpus de obras medievais -tanto literarias como notariais- e de obras postmedievais (vid. índice final de identificadores) con datos de contraste para analizar a evolución do sufixo. | Índice: 0. Presentación | 1. Forma: 1.1. Poesía e prosa non notarial | 1.2. Prosa notarial | 1.3. Conclusións sobre a forma do sufixo | 2. Función | 2.1. Derivación deverbal | 3.2. Derivación denominal | 3.3. Sufixos en competencia con *-uel*.

154 (N/05). Pena Seijas, Jesús: "Os nomes denominais de actividade, axentivos e instrumentais", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:423-431 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve descrición dos procedementos derivativos que posúe o galego moderno para formar nomes de actividade, axentivos e instrumentais. | Índice: 1. Nomes de actividades | 2. Nomes de ciencias e técnicas | 3. Nomes axentivos | 4. Nomes de instrumento. | Como conclusión, o autor sinala que se trata de procedementos "comúns a tódalas linguas románicas e, no que atinxe á composición culta, a tódalas linguas indoeuropeas" (p. 430).

155 (N/05). Rodrigues Gomes, Jorge: "O *verbo dos chafoutas* e o *lapizarro*, criptolectos gremiais galegos", *Agália*, 83-84, 2005:119-161.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Estudo da xerga dos albaneis de Goián (PO) e a dos cesteiros de Mondaríz (PO). Analízanse os procesos de creación léxica destas variedades, baseados, principalmente, na formación de palabras por medio da derivación a partir da lingua base, a derivación interna dentro da súa propia lingua, a composición lexical e sintagmática, os préstamos e as formacións por modificación semántica. Inclúe un vocabulario da xerga dos chafoutas (p. 130-134) e outro do lapizarro (p. 155-159) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

156 (N/04). Salgueiro Salgueiro, Rosa: "A formación de substantivos deadxectivais en galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:189-194. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descrición dos sufixos do galego moderno cuxa función é formar substantivos a partir de adxectivos e determinación dos factores que rexen a elección dun ou doutro sufixo. O traballo céntrase en dúas cuestións: 1) Determinar cales son os sufixos formadores de substantivos deadxectivais en termos de produtividade e, polo tanto, ver que sufixos están dispoñibles para a formación de palabras novas;

2) Describir a distribución de tales sufixos en relación coas bases derivativas correspondentes nesta serie de formación de palabras. Respecto disto último, o máis salientable é que se dá unha listaxe de terminacións adxectivas que escolle cada sufixo: *-ál / -ár, -él, -il, -ífico, -ico, -no, -áneo, -éno, -ín, -íno, -úno, -imo, -eo, -io, -uo, -ário, -oso, -úco, -tório, -ble, -tívo / -sívo, -áz, -íz, -óz, -ió*r e mais os compostos e/ou parasintéticos do latín con nasal na sílaba final teñen un predominio para formar o substantivo en *-dade*; *-áno, -és, -dór, -ór* escollen preferentemente o sufixo *-ía*; *-ádo, -áto, -ido* fano con *-ez* e, finalmente, *-nte (-nto)* opta polo sufixo *-ncia* [Adaptación do libro de resumos do congreso].

157 (N/05). Santos Suárez, Larisa: "O diminutivo na definición actual do estándar morfolóxico", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:247-257 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. O traballo que reflicte foi levado a cabo entre marzo de 2002 e outubro de 2003 na área de tecnoloxía lingüística da empresa Imaxin Software dentro do proxecto 'Desenvolvemento de ferramentas informáticas de revisión lingüística para a lingua galega', cuxo obxectivo era crear "con axuda da informática, un dicionario de palabras da lingua galega o máis amplo e organizado posible, de maneira que calquera ferramenta de revisión lingüística desenvolvida a posteriori puidese tomar como base un lexicón razoablemente amplo e exhaustivo" (p. 247); partindo da información que conteñen os dicionarios de lemas, tratábase de "crear unha ferramenta informática que xerase automaticamente unha serie de flexións para cada un deses lemas, tendo en conta cada categoría gramatical e o tipo de morfemas afixais (flexionais e/ou derivativos) que lle son máis propios" (ibid.) para facer posible o recoñecemento dun amplo número de formas que aparecen nos textos. A autora céntrase aquí no morfema diminutivo [*-iñ-* e a variante *-ciñ-*], que é un dos que máis xogo dá na modificación de palabras como os substantivos e adxectivos; en relación con el chega a distinguir desde un punto de vista prescritivo 15 grupos de substantivos e adxectivos que exemplifican os modelos de flexión existentes atendendo á "terminación do lema para estipular o alomorfo que se lle debe engadir a cada tipo de terminación" (p. 249) e analiza as dificultades, dúbidas ou variación que atopa neste proceso.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [233] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

158 (R/05). Viaro, Mário Eduardo: "Para um estudo de semântica sincrônica dos sufixos derivacionais em português do século XIII", [Ed. dix.]: *Estudos Lingüísticos*, 32, 2003:comunicación 95, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. en liña n.v.]: [São Paulo], Universidade de São Paulo, Grupo de Morfologia Histórica do Português, [2005], <http://www.usp.br/gmhp/publ/Via21.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 06/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comunicación presentada no *51º Seminário do Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*, celebrado na Universidade de Taubaté en 2003. Tomando como corpus as 420 composicións das

Cantigas de Santa María de Afonso X, faise unha descrición dos procesos derivativos vixentes nese período da lingua, establecendo unha listaxe dos sufixos empregados e os seus valores semánticos. O contraste dos resultados da investigación cos datos que ofrecen as gramáticas históricas do portugués permite comprobar que non todas as formas recollidas nestas se achan no corpus (é o caso dos sufixos *-ável, -ível, -úvel, -esco, -isco*) e outras amósanse moi produtivas (*-ança, -ença, -çon*).

Vid. tamén as entradas 323, 415, 455, 457, 460, 526, 884, 894, 896, 905, 908, 929, 1096.

312 Clases de palabras

3121 Substantivo

159 (N/05). González Fernández, Isabel: "Algunhas consideracións en torno á flexión de xénero e número en italiano e galego", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:365-374 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo comparativo do comportamento do galego e do italiano en dous aspectos morfolóxicos: 1) a formación do xénero feminino en certos nomes de oficios e profesións; 2) a formación do número plural nos estranxeirismos. No primeiro caso, a autora opta polo uso da flexión de xénero coas desinencias femininas, tal e como ocorre en galego, mais cre que a día de hoxe en italiano "non é demasiado aconsellable este uso" (p. 370). No que respecta á formación do plural nos estranxeirismos, para o caso do galego xulga que "xa ten establecidas regras precisas" (p. 374), e para o italiano, cre que "o mellor consello é o de deixar invariables os estranxeirismos que veñan do inglés e, polo xeral, os préstamos das outras linguas" (p. 374).

160 (N/04, N/05). Kikuchi, Seiichiro: "The Emergence of the Unmarked in Galician Plural Formation", [Ed. en liña n.v.]: [Sendai], Tohoku University, Páxina persoal do autor, [2004], <http://www.sal.tohoku.ac.jp/~s_kiku/papers/PSJ20040618.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 30/06/2008]. | [Nova ed.]: *On'in Kenkyu*, 8, 2005:17-24. | [Ed. facs. en liña n.v. da nova ed.]: [Sendai], Tohoku University, Páxina persoal do autor, [2005], <http://www.sal.tohoku.ac.jp/~s_kiku/papers/kikuchi2005a_galician_plurals.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 22/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Propón unha análise otimalista para explicar os condicionamentos fonolóxicos que interveñen na configuración dos alomorfos *–es* (*túnel* > *túneles*, *difícil* > *difíciles*, *val* > *vales*, *cal* > *cales*) e *–is* (*animal* > *animais*, *azul* > *azuis*, *cadril* > *cadrís*, *civil* > *civís*) do sufixo de plural das palabras cuxa forma singular remata en /l/ (fundamentalmente, substantivos e adxectivos). O autor considera que as "plural forms in Galician show the tendencies to avoid marked prosodic structures, such a uneven trochee and subminimal prosodic word, if possible, and these tendencies are acounted for as cases of the emergence

of the unmarked in O[ptimality] T[heory]: marked prosodic structures that are generally allowed in the language are prohibited in plural forms" (p. 23).

161 (N/05). Lago Garabatos, Jesús: "Sobre a feminización dos nomes de profesións, oficios, cargos e títulos en galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:119-128. | [Reed.]: en Montserrat López Díaz e Laura Pino Serrano (eds.), *Jesús Lago Garabatos, Estudos de Lingüística Francesa: Homenaxe in memoriam*, [Promovido por] Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2005:211-222 (= *Homenaxes*). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descrición dos resultados dunha enquisa realizada nas catro provincias galegas durante o curso escolar 1994-1995 sobre a feminización dos nomes de profesións, oficios, cargos e títulos en galego. Trátase dun traballo empírico que lle serviu ao autor para eliminar da segunda enquisa que realizou no seguinte curso escolar máis de 150 nomes que non presentan ningún problema para o seu emprego na forma feminina. Tamén se tenta dar conta dos resultados sobre o coñecemento, uso e actitudes dos falantes cara ao galego no tocante a este tipo de formas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

162 (R/04). López Fernández, Xesús: "Xénero gramatical e sexismo lingüístico", *RGEn*, 12, 1996:25-41. | [Reed.]: *RGEn*, 41 [= *Décimo Aniversario (1993-2003): Escolma*], 2003:55-71. | [Ed. facs. dix. da reed.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [2004], <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge12.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: [2007], <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge41/eduga41/53-72%20RGE%2041-9.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/07/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza a suposta manifestación do sexismo lingüístico nos usos da categoría gramatical de xénero. Segundo o autor, nesta categoría "non pode haber sexismo [...] é algo inherente ós nomes e pertence á morfoloxía da lingua" (p. 33). Defende o uso do masculino co valor xenérico que abrangue os dous sexos, aceptando que "a duplicación do xénero pódese manter nalgúns contextos", mais noutros "(nos textos científicos, periodísticos, etc.) vai en contra dunha das leis principais pola que se rexe a lingua: a lei de economía lingüística" (p. 32).

163 (R/05). Nechayeva, K.: "Algunos medios de derivación de palabras con el sentido de pluralidad en español, gallego y portugués", en *Actas de la II Conferencia de Hispanistas de Rusia (Moscú, 19-23 abril 1999)*, [Ed. dix.]: Madrid, Embajada de España en Moscú / Ministerio

de Asuntos Exteriores, Dirección General de Relaciones Culturales y Científicas, 2000:s.p., CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. en liña n.v.]: [Madrid], Centro Virtual Cervantes, [2005], <http://hispanismo.cervantes.es/documentos/nechayeva.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/02/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estúdanse as diferentes formas de expresar o sentido de pluralidade en galego, castelán e portugués. Destácase como medio máis extendido o uso de afixos e, máis concretamente, o uso de sufixos con significado de colectividade (galego *-ada, -axe*) nos chamados substantivos colectivos (*singularia tantum*). Outros sufixos galegos sinalados con sentido de pluralidade son: *-ade, -allo/-alla, -al, -eiro/-eira, -ario/-aria, -ado/-ada, -acho, -echo, -elo*. Como prefixo, saliéntanse para o galego *bis-, tri-, hiper-*. Aténdese especialmente aos medios de formación que expresan cantidade do indicio ou síntoma, un fenómeno gramatical que se expresa tanto mediante sufixos como por composición, dando como exemplos o superlativo absoluto (*amabilisimo, celeberrimo, saluberrimo*) e outras formacións como as que aparecen nas palabras *aguento, augacento, manteigoso*, *triplo, duplo*, *choviscar, dormentar*. Conclúese afirmando que os tipos de pluralidade se expresan en cada lingua de diferente maneira, "algo que depende no sólo de los medios de expresarla sino de la productividad de esos medios en los campos funcionales semánticos del idioma, en las zonas céntricas o periféricas, de expresión explícita o implícita" (s.p.).

Vid. tamén as entradas 173, 207, 231, 520, 542.

3122 Adxectivo

164 (R/05). Bouzas Rosende, Paula: "As variantes de *gran* e *grande* dentro da frase nominal en textos medievais galegos", *Galicien Magazin*, 14, 2003:25-30. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin14.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME

Análise da distribución das variantes adxectivais *gran* e *grande* no galego dos secs. XIII-XV, baseada nos datos tirados dunha ampla nómina de textos literarios, cronísticos e notariais (vid. índice final de identificadores). A pesar das diferenzas entre os distintos textos analizados, todo semella indicar que as devanditas formas presentan unha distribución complementaria (*gran* ante consoante e *grande* ante vogal), principalmente na *Crónica Troiana*, mentres que na *Crónica General* e na *Crónica de Castela* a forma empregada é a plena, independentemente da palabra que a siga. De todos os xeitos, "non parece difícil observar a partir dos resultados obtidos unha tendencia clara" (p. 29).

165 (R/05). Vidal Meixón, Ana: "Achegamento á problemática da equivalencia ou non equivalencia entre adxectivos e frases preposicionais", *Madrygal*, 5, 2002:109-120. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0202110109A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estúdanse exemplos do tipo *hábito alimentario / de alimentación*. Os resultados revelan o carácter pluridireccional da lingua, especialmente no que atinxe á semántica e á pragmática: a aparente similitude (entre adxectivos e frases preposicionais no presente estudo) resulta moi borrosa a maioría das veces, xa que no uso adoita interferir a puntualización de certos matices. Por esta razón a autora non considera prudente aplicarlles a etiqueta de "sinonimia lóxica". Ademais, para a súa interpretación a miúdo temos que prestar unha especial atención ao contexto, ao escenario do enunciado, así como á complicidade dos falantes; de aí que sexa preciso recorrer á pragmática. A variable estilística tamén pode servir de axuda en ocasións. Neste estudo, optouse, non sen certas reservas, pola denominación de "equivalencia designativa". Os motivos que xustifican a elección -as máis das veces inconsciente- dunha das dúas opcións son variados, polo que a autora se limita a comentar só os factores de diferenciación máis significativos, para facer unha proposta clasificatoria. Coñecer os mecanismos que rexen cada escolla sería moi útil para os estudosos da lingua galega.

RECS.: *LLBA*, 37, 2003:[200307164].

Vid. tamén as entradas 160, 163, 231, 763.

3123 Artigo

166 (R/05). LEMUS, Cidrán de: "Del idioma gallego", *Revista Gallega*, XI/532, 1905:2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Nota que forma parte da polémica desenvolvida en varios xornais galegos, entre os anos 1902 e 1906, sobre a inscrición galega que debía levar o monumento aos mártires de Carral. O autor dirixe as súas consideracións a Marcial de la Iglesia, Francisco Tettamancy e Eugenio Carré. Critica as opinións de Cayetano A. Aldrey sobre a representación das contraccións do galego e recolle algunhas consideracións de Juan Antonio Saco y Arce sobre o tema [probablemente tomadas da súa *Gramática gallega* (1868, vid. *BILEGA* 1019)].

167 (N/05). PANTE, Maria Regina: "O artigo *o* e a sua variante *el* na lexia *El-Rei* em textos medievais portugueses em verso e em prosa", *Philologus*, XI/33, 2005:112-120. | [Ed. en liña n.v.]: [Rio de Janeiro], Círculo Fluminense de Estudos Filológicos e Lingüísticos, [s.d.], <http://www.filologia.org.br/revista/33/08.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M

Estudo do funcionamento do artigo definido e a súa variante *el* diante do substantivo *rei*. Para levalo a cabo realizouse "um levantamento completo das Cantigas de Amigo galego-portuguesas, pertencentes aos séculos XII a XIV, bem como um levantamento parcial de outros textos, pertencentes a séculos posteriores". Os textos galego-portugueses utilizados son as *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses* [ed. de José Joaquim Nunes (1926, vid. *BILEGA* 4944)] e *A Demanda do Santo Graal* [ed. de Augusto Magne (1944, vid. *BILEGA* 2564)]. Os datos mostran que "há uma distribuição complementar

entre ambos [*o* e *el*], independentemente de o substantivo *rei* estar ou não acompanhado de adjetivo qualificador".

168 (R/05). Rodríguez Rodríguez, Manuel: "Declinación gallega", *Galicia-Co*, 2ª época, I/8, 1893:461-469; 2ª época, I/9, 1893:525-528. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo descritivo das preposicións, o artigo e as contraccións, indicando as distintas posibilidades e a súa corrección.

Vid. tamén as entradas 80, 88, 171, 487, 515, 907.

3124 Pronomes

31241 Pronome persoal

169 (N/04). Álvarez Blanco, Rosario: "A posición do pronome átono con infinitivo e xerundio en galego e portugués", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:23-42. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir da análise das gramáticas galegas e portuguesas a autora pretende mostrar que hai casos particulares onde a descrición da posición do pronome con infinitivos e xerundios se leva a cabo cunha enunciación practicamente idéntica, mentres que noutras ocasións amosa interesantes diverxencias entre as dúas linguas. Para o portugués baséase na descrición gramatical feita por un número considerable de autores desde o séc. XIX, mentres que para o galego, dado que a tradición gramatical é máis escasa, opta por proporcionar unha descrición do comportamento do pronome nestas condicións. O traballo limítase á análise da posición cando a forma amodotemporal é núcleo simple dun predicado, tratando en primeiro lugar as cláusulas de infinitivo e xerundio con predicados afirmativos ou negativos que se integran directamente na unidade superior e logo as que se integran por medio dun nexo [Adaptación do libro de resumos do congreso].

170 (N/04). Carbón Rioboó, María Soledad: "O status dos pronomes de solidariedade galegos dentro da teoría da gramática xenerativa de Chomsky", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:43-49. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das funcións da forma dativa *che* como pronome de solidariedade e dativo ético, co obxecto de determinar se os pronomes de solidariedade forman unha subclase dentro da categoría dos dativos éticos ou se, pola contra, se trata de dúas clases de clíticos diferentes. Os resultados sinalan que os dativos de solidariedade, como os dativos éticos, forman unha unidade morfolóxica co núcleo do sintagma ao que pertencen e, por tanto, non ocupan posición de argumento dentro do sintagma. Ademais, os dativos de solidariedade non toman o caso do verbo, como tampouco aceptan duplicación nin movemento do sintagma duplicado fóra da oración e á posición de especificador do nodo C". Por outra banda, a análise dos dativos éticos mostra que estes si poden tomar o caso do verbo e admiten duplicación e movemento á posición de especificador do nodo C". Ante estas diferenzas sintácticas, a autora propón considerar os dativos de solidariedade e os dativos éticos como dúas clases diferentes de clíticos [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

171 (R/04). Dubert García, Francisco: "Achegas para a morfoloxía do pronome acusativo de P3 e do artigo determinado en galego", [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2001], <http://web.usc.es/%7Efgdubert/artigos/artipron.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2007]. | [Nova ed.]: en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:59-69. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise morfolóxica sincrónica das formas do pronome persoal e do artigo determinado *o(s) / a(s)* e as súas variantes, co obxectivo de esclarecer a natureza fonolóxica ou morfolóxica do proceso que conleva o cambio das unidades fonolóxicas /S/ e /R/ por /l/ e de /N/ por /n/ e de ofrecer unha interpretación unitaria destes fenómenos. O autor distingue nas dúas unidades tres alomorfos condicionados fonoloxicamente: *o(s) / a(s)*, *lo(s) / la(s)* e *no(s) / na(s)* e estuda a posible segmentación morfolóxica que lles corresponde en secuencias como *collín a man, cólle-la man, colle-la man, collina, cóllela, collela*, cuxa interpretación morfolóxica debe ser coherente coa que lles corresponde ás secuencias con artigo *collédelos cartos, colleron os cartos* ou con pronome acusativo *collédelos, colléronos*. Defende a existencia de tres alomorfos para cada unha destas unidades, que son seleccionados con criterios fonolóxicos, o que supón argumentar a favor da existencia das terceiras formas tras nasal (*comen o pan, cómeno*). Conclúe que "[a]s denominadas segunda e terceira formas [*lo(s) / la(s)* e *no(s) / na(s)*] agrúpanse coa palabra que

as precede formando unha unidade fonolóxica e, comportándose como sufixos, ocasionan un proceso morfolóxico de subtracción que elimina da palabra precedente o arquifonema que os seleccionou (/R/ e /S/ no caso das 2ªFs e /N/ no caso das 3ªFs). Defendemos que ese arquifonema é borrado da cadea fonolóxica por un proceso morfolóxico e non por unha regra fonolóxica" (p. 69 da nova ed.).

172 (R/05). Eijk, Pim van Der: "A colocação do pronome clítico em portugués", *BmF*, XXXII, 1988-92:27-63. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/32/boletim32.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M

Traballo baseado na memoria de licenciatura do autor, presentada no Departamento de Portugués da Universidade de Utrecht. Estuda algúns aspectos da sintaxe dos clíticos en portugués. O autor desenvolve unha teoría que explica a orde relativa do verbo e das formas clíticas no portugués moderno e no galego-portugués medieval. Os exemplos do galego-portugués están tirados da *Crónica Geral de Espanha de 1344* [ed. de Luís F. Lindley Cintra (v. II, 1954, vid. entrada 976)], da *Crestomatia arcaica* (1906 [3ª ed., 1943], vid. *BILEGA* 4718) de José Joaquim Nunes e dos *Textos arcaicos* (1905 [4ª ed., 1959], vid. *BILEGA* 4674) de José Leite de Vasconcellos. En primeiro lugar, intenta demostrar que a conversión do pronome átono en clítico non é unicamente un fenómeno fonolóxico, senón tamén sintáctico xa que é o contexto sintáctico o que determina se o pronome se xunta ao verbo como proclítico ou como enclítico. A continuación, analiza a orde verbo-clítico como resultado dunha regra sintáctica que desloca o verbo para unha posición anterior ao clítico e explica tamén por que esta regra non se aplica nas oracións subordinadas. Nas últimas seccións estuda, ademais, o comportamento dos clíticos cos verbos en forma finita e infinita, a interpolación de palabras entre clítico e verbo no galego-portugués e a relación entre a adxunción do clítico e a orde de palabras no sintagma verbal [T.A.G.].

173 (R/05). Galanes Santos, Iolanda: "A utilización das formas de tratamento persoal no galego lexislativo e administrativo actual", en Jesús Varela Zapata, J. M. Oro e JoDee Anderson (eds.), *Lengua y sociedad: Lingüística aplicada en la era global y multicultural*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2004:233-245. | [Ed. dix.]: en J. M. Oro, Jesús Varela Zapata e JoDee Anderson (eds.), *La Enseñanza de las Lenguas en una Europa Multicultural: XXI Congreso [de la] Asociación Española de Lingüística Aplicada*, [Santiago de Compostela], Universidad de Santiago, [2005]:569-581, CD-ROM / Formato: PDF (= *Cursos e Congresos*; 146).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estuda a presenza das formas de tratamento que preceden aos nomes das persoas e cargos en documentos administrativos escritos en galego, cunha variedade xurídica en construción, publicados no *Boletín do Parlamento de Galicia* no período 1989-1997. A análise baséase nun corpus de 84 textos non protocolarios, que corresponden a documentos xerados por distintos emisores e que pertencen a dous xéneros: o lexislativo e o administrativo (referidos a tipos de documentación administrativa propiamente dita e á específica da institución parlamentaria); en total, conteñen máis de 56.000 palabras. A autora constata que "a norma para a supresión das formas de tratamento que data de 1986 non se respecta de modo estricto nas propias instancias institucionais e interpretouse o seu mandato

como unha simple recomendación, do mesmo xeito cás normas de estilo dos manuais" (p. 239). Das tres estratexias posibles, no 34'29% dos textos non se utiliza ningunha forma de tratamento como introdución, no 32'86% utilízanse fórmulas neutras como *Señor/Señora*, *Don/Dona* e no 12'86% optouse por tratamentos como *Ilmo.* e *Excmo.*; nun 20% dos textos obsérvanse vacilacións. Para a autora o máis relevante é "que se usan as formas máis protocolarias de modo moi minoritario, o que en proporción acontece en menos dun tercio dos casos" (p. 236). Canto aos tipos de textos, "as formas de tratamento protocolario están completamente erradicadas do xénero lexislativo e normativo [...]. Non acontece o mesmo no plano administrativo, no que se documenta a súa presencia en documentos creados por algúns emisores máis institucionais e tamén pola cidadanía o que supón a repetición dun esquema de discriminación social clásico" (p. 239).

174 (N/05). Martins, Ana Maria: "Clitic Placement, VP-Ellipsis and Scrambling in Romance", en M. Batllori, M.-Ll. Hernanz, C. Picallo e F. Roca (eds.), *Grammaticalization and Parametric Change*, Oxford / New York, Oxford University Press, 2005:175-193. | [Ed. en liña n.v.]: [Lisboa], Universidade de Lisboa, Centro de Linguística, [2006], <http://www.clul.ul.pt/equipa/amartins/Martins_2005_1_artigo.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M

Seguindo os principios teóricos da Gramática Xerativa, analízase a variedade e o cambio a respecto da colocación do clítico, o verbo pronominal elidido e o movemento do obxecto para a posición preverbal (*scrambling*) en cláusulas finitas das linguas romances. Nunha primeira parte, demóstrase que existe unha correlación, tanto diacrónica como sincronicamente, entre a dispoñibilidade do verbo pronominal elidido e a énclise nas cláusulas finitas. Proponse que o verbo pronominal elidido e a énclise emerxe nas linguas romances onde a polaridade da categoría Sigma ten uns trazos fortes, como é o caso do galego e do portugués, polo que se mostran máis conservadoras neste sentido, non estando permitidos onde a categoría Sigma é fraca, caso do castelán, catalán, francés, italiano e romanés. A seguir, aclárase a relación entre a colocación do clítico e o movemento do obxecto para a posición preverbal no período antigo dos romances. Finalmente, realízase unha concisa descrición dos diferentes patróns da colocación dos clíticos nas fases antigas e modernas das linguas romances e proponse unha explicación para a variación sincrónica e diacrónica.

175 (N/04). Pena Romay, Xosé Antonio: "Alternancia en galego dos pronomes átonos de acusativo e dativo en verbos que rexen ámbalas dúas posibilidades", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:129-137. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo descritivo das ocorrencias no territorio lingüístico galego dos pronomes átonos de acusativo e dativo con verbos que admiten os dous réximes. Trátase de exemplos que, malia estaren documentados na lingua oral, non se recollen en ningunha obra publicada á que recorrer para os consultar. O autor intenta determinar as variables que inflúen na escolla dunha ou doutra opción (distribución xeográfica,

idade dos falantes, a súa relación co cheísmo, a súa relación coas propiedades actanciais do verbo, etc.). Divide os verbos transitivos que poden levar un dativo funcionando como CDir en tres grupos: 1) verbos que implican ou expresan sentimentos, sensacións ou impresións do representado polo CDir (*fastidiar, foder, conmover, sorprender, divertir, tranquilizar, intranquilizar, amolar, incomodar, preocupar, asustar, molestar, irritar, anoxar, marabillar, convencer, entusiasmar, ofender, matar (= fastidiar), atraer, afectar, aborrecer, enfastiar, cansar, compracer, satisfacer, beneficiar, encantar, estremecer, apaixonar, aliviar, interesar, alegrar, prexudicar, convencer*); 2) verbos que requiren un actante que ocupe o lugar do que xenericamente se pode entender como Suplemento (*avisar, informar, axudar, ameazar, ensinar, obrigar, obedecer, servir, advertir, atender*); 3) verbos que, presentando na orixe unha estrutura de tres actantes, chegan a prescindir dun deles, que precisamente era o que orixinariamente realizaba a función de CDir (*entender, roubar, golpear, tocar, escoitar, oír, crer, mirar, morder, beliscar, rozar*) [Adaptación do libro de resumos do congreso].

Vid. tamén as entradas 80, 148.

31243 Posesivo

176 (R/05). Meier, Harri: "Sobre expressões de possessividade e a sua história", *BmF*, IX/1, 1948:55-77, 2 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/09/boletim09.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Fai un percorrido pola historia das distintas expresións de posesividade en portugués (artigo definido, dativo simpatético + artigo definido, preposición *de* + pronome e pronomes posesivos), ofrecendo frecuentes comparacións coos usos das demais linguas románicas. Para o galego interesan as p. 63-67, dedicadas ao estudo da evolución dos usos de *seu* / *dele* en textos medievais dos sécs. XII-XIV [100 páxinas da 3ª ed. da *Crestomatia Arcaica* de José Joaquim Nunes (1906, vid. *BILEGA* 4718)]. Na p. 77 inclúe referencia á existencia na lingua med. das formas posesivas *mia, minha, miá, ma, tua, ta, sua, sa*.

177 (R/05). Pensado, José Luis: "Para la historia del posesivo en gallego y portugués: Formas extravagantes", *RFR*, 1, 1983:185-191. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM8383110185A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. E

Estúdase a evolución do posesivo galego-portugués fornecendo información sobre formas diverxentes da evolución xeral: *soba* (por *súa*) [a. 1470], que o autor considera un intento fallido de crear un feminino analóxico do masculino *sou*; *seua* (por *súa*), *seuos* (por *seus*) [a. 1679]; *miño* (por *meu*) [séc. XVI, XVII e XIX]; *milla* (forma desnasalizada de *miña*) [séc. XV].

31244 Indefinido

Vid. a entrada 542.

31245 Numeral

Vid. a entrada 944.

31246 Relativo, interrogativo e exclamativo

Vid. a entrada 1096.

3125 Adverbio

178 (N/05). Álvarez de la Granja, María: "Glosario de locucións adverbiais do galego medieval", *CFG*, 7, 2005:13-40. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_01.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME

A partir dos datos tirados do *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (2006, vid. *BILEGA* 13863), dirixido por Ernesto Xosé González Seoane, e co recurso suplementario ao *TMILG: Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega [Versión 1.0.4]* [entrada 1112], ofrécese un glosario das locucións adverbiais rexistradas polos autores de catorce vocabularios doutras tantas obras galegas medievais [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

179 (N/05). González García, Luís: "Castelán *a hecho*, galego *a eito*: dúas locucións de diferente fortuna", *CFG*, 7, 2005:91-117. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_05.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Investígase a orixe, a documentación histórica e o tratamento na lexicografía das locucións adverbiais cast. *a hecho*, gal. e port. *a eito*. Despois de comprobar a equivalencia das dúas locucións, inténtase determinar as causas da distinta fortuna que cada unha tivo na súa lingua respectiva [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

180 (N/05). Pante, Maria Regina: "Pronomes adverbiais *u* e *onde* nas cantigas de amigo galego-portuguesas - Trajetória de uma gramaticalização", [Ed. en liña n.v.]: *Cadernos do CNLF*, IX/15 [= *IX Congresso Nacional de Lingüística e Filologia: Em homenagem a Said Ali (22 a 26 de agosto*

de 2005)], 2005:163-170, <http://www.filologia.org.br/ixcnlf/15/15.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 19/01/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Examina as ocorrencias dos pronomes adverbiais *u* < *UBI* e *onde* < *UNDE* nas cantigas de amigo galego-portuguesas, coa intención de apuntar a súa distribución complementaria e mais o inicio da gramaticalización do pronome *onde* nun período lingüístico en que *u* aínda non desaparecera completamente.

181 (N/04). Pérez Sardiña, Xosé Manuel: "Os sistemas adverbiais referentes xerados sobre as bases léxicas *riba* e *baixo* en Irís (Cabanas - A Coruña)", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:375-382. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Procúrase adecuar as distintas formas adverbiais que indican situación no plano vertical aos trazos semánticos de situación (contigua e non contigua) e de movemento. Os datos foron recollidos nunha serie de gravacións realizadas na parroquia de Irís (Cabana, CO) a xente de entre 40 e 90 anos. Xunto a esta adecuación, vanse determinando os usos que amosa cada informante e, por súa vez, configúranse dous sistemas: o primeiro, máis común, caracterizado pola distinción entre a forma que designa a situación non continua (*embaixo*) e a que designa movemento (*abaixo*), e o segundo pola concentración de ambas as designacións nunha soa base léxica (*abaixo*) [Adaptación do libro de resumos do congreso].

Vid. tamén as entradas 204, 238, 912.

3126 Preposición

182 (N/04). Guérbek, Ekaterina E.: "Algunhas peculiaridades do uso de preposicións e frases prepositivas no galego (comparado co castelán)", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:101-117. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase o funcionamento das preposicións e frases prepositivas con significado prelocativo e poslocativo en textos galegos modernos e na fala dos nenos, o que lle permite á autora descubrir unha serie de discrepancias entre o galego e o castelán. Conclúe que o uso actual en galego se caracteriza

polas seguintes tendencias: a) a expansión dos fenómenos que se consideran no castelán como arcaicos ou vulgares (dialectais), o cal é característico das linguas da zona marxinal; b) unha notable variabilidade formal e unha máis intensa penetración dos elementos coloquiais na lingua literaria en comparación co castelán [Adaptación do libro de resumos do congreso].

183 (R/05). Viaro, Mário Eduardo: "A Third Hypothesis for the Etymology of Portuguese *até*", *Revista do GEL*, 1, 2004:91-100. | [Ed. en liña n.v.]: [São Paulo], Universidade de São Paulo, Grupo de Morfologia Histórica do Português, [2005], <http://www.usp.br/gmhp/publ/Via26.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 06/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Volve sobre o problema da orixe da preposición port. *até* [gal. *até / ata*], cast. *hasta*, que xa abordara nun traballo anterior ["Sobre a presença de *TENVS* no Ibero-romance" (1995, vid. *BILEGA* 11966)]. Fronte ás dúas hipóteses habituais para explicar a orixe desta preposición (a que lle atribúe orixe árabe e a que a fai proceder do lat. **AD TENUS*), o autor presenta unha terceira segundo a cal sería continuación do lat. *INTRO / INTRA*. Esta nova hipótese -na súa opinión- ten unha maior distribución entre as linguas románicas e, ademais, resolve algunhas irregularidades fonéticas presentes nas dúas primeiras. Para a súa xustificación achega bastantes datos do galego-portugués medieval, sobre todo das *Cantigas de Santa María*.

Vid. tamén as entradas 168, 182, 887, 907.

3127 Conxunción

184 (N/05). Freixeiro Mato, Xosé Ramón: "Mudanzas e interferencia no sistema de conectores concesivos do galego escrito moderno", *RGaF*, 6, 2005:169-180.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

No galego escrito moderno producíronse diferentes mudanzas no ámbito dos conectores contraargumentativos de carácter concesivo. En canto que uns foron ficando como arcaísmos ou mesmo desapareceron, outros xurdiron e estenderon o seu uso escrito nos últimos séculos, destacando a irrupción da forma *malia (que)* con grande forza no século precedente. Así mesmo, ao lado do conector concesivo prototípico desde a época medieval *aínda que*, apareceu modernamente *anque*, tamén con grande vigor na lingua oral e escrita. O autor pensa que nesta e noutras formas que examina no traballo non resulta difícil achar sospeitas de interferencia do castelán [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

185 (N/04). Longhin-Thomazi, Sanderléia Roberta: "Considerações sobre gramaticalização de perífrases conjuncionais de base adverbial", *Veredas-UFJF*, 8/1-2, 2004:215-232. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Juiz de Fora, Universidade Federal de Juiz de Fora, Programa de Pós-Graduação em Lingüística, [2006], <http://www.revistaveredas.ufjf.br/volumes/14_15/cap14.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/11/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Estudo do proceso histórico de constitución de tres locucións conxuntivas de base adverbial (*ainda que*, *logo que* e *já que*), prestando atención aos cambios de significado que sufriron no portugués e aos contextos que favoreceron esas mudanzas [Adaptación do resumo que aparece na publicación] | Índice: Introdução | 1 O sistema conjuncional do português | 1.1 Um pouco de história | 1.2 As estratégias de "reposição" do português | 1.3 As perífrases conjuncionais | 2 Gramaticalização de conjunções | 2.1 O modelo de Heine e colaboradores (1991) | 2.2 O modelo de Traugott (1982, 1999) e Traugott e König (1991) | 3 Processo histórico de constituição das perífrases | 3.1 A perífrase *ainda que* | 3.1.1 Funcionamento | 3.1.2 A história de *ainda que* | 3.2 A perífrase *logo que* | 3.2.1 Funcionamento | 3.2.2 A história de *logo que* | 3.3 A perífrase *já que* | 3.3.1 Funcionamento | 3.3.2 A história de *já que* | Conclusão.

186 (R/05). Stempel, Wolf-Dieter: "Para o estudo da conjunção *e* na prosa narrativa do português medieval", *BmF*, XVIII [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica, (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, I], 1959:229-242. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/18/boletim18.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor constata que na prosa historiográfica portuguesa medieval era moito máis frecuente o polisíndeto coa conxunción *e* do que na lingua actual e que este fenómeno se presentaba tanto na ordenación de oracións co mesmo suxeito como na ordenación de oracións con suxeitos diferentes. Apunta que este fenómeno pode deberse á influencia do estilo bíblico (onde o polisíndeto é moi frecuente) e tamén que a extensión do asíndeto pode deberse á influencia da lingua popular sobre a culta. O estudo está baseado en datos tirados dos seguintes textos do período galego-portugués (ademais doutros textos portugueses posteriores): *Demanda do Santo Graal* [ed. de Augusto Magne (1944, vid. *BILEGA* 2564)] e *Crónica Geral de Espanha de 1344* [ed. de Luís F. Lindley Cintra (v. II, 1954, vid. entrada 976)] [T.A.G.].

Vid. tamén as entradas 239, 892.

3128 Verbo

187 (N/05). Álvarez Blanco, Rosario / Xove Ferreiro, Xosé: "Alternancia vocálica en verbos do tipo *servir* no galego medieval", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:19-40 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. ME

Estudo das formas que presentan no dominio galego entre os séculos XIII e XV os verbos máis característicos da terceira conxugación de vogal radical anterior (*ferir*, *medir*, *mentir*, *pedir*, *seguir*, *sentir*, *servir*, *vestir* e derivados deles), Máis concretamente, os autores concéntranse nas formas da P2, P3 e P6 do presente de indicativo, examinando un amplo corpus de textos de prosa medieval (vid. índice final

de identificadores) co fin de establecer en que medida compartían conxugación e en que medida esta se mantivo ao longo do tempo e da xeografía galega.

188 (N/04). Bomfim, Eneida do Rego Monteiro: "Notas para um estudo das formas oriundas de *SEDERE* no português arcaico", *Semear*, 9, 2004:9-25. | [Ed. en liña n.v.]: [Rio de Janeiro, RJ], Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro, [s.d.], <http://www.letras.puc-rio.br/Catedra/revista/semiar_9.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 28/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M

Estúdase a oposición entre os verbos *ser* e *estar* no portugués moderno, a existencia dun paradigma de formas derivadas de *SEDERE* co significado de «estar sentado» ou «estar» no séc. XIV, a indefinición do límite semántico entre *ser* e *estar* no portugués arcaico e a gama de sentidos asumidos por estes verbos en etapas anteriores do portugués. A metodoloxía adoptada parte da observación da lingua moderna como apoio para comparala cos feitos de etapas máis antigas (sécs. XIII e XIV). O corpus empregado para o estudo inclúe as seguintes obras do período galego-portugués: *Demanda do Santo Graal* e *Livro de linhagens*. Conclúese que "o sistema do verbo derivado de *SEDERE* não apenas persistiu, no século XIV, mas alcançou o século XV e, ainda nesse século, sofreu um enfraquecimento gradativo até desaparecer" (p. 24).

189 (N/04). García Represas, Delio: "Formas compostas no verbo galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:71-99. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ponse en dúbida a hipótese de que o sistema verbal do galego moderno careza de formas compostas, tomando como base o funcionamento das unidades *hei (de) andar*, *había (de) andar* e *ter andado*. Co fin de comprobar cales son as posibilidades expresivo-significativas de que un falante pode botar man cando está a designar un proceso, faise un repaso dos valores das formas verbais que leva ao autor a concluír que as formas sinaladas se deben ter en conta "cando se expliciten os paradigmas de flexión verbal" (p. 95) [Adaptación do libro de resumos do congreso].

190 (N/05). Gonçalves, Maria Fernanda Moreira: "Morfologia verbal do galego-português: heteronímia do verbo *seer*", en Miguel Gonçalves, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins e Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e humanismo: Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*, I, Braga, Universidade Católica Portuguesa, Faculdade de Filosofia, ALETHEIA - Associação Cultural e Científica, 2005:373-382.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA

Reconstrución e análise sincrónico-descritiva dos paradigmas de perfecto e non perfecto do verbo *seer* na fase galego-portuguesa medieval (dende comezos do séc. XIII ata mediados do séc. XIV). Trátase dun verbo que amosa un gran interese porque é o resultado da fusión de dous verbos latinos

(*ESSERE* e *SEDERE*). A reconstrución dos paradigmas do non perfecto e do perfecto revela que as formas dominantes son as que proveñen de *ESSE* (*sõo, somos, eras, fuy, fôrades, fordes*), sendo minoritarias as continuadoras de *SEDERE* (*sejo, sees, siia, siian, sêvi, seviste, severa, sevesse*). A análise dos textos da época permite comprobar que as formas provenientes de *SEDERE* se achan en documentos de natureza diversa, malia rexistrarse un maior número de ocorrencias en composicións poéticas trobadorescas. En termos cronolóxicos, as formas recollidas están documentadas esencialmente en textos pertencentes ao séc. XIII. Na primeira metade do séc. XIV, a ocorrencia deste tipo de formas tórnase aínda máis rara, amosando deste xeito a progresiva substitución destas polas formas continuadoras do verbo latino *ESSE* [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

191 (R/05). Hampejs, Zdenek: "Alguns problemas do infinito conjugado no português", *BmF*, XVIII [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, I], 1959:177-194. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/18/boletim18.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. portugués | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c

O autor defende o uso do termo *infinitivo conxugado* fronte a *infinitivo persoal* ou *flexionado*: non se pode falar de infinitivo conxugado cando se trata da P1 da P3 (só existe na P2 e nas P4, P5 e P6). Pon en dúbida que a súa orixe haxa que buscala no imperfecto de subxuntivo latino e reclama maior atención para a súa xénese, para o futuro de subxuntivo e para as relacións sintácticas en que entra. Ocúpase, finalmente, do lugar que ocupa o infinitivo conxugado no sistema verbal do portugués.

192-1 (R/04). Marco, Bárbara de: "Verbal Locutions: Their Function in Medieval Miracle Tales", *RPh*, XLVIII/4, 1995:416-441. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. M | 5. lingua escrita: lingua literaria

Traballo centrado no estudo das locucións verbais como recurso estilístico nas *Cantigas de Santa María*. Agrúpanse estas locucións en dúas estructuras tipo: 1) O verbo como parte dunha frase preposicional (*aver en temor*, *caer en desesperança*, *dar por conssello*); 2) O verbo como complemento do auxiliar (*aver creença*, *dar contenda*, *fazer demorança*). Analízanse as locucións verbais do segundo tipo, limitándose ás formadas cos verbos continuadores dos lat. *FACERE* e *DARE*. Finalmente analízase a relación entre estas locucións e a rima, concluíndo que as locucións verbais non poden ser excluídas do estudo das perífrases, dadas as semellanzas entre elas.

192-2 (N/05). Maschi, Roberta: *Processi analogici e naturalezza nella morfologia verbale romanza*, Tesi di Dottorato, Università degli Studi di Padova, Dipartamento di Discipline Linguistiche, Comunicative e dello Spettacolo, 2005, 163 p. | Inédita.

1. investigación | 2. ámb. xeral/panrománico | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diatópica

Estudo da morfoloxía verbal das linguas romances (entre as que se acha o galego, para o que se consultaron os datos do *ALGa*), caracterizada en moitos casos pola irregularidade. A análise diacrónica

desta irregularidade revela que as súas causas se deben ben á evolución fonética do protorromance ben á actuación analóxica, non motivable etimoloxicamente. A autora analiza a posible lóxica existente nas analoxías, xa que dese xeito se poderán comprender os mecanismos da analoxía e poñer orde no aparente caos da morfoloxía verbal romance.

193 (N/05). Moscoso Mato, Eduardo: "Perífrases de infinitivo con *aver* e *ter* no galego medieval", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:239-252 (= *Homenaxes*).

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. me | 5. lingua escrita: lingua literaria, inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Descrición do funcionamento no galego medieval dos verbos *aver* e *ter* como auxiliares en perífrases de infinitivo, a partir dos datos tirados dun amplo corpus de obras medievais, tanto literarias como de prosa notarial (vid. índice final de identificadores). O autor chega ás seguintes conclusións: 1) Na lingua galega medieval existen numerosas perífrases de infinitivo auxiliadas por *aver* que poden presentar contidos de futuridade ou de obrigatoriedade; as que presentan *ter* como auxiliar son escasas e só se usan para indicar obrigatoriedade; 2) No *Cancioneiro da Ajuda* é onde hai unha maior ocorrencia deste tipo de construcións; 3) Os casos máis numerosos son os que presentan *de* como elemento de unión e os menos frecuentes son os construídos con *a* ou sen preposición.

194 (N/05). Oliveira, Mariana Fagundes de: "A voz passiva no período arcaico do português e começos do moderno", en Célia Marques Telles e Risonete Batista Souza (orgs.), *Anais do V Encontro Internacional de Estudos Medievais (2 a 4 de Julho de 2003)*, Salvador, BA, Quarteto, 2005:420-425. | [Ed. en liña n.v.]: [Salvador, BA], Universidade Federal da Bahia, Instituto de Letras, [s.d.], <http://www.prohpor.ufba.br/voz_passiva_periodo_arcaico.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 28/06/2007].

1. investigación | 2. ámb. portugués | 3. diacrónico | 4. m | 5. lingua escrita: lingua literaria, inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Análise da tipoloxía e frecuencia de uso das construcións empregadas para expresar a voz pasiva no período arcaico do portugués e comezos do período moderno (sécs. XIII-XVI). Os datos que serviron de base ao estudo proceden dun corpus textual que inclúe, entre outros, os seguintes textos do período galego-portugués: o sirventés B 1330bis / V 937 (Inc.: *Ora faz ost' o senhor de Navarra*) do trobador portugués Johan Soarez de Pávia, o *Testamento de Afonso II* e o *Livro de linhagens do Conde D. Pedro*. Ofrécense datos cuantitativos a respecto do número de ocorrencias dos distintos tipos de construcións pasivas en cada unha das obras e exemplos de uso. Como principais diferenzas entre os dous períodos sinálanse as seguintes: 1) A voz pasiva nominal era a máis empregada no portugués, mentres que nos comezos do portugués moderno o tipo máis difundido é a voz pasiva pronominal; 2) No portugués arcaico a preposición introdutoria do axente da pasiva é *por*, mentres que no portugués moderno úsanse *por* e *de*; 3) Mentres no período arcaico non se rexistra ningunha variación na concordancia verbo-nominal na voz pasiva pronominal, nos comezos do portugués moderno xa se achan algúns casos, como reinterpretación do *se* apasivador que funciona como índice de indeterminación do suxeito.

195 (R/05). Rodríguez Rodríguez, Manuel: "Declinación gallega. Romanceo del verbo", *Galicia-Co*, 2ª época, I/6, 1892:335-345. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Estudo da morfoloxía verbal desde un punto de vista diacrónico. Comeza analizando a adaptación das catro conxugacións latinas aos romances e logo céntrase no galego, analizando individualmente cada un dos tempos.

196 (R/05). Soto Andión, Xosé: "Algunhas construccións co verbo *ir* en galego", *Madrygal*, 5, 2002:97-107. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0202110097A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbense construcións de carácter intransitivo, tiradas da lingua oral, nas que participa o verbo *ir* como eixo da predicación e que o autor escolleu como as máis representativas. Comprobouse que, segundo os trazos semántico-sintácticos dos diversos argumentos seleccionados por unha estrutura dada, o verbo *ir* adquire contidos distintos e orixina esquemas sintácticos e semánticos variados. Os esquemas prototípicos son os que presentan as funcións sintácticas suxeito-predicado-complemento prepositivo e suxeito-predicado-complemento circunstancial coas funcións semánticas axente-movemento-obxectivo mais todas as súas potenciais variantes. Os valores aspectuais máis comúns son os de dinamicidade, ben sexa física ou nocional, e telicidade ou atelicidade segundo a estrutura de que se trate. O suxeito adoita estar implícito e ser de tipo humano, controlando a acción. O complemento preséntase xeralmente como obrigatorio, conformado por unha frase preposicional e habitualmente situado despois do predicado na orde non marcada, podendo existir outros argumentos opcionais, preferentemente frases adxectivas e adverbiais que non modifican o esquema básico establecido [Adaptado do resumo que aparece na publicación].

Recs.: *LLBA*, 37, 2003:[200306614].

197 (N/05). Soto Andión, Xosé: "Construcións intransitivas de actitude e conduta en galego", *VR*, 64, 2005:171-202.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA PRENSA)

Detallado estudo de orientación funcionalista sobre algunhas estruturas intransitivas prototípicas que designan actitude e conduta no galego actual, a partir de datos tirados da lingua escrita (textos literarios, prensa e revistas, dicionarios) e da lingua oral. En primeiro lugar, o autor define e caracteriza a noción de *intransitividade*, a que construcións a aplica e en que medida distingue *verbos* de *construcións*. A seguir, aborda brevemente os conceptos de actitude e conduta e esquematiza a análise que leva a cabo das construcións intransitivas do corpus. Aínda que a descrición toma como punto de partida

o verbo que funciona como predicado, a análise céntrase na construción, pois é nela onde moitos dos verbos examinados adquiren valores de actitude e conduta, e entrelaza a semántica, a sintaxe e o léxico. As construcións analizadas inclúen os seguintes verbos: *abandonarse, andar, abraiar, abrirse, actuar, adoecer, devecer, aferrarse, apoucar, arranxarse, conformarse, arriscarse, atreverse, asubiar, baixarse, calar, campar, comportarse, confiar, (des)confiar, recear, comprometerse, convir, desistir, dispoñerse, erguerse, arrepoñerse, enfadarse, espertar, gurrar, importarse, interesarse, insistir, martelar, teimar, loitar, manifestarse, manterse, mentir, matarse, medirse, negarse, nifrar, obedecer, opoñerse, pasar, prestarse, renegar, renunciar, resignarse, responder, rirse, burlarse, rosmar, teimar, tropezar, vacilar, dubidar, xogar*. Para rematar tíranse unhas conclusións que, xunto cos datos expostos ao longo do traballo, abren a posibilidade de novas investigacións que comparen e contrasten o comportamento do galego neste terreo co doutros sistemas e linguas romances [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

198 (R/04). Sousa Fernández, Xulio C.: "Graos de gramaticalización de dúas construccións con infinitivo na lingua medieval: *enviar* + infinitivo e *mandar* + infinitivo", en Ramón Lorenzo (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, [Promovida pola] Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2002:291-301 (= *Homenaxes*). | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2004], <http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Gramaticalizaci%F3n%20enviar-mandar.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/07/2004].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. me | 5. lingua escrita: lingua literaria, inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Estudo das construcións *mandar* + *infinitivo* e *enviar* + *infinitivo* en textos do período medieval (sécs. XIII-XV) para establecer o grao de auxiliación dos dous verbos. O autor baséase nos principios teóricos da análise da gramaticalización de Bernd Heine (*Auxiliaries: Cognitive Forces and Grammaticalization*, New York, Oxford University Press, 1993), Paul J. Hopper e Elizabeth Closs Traugott (*Grammatizalization*, Cambridge, Cambridge University Press, 1993), Talmy Givon (*Funcionalism and Grammar*, Amsterdam, John Benjamins, 1995) e Marleen Haboud ("Grammaticalization, Clause Union and Grammatical Relations in Ecuatoriam Higlang Spanish", en T. Givon (ed.), *Grammatical Relations: A Funcionalist Perspective*, Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 1997:199-231) e conclúe que *mandar* amosa aínda as características dun verbo pleno, mentres que *enviar* funciona nalgunhas combinacións como auxiliar, debido a que os verbos de movemento son propicios para exercer como auxiliares; pero, ademais, *mandar* aparece asociado a verbos de fala, de orde, mentres que *enviar* non. O corpus utilizado inclúe, entre outras, as seguintes obras: *Cantigas de Santa María* [ed. de Walter Mettmann (1959-72, vid. *BILEGA* 447)], *Miragres de Santiago* [ed. de José Luis Pensado (1958, vid. *BILEGA* 3236)], *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)], *Colección diplomática del Monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia* (1987, vid. *BILEGA* 8477) e *La traducción gallega de la Crónica General y la Crónica de Castilla* [ed. de Ramón Lorenzo (1965, vid. *BILEGA* 368)].

199 (R/04). Sousa Fernández, Xulio C.: "O verbo *enviar* en construccións con infinitivo nos textos medievais galegos", en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, *I. Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*, [Promovida polo] Departamento de Filoloxía Galega, [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1999:979-988 (= *Homenaxes*). | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de

Santiago, Páxina persoal do autor, [2004], <http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Enviar+inf.%20en%20textos%20medievais%20galegos.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Tras revisar moi brevemente os estudos anteriores sobre esta estrutura en galego medieval, portugués e castelán, analiza as 400 ocorrencias da mesma en sete textos galegos de distintos xéneros datados entre os sécs. XIII e XV. Esta análise permite chegar ás seguintes conclusións: 1) esta construción aparece nos textos temperás e nos máis tardíos e con maior frecuencia na literatura ca nos textos notariais; 2) pode ir seguida dunha frase preposicional coa que se indica o intermediario e este nunca funciona como suxeito do infinitivo; 3) os complementos dependentes da construción, agás o suxeito, están rexidos polas esixencias argumentais do infinitivo; 4) o significado de movemento orixinario está esvaído. *Enviar* utilízase para indicar que a acción expresada polo infinitivo se realiza a través dun intermediario; 5) a construción *enviar* + *infinitivo* non pode ser incluída na clase dos verbos causativos, en contra do que sosteñen algúns autores; 6) non existe unha unidade de complementación alternativa á oración de infinitivo co verbo *enviar* co significado que ten nesta construción (fronte ao que acontece con outros verbos que adoitan ser incluídos no mesmo grupo que *enviar* na bibliografía lingüística).

200 (N/05). Vaz, Carla Abreu: "*Condicional* e *Imperfeito*. Breve percurso por fragmentos da literatura portuguesa do século XIII ao século XX", *Diacrítica*, 19/1, 2005:281-315.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise das concorrencias do pospretérito e do copretérito e das consecuencias semánticas derivadas da escolla entre estas dúas formas verbais ao longo da historia da lingua portuguesa. A autora trata de determinar se sempre existe elección libre entre unha e outra en todos os contextos ou se é precisamente o contexto o que determina a escolla entre elas. Os exemplos proceden de textos fundamentalmente literarios que abranguen desde o séc. XIII ao XX, tirados do CD-ROM *Biblioteca Virtual de Autores Portugueses* (Lisboa, Biblioteca Nacional, 1998) e do *CIPM: Corpus Informatizado do Português Medieval* [entrada 1113]. O estudo permite constatar que xa desde o séc. XIII existe "oscilação entre o uso das formas de *condicional* e de *imperfeito*" (p. 312) e é posible "substituir a forma de *condicional* pela forma de *imperfeito* sem que o sentido e significado dos enunciados sejam, substancialmente, afectados; o contrário, no entanto, nem sempre será possíbel" (p. 313). A causa pola cal o copretérito pode substituír o pospretérito e non ao contrario quizais sexa que o primeiro presenta o valor de pasado mais non o de posterioridade. E "[t]alvez por este motivo possamos explicar a própria oscilação na escolha entre uma forma e outra. Devemos, em nosso entender, considerar o princípio da economia da língua, subjacente aos sistemas lingüísticos, e perceber que escolhendo o *imperfeito* em detrimento do *condicional* economizase un monema, rendibilizando, assim, os usos da língua em cada acto comunicativo" (p. 313).

Vid. tamén as entradas 98, 104-2, 130, 143, 169, 175, 189, 209, 216, 217, 218, 219, 220, 222, 235, 295, 523, 764, 883, 893, 895, 897, 898-2, 899, 900, 902, 903, 904, 906, 909, 910, 911, 913.

32 Sintaxe

201 (N/05). Cidrás Escáneo, Francisco Antonio: "A sintaxe na gramática: problemas de descrición e problemas de prescrición", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:335-357 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Na primeira parte, o autor analiza retrospectivamente o tratamento dado á sintaxe nas gramáticas tradicionais do galego moderno. Na segunda parte desenvolve "algunhas reflexións prospectivas acerca do xeito como debe ser tratada esta compoñente nunha gramática de hoxe en día, nomeadamente na dinámica da tensión entre descrición (da variación) e prescrición (dun código común)" (p. 354), "tomando como base ilustrativa construcións sintácticas inestables, que amosan variación por mor de mudanzas en curso, e que nos serven para testar problemas no seu tratamento descritivo e prescritivo" (p. 355). Os fenómenos que aduce como ilustración son os seguintes: 1) uso da prep. *a* con CDir; 2) as construcións pronominais co clítico *se*; 3) a concordancia. Resume as reflexións anteriores nestas dúas consideracións moi pertinentes: 1) "Fronte ás descricións construídas demasiado a rentes dos feitos mesmos que se queren reflectir, describir algo en gramática debe (aspirar a) consistir en explicar como funciona ese algo. A descrición dun fenómeno variacional ten que dar conta das pautas, ás veces complexas e abstractas, en virtude das cales o falante debe decidir, e non limitarse a organizar unha casuística de prolixas regras de diveso rango" (ibid.); 2) "O prescritivismo gramatical é unha concesión pragmática pola que, excepcionalmente, a diversidade se subordina á necesidade uniformadora do estándar. Fronte ao que ocorre na morfoloxía ou na ortografía, a presión prescritivista en sintaxe é polo xeral feble e a concorrencia de estruturas non se percibe como un perigo. O prescritivismo en sintaxe debe ter, por tanto, un carácter minimalista, fedatario e, en todo caso, moderadamente correctivo. Paréceme inadecuada a tendencia ao prescritivismo sistemático e proactivo" (ibid.).

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [229-230] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

Vid. tamén a entrada 762.

321 Concordancia e orde de palabras

202 (N/05). Oliveira, Marco Antônio: "Nem tudo que reluz é ouro: língua escrita e mudança lingüística", *Scripta*, 8/16, 2005:165-175. | [Ed. en liña n.v.]: [Belo Horizonte], Pontifícia Universidade Católica de Minas Gerais, Programa de Pós-graduação em Letras, [2005], <http://www.ich.pucminas.br/posletras/Producao%20docente/Marco%20Antonio/Nem%20tudo%20

que%20reluz%20e%20ouro%20-%20Lingua%20escrita%20e%20mudanca%20linguistica%20_%202005.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 27/11/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Abórdase o problema da utilización de textos escritos na investigación sobre a mudanza lingüística. O autor cre que, unha vez que a lingua falada e a lingua escrita deixan, moitas veces, de presentar correspondencias estruturais perfectas, non se pode usar calquera dato da lingua escrita como proba no estudo das mudanzas ocorridas nos diferentes estadios da lingua. A seguir, ofrece criterios para separar os datos útiles dos que non deben ser utilizados, para o que se basea en dous principios básicos: "nem tudo aquilo que se escreve se fala" e "algumas coisas que são escritas são também faladas". Discute este problema con referencia a un caso de mudanza sintáctica que implica a orde dos constituíntes da oración [suxeito (S), verbo (V) e obxecto (O)], tomando como fonte cinco textos dos sécs. XII-XIV: *Foral da Guarda* (a. 1273-1282), *Testamento de Afonso II* (a. 1214), *A Dama Pé-de-Cabra*, *A Lenda do Rei Lear* e *D. Afonso Henriques* (conforme versións recollidas na *Crestomatia arcaica* de Manuel Rodrigues Lapa (1940, vid. *BILEGA* 4671); os tres últimos forman parte do IV dos *Livros de linhagens* (ca. 1340) (2006, vid. *BILEGA* 14516), atribuído a Pedro de Portugal. Desta pesquisa tira as seguintes ordes: S-V-O, S-O-V, V-S-O, V-O-S, O-V-S, O-S-V, das que dúas (V-O-S e O-S-V) non farían parte, da lingua falada. Segundo a utilización que nas fontes documentais se fai destas dúas últimas ordes, "ela parece sugerir que a utilização das ordens VOS e OSV depende do autor do texto escrito, e não do falante da língua, podendo ser consideradas, portanto, como sendo um recurso da escrita" (s.p.). Conclúe que na investigación sobre mudanza lingüística só deben ser utilizados como proba aqueles datos cuantitativamente significativos e que "decorrerem de uma teoria lingüística (da língua falada) que tenha alcançado um nível explicativo (e não apenas os níveis observacional e descritivo)" (s.p.). Neste sentido, e en relación coa pesquisa sintáctica que nos ocupa, indica que non se pode afirmar que o galego-portugués tivera seis ordes sintácticas respecto ao suxeito, verbo e obxecto, senón que esas ordes son as que aparecen nos textos escritos neste período lingüístico.

203 (N/05). Souza, Pedro Daniel dos Santos: *A variação na concordância verbal na primeira fase do período arcaico da língua portuguesa: séculos XIII-XIV*, Dissertação de Mestrado em Letras e Lingüística, Universidade Federal da Bahia, 2005. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M

Vid. tamén a entrada 235.

322 A frase

204 (R/05). Arias-Cachero Cabal, Álvaro: "Enunciados frásticos y oracionales con el adverbio /ú/ en gallego y asturiano", *RFR*, 13, 1996:345-369. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/

revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9696110345A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo contrastivo no que se trata de determinar o carácter das construcións interrogativas do galego e do asturiano que aparecen introducidas polo elemento tónico *ú* e que se consideran como enunciados frásticos (mensaxes autónomas e comunicativamente adecuadas, mais sen verbo) ou oracionais (mensaxes cun núcleo verbal). Se ben ambas as linguas comparten a posibilidade de poderen construír enunciados interrogativos frásticos encabezados por esta partícula interrogativa (gal. *U-la casa?*, *U-lo boneco?*; ast. *¿Ú la casa?*, *¿Ú'l muñecu?*), no galego resultan agramaticais certas construcións oracionais que en asturiano son posibles e nas cales a devandita partícula interrogativa vai acompañada das preposicións *a*, *de* e *per* (ast. *¿Aú taben los neños?*, *¿D'ú vienes tan ceu?*, *¿Per ú pasasti pa que nun te vieran?*).

205 (N/04). Rodís Martínez, María Xesús: "Usos da aposición na prensa actual: a función retórica", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:157-173. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA PRENSA)

Estúdase a aposición na prensa actual desde unha perspectiva retórica. Os textos en que se basea o traballo proceden das páxinas de opinión de *O Correo Galego* e das páxinas en galego de *La Voz de Galicia*. A intención da autora non é estudar todas as aposicións que aparecen na prensa, senón tan só mostrar a raíz retórica dalgunhas delas. Os exemplos extraídos do campo xornalístico son unha boa mostra de que os temas principais da retórica clásica manteñen a súa vixencia no uso da lingua actual. Lonxe da idea da retórica como estudo dos tropos, cunha función meramente instrumental-ornamental, na actualidade os estudos pragmáticos volven a descubrir o verdadeiro valor desta disciplina: a rétórica como teoría do discurso persuasivo, concibida como práctica e técnica comunicativa. A actividade retórica, no que concerne aos aspectos lingüísticos das súas producións, desenvólvese a miúdo no eixo da amplificación, incluíndo todos os procedementos que teñen como función un incremento xeral de información lingüística. Neste sentido, a aposición maniféstase como un mecanismo privilexiado nos textos estudados. Conclúese que, pola súa finalidade, os usos retóricos da aposición na prensa responden a dous obxectivos: a) a elección das cualificacións dos individuos ou feitos nomeados; b) lograr os efectos da presenza mediante os cales, principalmente a través da repetición, se pretende influír psicoloxicamente nos lectores [Adaptación do libro de resumos do congreso].

Vid. tamén as entradas 165, 207, 236, 541.

323 A oración

3231 A oración simple

32311 Estrato sintáctico

206 (N/05). López Martínez, María Sol: "O complemento directo con preposición *a* no galego e no portugués medievais", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:179-190 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo contrastivo do emprego da preposición *a* co CDir en dous textos medievais: o galego *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* [ed. de Ramón Lorenzo (1965, vid. *BILEGA* 368)] e o portugués *Crónica Geral de Espanha de 1344* [ed. de Luís Filipe Lindley Cintra (1951-1990, vid. entrada 976)]. A autora describe os contextos en que se emprega a preposición diante do CDir e explica os condicionamentos que actúan en cada lingua para empregala ou non. Os datos permiten concluír que o emprego da preposición en ambos os textos presenta diferenzas importantes, pois dun total de 431 exemplos comúns aos dous, o galego usa a preposición en 99 casos e o portugués en 25, sendo máis frecuente a súa aparición como marca de CDir con pronomes, nomes propios e nomes comúns con referente de persoa.

207 (R/05). Mosquera, Ana: "Algunhas notas da valencia de *medo*", *Madrygal*, 2, 1999:109-114. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR9999110109hA.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A valencia do substantivo *medo* pode estudarse, segundo a autora, desde dúas perpectivas: 1) atendendo á súa condición de núcleo sintagmático, e 2) analizando a súa inclusión nunha unidade superior na que desempeña unha determinada función sintáctica. O traballo esboza as cuestións máis importantes que hai que considerar nesta dupla análise.

208 (N/04). Pino Serrano, Laura: "O complemento de obxecto directo. Estudio comparativo. Estudio especial dos complementos de medida", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:139-147. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise contrastiva da delimitación do complemento directo en galego, castelán e francés. Comézase definindo e caracterizando esta función sintáctica para, a seguir, centrarse na problemática das interferencias que presenta coas restantes (suxeito, complemento indirecto, circunstancial, etc.). Téntase demostrar que, mentres o galego e o castelán amosan máis ambigüidade na diferenciación entre complemento directo / indirecto, no francés, pola contra, a fronteira máis difusa é a que se dá na distinción entre complemento directo / circunstancial [Adaptación do libro de resumos do congreso].

209 (N/05). Rodríguez Espiñeira, María José: "Predicacións secundarias con predicados cognitivos", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:447-456 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A autora parte da comparación dos tres esquemas sintácticos con que aparecen moitos predicados de carácter cognitivo en galego moderno: a) con obxecto nominal (*Notei o roce*); b) con obxecto en forma de cláusula conxugada (*Notei que Brais estaba acougado*); c) con combinación de obxecto e predicación secundaria (*Notei a Brais acougado*). O obxectivo do estudo é analizar este último esquema para tentar dilucidar se é asimilable ao esquema con cláusula conxugada. A autora trata de probar: 1) que os esquemas con predicativo resultan dun cruce sintáctico ou amalgama (*blend*) entre os outros dous esquemas; 2) que posúen un significado específico (a expresión de experiencias directas e subxectivas dos suxeitos, por oposición ao formato conxugado, que tende a expresar evidencia indirecta); 3) que sintáctica e discursivamente os sintagmas que funcionan como obxectos soporte dun predicativo son máis prominentes que se aparecen como suxeitos das cláusulas conxugadas. Os exemplos manexados están tirados de dicionarios e do *TILG: Tesouro Informatizado da Lingua galega* [entrada 391] [A.].

210 (N/05). Sánchez Rei, Xosé Manuel: "O complemento preposicional perspectivado desde o marco teórico da gramática de valencias", en Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva (coords.), *Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela*, II, [Organizada pola] Secção de Linguística [do] Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, 2005:889-900 (= *Homenagens*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Aproximación ao comportamento sintáctico do CPred desde a teoría da valencia, en particular ao comportamento dos verbos en relación con este complemento. Do estudo conclúese que os verbos se comportan dun xeito distinto a respecto deste complemento, por canto hai algúns que non mudan a súa construción sintáctica, mentres que outros alteran as súas propiedades transitivas. Hai que sinalar tamén que o CPred amosa un comportamento singular en función da súa combinación con outras funcións sintácticas (especialmente co CDir); así, a combinación cunha ou outra función pode implicar unha mudanza semántica do verbo ao que acompaña [T.A.G.].

Vid. tamén as entradas 209, 214, 230, 236, 541.

32312 Estrato semántico

211 (N/04). Cidrás Escáneo, Francisco Antonio: "Manifestacións de incorporación en galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:51-58. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Aínda aceptando que o galego non é unha lingua "incorporante", pois carece dos mecanismos de incorporación morfolóxica, o autor mantén que presenta diversas evidencias sintácticas dese procedemento. Pretende estudar unha serie de comportamentos sintácticos de apariencia formalmente heteroxénea, para os que propón unha cobertura teórica común, como manifestacións sintácticas da incorporación do obxecto ao verbo, formando predicados derivativos. O exemplo de incorporación sintáctica máis frecuentemente referido é o de ocorrencias do tipo *pagar piso*, *buscar hotel*, *ter tenda*, *levar boina* ou *usar garavata*, en que o verbo e o substantivo forman un único predicado derivado por incorporación. No tocante aos predicados nominais con incorporación morfolóxica de obxecto, sinala como exemplos os substantivos compostos *lavalouza*, *lavacristais*, *lavacoches*, *contaquilómetros*, *contapasos*, *contacontos*, *limpabotas*, *cazatalentos*, *rompecorazóns*, *quebrafolgas*, *matarratos*, *portaequipaxe*. Outras estruturas incorporantes sinaladas son *ter medo que* e *pagar piso* [Adaptación do libro de resumos do congreso].

212 (R/05). Fuco de Sergude (pseudónimo): "Del idioma gallego", *Revista Gallega*, XI/512, 1905:1-2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Resposta a unha "Carta abierta" aparecida no xornal bonaerense *El Eco de Galicia*, da autoría de Bernardo Rodríguez e dirixida a Julio Dávila Díaz. Nela, trataba da lingua da inscrición do monumento aos mártires de Carral, cuestionando a corrección da expresión *foron mortos*. Para o autor desta nota é correcta. Fai referencia tamén ao sistema acentual do galego.

213 (R/05). Monjour, Alf: "Der Mythos vom seltenen Passiv - im Galicischen und anderswo", *Galicien Magazin*, 6, 1998:15-22. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin6.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA PRENSA)

O autor presenta argumentos en contra do tópico da escasa frecuencia de uso da voz pasiva en galego e noutras linguas románicas, baseándose na análise dos datos tirados da edición do xornal *O Correo Galego* do 1 de setembro de 1997. Dado que o uso da pasiva varía en función do tipo de texto e é característico dos textos xornalísticos, esta análise pretende complementar o estudo de Francisco Cidrás Escáneo

sobre as *Construcións pasivas en galego* (1990, vid. BILEGA 2164), baseado nun corpus mixto de textos orais, literarios e xurídicos que exclúe o xénero xornalístico. Nos textos aquí analizados, constituídos por unhas 40.000 palabras e 4.800 formas verbais, aparecen 77 items da voz pasiva formada con '*ser*' ou '*estar* + *participio*', o que supón unha proporción de 1'9 por cada 1000 palabras e unha porcentaxe do 1'6% das formas verbais. Esta frecuencia é algo máis alta que a media do estudo de Cidrás Escáneo e comparable cos datos que achegan de José de Kock e Carmen Gómez Molina ("Frecuencia de la pasiva en español y otras lenguas", *RSEL*, 15/1, 1985:117-131) para o castelán. O traballo tamén ofrece unha análise pragmático-funcional dos exemplos encontrados. O autor interpreta o uso da pasiva como indicador do grao de desenvolvemento da lingua, sinalando que neste aspecto o galego é comparable a outras linguas románicas. Sinala, ademais, que o uso relativamente frecuente das formas de pasiva nos textos xornalísticos pode ser un síntoma da converxencia das linguas de cultura de Europa occidental [B.L.].

214 (R/05). Moure, Teresa: "Aspectos da sintaxe do galego desde a perspectiva tipolóxica", en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, *I. Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*, [Promovida polo] Departamento de Filoloxía Galega, [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1999:752-766 (= *Homenaxes*). | [Ed. en liña n.v.]: A Coruña, eDixital, 2005, <http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Asdasido1&alias=Teresa+Moure&>, [Formato: TXT], [Consulta: 07/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O traballo "pretende rescatar tres fenómenos aparentemente marxinais da sintaxe do galego estándar actual e relacionalos na perspectiva tipolóxica" (p. 751). Estes fenómenos son os que a autora chama *construción ergativa* (*Aí o vai*), *construción antipasiva* (*Ó neno rompeulle o vaso*) e os complementos directos introducidos pola preposición *en* (*Xoán comeu nas patacas*).

215 (N/05). Oliveira, Mariana Fagundes de: *A voz passiva portuguesa: um estudo diacrônico*, Dissertação de Mestrado, Universidade Federal da Bahia, Instituto de Letras, Programa de Pós-Graduação em Letras e Lingüística, 2005, 160 p. | [Ed. en liña n.v.]: <http://www.prohpor.ufba.br/Marianadiss.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 07/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Traballo que pretende cuantificar, describir, analizar e comparar construcións pasivas tiradas de textos representativos de diferentes sincronías da lingua portuguesa, poñendo de manifesto as semellanzas e diferenzas entre elas, avaliando en que medida sufriu a voz pasiva cambios na historia da lingua portuguesa e aproveitando para discutir puntos de vista sobre o tema. As sincronías analizadas son a primeira fase do período arcaico do portugués (é dicir, a fase galego-portuguesa) e o portugués do século XX, tanto na variante europea como na do Brasil. O corpus da fase galego-portuguesa está constituído polas seguintes obras: *Testamento de Afonso II*, *Cantigas de Santa María* (2.000 primeiras liñas), *Foro Real* (2.000 primeiras liñas), *Flos Sanctorum* (2.000 primeiras liñas).

216 (N/04). Riveiro Costa, Xesús: "Transitividade preposicional en galego: V.T. + preposición *en* + obxecto directo", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago*

de Compostela, 16-20 de setembro de 1996), IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:149-155. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse algunhas estruturas sintácticas que amosan a intercalación dunha preposición (*en, por, con, de*) entre o verbo transitivo e o CDir. Esta característica crea dificultades para consideralas estruturalmente transitivas, pero no plano semántico parece que hai que seguir falando da existencia de transitividade no sentido de que a acción do verbo pasa a outro elemento da oración (o complemento). En galego aparecen estas estruturas xa na lingua medieval. Algunhas delas, ademais, adquiren matices significativos que as distinguen. Na epígrafe 3 ["Valoración significativa e funcional da estructura transitiva con preposición *en*" (p. 151-154)] sinálanse os verbos que poden aparecer nesta estrutura: *achaiar, afiar, agarrar, amar, apañar, arrincar, atar, atravesar, beber, botar, cerrar, coidar, coller, comer, cortar, chamar, empuxar, escoitar, escoller, espallar, estudiar, fiar, fregar, mallar, atar, muxir, picar, pitiscar, preguntar, repartir, roer, sementar, soñar, tecer, tocar, traballar, xogar*. Son todos verbos transitivos activos que expresan unha actividade física ou psíquica dirixida a un obxecto e que ao mesmo tempo son transformativos, é dicir, tenden a un resultado ou transformación verificada no obxecto [Adaptación do libro de resumos do congreso].

217 (R/05). Sousa Fernández, Xulio C.: "A expresión do causado nas construcións causativas co verbo *mandar* en galego medieval", en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis) cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:677-696 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*). | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2005], <http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Exprecausado.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estudo das construcións causativas co verbo *mandar* no galego medieval, centrado basicamente na forma que adopta e a distribución que presenta o causado (a entidade que recibe a orde) na construción para, dese xeito, "dar conta das características semánticas de axente e paciente [deste argumento] e as propiedades sintácticas do predicado que expresa o efecto" (p. 677). O traballo baséase en datos tirados dun amplo corpus de obras literarias e paraliterarias medievais, así como de fontes documentais (vid. índice final de identificadores).

218 (N/05). Sousa Fernández, Xulio C.: "A interpretación sintáctica das construcións causativas da lingua medieval. «Pervivencias e residuos sintácticos latinos", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:253-273 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME

Estudo das interpretacións que sobre as construcións causativas foron propostas en traballos previos, reparando "con máis atención no xeito en que se resolveu a variación formal que presenta o causado" (p. 253). Para iso, o autor bota man das interpretacións sobre os verbos *facer*, *deixar* e *mandar* en castelán, portugués e galego medieval. Canto ao galego, céntrase nas contribucións de Carlos Díaz Abraira [*Sintaxe do infinitivo (non-perifrástico) no galego medieval* (1983, vid. BILEGA 21)] e de María Sol López Martínez [*O complemento directo con preposición* a *en galego* (1991, vid. BILEGA 6679) e "A propósito dalgunhas estructuras sintácticas do verbo *mandar* en galego" (1991, vid. BILEGA 329)]. A conclusión que tira da análise das obras estudadas é que moitas delas consideran que os "esquemas problemáticos ou pouco frecuentes" son "pervivencias de estadios anteriores da lingua" (p. 271), o cal pon de manifesto que a "construción con acusativo existía na lingua latina e mantense nos textos medievais galegos, portugueses e casteláns" (p. 271).

219 (R/05). Sousa Fernández, Xulio C.: "O comportamento da construcción causativa *deixar* + infinitivo en galego", en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores: Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:187-192 (= *Homenaxes*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2005], <http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Deixar_inf.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL), INF. DIAFÁSICA, LINGUA LITERARIA,

Estudo da construción causativa permisiva formada por *deixar* + inf., a partir dun corpus formado 15 obras literarias e non literarias do séc. XX. A análise permite chegar ás seguintes conclusións: 1) onde aparece con maior frecuencia é en esquemas intransitivos; 2) o causado exprésase por medio do acusativo cos infinitivos intransitivos e por medio do dativo cos transitivos; 3) se o causado se expresa lexicamente adoita ir sen marca preposicional e posposto ao infinitivo. Sinala ademais que "esta construcción causativa mostra en galego un comportamento moito máis próximo ó dun complexo verbal có das causativas construídas con *mandar* e *facer*" (p. 191).

220 (R/05). Sousa Fernández, Xulio C.: "The Expression of the Causee in Galician, Portuguese and Spanish", en Elsa González-Álvarez e Andrew Rollings (eds.), *Studies in Contrastive Linguistics: Proceedings of the 3rd International Contrastive Linguistics Conference (Santiago de Compostela, September, 2003)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións, 2004:585-591 (= *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela*; 150). | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2005], <http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Causatives.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo comparativo da expresión da función semántica *causado* en construcións causativas do galego, castelán e portugués en que se subliñan as converxencias e diverxencias das estruturas sintácticas dos tres idiomas. O verbo do que se ofrecen exemplos é o gal. *facer* / cast. *hacer* / port. *fazer*, pero tamén se teñen en conta as construcións cos verbos gal. *deixar* / cast. *dejar* / port. *deixar* e gal., cast. e port. *mandar*. A análise céntrase principalmente no uso do dativo (gal. *María fixolles traer a merenda ós rapaces*) ou

acusativo (gal. *María fixo marchar os rapaces*) para marcar a entidade que refire o causado, así como a posición deste na oración.

Vid. tamén as entradas 194, 197, 198, 199, 214.

32313 Estrato informativo

221 (N/05). Bragado Trigo, Iago: "Marcadores explícitos de tópico em Galego e Português: equivalências e divergências", en Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva (coords.), *Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela*, I, [Organizada pola] Secção de Linguística [do] Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, 2005:253-261 (= *Homenagens*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Descrición e clasificación dos marcadores explícitos de tópico máis frecuentes no galego e no portugués europeo a partir de exemplos tirados de diversas obras literarias en ambas as linguas. O autor define os marcadores de tópico como "marcas explícitas de função temática a nível da forma (uma determinada estrutura sintáctica, uma dada expressão, uma simples partícula, etc.)" (p. 255). A continuación describe os marcadores de tópico localizados nas obras seleccionadas, respectando a ortografía do texto orixinal, e conclúe que estes marcadores non presentan grandes diferenzas en ambas as linguas. No galego identifica os seguintes tipos: 1) marcadores prototipo (*en canto a*, *respecto de*, *volvendo co de*, *no tocante a*); 2) marcadores de suxeito psicolóxico (*para min que*, *por min que*, *eu por min*, *pola miña parte*, *polo que a min toca*, *polo tocantes a min*); 3) macadores propositivos (por medio do infinitivo, márcase como tópico o significado da raíz verbal); 4) o uso da conxunción copulativa *e* (recurso da lingua oral). No portugués distingue: 1) marcadores prototipo (*quanto a*, *a propósito de*, *ei-lo*, *ei-lo que*, a estrutura *prep. em + tópico*); 2) marcadores de suxeito psicolóxico (1ª persoa de singular e as preposicións *para* e *por*); 3) marcadores propositivos (demostrativo apositivo con valor contrastivo máis infinitivo impersoal: *entender*, *entende-lo-ei*, tamén coa partícula *lá* anteposta ao infinitivo); 4) a estrutura *prep. a + infinitivo* e os marcadores demostrativos (*isto*, *isso* e *aquilo*). A diverxencia máis salientable é que no galego non se rexistran marcadores demostrativos; outras diferenzas refírense á forma de se aplicar os diversos tipos segundo a estrutura sintáctica, o cal ten relación co contexto lingüístico e social e coas funcións pragmáticas [L.Z.V.].

Vid. tamén as entradas 235, 236.

3232 A oración composta

32322 Oracións subordinadas substantivas

222 (N/04). Sousa Fernández, Xulio C.: "A alternancia de cláusulas de infinitivo e completivas conxuntivas como obxecto no galego moderno", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco

Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:217-223. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Aproximación ás características dos verbos que permiten que o seu complemento obxecto se exprese cunha cláusula de infinitivo ou unha cláusula con verbo finito introducida pola conxunción *que*, nomeadamente de *desexar, mandar, crer, finxir, aceptar, oír*. As propiedades semánticas dos predicados e as características formais das estruturas levan a distinguir unha serie de arquetipos dentro do conxunto de verbos que admiten a dupla complementación. A análise de cada un deses arquetipos constitúe o núcleo fundamental do traballo. Os aspectos que se consideran para a delimitación de cada clase son os seguintes: 1) a vinculación entre tipo de complementación e significado da predicación; 2) as propiedades sintácticas da estrutura (referencialidade dos suxeitos, compatibilidade con outros argumentos, etc.); 3) as relacións temporais establecidas entre os dous verbos. O autor conclúe que "[a] diversidade de comportamentos que se advirte na distribución das dúas formas de complementación fai repensa-la afirmación de que a complementación con CI [cláusula de infinitivo] é subsidiaria respecto á CF [cláusula con verbo finito]" (p. 222) [Adaptación do libro de resumos do congreso].

223 (N/05). Sousa, Gisele Cássia de: "Complementos oracionais finitos no português arcaico", [Ed. en liña n.v.]: en Lúcia Maria Pinheiro Lobato et al. (orgs.), *Anais do IV Congresso Internacional da ABRALIN [Universidade de Brasília, 17 a 19 de fevereiro de 2005]*, [Brasília], Associação Brasileira de Lingüística, 2005:1011-1020, <http://www.abralin.org/publicacao/abralin2005.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 08/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Traballo que forma parte dunha investigación máis ampla cuxo obxectivo é describir o percurso dos complementos finitos introducidos pola conxunción *se* nas diferentes fases da historia do portugués. Neste traballo preséntanse as conclusións tiradas dos datos recollidos en textos dos séculos XIII, XIV e XV. Ofrece unha análise histórica da orixe do complemento oracional introducido por *se*, destacando algúns aspectos das oracións completivas con *se* en ocorrencias do portugués actual e comparando o comportamento destas oracións co dos complementos introducidos por *que*. A seguir, analízanse as ocorrencias no portugués arcaico, formulando a hipótese de que os complementos introducidos por *se* en portugués se teñan desenvolvido a través dun proceso de maior integración na oración núcleo [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

32323 Oracións subordinadas adxectivas

224 (N/04). Fonseca, Celso Fraga da: "Orações adjetivas nas *Cantigas de Santa Maria*: Aspectos textual-discursivos", *Veredas-UFJF*, 8/1-2, 2004:103-119. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Juiz de Fora,

Universidade Federal de Juiz de Fora, Programa de Pós-Graduação em Lingüística, [2006], <http://www.revistaveredas.ufjf.br/volumes/14_15/cap07.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/11/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Examínanse as funcións textuais e discursivas desempeñadas polas oracións adxectivas introducidas por *que* nas cantigas narrativas que forman parte das *Cantigas de Santa María* [ed. de Walter Mettmann (1989, vid. *BILEGA* 1485)]. O obxectivo é describir a actuación desas estruturas dun punto de vista textual-discursivo. Conclúese que, ao contrario do que sinala a gramática tradicional, as oracións adxectivas explicativas son tan necesarias como as adxectivas restritivas desde esta perspectiva, xa que "evidenciam o que o enunciador vê no referente, o que ali é relevante para ele, em relação ao seu projecto de dizer" (p. 118). Para alén disto, destácase a grande variedade de papeis desempeñados polas oracións adxectivas iniciadas por *que*: orientacións [*fremoso miragre, que foi en França fazer / a Madre de Deus* (cantiga 16)], reformulacións de natureza metalingüística [*O rico, quand' oyu esto, volven na mão os dados / e lançou senas al terce, que son de pontos contados / dez e oito; e mas pontos non poden seer achados* (cantiga 214)], avaliación [*Esto foi dun cavaleiro que apost' e fremos' era / e grand' e muit' arrizado* (cantiga 312)], antonomasia [*A que do bon rey Davi / de seu linnage decende* (cantiga 6)], introdución de tópico novo [*E por aquest' un miragre vos direi, de que sabor / averedes poy-l' oirdes, que fez en Rocamador* (cantiga 8)] e reactivación de tópico vello [*Esta dona, de que vos disse já, foi dun Emperador* (cantiga 5)].

225 (N/05). Fraga Carou, Isabel / García-Orza, Javier / Acuña, Juan Carlos: "La desambiguación de oraciones de relativo en gallego: nueva evidencia de adjunción alta en lenguas romances", *Psicológica*, 26/2, 2005:243-260. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Valencia, Universidad de Valencia, [2005], <http://www.uv.es/psicologica/articulos2.05/2-FRAGA.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A investigación sobre o procesamento de oracións revela a importancia de obter datos de linguas diferentes do inglés. No que respecta á desambiguación de oracións de relativo como *Alguien disparó al criado de la actriz que estaba en el balcón*, en que tanto *la actriz* como *el criado* poderían ser os que *estaban en el balcón*, as linguas amosan preferencias dispares. Así, o inglés parece preferir adxuncións baixas cara á frase nominal máis proxima (FN2), mentres que o castelán ou o francés prefiren adxuncións altas, é dicir, cara á frase nominal máis lonxana (FN1). No caso doutras linguas romances como o portugués e o italiano, os resultados son incertos, pois algúns autores cren ter descoberto preferencias pola adxunción baixa, mentres que outros ven preferencias pola adxunción alta. Neste traballo avalíanse por primeira vez, a partir da análise dos datos dun cuestionario e dun experimento de lectura autoadministrada mediante ventá móbil, as preferencias estruturais dos falantes nativos de galego na desambiguación destas oracións de relativo. Os datos indican, tanto no estudo do cuestionario como do experimento en liña, preferencias polas estruturas en que a oración de relativo ambigua ten unha adxunción alta no marco sintagmático. Estes resultados son discutidos en relación cos principais modelos de procesamento de oracións e as preferencias descobertas en diversas linguas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

226 (N/04). Vaquero Quintela, Isabel: "Construcións de cláusulas de relativo: problemas", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega:*

historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996), IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:225-236. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

A autora trata de ofrecer unha descrición sistemática e de explicar as desviacións máis comúns que, respecto dos esquemas semántico e sintáctico da variedade estándar, se producen na construción de cláusulas de relativo e que son comúns a outras linguas románicas. Baséase en exemplos tirados de varias fontes actuais (teses de doutoramento, memorias de licenciatura, programas de actos, normativas universitarias, documentación administrativa, revistas, etc.), aproveitando o labor desenvolvido no Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. Entre esas desviacións cómpre destacar as seguintes: a) as que amosan problemas de inadecuación semántica do relativo respecto do antecedente; b) as que presentan problemas de inadecuación sintáctica pola forma do relativo elixida ou pola construción, segundo a función sintáctica que cumpre na cláusula de relativo [Adaptación do libro de resumos do congreso]. | Índice: 0. Introducción | 1. Problemas semánticos | 1.1. Inadecuación do relativo ó antecedente | 1.2. Inadecuación do relativo á súa función sintáctica | 2. Problemas sintácticos | 2.1. Supresión de preposición | 2.2. Problemas nas construccións de xenitivo | 2.3. Dobre ocupación de argumentos | 2.4. Falsas relativas.

227 (N/05). Vaquero Quintela, Isabel: "A corrección lingüística nas cláusulas de relativo", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:283-311 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Ampla análise dos problemas que xorden na descrición e prescrición das oracións de relativo, que, en opinión da autora, constitúen un dos aspectos da sintaxe do galego difícil de describir e no que tampouco é doado establecer pautas prescritivas. Os factores lingüísticos e sociolingüísticos con que é preciso xogar ao describir estas construcións e prescribir sobre elas, son especialmente complicados e problemáticos, polo que "[c]ómpre aínda unha descrición máis fonda e precisa que parta das áreas funcionais e que abranga todas as variantes, para posteriormente facer un labor de peneira e de adscrición ás diversas variedades da lingua" (p. 309). | Índice: 1. Introdución | 1.1. Factores sociolingüísticos | 1.2. Factores lingüísticos | 2. O sistema dos pronomes relativos no galego actual | 3. Problemas de construción das cláusulas de relativo | 3.1. Os pronomes *que*, *o que*, *o cal* en cláusulas relativas en función de MOD | 3.1.1. *prep* + *relativo* en cláusulas especificativas | 3.1.2. *Que*, *o que*, *o cal* en cláusulas non restritivas | 3.2. Construcións de xenitivo | Conclusión.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [231] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

Vid. tamén a entrada 912.

32324 Oracións subordinadas adverbiais

Vid. a entrada 223.

33 Historiografía da gramática galega

228 (N/05). Álvarez Blanco, Rosario: "Gramática", en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XXII (GOÑ-HERA), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2005]:44-50.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Ofrece unha completa síntese histórica da tradición gramaticográfica galega, dende o *Compendio de gramática gallega-castellana [...]* (1864, vid. *BILEGA* 456) de Francisco Mirás ata a *Gramática da língua galega* (2002, vid. *BILEGA* 10735) de Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove Ferreiro. Para cada obra a autora fai unha breve descrición do contido e avalía a relevancia no desenvolvemento desta tradición.

229 (N/05). Álvarez Blanco, Rosario: "Morfosintaxe", en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XXX (MODE-MOSA), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2005]:217-219.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Na primeira parte da entrada faise un breve repaso histórico da orixe dos termos *sintaxe*, *morfoloxía* e *morfosintaxe* e caracterízase esta última no conxunto das disciplinas lingüísticas, poñendo de manifesto a polisemia do termo. Na segunda parte ofrécese unha síntese historiográfica dos escasos (ata finais da década de 1960) estudos morfosintácticos sobre o galego.

230 (N/05). Cidrás Escáneo, Francisco Antonio: "Realidade lingüística e representación gramatical: a propósito do tratamento do *acusativo preposicional* na historia da gramática galega", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:307-322 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

O autor repasa o tratamento que as gramáticas lle dan ao emprego da preposición *a* con CDir, para comprobar "como as descricións gramaticais non se acompasan excesivamente co uso real da marca" (p. 309). Esta falta de converxencia "radica no peso da tradición e do discurso gramatical dominante, así como nos prexuízos lingüísticos" (ibid.). Polo carácter serodio da tradición gramatical galega, tamén se bota man da gramaticografía portuguesa. A principal conclusión é que non se pode desbotar a capacidade de evolución do galego no uso desta construción, sen pensar unicamente en que a causa sexa inducida por unha interferencia do castelán.

231 (N/04). Sánchez Palomino, María Dolores: "O tratamento do xénero na tradición gramatical galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:195-215. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A flexión nominal, concretamente a formación do xénero e do número, constitúe un campo de especial interese no estudo do galego, pola variedade dialectal existente nlgúns casos e a súa repercusión na normativización da lingua. A autora pretende contribuír para un mellor coñecemento do tratamento que a tradición gramatical galega lle deu á cuestión do xénero. Neste sentido, estuda a categoría do xénero nos substantivos, con algunha referencia inevitable aos adxectivos, a través dun percorrido pola tradición gramatical explicando o tratamento que se lle deu a esta cuestión nun nivel teórico e práctico. Parte do *Compendio de gramática gallega-castellana [...]* (1864, vid. *BILEGA* 456) de Francisco Mirás e revisa as seguintes gramáticas: *Elementos de gramática gallega* (1970, vid. *BILEGA* 932) de Marcial Valladares Núñez; *Gramática elemental del gallego común* (1966, vid. *BILEGA* 2135) de Ricardo Carballo Calero; *Gramática gallega* (1967, vid. *BILEGA* 946) de Leandro Carré Alvarellos; *El habla gallega: Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (1868, vid. *BILEGA* 1015) de Juan Cuveiro Piñol; *Gramática do Idioma Galego* (1931, vid. *BILEGA* 1016) de Manuel Lugrís Freire; *Língua: Gramática metódica da língua galega* (1980, vid. *BILEGA* 4056) de Xoán Carlos Rábade Castiñeira et al.; *Gramática gallega* (1868, vid. *BILEGA* 1019) de Juan Antonio Saco y Arce; *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727] da RAG / ILG; *Gramática galega* (1986, vid. *BILEGA* 930) de Rosario Álvarez Blanco, Henrique Monteagudo Romero e Xosé Luís Regueira Fernández; *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (1988, vid. *BILEGA* 1013) de Xoán Xosé Costa Casas et al.

232 (N/05). Sánchez Rei, Xosé Manuel: "Trazos xerais da tradición gramatical galega", *RGaF*, 6, 2005:93-121.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

A tradición gramatical da lingua galega comeza no séc. XIX, en contraste co que aconteceu coas linguas do seu contorno, que principian o seu percurso filolóxico nos inicios da Idade Moderna. Tal demora é produto da colonización española e esta, dunha maneira ou doutra, tamén se amosa en moitos dos trazos que singularizan as primeiras obras representativas da tradición gramatical do galego: a carga diglósica que trasparece nunha boa parte delas, a constante comparación entre galego e castelán, a súa escasa o nula incidencia social porque o galego se achaba excluído de certos ámbitos, a súa escasa valía científica, etc. O traballo está dedicado a describir e explicar a presenza destes trazos [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 0. Introdución: o concepto de gramática e a lingua galega | 1. Aparición e desenvolvemento tardío | 2. Escasa ou nula incidencia social | 3. Escuálido rigor científico | 4. Fonda pegada diglósica na maioría delas | 5. Carácter prescritivo | 6. Descontextualización | 7. Presenza de partes circunstantes | 8. Conclusións.

Vid. tamén as entradas 112, 113, 122, 487, 697.

331 Informes sobre proxectos de investigación gramatical

233 (R/05). Álvarez Blanco, Rosario / Cidrás Escáneo, Francisco Antonio / González Seoane, Ernesto Xosé / Regueira Fernández, Xosé Luís / Xove Ferreiro, Xosé: "Dous proxectos de Gramática Descritiva", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:521-525. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presentación dos proxectos *Gramática xeral descritiva da lingua galega* e *Gramática da lingua galega* que están a desenvolverse no ILG. O primeiro ten como finalidade "describir gramaticalmente o galego actual da maneira máis ampla e completa posible" (p. 522) atendendo a todas as partes da gramática e tendo en conta as variantes dialectais, sociais e estilísticas. O segundo aspira a elaborar unha gramática "que sirva como punto de referencia, que informe do comportamento gramatical do galego de maneira relativamente concisa" (p. 525).

234 (N/05). Álvarez Blanco, Rosario / Cidrás Escáneo, Francisco Antonio / González Seoane, Ernesto Xosé / Regueira Fernández, Xosé Luís / Xove Ferreiro, Xosé: "Entre o uso e a norma. O proxecto de *Gramática* da Real Academia Galega", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:61-68 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. En novembro de 2000, a Real Academia Galega encargou a redacción da gramática da institución ao equipo de gramática do ILG constituído polos autores desta comunicación. Sobre a base da experiencia adquirida na redacción desa gramática, expoñen aquí os criterios que, segundo eles, deben orientar a selección e integración dos trazos sometidos a variación lingüística nunha gramática que se presenta como descritiva, malia constituír a gramática dunha institución á que, desde a fundación, se atribúe unha orientación e autoridade prescritivas. | Índice: 1. Descritivo vs prescritivo | 2. Límites da codificación | 3. Tipos de variación e niveis de codificación | 4. Límites da descrición | 5. Variación e prescrición na *Gramática* da RAG.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [226-227] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

34 Pragmática

235 (N/04). Rosales Sequeiros, Xosé: "A pragmática do galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:175-187. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Incídese no feito de o galego recorrer a moitos mecanismos de natureza pragmática para expresar unha variedade moi ampla de significados que non poderían ser explicados adecuadamente desde un punto de vista puramente gramatical. Neste traballo, o autor limítase ao estudo de catro aspectos do galego moderno susceptibles dun tratamento pragmático: a orde das palabras, o contraste, as relacións interpersoais e, finalmente, o uso modal do infinitivo. Unha análise pragmática destes fenómenos explica a diferenza que existe, nuns casos, entre enunciados gramaticais que expresan a mesma proposición mais que varían en interpretación e, noutros casos, entre enunciados que varían na proposición expresada mais que pragmaticamente son equivalentes. A diferenza nestes casos radica no estilo do enunciado, que presupón que unha mesma proposición ou interpretación pode ser expresada por varios enunciados que empregan cantidades variables de esforzo cognitivo. | Índice: 1. Introducción | 2. A orde das palabras | 2.1. Información vella e nova | 2.2. Topicalización | 2.3. Pasividade | 3. Contraste | 3.1. Contraste pronominal | 3.2. Contraste adxectival | 3.3. Contraste de oracións de relativo | 4. Relacións interpersoais | 4.1. Pronomes formais e informais | 4.2. Deíxe | 5. O modo verbal | 6. Conclusión [Adaptación do libro de resumos do congreso].

236 (N/05). Rosales Sequeiros, Xosé: *Current Issues in Galician Semantics and Pragmatics*, München, Lincom Europa, 2005, 132 p. (= *Lincom Studies in Romance Linguistics*; 45).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Primeira monografía que se dedica a analizar unha serie de cuestións de semántica e pragmática no idioma galego, tomando como principal modelo teórico a teoría da relevancia formulada por Dan Sperber e Deirdre Wilson (*Relevance: Communication and Cognition*, Oxford, Blackwell, 1995). Os principais obxectivos do traballo son investigar as aplicacións desta teoría ao galego co fin de mellorar e estender a descrición da lingua e pescudar posibles consecuencias desas aplicacións para a propia teoría. | Índice: 1. Introduction (p. 4-19) | 2. Prepositional Direct Objects (p. 20-29) | 3. Aspects of Pragmatic Interpretation (p. 30-46) | 4. Presuppositional Effects (p. 47-56) | 5. Anaphoric Interpretation (p. 57-72) | 6. Interpretive Use of Language (p. 73-84) | 7. Interpretation of Non-declarative Sentences (p. 85-105) | 8. Discourse Markers (p. 106-115) | 9. Conclusion (p. 116-120).

Vid. tamén as entradas 205, 213, 235, 833-2, 834.

35 Lingüística textual

237 (N/04). "Análise das pintadas en galego nas portas dos servicios da Universidade de Santiago de Compostela", *¿?*, 5, 2004:30-31. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Warszawa, Instytut Studiów Iberyjskich i Iberoamerykanskich, [s.d.], <http://www.iberystyka.uw.edu.pl/jornal/arch/jornal-04.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 03/03/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL)

Analízanse as pintadas dos baños con triple obxectivo: 1) determinar as súas características como microactos da fala para establecer unha definición; 2) describir as diferenzas entre as pintadas dos servizos de mulleres e dos homes; 3) comparar as temáticas que máis frecuentemente aparecen en galego con respecto ao castelán, habida conta da situación de bilingüismo en Galicia. Defínense como "enunciado de variada complexidade sintáctica, en xeral breve (debido ás limitacións espaciais, temporais e ás prohibicións ao respecto), monologal ou dialogal (en contra do que ocorre cos graffiti, que soen ser monologais), ás veces combinado con iconos e/ou pictogramas, na maioría dos casos acrónimos, en xeral sen presentación (apertura) nin despedida (peche) e a súa linguaxe adoita ser coloquial e a lectura in absentia, sendo moi común a transgresión das regras de puntuación e ortografía" (p. 31). Obsérvase que as pintadas das mulleres adoitan presentar enunciados con máis subordinadas e, ao mesmo tempo, máis extensos, mentres as dos homes son máis breves e tenden a contextualizar menos. Á parte de coloquialismos e xergas, presentes nos dous sexos, as mulleres empregan máis termos cultos ou técnicos ligados a conceptos filosóficos, mentres que os homes "recorren máis aos tacos ca elas" (ibid.). Por último, con respecto aos temas, destácase que as pintadas en galego adoitan tratar, moito máis frecuentemente cás castelás, temas político-sociais: pros e contras da independencia de Galicia, reivindicación da igualdade de sexos, pacifismo, crítica aos partidos políticos, nomeadamente aos considerados de dereitas, etc.

238 (N/05). Freixeiro Mato, Xosé Ramón: "*Non obstante, sen embargo, nembargante(s)* e outros adverbios conectores do galego escrito. Perspectiva diacrónica e uso actual", *Verba*, 32, 2005:247-274.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. EC | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo dos contectores contraargumentativos *non obstante*, *sen embargo* e *nembargante(s)*, que se cartacterizan por introduciren argumentos contrarios aos esperados do segmento discursivo anterior. Categorialmente, clasifícanse como adverbios conectores, fronte a conxuncións como *mais* ou *pero*. Analízase a presenza destes contectores no galego escrito moderno e as diferenzas que amosan nos usos pragmáticos, así como o proceso de gramaticalización como conectores. Ademais, estúdanse outros concectores adversativos de carácter parentético como *así e todo*, *con todo*, *aínda así*, *no entanto*, *iso si* e *emporiso*. En todos os casos se atende á diacronía e á sincronía destes marcadores discursivos [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

239 (N/05). Freixeiro Mato, Xosé Ramón: "O uso dos conectores contraargumentativos *mais*, *pero*, *pro* e *porén* no galego escrito actual en confronto co galego-português medieval", en Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva (coords.), *Estudos em Homenagem ao*

Professor Doutor Mário Vilela, II, [Organizada pola] Secção de Linguística [do] Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, 2005:901-913 (= *Homenagens*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo dos conectores adversativos *mais*, *pero*, *pro* e *porén* como marcadores discursivos, tendo en conta a súa evolución histórica. Analízase a presenza destes conectores no galego escrito moderno a través de diversos exemplos até chegar ao uso actual. O autor conclúe que as unidades *mais*, *pero* e *pro* conviven como conectores contraargumentativos no galego escrito moderno, aínda que en diferentes proporcións e de acordo con distintos rexistros históricos. O marcador *pero* foi o que adquiriu un uso máis frecuente na lingua galega oral e escrita dos últimos séculos. Pola contra, *porén* foi desaparecendo do galego escrito moderno, substituído na lingua escrita por *sen* / *sin embargo*, até que foi recuperado por vía culta nas últimas décadas e incorporado recentemente á norma [L.Z.V.].

240 (N/05). Freixeiro Mato, Xosé Ramón: *Os marcadores discursivos: Conectores contraargumentativos no galego escrito*, [A Coruña], [Universidade da Coruña], Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa, [2005], 283 p. (= *Revista Galega de Filoloxía. Monografía*; 3).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Estuda, a partir dun corpus moi amplo de textos escritos, os marcadores discursivos, "elementos lingüísticos de carácter moi heteroxéneo, formados por unha ou máis palabras que, en principio, diremos que teñen a función de marcaren relacións que exceden os límites da sintaxe da cláusula" (p. 8). O autor comeza por revisar as distintas perspectivas teóricas desde as que se vén abordando a análise destes elementos, para logo centrarse no estudo dos mesmos en galego e na súa clasificación. Dentro dos marcadores, analiza os conectores, "grupo particular de marcadores discursivos cuxa función específica é a de vincularen, ou *conectaren*, semántica e pragmaticamente un membro do discurso con outro anterior ou cunha situación textual facilmente accesíbel" (p. 171), centrándose, basicamente, nos conectores contraargumentativos, aqueles que "establecen unha relación entre dous membros de tal natureza que o segundo aparece como supresor ou atenuador dalgunha conclusión deducíbel do primeiro" (p.183); son deste tipo formas como *mais, pero, porén, pro, non obstante, sen embargo, nembargantes, antes (ben), ora (ben), máis (ben), así e todo, con todo, aínda así, no entanto, iso si, emporiso, en troca / troque(s), aínda que, anque, a pesar de (que), pese a (que), de todas as maneiras, máis que, se ben (que)*, etc.

Vid. tamén a entrada 236, 850.

36 Análise do discurso

241 (R/05). Alonso Iglesias, Begoña / Acuña Ferreira, Virginia / Piñeiro Villar, Mónica: "Estilo conversacional y usos bilingües en la comunicación intergéneros", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional*

sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997), Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:175-184, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/02/Alonso.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL)

As autoras parten da existencia dos chamados *xenerolectos* feminino e masculino (descritos, entre outros autores, por Deborah Tannen: *Género y discurso*, Barcelona, Paidós, 1996) para analizar unha serie de datos conversacionais tirados dunha interacción que tivo lugar nun bar, con tres homes e unha muller como participantes. O obxectivo principal do traballo é amosar como a alternancia lingüística (*code-switching*) "puede constituir un índice caracterizador del género del hablante, es decir, un recurso más orientado a la construcción de su identidad" (p, 175). Así mesmo, tratan de xustificar a pertinencia do concepto de *xenerolecto híbrido* (estilo conversacional determinado pola clase sexual do individuo que conxuga trazos dos dous xenerolectos prototípicos). Comezan por recoller de estudos previos os trazos definitorios de cada xenerolecto: 1) As mulleres tenden a adaptar o seu estilo conversacional ao interlocutor (tanto no que se refire ao rexistro social, como á lingua e incluso ao xenerolecto); 2) No comportamento masculino predomina a competitividade, fronte ao estilo feminino baseado nos vínculos; 3) O xenerolecto feminino caracterízase polo apoio das emisións precedentes (interrupción cooperativa) fronte ao masculino, que invade o uso da palabra do interlocutor, impedíndolle manter a súa posición na conversa (interrupción competitiva). A seguir, tratan de constatar na interacción elixida como obxecto da análise eses trazos e de descubrir as estratexias conversacionais en que os participantes adoptan características propias do sexo contrario (*xenerolecto híbrido*). Finalmente, constatan que se levan a cabo cambios de lingua co fin de "agradar al interlocutor asimilándose a su código o atraer su atención" (p. 180) [L.Z.V.].

242 (R/05). Álvarez López, Sonia: "Xénero e discurso: usos bilingües no estilo conversacional feminino e masculino", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:186-197, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/02/Alvarez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL)

A autora analiza os usos bilingües nos estilos conversacionais feminino e masculino a través de diversas conversas gravadas. Respecto dos usos bilingües que forman parte do estilo conversacional dos homes observa: 1) A presenza de finalidade humorística e irónica, que reflicten os frecuentes cambios de lingua, tanto por parte dos galegofalantes como dos castelanfalantes (así, resulta habitual o uso do galego ou dalgún dos seus trazos, como a gheada ou a entoación, por parte dos castelanfalantes cunha intención humorística); 2) O emprego do castelán por parte dun galegofalante habitual con fins irónicos. Canto aos usos bilingües do estilo conversacional das mulleres, a inclusión de elementos lingüísticos propios dunha lingua distinta á que empregan de forma habitual semella rexerse máis pola afectividade; así se

interpretan: 1) O uso do sufixo *–iño/-iña* tanto nos discursos en castelán como en galego; 2) O emprego de intensificadores (expresións que reforzan ou intensifican o contido dunha conversa: *mi madre*, *Dios*, *Dios mío (querido)*, *Jesús*) [L.Z.V.].

243 (N/05). Campos Souto, Begoña: "La dispositio en los libros de cofradías (breve aproximación basada en un texto singular)", en Carmen Parrilla e Mercedes Pampín (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*, II, Noia, A Coruña, Toxosoutos, 2005:11-23 (= *Biblioteca filológica*; 14).

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. e | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Estudo sobre o *Libro dos cambeadores da cidade de Santiago*, iniciado en 1384 no mosteiro de San Martiño Pinario, analizando a copia da que foi obxecto. Destácase, na repetición do modelo, a introdución dalgunhas novidades, como o uso de certas técnicas para evitar repeticións: as variacións nas persoas dos verbos (*reçebi, reçebeo, reçebemos*) ou a énfase por medio do pronome suxeito (*reçebi / reçebi eu*). Outra característica do discurso é o emprego do adverbio *primeyramente* na indicación de gastos. Por último, sinálase a oscilación nas fórmulas introdutorias, moitas veces escritas por un mesmo amanuense nos diversos textos.

244 (R/05). Iglesias Álvarez, Ana / Ramallo, Fernando: "Language as a Diacritical in Terms of Cultural and Resistance Identities in Galicia", *Estudios de Sociolingüística*, 3/2-4/1 [= Manuel Fernández Ferreiro e Fernando Ramallo (eds.), *Sociolinguistics in Galicia: Views on Diversity, a Diversity of Views*], 2002-03:255-287. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, [2003], <http://www.sociolinguistica.uvigo.es/descarga_gratis.asp?id=99>, [Formato: PDF], [Consulta: 14/02/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Páxina persoal de Fernando Ramallo, [2005], <http://webs.uvigo.es/framallo/Anafernando.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 03/04/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Os autores ofrecen unha aproximación á relación entre lingua e identidade cultural en Galicia baseada na análise de nove grupos de discusión. O estudo concéntrase nas estratexias discursivas que reproducen os suxeitos nos procesos de construción identitaria. Ante os rápidos cambios socioeconómicos que está a provocar o actual proceso de globalización, as identidades deben (re)definirse e neste contexto as linguas minorizadas comezan a adquirir unha especial relevancia nos espazos tradicionais, converténdose nunha categoría de resistencia. Así, analízanse as estratexias que desenvolven os actores sociais co fin de manter unha identidade propia no contexto da globalización, centrándose especialmente na lingua galega e nas súas representacións sociais. Por outra banda, inténtase comprobar se estas representacións son diferentes no mundo rural e no urbano, ou ben estes dous mundos tenden tamén a fusionarse a través de procesos de suburbanización e contraurbanización.

Recs.: Francisco Dubert García, *Verba*, 31, 2004:493-497 [497].

245 (R/05). Prego Vázquez, Gabriela: "Comprando *leitugas*, *leitughas* e *lechughas*. Reformulacións e negociación de identidade na feira", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos*

bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997), Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:94-103, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/01/Prego.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL)

Analízase a reformulación das formas *leituga*, *leitugha*, *lechugha* que fan os participantes en diversos regateos das feiras da bisbarra de Bergantiños (CO) e como estes procesos de reformulación conectados con outras estratexias discursivas contribúen á creación do litixio verbal, esencia do discurso persuasivo e defensivo dos regateos. Este xénero discursivo é entendido como acción social, na que se producen as identidades socio-discursivas *comprador-regateador* / *vendedor-regateador* e na que se evocan as identidades locais dos participantes (rural, urbano, etc.) [A.].

Vid. tamén as entradas 590, 640-1, 640-2, 641, 642, 833-1.

▶ 4 LEXICOLOXÍA, LEXICOGRAFÍA E ONOMÁSTICA

41 Lexicoloxía

411 Estruturas léxicas

246 (N/04). Gargallo Gil, José Enrique: "*Frontera* y fronteras en romance", *Anuari de Filologia - G*, XXVI/14, 2004:51-63.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Analízase o termo *frontera* (< *FRONTE* + *-ARIA*) e algúns dos seus sinónimos romances: gal. e port. *fronteiro/-a*, rom. *frontiera, fruntarie*, fr. *frontière*, oc. *frontièra, frountiero*, it. *frontiero/-a*. A seguir, analízanse diversos derivados de voces romances que significan «fronteira, límite»: cast. *raya* e *muga* < éusc. *muga* «mojón», gal. e port. *raia* (e os derivados *arraia, (ar)raiano/-a, (ar)raiar, raioto/-a*), *linde, lindar, lindeiro, marco, estrema, estremar, estremeiro*, cat. *ra(t)lla*, *boga* e *franja*, aragonés *buega, güega, guaga, huega, buga, búa*, aranés *mòga* e o rom. *granita, hotar*. | Índice: Justificación | 1. De *fronteira* a *frontiera* (lat. *FRONTE* + *-ARIA*) | 2. *Raya / raia*. *Ratlla* | 3. *Muga* («mojón, linde, frontera») y formas afines. Del lado peninsular de los Pirineos | 4. La *Franja* | 5. *Granita* y *hotar* con sus familias derivativas. En los linderos de la romani(ci)dad | 6. Otros *límites* en romance.

247 (N/05). Garrido, Carlos: "Delineamento e aplicaçom de um modelo de avaliaçom da qualidade da língua especializada técnico-científica cultivada no galego-português da Galiza (a propósito da *Enciclopedia Galega Universal*)", *Agália*, 83-84, 2005:51-118. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor, [2006], <http://webs.uvigo.es/cgarrido/EGU.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/10/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Ofrece un modelo de avaliación da linguaxe técnico-científica empregada actualmente en galego, aplicándoo, a seguir, aos artigos técnico-científicos da *Enciclopedia Galega Universal* (1999-) que publica a editorial Ir Indo [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

248 (N/04). Mariño Varela, Nuria: "O campo semántico da neve", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:517-529, 5 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diatópica

Na primeira parte do traballo descríbese por medio de mapas a distribución espacial dos termos que designan o concepto *neve* e afíns no galego oral actual, baseándose fundamentalmente nos datos tirados do *ALGa* e do *Arquivo do Galego Oral* do ILG. A seguir, confróntanse os resultados obtidos cos que aparecen nos dicionarios galegos de uso máis frecuente [*Dicionário da língua galega* [entrada 102] dirixido por Isaac Alonso Estravíz; *Diccionario Xerais da lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) de María do Carme Ares Vázquez et al.; *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958, vid. *BILEGA* 1047) de Eladio Rodríguez González; *Diccionario da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA* 202) dirixido por Constantino García e coordinado por Antón Santamarina e Manuel González González] e no *Vocabulario ortográfico da lingua galega (Versión provisional)* (1989, vid. *BILEGA* 288) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. Recóllense as seguintes denominacións: *farrapo, farrapa, farraspa, farrampo, ferrepa, zarrapo, zarrapa, zarrampallo, felepa, felerpa, falepa, falerpa, falopa, faloupa, folepa, folepo, folerpa, folerpo, folercha, fulepa, fulipada, fiarpa, fierpa, zalopa, celopa, zalerpa, celerpa, trapo*.

249 (N/04). Sánchez Cid, María: "Denominacións para *anoitecer* en galego moderno", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:563-573, 2 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diatópica

Na primeira parte do traballo descríbese a distribución espacial dos distintos termos que conforman o campo semántico *anoitecer* no galego oral actual, baseándose fundamentalmente nos datos tirados do *ALGa* e do *Arquivo do Galego Oral* do ILG. A seguir, analízase como está representado este campo semántico nos dicionarios galegos actuais [*Dicionário da língua galega* [entrada 102] dirixido por Isaac Alonso Estravíz; *Diccionario Xerais da lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) de María do Carme Ares Vázquez et al.; *Diccionario da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA* 202) dirixido por Constantino García e coordinado por Antón Santamarina e Manuel González González] e no *Vocabulario ortográfico da lingua galega (Versión provisional)* (1989, vid. *BILEGA* 288) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. Pártese de oito termos extraídos do material recollido nos cuestionarios do *ALGa* (529: *Tardiña ou atardecer*; 530: *Anoitecer*; 531: *Entre día e noite / Entre lusco e fusco*; 532: *Anoitecida / Ó zarrar da noite*; 534: *Escurecer*; 534.1: *Tarde*; 534.2: *Serán*; 575: *Posta do sol*), centrándose especialmente nas formas *atardecer* e *anoitecer*. Recóllense as seguintes denominacións: *atardecer, tardía, tardita, tardiña, tardequía, á tardiña, á tardiña baixa, tarde, á tarde, á tarde baixa, noitiña, noitía, o anoitecer, serán, serán baixa, seriña da tarde, estar ó serao da noite, resío da noite, escurecer, escorecer, oscurecer, pardo, empardecer, espardecer, apardecer, postura do sol, baixada do sol, meterse o sol no burato, axexo, aguatinta, luzada, posta do sol, poñerse o sol, pórse o sol, apoñerse o sol, aporse o sol, opoñerse o sol, traspor o sol, estarse poñendo o sol, estarse pondo o sol, pasar o sol, meterse o sol, meter o sol, metida do sol, varrer o sol, está varrendo, irse o sol, al caer el sol, desaparecer, escurrirse, vérselle as barbas ó sol, recollerse el sol, o zarrar do día, pechar o día, ascurecer, estar escurecendo, ir escirecendo, facer escuro, quedar a escuras, ser noite, ta noite, ta noite moi escura, anoutecer, pardear, entre lusco e fusco, entre noite e día, entre día e noite, entre lusque e fusque, entre lusco fusco, luscofusco, entre o lusco e o fusco, o lusco, lusquefuxe, entre luscas e fuscas, ó fusco non fusco, entre fusque e fusque, entre rusque fuste, entre trusque e fusque, noubra e fusco, entre luces, entre luz e fuz, entre luces de día, luz con luz, entre lume e fusco, entre lumes, entre lumbres, entre lumes e día, entre lumes e fumes, entre lumes de día e noite, vexo non vexo, ó viche non viche, ó anoitecer, á xunta da noite, ó empardecer, o escurecer, al escurecer, al oscurecer, craror, atardecina, medio prado media leira, faer sombra a nariz, anoitecida*, etc.

250 (N/04). Varela Vázquez, Begoña: "Denominacións para *pedra*, *penedo* e conceptos afíns en galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:575-584, 3 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA

Na primeira parte do traballo descríbese a distribución espacial dos distintos termos que conforman este campo semántico (*pedra*, *penedo* e afíns) no galego oral actual, baseándose fundamentalmente nos datos tirados do *ALGa* e do *Arquivo do Galego Oral* do ILG. A seguir, analízase como está representado este campo semántico nos dicionarios galegos actuais [*Dicionário da língua galega* [entrada 102] dirixido por Isaac Alonso Estravíz; *Diccionario Xerais da lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) de María do Carme Ares Vázquez et al.; *Diccionario da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA* 202) dirixido por Constantino García e coordinado por Antón Santamarina e Manuel González González] e no *Vocabulario ortográfico da lingua galega (Versión provisional)* (1989, vid. *BILEGA* 288) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia

Galega. Pártese dos datos extraídos do material recollido nos cuestionarios do *ALGa* (133: *Referida ao concepto xeral*; 735: *Pedra grande*; 739: *Pedra pequena*). Recóllense as seguintes denominacións: *pedriña, pedrusco, pedrozo, pedregoso, pedreira, pedroulo, pedruallo, pedra de río, pedra de seixo, pena, roca, fraga, pedra que vela, pedra que desvela, peña, penedo, peneda, penelo, penela, cón, conle, petón, pelouro, coio, gouño, goño, croio, goullo*.

Vid. tamén as entradas 111, 165, 308, 323, 384, 443-1, 455, 919, 921, 927-2, 941, 942-1.

412 Renovación do léxico

251 (R/04). Bogdanow, Fanni: "Old Portuguese *seer em car teudo* and the Priority of the Portuguese *Demanda do Santo Graal*", *RPh*, XXVIII/1, 1974-75:48-51. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Inclúe o estudo da posible procedencia provenzal da voz gal.-port. *car*.

252 (N/05). Espinosa Elorza, Rosa María: "Cambios léxicos en los romances peninsulares medievales: Introducción y difusión de vocablos ultrapirenaicos a través del Camino de Santiago", *Iacobus*, 19-20, 2005:59-74.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PM

Contribución ao estudo dalgunhas mudanzas léxicas producidas en linguas e dialectos romances falados no norte da Península Ibérica durante a Idade Media, analizando a importancia do Camiño de Santiago na introdución e na difusión de termos procedentes do outro lado dos Pirineos. Estúdanse as seguintes voces e familias léxicas: *peregrino*, *romero*, *hospedar*, *mesón* e *albergar*. A documentación destes termos corresponde a obras como o *Códice Calixtino* (1ª metade do séc. XII), *Liber Sancti Jacobi* (1ª metade do séc. XII), *Historia Compostelana* e o *Foro Real* (1280?) de Afonso X o Sabio, entre outras.

253 (R/05). Graña Núñez, Xosé: "Algunhas repercusións lingüísticas das transformacións do mundo rural", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:353-359. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse as repercusións lingüísticas xurdidas por mor das transformacións sociais que sufriu Galicia nos últimos anos (a despoboación do mundo rural ou os cambios na vida social e laboral). A renovación léxica é un dos problemas aos que se ten que enfrontar a lingua como consecuencia destes cambios e cómpre "crear un código lingüístico axeitado ós novos ámbitos de uso" (p. 354), mais isto tamén implica

a perda dunha gran parte do "noso léxico máis tradicional e singular" (p. 355) desaparecendo así unha das características máis senlleiras do galego.

254 (R/05). López Fernández, Susana / Montes García, Laura: "Notas sobre a creación non planificada de palabras en lingua galega (Ano 2003)", en Xosé López (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, [2004]:209-226 (= *Informes*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicacion_2004.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA PRENSA)

Estudo dos neoloxismos formais no galego contemporáneo a partir dun corpus baseado nas edicións en rede de *Vieiros*, *A Nosa Terra*, *O Correo Galego*, *Galicia Hoxe* e *Canal Ciencia* durante a primeira metade de 2003. Os tres procedementos empregados na formación de neoloxismos son a derivación, a composición e os préstamos, se ben é a derivación, por medio da sufixación, prefixación e a derivación parasintética, a máis rendible á hora de crear substantivos, adxectivos e verbos novos. Segundo o campo temático, os autores sinalan que nos campos relacionados coas novas tecnoloxías o máis frecuente é o emprego da composición e dos préstamos, mentres que no campo da economía e da política se recorre maioritariamente á derivación. Conclúen que, se ben o galego emprega maioritariamente recursos internos da lingua, tamén se constata unha utilización moi importante de préstamos sen adaptar doutras linguas, principalmente do inglés e do castelán, malia existiren formas equivalentes no galego (p. 225).

255 (N/05). Montero Cartelle, Emilio: "Unha verba, moitos problemas e algunhas solucións. A linguaxe erótica no galego medieval", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:205-218 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor reflexiona sobre os problemas que presenta o estudo do eufemismo e do disfemismo no galego medieval e as formas de resolvelos que ofrece a lingüística actual. Deste xeito, comeza caracterizando en termos xerais o léxico sexual, para logo desenvolver un estudo particularizado da interdición sexual e, máis concretamente, do termo *foder*. Conclúe que a aparición deste termo e dos seus derivados está limitada aos textos da lírica profana galego-portuguesa e aos foros, por seren as únicas obras capacitadas para recolleren testemuñas de voces sen dúbida vixentes e cunha ampla difusión na lingua oral medieval.

256 (R/05). Rodríguez Río, Xusto A.: "O tratamento dos empréstitos: Unha proposta de actuación", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:407-415. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA

Faise unha proposta de tratamento dos empréstitos en galego tomando como base a análise de catro obras: *Vocabulario ortográfico da lingua galega (Versión provisional)* (1989, vid. *BILEGA* 288) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, *Diccionario de dúbidas da lingua galega* (1991, vid. *BILEGA* 94) coordinado por Benigno Fernández Salgado, *Vocabulario elemental do deporte* (1988, vid. *BILEGA* 513) de Paulino Novo Folgueira e "Glosario de anglicismos: propostas de traducción e adaptación" (1994, vid. *BILEGA* 2764) de Gonzalo Constenla Bergueiro. O autor sinala algunhas pautas que axudan a determinar cando incluír unidades doutros sistemas lingüísticos no corpus do léxico do galego e, en caso de o facer, determinar o procedemento de integración máis conveniente (estranxeirismo, adaptación ou calco).

Vid. tamén as entradas 56, 155, 247, 273, 328, 394, 655, 772, 774, 847-2, 848-1, 930, 935, 948, 1160, 1165.

413 Fraseoloxía

257 (R/05). Álvarez de la Granja, María: "A manipulación das unidades fraseolóxicas", *Madrygal*, 2, 1999:31-40. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR9999110031A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza as manipulacións que se basean no dobre contido potencial das unidades fraseolóxicas (manipulación da idiomaticidade e da fixación). Segundo a autora, este xogo é un recurso moi frecuente tanto na lingua escrita como na lingua oral e emprégase moito na publicidade debido ao uso especial destas unidades (non normal e interesante); por exemplo; *Non se pode infravaloralo: está contra as cordas, pero ten corda para tempo*.

258 (R/05). Conde Tarrío, Germán: "O problema da terminoloxía paremiolóxica en Galicia", *Madrygal*, 2, 1999:53-66. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR9999110053A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois dunha breve introdución sobre o estado da cuestión, analiza as definicións das seguintes formas paremiolóxicas: refrán, proverbio, adaxio, aforismo, apotegma, axioma, dialoxismo, dito, divisa, máxima, precepto e sentenza, recollendo as definicións dadas por diversos investigadores e dicionarios do séc. XX, sobre todo galegos.

259 (R/05). Ferro Ruibal, Xesús: "Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas", *CFG*, 6, 2004:57-80. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro

para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inspirándose na concepción dinámica da fraseoloxía de Valerii Mokienko e, máis concretamente, na doutrina verbo da ampliación ou compresión fraseolóxica que el denomina *explicitación* e *implicitación*, propóñense a discusión algúns criterios novos para detectar en que dirección se moven certos fraseoloxismos en linguas que, coma a galega, por circunstancias políticas carecen de suficiente documentación histórica, a estatística de frecuencias, a *lectio difficilior praeferenda*, a matización humorística ou correctora, a existencia de formas *pleniores* diverxentes, que un refrán inserido nunha cantiga apareza en glosas diferentes, que teña discontinuidade sintáctica ou imáxica co resto da cantiga ou que vaia introducido por un *verbum dicendi* ou *sentiendi*. Os exemplos aducidos están tirados do corpus fraseolóxico galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

260 (R/05). Guerbek, Ekaterina E. / Mokienko, Valerii / Vlasáková, Katarina: "Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos", *CFG*, 6, 2004:131-139. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Preséntanse algunhas bases teóricas e prácticas para a elaboración dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos en galego e noutras linguas indoeuropeas. Estas bases inspíranse na teoría de modelos semántico-estruturais de fraseoloxismos exposta por Valerii Mokienko en *Fraseoloxía eslava* (trad. gal. de Ekaterina Guerbek, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000) e exemplifícanse co concepto *bébedo* [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

261 (R/05). Mellado Blanco, Carmen: "A fraseoloxía galega e a fraseoloxía en Galicia: realizacións e proxectos en curso na Universidade de Santiago de Compostela", en Xesús Ferro Ruibal (ed.) e Mª Jesús Anido Silvosa, Mª do Carme Lamela Villaravid e Mª Clara Viqueira Liñares (eds. e trads.), *I Coloquio Galego de Fraseoloxía: Actas [Santiago de Compostela, 1997]*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998:265-270 (= *Biblioteca Fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro*; 1). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/publicacions.html>, Formato: PDF, [Consulta: 20/11/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inclúe un breve comentario sobre a memoria de licenciatura de María Álvarez de la Granja [*Tratamento lexicográfico das expresións fixas. Unidades con estructura* verbo + obxecto directo *no* Diccionario Xerais da Lingua (1996, vid. *BILEGA* 7055)] e sobre o traballo da mesma autora "As expresións fixas nos diccionarios galegos" (1997, vid. *BILEGA* 7054).

262 (R/05). Mellado Blanco, Carmen: "A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienko a través da súa monografía *Fraseoloxía eslava* (1980/trad. 2000)", *CFG*, 6,

2004:149-158. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Póñense de manifesto os puntos máis innovadores e decisivos da teoría desenvolvida por Valerii Mokienko en *Fraseoloxía eslava* (trad. gal. de Ekaterina Guerbek, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000). Entre eles está o valor que se lle concede ao significado literal dos lexemas integrantes do fraseoloxismo e, en xeral, á forma interna deste, a transcendencia de incluír dialectalismos como obxecto de estudo, o papel crucial da perspectiva diacrónica e a análise das variantes fraseolóxicas. Así mesmo, analízase a transcendencia que tivo a teoría da modelabilidade semántico-estrutural de Mokienko no panorama da investigación europea e faise un breve comentario sobre a tradución realizada para o galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

263 (R/05). VV. AA.: *Estudos e recadádivas* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4], [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003, 393 p. [= *Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*; 8]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/rec2/cfg.html>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Inclúe os seguintes traballos paremiolóxicos, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: "Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas" de María Álvarez de la Granja [entrada 277]; "Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega" de Xesús Ferro Ruibal e Ana Vidal Castiñeira [entrada 19]; "O labor de fraseógrafo de Manuel Leiras Pulpeiro" de Manuel Anxo Martíns Seixo [entrada 364]; "Aproximación ó *mínimo paremiolóxico* galego. Unha proposta didáctica" de Ana Vidal Castiñeira [entrada 302]; "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía" de Ana Vidal Castiñeira [entrada 285]; "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)" de María Carmen Paz Roca [entrada 282]; "Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López" de Lois Vázquez [entrada 287]; "Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)" de Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal, María Carmen Paz Roca, Marta Rodríguez Añón e Ana Vidal Castiñeira [entrada 281]; "El refrán y su sombra (*Faro de Vigo*) por José Sesto" de Patricia Buján Otero [entrada 290]; "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos" de Juan A. Eiroa García-Garabal [entrada 289].

Vid. tamén as entradas 19, 51, 301, 364, 372, 373, 374, 380.

4131 Locucións, modismos e frases feitas

264 (N/05). Barbeito Lorenzo, María Dolores: "Frases feitas do Concello das Neves", *CFG*, 7, 2005:293-301. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_16.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL), INF. DIAFÁSICA, INF. DIASTRÁTICA

Compilación de 154 frases feitas recollidas pola autora no concello das Neves (PO). Aparecen ordenadas alfabeticamente cunha microestrutura en que se dan indicacións de uso diafásico-diastráticas, o(s) sentido(s) e exemplos.

265 (N/05). BUJÁN OTERO, Patricia: *A fraseoloxía contrastiva alemán-galego e as súas implicacións para a traducción: Estudos das comparacións fixas*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución, Departamento de Tradución e Lingüística, 2005. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

266 (R/05). CAMINO, Domingo: "Vaiche na misa en Conxo", *Revista Gallega*, I/40, 1895:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Explicación da orixe e significado do dito compostelán *Vaiche na misa en Conxo*.

267 (N/05). COUCEIRO, Xosé: "Expresións populares da nosa comarca", *Cotaredo*, VIII, 2005:17-47.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Recolle uns 200 fraseoloxismos usados no concello de Forcarei (PO), tratando de explicar a motivación de cada un.

RECS.: Xesús Ferro Ruibal, *CFG*, 7, 2005:314-320 [318-320]. [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_17.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/03/2007].

268 (R/04). DUTTON, Brian: "*Lelia Doura, Edoy Lelia Doura*, an Arabic Refrain in a Thirteenth Century Galician Poem?", *BHS*, XLI/1, 1964:1-9. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]. | [Ed. facs. en liña]: Birmingham, EBSCOhost Electronic Journals Service, [s.d.], <http://ejournals.ebsco.com/direct.asp?ArticleID=484C8BB1C8B163B80B75>, Formato: PDF, [Consulta: 14/02/2008]. | [Ed. en liña]: London, Informaworld, [s.d.], <http://www.informaworld.com/smpp/ftinterface~content=a747675555~fulltext=713240928>, Formato: HTML, [Consulta: 15/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda o refrán que aparece na cantiga de amigo B 829 / V 415 (Inc.: *Eu velida non dormia*), atribuída a Pedro Eanes Solaz.

269 (R/05). Ferro Ruibal, Xesús / Casares Mouriño, Carlos: *Cadaquén fala coma quen é: Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre: Discurso lido na recepción pública do 4 de maio de 1996 por don Xesús Ferro Ruibal e resposta de don Carlos Casares Mouriño*, A Coruña, Real Academia Galega, 1996, 120 p. | Versión cast. rev. do apdo. 1.4: "La fraseología, espejo de la historia de un pueblo. Notas gallegas", en Juan de Dios Luque Durán e Antonio Pamies Bertrán (eds.), *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*, Granada, Granada Lingvistica, 2005:257-282 (= *Serie Collectae*). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [2005], <http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/Ferro%20Ruibal.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Despois dunha breve lembranza de Enrique Vidal Abascal, o autor ofrece unha excelente descrición xeral da fraseoloxía galega, con riquísima exemplificación. Amosa como a fraseoloxía espella o hábitat, clima, paisaxe, historia, tradición, humor e outros compoñentes da psicoloxía colectiva do pobo galego e mesmo aspectos da súa socioloxía, estética e economía. Describe a vida, evolución e morte das expresións fixas e como o pobo, os publicistas e os literatos xogan a crear novas e sorprendentes imaxes desautomatizando expresións fixas. Remata cun chamamento á recuperación, tanto no ámbito docente como no literario, desta importante reserva léxica e estilística, distintiva do galego.

Recs.: Isabel García Piqueras, *RCGV*, V, 1998:449-452.

270 (R/05). Gómez Clemente, Xosé María: "Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego", *CFG*, 6, 2004:81-112. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA

O uso das unidades fraseolóxicas nunha lingua é mostra dun alto nivel de competencia lingüística. Para acadaren ese nivel, os usuarios teñen que coñecer perfectamente non só os valores semánticos das unidades fraseolóxicas, senón tamén os seus valores pragmáticos, entre os que está a connotación de nivel de lingua. Neste traballo inténtase desenvolver unha análise das unidades fraseolóxicas do galego moderno tal e como aparecen nos textos co obxectivo de "contribuír mínimamente a definir a connotación dos niveis de lingua a través da análise dos rexistros dos textos e a súa variación estilística" (p. 82). O establecemento dos rexistros dos textos onde aparecen as unidades é fundamental para poder chegar a unha descrición dos usos da fraseoloxía. O autor trata de establecer os rudimentos dunha metodoloxía de análise baseada na tipoloxía dos textos e os seus temas, que nos afaste da intuición que se descobre nas enquisas verbo da consideración das unidades fraseolóxicas; concretamente, analízanse "algúns exemplos de uso de determinadas unidades fraseolóxicas, exclusivamente do nivel das locucións, para comprobar en que tipos de textos se utilizan, a que temas se asocian, cales son integrantes das situacións de comunicación, na medida en que se poidan establecer, e cales son os niveis de lingua que se poden describir a partir destes datos" (ibid.) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

271 (R/05). Lorenzo García, Lourdes: "A imaxe da muller na fraseoloxía galega e española: achegamento lingüístico á dobre identidade feminina en Galicia", [Ed. dix.]: en Carmen

Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:222-229, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/02/Lorenzo.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse frases feitas relacionadas coa muller co fin de determinar as interferencias lingüísticas e culturais entre o galego e o castelán. En ambas as dúas linguas a figura da muller está vista de forma negativa e as fontes de creación son as mesmas con pequenas diferenzas: literatura e mitoloxía, relixión (o castelán céntrase na figura da Virxe e o galego na do Pai) e historia (máis frecuente na fraseoloxía castelá por razóns de tipo histórico).

272 (R/05). Maceira Rodríguez, Alfredo: "Algumas frases feitas do galego", *Philologus*, III/8, 1997:39-49. | [Ed. en liña n.v.]: [Rio de Janeiro], Círculo Fluminense de Estudos Filológicos e Lingüísticos, [s.d.], <http://www.filologia.org.br/revista/artigo/3(8)39-49.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/01/2006]. | [Reed.]: en José Pereira da Silva (ed.), *Ensaios lingüísticos e filológicos de Alfredo Maceira Rodríguez*, Rio de Janeiro, Círculo Fluminense de Estudos Filológicos e Lingüísticos, 2005:29-49.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrece unha clasificación de fraseoloxismos do galego tirados do *Diccionario Xerais da lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999). A fraseoloxía do galego non difire moito da de portugués. A maior parte das frases feitas inclúen verbos referidos ao ser humano (características e actividades) e pertencen á linguaxe figurada, tanto no eixo da metáfora como no da metonimia. Recóllense uns 160 sintagmas, organizados segundo o verbo (*andar, buscar, chover, mexar*, etc.) e 16 frases exclamativas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

273 (R/05). Maia, Clarinda de Azevedo: "*Ona*, un arcaísmo galego-português. Breve contributo para o estudo das fórmulas de tratamento na língua medieval galego-portuguesa", *RFR*, 2, 1984:71-78. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM8484110071A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. ME

Data este arcaísmo dos séculos XII-XV, con posible orixe no título honorífico *miona*.

274 (R/05). Olbrich, Rolf: "Zum bildhaften Ausdruck der Geringwertigkeit und Geringschätzung in den romanischen Sprachen und Mundarten", *BmF*, X/1-4 [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, I], 1949:95-118. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital

Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/10/boletim10.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo dos fraseoloxismos que significan "non valer nada", aplicados tanto a persoas como a cousas. As linguas obxecto de investigación son o portugués, o castelán, o catalán, o francés, o italiano e o retorromance. En todas elas se observan interesantes paralelismos canto á imaxe metafórica que sostén cada unha destas expresións. Tómase como referente da metáfora normalmente unha moeda que non vale moito (cast. *no valer una perra gorda*, cat. *no val un xavo*), un animal ou parte de animal (cat. *no val un caragol*), un obxecto sen valor (piemontés *nen valeje un boton*), unha planta ou froito (cast. *no valer un comino*), un alimento demasiado corrente e de pouco valor (cast. *no valer un pepino / una castaña / una patata*). O catalán comparte peculiaridades co castelán, pero tamén co francés, utilizando as tripas de vaca ou porco como obxecto-medida do nulo valor de algo (*no val les tripes d'un gos*). Do galego cítanse dous fraseoloxismos da zona de Ribadeo (LU): *non valer un o que come*, *non valer farrapo de gaita* [C.M.B.].

275 (R/05). Rodríguez Añón, Marta: "Some Semantic Features of English and Galician Verbal Idioms", en JoDee Anderson, J. M. Oro Cabanas e Jesús Varela Zapata (eds.), *Linguistic Perspectives from the Classroom: Language Teaching in a Multicultural Europe*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2004:407-418. | [Ed. dix.]: en J. M. Oro, Jesús Varela Zapata e JoDee Anderson (eds.), *La Enseñanza de las Lenguas en una Europa Multicultural: XXI Congreso [de la] Asociación Española de Lingüística Aplicada*, [Santiago de Compostela], Universidad de Santiago, [2005]:1197-1208, CD-ROM / Formato: PDF (= *Cursos e Congresos*; 146).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise semántica contrastiva de 75 expresións idiomáticas do inglés e outras tantas do galego tiradas ao chou de cadanseu corpus. Examínase o campo léxico-semántico ao que pertence cada expresión para tratar de identificar paralelismos entre ambas as dúas linguas no que respecta ao uso de conceptos concretos para expresar significados metafóricos abstractos. A análise revela "a common tendency in both sets of vIEs [verbal idiomatic expresions] to select the same lexico-semantic fields (and also in similar proportions) to conceptualize abstract notions" (p. 1199 da ed. dix.), polo que esta tendencia viría a relativizar a suposta natureza hermética e idiosincrásica do repertorio fraseolóxico de cada lingua.

Vid. tamén as entradas 102, 103, 125, 178, 179, 192-1, 293, 381, 644, 834, 1097.

4132 Proverbios e refráns

276 (N/05). Alvar, Carlos: "Lírica tradicional y cantigas de escarnio gallego-portuguesas", en Célia Marques Telles e Risonete Batista Souza (orgs.), *Anais do V Encontro Internacional de Estudos Medievais (2 a 4 de Julho de 2003)*, Salvador, BA, Quarteto, 2005:11-19.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza a reutilización de materiais líricos de tipo tradicional na literatura culta, tanto no nivel do contido, como no da forma. O autor ofrece algunhas consideracións sobre as cantigas de seguir, centrándose especialmente nalgunhas cantigas de escarnio nas que sinala vínculos explícitos e indirectos co fondo tradicional, así como a presenza de proverbios ou expresións proverbiais.

277 (R/05). Álvarez de la Granja, María: "Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:9-34. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_01.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A autora clasifica as unidades fraseolóxicas en tres grupos: a) locucións, b) enunciados e c) expresións ponderativas fixas. As locucións, segundo o funcionamento no discurso e o significado, clasifícanse en substantivas, adxectivas, adverbiais, verbais, preposicionais, conxuntivas e pronominais. Os enunciados fraseolóxicos, segundo encerren ou non un valor de verdade xeral, poden ser refráns ou fórmulas. As expresións ponderativas fixas defínense como aquelas que non "son equiparables a unidades monoverbais nin constitúen en por si actos de fala" (p. 27) do tipo *ver as estrelas* ou *non caber en si*. Sinálanse tamén os problemas existentes ás veces para incluír unha unidade fraseolóxica nas locucións ou nos enunciados: trátase das locucións verbais de valencia cero (*chover sobre mollado*, *non chegar o sangue ao río*) e dos enunciados con casas baleiras (*¡Deus cho pague!*, *¡Seica viches o lobo!*).

278 (R/05). Álvarez Giménez, Emilio: "Refranes gallegos", *Galicia Moderna*, 2, 1897:26, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recolle seis refráns co seu correspondente significado.

279 (R/05). Álvarez Giménez, Emilio: "Refranes gallegos, explicados en Castellano", *Galicia Moderna*, 7, 1897:[s.p.]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recolle tres refráns co seu correspondente significado.

280 (R/05). Asociación Xuvenil «Os Estraloxos»: *Cantigas e refráns da Ribeira Sacra*, [Pantón, Lugo], Concello de Pantón / Adegas San José, 1999, 305 p. | [Nova ed. aum.], [Pantón, Lugo], Xunta de Galicia / Deputación de Lugo / Concello de Pantón, 2005, 832 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Vid. especialmente os seguintes apdos.: "Refráns recollidos na Ribeira Sacra - Pantón" (p. 143-256), que aparecen organizados en catorce grupos: 1) De oficios, profesións, traballos; 2) De meses; 3) De santos, cousas relixiosas, de meigas, do demo...; 4) De cregos, frades, sancristáns...; 5) De traballos e laboreos

das terras; 6) De animais; 7) Do tempo; 8) De comidas e viño; 9) De consello; 10) De mulleres; 11) De homes; 12) De amores; 13) De picardía; 14) De tipo xeral; "Que cousa cousiña é" (p. 271-283), que inclúe 88 adiviñas coas solucións.

Recs.: Miguel Leiva Torreiro, *Lucensia*, XVI/32, 2006:200.

281 (R/05). Buján Otero, Patricia [ed.] / Ferro Ruibal, Xesús [ed.] / Paz Roca, María Carmen [ed.] / Rodríguez Añón, Marta [ed.] / Vidal Castiñeira, Ana [ed.]: "Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:173-343. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_08.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Edición da colección paremiolóxica que xuntou Manuel García García (1900-1979), profesor do Seminario de Santiago de Compostela, a partir da recolla de refráns que solicitou aos seus alumnos. Estes materiais acháronse en Lugo no arquivo fraseolóxico de Francisco Vázquez Saco (1897-1962) en forma de follas soltas escritas polos seminaristas; sen dúbida, Manuel García entregoulle os materiais que reunira ao ter noticia de que Vázquez Saco preparaba un gran refraneiro. Todos os refráns foron recollidos na diocese de Santiago de Compostela entre 1947 e 1958. En total son 3.875, se ben en moitos casos se trata de pequenas variantes (*A cada terra seu uso, a cada roca seu fuso* / *A cada terra seu uso e a cada roca seu fuso*) ou con maior variación (*Cando chove e vai sol, anda o demo por Ferrol* / *Cando chove e vai luse, anda o demonio por Rus*). Os máis documentados, segundo os autores do artigo, son *Xente nova e leña verde todo é fume* (39 veces) e *Home pequeno, fol de veneno* (37 veces). Aparecen sen ningún tipo de comentario. Na edición faise constar o lugar preciso do que proceden.

282 (R/05). Carré Alvarellos, Lois / Paz Roca, María Carmen [ed.]: "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:129-141. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Transcrición dun manuscrito inédito de Lois Carré Alvarellos (1898-1965) que apareceu no arquivo fraseolóxico do seu amigo Francisco Vázquez Saco (1897-1962). O texto ten nove follas escritas por anverso e reverso que conteñen un total de 502 refráns (algúns son só variantes). Aparecen ordenados alfabeticamente (agás os cinco últimos) e con información sobre o lugar onde foron recollidos ou a marca *T.O.* que, segundo Carré, indica que pertence á tradición oral da zona da Coruña. A maioría proceden de lugares da provincia da Coruña, algúns da de Pontevedra e unha minoría de lugares de Ourense e Lugo. Só en cinco casos se ofrece unha explicación do significado do fraseoloxismo ou dalgunhas das palabras que contén.

283 (N/05). Conde Tarrío, Germán: "Reflexiones paremiológicas sobre la temática de *Á lus do candil* (Ánxel Fole)", *Paremia*, 14, 2005:163-173.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A partir do conto de Ánxel Fole "Terra do Caurel", incluído en *Á lus do candil: Contos a carón do lume* (Vigo, Galaxia, 1953), estúdanse os refráns relacionados coa caza, as distintas épocas do ano, as reunións, os labores do inverno, o candil, os labores do campo, as relacións amo / criado e os xornaleiros e épocas de xornal, contrastando os refráns galegos (15) cos correspondentes casteláns e franceses.

284-1 (R/05). Leiras Pulpeiro, Manuel: "Refranes gallegos", *Galicia-Co*, 2ª época, I/9, 1893:565-569; I/10, 1893:636-640; I/12, 1893:773. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor aclara que os refráns que presenta non están recollidos na colección de Juan Antonio Saco y Arce ["Refrás gallegos" (1890, vid. *BILEGA* 5196)] nin na de Marcial Valladares ["Refrás, proverbios e decires gallegos [...]" (1887-1890, vid. *BILEGA* 4110, 4111)]. No nº 9 inclúense refráns da letra A á M, no nº 10 da letra N á X e no nº 12 ofrécense rectificacións dos refráns publicados nos números anteriores.

284-2 (R/04). Gargallo Gil, José Enrique: "*Per Santa Llúcia, un pas de puça*. Crecer y decrecer de los días, refranes del calendario, *Romania continua*", *Estudis Romànics*, XXIV, 2002:109-137. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Institut d'Estudis Catalans, Revistes científiques en línia de l'IEC, [2004], <http://www.iec.cat/pperiodiques/>, Formato: PDF, [Consulta: 15/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Revistes Catalanes amb Accés Obert, [2004], <http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/21241/21075>, Fomato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse as equivalencias entre refráns das distintas linguas románicas referidos ao medrar e decrecer dos días ao longo do ano. No apdo. 4 ("Días y noche, luz y oscuridad, a lo largo del ciclo anual", p. 114-123) presenta os refráns das distintas linguas romances organizados segundo a temática: equinocios e solsticios, a xornada de traballo e de durmir ou as sestas e merendas. O apdo. 5 ("El crecer de los días desde el tempo sosticial. La serie romance de Santa Lucía", p. 123-132) estuda os refráns da denominada *serie romance de Santa Lucía* que fan referencia ao medrar dos días, serie constituída "por una gran cantidad de refranes románicos que responden a la misma motivación esencial" (p. 123) e que abranguen desde o día de Santa Lucía (13 de decembro) ata principios de febreiro. Inclúense neste apartado refráns referidos ao día de Santa Lucía, ao ciclo de nadal e a outras festividades ou datas significativas no refraneiro que teñen en común o tema tratado: o medrar do día. Entre os refráns recollidos, inclúense uns 30 galegos.

285 (R/05). Murguía, Manuel / Vidal Castiñeira, Ana [ed.]: "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:117-128, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_05.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E

Presentación e edición dun manuscrito de Manuel Murguía (1833-1923) titulado *Refranes* que, en forma de fichas, apareceu dentro dos materiais paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco (1897-1962). Segundo a descrición da autora, "[c]onsta de seis follas de 16,5 x 11 cm., tres escritas en sentido horizontal e tres en vertical. O número de refráns de cada unha oscila entre catorce e dezasete por páxina, sendo maior nas horizontais. Ademais, dúas das follas só teñen escrito o anverso e unha das páxinas escrita en sentido vertical só contén oito refráns" (p. 117). Os dous tipos de folla correspóndese coa clasificación en dous apartados: un co título *Refranes de asuntos gallegos de la colecion del comendador Fernan Nuñez* e outro co encabezado *Refranes (Sobreira)*. Dentro de cada un destes bloques, os refráns aparecen cunha ordenación alfabética xeral, aínda que non se segue en todos os casos. A editora compara os refráns deste manuscrito coas varias edicións que ata agora se fixeron dos refráns galegos contidos nos *Refranes o proverbios en Romance* (1555) de Hernán Núñez de Toledo y Gusmán (1475-1553): a que o propio Murguía incluíu na 1ª ed. da súa *Historia de Galicia, I* (1865, vid. BILEGA 6843), a de Fermín Bouza-Brey [*El refranero gallego del Comendador Hernán Núñez, primera colección paremiológica de Galicia (s. XVI)* (1955, vid. BILEGA 1482)] e a de Santiago Alfonso López Navia [*O Repertorio Galego dos* Refranes o Proverbios en Romance *do Comendador Hernán Núñez (1555)* (1992, vid. BILEGA 2506)]. A maioría dos refráns do manuscrito aparecen recollidos nalgunha destas edicións, pero non todos. Canto aos 72 refráns incluídos baixo o encabezado *Sobreira*, o manuscrito non indica de onde se tiraron e só dous coinciden cos que aparecen na obra de frei Juan Sobreira, *Papeletas de un diccionario gallego* [ed. de José Luis Pensado (1979, vid. BILEGA 2441)].

286 (N/05). Pereira Ginet, Tomás: "Fiando paremias (I): glosario paremiolóxico multilingüe galego, portugués, castelán, francés, italiano e inglés", *CFG*, 7, 2005:191-223. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_11.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrécese un glosario multilingüe elaborado cos criterios de equivalencia e correspondencia, utilizados nos estudos de tradución para o tratamento dos problemas que presenta a tradución e a comparación das unidades fraseolóxicas. Pretende ser unha ferramenta para o uso dos tradutores e estudosos que estean interesados na paremioloxía e na lingua galega en xeral. As entradas do glosario son as paremias galegas (con variantes) das que se ofrecen equivalencias ou correspondencias en portugués, castelán, francés, italiano e inglés [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

287 (R/05). Placer López, Gumersindo / Vázquez, Lois [ed.]: "Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López", *EON*, 16, 1929; 17, 1929; 18, 1929; 19, 1929; 20, 1929; 21, 1929; 22, 1929; 23, 1929; 24, 1930. | [Nova ed.]: *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:143-171. | [Ed. facs. en liña n.v. da nova ed.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_07.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Edición dos textos de contido paremiolóxico publicados polo padre mercedario Gumersindo Placer López (1904-1993) entre maio de 1929 e xaneiro de 1930. Os cinco primeiros artigos constitúen un "prólogo" en que reflexiona sobre a relevancia, as orixes e o modo de difusión dos refráns en xeral e

dos galegos en particular e ofrece unha panorámica dos refraneiros galegos escritos ata o momento (algúns aínda inéditos). Nas cinco últimas entregas (a partir do nº 20) recolle 311 refráns con explicacións heteroxéneas da maioría deles (sentido, variantes, significado de voces que aparecen neles, equivalentes casteláns, etc.). Proceden tanto de fontes escritas como orais. A edición vai precedida dunha nota biobibliográfica sobre o autor.

288 (N/05). Río Corbacho, Pilar: "O *refrán meteorolóxico*: estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación", *CFG*, 7, 2005:239-260. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_13.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Dentro do chamado *refrán meteorolóxico* teñen cabida, ademais das paremias que se refiren aos fenómenos atmosféricos, as formas sentenciosas que amosan a influencia dos astros sobre as persoas, os animais ou os cultivos e as que fan referencia ás diferentes actividades que realizan os seres vivos. Polo tanto, a denominación de refrán meteorolóxico non parece a máis idónea para caracterizar esta familia paremiolóxica [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. O traballo comeza por examinar as características deste tipo de refráns, para logo determinar se constitúe un grupo autónomo ou unha subclase e propoñer unha nomenclatura máis axeitada co obxectivo de evitar os equívocos existentes (a autora propón a expresión *paremia xeocosmolóxica*, equivalente ao fr. *dicton*, e presenta unha proposta de clasificación das mesmas). Inclúe exemplos de paremias francesas, castelás e galegas.

289 (R/05). Ruíz Leivas, Cristovo / Eiroa García-Garabal, Juan A.: "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:371-387. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_10.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO ORIENTAL)

Recóllense as especies de cogomelos que se atopan na zona de Valdeorras, Trives e O Bolo (OU). Nunha táboa indícase se son comestibles ou tóxicos, o nome científico, o nome galego e, a continuación, os refráns referidos a ese fungo e a localización. Son en total 277 tipos de cogomelos e uns 100 refráns. Aclárase en nota que "Juan A. Eiroa García-Garabal é autor unicamente [do] primeiro apartado [...]: o groso do traballo (apartado 2.) é da autoría de Cristovo Ruíz Leivas" (p. 371).

290 (R/05). Sesto López, José / Buján Otero, Patricia [ed.]: "El refrán y su sombra (*Faro de Vigo*) por José Sesto", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:345-369. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_09.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reedítanse as entregas paremiolóxicas publicadas por Xosé Sesto López (1909-1998) no xornal *Faro de Vigo*, que se atoparon recortadas no arquivo fraseolóxico de Francisco Vázquez Saco (1897-1962).

Na sección *El refrán y su sombra*, que mantivo entre os anos 1953-1955, Sesto López recollía un refrán, comentábao e engadía unha ilustración. Recóllense aquí 51 refráns referidos a épocas do ano e datas concretas, ordenados por meses, e 19 de contido xeral, ordenados alfabeticamente.

291 (R/05). Taboada Chivite, Xesús / Ferro Ruibal, Xesús (coord.) / Valiño Ferrín, Isabel (ed.) / Veiga Díaz, Maite (ed.) / Taboada Cid, Manuel (biobibliografía): *Refraneiro galego* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 2], [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000, 194 p., il. [= *Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*; 2]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg02.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes / Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, <http://www.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=29119>, Formato: PDF, [Consulta: 25/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA

Importante refraneiro que procede da ordenación do arquivo persoal do gran arqueólogo e etnógrafo verinense Xesús Taboada Chivite (1907-1976). Contén 3.826 refráns galegos, 75 doutras linguas (principalmente, castelán e portugués) e un cento doutros fraseoloxismos ou materiais da tradición oral (cantigas e xogos infantís), ademais dun apdo. que os editores titulan "Generalidades", en que agruparon diversas notas do autor (lingüísticas, etnográficas e temáticas) sobre os materiais compilados. Con frecuencia inclúe a definición das palabras que teñen un uso local e que poderían ser opacas para a maioría dos galegos, así como glosas dalgúns refráns que podían resultar opacos. O labor dos editores non foi unicamente o de transcrición, pois estes materiais fraseolóxicos proceden de fichas soltas que foi preciso ordenar: "temos que advertir que o que hoxe ofrecemos ordenado e impreso ó lector non é un manuscrito definitivo que o autor tivese listo para publicar, senón fichas soltas coas que proxectaba facer un refraneiro galego, con algúns paralelos noutras linguas e nalgún caso comentados" (p. 32). Os editores datan estes materiais no período final da vida do autor. A edición vai precedida dunha nota biobibliográfica sobre o autor (p. 13-22), da autoría do seu fillo Manuel Taboada Cid, e dunha análise do refraneiro (histórica, lingüística e temática), que levaron a cabo os editores (p. 25-45).

292 (R/05). Valladares Núñez, Marcial: "Apéndice a los refranes publicados en el tomo I de esta revista", *Galicia-Co*, 1ª época, II/3, 1888:143-144. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recolleita de 23 refráns organizada alfabeticamente que vén completar a publicada polo autor o ano anterior co título "Refranes, proverbios y decires gallegos, recogidos por el que firma y no contenidos en la Gramática del Señor Saco-Arce" (1887, vid. *BILEGA* 2707).

293 (R/05). Valladares Núñez, Marcial: "Refranes, proverbios y decires gallegos, recogidos por el que firma y no contenidos en la Gramática del Señor Saco-Arce", *Galicia-Co*, 1ª época, I/4, 1887:227-229 (A); 1ª época, I/5, 1887:283-288 (B-E); 1ª época, I/9, 1887:159-160 (F-H); 1ª época, I/10, 1887:205-218 (I-Z). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recolleita de 694 refráns (671 organizados alfabeticamente e outros 23 presentados nun apéndice final) que se completa cun "Apéndice a los refranes publicados en el tomo I de esta revista" (1888, vid. *BILEGA* 2702). Agás nalgún caso, non se ofrecen explicacións verbo do seu uso. Probablemente se trate da edición completa dos refráns que este autor empezara publicando en *O Tío Marcos d'a Portela* (1887, vid. *BILEGA* 4110) e completara en *A Monteira* (1890, vid. *BILEGA* 4111). As dúas series levaban o mesmo título: "Refrás, proverbios e decires gallegos. Recollidos pol-o que firma e non contidos n-a gramática d'o señor Saco e Arce".

294 (R/05). Vázquez Saco, Francisco / Paz Roca, María Carmen [ed.] / Vidal Castiñeira, Ana [ed.]: "Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco", *CFG*, 6, 2004:253-264. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Edición do último manuscrito paremiolóxico en que traballou o sacerdote lugués Francisco Vázquez Saco (1897-1962), completado con anotacións escritas por Mª del Carmen González Pérez. Constituído por 37 follas de distintos tamaños, contén refráns galegos (nuns casos clasificados tematicamente e noutros sen clasificar). Para a transcrición adóptanse os mesmos criterios seguidos na edición do *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* [entrada 301] do mesmo autor.

Vid. tamén as entradas 102, 103, 269, 296, 297, 302, 326, 352, 353, 473, 475, 1098.

4133 Adiviñas

Vid. as entradas 280, 352.

4134 Colocacións

295 (R/05). Paz Roca, María Carmen: "Estudo das colocacións a través da análise de corpus: Un estudo das colocacións co verbo galego *caer* e o correspondente inglés *to fall*", *CFG*, 6, 2004:205-219. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a

Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise comparativa das colocacións co verbo galego *caer* e o correspondente inglés *to fall*, coa intención de amosar que pode ofrecer un corpus á hora de analizar aspectos fraseolóxicos. O estudo baséase na análise de frecuencias de coaparición destes verbos en dous corpus: o *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* [entrada 1106] e o *BNC: British National Corpus* [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

4135 Dicionarios / vocabularios de fraseoloxismos

296 (R/05). Benavente Jareño, Pedro / Ferro Ruibal, Xesús: *Refraneiro galego da vaca*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias «Ramón Piñeiro», 1995, 192 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/publicacions.html>, Formato: PDF, [Consulta: 20/11/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Colección de 1.471 refráns organizados nos seguintes apdos. temáticos: 1) Denominacións segundo a idade; 2) Exterior; 3) Características; 4) Fisioloxía; 5) Reprodución; 6) Patoloxía; 7) O gando e o gandeiro; 8) O pastoreo; 9) O trato; 10) Aproveitamento dos produtos da vaca; 11) Crenzas, crenzas erróneas e supersticións; 12) Prognósticos meteorolóxicos; 13) Calendario; 14) A vaca como referencia; 15) Outras cousas.

297 (R/05). López de Toledo y Guzmán, Hernán / López Navia, Santiago Alfonso [ed.]: "El repertorio gallego-portugués del refranero del comendador Hernán Núñez (1555)", *RFR*, 5, 1987-88:125-182. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM8788110125A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E

Índice: 1. Los *Refranes o proverbios en romance* de Hernán Núñez [Explícase o contexto histórico e cultural en que saíu á luz esta obra e indícase que nela se inclúen refráns de temática moi diversa (ordenados por un criterio alfabético) e de linguas diferentes, pois incorpora mostras do refraneiro castelán, galego, catalán e asturiano] | 2. El repertorio gallego-portugués del refranero del Pinciano | 2.1. Características generales [Indícase que, dos 740 refráns que se inclúen no repertorio galego-portugués, 129 son galegos e 611 portugueses. Ademais, sinálanse outros dous refráns que habería que engadir ao refraneiro galego-portugués, malia non apareceren considerados como tales: *Donde muytos scopen, lama fan* e *Vino de Cacabellos, faz cantar a os vellos*. Recóllese a apreciación que Fermín Bouza Brey deixou no seu traballo "El refranero gallego del Comendador Hernán Núñez, primera colección paremiológica

de Galicia (s. XVI)" (1955, vid. *BILEGA* 1482), respecto da orixe ourensá da maior parte deles, en vista da toponimia que amosan. Destácase tamén a importancia do repertorio ao ser historicamente o primeiro que presenta materiais galegos] | 2.2. Las lecturas modernas [Ademais da xa comentada ed. de Fermín Bouza Brey, estúdase a ed. que Manuel Murguía incorporou na súa *Historia de Galicia* (v. I, 1865, vid. *BILEGA* 6843), se ben se indica que calquera das dúas son claramente modernizadoras e intervencionistas a respecto do texto orixinal] | 2.3. Pervivencia y continuidad [Sinálase o que semella ser o refrán que foi obxecto de maior atención nos refraneiros contemporáneos: *O leyte e o viño, fay o vello meniño*] | 2.4. Transcripción del repertorio | 2.4.1. Criterios observados [Enuméranse os criterios de transcrición, caracterizados por ofrecer a máxima fidelidade ao texto orixinal] | 2.4.2. Texto del repertorio gallego-portugués del refranero de Hernán Núñez [Os refráns aparecen localizados polo número do folio en que figuran no orixinal e pola súa posición no recto ou no verso do mesmo, contando cun total de 131 folios o orixinal] | 2.4.3. Anotaciones y comentarios a los refranes [Inclúense un total de 29 notas en que se explican, fundamentalmente, as diverxencias con outras eds. precedentes e os criterios adoptados nesta, cando modifiquen o texto orixinal de maneira substancial].

298 (R/05). Rivas López, Francisco: *Fraseoloxía da Mariña*, Vigo, A Nosa Terra, [2002], 178 p. | [Nova ed. aum.]: *Dicionario fraseolóxico do mar: Así falan os mariñaos*, Vigo, A Nosa Terra, [2005], 200 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL, GALEGO ORIENTAL)

O autor amplía e reordena o seu anterior traballo *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa* [entrada 299]. Consta de dúas partes: un dicionario fraseolóxico (p. 11-159 da 1ª ed.; p. 19-183 da nova ed.) que recolle fraseoloxismos do mundo mariñeiro e tamén do mundo labrego (pero postos na boca dos mariñeiros) e un vocabulario (p. 161-174 da 1ª ed.; p. 185-200 da nova ed.) con definicións para cada entrada e referencias aos fraseoloxismos en que aparecen.

299 (R/05). Rivas López, Francisco: *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 1], Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000, 91 p., 1 mapa [= *Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*; 5]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg01.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL, GALEGO ORIENTAL)

O traballo vai precedido dun resumo (p. 14-17) dos trazos lingüísticos característicos da fala da Mariña luguesa (concellos de O Vicedo, Ourol, Xove, Viveiro, Cervo, Burela, Foz, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo, Lourenzá, Barreiros, Ribadeo, Trabada). A compilación consta de 640 fraseoloxismos de moi diversos tipos (modismos, locucións, frases feitas, colocacións, refráns) dos que non se indica a localización xeográfica precisa, aínda que unha boa parte deles foron recollidos en Foz; está organizada conceptualmente e, dentro de cada concepto, por orde alfabética da primeira palabra dos fraseoloxismos. A monografía inclúe tamén un vocabulario monolingüe co léxico que aparece na antedita compilación (p. 71-81) e un índice dos fraseoloxismos recollidos (p. 83-90). Esta investigación coñeceu posteriormente dúas novas edicións ampliadas (vid. *Fraseoloxía da Mariña* [entrada 298]).

300 (R/05). Soto Arias, María do Rosario: *Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 3], [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003, 347 p. [= *Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*; 7]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg03.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Colección de materiais paremiolóxicos que a autora presenta como contribución a un dicionario de refráns bilingüe bidireccional galego/castelán. Proceden maiormente de repertorios paremiolóxicos publicados. Despois dun limiar (p. 11-18) en que se fan algunhas consideracións xerais sobre as posibilidades de establecer correspondencias semánticas entre as paremias de dúas linguas e sobre as relacións entre as paremias galegas e castelás (semellanzas, diferenzas e influencias), ofrece as correspondencias semánticas castelás para 4.410 paremias galegas e as correspondencias galegas para 4.187 paremias castelás.

Recs.: Manuel Cousillas Rodríguez, *Garoza*, 4, 2004:291-293. [Ed. en liña n.v.]: [s.d.], <http://perso.wanadoo.es/garoza/G4R7Soto.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 22/05/2008].

301 (R/05). Vázquez Saco, Francisco / Beloso Gómez, Josefa (ed.) / Buján Otero, Patricia (ed.) / Ferro Ruibal, Xesús (ed.) / Paz Roca, María Carmen (ed.): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 5], [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003, CXVII + 1074 p. [= *Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*; 9]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg05.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 02/06/2004]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes / Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, <http://descargas.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/01349475311026070646680/028790.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 17/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA

Edición dunha rica colección paremiolóxica que deixou a medio facer o crego lugués Francisco Vázquez Saco (1897-1962) e que permaneceu inédita ata agora. Consérvase en varios manuscritos que poden datarse entre 1952-1962 e está constituída por 22.939 refráns galegos con 8.093 equivalentes noutras linguas, enriquecidos con 1.410 refráns tópicos, 267 dialoxismos, 59 enunciados fraseolóxicos, 56 frases proverbiais, 238 fórmulas, 262 locucións, 893 entradas léxicas definidas, 27 rimas, 18 xogos, 28 unidades fraseolóxicas de categoría pouco definida, 773 cántigas, 149 adiviñas e un pequeno apéndice con 331 refráns en castelán; tamén inclúe unha listaxe de contos e varios apuntes etnográficos. Do total, o 94% son refráns e o 6% outras unidades dalgún dos tipos enumerados. Os materiais proceden de diversas fontes e foron recollidos en lugares moi dispares da xeografía galega. Así o indican a listaxe de informantes e obras ou autores citados por Vázquez Saco e o mapa que se ofrece na p. XXV. En total, hai 302 informantes individualizados, dos que 218 son seminaristas. Recolleu información de 224 concellos (dun total de 315 que hai en Galicia). Moitos dos autores en lingua castelá xa estaban citados no refraneiro de Luis Martínez Kleiser (*Refranero general ideológico español*, Madrid, Real Academia Española, 1953), polo que se supón que Vázquez Saco non os consultou directamente senón que

reproduciu o que Kleiser ofrecía. A edición vai precedida dun longo estudo (p. XVII-CXVII) sobre os manuscritos (xénese, fontes de información, contido, cronoloxía, criterios de clasificación dos refráns, características lingüísticas, comentarios de Vázquez Saco sobre o refraneiro, criterios seguidos nesta edición); tamén inclúe información biobibliográfica do autor.

302 (R/05). Vidal Castiñeira, Ana: *Proposta de aplicación dun* mínimo paremiolóxico *á aprendizaxe da lingua galega en traducción*, Traballo de fin de carreira, Universidade de Vigo, Licenciatura de Traducción e Interpretación, [2000], 87 p. | [Public.]: "Aproximación ó *mínimo paremiolóxico* galego. Unha proposta didáctica", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:79-116. | [Ed. facs. en liña n.v. da public.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_04.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO ORIENTAL)

A partir de enquisas realizadas na zona de Viana do Bolo (OU), a autora intenta achegarse ao mínimo paremiolóxico do galego desta zona, que clasifica por temas (amor, animais, bebida, clima, compañías, costumes, desgrazas, escarmentar, falar, familia, festas, interese, orgullo, sexo, siso, tamaño, tardanza, traballo e xente nova). Xulga que é de grande importancia o coñecemento destes ditos na actividade tradutora, xa que para traducir "correctamente un refrán habería que buscar outro na lingua de chegada que fose equivalente non só en significado, senón tamén no rexistro e no nivel de uso" (p. 95 da public.). É por iso polo que presenta un glosario de 42 refráns galegos coas súas correspondencias en castelán e inglés. Ofrece tamén un glosario de 348 refráns galegos recollidos na zona investigada.

4136 Didáctica da fraseoloxía

303 (N/05). Conca, Maria: "Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura", *CFG*, 7, 2005:75-89. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_04.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presenta un modelo didáctico para ensinar / aprender as unidades frásicas en contextos de uso. Para isto, danse unhas orientacións sobre termos e conceptos básicos da fraseoloxía, estúdanse os compoñentes da competencia fraseolóxica en relación cos da competencia comunicativa e analízase o uso de unidades frásicas en textos argumentativos e en textos narrativos. Finalmente, proponse, para cada tipo de texto, unha clasificación das unidades frásicas segundo as súas características e as súas funcións discursivas. Ao longo do traballo danse exemplos en castelán, catalán, éuscaro e galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

304 (R/05). González Rey, María Isabel: "A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada", *CFG*, 6, 2004:113-130. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

De todas as ramas da fraseoloxía, a fraseodidáctica representa o eido máis salientable, debido ao feito de que tan só a través do ensino se poden manter vivas as unidades fraseolóxicas entre os usuarios dunha lingua. Porén, na práctica a fraseodidáctica é un campo descoidado polos docentes de linguas maternas (fronte ao que soe acontecer na docencia das linguas extranxeiras, que foi pioneira no recoñecemento da importancia da idiomaticidade das frases feitas, cheas de implícitos culturais e emocionais). Coma mostra da súa posible aprendizaxe, proponse neste traballo unha unidade didáctica en torno ás expresións fixas do galego moderno compostas coa palabra *chover*, tomadas no senso literal e figurado, coa finalidade de ofrecer unhas pautas para a súa adquisición e uso activo [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

305 (R/05). Soto Arias, María do Rosario / González García, Luís: "Aplicacións didácticas dos refráns", *CFG*, 6, 2004:231-250. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. MC

Traballo que lles intenta ofrecer aos docentes de bacharelato un pequeno corpus de exercicios cuxa materia prima son os refráns galegos. O enfoque que se adopta é dobre: inmanente (o refrán como obxecto de estudo de seu) e transcendente (o refrán ao servizo da lingua e da literatura) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

414 Traballos onomasiolóxicos

306 (R/05). García Arias, José Luis: "*Bacalloria*, el nombre asturiano del ciervo volante", *BIEA*, XXIX/84-85, 1975:77-81. | [Reed.]: en Xosé Lluis García Arias, *Propuestes etimolóxiques (1975-2000)*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, 2000:25-28 (= *Llibrería Llingüística*; 11). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/084-03.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Inclúe referencias ás voces gal.-ast. *bacaloira, bacaloura*.

307 (N/05). González González, Manuel: "Nomes xenéricos para designar os apeiros de labranza en galego", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:375-388 + 2 mapas (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

A partir dos datos tirados do *ALGa*, ofrece a relación dos diversos nomes xenéricos para designar os apeiros de labranza en galego, coa correspondente transcrición fonética e localización xeográfica. As voces que se recollen son as seguintes: *alaxes*, *aparellos*, *apeiría*, *apeiros*, *apeos*, *aprechos*, *arabías*, *arreos*, *atavíos*, *atazos*, *aveños*, *avíos*, *cousas*, *enseres*, *ferramenta*, *pertrechos* e *utensilios*. O traballo complétase coa determinación das áreas léxicas dos termos estudados.

308 (N/04). González Iglesias, Mirian: "Denominacións para *ceo* e *nubes* en galego moderno", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:509-516, 2 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA

Na primeira parte do traballo descríbese por medio de mapas a distribución espacial dos termos que constitúen o campo léxico *ceo* e *nubes* no galego oral actual, baseándose nos datos tirados do *ALGa* e do *Arquivo do Galego Oral* do ILG. Concretamente, seleccionáronse nove entradas do cuestionario do *ALGa* (604: *Nube, nubre*; 605: *Nube baixa, nubeiro*; 606: *Castelos, nubes de trono*; 607: *Anubrar, cubrirse o ceo de nubes*; 608: *Ceo*; 609: *Ceo ovellado*; 610: *Ceo empanigado, cardado*; 611: *Ceo nubrado*; 612: *Roibén*), centrándose nas dúas principais que vertebran o conxunto (*ceo* e *nube*) e empregando o resto como material comparativo e complementario cando é necesario. A seguir, confróntanse os resultados obtidos cos que aparecen nos dicionarios galegos de uso máis frecuente [*Dicionário da língua galega* [entrada 102] dirixido por Isaac Alonso Estravíz; *Diccionario Xerais da lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) de María do Carme Ares Vázquez et al.; *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958, vid. *BILEGA* 1047) de Eladio Rodríguez González; *Diccionario da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA* 202) dirixido por Constantino García e coordinado por Antón Santamarina e Manuel González González] e no *Vocabulario ortográfico da lingua galega (Versión provisional)* (1989, vid. *BILEGA* 288) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. Recóllense as seguintes denominacións: *ceo, ceu, ceio, cen, cielo, nube, néboa, niebla, nuboeiro, nebra, néboa de auga, néboa baixa, neboeiro, nieblas baixas, nebras, nubeiro, nubueiro*.

309 (R/05). Menéndez García, Manuel: "Léxico del columpio y su distribución geográfica en Asturias", *BIEA*, IX/25, 1955:243-268, il., 1 mapa. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/025-04.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Inspirándose no traballo de Antonio Fraguas Fraguas "Contribución al estudio del *columpio* en Galicia" (1947, vid. *BILEGA* 1325), o autor achega as formas deste campo semántico utilizadas en Asturias e, circunstancialmente, nalgunhas outras provincias fronteirizas e a terminoloxía "de otros juegos o quehaceres que más o menos de cerca se relacionan con él" (p. 244). Os datos proceden de recollas feitas por el, aínda que non son exhaustivos ["nos han quedado algunos rincones sin explorar, concretamente en los valles altos de los ríos Navia, Narcea y Nalón" (p. 246)]. Preséntanse en forma de vocabulario

organizado nos seguintes apdos. (indicamos as formas usadas no territorio de fala galega): 1. Nomes do «columpio»: *abaloiro* (Castropol), *aguinzadoiro* (Ibias), *ataniga* (El Franco), *atanigueiro* (Villayón), *atanigo* (Coaña), *balancio* (El Franco, Tapia), *canigueiro* (Villayón), *cingarreiro* (Ibias), *taniga* (Navia, Coaña), *tanigueiro* (Boal); 2. Verbos que significan «columpiarse»: *abalanciarse* (Tapia, El Franco), *abanicase* (Tapia, Ibias, Allande), *acanigase* (Villayón, Allande), *aguinzase* (Ibias), *alingase* (Allande), *atalanciarse* (El Franco), *atalingarse* (Os Oscos), *atanigarse* (Navia, Villayón, El Franco, Boal, Coaña, Vegadeo), *canicase* (El Franco), *cingarrase* (Ibias), *delincase* (Ibias), *tanigarse* (Boal); 3. Verbos que significan «mecer el niño en la cuna»: *arrolar* (Ibias, Os Oscos), *arrollar* (Tapia, El Franco, Navia); 4. Expresións para «llevar a uno en vilo, suspendido por los brazos y el cuerpo balanceándose»; 5. Expresións e verbos para «zarandear a un muchacho, sosteniéndolo en posición horizontal por los brazos y piernas»; 6. Expresións para a «acción de columpiarse dos muchachos asidos mutuamente por los brazos y colocados espalda con espalda»: *campanear* (Vegadeo).

Recs.: Maria Palmira da Silva Pereira, *RPF*, VII/1-2, 1956:407-409.

310 (R/05). Ortega Román, Juan José: "Los nombres del castellano grifo en la Romania", *RFR*, 14/1 [= *Memoria-Homenaje a Pedro Peira Soberón*], 1997:411-419. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9797120411A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Cita as denominacións gal. *abilleira* e *billa* -tomadas de José Crespo Pozo-, que considera de orixe celta ou indoeuropea. Tamén inclúe referencia ao gal. *bico* «beso».

Vid. tamén as entradas 248, 249, 250, 315, 509, 511.

415 Traballos semasiolóxicos

Vid. as entradas 306, 509.

416 Traballos lingüístico-etnográficos

311 (R/05). Cabal, Constantino: "*Bierzu* = cuna", *BIEA*, XVI/47, 1962:384-393. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/047-04.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Inclúe referencias ao gal. *berce, berse*, gal.-ast. *berzo* e ao top. *Bierzo*.

312 (N/05). Carmona Álvarez, María Dolores: "El castaño en la vida y en la cultura de Galicia", *Lucensia*, XV/30, 2005:81-94.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Estudo do castiñeiro en Galicia (tipos, enfermidades, variedades, cualidades culinarias do froito, etc.). Sinálase, ademais, a importancia desta árbore e o seu froito na cultura galega, o cal se reflicte na existencia dos apelidos *Castaño*, *Castiñeiras*, *Soto* e *Souto*. Tamén se recollen dúas de cantigas populares, catro refráns e dúas adiviñas relacionadas co castiñeiro e a castaña.

313 (R/05). Cornide, Joseph / Calo Lourido, Francisco (ed.): *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*, Madrid, Joachim Ibarra, 1774, 156 p. | [Ed. facs.]: Edición e estudio de Francisco Calo Lourido, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura galega, Ponencia de Antropoloxía Cultural, 1997, XII + 156 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], BUSC dixital, [2005], <http://iacobus.usc.es/record=b1159466*gag>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. e | 5. inf. diatópica

Ao longo de todo o traballo recóllense as voces galegas empregadas nas distintas vilas da costa ás que se refire o autor. Normalmente aparecen descritas en notas a pé de páxina, indicando en moitos casos o seu étimo.

314 (R/05). Krüger, Fritz: "Las Brañas. Ein Beitrag zur Geschichte der Rundbauten im asturisch-galizisch-portugiesischen Raum", en *Actas e Comunicações do Congresso Nacional de Ciências da População*, II, Lisboa, [s.n.], 1940:239-295, il. | [Reed.]: *VKR*, XVI, 1944:158-203. | Trad. cast. de Carmen Guerra San Martín e Juana María Casielles, "Las Brañas. Contribución a la historia de las construcciones circulares en la zona astur-galaico-portuguesa", *BIEA*, III/8, 1949:41-94. | [Reed. da trad.]: en Fritz Krüger, *Palabras y cosas del suroeste de Asturias: Tres estudios*, Uviéu, Universidá d'Uviéu, 1987:3-44 (= *Biblioteca de Filoloxía Asturiana*; 2). | [Ed. facs. en liña n.v. da ed. cast. orixinal]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/008-02.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c | 5. inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Inclúe moita información sobre os abundantes reflexos de *braña* e derivados na toponimia galego-asturiana. O autor centra a súa atención nas vivendas circulares de pedra (*pallazas*) da comarca que "forma el ángulo extremo del Suroeste de Asturias; está flanqueada al Oeste por la provincia gallega de Lugo y al Sur por el Bierzo, que corresponde a la provincia de León. Esta comarca comprende el valle superior del río Narcea, con Cangas del Narcea [...] como centro administrativo y el valle del río Ibias, con las localidades principales de Degaña, en el curso superior del río, y San Antolín de Ibias, correspondiente ya lingüísticamente a Galicia, en el valle inferior" (p. 42). Describe estas construcións e examina a existencia doutras semellantes en todo o noroeste da Península Ibérica (no territorio galego, portugués, leonés e asturiano).

Recs.: Bernd Bauske, *VR*, 49-50, 1990-91:685-694 [690] | José Ignacio Pérez Pascual, *Verba*, 18, 1991:689-692 [691] | Roger Wright, *BHS*, LXIX/2, 1992:181-182. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI],

ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

315 (N/04). Viso Pérez, Silvia: "Estudio lingüístico e etnográfico da enfermidade *erisipela* nos territorios galego e portugués", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:601-606. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Achegamento etnográfico e lingüístico á enfermidade coñecida como erisipela < lat. *ERYSIPELA*. En primeiro lugar, desenvólvese un breve estudo da enfermidade no ámbito da cultura popular galega, cun enfoque etnográfico e coa ollada posta na medicina popular, recollendo mesmo ensalmos da zona de Beariz (OU) e Arzúa (CO). Logo, do punto de vista lingüístico, descríbese a distribución espacial de todos os nomes que recibe, coas diversas variantes, no territorio galego (50, segundo a autora): *rosas, ardor, fogón, fuego, fogo ardente, lobo, amor ardiente, mor (ardiente), erisípula, decípola, isípula, disípula, decipela, decipelia, decipla(s), ercipela, ercipola, ericipela, eciripela, cipela, cipelo, cipelao, cipla, ucipela, ausipela, orsipela, osipela, usipela, supila, supilón, usipelón, sopilón, oxipe, oxipela, úlcera, úcera, ulceral, úrsula, cobra, cobrón, cóbregas, percebún*; ofrécese tamén unha breve explicación diacrónica de cada unha e contrástanse con outras denominacións dentro da Romania (*percebún* e *culebrún* en Asturias; *dona roja* en Cataluña*; rosa maldita, rosa cabalar, rosa punxoñosa, la maldita* en Valencia; *ruborado* no Minho portugués, etc.).

Vid. tamén a entrada 309.

417 Notas léxicas

316 (N/05). Álvarez de la Granja, María: "As metáforas de amor na lírica profana medieval galego-portuguesa", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:509-519 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Presenta brevemente o uso da metáfora na lingua e na cultura, para logo facer un estudo do comportamento das metáforas conceptuais (que teñen o amor como dominio meta) na literatura, como posible método para levar a cabo unha comparación e extrapolación dos datos obtidos dos textos literarios medievais ao ámbito máis xeral da lingua e a cultura da época. Entre as metáforas e expresións metafóricas do amor saliéntanse as seguintes: 1) o amor reside no corazón (o obxecto de amor como representación metonímica do sentimento da persoa namorada; o corazón funciona como unidade

independente que sofre ou está próximo da amada; hoxe empregánse formas como *corazón namorado*, *corazón cheo de amor*); 2) o amor é proximidade (actualmente úsanse expresións do tipo *decidiron xuntar as súas vidas*; na lírica medieval achamos *tan lonje de coraçon*, *se nom é o coraçom meu / mais preto d' ela que o seu*); 3) o amor é un intercambio económico (expresado na lingua medieval mediante verbos e fórmulas como *dar*, *recibir*, *non dar ren*, *cobrar*, *non perde nen gaan' eu ren*); 4) o namorado como obxecto posuído (na actualidade dise *sempre serei teu*; na Idade Media a senhor mantén unha relación de superioridade de señor a vasalo: *como senhor pode fazer a vassalo*); 5) o amor é forza (na actualidade *o amor pódeo todo* e na lírica medieval *ca voss' amor me forçou*); 6) o amor é loucura (actualmente *está toliño pola rapaza*; na lírica profana a loucura manifestase con riqueza expresiva: *ensandecer*, *perder o sen*, *saír do sen*, *ter sen sen*, *tolher o sen*, *falir o sen*, *sandece*, *loucura*, *folia*, *sandeu*, *louco*, *fol*, etc); 7) o amor é enfermidade (hoxe son comúns fórmulas como *morrer de amor* ou *mal de amor*; na literatura do medievo preséntanse outras similares: *mal d' amor*, *d'amores ei mal*, *tolle mi o corpo*, *ja cegan os ollos meus*, *fui mal ferida*, *meu coraçom nom é são*); 8) o amor é un adversario (expresado mediante verbos como *vencer*, *defender*, *cometer*); i) o amor é guerra (expresado por fórmulas do tipo *vencer / a que me vos fezestes ben querer*); 9) o amor é un obxecto valioso (hoxe manifestado por expresións como *miña prenda*, *levas unha xoia* e na Idade Media *bon roby*) [D.G.M.].

317 (R/05). Brea, Mercedes / Díaz de Bustamante, José Manuel / González Fernández, Isabel: "Animales de referencia y animales de significación en la lírica gallego-portuguesa", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:75-100. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A partir da distinción entre as mencións de animais que os autores chaman "usos de referencia" (que poden producirse por "mención directa" ou "por medio de comparación expresa") e as que representan "una significación alegórica o metafórica", ofrécese unha relación de exemplos da lírica galego-portuguesa.

318 (N/05). Brea, Mercedes: "*Cousir* en la lírica gallego-portuguesa", en Rafael Alemany, Josep Lluís Martos e Josep Miquel Manzanaro (eds.), *Actes del X Congrés Internacional de l'Associaciò Hispànica de Literatura Medieval*, I, Alacant, Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, 2005:425-439 (= *Symposia philologica*; 10).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda a presenza dos *cousidores* e, polo tanto, das formas da familia léxica de *cousir* (*cousidor*, *cousecer*, *cousimento*, *cousido, cousida*), nos textos da lírica profana galego-portuguesa. O substantivo *cousidor* aparece só en A 306 (Inc.: *Algũa vez dix' eu en meu cantar*) de Martin Moxa, mentres que o verbo *cousir* se emprega nun total de vinte cantigas (once de amor, cinco de amigo, tres de escarnio e un pranto), en que convive a forma etimolóxica do infinitivo coas que presentan un sufixo incoativo (cinco, sempre en P6: *cousecen*). A autora intenta determinar os posibles significados do verbo, tendo presentes as propostas de Carolina Michaëlis na ed. crítica do *Cancioneiro da Ajuda* (1904, vid. *BILEGA* 75), os glosarios de edicións individuais ou colectivas e traballos sobre o léxico trobadoresco; en total, identifica cinco («ver», «elexir», «considerar», «reprender» e «aconsellar»), malia que a súa aplicación non é clara en todos os contextos

e por iso trata de analizalos máis pormenorizadamente nas cantigas en que ofrecen dúbidas. O valor «ver» aparece en B 948 / V 536 (Inc.: *Andei, senhor, Leon e Castela*) de Johan Airas, B 735 / V 336 (Inc.: *Poys nossas madres van a San Simon*) de Pero Viviaez, V 599 (Inc.: *Ai mia filha, por Deus, guisade vós*) de Johan Airas, B 591 / V 194 (Inc.: *De morrerdes por mi gram dereit' é*) de Don Denis, B 142 (Inc.: *Vi eu donas encelado*) de Pero Velho de Taveirós, B 624 / V 225 (Inc.: *Do que ben serve senpr' oí dizer*) de Estevan da Guarda. O significado «mirar atentamente», «examinar» ou «comprobar» atópase en B 1136 / V 727 (Inc.: *Quero-vos eu, mha irmana, rogar*) de Bernal de Bonaval, B 1265bis / V 871 (Inc.: *Amiga, quero-m' ora cousecer*) de Lourenço, jogral, V 1032 (Inc.: *'Rodrigu' lanes, queria saber*) de Lourenço, jogral, así como en versos de dúas composicións atribuídas a Pero da Ponte. Fronte a estes valores, a autora destaca os de «reprochar», «censurar» en B 923 / V 511 (Inc.: *Senhor, se o outro mundo passar*) de Estevan Perez Froian, B 465 (Inc.: *ũa pregunt' ar quer' a el-Rei fazer*) de Garcia Perez, B 909 / V 496 (Inc.: *Ora mh-o tenham a mal-sen*) de Roi Fernandiz, B 372 (Inc.: *Senhor do muy bon parecer*) de Pero Mafaldo, na composición de Martin Moxa sinalada ao comezo e noutras atribuídas a Airas Nunez e Airas Carpancho. Tamén analiza os casos de *cousimento* (en nove cantigas) e os do adxectivo *cousido / -a*. Nas consideracións finais fai referencia á utilización de *cousir* noutras obras medievais e aos valores que adopta nelas.

319 (N/05). Brea, Mercedes: "*Que gran coita d'endurar*. Anotacións sobre o uso lírico de *endurar*", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:527-539 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo do verbo *endurar*, documentado en 25 cantigas da lírica profana medieval galego-portuguesa atribuídas a 18 trobadores diferentes. Da análise dedúcese que está sempre en posición de rima (agás no posible escarnio de amor *Mia senhor, vin-vus rogar* [B 7] de Airas Moniz de Asme), e baixo a forma infinitiva ou, ás veces, formando parte dunha perífrase de futuro (exceptúase o texto *Quand' ora fôr' a mia senhor veer* [B 141] de Nuno Eanes Cêrzeo, pois figura como perfecto). O campo sémico ao que pertence é o do *amor non correspondido*, propio da cantiga de amor, polo que presenta con frecuencia como obxecto directo os substantivos *coita* / *mal* (que funcionan como sinónimos) e *afan*, semanticamente próximo aos outros dous. Da observación das ocorrencias, a autora conclúe que significa «sufrir», «soportar». Por outra parte, sinala que os contextos en que aparece son similares: textos moi elaborados desde un punto de vista conceptual e léxico, que son obra de trobadores de procedencia nobre. Tamén salienta a escasa frecuencia de uso deste verbo, non exclusivo da lírica (Ramón Lorenzo documéntao dúas veces en *La traducción gallega de la Crónica General y la Crónica de Castilla* [1965, vid. *BILEGA* 368] e tamén se acha nas *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio), feito que se corresponde coa súa perda en galego, xa que non se rexistran ocorrencias posteriores ao século XIV [D.G.M.].

320 (R/05). Carré Alvarellos, Leandro: "Galaico-portugués *ler*, m. s., y su significado", *BmF*, X/1-4 [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, I], 1949:341-343. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/10/boletim10.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Nota sobre o significado e procedencia da palabra *ler* na cantiga de amigo B 645 / V 246 (Inc.: *Vi eu, mia madr' andar*) de Nuno Fernandez Torneol e na cantiga de amor B 1151a-1152a / V 754 (Inc.: *En Lixboa, sobre lo mar*) de Johan Zorro. Defende como significado «mar» e relaciona a súa orixe coas linguas celtas.

321 (N/05). Corral Díaz, Esther: "*Conorto* na tradición da lírica galego-portuguesa", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:541-551 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estúdase o uso e os valores do substantivo *conorto* e o verbo *conortar*, rexistrados en 11 composicións (9 como substantivo e 2 como verbo), ademais do adxectivo *desconortado* nunha ocasión, na lírica profana medieval galego-portuguesa e en 32 textos das *Cantigas de Santa María*; non aparece, en cambio, nas obras en prosa. Como orixe etimolóxica apúntase o verbo do latín vulgar *CONHORTARE*, a partir do clásico *COHORTARI*, derivado de *HORTARI* «animar», «exhortar», «estimular», e analízase a relación que se establece entre *conorto* e *conforto*. Puntualízase que, en xeral, os autores que máis empregaron *conorto* ou *conortar* proceden dun amplo arco cronolóxico da tradición trobadoresca, malia predominaren os localizados na corte de Afonso X. Semanticamente, *conorto* insérese no campo sémico da coita, indicando «gozo», «sabor», «pracer», mentres que o adxectivo *conortado* equivale a «ledo»; habitualmente rexístrase a expresión *aver conorto* ou, máis inusuais, *dar conorto*, *leixar conorto*. Por outra parte, indícase a frecuente relación que establece *conorto* con *morte*, algo non exclusivo da lírica medieval galego-portuguesa [D.G.M.].

322 (R/04). Cunha, Celso Ferreira da: "Guirlanda & grilanda", *RBF*, II/2, 1956:205-206. | [Reed.]: Celso Cunha, *Sob a pele das palavras: Dispersos*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira / Academia Brasileira de Letras, 2004:189-190.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

José Pedro Machado considera que a voz *guirlanda* (probable galicismo) foi introducida no portugués no séc. XIX. Fronte a esta opinión, o autor aduce a súa presenza na cantiga de amor B 868-869-870 / V 454 (Inc.: *Oí og' eu ũa pastor cantar*) de Airas Nunez, polo que se trataría dunha forma moito máis antiga.

323 (N/05). Fernández Guiadanes, Antonio / Pérez Barcala, Gerardo: "O *(des) ensandecemento* trobadoresco", *Verba*, 32, 2005:191-224.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Os autores tratan de determinar as claves da presentación discursiva do termo *ensandecer* (derivado de *sandeu* por medio do prefixo *en-* e o sufixo *-ecer* < lat. *–ESCERE*) e o seu antónimo *desensandecer* (formado mediante o prefixo *des-* < *DIS-*) na lírica profana galego-portuguesa. Malia existiren nesta tradición literaria outras fórmulas expresivas relacionadas co motivo da loucura (*tolher o sén*, *perder o sén*), o traballo concéntrase nestas dúas, porque foi *ensandecer* a que serviu de base á creación de *desensandecer*, que constitúe unha alternativa léxica a outras expresións como *cobrar o sén*. Analízase a

plasmación poética destes termos co obxecto de trazar o seu desenvolvemento conceptual [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

324 (R/05). Ferreira, Urbano: "Por Galicia", *Galicia-Co*, 2ª época, I/10, 1893:577-583. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Recolle numerosas mencións do adxectivo *gallego*, que posúe sempre un matiz pexorativo por razóns históricas consideradas falsas polo autor, que reivindica a súa revisión.

325 (N/05). Fidalgo Francisco, Elvira: "O nome de María", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:553-565 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Nas cantigas de loor das *CSM* distínguense dous tipos: as construídas sobre o modelo da canción de amor profana e as que seguen o modelo dos himnos latinos. A autora céntrase especialmente na cantiga 70, dentro do segundo grupo, onde se debuxa o nome de María nun acróstico: cada un dos primeiros versos empeza pola letra correspondente. Coméntase cada un dos termos que figuran na primeira estrofa, iniciada co M, que xira arredor de *madre*, *maior*, *mansa*, *mellor*; na segunda, refírese aos termos *avogada*, *aorada*, *aposta*, *amiga* e *amada*; na terceira, *ram' e raíz*, *emperatriz* (non iniciado polo r, pero xustificado por actuar como intensificador do apelativo *reinna*) e *rosa*; na cuarta estrofa, referíndose ao fillo de María, coméntase a expresión *iusto iuiz*; na quinta, onde se apreza o papel de María como mediadora, explícase a identificación da Virxe coa imaxe *strela do día*; a autora indica que a acepción de María como luz procede do intento de explicar o étimo, *Miryam*. Engade por último unha explicación sobre a atribución dos nomes *Ave* e *Maris Stella*, que se debe seguramente a un erro de copia de *stellam maris* por *stillam maris* «pinga de mar» [D.G.M.].

326 (R/05). Garrosa Gude, José Luis: "Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo - Lugo)", *Madrygal*, 3, 2000:51-57. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0000110051A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Descríbense algunhas tradicións orais relacionadas con crenzas esotéricas. Inclúe a explicación dalgunhas voces galegas, así como dous refráns.

327 (N/05). González Martínez, Déborah: "Reflexions sobre algúns elementos léxicos empregados por Fernán Fernandez Cogominho", en Rafael Alemany, Josep Lluís Martos e

Josep Miquel Manzanaro (eds.), *Actes del X Congrés Internacional de l'Associaciò Hispànica de Literatura Medieval*, II, Alacant, Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, 2005:809-818 (= *Symposia philologica*; 11).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A autora parte da súa propia lectura dos once textos atribuídos a Fernan Fernandez Cogominho para estudar os termos máis característicos do trobador dentro do conxunto da lírica profana galego-portuguesa. Destaca a voz *sobrinha* na cantiga de escarnio B 366bis (Inc.: *Vẽeron-m' ora preguntar*) como hapax da lírica profana que serve para identificar a dama á que o trobador ama, establecendo problemas de clasificación xenérica. En segundo lugar, analiza a voz *demo*, menos usual na lírica profana ca na relixiosa, para a que documenta os valores de «ser maligno» e «órgano sexual masculino»; sinala, ademais, os problemas hermenéuticos que presenta o contexto no que está inserido este termo. Comenta logo o emprego da palabra *coita*, centrándose principalmente na cantiga de amor B 364 (Inc.: *Muitos an coita d' amor*), na que se establece paralelismo entre os termos *coita*, *mal* e *morte*, que funcionan como sinónimos nese contexto; sinala, ademais, o uso alternativo ou complementario dos termos *mal* e *coita*. Por último, fai referencia ás voces *soidade* (presente en oito textos, normalmente complemento do verbo *aver*, pero tamén de *viver*, *sofrer*, *tolher* e *perder*) e *fazenda* (documentada en 37 ocasións), destacando o valor figurado «situación / estado dunha persoa», «condición» para a cantiga de amor B 366 (Inc.: *Non am' eu mia senhor, par Deus*) [A.].

328 (R/04). Hart, Thomas R.: "The *cantigas de amor* of King Dinis: *em maneira de proençal*", *BHS*, LXXI/1, 1994:29-38. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]. | [Ed. facs. en liña]: Birmingham, EBSCOhost Electronic Journals Service, [s.d.], <http://ejournals.ebsco.com/direct.asp?ArticleID=49EBB520100BE355547B>, Formato: PDF, [Consulta: 14/02/2008]. | [Ed. en liña]: London, Informaworld, [s.d.], <http://www.informaworld.com/smpp/ftinterface~content=a782271954~fulltext=713240928>, Formato: HTML, [Consulta: 15/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comentario lingüístico da cantiga de amor B 520a / V 123 (Inc.: *Quer' eu em maneira de proençal*) de Don Denis, no que se fai referencia ao tipo de léxico utilizado e aos provenzalismos que aparecen nela.

329 (N/05). Lorenzo Gradín, Pilar: "A ignominia dunha carreta: Lanzarote e o coteife afonsí", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:567-583 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza a composición *Vi un coteife de mui gran granhon* [B 479 / V 62] de Afonso X, en que se satiriza un individuo que non respecta os seus deberes como guerreiro e é antítese das virtudes cabaleirescas. É nomeado *coteife* e adxectivado como *mao*, *val[a]di*, *mal guisad' e vil*. A autora repara, ademais, en detalles da súa vestimenta (o *perponto* e a *branqueta*, que xustifican o ataque ao escaso poder económico) e comenta a problemática que atinxe aos últimos versos, centrándose nas expresións *cordon d'ouro e*

aguazil. Por outra parte, analiza a posible relación entre o refrán da cantiga afonsina (*ai, que coteife pera a carreta!*) coa obra de Crhétien de Troyes, *Li chevaliers de la charrette*. Conclúe que, se a aparición da carreta na composición galega é resultado da adaptación dos coñecementos que Afonso X tiña do *roman* occitánico, supón o coñecemento polo público das aventuras de Lanzarote, apoiándose en ser esta a única ocorrencia do termo no corpus profano e introducirse na mesma cobra do texto o galicismo *joeta* [D.G.M.].

330 (N/05). Machado, José Barbosa: "O léxico obsceno na prosa medieval portuguesa", en Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva (coords.), *Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela*, I, [Organizada pola] Secção de Linguística [do] Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, 2005:377-385 (= *Homenagens*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [s.l.], Projecto Vercial, Letras & Letras, [2007], <http://alfarrabio.di.uminho.pt/vercial/zips/machad20.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 25/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analízase o léxico obsceno na prosa medieval portuguesa. Entre os termos estudados aparecen *cornudo* e *puta* (no *Foro Real* de Afonso X), *fideputa* (na *Cronica Xeral de Espanha de 1344*), *barregã* (na *Cronica Xeral de Espanha de 1344* e na *Demanda do Santo Graal*) e a familia léxica de *fornicar* (no *Foro Real* de Afonso X e na *Demanda do Santo Graal*) [T.A.G.].

331 (N/05). Marcenaro, Simone: "L'osceno nella lirica medievale: il caso delle cantigas d'escarnho e maldizer galego-portoghesi", *L'Immagine Riflessa*, XIV/1-2, 2005:103-120.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Revisa o vocabulario obsceno empregado na lírica galego-portuguesa, salientando a singularidade desta tradición polo recurso a este tipo de vocábulos no conxunto dos textos poéticos románicos máis temperáns e establecendo interesantes relacións coa poesía trobadoresca occitana. En opinión do autor, este tipo de estudos semánticos é absolutamente necesario para poder interpretar e comprender as bromas corteses que hoxe non resultan comprensibles para o lector moderno.

332 (R/05). Merêa, Manuel Paulo: "Nótulas filológicas", *BmF*, VI/1-2, 1939:185-187. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/06/boletim06.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda o significado das expresións *des i*, *sol que* e *iubere* (**IUBENTE REGE*; *IUSSIONE*; **IUSSU*) en cantigas e textos notariais medievais. Para *des i* os significados atribuíbles son «desde entón» (no *Cancioneiro da Ajuda*), «en seguida» e «além dissso»; para *sol que* os significados son «unicamente se» (no *Cancioneiro da Ajuda*), «logo que» e «apenas» [T.A.G.].

333 (N/05). Miguélez Díaz, Xosé A.: "Lorenzo Varela e o Cristo da liberdade", *Encrucillada*, 142, 2005:11-31 [115-135].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Repaso biobibliográfico pola figura de Lorenzo Varela (1917-1978), destacando a súa obra en galego e o aspecto relixioso na totalidade da súa produción literaria. Ten interese lingüístico a epígrafe titulada "Unha linguaxe secular da fe e un fondo sentido relixioso" (p. 26-29 [130-133]). Nela, cinguíndose aos 25 poemas galegos que escribiu, destácase o emprego do termo *irmán* nun terzo deles, "case sempre como invocativo máis que como substantivo" (p. 27 [131]). Indícase tamén que este foi un termo moi empregado polos autores do galeguismo das décadas de 1920 e 1930, reflectindo con el "a vivencia totalizante e renacedora dos que se descubrían fillos da Galicia asumindo o galeguismo militante" (ibid.).

334 (R/05). Montoya Martínez, Jesús: "La literatura caballeresca en la obra de Alfonso X", *RFR*, 14/2 [= *Memoria-Homenaje a Pedro Peira Soberón*], 1997:299-313. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9797220299A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Todos os que ata agora estudaron a orixe e presenza da Materia de Bretaña e, concretamente, os temas artúricos en España adoitan aludir a Afonso X como referente principal. O mesmo acontece cos textos literarios hispánicos da época. Neste eido, o autor cre que as *Cantigas de Santa María*, unha das obras emblemáticas do rei sabio, tamén amosan no desenvolvemento de moitos miragres, no seu contexto e nas súas descricións "que el ambiente caballeresco es algo consustancial a la época, y difícilmente se puede concebir muchas de sus cantigas sin esta interpretación" (p. 300). O presente traballo está dedicado a confirmar esta idea a través da identificación dos tópicos e dos termos referidos ao mundo cabaleiresco nas cantigas marianas, onde se atopa 136 veces a voz *cabaleiro* e vars., así como os seguintes termos que designan costumes ou virtudes do cabaleiro: *branco*, *franco*, *ardido*, *bono de armas*, *bono de mannas*, *fremoso*, *aposto*, *bravo*, *terreiro* e *sandeu*; hai tamén referencias ás figuras do *gardador* (voz de orixe provenzal) e a *covilleira*.

335 (R/05). Paredes Núñez, Juan: "*Armar manto*: Algunas consideraciones sobre la cantiga *O que da guerra levou cavaleiros* de Alfonso X", *RFR*, 14/1 [= *Memoria-Homenaje a Pedro Peira Soberón*], 1997:569-574. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9797120569A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda o significado da expresión *armar manto*, que aparece na cantiga de escarnio B 496 / V 79 (Inc.: *O que da guerra levou cavaleiros*) de Afonso X e que o autor interpreta como «vestir ricamente non só para blasonar de gran señor ocultando deste modo a súa condición de cobarde, senón tamén para encubri-la deslealdade e a traizón».

336 (R/05). Parkinson, Stephen R.: "Os tabeliães, o seu título e os seus documentos", *BmF*, XXV/1-4, 1976-79:185-212. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/25/boletim25.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. ME

Sobre a orixe e significado das voces gal.-port. *notairo* < *NOTARIUM* e *tabeliõ* < *TABELLIONEM*. De *tabeliõ* recolle as vars. *tabeliõ* (datada entre 1254 e 1390), *tabaliõ* (datada entre 1212 e 1377), *tabeliã* (datada entre 1319 e 1447), *tabaliã* (datada entre 1309-1459). Inclúe un índice cos nomes e apelidos dos *tabeliães* portugueses rexistrados entre 1255 e 1390 (p. 206-210).

337 (N/05). Parrado Freire, Alexandre Gaiferos: "O léxico da guerra como metáfora do obsceno nas *Cantigas de escarnio e mal dizer* galego-portuguesas", en Rafael Alemany, Josep Lluís Martos e Josep Miquel Manzanaro (eds.), *Actes del X Congrés Internacional de l'Associaciò Hispànica de Literatura Medieval*, III, Alacant, Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, 2005:1277-1287 (= *Symposia philologica*; 12).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda o léxico da guerra empregado como metáfora do obsceno nas cantigas de escarnio galego-portuguesas. O autor indica que algunhas das voces pertencentes a este campo semántico eran xa empregadas coa mesma finalidade na lingua latina. Diferencia entre: a) vocábulos usados en sentido recto, como nos escarnios políticos de Afonso X relacionados coa guerra de Granada (*guerra, lidar, coteifes, genete, cavaleiro, porpento / perpento, calças, arminhos, espada, vainha*; b) vocábulos que posúen valor claramente obsceno, referidos ao acto sexual ou aos órganos sexuais femininos ou masculinos (*baralla, ferir, guerra, guerreiar, colpar / colpe / dar colpes, perfiar, lidar, cavalgar, tirar, vingar, matar, vencer, sofrer, colpada, malferida, chaga, tragazeite, armas, ardida, morrer*). O autor analiza as seguintes cantigas dirixidas a soldadeiras: B 1574 (Inc.: *Os beesteiros d' aquesta fronteira*) de Pero García de Ambroa, exemplo de uso dos xogos de palabras; B 1591 / V 1123 (Inc.: *Traj' agora Marinha Sabugal*) de Afonso Eanes do Coton, en que o xogo de palabras parece denunciar unha relación lésbica entre a soldadeira e unha vella. Das cantigas dirixidas a outros personaxes, o investigador comenta B 1453 / V 1063 (Inc.: *Bernal fendudo, quero-vos dizer*) do xograr Johan Baveca, en que aparecen os termos *armas*, *dona salvage*, *derrobar*, *cobrar*, *dar*, *ferran*, *cansaran*, *vencer*, *enfraquecer*, *sofrer*, *colpar*, *ferir* e o alcume *Fendudo*, que alude ás prácticas homosexuais do protagonista. Por último, comenta a cantiga B 1472 / V 1083 (Inc.: *Don Estêvão achei noutro dia*) de Men Rodriguez Tenoiro, en que aparecen as expresións *gran baston*, *gran pao* e *ferir*.

338 (R/05). Pensado, José Luis: "Datos para la historia de *español* en portugués", *BmF*, XXVIII/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, I], 1983:195-206. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/28/boletim28.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M

Inclúe unha breve referencia á palabra *español* en galego-portugués medieval.

339 (N/05). Sánchez González de Herrero, María Nieves: "El léxico de los documentos alfonsíes", *Estudis Romànics*, XXVII, 2005:41-71. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Institut d'Estudis Catalans, Revistes científiques en línia de l'IEC, [2005], <http://www.iec.cat/pperiodiques/>, Formato: PDF, [Consulta: 15/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Revistes Catalanes amb Accés Obert, [2005], <http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/21292/42317>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

O estudo do léxico dun corpus de 660 documentos en castelán procedentes da chancelaría de Alfonso X o Sabio permite constatar diferenzas lingüísticas entre os documentos en función da zona á que se dirixan. Entre as voces que se estudan como exclusivas de determinadas zonas peninsulares están: *forero* «obligado o sujeto a constribuir con impuesto o tributo», voz que se atopa no occidente peninsular, Asturias e Ourense; *iuniores* «colonos que debían sus prestaciones al hecho de habitar en tierra tributaria», voz de León e Galicia; *portalgo* «impuesto», en León e Galicia, convivindo coas variantes *portadgo*, *portage*, *portaje*; *roso* «rapto», en Sanabria e Galicia; *carvallo* «roble pequeño de hojas mui ásperas», en Galicia; *omizian* «homicida» en León e Galicia; *quejumbre* / *quexume*, voz leonesa que se considera procedente do galego-portugués *queyxume* [T.A.G.].

340 (R/05). Tolstáya, M.: "Las cantigas de amigo galaico-portuguesas: sobre la interpretación de la alegría y de la tristeza", en *Actas de la II Conferencia de Hispanistas de Rusia (Moscú, 19-23 abril 1999)*, [Ed. dix.]: Madrid, Embajada de España en Moscú / Ministerio de Asuntos Exteriores, Dirección General de Relaciones Culturales y Científicas, 2000:[s.p.], CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. en liña n.v.]: [Madrid], Centro Virtual Cervantes, [2005], <http://hispanismo.cervantes.es/documentos/nechayeva.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analízanse os medios expresivos con que se fai referencia aos sentimentos de alegría e tristeza nas cantigas de amigo galego-portuguesas. Comézase distinguindo as unidades léxicas que conteñen dun modo evidente os semas de ledicia e tristeza. Préstase atención tamén aos vocábulos que inclúen estes significados en calidade de semas contextuais, as particularidades do emprego dos sinónimos e as formas sintácticas expresivas como o paralelismo. Finalmente, préstase atención á interpretación dos símbolos. Así pois, destácanse dous tipos de elementos léxicos: por un lado, vocábulos que directamente indican a semántica da alegría ou de tristeza (*leda, sofrer, doer, endurar, morrer*) e, por outro, vocábulos que adquiren a carga semántica nun contexto adecuado (*fremosa, velida, louçana, delgada, loada*) para expresar alegría, o mesmo que os símbolos *cervo, cabelos, volver a auga*.

341 (N/05). Valverde Medeiros, Itastimara: "A temática erótico-sexual em cantigas satíricas: análise de lexias", [Ed. en liña n.v.]: en Lúcia Maria Pinheiro Lobato et al. (orgs.), *Anais do IV Congresso Internacional da ABRALIN [Universidade de Brasília, 17 a 19 de fevereiro de 2005]*, [Brasília], Associação Brasileira de Lingüística, 2005:1559-1567, <http://www.abralin.org/publicacao/abralin2005.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 08/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise do léxico sexual (ou utilizado con estas connotacións) nunha serie de cantigas de escarnio medievais relacionadas coa figura da abadesa. Da cantiga B 1579 / V 1111 (Inc.: *Abadessa, oí dizer*) de Afonso Eanes do Coton recóllense as voces *ben* «amor carnal», *foder* «copular», *pastor* «puro» e *mester* «arte, oficio, habilidade»; da cantiga B 1471 / V 1081 (Inc.: *En Arouca a casa faria*) de Afonso Lopez de Baian sinálanse as voces *madeira* «pênis, órgão sexual masculino» e *madeirar* «ter relações sexuais»; da cantiga B 1604bis (Inc.: *A vós, dona abadessa*) de Fernando Esquio cítanse *caralho francés* «consolador, pênis artificial» e *colhões* «testículos»; da cantiga V 1005 (Inc.: *Abadessa, Nostro Senhor*) de Gonçalo Eanes do Vinhal cítanse *nembrastes* «recordastes»; da cantiga B 1625 / V 1159 (Inc.: *Don Affonsso López de Baiám quer*) de Pai Gomez Chariño cítanse *lavrar* «fornicar» e *madeira* «pênis» [T.A.G.].

342-1 (N/05). Varela Sieiro, Xaime: "A propósito de algunos arabismos relativos a la alimentación en la documentación medieval de Galicia", en Manuela Marín e Cristina de la Puente (eds.), *El banquete de las palabras: La alimentación en los textos árabes*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2005:135-151 (= *Estudios árabes e islámicos. Monografías*; 10).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Versión impresa do relatorio presentado nunha mesa redonda celebrada no Instituto de Filoloxía do Consello Superior de Investigacións Científicas (Madrid) en novembro de 2003. Na liña doutros traballos do autor (vid. *BILEGA* 9878, 11544, 14984, 15041, 15061), estuda a presenza de terminoloxía de orixe árabe relativa á alimentación na prosa notarial altomedieval de Galicia (con inclusión dalgunhas referencias ao dominio astur-leonés e das hipóteses etimolóxicas propostas por outros estudosos). Tamén ofrece unha breve descrición (coa correspondente terminoloxía) doutros alimentos que formaban parte da alimentación medieval. Os datos proceden dun corpus de 4.200 diplomas latinos datados entre o séc. VIII e o a. 1250 e pertencentes a múltiples centros monásticos do territorio galego. Os termos estudados son os seguintes: *ARRODOMA / (AR)REDOMA* «especie de vaso o vasija de vidrio blanco tallado o de cristal de roca oriental, que se presenta al comienzo de la comida» (sinala a pervivencia desta voz no cast., port. e gal. mod. *redoma*); *TAGARA* (inclúe referencia ao gal. e port. modernos *tagra* «medida antigua equivalente a dos litros»); *REGUEIFA / REGUEYFA*, documentada por primeira vez na Península Ibérica en dous docs. do mosteiro de San Xiao de Samos dos aa. 1166 e 1167 e presente tamén nos mesmos contextos en docs. romances de Galicia durante o séc. XIV; esta voz pervive no cast., port. e gal. modernos *regueifa*, presentando neste último os significados «mollete de pan de trigo de buen tamaño, muy cuidado en su hechura y elaborado generalmente con harina de trigo –o mezclada- huevos, manteca, azúcar y unos polvos de canela», «especie de competición poético-musical que tenía lugar el día de la boda» (acepción viva ata a década de 1950 aproximadamente), «improvisación dialéctica en verso o un disputa sin más» (na actualidade).

342-2 (N/05). Wright, Roger: "Romance and Ibero-Romance in the *Descort* of Raimbaut de Vaqueiras", en Sándor Kiss, Luca Mondin e Giampaolo Salvi (eds.), *Latin et langues romanes: Études de linguistique offertes à József Herman à l'occasion de son 80ème anniversaire*, Tübingen, Max Niemeyer, 2005:463-472.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comenta o multilingüismo do descort de Raimbaut de Vaqueiras (Inc.: *Eras quan vey verdeyar*), datado entre 1197 e 1201 e transmitido por sete manuscritos. É unha composición que consta de 5 cobras escritas cada unha nunha lingua romance distinta e unha última que recolle en cada dous versos as linguas utilizadas anteriormente. As linguas, por orde de aparición, son o occitano, o italiano (ás veces identificado como xenovés), o francés, o gascón e, por último, unha variedade da Península Ibérica cuxa identificación varía en función dos estudosos: galego-portugués, castelán, aragonés. O autor concéntrase nesta quinta cobra, comentando algúns aspectos lingüísticos de formas que aparecen nela, como *corasso*, *mot gen favlan*, *mochas*, *resperado* [D.G.M.].

Recs.: Marc van Uytfanghe, *RLiR*, 71/283-284, 2007:525-533 [530].

Vid. tamén as entradas 268, 276, 655-1, 775, 924, 947, 956, 957, 974, 979, 985, 1088.

418 Traballos non lingüísticos con información léxica

4181 Etnografía e antropoloxía

343 (N/05). Caamaño Suárez, Manolo: "As construcións populares nos textos etnográficos de Xaquín Lorenzo", en Paula Ballesteros Arias (coord.), *Encontros coa Etnografía*, Noia, A Coruña, Toxosoutos, [2005]:299-316 (= *Divulgación e ensaio*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Repaso dos traballos etnográficos de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), especialmente da obra *Etnografía: Cultura material* (1962, vid. *BILEGA* 3546), "unha lúcida radiografía sobre o estado da vida material dos mundos labrego, mariñeiro e artesán de Galicia dos primeiros cincuenta anos do século pasado" (p. 302). O autor considera este traballo alicerce dos estudos etnográficos posteriores, onde no eido das vivendas de zonas moi determinadas destacan as contribucións de José Ramón Fernández-Oxea, Xosé María Lema Suárez, Carlos García Martínez, Pedro de Llano e Mark Gimson.

344-1 (N/05). Caamaño, A. Antón: "Dúas alegacións sobre a problemática do celtismo", *A Taboada*, X, 2005:81-102, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

Índice: 1. Primeira achega dende a zootecnia [Analízanse os diferentes posicionamentos respecto da tradición que ampara o celtismo do pobo galego, defendida, entre outros, por Manuel Murguía (1833-1923) e Eduardo Pondal (1835-1917), e que ten as súas orixes xa en autores clásicos grecolatinos. A seguir, faise un estudo zootécnico da vaca rubia galega e do porco celta partindo da base de que "no caso de que se observen similitudes nas razas animais de diversas xeografías por distantes que sexan, teremos que concluír en que as xentes que conviven con elas, son diferentes ramas dun mesmo tronco orixinario que seguiron camiños diverxentes nas súas primitivas migracións" (p. 88-89)] | 2. Achega histórico-lingüística [Estúdase a deriva etimolóxica do topónimo *Galiza*, concluíndo que: a) na época prerromana *GAL-LE* > *GALLATIA* > *GALLACIA* (xentilicio *GALLAICUS, -I*); b) na época romana triunfa *GALLAECIA* e incorpórase o xentilicio *GALLAECUS* sen que se perda o xentilicio da época anterior; c) na época post-romana úsanse indistintamente *Galiza*, *Galicia*, *galego* e *galaico*, e escasamente *galiciano*].

344-2 (N/04). Carnero Vázquez, Ofelia [comp.] / Cuba Rodríguez, Xoán Ramiro [comp.] / Reigosa Carreiras, Antonio [comp.] / Salvador Castañer, María de las Mercedes [comp.]: *Da fala dos brañegos: literatura oral do concello de Abadín*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo / Museo Provincial de Lugo, 2004, 387 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Importante colección de literatura oral recollida nas 19 parroquias do concello de Abadín (LU) durante os anos 1992-1993 a través de gravacións e dentro do proxecto *Inventario de lendas, contos e outras manifestacións da literatura oral do concello de Abadín*, desenvolvido polo Grupo de investigación etnográfica *Chaira* que formaron os autores no ano 1992. Son contos (168), lendas (50), mitos, poemas, coplas, oracións, adiviñas, romances, chistes e anécdotas de personaxes locais, que se ofrecen aquí ordenados segundo esta tipoloxía e transcritos con absoluto rigor filolóxico, característica que os convirte en material útil para unha posible investigación dialectal. Cada texto preséntase identificado a través do nome completo do informante, a súa idade no momento da recolleita, o lugar da gravación e a data da mesma.

345 (R/05). Dellwo, Volker: "Die galicische Sackpfeife, Mitglied einer großen europäischen Sackpfeifenfamilie", *Galicien Magazin*, 7, 1999:25-30, il., 1 mapa. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin7.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Nota sobre a música popular europea centrada nos instrumentos de vento do tipo da gaita. Fai referencia á gaita galega, da que cita partes (*roncos, borla, soprete, zapón, buxas, punteiro, fol, ronquillo*) e accesorios (*pallón, palleta*).

346 (R/04). Fidalgo Santamariña, Xosé Antón: "Arredor do polbo. Do mar á montaña", en Francisco Calo Lourido (coord.), *Antropoloxía mariñeira: Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in memoriam Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 10-12 de xullo, 1997)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Ponencia de Antropoloxía Cultural, 1998:195-230, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/antropoloxia_mar.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/06/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inclúe un vocabulario cos aparellos para a pesca do polbo (*raña / rañeiro, garabeta, cotelo, espiga, táboa do polbo, gradella*) e cos instrumentos de captura (*gancho, bicheiro, espello, lañeira, nasa, escaravello, palangre*).

347 (N/05). Figueira Tenreiro, Sabela: *Os espazos da memoria: Patrimonio, simbolismo e identidade nas parroquias de Lanzós*, [Lugo], Instituto de Estudios Chairegos, [2005], 221 p., il., 7 mapas (= *Biblioteca Chairega*; 3).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Estuda a relación entre patrimonio, simbolismo e identidade a partir das percepcións comunitarias do patrimonio cultural. Comeza cunha aproximación aos conceptos de *simbolismo* e *identidade* como aspectos do patrimonio que van ser analizados. O obxectivo é coñecer as percepcións comunitarias

sobre os espazos e compartilas coa súa poboación. Deste xeito, accédese ás estruturas de significación socialmente establecidas pola comunidade e téntase explicar a maneira en que se conforman simbolicamente no discurso as identidades. Téntase dar resposta ao que expresan os elementos patrimoniais existentes nas parroquias de Lanzós (Vilalba, LU) para os seus veciños, incluíndo as lendas propias da zona e unha sumaria descrición xeográfica e toponímica do concello para ver en que inflúe nos aspectos sinalados.

348 (R/05). García Arias, Pedro: "Castropol (Espigueo en su psicología y en su pequeña historia ligada a los juegos infantiles del occidente de Asturias)", *BIEA*, XIX/55, 1965:155-162. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/055-08.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Inclúe nomes gal.-ast. de xogos infantís.

349 (N/05). González Pérez, Clodio: *Historia do traxe galego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, 2005, 118 p., il. (= *Andel*; 47).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo sobre o traxe tradicional galego que inclúe algunhas ilustracións e testemuños escritos dos séculos XVIII e XIX. Describe as pezas do traxe e as variantes máis destacadas de cada zona. | Índice: Limiar | Introdución | I. Historia do traxe tradicional galego | 1. Configuración do traxe tradicional | 2. Non un traxe, moitos | 3. De tradicional a folclórico | II. Traxes e tecidos | 1. Clases de traxe | 1.1. Traxe de decotío | 1.2. Traxe de feira ou media festa | 1.3. Traxe de gada, de festa ou "dun día" | 1.4. Outros traxes e festas | 2. Clases de tecidos | III. Pezas do traxe tradicional | 1. Pezas femininas | 1.1. Cabeza | 1.2. Busto | 1.3. Pezas inferiores | 1.4. Sobretodos | 1.5. Outras pezas | 1.6. O calzado | 1.7. O aderezo | 2. Pezas masculinas | 2.1. Cabeza | 2.2. Busto | 2.3. Pezas inferiores | 2.4. Sobretodos | 2.5. Outras pezas | 2.6. O calzado | IV. Variantes e peculiaridades comarcais | Bibliografía.

350 (R/05). Labandera Campoamor, José Antonio: "Cocinas y lareras típicas de la comarca del Eo", *BIEA*, XXIV/71, 1970:465-482. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/071-10.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Descrición etnográfica xeral das características específicas da cociña típica da comarca do Eo. O autor sinala que "[t]odas las cocinas que me sirvieron de fuente de información contaban ya varios siglos sin haber sufrido reforma ni alteración a pesar de su larga existencia. La mayoría databa del siglo XVIII, algunas, del XVIII e incluso las conocí más antiguas" (p. 463). Inclúe denominacións de partes e utensilios de cociña.

351 (R/05). Lois, Octavio: "Apuntes para el Folk-lore gallego. El Urco", *Galicia-Co*, 1ª época, I/2, 1887:97-101. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca

Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Análise etnográfica da lenda sobre este ser fantástico e estudo lingüístico da palabra, que leva ao autor a facer unha disertación sobre a historia de Galicia e sobre a lingua galega.

352 (R/05). López Cuevillas, Florentino / Fernández Hermida, Vicente / Lorenzo Fernández, Xaquín: *Parroquia de Velle*, Santiago de Compostela, Seminario de Estudos Galegos, 1936, 328 p. + [36] p. de lám. | [Reed.]: Ourense, Museo do Pobo Galego / Deputación de Ourense, 2005, 330 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Estudo antropolóxico dos costumes da parroquia rural ourensá de Velle, modélico nalgunha das súas seccións. Aparece estruturado en seis apdos.: a terra, a xente, a historia, a vida material, a vida social e a vida espiritual. Os de máis interese lingüístico son os titulados "Os lugares" (p. 27-32), "A vida material" (p. 77-167), "Refráns e ditos" (p. 241-243) e "Adeviñas" (p. 243-244).

Recs.: Fritz Krüger, *VKR*, XI/1-2, 1938:179-180.

353 (N/05). Suárez Caamaño, José: *Nebra, un lugar por descubrir*, Santiago de Compostela, Comunidade de Montes de Nebra / Concello de Porto do Son, 2005, 247 p., il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Estudo do val do Nebra (Porto do Son, CO) que refire aspectos relacionados coa súa historia, toponimia, economía, etc. Inclúe un apartado titulado *Toponimia* (p. 17-22) onde recolle os seguintes topónimos: *Santa María de Nebra, Belga, Calo, Cans, Carantoña, Castrallón, Coira, O Couto, O Curro, A Escorrentada, Foloña, A Igrexa, Orseño, O Pazo, A Pedra do Lobo, Pedreisoas, Perceboi, O Prado, A Puílla, A Puílla Boa, Queiro, Quintáns, Resúa, Sendia, Sobrado, Tores, Ieste, Xocín*. Noutros apdos. sobre a historia, agricultura, fogar, industria, etc., inclúese léxico da zona referido a distintos aspectos, como por exemplo, as partes do muíño, as partes do hórreo, as medidas agrarias, a resteba, a malla, os apeiros de labranza, os xogos, etc.

354-1 (N/05). Varela Vázquez, María Montserrat: *Na memoria do pobo: oficios, contos e cantigas*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, [2005], 240 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Traballo gañador do *Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais* do ano 2005. Trátase dunha investigación etnográfica que recolle léxico referido aos distintos aspectos analizados (o traballo do liño, o muíño, os xogos, os capadores, etc.), así como moitas panxoliñas e coplas populares. Inclúe, ademais, un "Vocabulario" (p. 225-232) con 136 entradas seguidas da definición.

Recs.: Francisco Fernández Rei, "Outras mil primaveras de outono para o patrimonio inmaterial", *A Trabe de Ouro*, 63, 2005:97-100 [385-388].

354-2 (N/04). Vázquez Pintor, Xosé: *Tal era vivir Os vellos oficios (III)*, Vigo, Xerais, 2004, 167 p., il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Ensaio divulgativo de carácter antropolóxico sobre algúns oficios tradicionais, que vén completar a serie de tres escritos polo autor [*Os vellos oficios* (1996, vid. *BILEGA* 5440); *A tribo sabe: Os vellos oficios (II)* (1999, vid. *BILEGA* 8673)]. Resulta útil para coñecer a terminoloxía específica relacionada coas actividades descritas, que aparece destacada en cursiva ao longo do texto. Ao final dalgúns apdos. presenta un pequeno glosario do oficio correspondente: colmeiros (teitadores) (p. 15), canteiros (p. 40), cesteiros de Mondariz (p. 56-57), cereiros, borreiros e capadores (p. 73-74), encadernadores (p. 91-92), carreiras do cordel (fiadoras) [sen glosario], ferradores de Penaporrín (p. 121-122) e aceiteiros de Quiroga [sen glosario]. Inclúe un apéndice con dous vocabularios de xergas : "O verbo dos arxinas de Avedra" (p. 139-153) e "O verbo dos cesteiros de Mondariz" (p. 155-163).

4182 Ciencias naturais

355 (N/05). Castro, Marisa / López Román, Víctor / Silvar, Carlos (il.): *Cogumelos de Galiza*, [Vigo], A Nosa Terra, [2005], 142 p., il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Obra destinada a divulgar a micoloxía galega. Inclúe as denominacións populares seguidas das científicas dos distintos tipos de cogumelos.

356 (N/05). Castro, Marisa / Justo, Alfredo / Lorenzo, Pilar / Soliño, Ana: *Guía micolóxica dos ecosistemas galegos*, A Coruña, Bahía, 2005, 445 p., il. (= *Baía verde. Guía da Natureza*; 17).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Guía micolóxica en que, a seguir do nome científico, se ofrece o nome galego de cada fungo descrito. Tamén inclúe un "Glosario" (p. 407-421) cuns 350 termos relacionados coa micoloxía.

357 (N/05). Fernández de la Cigoña, Estanislao: *Lista de referencia das aves galegas*, Vigo, Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE), [2005], 112 p., il. (= *Colección natureza galega*; XIX).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Listaxe de 425 aves agrupadas por ordes e familias. Inclúese o nome galego, o castelán e o científico.

4183 Outros ámbitos

358 (N/05). Carballo Suárez, Xosé: "Mámoa *Coto dos Mouros*", *Descubrindo*, 7, 2005:243-252, il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Ofrécese a etimoloxía xeral da palabra *dolmen*, termo de orixe celta que derivaría dos vocábulos galeses *dol* «mesa» e *maen* «pedra», e mais da denominación *Coto dos mouros*. A historia popular atribuíulle aos mouros a construción das mámoas e por antonomasia "pasou a aplicarse ese termo [mouro] a calquera cousa ou feito do pasado que non se pode explicar por outra vía" (p. 247). O traballo complétase coa información histórica e arqueolóxica sobre o tema, así como un estudo específico sobre as mámoas no concello de Rodeiro (PO).

359 (N/05). Dopico Blanco, Fernando: "Heráldica na comarca de Ferrol: Algúns exemplos da súa evolución", *Atenea-Ferrol*, 21, 2005:31-35, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo heráldico da comarca ferrolá, con especial énfase no descubrimento dun lintel baixomedieval cunha estrela de cinco puntas no lugar de Santa María de Naraío (San Sadurniño, CO). O traballo contén un glosario de termos que inclúe as seguintes palabras: *armado/-a, armas, armería, axadrezado, bailía, banda, bezante, bordura, brasón, campo, cargada/-o, contorno, cortado/-a, cuartelado/-a, destra/-o, dragante, engolada, escaques, esmalte, faixa, flanco, heráldica, labra, lambrequíns, pasante, partición, partido, punta, resaltado/-a, roel/roeles, sinistra/-o, sumado/-a, surmontado/-a, timbre, xefe*.

360 (N/04). Simes Martínez, Fidel: *O bote polbeiro de Bueu*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, [2004], 211 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Minucioso estudo desta embarcación tradicional da familia da lancha de relinga galega, utilizada exclusivamente no porto de Bueu (PO) e da que na actualidade só existe un reducido número de exemplares. O traballo, moi ricamente ilustrado, está feito desde a perspectiva da arquitectura naval e os métodos de construción empregados polos carpinteiros de ribeira. Baséase en datos recollidos da tradición oral, completados con materiais históricos, bibliográficos e documentais de diversa procedencia e con numeroso material fotográfico. Despois dunha introdución (p. 17-20) en que se describe brevemente o espazo físico-histórico, o cap. primeiro (p. 21-29) dedícase á arquitectura do bote polbeiro, cunha detallada descrición das súas partes e a inclusión dos nomes galegos das mesmas; no cap. segundo (p. 30-65) descríbese o proceso de construción, no terceiro (p. 67-77) a propulsión e goberno, con indicación das partes do remo e da vela, no cuarto (p. 79-88) a navegación e no quinto (p. 89-96) as artes de pesca. O estudo pecha cunha serie de anexos (p. 97-209) de carácter fundamentalmente técnico e nos que se inclúe unha ampla colección de fotografías.

42 Lexicografía

421 Historiografía da lexicografía galega

361 (R/05). Conde Tarrío, Germán: "Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos", *CFG*, 6, 2004:27-56. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de

Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 4. E

En 1555 publicouse en Salamanca *Refranes o Proverbios en Romance*, obra póstuma de Hernán Núñez de Toledo y Guzmán (1475-1553), voluminoso traballo en que se documentan 8.557 formas sentenciosas, das cales 134 son galegas. Un século máis tarde, o paremiólogo Gonzalo de Correas (1571-1631) editou o seu *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana* (1627), constituído por unhas 18.000 paremias (entre elas, 54 galegas). A pesar dos múltiples erros gramaticais que se atopan nas paremias galegas das dúas obras, consecuencia do descoñecemento que ambos os dous autores tiñan da lingua galega, o seu traballo foi de vital importancia na preservación dunha parte do acervo cultural galego e mesmo constituíu a base sobre a que se sustentarían os refraneiros posteriores [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. Neste estudo preséntase en detalle o corpus paremiolóxico galego que conteñen estas obras clasificado nos seguintes apdos.: 1) paremias galegas que aparecen nas dúas; 2) as que aparecen só en Hernán Núñez e non en Correas pola perda dalgunhas follas do ms. orixinal; 3) as documentadas só nun dos dous refraneiros; 4) as consideradas por Hernán Núñez como galegas e por Correas como castelás ou portuguesas; 5) as consideradas por Correas como galegas e por Hernán Núñez como castelás ou portuguesas; 6) casos especiais; 7) paremias que falan da maneira de ser dos galegos; 8) paremias que abordan a forma de falar dos galegos.

362 (N/04). Conde Tarrío, Germán: "Le proverbe galicien: survivance face au proverbe castillan", en Christine Palm-Meister (ed.), *Europhras 2000: Internationale Tagung zur Phraseologie vom 15.-18. Juni 2000 in Aske-Schweden*, Tübingen, Stauffenburg, 2004:35-44.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. EC

Ofrece unha sinopse das diferentes recollas de proverbios galegos entre os sécs. XVI-XX, levadas a cabo tanto por paremiólogos casteláns, como por investigadores galegos, ata os máis recentes traballos de paremioloxía contrastiva, entre os que debe salientarse a tese de doutoramento do autor presentada na Universidade de Santiago de Compostela [*Estudio comparativo de las paremias en Francés, Castellano y Gallego* (1998, vid. *BILEGA* 8647)].

363 (R/05). González-Millán, Xoán: "Os diccionarios de autoridades: a antoloxización lexicográfica da literatura galega", *Madrygal*, 4, 2001:61-69. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0101110061A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Estúdase o papel dos dicionarios como "mecanismos de canonización e lexitimación dunha identidade colectiva, traducida, segundo os intereses e motivacións dos seus responsables, en termos nacionais, proto-nacionais ou simplemente *galeguistas*" (p. 61). Para iso faise un percorrido polas obras que, desde finais do XIX, conforman a lexicografía galega, sinalando as achegas e a peculiaridade de cada unha delas "ó tempo que se aventuran liñas interpretativas para poder estudiar o discurso lexicográfico en relación coa articulación dos idearios nacionais, e os diccionarios como fenómenos socio-culturais en

contextos caracterizados por unha dinámica sociodiscursiva na que ó criterio filolóxico lle corresponde un protagonismo determinante" (p. 61).

364 (R/05). Martíns Seixo, Manuel Anxo: "O labor de fraseógrafo de Manuel Leiras Pulpeiro", *CFG*, 4 [= VV. AA., *Estudos e recadádivas*], 2003:59-77, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg04_03.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analízase o labor de fraseógrafo desenvolvido por Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912), así como a presenza de fraseoloxismos na súa obra poética, e a influencia deste aspecto na obra de Antonio Noriega Varela (1869-1947); tamén se fai algunha referencia ao seu labor de lexicógrafo. Neste último campo destácase a recolla de vocabulario, agora publicada en "Vocabulario enviado por Leiras Pulpeiro á Academia Galega" (1970, vid. *BILEGA* 1063) e "O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)" (1986, vid. *BILEGA* 592). Como fraseógrafo, Leiras recolleu frases feitas e refráns que poden consultarse na sección da edición da súa obra completa que leva o título "Frases, adivinanzas, adagios y cantares" (1970, vid. *BILEGA* 2509). O coñecemento que posuía destes recursos do idioma percíbese non só na súa obra lexicográfica, senón tamén na literaria, onde lles dá cabida. O estudo ofrece exemplos ilustrativos dos diferentes tipos tanto nos traballos de recompilación como na obra poética.

365 (N/05). Valcárcel López, Marcos: "Couceiro Freijomil e o seu *Diccionario de escritores*", en Charo Ferreiro e Inma Pena (coords.), *Simposio sobre Antonio Couceiro Freijomil: Actas do congreso realizado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural (Santiago de Compostela, o día 13 de maio de 2005)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, 2005:75-95 (= *Colección de difusión cultural*; 47).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Nas p. 75-82 analízanse as características e organización do *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* (1951-1954, vid. *BILEGA* 2474) de Antonio Couceiro Freijomil (1888-1954), nas p. 82-91 examínanse outros repertorios sobre escritores galegos aparecidos no período 1951-2005 e nas p. 91-94 propóñense varias liñas de traballo para estudar as colaboracións de escritores galegos na prensa periódica [T.A.G.].

Recs.: Damián Suárez Vázquez, *Cadernos de Lingua*, 28, 2005:183-186 [185].

Vid. tamén as entradas 109, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 120, 121, 263, 281, 282, 285, 287, 290, 291, 294, 297, 301, 407, 774, 865.

4211 Informes sobre proxectos lexicográficos

366 (R/05). "Academia gallega", *Revista Gallega*, XI/538, 1905:1. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Dá noticia da constitución dunha *Asociación iniciadora y protectora de la academia gallega*, que terá entre as súas aspiracións a de "dar unidad al idioma gallego, por medio de la publicación de una gramática y un diccionario". Ademais, recolle as instrucións pertinentes para proceder á recolleita de voces, cantigas, contos e refráns populares.

367 (R/05). "La Gaita Gallega", *Revista Gallega*, XII/593, 1906:3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recolle a voz *gaita* do *Breve diccionario gallego [...]* (1853, vid. *BILEGA* 5734) de Juan Manuel Pintos Villar e indica que este traballo vai ser empregado pola Real Academia Galega para a elaboración do seu dicionario.

368 (R/05). "Real Academia Gallega", *Revista Gallega*, XIII/625, 1907:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Dáse noticia da constitución das comisións que se encargarán da elaboración do dicionario galego e da lectura das instrucións que se enviarán aos académicos para a recollida de voces coa intención de que o traballo resulte máis unificado, copioso e perfeccionado.

369 (R/05). Ares Vázquez, Carme / Carballeira Anllo, Xosé María / Hermida Gulias, Carme / Iglesias Sierra, Primitivo / Lema Suárez, Xosé María / López Fernández, Rosa / Navaza Blanco, Gonzalo: "Proxecto e método do *Gran Diccionario Xerais da Lingua*", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:527-537. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A inexistencia dun dicionario descritivo xeral da lingua galega por volta de 1994 fai que sexa a iniciativa privada (Edicións Xerais de Galicia) a que acometa os traballos para a súa realización. Neste artigo fálase dalgúns aspectos do deseño do *Gran diccionario Xerais da lingua* (2000, vid. *BILEGA* 10042), como a elaboración e selección do seu corpus léxico ou a organización do contido das súas entradas, para o que se inclúen como exemplos as entradas de *dar* e *fillo*.

370 (R/05). Boullón Agrelo, Ana Isabel: "Diccionario dos apelidos galegos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da

Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:539-553. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PMEC

Presentación e descrición do proxecto do *Diccionario dos apelidos galegos*, deseñado por un equipo de profesores das universidades de Santiago de Compostela e Vigo (Ana Isabel Boullón Agrelo, Fernando Tato Plaza, Gonzalo Navaza Blanco e Antón Palacio Sánchez). Dáse conta dos seus antecedentes, faise un percorrido pola bibliografía fundamental dispoñible para o estudo da onomástica en Galicia e descríbese a macroestrutura e microestrutura da obra. Inclúense, a modo de exemplo, algunhas das entradas do futuro dicionario: *Biéitez, Calvo, Ferreiro, Ferro, Golpe, Outeiro, Ponte, Rodríguez*.

371 (R/05). Fernández González, Camilo: "Un Vox esencial: Criterios para a elaboración dun diccionario bilingüe galego-castelán / castelán-galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:555-572. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presenta as directrices teóricas, as características específicas e as principais dificultades lexicográficas con que se atopou a elaboración do *Diccionario esencial Vox galego-castelán, castellano-gallego* (1997, vid. *BILEGA* 7759), dicionario bilingüe destinado ao gran público. A reflexión céntrase principalmente na valoración dos criterios de selección e codificación do corpus de acordo coa especificidade do estatus de cada unha das linguas e dos usuarios-tipo a que se destina a obra. Deste xeito, focalízase a cuestión teórica da codificación / decodificación semántica do lemario do idioma galego (atendendo ao seu proceso de fixación estándar dentro dun contexto en vías de normalización) vs. o lemario castelán, pertencente a un estatus lingüístico plenamente normalizado e fixado. Singularmente, avalíase o problema das equivalencias interlingüísticas dende o interior dun espazo diglósico como o galego, contrastado cun ámbito normalizado como o castelán. A este respecto, abórdanse, entre outras, as seguintes cuestións: prelación de voces patrimoniais, definición de rexistros (coloquial / familiar vs. formal e culto), compactación de lemas / acepcións, etc. [Adaptación do libro de resumos do congreso].

372 (R/05). Ferro Ruibal, Xesús: "Diccionario de Fraseoloxía Galega. Estado actual dos fondos e dos traballos", en Xesús Ferro Ruibal (ed.) e Mª Jesús Anido Silvosa, Mª do Carme Lamela Villaravid e Mª Clara Viqueira Liñares (eds. e trads.), *I Coloquio Galego de Fraseoloxía: Actas [Santiago de Compostela, 1997]*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998:289-311 (= *Biblioteca Fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro*; 1). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/publicacions.html>, Formato: PDF, [Consulta: 20/11/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor salienta a necesidade de preservar a riqueza fraseolóxica dunha lingua como o galego ante dous fenómenos que a ameazan: a urbanización e a normalización. A continuación explica o grao de desenvolvemento actual, fontes e obxectivos do proxecto que está a dirixir no Centro «Ramón Piñeiro» para a Investigación en Humanidades, consistente na elaboración dun *Diccionario de Fraseoloxía Galega*; en relación co mesmo apunta cara á construción dun *Tesouro de Fraseoloxía Galega*.

373 (R/05). Gómez Clemente, Xosé María: "Os estudios fraseolóxicos na Universidade de Vigo: realidades e proxectos", en Xesús Ferro Ruibal (ed.) e Mª Jesús Anido Silvosa, Mª do Carme Lamela Villaravid e Mª Clara Viqueira Liñares (eds. e trads.), *I Coloquio Galego de Fraseoloxía: Actas [Santiago de Compostela, 1997]*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación e Humanidades, 1998:277-282 (= *Biblioteca Fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro*; 1). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/publicacions.html>, Formato: PDF, [Consulta: 20/11/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve noticia bibliográfica sobre os traballos de lexicografía (incluídos algúns que se centran no galego) elaborados por profesores da Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo.

374 (R/05). González García, Luís: "A investigación fraseolóxica na Universidade da Coruña", en Xesús Ferro Ruibal (ed.) e Mª Jesús Anido Silvosa, Mª do Carme Lamela Villaravid e Mª Clara Viqueira Liñares (eds. e trads.), *I Coloquio Galego de Fraseoloxía: Actas [Santiago de Compostela, 1997]*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998:271-275 (= *Biblioteca Fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro*; 1). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/publicacions.html>, Formato: PDF, [Consulta: 20/11/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve noticia bibliográfica sobre os traballos de lexicografía (incluídos algúns que se centran no galego) elaborados por profesores da Universidade da Coruña.

375 (N/05). González Seoane, Ernesto Xosé: "Aspectos metodolóxicos da elaboración do *Dicionario de dicionarios do galego medieval*", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:165-178, 3 il. (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME

Índice: 1. Os dicionarios de dicionarios | 2. O *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (DDGM) | 2.1. O corpus | 2.2 Análise macro e microestrutural | 2.3. Preparación e etiquetado dos textos | 2.4. Indexación. | Explícase a metodoloxía empregada para desenvolver o *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (2006, vid. *BILEGA* 13863), de Ernesto Xosé González Seoane (dir.), María Álvarez de la Granja e Ana Isabel Boullón Agrelo. Descríbese o seu funcionamento, as capacidades de procura de información que ofrece, a estrutura e o amplo corpus de obras medievais en que se basea (vid. índice final de identificadores).

376 (R/05). Kuchenreuther, Michaela Andrea: "A elaboración dun diccionario galego-alemán", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:603-614. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presentación do proxecto de dicionario bilingüe galego-alemán que está a desenvolverse no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Descríbese brevemente a estrutura do dicionario, concibido como unha obra de consulta de carácter xeral, e afóndase nos tipos de equivalencia problemáticos que foron xurdindo ao longo do primeiro ano de traballo.

377 (R/05). Lüdtke, Jens: "Galicisch-deustsches Wörterbuch: Grundwortschatz und Wortschatz Galiciens", *Galicien Magazin*, 14, 2003:31-32. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin14.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbense os proxectos pasados e presentes para elaborar un dicionario galego-alemán. O autor reflexiona sobre a cantidade de lexemas que debería incluír e sobre como se podería delimitar e elaborar un vocabulario básico. Xulga que sería importante, e mesmo imprescindible, incluír o léxico característico do mundo tradicional galego. O dicionario debería ser unha tarefa de todos os centros de estudos galegos que existen nos países xermanofalantes.

378 (R/05). Rodríguez Vega, Rexina: "Estructura e pragmática dun diccionario Vox bilingüe galego-castelán-galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:699-708. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ocúpase dalgúns dos principais problemas que suscita a elaboración do corpus dun dicionario bilingüe galego (neste caso galego-castelán, castelán-galego), tendo en conta "a situación de inestabilidade da norma lingüística e a insatisfactoria normalización do galego en moitas das esferas que compoñen o contorno do falante" (p. 699-700). Apunta, así mesmo, os criterios empregados para a redacción do *Diccionario esencial Vox galego-castelán, castelán-galego* (1997, vid. *BILEGA* 7759) onde se "tentou conxugar o carácter de diccionario de uso e prescritivo" e se decidiu "actuar cun criterio de traducción o máis rigoroso posible, atendendo ó pleno funcionamento da equivalentes en tódolos contextos" (p. 703). Achega unha abondosa exemplificación.

379 (R/05). Sanmarco Bande, María Teresa: "Proposta para un diccionario bilingüe unidireccional galego-italiano", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:627-635. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Trata, de maneira xeral, os distintos problemas que cómpre abordar para elaborar un dicionario bilingüe monodireccional galego-italiano, é dicir, "un diccionario bilingüe orientado cara ó público galego, que puidese satisface-las súas necesidades con respecto á producción de textos en lingua italiana" (p. 627). A autora vaise ocupando de aspectos referidos á finalidade específica desta obra, aos usuarios a que vai dirixida, ao tratamento da lingua e ao número de entradas. Finalmente, menciona as partes que conformarían a macroestrutura e a microestrutura do dicionario.

380 (R/05). Soto Arias, María do Rosario: "A fraseoloxía no ámbito non universitario", en Xesús Ferro Ruibal (ed.) e Mª Jesús Anido Silvosa, Mª do Carme Lamela Villaravid e Mª Clara Viqueira Liñares (eds. e trads.), *I Coloquio Galego de Fraseoloxía: Actas [Santiago de Compostela, 1997]*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998:283-287 (= *Biblioteca Fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro*; 1). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/publicacions.html>, Formato: PDF, [Consulta: 20/11/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois de ofrecer unha visión global dos estudos sobre a fraseoloxía do galego desde o séc. XIX ata a actualidade, céntrase na descrición dos criterios de selección e organización do material recolleito no libro de Carme López Taboada e a propia autora, *Así falan os galegos: Fraseoloxía da lingua galega: Aplicación didáctica* (1995, vid. *BILEGA* 5390), así como das súas aplicacións didácticas.

Vid. tamén as entradas 485, 1154.

4212 Crítica lexicográfica

381 (N/04). Álvarez de la Granja, María: "As unidades fraseolóxicas na lexicografía galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:477-484. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise dos últimos dicionarios monolingües galegos, cuxa confección, para a autora, supuxo importantísimos avances no campo da lexicografía práctica, aínda que non sempre se fixeron con todo o rigor requirido e respectando os principios básicos da lexicografía teórica. Estas eivas poden comprenderse inicialmente, pero cómpre corrixilas e abordar xa os problemas que presenta a elaboración dun dicionario unilingüe. Salienta o campo da fraseoloxía como un dos menos tratados na lexicografía teórica e peor desenvolvidos na práctica, pois nel acóllense desde construcións libres (*cantar o peixe*, *aclarear o liño*) ata elementos monolexicais (*correr a un*), castelanismos (*poñerse as botas*) ou verdadeiras unidades fraseolóxicas galegas (*facer as beiras, facer a rosca, buscarlle tres pés ó gato*, etc.), moitas veces mal formuladas ou definidas. Insiste na falta de criterio para a elección da entrada e dun modelo único para a formulación de unidades cunha mesma estrutura. Por todo isto, e polo feito de que as eivas non son exclusivas do tratamento das unidades fraseolóxicas, xulga necesario e urxente o establecemento dunha base teórica que permita aplicar criterios rigorosos na elaboración dos dicionarios galegos [Adaptación do libro de resumos do congreso].

382 (N/04). Alvariño Alvariño, María del Pilar / Souto García, María Belén / Muriano Rodríguez, María Montserrat / Vallejo González, María: "El tratamiento de las voces especializadas en los diccionarios generales del gallego", en Paz Battaner e Janet DeCesaris (eds.), *De Lexicografia: Actes del I Symposium Internacional de Lexicografia (Barcelona, 16-18 de maig de 2002)*, Barcelona, Universitat Pompeu Fabra, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 2004:163-179 (= *Sèrie activitats*; 15).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Examínanse os prólogos, a macroestrutura e a microestrutura do *Diccionario da Real Academia Galega* (1997, vid. BILEGA 7257) e do *Gran diccionario Xerais da lingua* (2000, vid. BILEGA 10042), "con la intención de analizar la adecuación entre los objetivos trazados y el resultado final. Comprobaremos, en particular, si existe una distinción real entre léxico especializado y léxico común y si se establecen criterios firmes a la hora de incluir voces especializadas, así como la presencia o ausencia de marcas diatécnicas" (p. 164). O estudo complétase cunha análise dalgúns lemas representativos coa pretensión de "comprobar si existe sistematicidad a la hora de definir este léxico, si se incluyen ejemplos que den cuenta del contexto de uso, etc. Paralelamente realizaremos un cotejo entre diccionarios, para comprobar las coincidencias y divergencias a la hora de marcar el léxico especializado" (ibid.).

383 (N/04). Fachal Fraguela, Ana Isabel: "A ficha lexicográfica", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:485-489. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Explícase en que consisten os catro modelos de ficha lexicográfica de que se fala habitualmente nos estudos sobre lexicografía (fichas de cita, fichas de suplemento e emenda, fichas de redacción e ficha única). A seguir, analízanse con detalle os apartados que deberían incluír cada unha delas, incidindo no feito de que "non sería correcto mesturar criterios sincrónicos e diacrónicos" (p. 487). O que se pretende

é dar unha visión de conxunto, pensando nos aspectos prácticos da lexicografía e non tanto nos da lexicografía teórica.

384 (N/04). Gómez Clemente, Xosé María / Noia Campos, María Camino: "Problemas lexicográficos na elaboración dun diccionario de sinónimos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:491-507. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Faise referencia a algún dos problemas que presenta a relación semántica de sinonimia e a súa expresión lexicográfica, chamando a atención sobre algunhas eivas que amosan os dicionarios galegos e que, nalgúns casos, se transmiten de obra en obra. Os autores atribúen esta situación á falta de estudos que avalíen o uso real do léxico vivo e á falta dun dicionario de autoridades que defina o uso do léxico na tradición literaria; a estas razóns habería que engadir a dialectalización que a lingua galega sufriu durante séculos, que deu lugar a que hoxe existan diferentes termos para denominar un mesmo obxecto ou concepto e que o léxico se fora cargando de valores afectivos e figurados que son difíciles de separar dos valores sémicos orixinais. Como consecuencia de todo isto, faise moi complicada a elaboración dun dicionario de sinónimos, algo que os autores demostran exemplificando estes problemas en nove campos semánticos e a súa sinonimia (*secreto, sector, infuso, vademecum, venturoso, vingar, imbuír, intestino, túzaro*) [Adaptación do libro de resumos do congreso].

385 (N/05). Iriarte Sanromán, Álvaro: "Dicionários Monolíngues da Língua Galega", *RGaF*, 6, 2005:51-72.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O obxectivo do traballo é "mostrar em que medida os principais dicionários monolíngues de que dispomos no mercado fornecem informação (gramatical, combinatória, pragmática, etc.) suficiente para servirem como ferramentas para ajudar o utilizador a elaborar textos em galego (como língua materna, segunda ou estrangeira)" (p. 52). O autor trata de "quantificar, de maneira aproximada, esta informação, para assim poder xustificar respostas a perguntas do tipo: Qual é o melhor dicionário de galego? Que dicionário podemos utilizar para ajudar a aprender galego? Que dicionário me pode ajudar a escrever em galego?, etc." (p. 52). Analízanse sete dicionarios: *Dicionário da lingua galega* (1995, vid. *BILEGA* 1026) de Isaac Alonso Estravís, *Gran diccionario Xerais da lingua* (2000, vid. *BILEGA* 10042) coordinado por Xosé Carballeira Anllo, *Dicionario Xerais da Lingua* [entrada 103] coordinado por Xosé María Carballeira Anllo, *Diccionario da Real Academia Galega* (1997, vid. *BILEGA* 7257) dirixido por Constantino García e Manuel González González, *Dicionario de galego* (2004, vid. *BILEGA* 11980) dirixido por Bieito Ledo Cabido, *Dicionario Cumio da lingua galega* (2004, vid. *BILEGA* 9232) dirixido por Xosé Antonio Pena Romay e *Gran Dicionario Cumio da lingua galega* (2004, vid. *BILEGA* 11926) dirixido por Xosé Antonio Pena Romay. Para a análise, seleccionáronse os seguintes lemas, tirados dunha listaxe dos 1.000 lemas máis frecuentes do *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* [entrada 1106]: vinte palabras lexicais (os sete primeiros substantivos, sete verbos, catro adxectivos e dous adverbios) e cinco gramaticais (*de, que, e, o, ser*).

386 (N/04). Pazos Balado, María Carme / Prieto Guibelalde, María Carme: "Aproximación á problemática dun diccionario bilingüe", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:531-541. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Trátase a problemática dun dicionario bilingüe en xeral e no caso concreto de ter o galego como lingua de chegada. Pártese da perspectiva dun falante que busca a palabra axeitada para expresar un concepto determinado nunha lingua distinta á súa e tendo en conta que na actualidade estas obras inclúen información engadida á tradución para lle axudar ao falante a construír textos noutra lingua. Conclúese afirmando que a aspiración primordial dun dicionario bilingüe "debe ser ofrecer ó lector a correspondencia máis exacta posible entre a entrada e a traducción, e ó mesmo tempo o maior número de posibilidades que se axusten á traducción" (p. 541) [Adaptación do libro de resumos do congreso]. | Índice: 0. Introducción | 1. Aspectos previos á realización do diccionario | 1.1. O enfoque adoptado | 1.2. Selección de entradas | 2. Información ofrecida no diccionario | 2.1. Transcrición fonética | 2.2. Categoría gramatical | 2.3. Organización do artigo | 2.4. Traducción | 2.5. Exemplos | 2.6. Observacións | 2.7. Información gramatical | 3. Problemas da traducción | 3.1. Derivadas da conexión de dúas realidades culturais | 3.2 Derivadas das obras de apoio | 3.3. Derivadas do léxico en si | 3.3.1. Determinados pola categoría gramatical | 3.3.2. Posibilidade de substitución en tódolos contextos | 4. A modo de resumo.

387 (N/04). Pérez Rodríguez, María Manuela: "A discriminación de significados nos diccionarios bilingües", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:543-549. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Pártese da definición de dicionario bilingüe e da súa función para, a seguir, tratar o problema da discriminación de significados nestas obras, pois este sería o medio de que se serven para distinguir as equivalencias dun mesmo lema e, así mesmo, para axudar ao usuario na busca do equivalente correcto. Estúdanse os diferentes tipos de discriminación (categoría gramatical, enumeración e puntuación; definicións; exemplos ilustrativos; etiquetas de uso ou de campos de coñecemento) baseándose en exemplos tirados de varios dicionarios, entre eles do *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos* (1990, vid. *BILEGA* 2000) de Gonzalo Navaza Blanco et al.. Os exemplos escollidos para tratar a tradución castelán-galego son os incluídos nas entradas *ciento, hincar, aparejo, esponja, novio, -a, espinilla, de, incógnita*. Conclúese que, por norma xeral, "os diccionarios bilingües procuran con maior ou menos acerto proporcionar unha discriminación semántica. Pero non é unha tarefa doada. Será por iso que o problema da discriminación de significados é considerado por algúns lexicógrafos como o

problema crucial da metodoloxía da lexicografía bilingüe" (p. 548) [Adaptación do libro de resumos do congreso].

388 (N/04). Rodríguez Alonso, Manuel: "Os diccionarios galegos nos vintecinco anos do ILG", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:551-562. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise crítica dos dicionarios galegos e repertorios léxicos máis importantes publicados nos vinte e cinco anos de existencia do ILG (dende 1971): *Diccionario básico da lingua galega* (1980, vid. *BILEGA* 1051) do Instituto da Lingua Galega; *Choca: Vocabulario elemental galego* (1981, vid. *BILEGA* 1054) de Xosé Xove Ferreiro; *Diccionario galego-castelán, castellano-gallego* (1982, vid. *BILEGA* 1033) de María do Carme Ares Vázquez et al.; *Galego coloquial: Curso de galego/Voz de Galicia: Novo método para a aprendizaxe da lingua galega* (1986, vid. *BILEGA* 802) da Sección Didáctica do ILG; *Diccionario Xerais da lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) de María do Carme Ares Vázquez et al.; *Diccionario normativo galego-castelán* (1988, vid. *BILEGA* 1044) coordinado por Henrique Monteagudo Romero e Xermán García Cancela; *Diccionario da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA* 202) dirixido por Constantino García e coordinado por Antón Santamarina e Manuel González González; *Diccionario de dúbidas da lingua galega* (1991, vid. *BILEGA* 94) coordinado por Benigno Fernández Salgado; *Diccionario da lingua galega* (1995, vid. *BILEGA* 5385) coordinado por Xosé Xove Ferreiro. A análise desenvólvese atendendo aos seguintes parámetros: 1) Tipoloxía destes dicionarios; 2) Análise da macroestrutura; 3) Criterios normativizadores do léxico; 4) Análise da microestrutura. Conclúese que todas as obras avaliadas seguen o maxisterio do ILG para decidir os lemas que incluír. Ademais, o autor xulga moi necesarias unha gramática e un dicionario normativos auspiciados pola RAG e o ILG, igual que aconteceu coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727].

389 (N/04). Vázquez Diéguez, Ignacio: "Análise semántica formal das últimas obras lexicográficas en lingua galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:585-593. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise crítica das solucións adoptadas nalgúns dicionarios actuais da lingua galega avalados pola normativa vixente, co obxectivo de optimizar a súa pertinencia nos seguintes aspectos: a selección de voces, a correspondencia semántica, as acepcións lexítimas (falsos amigos, indicadores, etc.), as locucións e as observacións gramaticais do *Diccionario esencial Vox galego-castelán, castellano-gallego* (1997, vid. *BILEGA* 7759) dirixido por Camilo Fernández González. As puntualizacións ofrecidas resáltanse

con exemplos concretos e casuística tirados dos dicionarios obxecto de estudo [*Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos* (1990, vid. *BILEGA* 2000) coordinado por Gonzalo Navaza Blanco; *Diccionario normativo galego-castelán* (1988, vid. *BILEGA* 1044) coordinado por Henrique Monteagudo Romero e Xermán García Cancela; *Diccionario da lingua galega* (1995, vid. *BILEGA* 5385) coordinado por Xosé Xove Ferreiro] [Adaptación do libro de resumos do congreso].

422 Dicionarios xerais

390 (N/05). Moreira, Zenóbia Collares: *Dicionário da Língua Portuguesa Arcaica*, Natal, RN, EDUFRN - Editora da UFRN, 2005, 572 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M

Elaborado coa pretensión de "resgatar da dispersão o vocabulário da nossa língua em uso no período historicamente considerado arcaico, ou seja, o que vai do século XII até o XVI" (p. 17), agás as voces que conservan o mesmo sentido no portugués contemporáneo, aínda que amosen diferenzas de grafía. Cada entrada vai acompañada da indicación da categoría gramatical a que pertence a palabra base, do(s) significado(s) e, ás veces, de exemplos de uso tirados dos textos utilizados como fonte. As formas preséntanse coa grafía orixinal, pero non sempre se inclúen todas as variantes. Tampouco ofrece información etimolóxica.

391. Santamarina, Antón / Imaxin Software (informática): *TILG: Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, [2003-], <http://www.ti.usc.es/TILG/>, [Consulta: 31/08/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Riquísima base de datos de voces galegas tiradas de textos datados dende 1612 ata a actualidade. Foi concibida como corpus para a elaboración dun dicionario, pero o autor subliña tamén a súa posible utilidade para a realización doutros traballos lingüísticos. O proxecto iniciouse en 1985 e segue aberto. Na versión actual conta con 11.409.358 rexistros e 90.000 lemas. No desenvolvemento deste recurso colaborou a empresa Imaxin Software e Daniel Asorey Vidal, María Xesús Bugarín López, Luz Cures Vázquez, Luciano Fernández Martínez, Carme Fernández Rodríguez, Ana Belén Fortes López, Xesús García Amboage, Maricarme García Ares, Delio García Represas, Carme González Bueno, Alberte González Montañés, Fátima Miguéns Horta, Margarita Neira López, Xosé Manuel Pérez Sardiña, Fátima Rodríguez Ruibal, María Belén Rodríguez Suárez, Rosa Salgueiro Salgueiro, Remedios Sánchez Estévez, María Victoria Sánchez Regueiro, Miguel Seoane García, María dos Anxos Sobriño Pérez, Balbino Testa Fernández, Alfonso Toimil Castro, Ana Vidal Meixón, Silvia Viso Pérez. O autor do software para concordar e lematizar é Arturo Reguera.

Recs.: *Agália*, 77-78, 2004:260.

Vid. tamén as entradas 102, 103, 104-1, 104-2, 105, 106-1, 106-2, 1051, 1052, 1053.

423 Outros repertorios léxicos xerais

392 (N/05). *Lenguas de la Península Ibérica = Languages of the Iberian Península: English / Castellano / Euskara / Occitan-Aranés / Català / Valencià / Català de ses Illes Balears / Aragonés / Asturianu-Bable / Galego / Português / Français*, Palencia, Ibarantia, [2005], 181 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Dicionario visual de carácter divulgativo co léxico básico máis sinxelo das linguas oficiais nos diversos territorios da Península Ibérica, ao que se engaden as equivalencias en inglés e francés.

393. Pérez Magdalena, Rosario (resp. da parte galega) / Aleixandre, Marilar (resp. da parte galega): *MAGUS: Multilingual Animal Glossary of Unveiled Synonyms: Pan-European Dictionary of Common Names of Wild and Domestic Animals: Mammals and Birds in more than 50 Languages of Europe*, [Ed. en liña n.v.]: Ljubljana, Univerza v Ljubljani, Biotehniska fakulteta, Oddelek za agronomijo, 2002-, <http://www.informatika.bf.uni-lj.si/magus.html>, [Consulta: 28/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Dicionario paneuropeo de nomes comúns de animais salvaxes e domésticos que inclúe as equivalencias dos termos latinos e ingleses nas linguas dos seguintes grupos lingüísticos: linguas eslavas, xermánicas, románicas, bálticas, urálicas, celtas e outras (éuscaro, albanés, maltés, grego, esperanto). Do galego, incluído nas linguas románicas occidentais xunto ao francés, occitano, catalán, castelán e portugués, recóllense os seguintes termos: *azor, gabián, laverca, pato real, alavanco real, pato, ganso bravo, ganso, aguia (aguia real), garza (garza real), bufo pequeno, moucho, bufo real, miñato, bexato, cegoña, pomba, pomba brava, corvo carnazal, corvo viaraz, gralla cereixeira, paspallás, cuco, cisne, peto real, peto, paporrubio, paporroibo, pisco, falcón (falcón peregrino), lagarteiro, peneireiro, galo, galiña, gaio, pega marza, voitre, andoriña, gaivota papoia, reiseñor, pavo, galiña de guiné, ferreiriño abelleiro, pardal, gorrión, pavo real, pavón, perdiz charra, charrela, faisán, pega, peto verdeal, rula común, curuxa laiona, avelaiona, avestruz, estorniño, galo lira, pita do monte, galo do monte, merlo, curuxa común*, aos que se engaden estoutros termos relativos a mamíferos: *rato do campo, bisonte americano, bisonte europeo, búfalo, boi, vaca, camelo, dromedario, lobo, can, cabra doméstica, cabra montesa, corzo, castor, cobaia, cervo, gamo, elefante, asno, burro, cabalo, ourizo, gato bravo, gato montés, gato, lebre, lontra, londra, lince, marmota, marta, teixugo, porco teixo, hámster, rato, donicela, denociña, armiño, tourón, furón, leirón cincento, aguaneira, coello, ovella, muflón, morcego, rata, rebezo, esquío, musaraño, musgaño, porco, xabaril, porco bravo, toupa, toupeira, oso, raposo, golpe*.

394 (N/05). López Fernández, Susana / Montes García, Laura / Almazán García, Laura / Alonso Priegue, Xosé Ramón / Ares Vázquez, Ester / Castro Buerger, Iago / Fontán Celard, Óscar / García Garrido, Marta / Gestido de la Torre, Eloi / Gómez Clemente, Xosé María / Patiño Méndez, Carme / Pereiro González, Carme / Suárez Álvarez, Jorge: *Novas palabras galegas: Repertorio de creacións léxicas rexistradas na prensa e Internet*, Vigo, Universidade de Vigo, Observatorio de Neoloxía / Área de Normalización Lingüística, [2005], 400 p. (= *Materiais lingüísticos*; 6). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2007], <http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/glosarios/Novas_palabras_galegas.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA PRENSA)

A neoloxía, como campo de estudo dos fenómenos de creación léxica, tanto desde un punto de vista teórico coma aplicado, vén sendo obxecto de atención polos lingüistas, xa que da descrición e análise do novo léxico poden tirarse lecciónns para unha correcta planificación, especialmente en linguas en situacións de minorización. O galego, como calquera outra lingua de cultura do mundo, está a crear e recibir adoito novos significantes e significados que se poden observar e analizar nunha recolleita sistemática. Esta é a tarefa que vén desenvolvendo dende 1997 o Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo, cuxos resultados, nunha pequena parte, se presentan neste vocabulario con 1160 entradas extraídas da prensa en galego (nomeadamente *O Correo Galego*, *Galicia Hoxe*, *A Nosa Terra* e *Tempos Novos*) e mais da Internet. Vai dirixido a estudantes de lingua galega con materias de terminoloxía e neoloxía nos seus estudos académicos, sen excluír a calquera persoa interesada pola lingua galega [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Recs.: *O Cartafol*, 20, 2005, <http://ocartafol.usc.es/pasaafolla.asp?OCartafol=20>, [Formato: HTML], [Consulta: 14/06/2007].

Vid. tamén a entrada 286.

424 Vocabularios de terminoloxía científico-técnica

395 (N/05). García Sánchez, Daniela / Pérez Vázquez, Libia / Precedo Estraviz, Patricia / Seoane Bouzas, Nuria: *Profesionaliza a túa lingua: Arquitectura*, [A Coruña], Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2005, [40 p.].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Vocabulario bilingüe galego-castelán de termos do ámbito da arquitectura constituído por unhas 950 entradas ordenadas alfabeticamente. Na microestrutura indícanse, en primeiro lugar, as formas incorrectas desde o punto de vista normativo, precedidas dun asterisco, logo a(s) escolla(s) lexítimas e, por último, as equivalencias castelás. Nalgúns casos as formas incluídas non son incorrectas, senón que conviven con outras posibilidades, ás veces cunha diferenciación de usos para a que se ofrece unha breve explicación. Complétase cunha bibliografía de referencia específica e outra xeral que pretende ofrecer un pequeno abano de textos básicos como complemento para acadar unha mellor competencia lingüística. O traballo enmárcase dentro da campaña de dinamización lingüística «Profesionaliza a túa lingua» desenvolvida polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

396 (N/05). Giménez Fernández, Eduardo Luís (coord.) / Lores Ínsua, Francisco Xavier (coord. e autor) / Giménez Fernández, Eduardo Luís / Almeida Alexandre, Fernando Manuel de / Polomé, Philippe: *Vocabulario de economía*, Vigo, Universidade de Vigo, Área de Normalización Lingüística, [2005], 365 p. (= *Materiais lingüísticos*; 7). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2007], <http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/glosarios/Vocabulario_de_economia.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/04/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Vocabulario elaborado por profesores da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo e dirixido tanto a especialistas en economía como a un público non especialista. Está constituído por 1.567 termos galegos relacionados coa economía, dos que se ofrece a equivalencia en inglés, castelán, francés e portugués, ademais da indicación da categoría gramatical, o xénero e o número. Ao final da obra inclúense índices alfabéticos en inglés, castelán, francés e portugués, que facilitan a consulta dos termos nas devanditas linguas, así como un índice de siglas e acrónimos.

Recs.: *O Cartafol*, 20, 2005, <http://ocartafol.usc.es/pasaafolla.asp?OCartafol=20>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/11/2005] | Xoán Montero Domínguez, *Viceversa*, 11, 2005:251-256.

397 (N/05). Pazó Fernández, Edith / Revisión especializada: Videira, Manuel (son) / Varela, María (realización) / Muñoz, Jorge (edición) / Goitia, Alberto (iluminación) / Estévez, Vítor (telecomunicacións): *Dicionario galego de televisión*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Compañía de Radiotelevisión de Galicia, 2005, 247 p. | [Ed. facs en liña n.v.]: [2007], <http://www.cirp.es/pub/docs/varios/OLibroDasPalabras.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Constituído por unhas 2.500 entradas para as que se ofrece a seguinte información: categoría gramatical, definición, sinónimos, información complementaria ou observacións de uso e equivalentes en inglés, francés, castelán e portugués. Inclúe, ademais, catro vocabularios coas equivalencias dos termos inglés-galego (p. 199-209), francés-galego (p. 211-221), portugués-galego (p. 223-233) e castelán-galego (p. 235-245).

Recs.: Engracia Vidal Estévez, *Encrucillada*, 145, 2005:114 [562] | *O Cartafol*, 30, <http://ocartafol.usc.es/pasaafolla.asp?OCartafol=30>, [Formato: HTML], [Consulta: 06/06/2007].

398 (N/05). Pérez Vázquez, Libia / Precedo Estraviz, Patricia / Seoane Bouzas, Nuria: *Profesionaliza a túa lingua: Bioloxía*, [A Coruña], Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2005, [34 p.].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Vocabulario bilingüe galego-castelán de termos do ámbito da bioloxía constituído por unhas 580 entradas ordenadas alfabeticamente e organizadas nas seguintes epígrafes: a) Bioloxía; b) Botánica; c) Aves; d) Invertebrados; e) Réptiles; f) Anfibios; g) Mamíferos; h) Peixes. Na microestrutura indícanse, en primeiro lugar, as formas incorrectas desde o punto de vista normativo, precedidas dun asterisco, logo a(s) escolla(s) lexítimas e, por último, as equivalencias castelás. Nalgúns casos as formas incluídas non son incorrectas, senón que conviven con outras posibilidades, ás veces cunha diferenciación de usos para a que se ofrece unha breve explicación. Complétase cunha bibliografía de referencia específica e outra xeral que pretende ofrecer un pequeno abano de textos básicos como complemento para acadar unha mellor competencia lingüística. O traballo enmárcase dentro da campaña de dinamización lingüística «Profesionaliza a túa lingua» desenvolvida polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

399 (N/05). Pérez Vázquez, Libia / Precedo Estraviz, Patricia / Seoane Bouzas, Nuria: *Profesionaliza a túa lingua: Económicas e Empresariais*, [A Coruña], Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2005, [24 p.].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Vocabulario bilingüe galego-castelán de termos do ámbito das ciencias económicas e empresariais constituído por unhas 380 entradas e 33 fraseoloxismos ordenados alfabeticamente. Na microestrutura indícanse, en primeiro lugar, as formas incorrectas desde o punto de vista normativo, precedidas dun asterisco, logo a(s) escolla(s) lexítimas e, por último, as equivalencias castelás. Nalgúns casos as formas incluídas non son incorrectas, senón que conviven con outras posibilidades, ás veces cunha diferenciación de usos para a que se ofrece unha breve explicación. Complétase cunha bibliografía de referencia específica e outra xeral que pretende ofrecer un pequeno abano de textos básicos como complemento para acadar unha mellor competencia lingüística. O traballo enmárcase dentro da campaña de dinamización lingüística «Profesionaliza a túa lingua» desenvolvida polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

400 (N/05). Pérez Vázquez, Libia / Precedo Estraviz, Patricia / Seoane Bouzas, Nuria: *Profesionaliza a túa lingua: Informática*, [A Coruña], Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2005, [16 p.].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Vocabulario bilingüe galego-castelán de termos do ámbito da informática constituído por algo máis de 300 entradas ordenadas alfabeticamente. Na microestrutura indícanse, en primeiro lugar, as formas incorrectas desde o punto de vista normativo, precedidas dun asterisco, logo a(s) escolla(s) lexítimas e, por último, as equivalencias castelás. Nalgúns casos as formas incluídas non son incorrectas, senón que conviven con outras posibilidades, ás veces cunha diferenciación de usos para a que se ofrece unha breve explicación. Complétase cunha bibliografía de referencia específica e outra xeral que pretende ofrecer un pequeno abano de textos básicos como complemento para acadar unha mellor competencia lingüística. O traballo enmárcase dentro da campaña de dinamización lingüística «Profesionaliza a túa lingua» desenvolvida polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

401 (N/05). Rivas García, Manuel / Domínguez Prieto, Xosé Manuel / Lozano Paz, Moisés: *Dicionario galego de Filosofía*, Santiago de Compostela, 3C3, [2005], 383 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Constituído por unhas 3.000 entradas que ofrecen unha información sinxela sobre conceptos e autores da historia da Filosofía e doutros saberes afíns a ela (Economía, Dereito, Socioloxía, Psicoloxía). Vai dirixido principalmente a estudantes de Filosofía e de Humanidades e faise desde unha perspectiva galega, polo cal representa unha iniciativa pioneira. Porén, a vontade dos autores é a de elaborar unha obra universalista e enciclopédica. Inclúe tamén información sobre filósofos portugueses e brasileiros "polas afinidades culturais que existen entre ambos os países e o noso" (p. 7).

Recs.: Xosé Luís Barreiro Barreiro, *Tempos Novos*, 101, 2005:74 | Engracia Vidal Estévez, *Encrucillada*, 143, 2005:108 [332].

402 (N/05). Souto Fraga, Margarita: *Profesionaliza a túa lingua: Enfermaría - Podoloxía - Fisioterapia*, [A Coruña], Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2005, [20 p.].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Vocabulario bilingüe galego-castelán de termos dos eidos da enfermaría, a podoloxía e a fisioterapia, constituído por unhas 500 entradas ordenadas alfabeticamente. Na microestrutura indícanse, en primeiro lugar, as formas incorrectas desde o punto de vista normativo, precedidas dun asterisco, logo a(s) escolla(s) lexítimas e, por último, as equivalencias castelás. Nalgúns casos as formas incluídas non son incorrectas, senón que conviven con outras posibilidades, ás veces cunha diferenciación de usos para a que se ofrece unha breve explicación. Complétase cunha bibliografía de referencia específica e outra xeral que pretende ofrecer un pequeno abano de textos básicos como complemento para acadar unha mellor competencia lingüística. O traballo enmárcase dentro da campaña de dinamización lingüística «Profesionaliza a túa lingua» desenvolvida polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

403 (N/05). Vilalta López, Ramón / Guillín Fraga, Juan José / Varela Caamaño, Antonio: *Dicionario de Física*, A Coruña, Baía, 2005, 584 p. (= *Dicionarios Temáticos Baía*).

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Contén máis de 4.500 entradas, algunhas delas ilustradas con gráficos e esquemas. Ademais de varios apéndices de contido científico (p. 553-561), inclúe un "Vocabulario inglés-galego" (p. 563-583).

Recs.: *O Cartafol*, 27, 2006, <http://ocartafol.usc.es/pasaafolla.asp?OCartafol=27>, [Formato: HTML], [Consulta: 06/06/2007].

Vid. tamén a entrada 101.

425 Vocabularios de terminoloxía xurídico-administrativa

404 (N/05). Gómez Guinovart, Xavier / Torres Padín, Ánxeles: *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán: Baleirado terminolóxico documentado no Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, Vigo, Universidade de Vigo, Área de Normalización Lingüística, [2005], 540 p. (= *Materiais lingüísticos*; 8). | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2005], <http://webs.uvigo.es/sli/dilega/>, [Formato: HTML], [Consulta: 06/06/07]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Área de Normalización Lingüística, [2007], <http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/glosarios/Vocabulario_xuridico-administrativo_galego-castelan.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/04/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Repertorio terminolóxico dirixido aos especialistas e interesados no ámbito xurídico-administrativo. Está constituído por 1459 entradas que foron tiradas principalmente do *Corpus xurídico LEGA galego-español* [entrada 1120], formado por 2 millóns de palabras e integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. O propósito do vocabulario non é normativo, senón só ilustrar o uso real da linguaxe neste ámbito específico de comunicación, amosando as equivalencias entre castelán e galego. Deste xeito, ademais da información gramatical e léxica pertinente, para cada unha das entradas achéganse exemplos tirados de boletíns oficiais e do corpo lexislativo. Inclúense uns prácticos índices bidireccionais (galego-castelán e castelán-galego) para facilitar ao usuario o manexo do vocabulario, que ten como lingua de entrada o galego.

Recs.: *O Cartafol*, 20, 2005, <http://ocartafol.usc.es/pasaafolla.asp?OCartafol=20>, [Formato: HTML], [Consulta: 06/06/2007].

405 (N/05). Marzábal Expósito, Felisa: *Profesionaliza a túa lingua: Dereito*, [A Coruña], Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2005, [40 p.].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Vocabulario bilingüe galego-castelán de termos do ámbito do Dereito constituído por unhas 550 entradas ordenadas alfabeticamente e organizadas nas seguintes epígrafes: a) Dereito comunitario; b) Dereito eclesiástico do Estado; c) Dereito civil; d) Dereito penal; e) Dereito procesual; f) Dereito romano; g) Filosofía do dereito; h) Historia do dereito e das institucións; i) Dereito administrativo; j) Dereito canónico; k) Dereito político; l) Dereito natural; m) Dereito mercantil; n) Fraseoloxía xurídica. Inclúense tamén algunhas epígrafes dedicadas a aspectos sintácticos, unha listaxe de latinismos e outra de estranxeirismos coas equivalencias galegas. Por último, ofrécese un breve vocabulario dedicado a precisar o(s) significados e/ou usos dalgúns termos. Na microestrutura indícanse, en primeiro lugar, as formas incorrectas desde o punto de vista normativo, precedidas dun asterisco, logo a(s) escolla(s) lexítimas e, por último, as equivalencias castelás. Nalgúns casos as formas incluídas non son incorrectas, senón que conviven con outras posibilidades, ás veces cunha diferenciación de usos para a que se ofrece unha breve explicación. Complétase cunha bibliografía de referencia específica e outra xeral que pretende ofrecer un pequeno abano de textos básicos como complemento para acadar unha mellor competencia lingüística. O traballo enmárcase dentro da campaña de dinamización lingüística «Profesionaliza a túa lingua» desenvolvida polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

426 Outros vocabularios sectoriais

406 (N/05). *Lèxic de transport turístic*, [Ed. en liña n.v.]: [Barcelona], Termcat / Linmiter, 2005, <http://www.termcat.cat/dicci/transport/index.html>, [Consulta: 10/11/2006].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. xeral/panrománico | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Constituído por 267 termos específicos deste ámbito en once linguas (catalán, aromanés, corso, galego, ladino, occitano, sardo, castelán, francés, inglés e alemán). Nas entradas inclúense as definicións en sete das oito linguas europeas non estatais que participaron no proxecto (aromanés, catalán, corso, galego,

ladino, occitano e sardo). Os termos pódense consultar a partir de calquera das once linguas, en índices alfabéticos que se amosan no marco da esquerda da páxina, ou introducindo unha forma de calquera lingua na ventá de busca; neste último caso, visualízanse todas as fichas terminolóxicas que conteñen a forma consultada, tanto se aparece nas entradas como nas definicións.

Vid. tamén a entrada 346.

4261 Vocabularios de xergas

407 (N/05). Otero Álvarez, Aníbal / Santamarina, Antón [ed.]: "Contribución de Aníbal Otero a un vocabulario do *verbo* dos canteiros de Pontevedra", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:457-477 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Transcrición do *Vocabulario gallego comparado*, manuscrito de Aníbal Otero constituído por tres cadernos datados en marzo de 1941 en Figueirido (PO), que conteñen 414 voces da xerga dos canteiros coa súa correspondente tradución ao castelán e mais unha pequena colección de textos en prosa e verso escritos en xerga e en galego. As entradas do vocabulario preséntanse ordenadas alfabeticamente, aínda que no texto manuscrito orixinal aparecen agrupadas por campos (*corpos celestes*, *fenómenos meteorolóxicos*, *a terra*, *plantas*, *animais*, *o home*, *relixión*, *comidas e bebidas*, *vestido*, *a casa*, *oficios*, *accións de variado tipo (verbos)*, *voces do oficio de canteiro*, *pronomes*, *utensilios de cociña*, *afirmación e negación*, *prender e armas*, *o tempo cronolóxico*, *a cantidade e os numerais*, *adverbios de lugar*, *diversións e praceres*, *cartos* e *varios*). A transcrición do manuscrito vai acompañada dun breve estudo preliminar.

408 (R/05). Rodríguez Pérez, Xoán Carlos: "O barallete dos xingros", *Madrygal*, 3, 2000:97-103. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0000110097A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Descrición das circunstancias do nacemento e expansión do barallete dos xingros (xerga empregada polos músicos de Ourense). Inclúe un vocabulario barallete-galego con 209 voces.

Vid. tamén a entrada 1168.

427 Vocabularios dialectais

409 (N/05). Castro Otero, Salvador / Durán Paredes, Lucía / González Barreiro, Xosé Manuel / Harguindey Banet, Henrique / Martínez García, Xosé / Rocamonde Gómez,

Ramón: *Unha maré de palabras: Contribución ao léxico do Morrazo*, [s.l.], Xunta de Galicia / Museo Massó, 2005, 91 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Vocabulario que ofrece unha selección de 600 voces e expresións propias do Morrazo. Segundo precisan os autores, trátase de "unidades léxicas propias dos concellos da Península do Morrazo, unidades que, con independencia do nivel social ou do rexistro, estean vivas na actualidade e non foran recollidas en ningún traballo previo" (p. 25). Non se teñen en conta aspectos diferenciadores como o seseo, a gheada, a despalatalización do <x>, as oscilacións do timbre vocálico, a desaparición do *-e* final na terminación *-axe*, así como os vulgarismos. Os materiais preséntanse en tres apartados: léxico (p. 29-57), frases feitas (p. 59-78) e refráns (p. 79-83), incluíndo ao final un "Índice alfabético de frases feitas" (p. 85-91). Das entradas léxicas ofrécese, ademais da información léxica e gramatical, información sobre o nivel de uso.

Recs.: Xesús Ferro Ruibal, *CFG*, 7, 2005:314-320 [314-316]. [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07_17.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/03/2007] | EXIL, *Ardentía*, 3, 2006:88-89. [Ed. facs. en liña n.v.]: [Cambados, Pontevedra], Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, [2007], <http://www.culturamaritima.org/files/ardentia3/ardentia3-Sinoproa-Varios.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/12/2007].

Vid. tamén as entradas 298, 299.

428 Glosarios

410 (N/05). Bermúdez Montes, Teresa: "Glosario [de Xohán Casal, *O camiño de abaixo*]", en Xohán Casal, *O camiño de abaixo*, Vigo, Xerais, 2005:255-258 (= *Biblioteca das Letras Galegas*; 60).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Constituído por 92 voces das que se dá o significado empregando como metalingua o galego ou se indica a correspondencia en galego normativo.

411 (R/05). Casas, Álvaro de las: "Palabras de no muy fácil entendimiento [do Cancioneiro Popular Galego]", en *Cancioneiro Popular Galego*, Santiago de Chile, Más, 1939:61:63. | [Ed. facs.]: Santiago de Compostela, Follas Novas, 2005:61-63.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: LINGUA LITERARIA

Breve glosario constituído por 58 entradas galegas das que se ofrece a correspondencia en castelán.

412 (N/05). Mera, Héitor: "Glosario [de Bernardino Graña, *Vinte mil pesos crime*]", en Bernardino Graña, *Vinte mil pesos crime*, Vigo, Xerais, 2005:149 (= *Biblioteca das Letras Galegas*; 61).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Constituído por 28 entradas coa definición lexicográfica en galego.

413 (N/05). Villar, Miro: "Glosario [de Emilio Álvarez Blázquez, *Poesía galega completa e textos en prosa*]", en Emilio Álvarez Blázquez, *Poesía galega completa e textos en prosa*, Vigo, Xerais, 2005:203-206 (= *Biblioteca das Letras Galegas*; 62).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Constituído por 87 entradas coa definición lexicográfica en galego.

Vid. tamén as entradas 149, 848-2, 984, 992, 1004.

43 Onomástica

414 (R/05). Santamarina, Antón: "A Journey Through Galician Onomastics", [Ed. dix.]: en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2002]:3-30, CD-ROM / Formato: PDF (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*). | Versión gal. rev.: "Viaxe pola onomástica galega", *A Trabe de Ouro*, 62, 2005:11-38 [155-182].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

Primeiramente faise un repaso polas bases e formas toponímicas que introduciron os distintos poboadores que pasaron por Galicia: celtas (*-briga*), romanos, xermanos (*-ulfe, -monde, -obre, -mir, -rei, -sende, -riz, -án, -áns, -elle*), árabes (*Aldea, Alfoz, Atalaia, Arrabal, Atafona, Mezquita, Almuíña, Acea, Arrufana, Rábade*). Logo estúdanse os antropónimos que nos deixaron: gregos (*Anxos, Tareixa*), latinos (*Antonio, Concepción, Dores, Pilar, Rosa*), xermanos (*Ramón, Luís, Francisco, Carlos, Fernando*), hebreos (*Xosé, Manuel, Xoán, Xesús, María, Carme, Xosefa, Isabel*), etc. e a cronoloxía da súa entrada no idioma. Por último, estúdanse as consecuencias na toponimia dos cinco séculos de contacto lingüístico entre o galego e o castelán. Para Galicia, o caos creado neste eido é o exemplo máis claro dun proceso de asimilación lingüística por parte do castelán e de alienación cultural, unha alienación que se amosa especialmente no anulamento dunha parte esencial da vida espiritual da rexión: os antropónimos e topónimos propios.

431 Toponimia

415 (R/05). Catalán, Diego: "Hacia un atlas toponímico del diminutivo *-inu* en la toponimia hispano-románica", *BmF*, XVII/3-4, 1958:257-292, 10 mapas. | [Reed.]: en Diego Catalán, *Las lenguas circunvecinas del castellano: Cuestiones de dialectología hispano-románica*, Madrid, Paraninfo, 1989:219-247, 10 mapas (= *Colección Filológica*). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/17/boletim17.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Estudo do gal. nos apdos. 5 ("*-iño* y *-elo* en Galicia"), 6 ("*-iño* equiparado a *-elo* en el occidente y escaso en el oriente de Galicia"), 11.1 ("*-iño* (*-ío*) en la zona gallega de Asturias y León"), 17 ("Recapitulación: *-iño* (*-inho*) y la expansión del gallego-portugués") e 19 ("Recapitulación: *-inu* en la Gallaecia y en la Cantabria").

Recs.: Jerry Russell Craddock, "A Critique of Recent Studies in Romance Diminutives", *RPh*, XIX/2, 1965:322-324. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 01/12/2007] | Eduardo Blasco Ferrer, *RJb*, 42, 1991:371-372 | Constantino Contreras, *Estudios Filológicos*, 28, 1993:142-144.

4311 Traballos etimolóxicos

416 (R/05). "Historia de Mellid", *Revista Gallega*, XII/610, 1906:4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Recolle dúas explicacións para o topónimo *Melide*. Por unha banda, o étimo *VILLA MELITI*, do cal se derivan as denominacións que aparecen en docs. do séc. XI (*Mellid, Villa Melliti*) e do séc. XIII (*Mellide, Mellidi, Burgo / Villa / Concello de Mellide*). A segunda hipótese sostén que a vila foi fundada por dous irmáns xemelgos e de aí viría o nome.

417 (R/05). "Historia de Vigo", *Revista Gallega*, XII/586, 1906:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Inclúe referencia á opinión dalgúns historiadores de que *Vigo* era orixinariamente *VICUS SPACORUM*.

418 (R/05). Abilleira Sanmartín, Xosé: "Unha escolma de conxecturas respecto do topónimo *Lérez*", [Ed. n.v.], *Cedofeita*, 4, 2000:25-28. | [Ed. en liña n.v.]: Lérez, Pontevedra, Asociación Socio-Cultural Cedofeita, [2005], <http://www.arcanaverba.org/cedofeita/toponim.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 25/09/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Sobre a etimoloxía do hidrotopónimo *Lérez* a partir das formas documentadas dende a Idade Media *leruce*, *lerz*, *lerez*, *lerice* e *lerze*, procedentes da raíz indoeuropea **L'R*. Expón, ademais, as primeiras hipóteses etimolóxicas propostas por autores como Martín Sarmiento (1695-1772) ou Antonio María de la Iglesia (1822-1892).

419 (R/05). Alvar, Manuel: "El arabismo *(AN-)NAŪRA* y su difusión en la toponimia peninsular", *BmF*, XVI/1-2, 1956:1-13, 4 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/16/boletim16.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Segundo o autor, o arabismo *(AN-)NA'URA* tería dado orixe a tres tipos de topónimos na Península Ibérica: a) o cast. *(A)ñora*; b) o port., leonés e cat. *Nora*, co que se relaciona o top. gal. *Nores* (Vilaboa, PO); c) o castelán *(A)noria* [T.A.G.].

420 (R/05). Alvar, Manuel: "*POMA* y *MAT(T)IANA* en la toponimia de la Península Ibérica", *BmF*, XX/1-2 [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, III], 1961:165-203, 8 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/20/boletim20.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

Con abundantes referencias a topónimos galegos como *Pomada, Pomar, Pomariño, Pomouro, Pumares*, etc., pero, aínda así, con datos moi incompletos.

421 (R/05). Álvarez Pérez, Xosé Afonso: "Algúns nomes de lugar da parroquia de Lérez", [Ed. n.v.], *Cedofeita*, 8, 2004:17-20. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lérez, Pontevedra, Asociación Socio-Cultural Cedofeita, [2005], <http://www.arcanaverba.org/cedofeita/nomeslerez.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 25/09/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Traballo de carácter divulgativo sobre a etimoloxía dos seguintes nomes de lugares da parroquia de Lérez (Pontevedra, PO): *Casaldarado, Casal Novo, Couso, A Porta da Coxa / do Sol, Outeiro dos Cestos, Outeiro dos Cans, A Fontaíña, Fonte Cortiza, Fonte Gramal, As Cernadas, A Cendona, Rorís, Cimbelo, A Piolla, O Socorro*.

422 (N/05). Ares Vázquez, Nicandro: "A granxa cisterciense de Constantín de Begonte", *Lucensia*, XV/30, 2005:147-158.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMC

A partir da toponimia o autor tenta localizar a *Granxa de Constantín* en Begonte (LU). Parte basicamente da información dunha doazón feita por Fernando II ao mosteiro de Santa María de Sobrado en 1187 onde aparecen citados os topónimos seguintes: *CONSTANTINUS*, *BOVADA*, *VILARINO*, *PETRA FIXA*, *XAMARIZ*, *SANCTA MARIA DE CASTRO* e o territorio de *GAUDIOSO*. Noutros documentos do Tombo de Sobrado relacionados coa granxa aparecen citados outros topónimos como *Roibás*, *Saamil* e *Vilariño*. Toda esta información toponímica leva ao autor a situar a *Granxa de Constantín* na Graña (LU) < GRANEA, topónimo que co tempo perdeu o seu modificador *de Constantín* e que está situado no territorio de *Gaioso* < lat. *GAUDIUM* e *GAUISUS*.

423 (N/04). Ares Vázquez, Nicandro: "Os nomes das parroquias de Lalín", *Descubrindo*, 6, 2004:133-144.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Analiza a orixe onomástica das 48 parroquias que constitúen o concello de Lalín (PO), ofrecendo ampla documentación de formas medievais: *Albarellos* (Santa María), *Alemparte* (Santiago), *Anseán* (Santiago), *Anzo* (San Xoán), *Barcia* (Santo Estevo), *Bendoiro* (San Miguel), *Bermés* (Santa María), *Botos* (San Xoán), *Cadrón* (Santo Estevo), *Camposancos* (San Cristovo), *Cangas* (Santa Mariña), *Castro de Cabras* (San Pedro), *Catasós* (Santiago), *Cello* (San Martiño), *Cercio* (Santiago), *Cristimil* (San Xurxo), *Doade* (San Pedro), *Donramiro* (Santa María), *Donsión* (Santa Baia), *Filgueira* (Santa María), *Galegos* (San Miguel), *Goiás* (San Miguel), *Gresande* (Santiago), *Lalín* (Santa María das Dores), *Lebozán* (Santiago), *Lodeiro* (San Paio), *Losón* (Santa Baia), *Maceira* (San Martiño), *Madriñán* (Santo Adrao), *Méixome* (Santiago), *Moimenta* (San Lourenzo), *Moneixas* (Santo Adrao), *Noceda* (Santa María), *Palmou* (San Xoán), *Parada* (Santa María), *Prado* (San Martiño), *Rodís* (San Xiao), *Santiso* (San Romao), *Sello* (Santiago), *Soutolongo* (Santa María), *Val do Carrio* (San Andrés), *A Veiga* (San Ramón), *Vilanova* (San Xoán), *Vilatuxe* (San Lourenzo), *Xaxán* (Santa Mariña), *A Xesta* (San Fiz) e *Zobra* (Santa María).

424 (N/05). Ares Vázquez, Nicandro: "Toponimia do concello de Carballedo", *Lucensia*, XV/30, 2005:59-80, 1 mapa.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Estudo etimolóxico dos seguintes topónimos deste concello lucense (con ampla documentación de formas medievais):*Abelairas, Acilleiros, Adegas, Agrexán, Aguada de Arriba, Airoá, Alén do Río, Alence, O Alto das Lamas, O Alto de Bustelo, Alvarín, Alvite, Ambasmestas, Anllo, As Antes, Arxemil, O Bañal, Bacelares, A Barreira, A Barrela, O Barrio, O Barrio de Puga, Besteiriños, Bidueiros, O Bosque, Buciños, Busteliño, Bustelo de Abaixo / Arriba, Buxelle, Cambillán, Campos, A Canteira, Carballedo, A Carballeira, Carballidiño, Carcacía, Cartelos, Cas de Moure, Cas de Pedro, A Casa do Barrio, A Casa Grande, Casares, Casqueixeiro, Castrelo, Castro, O Castro de Morgade, O Catasol, Ceides, A Cela, Os Chaos, Chouzán, Cima de Vila, O Coedo, O Conchouso, A Corna, A Corveira, A Corveira de Baixo, A Costa, O Cotarelo, O Curuxeiro, A Cuqueira, A Enfonxa, A Eirexe, A Eirexiña, Enxerto, Erbedeiro, A Ermida, Esmolfe, A Estibada, Faíl, Fente, O Folgar, Fondo de Vila, O Fontao, A Forxa, Frameán, Freán, Fufín, Furco, Galegos, As Gándaras, A Granxa, A Grixoá, Gustei, O Ladredo, Lama, A Lama de Fente, Lamas, As Lamas, A Laxa, A Laxiña, Lamela, A Lobagueira, Lobelle de Abaixo, Lobelle de Arriba, Loureiro de Baixo / Riba, Lousada de Abaixo / Arriba, Lulaíños, Lulás, O Mallo, Marrubio, Marzás, A Matanza, O Mato, Mazaira, Meixonfrío, Milleirós, Montouto, Morgade, Mundín, Nande, Nespereira, Nodar, Oleiros, Outeiro, Lixibán, O Outeiro de Buciños, Pacios, Papelle, Paradela, Pasarín, A Pena, Penaboa, Penas Albas, Peago, Pepes, Pico, Piñarrostro, O Pereiro, (O) Piñeiro, A Placería, A Pontepedriña, Porrás de Abaixo / Arriba, Porteiro, O Porto, Portugalete, A Poxa, Pradeda de Abaixo / Arriba, O Prado, Puvieiros, Quintá do Monte, Quintela, Rubiás, San Breixo, San Cibrao, San Cristovo, San Lourenzo, San Mamede, San Miguel, San Paio, San Pedro, San Romao, San Salvador, San Trocado, Santa Baia, Santa Cristina, Santa Mariña, Saramagal, Senín, Sergudiño, Soutelo, A Raña, O Rañadoiro, Revelle, Riazón, A Ribeiriña, Sergude, Sever, O Souto, Surrego, A Tapada, Temes, A Tolda, Tourón, A Touza, A Torre, Trasar de Sabugueiro, Trasar de Carballo, Trasmontes, Turza, A Uz, Val do Arado, Vales, Valiño, O Vao, Veascós, Veiga, O Veredo, (A) Vila, Vilagarcía, Vilaguillulfe, Vilanfesta, Vilaquinte, Vilar, Vilar de Mulleres, Vilar do Monte, Vilaverde, Viñás, A Voutureira, Xibiriz, Ximonde*. Ao final inclúese un índice alfabético das formas estudadas coa localización parroquial (p. 77-79).

425 (N/05). Ares Vázquez, Nicandro: "Toponimia do Concello de Sober", *Lucensia*, XV/31, 2005:245-280.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Estudo etimolóxico dos topónimos do concello de Sober (LU): *Abananete, Abelairas, Adegas, Airexa, Albar, Albarán, Aldea de Arriba, Algueira, Amandi, Anllo, Areas, Areeiro, Arroxó, Arxemil, Barantes de Abaixo / de Arriba, Barca, Barreal, Barreira, Barreiros, Barrio, Bertonía, Bidual, Bispo, Bizcaia, Boca, Bolmente, Bouzas, Brosmos, Bulso, Burdalla, Cabarco, Cacedo, Cal, Calvos, Camilo, Campo da Vila, Campo de Amio, Campo de Naz, Campo do Bacelo, Campo Rairo, Campo Verde, Canaval, Cancelos, Cantón, Carabuñeiro, Carballeda, Carboeira, Carboeiro, Carqueixa, Casaniño, Casanova, Casar de Cima, Casares, Casas (Grandes), Castaxúa, Castinande, Castro, Castroseiros, Cadaviña, Ceceda, Cegoñeira, Celeirón, Chá, Cavián, Chousas, Chouselas, Cima de Lama, Cimadevila, Condes, Cortes, Cortiñas, Corvelle, Costa, Cotorulo, Couto, Cruz, Cuñas de Abaixo / de Arriba, Devesa, Doade, Donelle, Escouredo, Estación, Fábrica, Ferreiros, Ferrón, Ferroños, Fervenza, Figueiroá, Fondo de Lama / de Vila, Fondón, Fonte (Maior), Forcadas, Francos (de Proendos), Freixende, Froxán, Gándaras, Gandarela, Gundivós (o Vello), Guntís, Hortás, Hortos, Lama do Prado, Lama do Sobrado, Lama dos Campos, Lamas de Abaixo, Lamas de Arriba, Lamas de Brosmos, Lameiro, Lamelas, Lampaza, Laxas, Liñarán, Liñares, Lobio, Lobios, Lumieiroas, Matamá, Mer, Millán, Minas, Mogueira, Mollón, Momelle, Moradela, Moutarelle, Nabán, Nabás, Naz de Abaixo / de Arriba, Neiras, Noguedo, Nogueira, Ousille, Outeiriño, Outeiro, Pacio, Pacios (de Anllo), Paradela, Pena de Miro, Pena de Proendos, Penelas, Pesqueiras, Pía, Piantiña, Pinol (de Abaixo), Piñeiro (de Abaixo), Pipín de Abaixo / de Arriba, Portabrosmos, Portizó, Pousa, Pousada, Pozas, Prados, Proendos, Prógolo, Pumares, Queiroedo, Quintas, Recimil, Refoxo, Regueira, Regueiro, Riba, Ribas, Ribeira, Rodeiro, Rosende, Roxo, Sampil, San Martiño, San Paio, San Pedro, San Xillao, Sanmil, Santa Baia, Santa Locaia, Santa Mariña, Santa Marat, Santadriao, Sante de Abaixo / de Arriba, Santiorxo, Santo Tirso, Sanxís, Sas, Seoane, Sistín do Mato, Sober (o Vello), Sobreira, Somoza, Souto Novo, Suairexa, Surga, Tabouzos, Taro, Tellada, Telleiros, Toxedo, Travesa, Vacariza, Vales, Vaz, Veleigaz, Veliños, Venda, Ventorrillo, Vigo, Vilabarde, Vilachá, Vilamide de Abaixo / de Arriba, Vilaescura, Vilamaior, Vilanova, Vilapedre, Vilar (de Mouros), Vilariño, Vilastrille de Abaixo / de Arriba, Vilela, Vilerma, Viloriz, Viloudriz, Viñal, Vixilde, Xanimol, Xuncal*. Pode verse o índice completo das formas analizadas coa localización parroquial nas p. 275-277.

426 (N/05). Ares Vázquez, Nicandro: "Un documento de Oseira referido a Barbadelo (Sarria)", *Lucensia*, XV/31, 2005:377-382.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL), INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

O autor intenta demostrar que a forma *BARBATELLO*, que aparece nun doc. latino de 1086 pertencente á *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira*, transcrita por Miguel Romaní Martínez (1989, vid. *BILEGA* 5957), se refire a *Barbadelo* (Sarria, LU) e non ao lugar de Lalín (PO) que postula Miguel Romaní Martínez. Para iso sérvese da identificación dos nomes de persoa e dos topónimos que aparecen citados no doc.: *VILLA MEDIANA*, que identifica con *Vilameá* (Sarria, LU), o *MONTE COTRARELO*, que identifica co monte *Cotarelo* (Sarria, LU), *NESPERARIA*, que refire o actual *Nespereira* (Sarria, LU), e o propio *BARBATELLO*, que correspondería ao actual *Barbadelo* (Sarria, LU).

427 (N/05). Bascuas López, Edelmiro: "La sandez, ¿una pervivencia de cultos dionisíacos?", *Verba*, 32, 2005:225-246.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MC

A forma galega *sandeu* (e a castelá antiga *sandío*) forma parte do topónimo *Montsandeu* (Cuntis, PO), procedente dun *MONTE SANIDEO* «monte loco». Esta forma é básica para explicar a etimoloxía da familia de *sandeu*. O adxectivo *SANIDEO* analízase como continuador dun anterior **INSANI-DEUS* (do latín *INSANUS* «loco» + *DEUS* e este dunha forma grega que significaba «enloquecido por un dios»). Esta voz ponse en relación cos cultos dionisíacos de acordo co uso reiterado da idea de *monte tolo*, característica destes cultos, en varios topónimos galegos e un leonés. Estes cultos foron posiblemente traídos por lexionarios macedonios cuxa presenza en Galicia testemuñan os topónimos *Mazoi* (Lugo, LU), *Mazón* (A Pastoriza, LU) e *Manzoi* (Lugo; Muras, LU), procedentes de *VILLA MACEDONI* «villa del Macedonio» [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

428 (N/05). Bascuas López, Edelmiro: "*Zoñán* y *Cinxe*: dos cambios fonéticos excepcionales", *Estudios Mindonienses*, 21, 2005:631-641.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. diacrónico | 4. mc | 5. inf. diatópica (galego central)

Segundo o autor, as formas toponímicas *Zoñán* (Mondoñedo, LU) e *Cinxe* (Ribadeo, LU) presentan evolucións fonéticas peculiares. *Zoñan* (< *Çonay*, en docs. do séc. XIV < *ANTUNI*, documentado nun escrito do séc. XII) é un "genitivo de poseedor germánico, o mejor, de origen prerromano" (p. 631), derivado da raíz **ATOS*, **ATA* «padre, madre», que amosa unha evolución fonética anómala. O problema reside na alternancia *ANTUNI* / **ATUANI* e no cambio *T-* > <ç->: o primeiro deberíase á gran difusión do sufixo *-AN-* nos antropónimos, mentres que o cambio consonántico "puede explicarse como resultado de una pronunciación insistente de la *T-*, que termina debilitándose en una africada predorsoalveolar sorda /ts/" (p. 637). *Cinxe* (*Cindi, Cinge, Çinge* en varios docs. medievais) é un xenitivo de posuidor xermánico que procede de *CINDI*; o cambio de *CINDI* a *Cinge* prodúcese na primeira metade do séc. XIII. Segundo o autor "la africada inicial habría provocado la africación de la dental siguiente" (p. 640), producíndose así un paralelismo polo cal "las dos dentales, sorda y sonora, se alteran en dos africadas, sorda y sonora respectivamente" (ibid.).

429 (R/05). Bobes Naves, María del Carmen: "Nombres comunes y su cronología", *BIEA*, XIII/37, 1959:180-194. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/037-02.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. investigación | 2. ámb. asturiano-leonés | 3. diacrónico | 4. c | 5. inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Estuda, entre outros, o topónimo *Pola de Allande*, correspondente á zona asturiana de fala galega.

430 (R/05). Búa Carballo, Juan Carlos: "Unhas reflexións con ocasión do proxecto dun novo estudio da antroponimia románica medieval de etimoloxía xermánica no noroeste ibérico", *Galicien Magazin*, 14, 2003:19-24. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin14.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. pm

O autor presenta un proxecto de estudo dos antropónimos e topónimos de orixe xermánica documentados no territorio da *Gallaecia*, desde as primeiras documentacións recollidas ata o séc. XIII.

Tras a recolla de todas as formas, desenvolverase a análise morfolóxica e fonética das mesmas. A modo de exemplo analiza as formas en *-MARUS*, incluídas as variantes existentes e a combinación con outros elementos.

431 (N/05). Cabeza Quiles, Fernando: "Algúns topónimos da parroquia de Guimarei", *A Estrada*, 8, 2005:21-29.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Estudo etimolóxico dos topónimos da parroquia de Guimarei (A Estrada, PO): *Campos, A Cardavella, O Cogoludo, A Costa, A Devesa, O Francés, Gudín, A Painceira, A Pinguela, A Portela, Rial, A Torre, A Torrevella, O Zarabeto, San Xiao, Xerlís*.

432 (N/05). Caridad Arias, Joaquín: "Toponimia céltica de Galicia. La traducción al latín y al romance gallego-portugués de los topónimos celtas galaico-lusitanos", en A. Domínguez Rey (ed.), *Palabra, fogo, alma (Traducir é crear): Textos da V edición do Seminario Internacional de Tradución de Rianxo (Auliga 2004)*, Culleredo, A Coruña, Espiral Maior, 2005:207-217 (= *Auliga ensaio*; 2).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Despois dunha breve referencia ás dificultades para investigar a etimoloxía dos topónimos e antropónimos de orixe prelatina, ofrece exemplos do proceso de adaptación latina e romance de nomes celtas. Para o autor, "[e]l celta y el celtibérico constituyen en la toponimia hispánica un elemento tan importante como generalmente poco referenciado, que por *incómodo* tradicionalmente ha sido prácticamente dejado de lado en los estudios toponímicos de nuestro país hasta fechas relativamente recientes" (p. 209). Cos exemplos que analiza trata "de demostrar que en la Onomástica celta e hispanocelta está la clave de muchas incógnitas toponomásticas, no sólo de Galicia y Portugal, regiones estrechamente vinculadas a la lengua y la cultura celta-lusitana, sino de buena parte del territorio peninsular [...]" (ibid.). Entre as formas estudadas, inclúe as gal. *Avedra* (CO) < celta *ALLOVIRUS*, *Romar* / *Romarís* / *Romariz* < celta *ROMARUS*, *Anafreita* / *Nafreita* (LU) < germ. *ANAFREDA* / *ANAFRIED*, *Soavella* < celta *SUBELO* / *SUBILO*, *Sumillares* (LU) < **SUMELLIARIS* < celta *SUMELIO*, *Becerreá* (LU) < *VECERIUS*, *Suagra* < *SUAGRIUS*, *Xuxaos* (LU) < lat. *SUSANOS*, *Collantres*, *Doniños*, *Bolaño*, *Ardemil*, *Milmanda*, *Vendabre* (CO), *Cadoalla* / *Cadualla* (Becerreá, LU), *Cádabo* (LU) < italocelta *CATTAVUS*, *Cadabosa* (LU, OU), *Catabarreira* < celta *CATUBARROS*, *Catafeixe* / *Catapeixe* < celta *CATVESSUS*, *Catasueiro* < **CATHASURIO*, *Catayo* (CO) < *CATADIUS*, *Catabois* (PO, CO) < *CATUBODO*, *Catatrigo* (LU) < *CATHIRIGO*, *Catamondongo (CO) < celta CATAMANDO, Catasol, Catoira* (CO) / *Catora* (PO) < celta *CATURUS*, *Blismo* (CO) < celta *BELISAMUS*, *Beresmo* / *Bresmo* / *Bresmaus* (OU) / *Berisamo* (CO), *Brandosama* / *Brandomil* (CO), *Brañobre* / *Brandal* (PO) < celta *BRANDO*, *Cantisama* / *Cantosama* / *Cándana* (séc. X) > *Caadaa* (séc, XII) / *Cándano* / *Candán* / *Candeán* / *Cantiz* (LU) / *Candame* (CO) < celta *CANT-* «brillante, luminoso», *Cintolo* (Mondoñedo, LU) / *Cendón* < celta *CINTUOLLO*, *Dobio* / *Dubieira* (CO) / *Dubra* (hid.) < celta *DUB-* «oscuro, negro», *Guísamo* (CO) < celta *BENISAMUS*, *Ledesma* / *Lesmes* (apelido) < ligur ou protocelta *LEDISAMA* / *L(A)ETISAMA*, *Meirema* (CO) / *Meirama* / *Mirixa* (Xove, LU) / *Merexo* / *Merexe* < *MIRISIA* / *MIRISIUS* / *MERESIUS*, *Sísamo* (Carballo, CO).

433 (N/04). Caridad Arias, Joaquín: *Los fenómenos de homonimia y homofonía en la toponomástica y su repercusión en las etimologías cultistas y populares de la Europa Occidental*, Tesis de Doctorado, Universidad de La Laguna, Facultad de Filología, Departamento de

Filología Española, 2003, 530 p. | [Ed. facs. dix.]: La Laguna, Universidad de La Laguna, Servicio de Publicaciones, [2004], CD-ROM / Formato: PDF (= *Colección soportes audiovisuales e informáticos. Serie Tesis Doctorales: Curso 2003-04: Humanidades y Ciencias Sociales*/1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

O autor reflexiona inicialmente sobre a cuestión da incidencia dos nomes de orixe prelatina na toponomástica, tanto española como do resto de Europa occidental, estimando que é bastante maior do que ata agora se vén supoñendo, nomeadamente a de orixe celta no caso de España. Pasa revista aos distintos fenómenos que habitualmente afectan a eses nomes, tales como asimilación, contaminación, metátese, haploloxía, epéntese, síncopa, hiato, etc. A posterior latinización e romanización dos nomes e topónimos fíxoos xeralmente inintelixibles e por esta razón existiu a tendencia, tanto popular como dos estamentos cultos, de reinterpretalos para darlles unha forma e un significado coherentes, xeralmente sen relación ningunha co orixinal. Logo presenta un corpus toponomástico no que estuda trinta e seis destes procesos interpretativos, referidos tanto a distintas rexións da Península Ibérica coma a outros países de Europa occidental. A análise comparativa deste corpus permítelle observar numerosas correlacións e mesmo identidades entre os devanditos procesos. Finalmente, presenta as conclusións teóricas e prácticas do estudo.

434 (N/05). Fernández López, María Concepción: "Palas (de Rei): *PALATII / *PARIAS; Paraxúa; Arzúa", *Iacobus*, 19-20, 2005:99-107.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Revísanse as diversas hipóteses formuladas para explicar a orixe da forma *Palas* do topónimo *Palas de Rei* (LU), documentado no *Liber Sancti Jacobi* (1ª metade do séc. XII) como *PALACIUM REGIS*: dende as que lle atribúen orixe prelatina ata a que o deriva do lat. *PALATII* > *Paaz* / *Paas* > *Paz* / *Pas* > *Palas* (que o autor xulga como unha falsa recuperación) ou a que o fai proceder dun probable *Paria* / *Parias* «lugar de rendas» ou «pagos», «finca en renda», uso que se repite en moitos lugares de Galicia [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

435 (N/05). Galego Guitián, Carlos: "Estudio lingüístico de la microtoponimia de Botos", *Descubrindo*, 7, 2005:223-242.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Continuación do traballo do autor "Toponimia menor de Botos: Recuperación da toponimia de Lalín a partir do proxecto *Toponimia de Galicia*" [entrada 490], cuxo obxectivo principal é divulgar os resultados do estudo da toponimia das parroquias de *Botos*, *Donramiro* e *Moneixas* (Lalín, PO). Dirixido a todos aqueles principiantes, coñecedores e simples interesados no tema, expóñense inicialmente unhas breves pautas e recomendacións de carácter metodolóxico para, a seguir, centrarse no sistema lingüístico dos topónimos e, concretamente, nos problemas máis comúns e das solucións achegadas en cada momento (topónimos opacos, distintas realizacións dun topónimo, distintos nomes para un mesmo lugar, variantes dialectais, vacilación singular/plural, o artigo, nomes xenéricos, ortografía, fonética, vogais iniciais e vogais finais).

436 (R/05). González, José Manuel: "El hidrónimo *Naura*", *BIEA*, IV/9, 1950:3-34. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.

asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/009-01.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Para o autor, a área xeográfica dos topónimos que conteñen o tema *NAURA* -ao que lle atribúe unha probable orixe celta- comprende "la región Norte y Noroeste de la Península Ibérica desde Vizcaya a Portugal, incluyendo gran parte de la región leonesa" (p. 25). Fai referencia aos topónimos gal. *Narón, Narahío* (tamén hidrónimos), *Narla* (tamén hidrónimo), *Nariño, Naraido, Naraxa, Nores*.

437 (R/05). González, José Manuel: "*Noega*: Un problema de la antigua geografía astur", *BIEA*, VI/15, 1952:35-55, 1 mapa. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/015-03.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. PMC

O autor enfróntase co problema histórico-xeográfico de situar e determinar a orixe desta denominación dunha cidade astur que aparece repetidamente citada por xeógrafos antigos que viviron entre finais do séc. I a.C. e mediados do séc. II d.C. (Estrabón, Mela, Plinio e Tolomeo). Identifica o actual hidrónimo *Navia* co antigo *NAVILLVION* (citado por Tolomeo) < *NAVIA ALBION* (citado por Plinio) e sinala como procedente da mesma raíz *NO-* de *NOEGA* o topónimo gal. *Naya* (Santa María de Pastoriza, CO); tamén apunta a posible identificación de *NOEGA* co moderno *Noia* (vila e concello da provincia da Coruña e lugar do concello de Trazo, na mesma provincia).

Recs.: José Vallejo (co acrónimo J.V.), *Emerita*, XX/2, 1952:588. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2002, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

438 (R/05). Kouznetsova, Lidia: "Galicische Ortsnamen", *Galicien Magazin*, 15, 2004:74-78. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin15.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. PMEC

Os máis de 40.000 topónimos existentes en Galicia permiten trazar un panorama global da súa historia como o que trata de ofrecer este traballo. No desenvolvemento dos nomes de lugar distínguense dúas fases: 1) a prerromana e 2) a que comeza coa romanización e chega ata a actualidade. Os topónimos poden referirse a un aspecto ou situación particular, a establecementos sedentarios, á vexetación, aos donos medievais, á auga, ás construcións e vías de comunicación, a igrexas e santos, á explotación da terra, aos animais ou a outras nocións. Finalmente, a autora aduce unha serie de topónimos galegos co étimo e a documentación medieval, entre os que se achan *Allariz, Amarelle, Amboade, Armental, Baer, Benade, Cesar / Cezar, Chacín, Chamín, Chorente, A Coruña, Crescón, Cristoble, Ducío / Ducí, Esperante, Fontefiz, Llacín, Locai, Licín, Lugo, Melle, Merelle, Marcelle, Martín, Mourelle, Mourente, Mourence, Mourís, Montán, Ourense, Paderne, Padriñán, Peai, Pedrafita, Pedre, Pontevedra, Romai, Román, Sabadelle, Sambade, Santa Tegra, Santiago de Compostela, Saviñao, Señor, Serén, Sever, Soar, Tui, Velle, Vicinte, Vidal, Vigo, Vilafiz, Vilamelle, Vilamoure, Vilapene, Vilapiñol, Vilapol, Vilaver, Vilaxuste, Viveiro, Xubande, Xullán*.

439 (R/05). Louro, José Inês: "Notas toponimicas", *BmF*, XXI/1-2, 1962-63:117-121. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/21/boletim21.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Na nota 1 ("Gaia - Portugal", p. 117-118) inclúe referencia aos étimos latinos ou latinizados *GALLAECIA*, *GALLAICUS* / *GALLAECUS* (estes últimos tamén documentados como *CALLAICUS* / *CALLAECUS*).

440 (R/05). Machado, José Pedro: "Notas etimológicas", *BmF*, IV/1-2, 1936:186-192. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/04/boletim04.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Índice: I. Sanguessuga [documenta á forma arcaica *sambexuga*, sinalando que a palatalización do *s* aínda é habitual no galego mod.] | II. Fão [o autor non acepta a procedencia dun patronímico gótico proposta por Joseph M. Piel (entrada 457) para este topónimo, que se rexistra en Galicia baixo a forma *Fao*, propoñendo no seu lugar o lat. *FANUM* «lugar sagrado», xa suxerido por José Leite de Vasconcellos].

441 (R/05). Martínez Cabello, Gregorio: "Conjeturas acerca de la nomenclatura de *El Franco*", *BIEA*, XIX/54, 1965:151-156. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/054-10.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

O autor cre que a orixe do topónimo asturiano *El Franco* está en San Franco de Siena (peregrino do séc. XIII), coñecido como *Il Franco*. Así mesmo, considera tamén de orixe italiana o top. *Piantón* (Vegadeo), derivado de *Piantoni* (Pío Antonio), outro posible peregrino italiano.

442 (N/05). Martínez Ortega, Ricardo: "El Tumbo B de la Catedral de Santiago: toponimia y hermenéutica", *Iacobus*, 19-20, 2005:75-98.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Revisión de algúns puntos relativos á crítica textual e á localización e identificación de quince topónimos latinos que aparecen no tombo B da catedral de Santiago de Compostela [editado por María Teresa González Balasch en *El tumbo B de la catedral de Santiago de Compostela* (2004, vid. *BILEGA* 12550)]. A maior parte deles localízanse en provincias do norte peninsular (Valladolid, León, Palencia, Zamora) e a súa identificación lévase a cabo a través de documentos de chancelería e dos principios de localización de topónimos medievais do autor [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

443-1 (R/04). Menéndez Pidal, Ramón: "*Cotto*, *cotta*", *RPh*, VI, 1952-53:1-4. | [Reed.]: en Ramón Menéndez Pidal, *Toponimia prerrománica hispana*, Madrid, Gredos, 1952:267-275 (= *Biblioteca Románica Hispánica. II. Estudios y Ensayos*; 9). | [Ed. facs. en liña da 1ª ed.]:

[Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estuda a evolución desta palabra prerromana na toponimia da Península Ibérica, citando os seguintes topónimos galegos: *Coto, Cota / Cotas, Cotón, Cotá, Cótaro, Cotarelo, Cotarel, Cotarela, Cotarón, Cotarones [Cotaróns], Cotelo, Cotela, Cotiño, Cotariño / Cotariña, Cotaredo, Cotillón*.

Recs.: Antonio Badía Margarit, *RFE*, XXXVII/1-4, 1953:244-247. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2002, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007] | Johannes Hubschmid, *RPh*, VIII, 1954-55:221-225. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007] | Joseph M. Piel, *RF*, 67/1-2, 1955:139-144. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2000, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007]. [Ed. facs. en liña]: [Göttingen], DigiZeitschriften: Das deutsche digitale Zeitschriftenarchiv, [s.d.], <http://www.digizeitschriften.de/home/>, Formato: PDF, [Consulta: 31/05/2008]

443-2 (R/05). Menéndez Pidal, Ramón: "*Mars Cariociecus*", *BmF*, XII/3-4, 1951:225-227. | [Reed. aum.]: "Mars Cariociecus y la etimología de *Quiroga*", en Ramón Ménendez Pidal, *Toponimia prerrománica hispana*, Madrid, Gredos, 1952:221-266 (= *Biblioteca Románica Hispánica. II. Estudios y ensayos*; 9). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/12/boletim12.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

481 (N/05). Bouzas Rosende, Paula: "Sobrenomes na antiga provincia de Betanzos (séc. XII-XVI)", *Anuario Brigantino*, 28, 2005:479-486. | [Nova ed. aum.]: "Sobrenomes en documentos betanceiros dos séculos XII-XVI", en Luz Méndez e Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*, [Organizado pola] Asociación Galega de Onomástica (AGOn), Santiago de Compostela, Asociación Galega de Onomástica, 2007:115-126 (= *Biblioteca Galega de Onomástica*; 1).

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. pme

Análise dos apelidos ou segundos nomes de orixe non patronímica. O traballo baséase en 14 docs. notariais do concello de Betanzos (CO), datados entre os sécs. XII e XVI, de onde se tiraron 361 cadeas onomásticas diferentes. | Índice da nova ed. aum.: I. Sobrenomes de orixe detoponímica [*Bergondo, Viós, Leiro, Mandaio, Cis, Lamas, O Regueiro, Nogueira, Vilanova, Quintá, Cesuras, Loureiros, Medín, Cela, Carballido, Nelle, Vacariza, Lendoiro, Andeiro, Castro, Ponte, Penedo, Souto, Ermida, Veiga, Piñeiro, Figueroa, Andrade, Vilamarín, Lemos, Lanzós, Cardama, Monteagudo, Rendal, San Xurxo, San Xiao, Pena, Piñeiro, Noguerol, Sanxurxo, Varela*] | II. Sobrenomes procedentes de alcumes | II. 1. Clasificación semántica e análise das formas [Establécese a seguinte clasificación: 1) calidades físicas ou psíquicas; 2) situación social e profesión; 3) animais; 4) vexetais; 5) obxectos da vida cotiá; 6) outros. Estúdanse as formas correspondentes ao grupo 2: *Celano, Cordeira, Cubeiro, Escudeiro, Ferreiro, Freire, Labrador, Casado, Castelao, Conde, Cortes / Cortés, Mancebo, Romeu, Belo, Calvelo, Xordo, Pardo, Rubio, Barba, Colmelo, Testa, Alegre, Bo, Fiel, Salgado, Abellón, Corvo, Pita, Ratón, Sardiña, Polo, Teixo, Fole, Taco, Felpeto, Saya, Amor, Sobriño, Franco*] | II.2. Evolución do alcume na cadea onomástica.

Recs.: Aquilino Santiago Alonso Núñez, *Verba*, 34, 2007:430-439 [433].

482 (R/05). García Casalderrey, Benigno: "Os alcumes", [Ed. n.v.], *Cedofeita*, 2, 1998:25-29. | [Ed. en liña n.v.]: Lérez, Pontevedra, Asociación Socio-Cultural Cedofeita, [2005], <http://www.arcanaverba.org/cedofeita/alcum.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 25/09/2007].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Explica a orixe dos alcumes e clasifícaos tendo en conta a que fan referencia: profesión, características físicas, comportamento, lugar de procedencia ou apelido do alcumado. Engade ao final unha extensa lista de alcumes recollidos na parroquia de Lérez (Pontevedra, PO).

483 (R/05). Pérez de Castro, José Luis: "Los apodos de Figueras", *BIEA*, VIII/21, 1954:126-128. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/021-10.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Simple listaxe de 75 alcumes de homes e 47 de mulleres recolleitos en Lois, barrio da parroquia de Figueras (concello de Castropol, AS).

484 (N/05). Ríos Santomé, Soledad: "Algunhas consideracións sobre os alcumes en Moaña", *Pontenova*, 10, 2005:47-52. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Pontevedra], Deputación de Pontevedra, [2006], <http://pdf.depontevedra.es/ga/107/JCopWXtSKB.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/04/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estuda os alcumes familiares da zona de Moaña, clasificándoos en función da súa orixe: alcumes referidos a animais, profesións, características físicas e psíquicas, toponimia, personalidades, cargos, léxico común e indeterminados. Nas consideracións gramaticais, indícase que todos son susceptibles da variación de xénero e número e que, ao se transmitiren oralmente, presentan fenómenos de seseo, despalatalización do <x>, pronuncia predorsodental do <s> e gheada. A autora considera que, ao se tratar de alcumes familiares asentados dende hai polo menos tres xeracións, pódese observar neles un estado anterior da lingua, cos seus dialectalismos e vulgarismos e con menos presenza de castelanismos.

4324 Outros traballos sobre antropónimos

485 (R/05). Boullón Agrelo, Ana Isabel: "Diccionario de apelidos galegos", *Galicien Magazin*, 5, 1998:24-25. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin5.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Presentación deste proxecto de antroponimia, realizado pola autora xunto con Antonio Palacio Sánchez, Gonzalo Navaza Blanco e Fernando Tato Plaza e financiado pola Xunta de Galicia. Exemplifica cos apelidos galegos *Rodríguez, Biéitez, Golpe, Calvo, Outeiro, Ferro*.

486 (N/05). Navaza Blanco, Gonzalo: "A onomástica como patrimonio", en *Congreso «Un tesouro invisible»: Actas do congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Pontevedra, os días 1, 2 e 3 de decembro de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2005:239-248 (= *Colección de difusión cultural*; 44).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Caracterización xeral da toponimia galega, moi rica debido á orografía do terreo, ao asentamento continuado da poboación, á dispersión dos núcleos de poboación, ao aproveitamento intensivo da terra e á fragmentación da propiedade. Canto ás orixes das formas toponímicas, por orde de cantidade hai que situar en primeiro lugar o estrato latino e latino-romance e logo o prerromano, o xermánico e o árabe. Grazas a topónimos prerromanos como *Arca, Medorra, Castro* é posible identificar lugares de interese arqueolóxico; o estrato latino tamén permite o mesmo tipo de descubertas (por exemplo, *Moimenta, Marmoiral*). O estrato xermánico está representado, sobre todo, por formas toponímicas derivadas do nome dos posuidores (*Randulfe, Guimaráns, Ramirás*, etc.). Finalmente, faise referencia ao interese da xente por lles buscar a orixe aos topónimos, dando lugar a etimoloxías populares, algunhas certamente curiosas.

487 (N/05). Silva Domínguez, Carme: "Nomes de persoa articulados na tradición escrita galega. Desde os Séculos Escuros ata a Guerra Civil", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:479-495 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. EC

Analízase a vitalidade e as pautas de interpretación, nos textos escritos, da alternancia entre sintagmas con nomes propios de persoa articulados e non articulados. Á autora interésalle "a interpretación que da inicial diversidade diatópica se realiza nos textos literarios e nos materiais gramaticais comprendidos entre os dous puntos cronolóxicos extremos da nosa análise (1612 e 1934)" (p. 479). Logo, sintetiza a información que sobre o tema ofrecen as seguintes investigacións modernas: *O artigo: funcións, valores e usos* (1986, vid. *BILEGA* 261) de Carme Hermida Gulías, "O artigo cos nomes propios de persoa no galego moderno" (1994, vid. *BILEGA* 821) de Xulio C. Sousa Fernández e *Atlas Lingüístico Galego, II: Morfoloxía non verbal* (1995, vid. *BILEGA* 5646). Finalmente, fai un repaso polos textos literarios e as gramáticas comprendidas entre as datas establecidas como inicio e final da cronoloxía da investigación.

Vid. tamén as entradas 336, 473, 475.

4325 Repertorios de antropónimos

Vid. as entradas 370, 995, 996, 998, 999, 1000, 1001, 1002, 1004, 1005, 1012.

434Socio-onomástica

488 (N/05). Iglesias González, Xaime: "Hipocorísticos", [Ed. n.v.], *Cedofeita*, 9, 2005:15-18. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lérez, Pontevedra, Asociación Socio-Cultural Cedofeita, [2007], <http://www.arcanaverba.org/cedofeita/rc9/hipocoristicos.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 25/09/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Traballo de carácter divulgativo sobre a formación dos hipocorísticos. O autor presenta unha lista de derivados a partir dalgúns nomes e, ademais, sinala que están aparecendo algúns novos que veñen substituír as formas tradicionais consagradas (por exemplo, *Francisco* > *Fran*, no canto de *Francisco* > *Farruco*).

435 Historiografía da onomástica galega

489 (N/05). Ferro Ruibal, Xesús: "Onomástica gallega: lo hecho y lo por hacer", en José Luis Ramírez Sádaba (coord.) et al., *La Onomástica en Navarra y su relación con la de España: Actas*

de las primeras Jornadas de Onomástica (Pamplona, 2003), Pamplona, Universidad Pública de Navarra = Nafarroako Unibertsitate Publikoa, [2005]:35-90 (= *Colección Filología*; 3).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

Análise da situación en que se encontran os estudos onomásticos galegos. Destácase a extraordinaria riqueza da toponimia galega, dada a dispersión da poboación (40.480 núcleos poboacionais). Sinálase a grande importancia de frei Martín Sarmiento como iniciador dos estudos toponímicos co seu *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega [1769]* (1923, vid. *BILEGA* 793). Canto aos estudos onomásticos, o autor indica que os estudos antroponímicos supoñen o 29%, mentres que os toponímicos representan o 71%, sendo a maioría destes de tipo etimolóxico. Entre os investigadores máis sobresaíntes neste campo, cítase, entre outros, a José Leite de Vasconcelos, José Joaquin Nunes, Joseph M. Piel, Dieter Kremer, Ramón Menéndez Pidal, Abelardo Moralejo Laso, Nicandro Ares Vázquez, José Luis Pensado Tomé, Elixio Rivas Quintas, Ramón Lorenzo, Antón Santamarina e María Isabel Boullón Agrelo. No apdo. 6 sinala os problemas existentes para establecer o corpus onomástico: a dispersión das fontes, a manipulación por ignorancia, a castelanización, a irrupción da inmigración ou a falta de información sobre a antroponimia informal (nomes de casas, hipocorísticos e alcumes). Analiza a seguir os problemas dos estudos toponímicos, principalmente os que lle afectan á microtoponimia e á consolidación de formas toponímicas non galegas. Dedícaselles un apartado á zoonimia e naonimia, de tanta importancia no mundo rural e mariñeiro galego. Descríbense as ferramentas existentes na Internet para realizar estudos onomásticos: o *Nomenclátor de Galicia: Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* (2003, vid. *BILEGA* 11419), *BILEGA: Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (Versión 2.1)* [entrada 5] e o *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* [entrada 1105]. O autor sinala que, malia existiren estudos neste campo, queda aínda por facer moito máis do que se leva feito e deberíase comezar pola recollida "sistemática del corpus onomástico actual e histórico, estudiarlo hasta hacer transparente cada forma, depurarlo, divulgarlo y, en los casos en que proceda, oficializarlo. Esta intensa tarea se realiza en dos frentes distintos y complementarios. Uno es el rescate, depuración y constitución del corpus. El otro es el estudio, difusión y comparación de ese corpus. No se avanzará con paso seguro si no avanzan a un tiempo los dos frentes" (p. 71).

4351 Informes sobre proxectos de investigación onomástica

490 (N/04). Galego Guitián, Carlos: "Toponimia menor de Botos: Recuperación da toponimia de Lalín a partir do proxecto *Toponimia de Galicia*", *Descubrindo*, 6, 2004:109-131, 9 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Partindo dunha sistemática recollida previa da totalidade das formas toponímicas de *Botos* (Lalín, PO), trabállase en tres aspectos: toponimia da cartografía, toponimia antiga e toponimia actual, co obxectivo de crear un tesauro filolóxico de primeira magnitude (base para futuras investigacións) e facilitar unha toponimia normalizada válida para todos os ámbitos sociais. Danse unhas primeiras orientacións sobre a metodoloxía que se debe seguir en traballos desta entidade (consideracións lingüísticas, materiais e contidos da enquisa toponímica, fotografía aérea, informantes, fonética, codificación lingüística, notas

etimolóxicas). Finalmente, inclúese unha breve nota etimolóxica sobre a orixe de *Lalín* e ofrécese unha listaxe de algo máis de 300 formas toponímicas xa recollidas na parroquia lalinense de Botos.

491 (N/05). García Cancela, Xermán / Gallego Priego, Manuel / García Pazos, Fernando: *A toponimia en Galicia: Nomenclátor de Galicia. Proxecto Toponimia de Galicia*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública / Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, [2005], 74 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Informe que ofrece un balance da actividade desenvolvida en materia de toponimia, tanto no atinente á fixación da toponimia maior por parte da Comisión de Toponimia como aos resultados acadados ata o momento no marco do proxecto *Toponimia de Galicia*. A primeira parte describe o procedemento que se seguiu para a elaboración do *Nomenclátor de Galicia: Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* (2003, vid. *BILEGA* 11419), dende a época preautonómica, en que xa existiu unha Comisión de Toponimia que emitiu ditame sobre a toponimia de numerosos concellos, á actualidade, en que toda a toponimia foi revisada e fixada, aplicando o procedemento legalmente establecido. Na segunda parte ofrécense datos relativos ao proxecto *Toponimia de Galicia*, impulsado pola mesma Comisión de Toponimia no ano 2000 para recoller e elaborar un tesauro toponímico de Galicia que contribúa á salvagarda deste importante patrimonio cultural inmaterial. Descríbese a metodoloxía utilizada e ofrécense datos sobre o estado actual do proxecto, para dar unha perspectiva de conxunto do conseguido ata o momento e das posibilidades reais de completar o proceso de recolleita da microtoponimia nun prazo razoablemente curto [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: Presentación | Limiar | Nomenclátor de Galicia | 1. O mandato legal | 2. A Comisión de Toponimia | 3. O proceso de fixación da toponimia | Proxecto Toponimia de Galicia | 1. Presentación, obxectivos e organismos implicados | 2. Método de traballo | 3. Grao de execución do proxecto | 4. Iniciativas do proxecto Toponimia de Galicia | 5. Anexos.

Vid. tamén a entrada 485.

▶ 5 DIALECTOLOXÍA E SOCIOLINGÜÍSTICA

51 Dialectoloxía: Traballos xerais

492 (R/05). Badía Margarit, Antonio M.: "*La Voz de la Tierra*. Langues et parlers d'Espagne en disques. Plan et méthodes", *BmF*, XX/1-2 [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, III], 1961:43-49. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://

www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/20/boletim20.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presentación dun proxecto de recompilación de textos dialectais hispánicos editados en discos e acompañados da correspondente transcrición e caracterización da lingua, publicadas en fascículos. Dun total de 24 discos previstos, 3 reservábanse para o galego pero o proxecto non chegou a completarse.

493 (R/05). Fernández Rei, Francisco: "Normas para a transcrición de etnotextos do *Arquivo do Galego Oral*", *RFR*, 14/1 [= *Memoria-Homenaje a Pedro Peira Soberón*], 1997:225-240. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9797120225A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

O autor presenta unha proposta de transcrición gráfica de textos orais dialectais, pensada para ser aplicada en calquera punto do territorio lingüístico galego. Baséase na 12ª ed. (1995) das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727]. Como exemplo ofrécese a transcrición de tres textos de Cambados (PO).

494 (R/05). Fernández Rei, Francisco: "O *Arquivo do Galego Oral* do Instituto da Lingua Galega", en Cristina Pujales (coord.), *Actas [do] I, II e III Encontros «O Son da Memoria»*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, [2004]:63-79 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/son_memoria.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO FORMAL)

Relatorio presentado no *I Encontro «O Son da Memoria»: O patrimonio oral e a música popular*, celebrado en Santiago de Compostela o 5 e 6 de marzo de 1999. Descríbese o estado en que se encontra o *Arquivo do Galego Oral* do ILG, organizado en cinco subarquivos: 1) Etnotextos do *ALGa*, constituído por gravacións realizadas entre 1974-1977 e algunhas entre 1979-1983; todo este material está transcrito, informatizado e concordado e estase a elaborar un glosario para editar conxuntamente coas transcricións; 2) Etnotextos da década de 1980, con gravacións realizadas entre 1979-1991 en preto de 800 lugares; a maior parte delas están transcritas e fichado o léxico para consulta manual; 3) Etnotextos da década de 1990, constituído por textos producidos por 4.434 informantes de distintas xeracións residentes en 271 concellos; deste material só está transcrito un terzo, aproximadamente; 4) Materiais do *Cancioneiro galego de tradición oral* (A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982) de Dorothé Shubarth e Antón Santamarina, constituídos por unhas 350 horas de gravacións feitas en 88 concellos; 5) Subarquivo de textos nun rexistro formal creado no período 1996-1998, que reúne gravacións de conferencias sobre temas diversos, así como programas de radio e televisión; 6) Arquivo oral das linguas minoritarias, que inclúe gravacións feitas por Europa sobre a situación de linguas minoritarias, con textos en occitano, aragonés, sardo, catalán, friulano, etc.

511 Áreas dialectais do galego

495 (N/05). Asaka, Takekazu: "Galisia go no chiriteki tayoosei [= As variedades lingüísticas de Galicia]", en *Supeingo sekai no kotoba to guengo [= Linguas e culturas do mundo hispánico]*, Kyoto, Kyoto Gaidai, 2005:79-89.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

496 (R/05). Cintra, Luís F. Lindley: "Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses", *BmF*, XXII/1-2, 1964-71:81-116, 2 mapas. | [Reed.]: en Luís F. Lindley Cintra, *Estudos de dialectologia portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa, 1983:117-163, 2 mapas (= *Colecção Nova Universidade. Linguística*; 7). | 2ª ed., 1995:117-163, 2 mapas. | Trad. fr.: "Nouvelle proposition de classification des dialectes galiciens/portugais", *Géolinguistique*, 5, 1993:8-49, 2 mapas. | [Ed. en liña n.v. do texto port.]: Lisboa, Instituto Camões, 2001, <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biblioteca>, Formato: PDF, [Consulta: 02/01/2004]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/22/boletim22.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Tras analizar as propostas anteriores de José Leite de Vasconcellos [*Esquisse d'une dialectologie portugaise* (1901, vid. *BILEGA* 4605), Manuel de Paiva Boléo et al. (*BmF*, XX/1-2, 1961:85-112) e Pilar Vázquez Cuesta e Maria Albertina Mendes da Luz [*Gramática portuguesa* (1949, vid. *BILEGA* 1003)], o autor xulga necesario considerar o territorio lingüístico galego-portugués no seu conxunto, non illando Galicia de Portugal (como se fixera ata ese momento). O autor elabora esta proposta a partir dos materiais recollidos entre 1953-1956 nas enquisas para o *ALPI* e nas excursións dialectais con alumnos da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa feitas entre 1962-1968. Cintra diferencia tres grupos de dialectos: os galegos, os portugueses setentrionais e os portugueses centromeridionais; para establecer esta clasificación baséase nos seguintes trazos fonéticos; 1) troco do *b* polo *v*; 2) pronuncia do *s* como *x* ou *j*; 3) pronuncia do *ch* como *tx* ou *tch*; 4) pronuncia de *ou* como *o-u* ou *â-u*; 5) paso de *ei* a *ê*; 6) pronuncia de *j* ou *g + e,i* como *x*; 7) pronuncia de *z* como *s*; 8) pronuncia das vogais átonas (p. 101-103). Seguidamente, establece as fronteiras entre os grupos e os subgrupos de dialectos.

Recs.: Paul Teyssier, *BEPB*, XXXIII-XXXIV, 1972-73:362-363 | Manuel de Paiva Boléo, *RPF*, XVIII/1-2, 1980-86:868-872.

497 (N/04). Dubert García, Francisco / Mariño Paz, Ramón: "Áreas marxinais no mapa dialectal galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:337-351, 4 mapas. | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal de Francisco Dubert, [2007], <http://web.usc.es/%7Efgdubert/artigos/marxinal.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008],.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Os autores propoñen unha revisión do mapa dialectal galego tendo en conta as similitudes de diversos resultados lingüísticos detectados en áreas distantes entre si (o bloque oriental en xeral, o baixo Miño e a área fisterrá norteña). Desde o punto de vista da historia da lingua, parecen conservarse nestas zonas solucións similares. Con este estudo pretenden contribuír á historia e á dialectoloxía do galego e, ao tempo, ofrecer unha clasificación tipolóxica das áreas dialectais galegas [Adaptación do libro de resumos do congreso]. | Índice: 1. Teísmo e cheísmo | 2. Pronome átono acusativo de P3 tras formas verbais rematadas en ditongo [*deixou o > deixouo, deixoo, deixouno, deixou, deixoulo*] | 3. Pronome átono acusativo de P3 tras formas verbais rematadas en *–N* [*colleron o > colléronno, collérono, colléronho*] | 4. A engádega de *-N* no sufixo número-persoal da P1 [*cantei, cantein, cantarein, hein* (verbo *haber*), *sein* (verbo *saber*), *estón* (verbo *estar*), *von* (verbo *ir*), *don* (verbo *dar*)] | 5. O sufixo número-persoal da P5 [*cantades, cantais, cantás, cantai, comendes, sondes*] | 6. O verbo *oír* [*ouves, ougues, oes, ouír, oír, ouzo, oigo*] | 7. O tema de presente do verbo *facer* [*faer, faio, faguemos, fer, facerei*] | 8. O verbo *pór – poñer* [*poñemos, poemos, pomos, poñía, puña, puñemos*].

498 (R/05). Fernández Rei, Francisco: "Variedades dialectales del gallego", *RFR*, 3, 1985:85-99, 6 mapas. | [Reed.]: en Aurora Juárez Blanquer (ed.), *Las lenguas románicas españolas tras la Constitución de 1978*, Granada, Ediciones TAT, 1988:85-99, 6 mapas (= *Colección Romania. Biblioteca Universitaria de Estudios Románicos*; 1). | [Ed. facs. dix. da 1ª ed.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM8585110085A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Descrición dos límites xeográficos do galego actual e das súas variedades diatópicas que resume os aspectos fundamentais da análise feita polo autor en "Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno" (1982, vid. *BILEGA* 85). Estes traballos están baseados nos datos das enquisas do *ALGa*, en cuxa preparación estaba a traballar o autor nese momento.

499 (R/05). Frías Conde, Xavier: "Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta", *RFR*, 14/1 [= *Memoria Homenaje a Pedro Peira Soberón*], 1997:241-256, 3 mapas. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9797120241A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS, FALAS GALEGAS DE LEÓN, FALAS GALEGAS DE ZAMORA, FALAS GALEGAS DE ESTREMADURA)

O autor sostén que os trazos do galego de Asturias e os do galego dos Ancares (León) non responden ao que se coñece como galego oriental e, por iso, cre que tanto estas variedades como a do galego falado en Estremadura deben ser clasificadas fóra daquel. Presenta, pois, unha nova proposta de mapa dialectal, modificando o que en Francisco Fernández Rei [*Dialectoloxía da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA*

81)] era o bloque oriental e establecendo dúas novas zonas: 1) o bloque raiano ou naviano-ancarés, no que entrarían o galego da conca do Navia e dos Ancares, e 2) o bloque meridional, onde se inclúen a fala da vila zamorana de Calabor e mais a variedade galego-portuguesa das vilas estremeñas de Valverde do Fresno, As Ellas e San Martín de Trebello. Para cada un destes bloques sinala os trazos léxicos, fonolóxicos e morfolóxicos que os definen e os subdialectos que se poden distinguir neles.

500 (N/05). Sousa Fernández, Xulio C.: "Aproximación á análise dialectométrica das variedades xeolingüísticas galegas: un estudo comparativo", en Maria Clara Rolão Bernardo e Helena Mateus Montenegro (orgs.), *I Encontro de Estudos Dialectológicos [Universidade dos Açores, Ponta Delgada, 6 e 7 de Novembro de 2003]: Actas*, Ponta Delgada, Instituto Cultural de Ponta Delgada, [2005]:345-362, 5 mapas. | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2005], <http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Adialectometrica.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 07/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Preséntanse os primeiros resultados da aplicación do método dialectométrico ao estudo das variedades dialectais do galego a partir dos datos do *Atlas Lingüístico Galego* [vid. *BILEGA* 286, 5646, 9396, 11550, entrada 517]. Con esta aplicación o autor intenta delimitar as variedades dialectais tomando como punto de partida a distribución en bloques e áreas proposta por Francisco Fernández Rei en *Dialectoloxía da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA* 81). Utiliza os mesmos 83 trazos estudados por este investigador, buscándolles a correspondencia nos mapas e materiais publicados e inéditos do *ALGa*, o cal supuxo traballar cun número de mapas (189) superior ao de trazos, xa que varias das características observadas por Fernández Rei teñen como correspondencia nos materiais do *ALGa* máis dun mapa. Os resultados obtidos tras a análise dialectométrica virían a confirmar a existencia de tres bloques que concordan, con pequenas diferenzas, cos establecidos por Fernández Rei, mais no caso das áreas se observan máis diferenzas: o autor propón distinguir catro áreas no bloque occidental, fronte ás tres de Fernández Rei, tres áreas no bloque oriental e o mesmo número de áreas que Fernández Rei no bloque central, pero cunha distribución xeográfica diferente.

501 (R/05). Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso: "Arquivo Sonoro: Para que as palabras non as leve o vento", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:685-698. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (NIVEL POPULAR, NIVEL CULTO)

Describe a constitución do Arquivo Sonoro de Galicia a principios da década de 1990, que presenta tres liñas de traballo: 1) inventariar e recoller o material espallado; 2) recoller as gravacións da cultura popular e a tradición oral; 3) recoller rexistros cultos. Ofrécese unha relación das actividades desenvolvidas nestes anos e dos proxectos para o futuro.

Vid. tamén as entradas 22, 505, 507, 861.

512 As fronteiras do galego

502 (N/04). Babarro González, Xoán: "A fronteira do galego en Asturias", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:317-330, 6 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Índice: 1. Introducción | 2. Vocalismo | 2.1. Resultados de *E* e *O* breves | 2.2. Sistema de sete fonemas vocálicos / cinco | 2.3. Ditongo *ei/e* nos resultados da terminación *-ARIA* latina | 2.4 Solucións do grupo *QUA-* | 3. Sistema consonántico | 3.1 Evolución de *-N-* intervocálico latino | 3.2. Resultados de *L-* e *-LL-* | 3.3. Solucións semicultas dos grupos *CL*, *FL*, *PL*, etc. | 3.4. Resultados de *S + iode* | 4. Morfosintaxe | 4.1. Formas do artigo | 4.2. Formas do pronome persoal | 4.3. Presentes *teño, veño / tengo, vengo* | 4.4. Formas do perfecto *comín, comiche / comí, comisti* | 5. Aspectos sociolingüísticos | 5.1. O sentimento da fronteira | 5.2. Unidade / diversidade | 5.3. Fronteira lingüística / fronteira administrativa | 5.4. ¿Real Academia Galega / Academia de la Llingua Asturiana?. | Para o autor, a fronteira do galego en Asturias pódese trazar desde os concellos de Navia e Valdés, na costa, ata os de Ibias e Degaña, nos límites con León. Esa liña vén marcada basicamente polos resultados da evolución do ditongo latino *AE* e do *E* e *O* breves (*cego / ciego, novo / nuovo, nuevo*), os de *-N-* intervocálico (*cheos / chenos*), os de *L-* e *-LL-* (*lobo, llobo / llobo*), así como polas solucións da terminación *-ARIA* (*primeira / primera*) e por trazos do sistema pronominal (*eu / iou, min / mi, che / te, mo / me lo, cho / te lo*) e verbal (*teño / tengo, vexo / veo, comín / comí, cantache / cantasti*). Historicamente garda relación cos límites entre os conventos romanos lucense e asturicense e actualmente son varios os elementos de tipo sociocultural que conflúen nesta zona, como a división establecida nos concellos de Navia e Villallón entre os vaqueiros (con falas asturianooccidentais) e os aldeáns e mariñáns (con falas galegas) [Adaptación do libro de resumos do congreso].

503 (N/05). Beswick, Jaine: "Linguistic Homogeneity in Galician and Portuguese Borderland Communities", *Estudios de Sociolingüística*, 6/1, 2005:39-64. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, [2005], <http://www.sociolinguistica.uvigo.es/descarga_gratis.asp?id=149>, [Formato: PDF], [Consulta: 02/10/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Describe algúns achádegos recentes na investigación sobre a zona raiana do sur de Galicia e o norte de Portugal, tendo en conta a continuidade lingüística e o uso da lingua como símbolo de identidade étnica. Unha breve perspectiva histórica enmarca os límites sociais, étnicos e culturais e mais a súa configuración dentro das fronteiras xeográficas e políticas. Logo examínase a noción de réxime de fronteira e a difusión xeolingüística sincrónica ao seu traverso para determinar a extensión da

intelixibilidade mutua, a distribución das funcións contextuais dentro das comunidades transfronteirizas e a extensión do continuum dialectal. Con este obxectivo analízanse as opinións das comunidades transfronteirizas tendo en conta as identidades etnolingüísticas, as súas caracterizacións emblemáticas e unificadoras e mais o impacto dentro das culturas transfronteirizas, tomando en consideración o estatus como linguas oficiais do galego e do portugués en cadanseu territorio. As conclusións especulativas indican que, debido ao incremento do contacto transfronteirizo, estase a dar unha nivelación fonética entre as variedades.

504 (N/05). Frías Conde, Xavier: "O relativo do *continuum* entre galego e asturiano en Asturias", [Ed. en liña n.v.]: *Ianua*, 5, 2004-05:93-106, 2 mapas, <http://www.romaniaminor.net/ianua/Ianua05/ianua05_07.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/09/2005].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Na Romanística tradicional, a fronteira entre galego e asturiano quedou establecida con bastante nitidez, xa desde as investigacións de Dámaso Alonso sobre o galego de Asturias. Foi este ilustre filólogo o que acuñou a denominación de *galego-asturiano* para esta variedade que el identificou sempre como galega; porén, o autor do traballo considera "infeliz" este nome, porque "trouxo e trae problemas respecto da identidade do idioma" (p. 93), e prefire o de *eonaviego*. Por iso este artigo "pretende insistir sobre a galeguidade lingüística do eonaviego con argumentos claramente lingüísticos, atendendo mesmo a fenómenos que existen noutras áreas galego-portuguesas como o Brasil, co gallo de desmontar teorías falsamente lingüísticas que pretenden cualificar o eonaviego de falar híbrido" (ibid.) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

505 (R/05). Frías Conde, Xavier: "Os límites entre galego e asturleonés en Asturias", *RFR*, 18, 2001:51-71, 4 mapas. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM0101120051A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Traballo presentado como relatorio no *Seminario Internacional Intercambios lingüísticos y literarios en el ámbito románico*, organizado pola Universidade Complutense e mais a UNED e celebrado en Madrid do 7 ao 10 de maio de 2001. O autor comeza por pasar breve revista aos traballos que previamente abordaron a delimitación da fronteira entre o galego e o asturiano (Ramón Menéndez Pidal, Dámaso Alonso, Manuel Menéndez García e Diego Catalán); no final do traballo reproduce mapas elaborados por estes investigadores. A seguir, marca os límites entre asturiano e galego en Asturias, baseándose en catro grupos de trazos fonolóxicos e morfolóxicos sinalados por Diego Catalán, aos que engade outras sete características, esencialmente morfolóxicas; a partir deses elementos, debuxa os límites xeográficos da liña de fronteira. Na seguinte epígrafe presenta algunhas características asturleonesas que se atopan no galego de Asturias (ou eonaviego) e, viceversa, trazos galegos que están presentes no asturleonés, especialmente no asturiano occidental. Como anexo engádense dúas táboas: a primeira presenta as isoglosas entre galego e asturiano, indicando a realización de máis de medio centenar de fenómenos

no galego común, galego oriental, eonaviego, asturiano occidental e mais asturiano central; a segunda examina a distinción do punto de vista do léxico, presentando as pezas léxicas que nomean diferentes conceptos nas áreas citadas [X.A.P.].

Recs.: *LLBA*, 37, 2003:[200307065].

506 (R/05). Menéndez García, Manuel: "Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias", *BIEA*, V/14, 1951:277-299, 2 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/014-02.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Índice: I. Límite de *-N-* caediza | II. Límite de Ĕ, Ŏ adiptongadas | III. El dativo pronominal *che* y la desinencia de perfecto *-che* | IV. Otros rasgos gallegos. | Estúdase a zona correspondente a "los términos municipales de Navia y Villayón, con la mayor parte de Allande y una porción occidental de los de Valdés (Luarca, Tineo, Cangas del Narcea y Degaña), así como los pueblos de Ibias situados en el extremo oriental del Concejo" (p. 277-278) co obxectivo de trazar con precisión a fronteira entre o galego e o asturiano. Os datos proceden de recolleitas levadas a cabo polo autor nunha franxa que se extende "desde la costa hasta la Cordillera Cantábrica, en el límite con la provincia de León, y constituyen su espina dorsal, de Norte a Sur, la sierra de Panondres, el puerto de Las Cruces, Bovia de Bullacente, cordales de La Leirosa, El Palo, Valledor, Valdebueyes y Rañadoiro, marcando dicha serie de macizos y cadenas montañosas la divisoria hidrográfica entre las cuencas del Navia -a Occidente; y de Rionegro, Esva y Narcea -al Este" (p. 277).

507 (R/05). Seco Orosa, Ana: "Determinación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de León e Zamora", *RFR*, 18, 2001:73-102, 8 mapas. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM0101120073A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de León, falas galegas de Zamora)

Traballo presentado como relatorio no *Seminario Internacional «Intercambios lingüísticos y literarios en el ámbito románico»*, organizado pola Universidade Complutense e mais a UNED e celebrado en Madrid do 7 ao 10 de maio de 2001. A autora comeza por acoutar os fenómenos pertinentes para determinar a fronteira entre o galego e o leonés e logo traza as isoglosas que corresponden a cada un deses fenómenos. Segundo a combinación e a distribución das isoglosas, distínguense zonas onde se acumulan en feixe e zonas nas que discorren libremente; nas primeiras o paso dun dominio ao outro prodúcese de forma abrupta e nas segundas de forma gradual: as isoglosas libres determinan a existencia de dialectos de transición que flutúan entre galego e leonés de maneira máis ou menos importante segundo predominen trazos galegos, leoneses ou solucións intermedias. Despois de definir estes dialectos de transición, procédese á representación da fronteira lingüística: onde hai feixes de isoglosas é posible trazar unha liña de separación nidia, mentres que nos lugares onde circulan

libremente se forma un continuum entre os dous dominios e só se pode propoñer unha liña de división aproximada, artificial, baseada na tipoloxía dos dialectos de transición.

Recs.: *LLBA*, 37, 2003:[200307066].

508 (N/04). Seco Orosa, Ana: "O trazado da fronteira oriental do galego en León e Zamora", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:415-463, 37 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de León, falas galegas de Zamora)

Intenta trazar a fronteira oriental do galego moderno nas provincias de León e Zamora, considerando conxuntamente as zonas en que a liña divisoria é clara e aquelas en que é aproximativa e tendo en conta a dificultade que supón establecer límites ríxidos entre falas que presentan fenómenos comúns, por teren a mesma orixe (o latín da Gallaecia romana). Para o trazado desa fronteira a autora ten en conta os seguintes aspectos: 1) Partindo dunha perspectiva estritamente lingüística, identifica os trazos pertinentes para delimitar a fronteira, prescindindo dos comúns a galego e leonés occidental, así como de solucións diverxentes debidas a diferentes estadios evolutivos; 2) Unha vez identificados eses trazos, determínanse as isoglosas correspondentes na rede de puntos estudados a través de inquéritos (34 localidades de León e 15 de Zamora) e contrástanse estes datos con outros tirados de fontes bibliográficas; 3) A partir das isoglosas e tendo en conta a súa combinación, procédese ao trazado da fronteira lingüística entre galego e leonés occidental, diferenciando unha divisoria clara (galego / leonés), determinada por feixes de isoglosas, e unha outra aproximativa, obtida tras a análise da franxa de transición determinada por isoglosas soltas. Nesta última diferéncianse cinco variantes (galego de transición, transición, leonés de transición I, leonés de transición II e a variante de Pombriego), cuxa divisoria se trazou seguindo o criterio de cruzar os puntos considerados de transición, deixando á esquerda os de galego de transición e á dereita os de leonés de transición I e II [Adaptación do libro de resumos do congreso].

Vid. tamén as entradas 80, 138, 415, 496, 498, 521, 525, 529, 535, 837.

513 Traballos xerais sobre fenómenos dialectais

509 (N/05). Álvarez Blanco, Rosario: "Os nomes galegos do *Erithacus rubecula*", en Maria Clara Rolão Bernardo e Helena Mateus Montenegro (orgs.), *I Encontro de Estudos Dialectológicos [Universidade dos Açores, Ponta Delgada, 6 e 7 de Novembro de 2003]: Actas*, Ponta Delgada, Instituto Cultural de Ponta Delgada, [2005]:49-71, 3 mapas.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diatópica

Estudo das denominacións galegas do *Erithacus rubecula* a partir dos datos do *ALGa* e doutros traballos de campo, en parte inéditos no Tesouro Lexicográfico do ILG e en parte publicados por outros investigadores, e da tradición lexicográfica galega. Os obxectivos da autora son analizar "a motivación das varias denominacións, tendo en conta os outros significados que teñen no noso dominio algunhas das voces implicadas, e moi particularmente a distribución diatópica destes. Aplicando unha perspectiva estratigráfica, pretendemos mostrar en que sentido se produciron cambios xeolingüísticos coa extensión dun grupo denominativo sobre outro ou outros. Finalmente, tentaremos aproximarnos aos factores que causaron ou impulsaron os cambios lingüísticos xa operados ou en curso" (p. 50). A autora agrupa as denominacións máis frecuentes en tres grupos básicos, analizando con moito detalle (debido á riqueza dos datos que manexa) a súa distribución xeográfica: 1) *paporrubio, paparrubia, paporroibo, paparroibo, paparroiba, paparroiro, paporrubo, paporroxo, paparroxo, paporroio, paparroio, paporroi, paparroi, pasparrollos, pamparrubio, paposrubios, papiño rubio, papoamarelo, papocolorado, papin colorado, papopardo, paparrugo / paparugo, paparruga, paparrulo / paporulo*; 2) *peizoque, peifoque, peizoco, peifoco, paizoque, paifoque, pinfoco*, 3) *pisco, pisco da neve, roupisco*. Existen ademais outras denominacións menos frecuentes usadas en pequenas áreas ou de forma illada (*paxaro, paxarín, paxarín do papo rubio, papiago, papuda, papiño, párdola, reixo, porco de rei, sorrego, pirmenteira, chuiriceiru / churiceiru, ferreiriño, pintarroxo, tintillona, chincho, liñanceira / lianceira, nabiñeiro, paxaro da nabía, figo maduro, figo loureiro, figo amarelo, figo Rodrigo, peicacha, pericacha*).

510 (N/05). Costas González, Xosé Henrique: "Achegas ao léxico do galego falado no Val do Río Ellas", *Cadernos de Lingua*, 27, 2005:127-153.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. pmc | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Estremadura)

Estuda o léxico das tres entidades de poboación do Val do Río Ellas (Cáceres) en que se fala galego. Trátase dun léxico caracterizado por "o seu notable arcaísmo e as significacións especiais ás que evolucionaron moitos significantes comúns galego-portugueses" (p. 127) e pola presenza de numerosas voces castelás adaptadas á fala da zona. Faise unha análise etimolóxica polo miúdo das seguintes formas: *apanastrar, arregotar, lendri, grenchas, pilleira, pitañoso, pende, piará, enxabelgar, buraco, canozo, fanisca, achantar, asnal, boiga / boega, garabaná, recencio, relexo / roxelo, ró / arró, atró, agafañar, coñocer, estoxar, folló, mela, migrá, mú / múa, soide, soío, solo, tobelo* [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: Limiar | 1. Tipoloxía das falas do Ellas | 2. Características xerais do léxico do Ellas | 3. Algúns exemplos da riqueza léxica do Ellas | 3.1. Forma híbrida de significantes propios e casteláns sen variación de significado | 3.2. Forma híbrida de significante castelán con significado galego | 3.3. Forma de orixe supostamente castelá con significado dialectal valego | 3.4. Supostos cruzamentos internos de formas galego-portuguesas | 3.5. Significante galego con significado dialectal valego | 3.6. Arcaísmos propios da fala do Val do Ellas | 4. Cabo.

511 (N/04). Fernández Rei, Francisco: "Andisías e rutías: mar de mar e mar de vento na Arousa e na Costa da Morte", *Ardentía*, 1, 2004:49-53, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Cambados, Pontevedra], Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, [2006], <http://www.culturamaritima.org/files/ardentia1/ARDENTIA1-FdezRei.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/10/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Breve presentación dos termos usados en Cambados (PO) e Fisterra (CO) que están relacionados coa "acción da corrente e da forza do propio mar, así como o efecto do vento sobre a auga do mar" (p. 51), con referencias ao uso literario dalgunhas destas voces. En Cambados recolle as voces *andisía*, *escachoar*, *escachoada*, *estruchón*, *marusía*, *marusía real*, *camouco*, *mar ghrande*, *movella / bobella*, *trancallada*, *baldrascada*, *mallente*. En Fisterra localiza *(mar de) ardentía*, *ombro de mar*, *vaga de mar*, *tombo*, *cachón*, *vaga de mar campal*, *murisía de mar*, *ron*, *trapallada*, *rutía*, *relasca*, *relasquear*, *creba*, *paca / alpaca*, *cavaco*.

512 (N/05). Fernández Rei, Francisco: "*Cardumes*, *barrías* e *manchas* de peixe en galego e portugués", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:347-363 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

O autor trata de sistematizar a terminoloxía sobre os cardumes ou manchas de peixe no litoral de fala galega e portuguesa. Para o territorio de fala galega bota man do *Atlas léxico marinero de Asturias* (2002, vid. *BILEGA* 12581) de Emilio Barriuso Fernández, do *Léxico de los marineros peninsulares* (1985, vid. *BILEGA* 5680) de Manuel Alvar e de diverso material oral recollido polo propio autor en Fisterra (CO), Porto do Son (CO) e Fefiñáns (Cambados, PO); para o portugués, utiliza materiais tirados novamente do *Léxico de los marineros peninsulares* e a información fornecida polo *Atlas Lingüístico do Litoral Portugués: Fauna e Flora (mapas e notas)* de Gabriela Vitorino (Lisboa, Centro de Linguística da Universidade de Lisboa / INIC, 1987, 2 vols.). Documenta (precisando os sentidos) as seguintes formas galegas: 1) Denominacións xenéricas para un conxunto numeroso de peixes: *mancha, banco, mansío, bando, barría, xarabal, ardor, trozo, trollera, mada, manda, manada* (castelanismo), *báramo, bramo, pombada, bolo, axada, montón, fío, manchón, cardume, mancho, monte, armeiro, fieiro*; 2) Grupo de peixe de cor parda: *mancha, negror, manta, roxén, revirón, tinta, tintura, neghro de peixe, noghrón, neghrón, axada, mada callada*; 3) Banco de peixe pequeno ou pouco denso: *bolo, bola, manchía, pexe ralo, mada rara, bolo raro, madiña pequena, xarabaliño, caracoliño, chasqueo, siscallo, peixe estable, peixe estrado*; 4) Banco de peixe superficial: *xarabal, trollera, trapallón, negror, xarabal a flote, xaria, mada, axada, mancha, rebasa, xirido, salito, ruxido, armeirada, bandada a flote, xarabal sarao, sardal, vai no saltío*; 5) Cardume de sardiña e doutros seres mariños: *mansío, toliñada, toliñal, barría, hoyo, báramo, xaria, pombada, toliñar, trolleira, trollera, fanequeira, fanequeiro, barría, bando, cardume, arribazón, rebasa, espombada, albor da sardiña, gharoupas, calco, fogheira, bramo, manda, mancho, peixe do caldeo (da raba), armeiro, almeiro*. O último apdo. do traballo está dedicado a revisar sumariamente a presenza das voces *cardume* e *barría* na tradición lexicográfica galega.

513 (N/05). Fernández Rei, Francisco / Ínsua López, Emilio Xosé / Rei, Luis: "Fálame de barcos (I): Apontamentos para un catálogo", *Ardentía*, 2, 2005:12-19, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Cambados, Pontevedra], Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, [2006], <http://www.culturamaritima.org/files/ardentia2/ardentia2-FdezRei.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA

Ofrece algúns apontamentos de léxico popular sobre as embarcacións galegas, con algunha incursión nos textos literarios. Os autores salientan a enorme variedade léxica existente neste eido e a necesidade de establecer "un estándar que [facilite] o coñecemento das tipoloxías de embarcacións e [evite] confusións" (p. 13), aínda que non sexa unha tarefa fácil. Inclúen a descrición (con notas etimolóxicas) dos seguintes tipos de embarcacións: *gamela* [presente en todas as Rías Baixas, con variantes como *gamela da Guarda*, *coruxeira* e *basía*], *chalana* [con variantes como *choupán* (Loira, PO), *loro* (O Salnés, PO)], *dorna* [localizada nas Rías de Pontevedra e Arousa, con variantes como *dorna polbeira*, *dorna pescadora*, *dorna naseira*, *dorna palangreira*, *dorna trasmalleira*, *dorna xeiteira*, *carreirana* (Carreira, Ribeira, CO), *meca* / *meco* (O Grobe, PO); a voz *dorna* xa aparece nun doc. de 1283)], *dorna de tope* (moi frecuente no Salnés), *dornón* [quizais o *dormón* que aparece nunha cantiga Afonso X], *barca de dornas* (embarcación fluvial), *lancha* [con variantes como *buceta*, *burro* [lancha pequena de Rianxo, CO], *trincado*, *lancha de relinga* / *xeiteira* (costa de Muros a Fisterra, CO), *lancha volanteira* (Porto do Son, CO; A Guarda, PO), *lancha trincado*, *lancha traiñeira* (nas Rías de Pontevedra e Vigo), *lancha do Miño* (Goián, PO)], *bote* [máis pequeno que a *lancha* e o *galeón* e con variantes como *bote de Ribadeo* (LU), *bote de Maniños* (Ría de Ferrol, CO), *bote do pinche* (Ría de Vigo, PO), *boteira* (Muros, CO; Marín, PO) / *bote de Muros*, *bote do Pindo* (CO), *bote de Carril* (Ría da Arousa), *bote sancosmeiro* (Ría de Noia, CO), *bote de popa aberta*, *bote rabón* (Bueu, PO), *bote de dúas proas* (Ría de Vigo, PO), *bote xeiteiro* (Rías Baixas), *bote volanteiro* (Rías Baixas), *bote anguleiro* (tramo final do río Miño)].

514 (R/05). Fernández Rei, Francisco: "Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presencia nos media e nos textos musicais", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:307-336. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL), LINGUA LITERARIA

O autor estuda a presenza destes dous fenómenos dialectais na literatura, nos medios de comunicación e, principalmente, na música da década de 1990. Tras unha breve descrición da vitalidade do seseo e da gheada no galego coloquial e no galego estándar, pasa a analizar a súa aparición nos tres ámbitos referidos, concluíndo o seguinte: 1) na literatura "os autores tratan de reflectir dalgún xeito a oralidade dalgunhas zonas usando os dous fenómenos" (p. 311); 2) nos medios de comunicación aparecen minimamente e só nos medios audiovisuais se poden escoitar en boca dos entrevistados; 3) na música, que constitúe o tema central do artigo, o autor distingue a música pop e rock e a música folk e tradicional. No primeiro tipo a gheada realízase como "fricativa velar, mesmo moitas veces no grupo *-nc-*" (p. 321), mentres que a música folk e tradicional rexistra gheada e seseo mesmo nos castelanismos e a realización "xeral da gheada é [h] tanto nas formas galegas coma nos castelanismos e pezas en castelán" (p. 327).

515 (R/05). Frías Conde, Xavier: "Los derivados de *ILLE* e *ILLUM* en el gallego de Asturias", *RFR*, 10, 1993:241-252. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº*

1 al 18), Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9393110241A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Despois de facer unha descrición xeral do artigo determinado nas linguas romances, pasa a estudar as súas formas, así como as dos pronomes átonos de 3ª persoa no galego de Asturias e ofrece unha explicación histórica das mesmas.

516 (N/05). García, Constantino (dir.) / Santamarina, Antón (dir.) / Álvarez Blanco, Rosario (coord.) / Dubert García, Francisco (coord.) / Sousa Fernández, Xulio C. (coord.) et al.: *Atlas Lingüístico Galego*, V: *Léxico: O ser humano (I)*, [A Coruña], Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», [2005], 589 p., 291 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Os redactores deste volume foron Rosario Álvarez Blanco, Mónica Ares Meixide, Francisco Dubert García, Mónica Martínez Baleirón, Marta Negro Romero, Mario Romero Triñanes, Larisa Santos Suárez e Xulio César Sousa Fernández; tamén aparecen como investigadores Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González. Ofrece datos recollidos en 167 puntos do territorio lingüístico galego (49 da provincia da Coruña, 39 de Lugo, 31 de Ourense, 33 de Pontevedra, 7 de Asturias, 5 de León e 3 de Zamora). Traballo fundamental para a investigación dialectal do galego moderno. Contén 300 mapas indexados numericamente, organizados en 4 grupos: 1) as partes do corpo (mapas 1-81); 2) características físicas (mapas 85-109); 3) doenzas (mapas 110-176); 4) accións e sensacións (mapas 177-291). Os restantes volumes publicados ata agora son os seguintes: *Atlas Lingüístico Galego, I: Morfoloxía verbal* (1990, vid. *BILEGA* 286), *Atlas Lingüístico Galego, II: Morfoloxía non verbal* (1995, vid. *BILEGA* 5646), *Atlas Lingüístico Galego, III: Fonética* (1999, vid. *BILEGA* 9396), *Atlas Lingüístico Galego, IV: Léxico: Tempo atmosférico e cronolóxico* (2003, vid. *BILEGA* 11550).

Recs.: João Saramago, *Verba*, 34, 2007:407-410 | Xosé Soto Andión, *VR*, 66, 2007:374-376.

517 (N/05). González González, Manuel: "*Seseo*, un término poco adecuado para la descripción de la realidad plurisistemática de la lengua gallega", en *Filología y Lingüística: Estudios ofrecidos a Antonio Quilis*, I, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Universidad Nacional de Educación a Distancia / Universidad de Valladolid, 2005:253-261.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MC | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Despois de analizar as definicións de seseo que ofrecen tres gramáticas galegas [*Gramática gallega* (1868, vid. *BILEGA* 1019) de Juan A. Saco e Arce, *Gramática da lingua galega. I: Fonética e fonoloxía* (1998, vid. *BILEGA* 7875) de Xosé Ramón Freixeiro Mato e *Gramática da lingua galega* (2002, vid. *BILEGA* 10735) de Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove Ferreiro], o autor conclúe que se trata dun termo utilizado dunha maneira pouco clara e que non responde á realidade do sistema fonolóxico do galego actual, onde se detectan seis subsistemas de sibilantes: 1) O subsistema arcaico, formado por tres parellas de fonemas fricativos (postalveolar, apicoalveolar e predorsodental) que se opoñen polo trazo de sonoridade; 2) O subsistema de transición, con tres fonemas fricativos xordos (postalveolar, apicoalveolar e

predorsodental); 3) O subsistema do galego común, con tres fonemas fricativos xordos (postalveolar, apicoalveolar e interdental); este, á súa vez, presenta un microsubsistema que posúe seseo implosivo; 4) O subsistema occidental, con dous fonemas fricativos xordos (un postalveolar e outro dental, que nunhas zonas se realiza como apicoalveolar e noutras como predorsodental); 5) O subsistema despalatalizador, con dous fonemas fricativos xordos, un apicoalveolar (que se correspondería co postalveolar do galego común) e un predorsodental; 6) Un subsistema innovador, que amosa a confluencia nun único fonema fricativo xordo dos tres fonemas do galego común; este fonema pode presentar unha realización predorsodental ou apicoalveolar. O autor considera que só no caso do subsistema occidental se pode falar con propiedade de seseo, pois nel prodúcese a desfonoloxización da oposición /θ/ - /s/ que dá como resultado /s/, coas realizacións apical ou predorsal [T.A.G.].

518 (N/05). Le Men Loyer, Janick: *Léxico del leonés actual*, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2002-07, 4 v. (I: A-B, 2002, 606 p.; II: C, 2004, 677 p.; III: D-F, 2005, 887 p.; IV: G-M, 2007, 866 p.) (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 93, 94, 95, 96).

1. investigación | 2. ámb. asturiano-leonés | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita: inf. diatópica (falas galegas de León)

Riquísima recompilación de léxico dialectal que ofrece a organización e sistematización crítica dos materiais léxicos da provincia de León (incluída a área de fala galega do Bierzo), que estaban espallados en preto de 200 traballos lexicográficos (moitos deles de difícil acceso) publicados nos últimos 150 anos ou inéditos. Estes materiais foron recollidos pola autora para a súa tese de doutoramento [*Repertorio de léxico leonés* (1996, vid. *BILEGA* 8596)]. Na macroestrutura do vocabulario adóptase a orde alfabética e agrúpanse todas as variantes formais documentadas en León baixo un único lema; teñen entrada diferente as voces que proveñen de bases etimolóxicas distintas e os derivados. A microestrutura divídese nos seguintes apdos.: 1) Lema, variantes formais, información gramatical (ás veces), niveis de lingua (caracterización diatópica, diastrática e diafásica), definición, etimoloxía (baseada fundamentalmente no DECH), primeira documentación, referencia ao DRAE; 2) Localización dos datos (que a autora xulga como a parte máis importante da entrada), organizada consonte a distribución administrativa en partidos xudiciais; 3) Conclusión, incluída cando a autora considera a entrada de especial interese; nela fanse referencias a voces emparentadas doutros dominios lingüísticos hispánicos (entre elas, as galegas e portuguesas).

Recs.: Manuel-Antonio Marcos Casquero, *Estudios Humanísticos*, 25, 2003:238-241 | *Lletres Asturianes*, 85, 2004:162 | Elisa Borsari, *Signo-Alcalá*, 15, 2005:189-190.

519 (R/04). Navarro Tomás, Tomás: "Geografía peninsular de la palabra *aguja*", RPh, XVII/2, 1963:285-300. | [Reed.]: en T. Navarro Tomás, *Capítulos de geografía lingüística de la Península Ibérica*, Bogotá, [Instituto Caro y Cuervo], 1975:103-127, 1 mapa (= *Publicaciones del Instituto Caro y Cuervo*; XXXV). | [Ed. facs. en liña da 1ª ed.]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. investigación | 2. ámb. iberorrománico | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica

Traballo baseado nos datos do mapa nº 12 do *ALPI*, que inclúe o estudo das variantes do gal. *agulla*.

520 (R/05). Pardal, Ernesto d'Andrade: "Sobre os plurais em galego", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:173-180. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica

Desde unha perspectiva teórica xenerativista, inténtase determinar as regras fonolóxicas para a formación do plural que actúan nos distintos dialectos galegos. O autor parte da clasificación dialectal establecida por Ricardo Carballo Calero ["Sobre os dialectos do galego" (1969, vid. *bilega* 967)] baseándose nos resultados da evolución das terminacións lat. -ANU, -ANA e nos plurais das palabras rematadas en *-n* e *-l*. Estes trazos permítenlle identificar un dialecto oriental (coas formas *irmao, irmá, cais, animais*), un dialecto central (coas formas *irmao, irmá, cais, animás*), un dialecto noroccidental (coas formas *irmá, irmá, cás, animás*) e un dialecto sudoccidental (coas formas *irmán, irmán, cans, animás*).

521 (R/05). Rodríguez-Castellano, Lorenzo: "La palatalización de la *L-* inicial en zona de habla gallega. Aportación al estudio de la geografía dialectal de Asturias", *BIEA*, II/4, 1948:113-134, 1 mapa. | [Reed.]: "Palatalización de la *L* inicial en la Asturias de habla gallega", *Verba*, 2, 1975:137-150. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/004-05.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. mec | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

O autor intenta determinar a isoglosa que separa as zonas de palatalización / non palatalización de *L-*, analizando os datos lingüísticos dos concellos de Coaña, El Franco, Tapia, Illano, Boal (pertencentes á zona asturiana de fala galega), Allande, Villayón (atravesados pola isoglosa que separa a zona asturiana de fala galega do resto de Asturias) e Navia (xa en zona de fala asturiana). En segundo lugar, analiza a historia do fenómeno, chegando á conclusión de que a palatalización na zona asturiana entre os ríos Navia e Eo se debe interpretar como unha prolongación da asturiana.

Recs.: Manuel de Paiva Boléo, *RPF*, II/1-2, 1948:394 | María Rosario Álvarez Blanco, *Grial*, XIV/51, 1976:113.

522 (N/05). Sánchez Rei, Xosé Manuel: "Os falares populares portugueses dos séculos XVI-XIX: información (in)directa sobre o galego da época", en Miguel Gonçalves, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins e Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e humanismo: Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*, I, Braga, Universidade Católica Portuguesa, Faculdade de Filosofia, ALETHEIA - Associação Cultural e Científica, 2005:615-630.

1. investigación | 2. ámb. portugués | 3. sincrónico | 4. e | 5. lingua oral

O autor considera que, ao carecer o galego dunha tradición gramaticográfica ata o séc. XIX, entre outras causas pola colonización española, que varreu a lingua de certos ámbitos, o portugués pode servir como unha valiosa fonte de información para sabermos cal era a situación da oralidade popular galega durante os séculos XVI-XIX, sobre todo, se se presta atención a aqueles fenómenos, comúns cos de Galicia, que os gramáticos portugueses condenan como populares ou rústicos e que, nalgúns casos, aínda se

detectan na actualidade nos dous países [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. Introdución | 2. Fenómenos vocálicos: 2.1. Flutuación tímbrica das vogais átonas | 2.2. Fenómenos de adición ou supresión vocálicas | 3. Fenómenos consonánticos | 4. Fenómenos morfosintácticos | 5. Fenómenos semántico-lexicais | 6. Conclusións.

523 (R/05). Soto Andión, Xosé: "Aproximación al habla de la Pontevedra interior: morfología verbal", *RFR*, 20, 2003:53-72. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM0303110053A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Traballo baseado na memoria de licenciatura presentada polo autor na Universidade de Santiago de Compostela [*Estudio lingüístico do galego da Terra de Montes* (1995, vid. *BILEGA* 6811)], baixo a dirección de Xavier Varela Barreiro. Analízanse diversos aspectos da morfoloxía verbal (constituíntes formais, valores temporais, formas non persoais e perífrases verbais) e sinálanse as interferencias entre o galego e o castelán, principalmente na xente máis nova. Os datos foron tirados dunha selección de etnotextos de diferentes lugares do concello pontevedrés de Forcarei (o núcleo rural de Aciveiro e as vilas de Forcarei e Soutelo de Montes), que corresponden a 30 horas de gravacións a 60 informantes de tres xeracións (maiores de 60 anos, con idades comprendidas entre os 35 e os 60 anos, menores de 35 anos). O autor conclúe que na variedade diatópica estudada, pertencente ao bloque central, "conviven básicamente dos estados de lengua, determinados por un criterio generacional o de edad. De un lado, podemos agrupar a los informantes de las generaciones intermedia y vieja que muestran un estado de lengua bastante similar. De otro lado, estarían los sectores jóvenes. En los primeros el habla se mantiene fiel a las maneras tradicionales [...]. En el habla de los sectores jóvenes confluyen dos líneas que son las siguientes: una importante presión del Castellano [...] así como un mayor uso y destreza de la variante estándar de la lengua gallega [...]. En cuanto a la influencia ejercida por el Castellano sobre el Gallego, comprobamos que en la generación joven resulta más evidente, de ahí que la lengua gallega más castiza sea la de los informantes de mayor edad" (p. 71).

524 (N/05). Vázquez Rodríguez, Xosé Manuel: "As embarcacións fluviais: do legado patrimonial a novos usos en activación", *Ardentía*, 2, 2005:20-23, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Cambados, Pontevedra], Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, [2006], <http://www.culturamaritima.org/files/ardentia2/ardentia2-VazquezRguez.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA

Percorrido de carácter histórico-etnográfico polos diversos tipos de embarcacións usadas nos ríos galegos co obxectivo de propoñer a súa recuperación como recursos con diversas funcións. O autor considera incompleta a clasificación establecida por Xaquín Lorenzo Fernández en "Etnografía: Cultura material" (1962, vid. *BILEGA* 3546), aínda que siga a ser a máis divulgada, e por iso adopta a que el mesmo propuxo en "Embarcacións fluviais no país dos encoros" (*Lucensia*, XI, 2001:161-176). Diferencia os seguintes tipos básicos, que describe brevemente: *barco de dornas*, *batuxo*, *barca de Lugo*, *barca de Portomarín*, *barca do Sil*, *embarcación do Navia*, *gamela*, *barca de Chantada*, *barca do Ulla*, *lancha* (con

variantes como *batela*, *caíque*, *carocho* ou *anguleiro* ou *barca do Miño*), *barca do Landro*, *barca da Lagoa de Antela*).

525 (R/05). Zamora Vicente, Alonso: "Los grupos *-uit-*, *-oit-* en gallego moderno. Su repartición geográfica", *BmF*, XXI/1-2, 1962-63:57-68, 1 mapa. | [Reed.]: en Alonso Zamora Vicente, *Estudios de dialectología hispánica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1986:35-44, 1 mapa (= *Verba. Anexo*; 25). | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2002, <http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/01589633107913166210213/index.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 02/01/2004]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/21/boletim21.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Unha boa parte dos datos en que se basea este traballo de xeografía dialectal (cuxas conclusións o autor cualifica de provisionais) foron recollidos por el mesmo de forma directa ou indirecta entre os anos 1942 e 1945 (período en que foi profesor da Universidade de Santiago de Compostela). Proceden dun total de 119 puntos de todo o territorio lingüístico galego que aparecen identificados no artigo. Con eles trata de establecer as áreas dialectais actuais que corresponden ás distintas evolucións dos grupos lat. -UKT-, -ULT- (*luita* / *luta* / *loita*; *muito* / *moito*; *truita* / *troita*). Como outros romanistas, quéixase do escaso desenvolvemento dos estudos sobre o galego a comezos da década de 1960 no marco da iberorromanística: "Es verdaderamente asombrosa la dejadez de los jóvenes filólogos en cuanto al gallego se refiere. En estos últimos años, el conocimiento de otras áreas dialectales de la península (leonés, aragonés, andaluz) se ha extendido extraordinariamente. No así el del gallego, que sigue prácticamente olvidado" (p. 58 da 1ª ed.; p. 36 da reed.).

Recs.: Cosme Barreiros, *Grial*, XXIV/93, 1986:387-388 | Evanildo Bechara, *RPF*, XIX/1-2, 1987-91:293-296.

Vid. tamén as entradas 56, 138, 192-2, 248, 249, 250, 307, 308, 309, 313, 314, 315, 419, 487, 497, 498, 518, 540, 548, 587, 634-2, 775, 878, 879, 910.

514 Traballos sobre falas

526 (N/04). Alonso Núñez, Aquilino Santiago: "Os sufixos *-iño*, *-ito* e *-ico* na fala do concello de Castrelo do Val", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:307-315. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO ORIENTAL)

Estudo descritivo dos sufixos diminutivos *-iño*, *-ito* e *-ico* na fala do concello de Castrelo do Val (OU), con especial atención aos sufixos *-ito* e *-ico* como alternativas expresivas de *-iño*. O autor trata de determinar o reparto funcional de *-iño* e *-ciño*, subliñar a presenza de *-ito*, constatar que o valor empequenecedor é o primordial do sufixo *-ico* e predicir a evolución que terán estes sufixos neste territorio. Prescinde das chamadas funcións do diminutivo, por crer que estas formas expresan minoración, que "pode ir acompañada dun sentimento afectivo, quer positivo quer negativo" (p. 307-308) que, por veces, "chega a borra-lo significado *diminutivo*" (p. 308).

527 (N/05). Asaka, Takekazu: "Utsuriyuku kotoba: eo-naviego [= Unha lingua de transición: eo-naviego]", *Gengo*, 34/8, 2005:74-81.

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

528 (N/04). Baleirón Sóñora, Rosario: "A gheada no concello de Padrón", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:331-336. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (galego occidental)

Análise do estado actual e das razóns que condicionan, de maneira consciente ou inconsciente, o emprego da gheada no concello de Padrón (CO). O traballo baséase nunha escolma de textos procedentes de gravacións (24 cintas) realizadas entre os anos 1993 e 1996 nas cinco parroquias que compoñen o concello. Obsérvase como aspectos relacionados coa idade, o nivel de estudos, o ámbito laboral en que se move o falante, a influencia dos medios de comunicación, o rexistro de lingua empregado ou o medio social a que pertence determinan a presenza ou ausencia do devandito fenómeno fonético. Os datos permiten concluír que, malia as diferenzas existentes dependendo dos condicionantes que se tomen como punto de referencia, se está a producir un proceso de vacilación ou de alternancia no emprego cunha clara tendencia ao retroceso [Adaptación do libro de resumos do congreso].

529 (R/05). Costas González, Xosé Henrique: "Fronteiras lingüísticas no Val do Río Ellas (Cáceres)", *RFR*, 18, 2001:35-50, 1 mapa. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM0101120035A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Estremadura)

Traballo presentado como relatorio no *Seminario Internacional «Intercambios lingüísticos y literarios en el ámbito románico»*, organizado pola Universidade Complutense e mais a UNED e celebrado en Madrid do 7 ao 10 de maio de 2001. As falas do noroeste da provincia de Cáceres coñecidas como valverdeiro, lagarteiro e mañego son actualmente obxecto dunha polémica dentro da comunidade

científica universitaria debido á súa adscrición a varias linguas iberorrománicas. Algúns investigadores manteñen que se trata de variedades do portugués tinxidas de leonesismos, outros pensan que constitúen un híbrido lingüístico de fronteira, mentres que para os lingüistas galegos son falas de orixe galega misturadas con leonesismos. O autor intenta amosar -mediante a aplicación dunha metodoloxía dialectométrica seguida dunha explicación de dez trazos gramaticais o outros dez léxicos- que estas falas son un modelo da variación dialectal actual da lingua galega. Segundo o autor, cómpre lembrar que a lingua falada polos colonos que repoboaron este territorio no século XIII era o galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Recs.: *LLBA*, 37, 2003:[200306909].

530 (N/05). Dubert García, Francisco: "Gheada e castelanismos con /x/ no Galego de Santiago de Compostela", en Maria Clara Rolão Bernardo e Helena Mateus Montenegro (orgs.), *I Encontro de Estudos Dialectológicos [Universidade dos Açores, Ponta Delgada, 6 e 7 de Novembro de 2003]: Actas*, Ponta Delgada, Instituto Cultural de Ponta Delgada, [2005]:137-159. | [| [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2006], <http://web.usc.es/%7Efgdubert/artigos/azores.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (galego occidental, galego central)

O autor considera que no galego actual están a desenvolverse diversas variedades lingüísticas que son produto da confluencia de dous factores: a presenza do castelán e a aparición do galego estándar. Intenta mostrar como estes dous feitos afectan á distribución de dous trazos nas falas populares de Santiago de Compostela: a gheada e os castelanismos con /x/. Para iso analiza a presenza destes fenómenos a través do testemuño de 22 informantes composteláns que teñen o galego como lingua materna e diferente formación académica (desde universitarios ata persoas sen estudos). A análise permite concluír que existen dúas tendencias na fala: a) a tendencia ao abandono da gheada, que reintroduce o segmento /g/ nas palabras con gheada por medio do cambio *ghato* > *gato*; b) a tendencia á readaptación dos castelanismos con /x/, que se produce por medio do cambio *ejemplo* > *exemplo* [T.A.G.].

531 (N/05). Fernández Rei, Elisa / Escourido Pernas, Ana / Caamaño Varela, Maruxa / Xuncal Pereira, Luís: "A entoación dunha fala de Santiago: fronteira prosódica entre suxeito e predicado", *EFE*, XIV, 2005:141-165, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Universitat de Barcelona, Laboratori de Fonética, [s.d.], <http://www.ub.es/labfon/XIV-10.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/11/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (galego occidental, galego central)

Análise da entoación dunha fala de Santiago de Compostela que vén completar a presentada no artigo "Achega á entoación dunha fala do centro de Galicia. Contribución para o *Atlas multimédia prosodique de l'Espace roman* (AMPER)" [entrada 532] de Elisa Fernández Rei, Manuel González González Luís Xuncal Pereira e Maruxa Caamaño Varela. Analízanse aquí, coa mesma metodoloxía do proxecto *Atlas Multimedia Prosodique de l'Espace Roman (AMPER)*, as estruturas *Suxeito (Núcleo + Modificador) + Predicado + Complemento*, que amosan un suxeito estendido e, polo tanto, máis complexo que o das estruturas consideradas no traballo citado. O estudo céntrase en aspectos como as diferenzas de entoación entre

oracións enunciativas e interrogativas, o comportamento dos picos tonais en suxeitos complexos como os das estruturas aquí seleccionadas, a relación entre acento e entoación e os parámetros acústicos que serven para marcar a existencia dunha fronteira entre grupos de entoación menores (concretamente, as marcas entoativas que aparecen no límite entre suxeito e predicado).

532 (N/05). Fernández Rei, Elisa / González González, Manuel / Xuncal Pereira, Luís / Caamaño Varela, Maruxa: "Achega á entoación dunha fala do centro de Galicia. Contribución para o *Atlas multimédia prosodique de l'Espace roman* (AMPER)", *Géolinguistique*, Hors série 3 [= Jean-Pierre Lai (ed.), *Projet AMPER: Atlas multimédia prosodique de l'Espace roman*], 2005:87-102.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Presentación dos primeiros resultados da investigación do grupo galego que participa no proxecto de *Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (AMPER)*, formado por investigadores da Universidade de Santiago de Compostela. En primeiro lugar, descríbese de forma resumida a constitución do corpus e a selección dos informantes, así como o protocolo de rexistro e a constitución dos correspondentes arquivos sonoros. Da totalidade dos enunciados rexistrados, neste estudo só se analizan aqueles cuxo suxeito e complemento, situados a continuación do verbo, non teñen modificadores, tendo en conta todas as combinacións posibles de acentos léxicos (SUX oxítono + Compl oxítono, SUX paroxítono + Compl oxítono, SUX proparoxítono + Compl oxítono, SUX oxítono + Compl paroxítono, etc.). Os datos permiten non só observar as diferenzas entre as modalidades das oracións estudadas, senón tamén discutir a pertinencia dos índices acústicos de duración e de enerxía con respecto á oposición acentual. Tamén se presentan algunhas dificultades debidas a algúns trazos do tipo segmental, pero que teñen unha influencia directa sobre as contornas de F0, como, por exemplo, o enxordecemento das vogais átonas en posición final absoluta de enunciado. Por último, sinálanse as principais liñas de investigación que os autores pensan seguir para o desenvolvemento do proxecto a curto e a medio prazo [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

533 (N/04). García Rodríguez, María Carme: "Estudio lingüístico e sociolingüístico da gheada no concello de Rianxo", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:353-364, 2 mapas, 1 il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Estudo fonético, dialectal e sociolingüístico da gheada no concello de Rianxo (CO), a partir da información recollida a través de inquéritos especialmente elaborados con esta finalidade e realizados nas seis parroquias do concello a falantes de distintas idades e formación. Analízanse as realizacións fonéticas, a localización xeográfica e a distribución e usos sociais, concluíndo que a gheada neste concello coruñés e, en xeral, en todas as falas que a posúen é un fenómeno lingüístico en retroceso [Adaptación do libro de resumos do congreso]. | Índice: 1. O concello de Rianxo. Situación xeográfica e notas sobre as falas do concello | 2. Realización da gheada | 3. Distribución da gheada. O grupo [ng] | 4. Nasal máis velar en

interior de palabra | 5. Incorporación de castelanismos | 5.1. Palabras castelás con /x/ | 5.2. Palabras con /g/ | 6. Utilización da gheada.

534 (R/05). Gómez Bautista, Alberto: "Algunhas notas sobre a lingua galega da Franxa Leste = Some Remarks on Galician Language from the So-called Franxa Leste", *Madrygal*, 7, 2004:63-66. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0404110063A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias, falas galegas de León, falas galegas de Zamora)

Breve informe sobre a situación da lingua galega en Asturias, León e Zamora e achega de argumentos para mudar as denominacións de *galego exterior* ou *galego raiano*, que habitualmente se aplican ás falas galegas destes territorios. Segundo o autor, "é pouco acertado empregar un criterio administrativo para etiqueter un conxunto de dialectos dunha determinada lingua" (p. 64); de aí que propoña o nome *galego do leste*, non suxeito a fronteiras administrativas e que favorece que os falantes destas zonas se sintan plenamente integrados no sistema galego.

535 (R/05). Gonçáles Ribeira, José Manuel: *A fala galego-portugesa da Baixa-Limia e Castro Laboreiro*, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 30-X-2004, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=99>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 20/01/2005]. | [Ed. abreviada]: "A fala do Vale do Límia e Castro-Laboreiro", *Lethes*, 6, 2005:268-285, 3 mapas.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (galego occidental, galego central)

O texto da 1ª ed. corresponde a unha conferencia pronunciada nas *Jornadas sobre Património de Tradiçom Oral*, celebradas en Vilar de Santos en outubro de 2004. Ofrece unha caracterización da fala da Limia Baixa (OU) e Castro-Leboreiro (Melgaço, PT) a partir dos datos tirados de sete gravacións realizadas nos lugares de Pielas, Bouzadrago e Oleas (Entrimo, OU) e Ribeiro de Baixo (Castro-Leboreiro, Melgaço, PT). Descríbese a realización das consoantes sibilantes, sinalando os trazos coincidentes e discordantes entre a zona galega e a portuguesa. Así mesmo, contraponse a fala de Entrimo co galego estándar, tanto desde o punto de vista fonético como morfolóxico e léxico. No caso de Ribeiro de Baixo, sinálanse as diverxencias verbo do portugués estándar. Inclúe a transcrición dos sete textos gravados, indicando en cada unha delas o lugar en que foi recollido, o sexo, a idade e a profesión do(s) informante(s). A edición acompáñase de arquivos sonoros en formato WAV e MP3 coa reprodución dos textos. A ed. abreviada reproduce, no esencial, o texto da conferencia, pero só ofrece a transcrición de tres textos. O estudo é o resultado dun traballo escolar desenvolvido durante o curso 2003-2004 por profesores e alumnos do IES *Aquis Querquernis* de Bande (OU), baixo a coordinación do autor da conferencia.

536 (R/05). Krüger, Fritz: "Notas de dialectología asturiana comparada", *BIEA*, XI/30, 1957:3-48. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/030-01.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

O autor compara os datos das súas enquisas, realizadas en 1927 no alto val do río Cibea, El Puerto e no val do río Ibias, cos recollidos en *Aspectos del bable occidental* (1954, vid. *BILEGA* 1399) de Lorenzo Rodríguez Castellano. Estuda as vogais tónicas (p. 5-11), protónicas (p. 11-14), postónicas e finais (p. 14-19), as consoantes (p. 19-34) e a morfoloxía do verbo (p. 34-48).

537 (N/04). MONTERO CURIEL, Pilar: "El dialecto leonés y el *Atlas Lingüístico de Castilla y León*", *AEF*, XXVII, 2004:191-205. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Logroño], Universidad de La Rioja, DIALNET, [2006], <http://dialnet.unirioja.es/servlet/fichero_articulo?codigo=1079024>, Formato: PDF, [Consulta: 12/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE LEÓN, FALAS GALEGAS DE ZAMORA)

A partir da interpretación dos mapas 1 (*bien*), 2 (*prisa*), 4 (*mirlo*), 5 (*hoja*), 6 (*viejo*), 11 (*culebra*) e 15 (*silla*) do *Atlas Lingüístico de Castilla y León*, analiza o comportamento das vogais tónicas abertas (procedentes de É e Ó latinas) nas áreas delimitadas polo Atlas. Con esta análise trátase de determinar cales son as zonas que conservan con maior vitalidade nas súas falas os vestixios do chamado dialecto asturleonés e reflexiónase sobre a conveniencia de elaborar mapas lingüísticos en rexións que, malia estaren unidas por circunstancias políticas, pouco teñen en común desde o punto de vista idiomático [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. Inclúe información sobre as solucións que amosan as falas galegas de León e Zamora.

538 (R/05). OCHOA ÁLVAREZ, Dolores: "O empobrecimento do galego da xente nova", *Galicien Magazin*, 9, 2000:5-9. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin9.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Breve caracterización lingüística (fonética, morfolóxica e léxica) dos falantes máis novos do concello do Grove (Pontevedra), na que se tenta establecer a perda de trazos lingüísticos propios (gheada, seseo, terminacións verbais, infinitivo conxugado, léxico patrimonial, etc.) que se produce neste grupo de falantes en comparación cos máis vellos, así como as fortes interferencias do castelán apreciables en todos os planos da lingua.

539 (N/04). PÉREZ ÁLVAREZ, Francisco Xabier: "O rotacismo e a gheada no concello de Vilardevós", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:365-373. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Descrición sociolingüística dos fenómenos fonéticos da gheada e do rotacismo no concello de Vilardevós (OU), onde amosan unha forte vitalidade. Analízanse as actitudes dos falantes ante os dous fenómenos e as connotacións asociadas a eles. Esas actitudes e connotacións diverxen en maior ou menor medida para cada fenómeno: mentres o rotacismo non conleva ningún tipo de connotación entre os seus usuarios e se mantén vivo nas diversas xeracións, a gheada presenta unha mingua de uso a medida que se descende na media xeracional e certos síntomas de marxinación, así como tamén certas actitudes e valoracións non presentes no rotacismo. A análise trata de precisar as similitudes e diferenzas existentes entre as distintas xeracións de falantes. O traballo está baseado nun corpus de etnotextos correspondentes a diferentes momentos de todas as parroquias do devandito concello [Adaptación do libro de resumos do congreso].

540 (R/04). Pousa Ortega, Helena: "O fenómeno da ditongación goianesa. Características principais", en Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, I, [Promovida polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1991:403-417. | [Nova ed. rev.]: "A ditongación goianesa: Unha evolución particular do /è/ tónico galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:383-392. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. diacrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (galego occidental)

Datos correspondentes á fala de Goián, parroquia do concello de Tomiño (PO). A autora rebate a explicación deste fenómeno ofrecida por Manuel Fernández Rodríguez (*CEG*, XXIV, 1969:194-205), segundo a cal sería produto dunha colonización leonesa. Considera que se trata dunha ditongación recente, orixinada só neste lugar e dentro do propio sistema lingüístico galego. Ofrece a súa xustificación para esta interpretación na p. 416.

541 (N/04). Rodríguez Guerra, Alexandre: "Achegamento á sintaxe dos falares mañego, lagarteiro e valverdeiro: o nivel frástico", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:393-414. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Estremadura)

Descríbense os principais esquemas construtivos frásticos e oracionais das falas galegas de San Martiño de Trevello (CC), As Ellas (CC) e Valverde do Fresno (CC), coa intención de enxergar a súa estrutura sintáctica e contribuír así á súa caracterización, tratando de completar os trazos fonéticos, morfolóxicos e léxicos que habitualmente se teñen en conta para adscribilas desde o punto de vista dialectal. Para levar

a cabo esta descrición sintáctica analízanse unha serie de gravacións realizadas nestes tres concellos estremeños, de maneira que todos os datos manexados reflictan fielmente a realidade lingüística mañega, lagarteira e valverdeira, dentro das marxes que supón empregar un corpus forzosamente parcial e limitado [Adaptación do libro de resumos do congreso]. | Índice: 1. Introducción | 2. Corpus | 3. A frase | 3.1. A frase nominal | 3.1.1. FN sen preposición | 3.1.1.1. FN sen preposición: Suxeito | 3.1.1.2. FN sen preposición: Complemento directo | 3.1.1.3. FN sen preposición: Atributo, Complemento circunstancial e Predicativo | 3.1.2. FN con preposición | 3.1.2.1. FN con preposición: Complemento circunstancial | 3.1.2.2. FN con preposición: Complemento preposicional | 3.1.2.3. FN con preposición: Complemento directo, Indirecto, Predicativo e Atributo | 3.1.2.4. FN con preposición: Modificador frástico | 3.1.3. FN cun nome propio como núcleo | 3.1.4. Recapitulación a propósito da FN | 3.1.4.1. Complexidade interna | 3.2. A Frase adxectiva | 3.3. A Frase adverbial | 4. A xeito de epílogo.

542 (N/04). Testa Fernández, Balbino: "Algunhas notas diferenciais no galego de Asturias", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:465-473. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Tomando como punto de partida os datos lingüísticos que ofrece o libro de Jesús Álvarez Valdés, *As costumbres foron deste xeito (Occidente de Asturias)* (Navia, Ayuntamiento de El Franco, 1992) e outros traballos de campo, estúdanse algúns trazos lingüísticos pouco frecuentes no galego e, máis concretamente, no galego de Asturias. | Índice: 1. Introducción | 2. Algúns indefinidos [*daquén, daqué, dalgo, del, dela, della, delos, deles, dellos, delas, dellas, úa, algúa, ningúa, unha, algunha, ningunha, uis, algüis, ningüis, us, algús, ningús, dalgún, dalgúa, dalgús, dalgúas, degún*] | 3. A negación: recursos enfáticos e de reforzo [*migalla, cousa, chisco, miga, faragulla, nada*] | 4. Conclusión.

543 (N/05). Vila Fariña, Xosé Lois: *O falar da nosa aldea: Voces e xiros do falar das xentes de Baión*, [Ed. dix.]: Baión [Pontevedra], AA.CC. o Castro, [2005], 1 CD-ROM.

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diatópica (galego occidental)

Vid. tamén as entradas 128, 147, 264, 267, 289, 299, 302, 306, 344-2, 353, 409, 504, 506, 536, 552.

515 O galego na cartografía lingüística

544 (N/05). Fernández Planas, Ana María: "Aspectos generales acerca del proyecto internacional *AMPER* en España", *EFE*, XIV, 2005:13-27. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona],

Universitat de Barcelona, Laboratori de Fonética, [s.d.], <http://www.ub.es/labfon/XIV-6.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/11/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Presentación do proxecto internacional de *Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (AMPER)*, que está a se desenvolver desde o ano 2001 e cuxo obxectivo é estudar as características temporais, de intensidade e entoativas das frases enunciativas e interrogativas nas distintas variedades xeoprosódicas de todas as linguas románicas. Inicialmente circunscribiuse a Europa, pero na actualidade están integrados no proxecto varios grupos dedicados a estudar as características prosódicas das variedades americanas do portugués e do castelán. A perspectiva principal do AMPER é fonética, pero non esquece as implicacións fonolóxicas, dialectolóxicas e sociolingüísticas. Neste traballo descríbese a organización do proxecto en dominios lingüísticos, a estruturación interna dos dominios hispánicos en distintos grupos de traballo (cun grupo da Universidade de Santiago de Compostela dedicado a estudar especificamente o galego), os obxectivos perseguidos, a metodoloxía empregada e os beneficios que se poden obter do seu desenvolvemento. Pode acharse información sobre este proxecto en <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm>.

545 (R/05). González González, Manuel: "O *Atlas Linguistique Roman* (ALiR). Unha visión persoal desde Galicia", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:573-602. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Presentación do *Atlas Lingüistique Roman* [v. I (1996, vid. *BILEGA* 6812); v. II.a (2001, vid. *BILEGA* 10730)] que, xunto co *Lexikon der Romanistischen Linguistik* [v. VI/2 (1994, vid. *BILEGA* 1230)], é a primeira obra de ámbito panrománico en que o galego aparece cun tratamento en pé de igualdade coas outras linguas romances. Descríbese brevemente o nacemento deste proxecto de xeografía lingüística, subliñando a incorporación ao mesmo dun grupo de investigadores galegos. Sinálase cal foi o método empregado na división do territorio e como a recolla de información se leva a cabo a partir doutros atlas xa existentes e de estudos dialectais.

546 (R/05). Mondéjar, José: "Los atlas lingüísticos del área iberorrománica. Informe crítico", *BmF*, XXXII, 1988-92:143-173. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/32/boletim32.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 4. C

Informe crítico sobre o desenvolvemento da xeografía dialectal en España e Portugal, presentado como relatorio no *Convegno «Atlanti Linguistici Italiani e Romanzi: Esperieze a confronto»*, celebrado en Palermo entre o 3 e o 7 de outubro de 1990. Ofrece unha breve noticia e avaliación de cada un dos atlas lingüísticos das áreas romances da Península Ibérica (globais ou específicos dun dominio lingüístico)

que estaban entón en fase de realización ou xa rematados. Vid. especialmente os apdos. dedicados ao *ALPI* (p. 144-149), o *ALEP* (p. 162-163), o *ALGa* (p. 166-168) e o *ALEPG* (p. 168-169).

547 (N/05). Pedrazuela Fuentes, Mario: "Nuevos documentos para la historia del *ALPI*", *RFE*, LXXXV/2, 2005:271-293.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 4. C

Traballo que ofrece unha abondosa cantidade de datos arredor da historia do *ALPI*, procedentes en boa parte do intercambio epistolar entre os involucrados no proxecto. Coméntanse as viaxes de Tomás Navarro Tomás (1884-1979) ao estranxeiro para formarse en fonética e os esforzos por incorporar esta disciplina ás investigacións do Atlas e tamén se informa sobre outros proxectos xeolingüísticos en curso na Europa do momento que foron de utilidade para diferentes aspectos do *ALPI*; a seguir, analízase a selección dos responsables das enquisas -entre os que está o galego Aníbal Otero Álvarez (1911-1974)- e diferentes cuestións loxísticas no inicio dos traballos. O estudo dedica especial atención á fortuna do material despois de 1936 e ás diferentes iniciativas de publicación existentes desde a década de 1940, que incluíron novo traballo de campo para certos puntos; a este respecto, o autor comenta as diverxencias metodolóxicas entre Aníbal Otero e Luis Filipe Lindley Cintra (1925-1991) para materiais portugueses e os problemas para o conxunto da obra que causou esta incorporación de novas enquisas. O traballo conclúe cunha descrición do proceso editorial do primeiro volume e coa análise dalgunhas posibles causas que motivaron que non se continuase a publicación da obra [X.A.P.].

548 (N/05). Romano, Antonio / Lai, Jean Pierre / Roullet, Stefania: "La méthodologie AMPER", *Géolinguistique*, Hors série 3 [= Jean-Pierre Lai (ed.), *Projet AMPER: Atlas multimédia prosodique de l'Espace roman*], 2005:1-5.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Descríbense sumariamente varios problemas xurdidos no Centro de Dialectoloxía de Grenoble desde o inicio das investigacións sobre a prosodia das variedades dialectais das linguas románicas no proxecto internacional de *Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (AMPER)*, que está a se desenvolver desde o ano 2001. O principio de partida é que para acadar unha comparación dos datos recollidos nos diferentes dominios lingüísticos cómpre unha estratexia científica idéntica para cada variedade. Para desenvolver unha análise comparativa fiable é importante ter un control adecuado de todas as variables en xogo e basear a avaliación das propiedades prosódicas nun método multiparamétrico. A partir da idea de Michel Contini de impulsar un proxecto nesta dirección, o grupo de Grenoble definiu e publicou en diversas ocasións propostas de traballo preliminares xurdidas das primeiras investigacións levadas a cabo en dominios caracterizados pola presenza de dinámicas prosódicas diferentes. Algunhas destas propostas son as que se presentan neste breve artigo.

549 (N/05). Romano, Antonio: "Utilisation des données AMPER pour une description de la variation linguistique: Tests de perception et contrôles statistiques", *Géolinguistique*, Hors série 3 [= Jean-Pierre Lai (ed.), *Projet AMPER: Atlas multimédia prosodique de l'Espace roman*], 2005:39-64, il., 2 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Relatorio presentado na segunda reunión do *Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman (AMPER)* (Grenoble, 2004). O autor aborda algúns problemas xurdidos no proceso de exportación das estratexias desenvolvidas no Centro de Dialectoloxía de Grenoble para un estudo comparado da prosodia das variedades dialectais das linguas románicas, que constitúe o obxectivo deste proxecto internacional iniciado no ano 2001. As reflexións aquí desenvolvidas concéntranse nos métodos de medida e nas técnicas de aplicación da análise estatística, de modelización e de valoración perceptiva. Sinala a importancia –ao se tratar dun proxecto que persegue a comparación de materiais recollidos en diferentes dominios lingüísticos– de que se poidan controlar todas as variables necesarias para avaliar as propiedades prosódicas cun método multiparamétrico e de repetición múltiple dos mesmos enunciados. Algunhas figuras que se inclúen ofrecen histogramas de duración de enunciados recollidos en territorio galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación] [X.A.P.].

550 (R/05). Sanchís Guarner, Manuel / Rodríguez-Castellano, Lorenzo / Otero Álvarez, Aníbal / Cintra, Luís F. Lindley: "El Atlas lingüístico de la Península Ibérica (ALPI). Trabajos, problemas y métodos", *BmF*, XX/1-2 [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, III], 1961:113-120. | [Ed. en liña n.v.]: Biblioteca Virtual Extremeña, Sección de Dialectología, [s.d.], <http://dialectologia.paseovirtual.net>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/02/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/20/boletim20.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Os autores sinalan que distintos imprevistos impediron presentar nese congreso o primeiro volume do *ALPI*, que aparecería en 1962, polo que tiveron que limitarse a unha selección de mapas. A primeira epígrafe resume o nacemento do proxecto, as distintas fases de enquisa e a fortuna dos materiais. No segundo apartado xustifícase a necesidade dunha análise conxunta de toda a Península Ibérica e detállanse os colaboradores portugueses. O terceiro capítulo está consagrado á elección das 527 localidades de enquisa; indícanse as ampliacións previstas (estudo da fala das capitais provinciais, das illas, do español de Ceuta e Melilla, a incorporación de material adicional, como palatogramas ou gravacións, etc.). En cuarto lugar, coméntase a selección dos informantes e fanse consideracións sobre o modo de actuar cando había varios suxeitos informadores para un mesmo punto. A seguir, explícase o método de traballo dos enquisadores. O sexto apartado explica a confección do cuestionario, con especial atención á súa división en dúas partes. Na séptima epígrafe analízase o alfabeto fonético empregado e o último apartado está dedicado ao proceso de confección dos mapas. Como anexo ao texto da comunicación, e escrito en francés, aparecen as dúas preguntas que se fixeron na discusión por parte de Manuel Companys e Manuel de Paiva Boléo, e mais a resposta dada por Manuel Sanchis Guarner [X.A.P.].

551 (R/05). Sousa Fernández, Xulio C.: "A base de datos do *Atlas Lingüístico Galego*", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:637-647. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2004],

<http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/basealga.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Preséntase a base de datos do *ALGa* (*Atlas Lingüístico Galego*) en que se están a incluír os datos recollidos nas enquisas previas. Descríbese o deseño da base de datos e a súa organización, así como as posibilidades que ofrece á hora de tirar datos e de confeccionar mapas.

Vid. tamén a entrada 516.

516 Os dialectalismos na literatura

552 (R/05). Cortés y Vázquez, Luis Leocadio: "Dos textos dialectales de Rihonor y dos romances portugueses de Hermisende", *BmF*, XI [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, II], 1950:388-403. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/11/boletim11.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ZAMORA)

Ofrece catro etnotextos recollidos polo autor en 1947 no partido xudicial de Puebla de Sanabria: dous representativos da fala leonesa de Rihonor, poboación situada na fronteira luso-española, e outros dous representativos da fala de Hermisende (portuguesa, segundo o autor, fronte á de Castrelos e Lubián, aldeas próximas en que se fala galego). Os textos aparecen primeiro con ortografía convencional e logo transcritos foneticamente e van precedidos dunha breve caracterización xeral histórico-xeográfica e lingüística dos dous lugares e seguidos de diversos comentarios de carácter etnográfico. Nas notas a pé de páxina o autor ofrece información sobre as características fonéticas, morfosintácticas e, sobre todo, léxicas dos textos.

Vid. tamén as entradas 774, 974, 1160.

517 Historiografía da dialectoloxía galega

Vid. as entradas 121, 122, 496, 546, 547, 550.

5171 A contribución dos etnógrafos

553 (N/04). Ínsua López, Emilio Xosé: "Xoaquín Lourenzo e a cultura marítima", *Ardentía*, 1, 2004:29-34, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Cambados, Pontevedra], Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, [2006], <http://www.culturamaritima.org/files/ardentia1/ARDENTIA1-Insua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/10/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Repasa brevemente a pioneira contribución de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989) ao coñecemento dos elementos materiais e inmateriais da Galicia mariñeira no eido da etnografía, evocando o contexto en que se xeraron estas investigacións: "Notas pra un cuestionario de Etnografía: Embarcacións" (1933, vid. *BILEGA* 4539), "As dornas do Porto do Son" (1934, vid. *BILEGA* 1240), "Muíños de maré" (1959, vid. *BILEGA* 11838), "Etnografía: Cultura material" (1962, vid. *BILEGA* 3546), "Vellas artes de pesca no río Miño" (1966, vid. *BILEGA* 1335), "O mar terra adentro" [*Revista de Etnografia*, 41 (XIII/1), 1969:284-296].

Vid. tamén as entradas 291, 343.

52 Sociolingüística: Traballos xerais

554 (N/05). Blas Arroyo, José Luis: *Sociolingüística del español: Desarrollos y perspectivas en el estudio de la lengua española en contexto social*, [Madrid], Cátedra, 2005, 782 p. (= *Lingüística*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Guía temática, bibliográfica e didáctica que ofrece un detallado balance do desenvolvemento da sociolingüística hispánica nas tres últimas décadas coa pretensión explícita de centrarse nos problemas específicos do ámbito hispánico. Dirixida tanto aos investigadores interesados polo estudo das relacións entre a lingua e a sociedade de todo o dominio lingüístico hispánico, como aos alumnos que, cada vez con máis frecuencia, encontran estes contidos nos plans de estudos de numerosas carreiras universitarias. A obra aparece estruturada en seis unidades temáticas, con dezasete capítulos en total, en que se distribúen os principais contidos habitualmente asociados á sociolingüística. Reséñanse aquí os títulos das unidades temáticas e os principais aspectos analizados en cada unha: 1) Sociolingüística variacionista do español. As variables lingüísticas; 2) As variables sociais; 3) O cambio lingüístico; 4) Temas de sociolingüística interaccional; 5) Usos e funcións das linguas nas comunidades hispánicas; 6) Consecuencias lingüísticas do bilingüismo social.

Recs.: Manuel Almeida Suárez, *RILIb*, V/1 (9), 2007:228-230.

521 A situación lingüística de Galicia

555-1 (R/05). "Galicia intelectual", *Revista Gallega*, XI/549, 1905:1-2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Fai unha revisión da situación do galego, louvando a iniciativa de Manuel Curros Enríquez (1851-1908) desde A Habana para conseguir a súa unificación mediante a elaboración dun dicionario.

555-2 (R/04). Azevedo Filho, Leodegário A. de: "O conflto lingüístico da Galiza", *Agália*, 3, 1985:301-303. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Celso Álvarez Cáccamo, Versão Original, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/vo/1981/19850209mural10.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrece unha breve panorámica da situación lingüística de Galicia salientando a fragmentación dialectal do galego e a forte presenza do castelán, que orixina unha variedade denominada *castrapo*. O autor mantén que é necesario excluír o castelán de Galicia e deixar que unha das variantes dialectais se impoña dun xeito natural.

556 (N/05). Ferro Ruibal, Xesús: "Unha sociolingüística cualitativa e terapéutica para a Galicia de hoxe", *Cadernos de Lingua*, 27, 2005:5-35.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor parte dos datos que ofrece o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 3481); *Usos lingüísticos en Galicia* (1995, vid. *BILEGA* 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia* (1996, vid. *BILEGA* 6799)] para comparalos, na medida do posible, cos tirados do censo de 2001 e da *Enquisa de condicións de vida das familias: Coñecemento e uso do galego: Ano 2003* (2004, vid. *BILEGA* 11852 e entrada 580). A seguir, recalca a idea de que é necesario dar unha imaxe útil do galego a nivel xeral, para o cal se debería desenvolver como punto de arranque unha sociolingüística cualitativa e terápéutica, deseñando un proceso que mellore os datos negativos cunha planificación multisectorial. Para todo iso cómpre desenvolver o *Plan xeral de normalización da lingua galega* [entrada 704]. | 1. A nosa sociolingüística cuantitativa: realidades e algunhas carencias: 1.1. Un excepcional banco de datos sociolingüísticos | 1.2. Anécdota na recepción dese banco de datos | 1.3. A evolución cuantitativa en once anos | 1.3.1. Os datos | 1.3.2. En once anos mellorou a competencia pero o castelán avanzou un 5,23% | 1.4. Insuficiente perspectiva cronolóxica: ¿clave do arco ou dente de serra? | 2. Para unha descrición cualitativa | 2.1. Que pensa do galego a mocidade do 2003? Un estudo feito no ámbito da Academia | 2.2. Inexistencia dunha sociolingüística da regaleguización | 2.3. Importancia de realidades minoritarias: os falantes pasivos | 2.4. Circularidade e multisectorialidade do problema lingüístico | 2.5. A resistencia pasiva dos funcionarios | 2.6. Análise da desconfianza e do derrotismo | 3. Sociolingüística terapéutica: aquí xógase o futuro | 4. Hai esperanza en vista? O Plan de Normalización do 2004 e o novo *talante* español | 4.1. A xestación colectiva do PXNL e a unanimidade parlamentaria | 4.2. Catro condicións para o éxito do PXNL | 4.3. Está permitido soñar moitas primaveras para o galego? | 4.4. A oportunidade do novo Estatuto e do recoñecemento europeo | 5. Bibliografía.

557 (R/05). García Negro, María Pilar: "Antigüidade e modernidade da lingua galega", *Terra e Tempo*, 2ª época, 132, 2004:9-11. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, [2005], <http://www.bautistaalvarez.org/descargas/Terra_e_Tempo_132.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 27/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reprodución parcial do relatorio presentado no *I Congreso das Linguas*, celebrado en Rosario (Arxentina) do 12 ao 20 de novembro de 2004. Contraponse a legalidade lingüística vixente na actualidade coas condicións necesarias para que o galego acade a normalización, subliñando os paradoxos existentes nese proceso e a existencia de leis que desasisten o galego.

558 (R/05). Lama López, María Xesús: "Concha Costas. Presidenta da *Mesa pola Normalización Lingüística*", *Galicien Magazin*, 10, 2000:30-34, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin10.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Entrevista coa Presidenta da Mesa pola Normalización Lingüística, na que se ofrece unha panorámica da historia desta organización (fundada en 1986) e da evolución do proceso de normalización lingüística nos últimos quince anos.

559 (R/05). Meyer, Frank: "Das galicische Verlagswesen", *Galicien Magazin*, 9, 2000:28-33. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin9.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inclúe resumo en galego. Panorámica do sector editorial galego na actualidade na que se aborda a situación social do idioma (perda de falantes, presión do castelán, etc.) en canto limita a edición en galego, que se atopa relegada a un sector social cada vez máis minoritario.

560 (N/05). Monteagudo Romero, Henrique: "A lingua galega nos espazos urbanos. Situación e perspectivas", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:64-82 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrécese unha visión xeral da situación sociolingüística do galego nos últimos dez ou quince anos e das perspectivas de futuro en espazos urbanos. A partir de datos tirados dos tres volumes do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 3481); *Usos lingüísticos en Galicia* (1995, vid. *BILEGA* 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia* (1996, vid. *BILEGA* 6799)], das enquisas do Instituto Galego de Estatística e dos censos poboacionais, o autor reflexiona sobre varios aspectos que xulga fundamentais, apoiándose en táboas numéricas: a lingua habitual en Galicia en 2004

(IGE), a evolución da situación na década de 1990, os cambios de lingua e as dinámicas de recuperación / substitución, os prognósticos de futuro, algunhas consideracións sobre os prexuízos lingüísticos, etc.

561 (N/05). Negro Romero, Marta: "Unha aproximación á situación sociolingüística da Galiza", [Ed. en liña n.v.]: en *Quatro Ensaios sobre Literatura Galega*, [Lisboa], Universidade de Lisboa, Faculdade de Letras, Departamento de Literaturas Românicas, [2005]:1-9, <http://www.fl.ul.pt/dep_romanicas/auditorio/actas_files/Marta_Negro.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 25/04/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Traballo baseado nos datos cuantitativos tirados dos tres volumes do *Mapa sociolingüístico de Galicia* [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 3481); *Usos lingüísticos en Galicia* (1995, vid. *BILEGA* 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 6799)]. No tocante ás actitudes, tanén ten en conta a monografía *Falar galego: "No veo por qué": Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia* (2002, vid. *BILEGA* 11157) de Ana Iglesias Álvarez. | Índice: 1. Introdución | 2. A situación sociolingüística da Galiza: mundo rural vs. mundo urbano [sinala que foi a distribución xeográfica das linguas galega e castelá en Galicia "a que orixinou o prexuízo do galego como lingua de aldeáns" (p. 2)] | 3. Breve análise da historia social da lingua galega [fai un percorrido pola historia externa do galego desde a romanización ata a actualidade, destacando os feitos históricos que máis repercutiron na situación lingüística actual].

562 (R/05). O'Rourke, Bernadette: "An Analysis of Two Bilingual Communities: the Irish and Galician Cases", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:993-1008, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/04/13.%20Bernadette%20O'Rourke.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Identifícanse e avalíanse áreas de conflito lingüístico en dúas comunidades bilingües: a irlandesa (contacto irlandés-inglés) e a galega (contacto galego-castelán). En primeiro lugar, lévase a cabo a *deconstrución* de cada situación de contacto, identificando os factores históricos, políticos, sociais e económicos que deron lugar ao conflito. Logo, avalíase en que medida a política e a planificación lingüística deseñadas polos respectivos gobernos en cada contexto bilingüe conseguíu neutralizar o conflito entre os dous grupos lingüísticos en contacto.

563 (R/05). Recalde Fernández, Montserrat: "O papel da identidade étnica e da vitalidade etnolingüística subxectiva (VES) na configuración da conducta lingüística en Galicia", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium*

on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997), Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:104-119, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/01/Recalde.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A *vitalidade etnolingüística* (VE) e a *identidade etnolingüística* (IDE) son dous construtos teóricos creados no seo da psicoloxía social co fin de proporcionar un marco axeitado dentro do que poder explicar unha ampla gama de condutas lingüísticas, con especial atención aos espazos multiétnicos. Algúns dos temas tratados baixo a óptica da VE e/ou da IDE son as actitudes cara á aprendizaxe da segunda lingua e o tipo de competencia lingüística acadada despois do seu estudo (competencia nativa vs. competencia non nativa), o mantemento ou perda da lingua materna e a converxencia ou diverxencia lingüística nos encontros interétnicos. A importancia destas teorías reside "no valor que se lles outorga como predictores conductuais. Tanto é así que a VE dunha minoría étnica se considera un factor determinante para súa supervivencia como colectividade diferenciada e a interrelación da VE e da IDE un poderoso condicionante das relacións intergrupais" (p. 104). Por estas dúas razóns, autora estima "que a análise da situación do galego á luz dos postulados destes dous marcos teóricos pode achegar novos datos aos xa aportados polos tradicionais estudios actitudinais e contribuír a un mellor coñecemento da realidade sociolingüística galega" (ibid.). A teoría da IDE combina a percepción da VE, ou vitalidade etnolingüística subxectiva (VES), de H. Giles e P. Johnson coa teoría da identidade social de H. Tajfel e J. C. Turner, para dar conta das estratexias lingüísticas adoptadas nos intercambios comunicativos dos espazos interétnicos. De acordo con esta teoría, "a conducta lingüística é o resultado da relación entre a identidade social dos falantes e a súa percepción da vitalidade etnolingüística –entendendo por identidade social o coñecemento por parte dos actores sociais da súa condición de membros dun determinado grupo e o valor, positivo ou negativo, que se lle concede a tal condición. A construcción da identidade social realízase despois dun proceso de categorización social, no que os individuos comparan as posicións dos grupos implicados na procura de dimensións que favorezan o endogrupo" (p. 106). O obxectivo fundamental deste traballo é "observar se existe algún tipo de relación asociativa entre a conduta lingüística e a VES e/ou a identidade étnica […]. Así mesmo observarase se se perciben ou non alternativas cognitivas á VE existente e se este factor está relacionado con distintos patróns de uso das linguas" (p. 107). Os datos utilizados proceden dunha mostra de 97 estudantes de segundo ciclo de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, á que lle foi aplicado un cuestionario coa finalidade de medir a súa percepción da VE en Galicia canto ao capital demográfico, político, económico e cultural. Na elaboración deste cuestionario tamén se tivo en conta a diferenciación entre crenzas xerais e crenzas normativas: "[a]s primeiras reflicten as percepcións dos entrevistados sobre a vitalidade *que ten* actualmente o grupo etnolingüístico galego –*vitalidade de feito* ou *percibida*; as segundas, os seus desexos sobre a vitalidade que *debería ter* –*vitalidade desexada*" (p. 108). As diferenzas entre a VE percibida e a desexada darán conta do grao de lexitimidade que se lle concede á situación etnolingüística actual en Galicia.

564 (R/05). Rodrigues Fagim, Valentim: "Construir da periferia, construir da Galiza", *Agália*, 71-72, 2002:89-124. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 16-VI-2005, <http://www.agalgz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=116>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 27/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Logo dun breve repaso pola historia externa das linguas romances da Península Ibérica inclúe un apdo. titulado "Construir da Galiza" (p. 98-116) no que se describe a situación do "primeiro regeneracionismo" que, segundo o autor, tivo que "brigar desde o início das suas actividades com umha realidade galego-castelhana *praticamente plena*" (p. 95). Conclúese que hai tres feitos fundamentais que alimentan a "inconsciencia que paralisa a maior parte daqueles grupos e pessoas que se autodenominam como galeguistas/nacionalistas (galegos): 1) Da precariedade fazer virtude, do posibilismo, estratégia; 2) Obviar a sócio-política da língua; 3) Nom reflectir, igualmente, sobre as possibilidades e impossibilidades do *statu quo* actual, quer dizer, do galego-castelhano" (p. 116).

565 (R/05). Santamarina, Antón / Alonso Montero, Xesús: *A linguaxe e as linguas: Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega: Discurso lido o día 24 de outubro de 1998, no acto da súa recepción polo ilustrísimo señor don Antón Santamarina Fernández e resposta do ilustrísimo señor don Xesús Alonso Montero*, A Coruña, Real Academia Galega, 1998, 91 p. | [Versión fr. res.]: "Normalisation linguistique en Galice. Trente ans d'histoire", *Lengas*, 47 [= M.-C. Alén Garabato e X.-P. Rodríguez Yáñez (coords.), *Le galicien et la sociolinguistique galicienne à la conquête de la reconaissance sociale da la langue*], 2000:41-65. | [Reed. parcial]: en Xosé Manuel Dasilva, *Babel entre nós: Escolma de textos sobre a traducción en Galicia*, Vigo, Universidade de Vigo, 2003:407-410 (= *Manuais da Universidade de Vigo*; 19). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [2005], <http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/Anton%20Santamarina.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

No seu discurso (p. 7-75), Antón Santamarina fai unha revisión das ideas sobre o galego recollidas no discurso de ingreso de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega [*A lingoaxe i as lingoas* (1967, vid. *BILEGA* 649)], á vista dos acontecementos posteriores. Na resposta (p. 77-89), Alonso Montero ofrece o perfil biobibliográfico de Antón Santamarina e resume as liñas xerais do seu discurso de ingreso.

Recs.: Ana Luna Alonso, *Estudios de Sociolingüística*, 1/2, 2000:121-125 [122-123]. [Ed. facs. en liña n.v.]: [2002], <http://www.sociolinguistica.uvigo.es/descarga_gratis.asp?id=39>, [Formato: PDF], [Consulta: 14/02/2006] | Carme María Vidal Reimúndez, *Verba*, 28, 2001:425-433 [427-428].

566 (N/05). Williams, Glyn: *Sustaining Language Diversity in Europe: Evidence from the Euromosaic Project*, New York, Palgrave Macmillan, 2005, XI + 251 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase a capacidade da Unión Europea para conservar a súa diversidade lingüística e cultural a medida que avanza cara a un federalismo baseado en principios democráticos. O liberalismo e a democracia europeos salientaron sempre a importancia dun valor cívico erixido a partir da plena participación dos cidadáns nos debates e tomas de decisión públicos. Esta participación debería amparar a liberdade individual, a diversidade cultural e o pluralismo. A intención do traballo é sinalar onde radica a capacidade para a produción e a reprodución lingüística, explorando como se leva a cabo a incorporación dos grupos lingüísticos minoritarios ás distintas axencias de produción e reprodución lingüística públicas ou privadas. A gran relevancia que se lle outorga á diversidade no pensamento

actual sobre o coñecemento e a economía significa que constitúe un aspecto valioso non limitado aos falantes de linguas minoritarias, senón de carácter xeral. En 1992 a Comisión Europea encargou un estudo desenvolvido ata 2004 sobre os grupos lingüísticos minoritarios de Europa [*Euromosaic: Production et reproduction des groupes linguistiques minoritaires au sein de l'Union européenne* (1996, vid. BILEGA 7193)]. Os datos do mesmo utilízanse aquí para explorar a relación entre diversidade e democracia na UE. As páxs. onde se presta máis atención ao galego son as seguintes: 60-61 (lexitimación), 86-87 (educación), 116 (actitude da igrexa ante a lingua), 124-125 (usos nos medios), 146-148 (usos na televisión), 161-162 (institucionalización do uso lingüístico).

Vid. tamén as entradas 668, 683, 686, 707, 843, 858, 861.

5211 Bilingüismo e diglosia

567-1 (R/04). Álvarez Cáccamo, Celso: "Fala, bilingüismo, poder social", *Agália*, 10, 1987:127-150. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, Páxina persoal do autor, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1987agalia.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007] / <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/agalia87.htm>, Formato: HTML, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Para o autor "a questom clave que a sócio-lingüística do multilingüismo deve [...] tentar resolver é a de como reflecte o comportamento lingüístico dos bilingües [...] as relaçons de poder entre os grupos sociais (étnicos, nacionais, etc.) em contacto" (p. 138). Desde esta perspectiva analiza dúas cuestións: "(1) por que o galego «resistiu» a assimilaçom ao espanhol durante séculos, e (2) cara onde caminha agora a língua no plano social" (p. 128). En canto a (1), a resistencia do galego débese a que os castelanfalantes, posuidores do poder, nunca pretenderon asimilar totalmente a poboación galegofalante, senón que trataron de manter esa lingua "reduzida ao uso local, coloquial e familiar, precisamente para acentuar as barreiras sociais entre capas subordinadas (as galego-dominantes) e superordinadas (as castelán-falantes)" (p. 136). En canto a (2), mantén que non se está a producir unha auténtica recuperación do idioma, senón unha utilización interesada do mesmo por certos sectores sociais.

567-2 (N/05). Boyer, Henri: "1. Lenguas minoritarias, conflictos sociolingüísticos y políticas lingüístico-educativas", en Xosé Antón González Riaño (coord.), *Llingua y lliteratura nes aules: Actes del X alcuentru «Llingua minoritaria y educación»*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, [2005]:15-31 (= *Estaya Pedagóxica*; 18).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse os casos de conflitividade sociolingüística e políticas lingüístico-educativas, afondando sobre todo na realidade occitana (no contexto francés) e nos casos das comunidades galega e catalá para o contexto español. Deste xeito, sinálanse as semellanzas e puntos de contacto que se dan entre as situacións exemplificadas e o caso asturiano no tocante aos logros e dificultades do proceso de recuperación lingüística da lingua asturiana. | Índice: 1. A propósito de los conflictos diglósicos: aportaciones de la sociolingüística [inclúe referencia á situación do galego, indicando que "soporta el

estereotipo de ruralidad" (p. 23) e que mentres perviva, seguirá ameazado. Deste xeito, cre o autor que habería que fomentar unha imaxe urbana e moderna da lingua galega para "invertir las representaciones de la lengua" (ibid.)] | 2. Hacia un retroceso de la diglosia: el papel (decisivo aunque limitado) de la enseñanza.

Recs.: *Lletres Asturianes*, 90, 2005:150-151 [150].

568 (R/05). Bröking, Adrian: "El contacto lingüístico entre castellano y gallego: juicios metalingüísticos de un hablante bilingüe", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:973-982, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/06/Broking.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral/escrita

Caracterización da situación lingüística de Galicia a través do saber metalingüístico dun falante bilingüe. O autor describe o sistema de variedades galego-castelán tendo en conta os procesos de normativización e de converxencia e para isto parte da proposta metodolóxica de Thomas Stehl (*Funktionale Analyse der sprachlichen Variation: Untersuchungen zur Dynamik von Sprachkontakten in der Galloromania und Italoromania*, Habilitationsschrift, Universität Paderborn, 1992), que permite describir empíricamente a variación en situacións de contacto vertical e considerala como causante dun cambio lingüístico converxente que se observa na diacronía. O falante entrevistado polo autor identifica, na época anterior á aplicación da política lingüística da década de 1980, unha *pluriglosia* (p. 977) formada por cinco variedades: *galego antigo*, *galego vulgar*, *castrapo*, *castelán de Galicia* e *castelán de fóra* (ibid.). Esta clasificación coincide co esquema básico que Thomas Stehl descubre nas zonas de contacto lingüístico na Romania Central. O cambio experimentado pola sociedade galega e a súa lingua na década de 1980 ten reflexo na percepción metalingüística do informante. Así, ademáis das variedades descritas, aparecen outras dúas: o *galego estándar escrito* e o *galego estándar defectivo* (a variedade propia dos castelánfalantes que aprenden galego) [L.Z.V.].

569 (N/05). Mira Pérez, Jorge / Paredes Galán, Ángel: "Interlinguistic Similarity and Language Death Dynamics", *Europhysics Letters*, 69/6, 2005:1031-1034.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Análise preditiva da futura evolución social do galego e do castelán falados en Galicia. Trátase dun sistema de dúas linguas en competencia para cuxo estudo se parte do modelo deseñado por D. M. Abrams e S. H. Strogatz en 2003: "This model, which satisfactorily fits historical data on the decline of Welsh, Scottish Gaelic, Quechua and other endangered languages, predicts that one of the competing languages will inevitably die out. The bilingual societies that do in fact exist are thought by the author to be, in most cases at least, unstable situations resulting from the recent merging of formerly separate communities with different languages" (p. 1031). Fronte a esta predición inicial do modelo, os autores tratan de amosar que é posible unha situación estable de bilingüismo se as dúas linguas en competencia presentan un grao de semellanza alto, como acontece co galego e o castelán. Para iso, propoñen unha

modificación do modelo coa que, ademais, sería posible a descrición do grao de semellanza entre as dúas linguas tendo en conta un único parámetro. En conclusión, "we have shown that, in a model of competing languages, bilingualism is possible. Similarity appears to be the key factor that enables the stability of bilingualism. Our modification of the Abrams-Strogatz model allows also to estimate a coefficient of similarity between two languages" (p. 1034).

570 (R/05). Pérez Murillo, María Dolores: "Discurso y textos en clases bilingües", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:713-721, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/03/19.%20M%20Dolores%20Perez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Analiza o discurso oral que se xera arredor do libro de texto en clases impartidas en castelán e inglés na cidade de Londres nun contexto multicultural e plurilingüe, xa que, se ben as clases se imparten nesas dúas linguas por profesores nativos, un número elevado de alumnos procede de familias galegas que empregan o galego na casa. A autora trata de contribuír a aclarar aspectos do bilingüismo dos residentes españois en Europa desde a perspectiva dun estudo cualitativo de análise do discurso e de natureza etnográfica, ademais de salientar a influencia do contexto histórico-social na educación bilingüe. Na análise etnográfica aquí aplicada "el investigador adopta el papel de observador participante, describiendo e interpretando un aspecto determinado de la clase: el discurso que se genera alrededor del libro de texto, y añadiendo la perspectiva de los participantes en ella: profesores y alumnos. [...] Las observaciones presenciales que se llevaron a cabo se complementaron con notas de campo y entrevistas con alumnos y profesores. Los datos se recogieron en dos fases, la primera de las cuales constituyó la fase principal de recogida de los mismos. Se observaron clases de diversas asignaturas en español y en inglés a lo largo de un mes. La segunda fase consistió en entrevistas fundamentalmente en las visitas posteriores al centro" (p. 715). A mostra está constituída por 46 alumnos de 14 anos matriculados en 8º de EXB, que "[e]n su mayoría habían permanecido en el centro desde el comienzo de su escolaridad" (ibid.), e tres profesores (dous españois e un británico) que impartían as sete clases obxecto da análise (Lingua Española, Historia de España e Lingua Inglesa).

571 (R/05). Regueiro Tenreiro, Manuel: "Bilingüismo harmónico: modelo social posible", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:1138-1143, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/06/Regueiro.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse as peculiaridades do bilingüismo de Galicia e a situación legal vixente. O autor defende o *bilingüismo harmónico* como "un cauce de convivencia lingüístico" (p. 1143) que, entre outras vantaxes, permite camiñar cara ao plurilingüismo da nova Europa.

572 (R/05). Rodríguez Neira, Modesto Aníbal: "Bilingües entre monolingües. Contribución á identidade bilingüe en Galicia", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:132-145, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/01/Rodriguez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Caracterización sociolingüística dos galegos bilingües a partir dos datos tirados das enquisas do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 3481); *Usos lingüísticos en Galicia* (1995, vid. *BILEGA* 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia* (1996, vid. *BILEGA* 6799)]. Tras a análise dos datos conclúese que o prototipo de bilingüe responde en xeral a unha persoa que aprende a falar as dúas linguas, ten menos de 41 anos, ten estudos medios ou universitarios, reside no medio urbano e pertence a unha clase media-alta.

573 (N/05). Silva Valdivia, Bieito: "Estado actual del bilingüismo en la escuela gallega", *OGE*, 13/4, 2005:13-16.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase a situación en que se atopa o ensino galego a partir do marco xurídico actual en relación coa lingua e dos antecedentes históricos ata a promulgación do Estatuto de Autonomía para Galicia [Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE do 28/04/1981)]. O autor recoñece algúns logros e moitas carencias no modelo de ensino bilingüe implantando no sistema educativo español nos últimos 25 anos.

574 (N/05). Vieites, Manuel F.: *Creación dramática, educación popular e construción nacional: Galicia (1882-1936)*, Lugo, Tris Tram, 2005, 371 p. (= *Colección Máscaras*; 5).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda o papel da literatura dramática na configuración dunha esfera pública galega e na construción dun contraespazo público desde o que formular un proxecto cultural e político que aspiraba a se converter en hexemónico no treito temporal sinalado no título [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. O cerne da obra gravita arredor de tres núcleos: 1) "Creación cultural, esfera pública e construción nacional" (p. 27-154); 2) "O proxecto de nación" (p. 155-228); 3) "Educación popular e conflito social. Os problemas da nación" (p. 229-324). É dentro deste último onde o autor analiza as repercusións que teñen nos textos dramáticos factores como o caciquismo, a emigración, a diglosia e o conflito lingüístico, a educación e a representación política, entre outros. Ten interese lingüístico a epígrafe "Diglosia e conflito lingüístico" (p. 283-295), onde se reflexiona sobre as incoherencias rexionalistas

no tocante á lingua galega. Entre elas, saliéntase que, malia facer da defensa da lingua un principio programático irrenunciable, "o feito de que unha boa parte dos materiais (escritos, artigos, traballos científicos...) nos que se defendía o uso de lingua estivese en castelán é un síntoma de que naquel espazo público galego en proceso de definición había abundantes asimetrías" (p. 283), que se manterán ata a chegada do nacionalismo; no programa deste último a lingua tiña "unha absoluta centralidade" (p. 285), buscando, sobre todo, a súa dignificación, para o que se botaría man do teatro. Finalmente, analízanse diversos textos da época para ver se neles o emprego do binomio lingüístico galego / castelán se debe a "unha condición de carácter puramente dramático" (p. 294), en casos en que se representan personaxes que expresan tacitamente o seu rexeitamento cara ao galego, ou se, polo contrario, con este proceder na escrita se estaba a trasladar a diglosia aos propios textos.

Vid. tamén as entradas 49, 52, 592, 860, 1045.

5212 Competencias, usos e actitudes lingüísticas: Traballos globais

575-1 (R/04). Álvarez Cáccamo, Celso: "The Pigeon House, the Octopus and the People: The Ideologization of Linguistic Practices in Galiza", *Plurilinguismes*, 6 [= *Sociolinguistique galicienne*], 1993:1-26. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, Páxina persoal do autor, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1993pluril.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 18/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor sostén que no proceso de normalización lingüística de Galicia, no que se asiste á institucionalización do galego normativo, se está a producir unha ideoloxización e politización da lingua e dos seus usos. Na súa opinión, "ideologies of linguistic, cultural, ethnic and national identity pervade language behavior in unprecedent ways. I think that in Galiza we have been recently witnessing the ideologization of speech behavior" (p. 3). Para apoiar esta idea, analiza unha serie de exemplos que reflicten ideoloxías lingüísticas: autoxustificación do código escollido polo falante (*voy a hablar en castellano porque es como mejor me expreso*), autocorrección *normativa* (*que se olvida un pouco, esquence-se um pouco*) ou a actitude dos falantes ante palabras non normativas pero que non son sentidas por eles como máis galegas que o vocábulo estándar (*pueblo* por *pobo*, *pulpo* por *polbo*).

Recs.: Z. Dubiel, *LLBA*, 29/5, 1995:2353 [9511086].

575-2 (R/05). Bouzada Fernández, Xan M.: "Change of Values and the Future of the Galician Language", *Estudios de Sociolingüística*, 3/2-4/1 [= Manuel Fernández Ferreiro e Fernando Ramallo (eds.), *Sociolinguistics in Galicia: Views on Diversity, a Diversity of Views*], 2002-03:321-341. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, [2003], <http://www.sociolinguistica.uvigo.es/descarga_gratis.asp?id=107>, [Formato: PDF], [Consulta: 14/02/2006]. | [Trad. gal.]: "Cambio de valores e futuro da lingua galega", *Grial*, XLIII/165, 2005:80-93.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir da constatación de que a lingua galega se atopa nunha situación potencial de perigo, desenvólvese unha reflexión sobre algúns dos parámetros que poden axudar a definir a súa situación. Partindo da análise de cuestións tales como a transición socio-estrutural que Galicia experimentou durante as últimas décadas e recalando nos datos de carácter sociolingüístico achegados por algunhas investigacións recentes, tales como o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (vid. *BILEGA* 3481, 5202, 6799), ofrécense algunhas suxestións interpretativas inspiradas na teoría sociolóxica da cultura e dos valores, así como mediante un contraste con datos procedentes dun estudo realizado recentemente no País Valenciano, coas que se pretende defender a idea de que os últimos datos dispoñibles relativos a un forte declive do número de galego-falantes exclusivos deben ser enmarcados no inicio dun proceso de cambio cultural e de valores. Este posible cambio está chamado a ter unha incidencia directa no modo como a comunidade de Galicia asuma e faga efectivo no futuro o seu proxecto identitario de país [Adaptación do resumo que aparece na versión ingl.]. A trad. galega non presenta cambios de contido verbo do texto orixinal inglés.

Recs.: *LLBA*, 38, 2004:[200404267] | Francisco Dubert García, *Verba*, 31, 2004:493-497 [497].

576 (R/05). Domínguez Seco, Luzia / Herrero Valeiro, Mário J.: "Pureza e (des)lealdade linguísticas na ideologización das condutas de fala na Galiza", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:42-53, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/01/Dominguez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Examínanse algúns aspectos da relación entre as ideoloxías lingüísticas declaradas por un grupo de mozos galegos de 20 a 26 anos e as súas prácticas de fala. A análise –de carácter microsociolingüístico e na liña da sociolingüística interaccional deseñada por John Gumperz (vid. *Discourse Strategies*, Cambridge, Cambridge University Press, 1982; *Language and Social Identity*, Cambridge, Cambridge University Press, 1982)- parte da descrición dalgúns resultados obtidos nunha pesquisa desenvolvida en Santiago de Compostela entre 1995 e 1996 a través dunha investigación participante realizada por Luzia Domínguez Seco mediante gravacións encubertas a un grupo de amigos que pode caracterizarse como unha rede social aberta e de densidade variable. Nela pódese observar un fenómeno que podería ser considerado como unha particular forma de deslealdade lingüística, unha contradición entre as ideoloxías lingüísticas explicitadas polos participantes e as súas prácticas de alternancia e mestura de código galego-castelán. As ideoloxías lingüísticas mostran explicitamente un criterio de corrección nos usos do galego que se manifesta vinculado non só coa ideoloxía do 'bo falar' (pericia no patrón lexitimado, autoridade idiomática), senón tamén coa ideoloxía dominante no discurso sobre a lingua do nacionalismo galego (lingua galega como marcador étnico-nacional, monolingüismo). Alén disto, as ideoloxías lingüísticas explicitadas polos falantes tamén forman parte dos procedementos de cohesión e identificación grupal. No entanto, as prácticas de alternancua e mestura de códigos dan conta dunha realidade de deslealdade verbo do uso único e enxebre do galego. Na fala é posible observar a suspensión da militancia política a prol de usos como o emprego –socialmente marcado- do castelán

ou as necesidades comunicativas da situación particular. Entre outros aspectos, os resultados obtidos "podem inserir-se na análise da dinâmica resistência-assimilação na Galiza espanhola, e podem servir, talvez, para uma melhor compreensão da mestiçagem lingüístico-identitária observável na sociedade galega como produto da intervenção das diversas ideologias, linguísticas e grupais, em conflito" (p. 42).

577 (R/05). García Ares, Maricarme: "Vías de entrada do castelán en nenos monolingües en galego. Posibles responsabilidades dos pais e da escola", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:1035-1044, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/06/GarciaA.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das vías de entrada dos castelanismos en nenos do rural galegofalantes de entre 3 e 6 anos, que teñen o galego como primeira lingua pero non como consecuencia dunha boa planificación lingüística senón do contexto no que se crían. As vías de entrada son varias: a sociedade, e concretamente a familia máis directa, a escola, o poder político e os medios de comunicación.

578 (N/05). Herreras, José Carlos: "Locutores de lengua española y de lenguas autonómicas en la España actual", en *Filología y Lingüística: Estudios ofrecidos a Antonio Quilis*, I, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Universidad Nacional de Educación a Distancia / Universidad de Valladolid, 2005:989-1009.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor parte da situación sociolingüística no territorio español logo da promulgación das diferentes leis de normalización lingüística (entre 1982 e 1998). Segundo el, era indispensable para os gobernos autónomos obteren información recente e máis precisa sobre o número de falantes de cada unha das linguas, así como o grao de coñecemento, para poderen desenvolver políticas de normalización eficaces. A seguir, o autor trata de interpretar os datos lingüísticos tirados dos cuestionarios dos *Censos de Poboación e Vivendas* e do *Padrón Municipal de Habitantes* das Comunidades bilingües. Deste xeito, estuda as competencias lingüísticas e o uso das linguas en Cataluña, a Comunidade Valenciana, a Comunidade autónoma das Illas Baleares, Euskadi, Navarra e Galicia. A estes datos engade os ofrecidos por Gregorio Salvador en *Política lingüística y sentido común* (1992) para o caso de Cataluña. As conclusións que tira do estudo son as seguintes: 1) existe unha mellora no dominio das linguas autonómicas por parte dos residentes nas Comunidades bilingües; 2) as linguas autonómicas progresaron en todos os sectores (institucións, administración, educación, cultura, etc.); 3) o dominio competencial débese ás políticas lingüísticas aplicadas no sistema educativo. Para o autor, estes resultados "ponen en entredicho las quejas de los que consideran que se ha avanzado poco en materia de normalización lingüística" (p. 1007).

579 (N/05). Iglesias Álvarez, Ana: "A pervivencia de ideoloxías e prácticas monolingües en sociedades bilingües: o caso galego", en Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, Anxo M. Lorenzo Suárez e Fernando Ramallo (eds.), *Bilingualism and Education: From the Family to the School*, München, Lincom Europa, 2005:377-390 (= *Lincom Studies in Language Acquisition*; 12).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das ideoloxías lingüísticas nos discursos metalingüísticos dos actores sociais en Galicia, co obxecto de estudar a pervivencia das ideoloxías monolingües na norma social do plurilingüismo. A autora distingue dous niveis: o nivel explícito en que os actores sociais expresan a súa adhesión á ideoloxía do plurilingüismo e o nivel implícito onde permanecen as normas de comportamento asociadas ás ideoloxías monolingües. Metodoloxicamente, recorre á técnica dos grupos de discusión. A investigación parte de nove grupos, utilizando como variables de control a idade, o nivel de estudos e o tipo de hábitat (rural/urbano). A análise cualitativa dos datos confirma que na norma social do plurilingüismo pervive no nivel implícito a ideoloxía monolingüe. Segundo a norma social do plurilingüismo, todas as linguas teñen igual importancia dende o punto de vista cultural; porén, dende o punto de vista económico, unhas linguas son máis útiles ca outras. Este criterio utilitario é maioritario entre os informantes deste estudo, establecéndose, deste xeito, unha xerarquía lingüística na que o galego ocupa o último lugar, por detrás do castelán e do inglés. Por último, a autora subliña que o plurilingüismo non é equitativo pois outorga diferente peso ás linguas [G.P.V.].

580 (R/05). Instituto Galego de Estatística: *Enquisa de condicións de vida das familias: Módulo de coñecemento e uso do galego: Principais resultados: Ano 2003*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda, 2004, 75 p. | [Ed. dix.]: Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. en liña n.v.]: *Enquisa de condicións de vida: Ano 2003: Principais resultados: Coñecemento e uso do idioma galego*, 2005, <http://www.ige.eu/ga/sociais/benestar/cvida/indice_2003.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 10/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Constitúe unha versión resumida coas cifras principais da *Enquisa de condicións de vida das familias: Coñecemento e uso do galego: Ano 2003* (2004, vid. *BILEGA* 11852).

581 (N/05). Lodares Marrodán, Juan Ramón: "La comunidad lingüística en la España de hoy. (Temas y problemas de diferenciación cultural)", *BHS*, 82/1, 2005:1-15. | [Ed. facs. en liña]: Abingdon, Oxfordshire, Marston Book Services, [s.d.], <http://www.bulletinofhispanicstudies.org/article.aspx?issueid=188&articleid=503>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor aplica a teoría da (pseudo)diferenciación cultural (a tendencia dos grupos humanos a subliñar características que os distinguen entre si) á circunstancia lingüística da España actual. Na mesma liña que en traballos anteriores, a tese que defende é que "núcleos influyentes, para los que en el ámbito político, laboral o económico resulta más ventajosa la promoción de las lenguas particulares (catalán, éuscaro, galego...) que el espacio lingüístico común basado en el español, subrayan el valor de aquellas como modo de recortar las atribuciones de este" (p. 1). Opina, ademais, que non se trata dun fenómeno

novidoso na historia de España, senón que posúe unha coñecida tradición [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

582 (R/05). López García, Ángel: "Tres actitudes ante un mismo problema: Cataluña, Galicia, País Vasco", *RAS*, 6, 1997:89-107. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005] <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/cps/1131558x/articulos/RASO9797110089A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise da situación das comunidades españolas bilingües a partir das actitudes lingüísticas manifestadas polos falantes en relación coa lingua propia. Saliéntase que este tipo de estudo foi introducido polos variacionistas e avaliado polo procedemento de enquisa; non obstante, este método só permite ponderar o grao de inseguridade e non establecer xuízos valorativos. Por esta razón, o autor prefire adoptar unha perspectiva semiótica, a partir da coñecida distinción entre icona, índice e símbolo establecida por Ch. S. Peirce para os sistemas de signos. Tras constatar que as posicións nacionalistas clásicas se caracterizaron por alzar a peninsularidade á condición de límite ideal do ámbito lingüístico do catalán, do galego e do vasco, determínase en que medida dita peninsularidade é susceptible de suscitar actitudes diversas nas distintas comunidades. Conclúese constatando a consideración psicosocial da lingua propia como un índice ou síntoma no dominio catalán, como unha icona no dominio galego e como un símbolo comunitario no dominio vasco. Esta perspectiva de análise aspira a definir a especificidade de cada comunidade, fronte á equivoca uniformidade suscitada pola repetición dun mesmo modelo lexislativo nos correspondentes estatutos de autonomía [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

583 (N/05). Monteagudo Romero, Henrique (dir.) / Lorenzo Suárez, Anxo M. (dir.) / Casares Berg, Håkan (coord. e rev.) / Loredo Gutiérrez, Xoaquín (red.) / Suárez Fernández, Isabel (red.): *A sociedade galega e o idioma: A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2005, 103 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Comisión Técnica de Lingua e Sociedade, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/publicacións/lingua_sociedade.htm>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Exhaustiva avaliación da situación social da lingua galega a partir dos datos sobre coñecemento e uso do idioma referidos ao ano 2003 e recollidos polo Instituto Galego de Estatística dentro da *Enquisa de Condicións de Vida das Familias* (2004, vid. *BILEGA* 11852 e entrada 580). No cap. "Evolución sociolingüística xeral 1993-2003" (p. 14-32) contrástanse estes datos cos que ofrecía o Mapa Sociolingüístico de Galicia relativos a 1992, constatando o descenso de falantes de galego (sen que esa diminución impida que continúe a ser a lingua máis usada) e a tendencia ao monolingüismo castelán. A situación da lingua na escola abórdase no cap. "O galego na escola" (p. 32-41) e todos os datos semellan indicar que esta "parece non influír nos cambios de lingua habitual nun sentido claro" (p. 95). En "O galego no ámbito laboral" (p. 41-51) analízase a situación da lingua segundo as profesións, constatándose que as máis castelanizadas son as relacionadas coas forzas armadas e a xustiza, mentres que as máis galeguizadas seguen a ser as relacionadas coa hostalaría, alimentación, téxtil, construción, agricultura, pesca e minería, se ben ao tratar cos superiores se emprega o castelán. No cap. "Descrición sociolingüística das sete cidades

galegas" (p. 51-59) estúdase a situación da lingua nas cidades, constatando que as máis galeguizadas son Ourense e Lugo mentres que as máis castelanizadas seguen a ser A Coruña e Vigo. En canto ao perfíl lingüístico das clases medias ("A lingua da clase media urbana galega", p. 59-66), obsérvase unha tendencia cara á castelanización. "O galego e os inmigrantes" (p. 66-70) analiza a lingua empregada por este colectivo, xa que ten especial relevancia na evolución do uso do galego. O "Cambio de lingua habitual" (p. 70-78) indica que a maioría das persoas que recoñecen ter modificado a súa lingua fano en favor do galego. No cap. "O galego e as novas tecnoloxías" (p. 79-83) sinálase que estas "seguen relacionadas, case exclusivamente, co castelán" (p. 98). Por último, en "Perfís de falantes en Galicia" (p. 83-92) elabórase unha tipoloxía dos falantes galegos.

584 (R/05). Montepreto: "Refreisiós", *Revista Gallega*, XII/605, 1906:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Denuncia da actitude negativa dos galegos ante a súa lingua e dos prexuízos lingüísticos existentes naquel momento.

585 (R/05). O'Rourke, Bernadette: "Conflicting Values in Contemporary Galicia: Attitudes to *O Galego* since Autonomy", *IJIS*, 16/1, 2003:33-48. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santa Clara, CA], Atypon Link, [2005], <http://www.atypon-link.com/INT/doi/pdf/10.1386/ijis.16.1.33/0?cookieSet=1>, Formato: PDF, [Consulta: 24/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

Analiza e trata de explicar os problemas derivados dos valores asociados ao emprego do galego na Galicia actual. Téntanse establecer as posibles orixes históricas destes problemas, destacando como principal os efectos do contacto lingüístico debido á introdución do castelán en Galicia desde o século XIV, pasando polos intentos de alicerzar o uso do galego a finais do séc. XIX, ata a situación sociolingüística actual. Tamén se analizan as razóns de por que continúa declinando o número de falantes en galego, a pesar de que a poboación galega amosa actitudes moi favorables respecto desta lingua [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

586 (N/04). Pena Díaz, María del Carmen: "What Do Bilinguals Think About Their *Code-Switching*", [Ed. en liña n.v.]: *RAEL*, 3, 2004:146-157, <http://dialnet.unirioja.es/servlet/fichero_articulo?codigo=1396245>, Formato: PDF, [Consulta: 13/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Publicación derivada da tese de doutoramento que a autora presentou na Universidade de Santiago de Compostela [*Code Alternation in a Trilingual Community: From Pragmatics to Grammar* (2003, vid. *BILEGA* 13346)]. Ofrece un estudo empírico das actitudes que mostran un grupo de individuos bilingües da comunidade galega residente en Londres cara ás súas producións lingüísticas e, en particular, respecto da alternancia de códigos. A autora emprega a metodoloxía directa (enquisas e cuestionarios) e a indirecta (a técnica *matched-guise*). A mostra que serviu de base está constituída por 98 suxeitos agrupados da seguinte forma: 1) primeira xeración de inmigrantes (de 45 a 60 anos) con lingua inicial galego e castelán; 2) fillos da primeira xeración, que empregan o galego, o castelán e o inglés e alternan

os códigos; 3) suxeitos menores de 14 anos, que falan inglés e alternan inglés e castelán. O cuestionario inclúe preguntas abertas simples verbo da percepción dos suxeitos cara ao bilingüismo (se é positivo, se pensan que hai diferenzas entre a cultura española e inglesa, etc.). Os resultados indican que, en xeral, todos os entrevistados teñen actitudes positivas cara ao bilingüismo. Canto ás opinións sobre as dúas culturas hai diferenzas de resultados entre as xeracións: 1) a primeira xeración mostra unha "idealisation syndrome" (p. 152) con respecto a Galicia; 2) a segunda declara ter certas actitudes negativas cara á cultura española. A alternancia de códigos percíbese, en xeral, como negativa. Os resultados obtidos coa técnica *matched-guise* resultan interesantes: a maior parte dos suxeitos describen a xente inglesa con adxectivos como "cold", "distant", "perfectionist", "important" (p. 155), entre outros, mentras que os españois son "familiar", "warm", "fun" (ibid.). En xeral consideran que a lingua inglesa ten máis prestixio e valor social [L.Z.V.]

587 (N/05). Thomas, Juan Antonio: "La divergencia entre actitudes y conducta lingüísticas: la gheada gallega y la formación de un registro culto oral", en Lotfi Sayahi e Maurice Westmoreland (eds.), *Selected Proceedings of the Second Workshop on Spanish Sociolinguistics*, Somerville, MA, Cascadilla, 2005:54-66. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Somerville, MA, Cascadilla Proceedings Project, 2005, <http://www.lingref.com/cpp/wss/2/paper1140.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 07/09/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo do fenómeno fonético galego da *gheada*, que consiste na ausencia dun alófono oclusivo velar sonoro e a presenza dun laringal xordo. O obxectivo da investigación é avaliar cuantitativamente o uso e as actitudes verbo da gheada entre un grupo moi reducido de profesionais vinculados á Universidade de Santiago de Compostela (USC). Para isto, o autor analiza os datos da enquisa (recollida na táboa 1) que realizou en xullo de 2003 a unha mostra de 24 persoas da USC (11 licenciados e 13 doutorandos, dos que 13 son filólogos e 11 historiadores / xeógrafos; por sexo, 10 homes e 14 mulleres). As diferentes táboas que inclúe o documento resumen distintos aspectos: as variables sociais independentes, os índices de uso da gheada (parece que superiores no ámbito familiar), os resultados da proba realizada para averiguar as posibles dependencias entre as variables sociolingüísticas e a conducta lingüística dos gheadófonos, o comportamento lingüístico en relación coas actitudes dos gheadófonos, etc.

Vid. tamén as entradas 242, 567-1, 568, 572.

52121 Ámbito do ensino

588 (N/05). Álvarez Sousa, Antón: "O galego na Universidade da Coruña", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:15-50 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da situación da lingua galega na Universidade da Coruña: coñecemento do galego, usos tanto a nivel oral coma escrito, contextos en que se opta polo galego e contextos en que se opta polo castelán, razóns para empregar unha ou outra lingua, etc.

589 (N/05). Álvarez Sousa, Antón (dir.) / Muñoz Goy, Celia (metodoloxía) | Blanco Ramos, María / Castro López, María Xosé / Grandío Taibo, Fátima / Lavandeira López, José Manuel / Lens García, Isabel / López Viñas, Federico / Prol Conde, María José: *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005, 320 p., il. (= *Publicacións institucionais*; 7).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da situación do galego na Universidade da Coruña (UDC) a partir dos datos dunha enquisa realizada entre a segunda quincena de novembro e a primeira de decembro de 2003 aos distintos colectivos da institución (2.012 estudantes, 555 membros do persoal docente e investigador e 433 membros do persoal de administración e servizos) cun cuestionario específico para cada colectivo. Partindo das diversas funcións que se lle poden atribuír á lingua galega, analízase o comportamento lingüístico dos tres colectivos ante cada unha desas funcións. Os resultados da investigación preséntanse en catro seccións: 1) Aspectos teóricos de partida para levar a cabo a análise da situación do galego na UDC (funcións da lingua, teoría do bilingüismo e da diglosia e das condicións sociais de existencia que levan os distintos membros da UDC a pertenceren a diferentes grupos sociais e amosaren diferentes comportamentos); 2) Aspectos metodolóxicos con que se presenta a mostra dos tres colectivos; tamén se explica a forma de tratar os datos, se expón unha análise descritiva de cada colectivo e se leva a cabo a comparación entre eles; logo explícase a metodoloxía utilizada nas táboas de continxencia bivariadas, así como as técnicas multivariables aplicadas; 3) Análise dos datos: preséntanse os datos descritivos e, ás veces, recodifícanse as categorías; logo preséntanse os resultados bivariados e, se for o caso, multivariables; 4) Conclusións: retómanse aqueles aspectos máis relevantes dos datos que están en relación co marco teórico de partida e inténtase tirar as conclusións oportunas.

590 (R/05). Ameal Guerra, Ana: "Conciencia metalingüística infantil acerca do *galego* nun medio urbano", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:244-262, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/03/Ameal.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Analiza a través de secuencias discursivas o tipo de conciencia metalingüística que posúen nenos varóns de cinco anos verbo daquilo que no discurso dos adultos é definido como *galego*. O obxectivo central do traballo é amosar as diferenzas existentes entre o tipo de conciencia metalingüística que sobre o obxecto *galego* posúe o neno fronte ao adulto. Para iso, desenvólvese unha análise conversacional das secuencias en que se pon de manifesto a diferente natureza dunha e doutra conciencia co fin de "resaltar cómo

no neno, neste estadío do seu desenvolvemento, se produce un proceso paulatino de achegamento á concepción da lingua que posuímos os adultos, e aos procedementos da súa construcción discursiva" (p. 244). Esta análise revela que a conciencia dos adultos resulta da súa relación coas linguas como construtos de natureza inequivocamente socio-cultural e estrutural, mentres que a dos nenos –aínda en proceso de constitución- deriva da súa experiencia vital, emocional, das súas relacións familiares e da influencia dos medios de comunicación. Os datos proceden de gravacións efectuadas no centro de educación infantil ao que acoden os nenos no barrio do Calvario (Vigo, PO), en que a maioría da poboación é de clase media-baixa. A metodoloxía empregada na recolleita "foi a observación-participante coa gravación de toda a conversa con micrófono oculto. Durante a conversación os adultos trataron de acomodarse ao estilo conversacional infantil" (p. 244). A autora tamén salienta que "[o] feito de que os nenos non estean escolarizados en galego ten moita importancia. A lingua vehicular empregada pola mestra no xardín de infancia que nos ocupa é o castelán. Os nenos gravados non reciben por parte do profesorado ningunha clase en galego, nin o material didáctico empregado está nesta lingua. En consecuencia, algúns dos nenos nos seus primeiros contactos co ambiente escolar non teñen un mínimo acceso a esta lingua. A consecuencia é que, no mellor dos casos, só asociarán as variedades galegas cos ámbitos informais (a familia, os veciños), pero non cos ámbitos formais" (p. 245).

591 (R/05). Asorey Vidal, Daniel: "O ensino en territorios con conflicto lingüístico", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:897-904, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/06/Asorey.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. investigación | 2. ámb. xeral/panrománico | 3. sincrónico | 4. c

Aproximación xeral á política educativa dos territorios con conflito lingüístico. O autor parte da situación actual na que o máis habitual é a convivencia de individuos con diversas linguas e culturas; reflexo desta realidade é a postura do Consello de Europa, defensor da diversidade lingüística como patrimonio cultural europeo. Neste contexto, o autor expón brevemente os fundamentos psicopedagóxicos que interveñen na aprendizaxe das segundas linguas. A continuación refírese á organización dos sistemas educativos dos diferentes estados europeos que teñen en conta as linguas minoritarias e fai un repaso dos distintos modelos: 1) Programas de submersión, practicados por estados que pretenden o monolingüismo da lingua dominante (Francia); 2) Programas de segregación, en que a lingua do alumnado é a lingua de instrución e a L2 é a lingua do currículo (Sudáfrica); 3) Bilingüismo de transición, que pretende a protección das minorías lingüísticas e que comeza o ensino coa L1 dos estudantes, aínda que se vai substituíndo pola L2 maioritaria (moitos países de Europa con minorías de inmigrantes); 4) Bilingüismo de mantemento, que busca a defensa real das linguas minorizadas, repartindo a docencia entre a L1 e a L2 (Galicia); 5) Programas de inmersión, cuxo obxectivo é acelerar a aprendizaxe da lingua minorizada (Cataluña) [L.Z.V.].

592 (N/05). Brenlla Blanco, Juan Carlos / Barca Lozano, Alfonso: "Situación sociolingüística en Galicia: Una situación de salto generacional", [Ed. dix.]: en Bento D. Silva

e Leandro S. Almeida (coords.), *Actas do VIII Congresso Galaico-Português de Psicopedagogia*, Braga, Universidade do Minho, Centro de Investigação em Educação, Instituto de Educação e Psicologia, 2005:3577-3592 [CD-ROM]. | [2ª ed. dix.]: 2006:3577-3592 [CD-ROM].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Os autores comezan sinalando as diferentes situacións de estatus que ao longo da historia provocou o contacto entre o galego e o castelán, desde o papel minoritario do castelán no século XV ata o seu asentamento, pasando dunha situación de diglosia ou de conflito lingüístico, en que predomina sobre o galego, a unha situación máis recente de bilingüismo, en que o peso das dúas linguas é semellante. Partindo disto, presentan o estudo dunha mostra de 1386 alumnos e alumnas de educación secundaria e bacharelato cuxo obxectivo é analizar a situación sociolingüística real do galego na actualidade, barallando a hipótese dun salto xeracional que corroboran ao final do traballo á luz dos datos achegados. Para os datos de carácter xeral relativos a competencias, usos e actitudes lingüísticas, baséanse nos tres volumes do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 3481); *Usos lingüísticos en Galicia* (1995, vid. *BILEGA* 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia* (1996, vid. *BILEGA* 6799)] e mais no estudo previo que serviu para probar o que logo sería o cuestionario, sistema de enquisa e metodoloxía utilizados na elaboración do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* [*Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá* (1993, vid. *BILEGA* 806)].

593 (R/05). Costa Casas, Xoán Xosé: "Lingua e ensino non universitario", *Terra e Tempo*, 2ª época, 132, 2004:16-19. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, [2005], <http://www.bautistaalvarez.org/descargas/Terra_e_Tempo_132.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 27/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza brevemente a situación do galego no ensino non universitario tendo en conta a regulamentación do uso da lingua galega nas aulas e a súa presenza como idioma de docencia e relación dentro dos centros, así como as causas que fan que ese uso sexa moi deficitario.

594 (N/05). Loredo Gutiérrez, Xoaquín / Fernández Salgado, Antonio / Suárez Fernández, Isabel: "Análise da expresión escrita en galego e castelán ao final do ensino obrigatorio. Resultados dun estudo realizado na comarca de Santiago de Compostela", *Cadernos de Lingua*, 27, 2005:109-126.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inténtase medir o nivel de competencia bilingüe na expresión escrita de alumnos de 4º da ESO da comarca de Santiago de Compostela e a súa relación con variantes de tipo sociodemográfico, sociolingüístico e educativo. Para a realización do traballo utilizouse unha proba experimental que consistiu na elaboración de dúas redaccións (unha en galego e outra en castelán) en que se valorou a corrección, a ortografía, a fluidez e a capacidade de significar [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. Introdución | 2. Método: 2.1. Participantes | 2.2. Cuestionario sociolingüístico | 2.3. Instrumento para avaliar a expresión escrita | 5. Procedemento | 6. Resultados: 6.1. Análise de medias | 6.2. Análise de correlacións | 6.3. Análise multidimensional | 7. Conclusións.

595 (N/05). Silva Valdivia, Bieito: "A lingua galega no sistema educativo de Galicia", en Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, Anxo M. Lorenzo Suárez e Fernando Ramallo (eds.), *Bilingualism and Education: From the Family to the School*, München, Lincom Europa, 2005:353-362 (= *Lincom Studies in Language Acquisition*; 12).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois dun breve repaso dos antecedentes históricos, ofrécese un diagnóstico da situación da lingua galega na escola ao longo das dúas últimas décadas, período da historia recente de Galicia en que este idioma dispuxo dunha regulamentación legal. Segundo o autor, "[t]rátase dunha etapa que, aínda que breve, foi intensa dabondo e coincidiu con transformacións socioculturais e tecnolóxicas tan decisivas para o futuro das linguas e culturas minoritarias que permite xa unha reflexión suficientemente fundada sobre os seus resultados pedagóxicos e sociolingüísticos" (p. 353). Conclúe cun balance pouco esperanzador, pois, entre outros aspectos, sinala que "[a] galeguización da vida académica foi [...] máis cativa do que a propia lexislación permitía, fundamentalmente, por dúas razóns: o escaso estímulo e vixilancia da administración educativa para garantir o seu cumprimento, e un insuficiente compromiso de moitos centros educativos para planificar a utilización da lingua galega máis alá dos mínimos establecidos pola lei" (p. 360). | Índice: 1. Antecedentes históricos | 2. O marco xurídico actual. Trazos definidores | 2.1. Escolarización dos nenos na súa L1 nos primeiros niveis educativos | 2.2. Integración escolar do alumnado independentemente da súa L1 | 2.3. Reparto curricular entre as dúas linguas oficiais e fixación dun número mínimo de áreas que se deben impartir en galego | 2.4. Compromiso dos centros educativos na planificación lingüística escolar | 3. Os resultados: un balance pouco esperanzador | 4. Conclusións.

596 (N/05). Silva Valdivia, Bieito: "Converxencia e diverxencia en certas estruturas morfosintácticas do galego", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:259-281 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. O autor comeza por recoñecer que a evolución do galego estivo moi condicionada polo contacto dependente que mantivo co castelán ao longo da historia; pero tamén salienta que "moitos procesos de converxencia con este idioma responden a derivas endóxenas, aínda que estas se puidesen ver favorecidas por esa situación de contacto" (p. 262). Este traballo constitúe "unha aproximación a varias estruturas morfolóxicas e sintácticas do galego que ofrecen diversas realizacións posibles: unha converxente ou máis próxima ao castelán e outra diverxente ou máis afastada. Trátase dun achegamento á situación social das mesmas entre alumnado de 4º da ESO co que se pretende testar a competencia desta poboación escolar en relación con esas diversas alternativas que ofrece o idioma e tamén, aínda que máis indirectamente, comprobar a dispoñibilidade das mesmas no repertorio verbal deses suxeitos. Consiste, xa que logo, nunha radiografía de situación que achega información sobre esas dúas cuestións, pero sen pescudar nas súas causas e sen pretender, en consecuencia, atribuír os resultados obtidos á exclusiva influencia do castelán" (ibid.). Como marco teórico, pártese do concepto de *interferencia negativa* formulado por

Eugenio Coseriu e aplicado ao contexto galego por Johannes Kabatek, que se basea na idea de que na práctica lingüística do individuo bilingüe non ten importancia só o que di, senón tamén o que non di; é dicir, as súas realizacións *negativas* por mor da interferencia. É un concepto que ten dúas facetas contrapostas e non excluíntes: por unha banda, a non realización das posibilidades diverxentes dunha lingua por darlle prioridade aos elementos que ten en común coa outra coa que está en contacto, e, en sentido contrario, a preferencia polos elementos distintos, coa conseguinte non realización dos elementos comúns.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [232] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

Vid. tamén as entradas 567-2, 573, 791.

52122 Ámbito da administración pública

Vid. as entradas 588, 589, 791.

52123 Ámbito dos medios de comunicación

597 (N/05). Andión Fontela, María José: "Consideraciones sobre la convivencia castellano-gallego: tratamiento del fenómeno por parte de la prensa del siglo XX", [Ed. en liña n.v.]: *RDV*, 4 [= Ana Rodríguez Barreiro e Ana García Lenza (coords.), *El contacto de lenguas*], 2005:93-104, <http://home.pages.at/resdi/Numeros/Numero4/Parte1_Art1.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/05/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Estúdase a presenza do galego na prensa escrita do séc. XX e a grande importancia que ten na normalización e normativización lingüística, posto que "contribuye en gran medida a la fijación del idioma" (p. 94). A análise distingue entre a primeira metade do século, época en que destaca o nacemento de *A Nosa Terra*, e a segunda, onde a presenza do galego é superior nos medios de comunicación, malia que a prensa escrita sexa "el campo que más se resiste y [en el que] sólo se cubre el espacio imprescindible para la correspondiente subvención del Gobierno autonómico o de otras instituciones por contribuir al fomento de la lengua y cultura gallegas" (p. 96). Segundo a autora, as causas da mínima presenza do galego neste ámbito son varias: o tipo de lingua empregado, a formación dos lectores basicamente en castelán, as reticencias dos profesionais a empregar o galego pola súa formación en castelán, etc. Así mesmo, analízase a calidade da lingua galega empregada na prensa escrita, onde se poden apreciar numerosos erros morfolóxicos, sintácticos e léxicos. Finalmente, a autora conclúe que cómpre unha maior presenza do galego e para iso é necesario que "el profesional sienta la lengua como algo suyo, que la respete y que sea fiel a la norma culta" (p. 103).

598 (N/05). Díaz Noci, Javier / Meso Ayerdi, Koldobika: "Plurilingüisme a la xarxa. Panorama de les diferents llengües espanyoles en els cibermitjans", *Trípodos*, Extra 2005:389-402.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase o peso das linguas oficiais (castelán, catalán, galego e éuscaro) e non oficiais (caló, romaní, ladino, asturiano, aragonés, aranés) españolas nos cibermedios, considerando que o crecemento que estes están a experimentar pode ser decisivo para que moitas destas linguas perdan o tren do desenvolvemento e da modernidade. Céntrase, sobre todo, no ritmo de crecemento de información na Internet e no feito determinante para unha lingua de figurar nesta canle, como marca de modernidade. As achegas ao tema fanse de maneira cuantitativa. Para o caso do galego, sinálase que no ano 2004 estaba representado nun escaso 2.3 % (un total de 32 portais da Internet), sendo o de Vieiros o máis visitado polos internautas. Tamén se atende ás linguas estranxeiras en portais españois (inglés e alemán, fundamentalmente). Conclúese que "el cibermitjans espanyols reflecteixen la riquesa lingüística d'Espanya, però no totes les lengües hi són representades" (p. 400), estando moi desprotexidas tamén neste aspecto aquelas que non teñen rango de oficialidade.

599 (R/05). Dobao, Xosé Antón L.: "O discurso oral público galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:297-306. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO FORMAL)

Analízase o discurso oral público galego que integra os medios de comunicación, o teatro, os discursos parlamentarios, actos litúrxicos, etc. É neste eido onde, segundo o autor, se xoga "parte do prestixio social da lingua e a súa eficacia comunicativa" (p. 298) e onde se define a variedade formal da lingua. Analízanse os erros máis frecuentes neste tipo de discursos (entre outros, a indistinción entre vogais abertas e pechadas, a despalatalización da consoante prepalatal fricativa xorda e a entoación castelá). Segundo o autor, este modelo reflicte a situación sociolingüística de Galicia, que provoca que en contextos formais a lingua empregada "soe pouco a galego" (p. 301). O autor propón a escolla dun modelo de discurso oral, a codificación explícita deste e a súa execución.

Recs.: Luz Méndez, "O modelo de galego oral na televisión", en Xosé Ramón Freixeiro, Marisol Ríos e Lucía Filloy (eds.), *Lingua e Comunicación: IV Xornadas sobre Lingua e Usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, 2008:119-133 [129] (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 93).

600 (R/05). Hermida Gulías, Carme: "Presenza do galego nos medios de comunicación", en Xosé López (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, [2004]:131-148 (= *Informes*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicación_2004.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase a presenza da lingua galega nos medios de comunicación, tanto no que se refire á información como á publicidade, entrevistas, opinión, etc., distinguindo entre prensa escrita (diaria / non diaria),

radio (emisoras estatais, galegas e locais), televisión (estatal, galega e local) e internet. Conclúese que a lingua empregada pola maioría dos medios é o castelán, o cal contrasta coa lingua empregada polos galegos. Sinálase, ademais, que as empresas de comunicación afirman que a razón pola cal escollen o castelán e non o galego é que dispoñen "de enquisas internas -non difundidas- que indican que os seus receptores non admitirían un maior uso do galego" (p. 146), se ben isto entra en contradición cos datos publicados en *A información en galego* (1996, vid. *BILEGA* 5575) onde os enquisados son favorables a unha maior presenza do galego nos medios. Segundo a autora, "o único argumento que os medios poden presentar para non aumentar o uso do galego para verbalizar os seus contidos é a falta de interese por este idioma" (p. 147).

601 (R/05). Rodríguez, Lois / Romero, Daniel: "Internet, novos vieiros para o galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:217-225. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Desde unha perspectiva globalizadora, faise un repaso histórico do emprego da lingua galega na Internet, entendida esta como o máis novo medio de comunicación de masas. Despois dunha breve contextualización histórica a nivel mundial e español, o traballo debrúzase sobre aspectos como a incorporación e emprego de materiais en lingua galega elaborados por algunhas empresas, a aparición de edicións en liña dalgúns medios de comunicación galegos, o comezo da prestación de servizos en liña por parte das administracións autonómica e local, a automatización da listaxe Galicia-L e o nacemento do grupo de novas soc.culture.galiza. Como remate, ofrécese unha táboa estatística co número de páxinas web en galego e unhas breves reflexións acerca da importancia da sociedade da información como factor de desenvolvemento social e económico.

602 (N/05). Silva Domínguez, Carme: "Publicidade e lingua galega na prensa escrita. Estudo dun corpus composto por materiais de cinco xornais galegos", *RGaF*, 6, 2005:123-156.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Traballo que ofrece unha cata na situación da lingua galega nos xornais de Galicia a través do exame da lingua dos textos publicitarios que se inseriron durante unha semana do mes de setembro de 2003 en cinco destas publicacións: *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego*, *El Progreso* e *Galicia Hoxe*. A autora mantén a tese de que a diversa posición que cada cabeceira ocupa no sistema mediático galego e español repercute en gran medida nas súas decisións lingüísticas. Tamén no caso da publicidade, malia o seu carácter supostamente "libre" e aberto á sociedade, é posible albiscar pegadas e influencias das especiais circunstancias que determinan o posicionamento político, social e lingüístico dos diarios [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. Introdución | 2. Estrutura do traballo e deseño do corpus | 3. Aspectos previos que cómpre ter en conta | 3.1. A estrutura dos grupos xornalísticos do Estado español | 3.2. Principais características do modelo galego de prensa | 3.3. Publicidade galega, publicidade en galego | 3.4. Prensa e lingua en Galicia | 4. Estudo do corpus de traballo | 4.1. Número

de anuncios/día: porcentaxe en galego | 4.2. Número de anuncios/xornal: porcentaxe en galego | 4.3. O galego en textos de autopublicidade das propias cabeceiras e de promocións | 4.4. A lingua galega e a publicidade institucional | 4.5. Publicidade privada en galego | 4.6. Anuncios de gran formato | 5. Conclusións.

603 (R/05). Veiga, Raúl: "A lingua do noso audiovisual", en Comisión Técnica de Cinematografía e Artes Visuais, *Libro branco de cinematografía e artes visuais en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Artes Plásticas, 2004:311-330 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/libro_branco_cine.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/03/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA TELEVISIÓN)

Análise da situación da lingua galega no ámbito audiovisual: dificultades existentes, presenza na dobraxe, a produción propia en galego, o tipo de rexistro empregado, a utilización de variantes dialectais, etc.

Vid. tamén as entradas 3, 650, 836, 1166.

52124 Ámbito relixioso

Vid. as entradas 599, 735.

52125 Ámbito socioeconómico

604 (R/05). Formoso Gosende, Valentina: "Apuntamentos sobre a lingua galega na empresa no século XX = Some Remarks on the Use of Galician Language Within the Bussiness Sector in the 20th Century", *Madrygal*, 7, 2004:51-62. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0404110051A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza o grao de presenza da lingua galega no mundo empresarial, basicamente no período que abrangue desde a aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia [Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE do 28/04/1981)] ata o ano 1999. Son obxecto de análise as actuacións levadas a cabo desde a Administración para fomentar o uso da lingua neste ámbito -materiais de apoio, campañas de concienciación, pero basicamente subvencións- e os seus escasos resultados.

Vid. tamén as entradas 602, 1166.

52126 Ámbito da literatura

605 (N/05). Ares Vázquez, Carme: "Da fala á literatura: algunhas reflexións lingüísticas de Ánxel Fole", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:291-306 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estúdanse catro textos en que Ánxel Fole (1903-1986) reflexiona sobre a lingua galega: "Terra do Caurel" (en *Á lus do candil: Contos a carón do lume*, 1953), "O Grande Parladoiro" (en *Terra Brava: Contos da solaina*, 1955), "Soleira. Terra de Quiroga" (en *Pauto do demo*, 2ª ed., 1970), e "Soleira" (en *Contos da néboa*, 1973). A autora estrutura o traballo nunha breve introdución seguida dunhas "Reflexións sobre a lingua" (p. 295-305), organizadas en catro apdos.: 1) Ortografía; 2) Fonética; 3) Morfoloxía; 4) Léxico. No último recóllense voces populares que Ánxel Fole tentou destacar nas súas obras: *cinguideiro*, *demouca*, *derramar*, *esfragarse*, *facenda*, *liame*, *mata*, *morodo*, *subaixos*, *renartes*, *solertes*, *tarxa*, *velliños*, *vena*, *venaqueiro*, *A Veneira* (A Pobra do Brollón, LU), *xíbaros*, *túzaros*, *búlgaros*, *xuncir*, *alustrar*, *Deus*, *adeus*, *murador*, *muradeira*, *murear*, *murar*, *ventá*, *andras*, *choupís*, *de cuelga*, *esgomelar*, *esgamelar*, *eslumecer*, *inzar*, *mazaira*, *sentir*.

Vid. tamén a entrada 574.

52127 Outras análises sociolingüísticas

606 (N/05). Álvarez Cáccamo, Celso: "Línguas de mar adentro: Universalidade e hierarquías lingüísticas", [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 4-IV-2005, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=111>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 22/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza as situacións lingüísticas que amosa o filme de Alejandro Amenábar, *Mar adentro* (2004): as relacións lingüísticas entre os distintos personaxes e a posición que ocupan as tres linguas empregadas (castelán, catalán e galego). Segundo o autor, "*Mar adentro* diz que qualquer das três línguas veicula os sentimentos. Mas também diz que a razão se exprime en espanhol ou catalão".

607 (N/05). Formoso Gosende, Valentina: *A lingua galega no ámbito empresarial: Usos e representacións sociolingüísticas*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Galega, 2005, 625 p. | [Ed. dix.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, [2005], 1 CD-ROM / Formato: PDF (= *Teses de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Filoloxía*). | [Ed. en liña n.v.]: <http://iacobus.usc.es/search*gag/aFormoso+Gosende/aformoso+gosende/1%2C1%2C13%2CB/l856&FF=aformoso+gosende+valentina&7%2C%2C13%2C1%2C0>, [Consulta: 05/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ampla análise da situación da lingua galega no ámbito empresarial, a partir da consideración de que o mundo económico é clave para a normalización do idioma e de que é urxente a realización dunha correcta planificación de medidas de actuación que deben estar baseadas no coñecemento da realidade existente. Na primeira parte ("Empresa e lingua galega: cuestións xerais") trátanse aspectos relacionados coas características do ámbito empresarial galego, as particularidades do seu nacemento e a súa evolución histórica. Preténdense atopar as claves que expliquen o establecemento dos diferentes usos lingüísticos neste eido, partindo de informantes que traballan directamente nel e continuando cunha pescuda minuciosa da documentación existente tanto arredor das axudas da administración para a promoción do galego no ámbito empresarial, como de todo o proceso de normalización lingüística. Na segunda parte ("A lingua galega no ámbito empresarial: Análise empírica en Santiago de Compostela") lévase a cabo unha detallada análise dos usos e as representacións sociolingüísticas dentro do ámbito empresarial compostelán, combinando a metodoloxía cuantitativa (enquisas) e cualitativa (nomeadamente, a entrevista en profundidade). O obxectivo é a descrición, distribución e motivación dos usos nas empresas a través da narración e interpretación dos protagonistas dos feitos: empresarios e traballadores. | Principais apdos. do índice: Introdución | Parte I: Empresa e lingua galega. Cuestións xerais | 1. A empresa e a súa historia en Galicia | 2. Apuntamentos para unha historia da normalización lingüística no ámbito empresarial | Parte II: A lingua galega no ámbito empresarial. Análise empírica en Santiago de Compostela | 3. O estado da cuestión en Santiago de Compostela | 4. Parámetros teóricos para a análise empírica | 5. Metodoloxía | 6. Análise dos grupos de discusión. As representacións sobre o galego no ámbito da empresa | 7. Análise das enquisas | Conclusión final.

608 (N/05). García Negro, María Pilar: "O galego e a cidade da Coruña. Pasado e presente. III", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:139-144 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Faise unha "fotografía sociolóxica da cidade da Coruña canto aos usos da lingua" que, na opinión da autora, "ten toda unha parte explicativa común coa nación, común por tanto con toda Galicia, e ten unha parte de especificidade" (p. 139).

609 (R/05). Nogueira Fos, Rubén / Rodríguez Gil, Israel: "Un microcosmos sociolingüístico na Galicia urbana: fenómenos de microconverxencia lingüística no *Corte Inglés* de Vigo", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:542-553, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo,

[2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/04/Nogueira.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Estudo realizado en *El Corte Inglés* de Vigo co fin de analizar a converxencia lingüística entre vendedor e cliente. Os autores, tras realizar un traballo de campo, conclúen que "o galego é un código marcado, non habitual, no Corte Inglés, que por forza ha provocar reaccións visibles a través de estratexias de acomodación lingüística" (p. 553), como, por exemplo, o emprego do dativo de solidariedade falando en castelán, sufixos apreciativos, emprego dun castelán descoidado, plurais inclusivos e a utilización de expresións mínimas en galego.

610 (R/05). Pena, Alberto: "A comunicación publicitaria e corporativa", en Xosé López (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, [2004]:75-93 (= *Informes*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicación_2004.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Vid. o apdo. "O uso da lingua galega na comunicación publicitaria" (p. 84-88), en que se constata a escasa presenza do galego no mundo da publicidade e o carácter rural que se lle atribúe, ao ser maior a súa presenza cando os destinatarios son xente de idade e do ámbito rural. Sinálase tamén que as empresas empregan a lingua galega cando queren adoptar un posicionamento solidario. No que respecta á publicidade de institucións públicas, critícase o intento de empregar unha lingua o *menos galega* posible, "un novo idioma que podería chamarse algo así como galegoñol"(p. 87).

611 (R/05). Pereiro Rozas, Arturo X. / Juncos-Rabadán, Onésimo: "Interpretación en clave actitudinal dos datos aportados polo Seminario de Sociolingüística (R.A.G.)", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:1114-1119, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/06/Pereiro.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

A partir dos datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 3481); *Usos lingüísticos en Galicia* (1995, vid. *BILEGA* 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia* (1996, vid. *BILEGA* 6799)] analízanse as repercusións que teñen as actitudes lingüísticas naqueles ámbitos que máis lle afectan á persoa: a familia, o ensino e as relacións sociais de tipo interpersoal.

612 (N/05). Rivas, Sabela: "O galego e a cidade da Coruña. Pasado e presente. I", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo

de Normalización Lingüística, 2005:133-134 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Resúmese a andaina das Escolas de Ensino Galego entre o 1924 e 1936.

613 (R/05). VV. AA.: "El teatro gallego", *Revista Gallega*, IX/412, 1903:1-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O artigo recolle varias cartas de felicitación enviadas a Galo Salinas tras a estrea da súa obra de teatro *¡Filla...!* (publicada na Coruña, Imp. A Gutenberg, 1892). Nelas abundan argumentos a favor da necesidade de expresar os sentimentos na lingua na que se pensan (neste caso, en galego).

Vid. tamén as entradas 121, 599, 603, 773, 833-1.

521271 Traballos sobre grupos de idade

614 (R/05). Casares Berg, Håkan / Fernández Salgado, Antonio / Loredo Gutiérrez, Xoaquín / Suárez Fernández, Isabel / Pereiro Rozas, Arturo X. / González González, Manuel / Rodríguez Neira, Modesto Aníbal / Dosil Maceira, Agustín / Pérez Vilariño, José: "Actitudes lingüísticas de mozos e mozas galegos: unha exploración con entrevistas en profundidade", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1625-1642, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/09/03.%20Hakan%20Casares%20et%20al..pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Mediante o recurso á técnica da entrevista en profundidade con preguntas listadas, os autores tratan de achegarse "ás representacións asociadas ás dúas linguas en contacto [galego e castelán] e ós acontecementos vividos de forma individual en torno a elas" (p. 1625). Sen deixar de ter en conta os discursos verbo da lingua que elaboran os suxeitos, "boa parte da entrevista aborda outro tipo de cuestións relacionadas coas súas historias persoais que poden orientar na interpretación da falta de consistencia, que mesmo se ten interpretado como unha aparente contradicción, entre actitudes e conductas lingüísticas nos diferentes estudios sociolingüísticos realizados entre mozos galegos" (p. 1625-1626). Esa falta de consistencia amosaríase nas actitudes xerais positivas cara ao galego e o uso

pouco estendido do mesmo entre ese sector da poboación. O traballo trata de afondar nas causas desa inconsistencia no plano das actitudes, a través da ilustración con parte dos resultados obtidos do diagnóstico actitudinal realizado para o proxecto "Deseño de medidas para mellora-las actitudes cara ó galego e incrementa-lo seu uso" (2002, vid. *BILEGA* 11780), desenvolvido polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.

615 (R/05). Loredo Gutiérrez, Xoaquín / Pereiro Rozas, Arturo X. / Casares Berg, Håkan / Suárez Fernández, Isabel / Fernández Salgado, Antonio / Real Deus, Eulogio: "Medición indirecta das actitudes lingüísticas dos mozos galegos coa técnica *matched-guise*: estereotipos físicos", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1707-1724, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/09/08.%20Xaquin%20Loredo%20et%20al..pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (vid. *BILEGA* 3481, 5202, 6799) testemuñan a importancia da variable idade para explicar as diferenzas nos usos lingüísticos entre o galego e o castelán: "A medida que a idade descende prodúcese unha diminución progresiva do galego como lingua habitual, circunstancia que se agrava se o seu hábitat de residencia é urbano" (p. 1707). Canto ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos, os estudos realizados non amosan "unhas actitudes lingüísticas *consistentes* coa diminución do uso, senón que incluso informan de que as persoas máis novas son as que presentan unhas actitudes máis favorables cara ao emprego do galego (p. 1707-1708). Porén, eses estudos "non permiten facer unha valoración actitudinal distintiva das características fonéticas e prosódicas (i.e., acento) propias das distintas variedades lingüísticas, senón que maioritariamente sondan de xeito directo as referidas a unha e outra lingua (i.e., galego e castelán), por medio de cuestionarios" (p. 1708). Tratando de superar esta limitación e mediante o recurso á técnica de *matched-guise*, o obxectivo deste traballo é "sondar estereotipos físicos asociados ás variedades lingüísticas das dúas linguas que coexisten en Galicia. Con este propósito, utilizouse a información verbal procedente de dous falantes que se expresan publicamente nas variedades lingüísticas manipuladas. O universo obxecto do estudo foron mozos de 14 a 20 anos de toda Galicia que cursaban educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos e bacharelato. O contexto elixido foron os medios de comunicación, xa que estes constitúen o ámbito de uso público por excelencia da lingua, polo que pode ser considerado idóneo para sondar as valoracións que os mozos fan dos falantes que empregan publicamente as diferentes variedades" (p. 1709).

616 (R/05). Rivero, Manuel: "Da perda de talento á cultura dos genéricos", [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 30-X-2004, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=100>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 23/05/2006]. | [Reed.]: *Agália*, 81-82, 2005:203-213.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza a perda de vocabulario referido á flora e á fauna na poboación máis nova, con tendencia a empregar nomes xenéricos. O estudo está baseado nas enquisas realizadas a 107 persoas de tres parroquias da Limia Baixa e unha da Mariña lucense, en que se lles preguntaban nomes de paxaros, herbas e tipos de peras e mazás. No "Anexo" inclúense os nomes máis reiterados segundo a idade dos informantes, constantándose a perda de vocabulario nestes eidos na xente máis nova, coa tendencia ao emprego dos nomes xenéricos.

617 (R/05). Suárez Fernández, Isabel / Casares Berg, Håkan / Fernández Salgado, Antonio / Loredo Gutiérrez, Xoaquín / González González, Manuel / Rodríguez Neira, Modesto Aníbal / Dosil Maceira, Agustín / Pérez Vilariño, José: "Aproximación cualitativa ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos. Resultados dunha investigación baseada en grupos de discusión", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1725-1740, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/09/09.%20Isabel%20Suarez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Os estudos sociolingüísticos desenvolvidos en Galicia na década de 1990 adoitan informar de elevadas competencias na lingua galega e dunha mellora nas actitudes xerais cara a ela que, porén, non se corresponden con maiores niveis de uso por parte da poboación. Esta aparente inconsistencia resulta especialmente evidente nos grupos de idade máis novos, no ámbito urbano e nos sectores sociais máis favorecidos. A constatación desta tendencia vén cuestionar as predicións que na década de 1970 auguraban unha recuperación do galego nas zonas máis urbanizadas e entre os máis mozos e cultivados. Para tratar de determinar a natureza desta inconsistencia entre usos e actitudes lingüísticas que amosa a mocidade galega están a desenvolverse novas liñas de investigación que, fronte ás técnicas de medición directa das actitudes lingüísticas, mostran a idoneidade de técnicas de medición indirecta. As últimas son as que se adoptan neste traballo, que ofrece resultados dunha investigación baseada na aproximación cualitativa ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos empregando como técnica de análise o grupo de discusión. Os autores parten da hipótese de que "entre os mozos galegos existen actitudes máis negativas cara ó galego do que atopan os estudios que empregan técnicas cuantitativas de medición e que estas poderían emerxer recreando escenarios onde se puideran observar discursos sociais que evitasen as distorsións que ocasiona o fenómeno da desexabilidade social na medición das actitudes lingüísticas mediante cuestionarios" (p. 1726). Os resultados aquí expostos foron "obtidos mediante a elaboración de 13 grupos de discusión integrados por mozos galegos con idades comprendidas entre os 17 e os 28 anos. As definicións que van facer os actores da situación actual da lingua galega difiren notablemente segundo as variables tomadas en consideración no deseño dos grupos. Estas eran a lingua habitual dos participantes e o seu lugar de residencia. Así, mentres para moitos castelanfalantes urbanos a situación do galego mellorou notablemente nos últimos anos, sendo percibido nalgúns casos este avance como excesivamente acelerado e *forzado*, os galegofalantes do mesmo tipo de hábitat definen a situación en termos de minorización respecto do castelán. Presumíase ademais que poderían existir diferentes discursos en función da idade e o xénero do[s] actuantes, polo que se tratou

de respectar certa heteroxeneidade na distribución destas características nos diferentes grupos" (p. 1726-1727). En definitiva, "[m]ediante a análise dos discursos relativos ás valoracións sociais en torno á lingua achegámonos ás representacións da realidade social da lingua galega e, deste xeito, tratamos de desentrañar as actitudes subxacentes nos diferentes tipos de discurso e as súas implicacións no comportamento lingüístico dos distintos grupos sociais" (p. 1727).

Vid. tamén as entradas 563, 576, 590, 592, 835.

521272 Traballos sobre zonas xeográficas

618 (N/05). Asaka, Takekazu: "Galisia igai no Galisiago no jookyo [= A situación actual do galego exterior]", *JTsC*, 38, 2005:187-206.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS, FALAS GALEGAS DE LEÓN, FALAS GALEGAS DE ZAMORA, FALAS GALEGAS DE ESTREMADURA)

619 (R/05). Fernández Iglesias, Pilar / Rial Hermelo, Raquel: "Redes de relación social, usos lingüísticos e identidades nun núcleo rural galego", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:54-68, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/01/Fernandez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise dos usos lingüísticos dos habitantes de Santa María de Campo (PO) na que se ofrecen datos do emprego do galego e do castelán segundo a idade, as relacións de parentesco e coa xente de fóra do lugar.

620 (N/05). Soto Andión, Xosé / Vidal Meixón, Ana: "Sobre actitudes y usos lingüísticos en dos municipios interiores de Galicia", *Revue Romane*, 40/2, 2005:177-198. | [Ed. facs. en liña]: [Oxford], Publishing Technology, Ingenta, [2005], <http://www.ingentaconnect.com/>, Formato: PDF, [Consulta: 22/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase o contacto entre o galego e o castelán en individuos de núcleos rurais e semiurbanos pertencentes aos concellos limítrofes de Forcarei (PO) e Cotobade (PO), unha zona do interior da provincia de Pontevedra que ata agora recibiu pouca atención nos estudos lingüísticos galegos. O obxectivo inmediato do traballo é ofrecer unha serie de datos que manifestan tendencias verbo das actitudes e usos lingüísticos dos falantes desta zona. Baséase nunha investigación empírica mediante a cal se elaborou un corpus oral que inclúe informantes de todas as idades (un total de 73 individuos e preto de 60 horas de gravación). O método de mostraxe e recollida de datos consistiu nun diálogo cos

informantes, acompañado dun cuestionario de preguntas directas relacionadas coas actitudes e usos lingüísticos; as entrevistas realizáronse de forma individual ou en grupos de dous, nun contexto de carácter informal, tratando temas de actualidade e de carácter etnográfico. Os informantes agrupáronse en tres sectores de idade (xeración vella / intermedia / nova) e en dous ámbitos xeográficos (medio rural / medio semiurbano). Nas conclusións sinálase que "en la zona estudiada se pasa de una población monolingüe en gallego, constituída por individuos de la generación mayor, tanto del área semiurbana como del medio rural, la generación intermedia rural y la semiurbana de más de 45 años, a otra población bilingüe en gallego y castellano, integrada por la generación intermedia semiurbana y rural así como por los jóvenes" (p. 194). Por outra banda, "[l]as iniciativas del gobierno autonómico en el terreno de la normalización lingüística no han conseguido frenar la pérdida de gallegohablantes en el núcleo semiurbano de estos municipios ni de otros de Galicia, por carecer de la adecuada gestión lingüística y de planes de normalización [...]. Si bien el descenso en el entorno semiurbano resulta menos acentuado que en áreas propiamente urbanas, también hay que advertir de que se ven atisbos de un proceso de desgalleguización en familias de núcleos estrictamente rurales o aldeas pequeñas. Lo que sí se ha conseguido ha sido elevar el prestigio de la lengua propia y superar ciertos recelos" (p. 194).

621 (N/05). Souto, Xurxo: "O centro e a periferia. A vivencia do emprego do galego na Coruña", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:51-63 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir da experiencia laboral do autor en programas como "A tropa da tralla", dáse unha visión da cidade da Coruña como urbe que resume a situación sociolingüística de Galicia. Este contexto serve como pretexto para ir introducindo diferentes anécdotas que lle aconteceron ao autor na radio en relación con distintos aspectos da realidade cultural galega.

622 (N/05). Tato Fontaíña, Laura: "O galego en Ferrol: a historia", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:127-132 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Conferencia sobre a historia do emprego do galego na cidade de Ferrol a partir de datos relativos ao ámbito literario, especialmente o teatral.

Vid. tamén as entradas 528, 533, 539.

521273 Traballos sobre comunidades de emigrantes

623 (R/05). Carracedo Doval, Juan José: "O galego dos emigrantes en París", *Madrygal*, 4, 2001:33-43. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0101110033A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

O traballo pretende amosar a "evolución sufrida pola lingua galega nunha comunidade moi ben delimitada e a influencia que o galego materno tivo sobre o francés deprendido en París" (p. 33). A primeira parte contén unha breve descrición do grupo poboacional que serve de mostra ao estudo. A segunda é a análise propiamente lingüística centrada en catro niveis: léxico-semántico, fonético-fonolóxico, morfolóxico e sintáctico. Finalmente, reflexiónase tamén sobre as causas que poden motivar as interferencias lingüísticas.

624 (N/04). Gugenberger, Eva: "*A ghallega que é ben ghallega é repiola*: El gallego de Buenos Aires entre la gheada y el lunfardo", en Georg Kremnitz e Joachim Born (comps.), *Lenguas, literaturas y sociedad en la Argentina: Diálogos sobre la investigación en Argentina, Uruguay y en países germanófonos: Actas del coloquio (Viena, 25 - 28 de marzo de 2003)*, Wien, Praesens, 2004:147-166.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

625 (R/05). Gugenberger, Eva: "Consecuencias do contacto lingüístico entre o galego e o castelán: o caso dos inmigrantes galegos en Bos Aires", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1167-1185, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/05/04.%20Eva%20Gugenberger.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

A alta taxa de inmigrantes galegos en Bos Aires (xunto cos italianos) podería facer pensar nunha alta presenza dos idiomas galego e italiano. Porén, ao comparar as dúas colectividades máis numerosas con outros grupos inmigratorios en Arxentina, chama a atención que o proceso de substitución da lingua inmigrante foi bastante rápido (no caso do galego, practicamente dunha xeración a outra). É preciso facer unha análise detallada de todos os factores lingüísticos e extralingüísticos que actuaron en contra do galego na emigración. Pero, ademais de factores desfavorables xerais, hai que ter en conta dous factores específicos que, en opinión da autora, contribuíron decisivamente á aceleración da perda do galego na emigración: a) a situación social e a relación entre o galego e o castelán en Galicia, debido á cal o proceso de incorporación de elementos casteláns ao galego xa comezou moitos antes do fenómeno migratorio; b) o grao de proximidade interlingüística entre as dúas linguas, que trouxo

como consecuencia que o galego se considerase como *idioma cuberto* a respecto do castelán como *idioma teito*. Isto provoca a elevada frecuencia e a relativa profundidade dos fenómenos de interferencia entre as dúas linguas, especialmente dende o segundo cara ao primeiro. Para a autora, este feito tamén constitúe un factor acelerador do desprazamento do galego na emigración. O traballo está dedicado precisamente a analizar as interferencias entre as dúas linguas en contacto, tratando de amosar o impacto que sufriu o galego falado polos inmigrantes en Bos Aires.

626 (N/05). Gugenberger, Eva: "Der dritte Raum in der Sprache. Sprachliche Hybridisierung am Beispiel galicischer Migrant/inn/en in Buenos Aires", en Peter Cichon, Barbara Czernilofsky, Robert Tanzmeister e Astrid Hönigsperger (eds.), *Entgrenzungen: Für eine Soziologie der Kommunikation: Festschrift für Georg Kremnitz zum 60. Geburtstag*, Wien, Praesens, 2005:354-376.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Aplícase ao estudo lingüístico o concepto de *hibridación* das teorías culturais postmodernas, tratando de determinar verbo da lingua e da identidade lingüística un "terceiro espazo" entre o idéntico e a súa outredade que supere a concepción tradicional dunha identidade cultural homoxénea e unívoca. Ese terceiro espazo lingüístico debe entenderse como aquel en que se producen procesos de hibridación que non se moven entre dous polos, senón que permiten ir máis alá, nun proceso creativo mediante o cal o falante é capaz de formular unha nova identidade que deixa atrás o purismo lingüístico e a concepción da lingua como un sistema monolítico. No caso da hibridización lingüística dos inmigrantes galegos en Bos Aires dáse unha dobre situación de contacto entre o galego e o castelán: por unha parte, o uso diglósico das dúas linguas antes da emigración e, por outra, o contacto do galego coa variedade castelá usada na Arxentina. Isto determina un proceso de hibridación en dúas fases: a primeira, aínda en Galicia, reflíctese nun galego interferido polo castelán (*galego chapurrado*) e nun castelán interferido polo galego (*castrapo*), ambos os termos co significado despectivo de impuro ou inculto. Neste sentido, o galego considerouse durante moito tempo como dialecto ou variante mal realizada do castelán. A autora baséase nos conceptos de *interferencia* e *cambio de código* para analizar esta primeira hibridación, que estuda desde diferentes perspectivas (o proceso de interferencia leva, por exemplo, a moitos falantes a considerar impura a variante normativa do galego desenvolvida polos lingüistas), ata concluír coa valoración positiva da interferencia en canto proceso creativo por parte do falante: a decisión de mesturar as dúas linguas coloca a este nun terceiro espazo que lle permite evitar as polaridades orixinarias. Para o estudo da segunda fase de hibridación a autora parte de tres polos lingüísticos: a variedade de galego específica de cada falante, o castelán falado en Galicia e a variedade castelá de Bos Aires. O galego dos inmigrantes en Bos Aires é, por tanto, de grande complexidade: ás interferencias do castelán peninsular (*siglo* en lugar de *século*, *ochenta* en lugar de *oitenta*, *sea* en lugar de *sexa*, entre outras moitas que se citan no artigo) engádenselles arxentinismos como *acá*, *cuadra*, *lindo*, o uso frecuente do diminutivo, etc. Tamén se analiza o papel das interferencias fonéticas do galego no castelán, entre elas a *gheada* ou a vacilación do timbre das vogais. O traballo conclúe coa posta en valor dun código multilingüístico, que se interpreta como a expresión dunha identidade específica dos inmigrantes [B.L.].

627 (R/05). Gugenberger, Eva: "Psychologische und sprachliche Aspekte der galicischen Emigration", *Galicien Magazin*, 9, 2000:19-25. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum

der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin9.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da emigración galega á Arxentina no que se analizan os aspectos psicolóxicos e lingüísticos que actúan no proceso de socialización no novo entorno. Segundo a estudosa, no ámbito lingüístico hai tres tipos de reacción: 1) a asimilación (*Assimilationstyp*), caracterizada pola rápida aprendizaxe da nova lingua (o castelán) e o rexeitamento do galego, xunto co intento de agochar as súas orixes; 2) oscilación (*Pendlertyp*), na que o emigrante non se decide por ningunha lingua, *oscila* entre as dúas, adaptándose ao idioma do seu interlocutor, e a aprendizaxe do castelán non conleva ningún rexeitamento cara ao galego; 3) resistencia (*Winderstandstyp*), na que o emigrante aumenta o emprego do galego, rexeita o castelán e adoita manter só relacións con outros galegos. Obsérvase, ademais, que moitos individuos pertencentes ao primeiro tipo tras o paso dos anos comezaron a redescubir a lingua galega, coidándoa e mantendo o seu uso.

628 (N/04). Gugenberger, Eva: "Sprache - Identität - Hybridität: Das Beispiel der Galicier/innen in Galicien und Argentinien", *Grenzgänge*, XI/22, 2004:110-143. | [Ed. en liña n.v.]: Wien, Österreichische Lateinamerika-Institut, [2006], <http://www.lai.at/wissenschaft/lehrgang/semester/ws-2005-06/rv/files/dokument_gugenberger.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Enfócase a conexión entre lingua e identidade analizando as súas complexas manifestacións en sociedades multilingües, tanto en ámbitos onde conviven falantes de idiomas distintos como en sociedades que experimentan unha inmigración masiva de falantes doutras linguas. A situación dos inmigrantes galegos na Arxentina constitúe un caso especialmente interesante, xa que presenta un dobre proceso de aculturación e hibridación: no seu país de orixe, os galegos experimentan a situación dunha minoría autóctona que vive desde hai séculos en contacto coa lingua dominante (o castelán), que tamén é a lingua dominante no país de acollida, onde pertencen a unha minoría alóctona. Na primeira parte do traballo, preséntanse conceptos básicos e enfoques científicos para a investigación do contacto de linguas e os procesos identitarios (*identidade e lingua*; *identidade e fala*; *acomodación e diverxencia*). Na segunda parte, a autora analiza a relación entre o galego e o castelán baixo as condicións de contacto e hibridación e presenta como caso de estudo o dun inmigrante galego en Bos Aires, natural de Navia de Suarna (LU). Na análise pormenorizada dunha entrevista, identifica os mecanismos de alternancia de códigos, cambio de códigos e mistura de códigos como trazos de hibridación e determina as dimensións identitarias do discurso plurilingüe [B.L.].

629 (R/05). Gugenberger, Eva: "Sprache und Migration: die galicische kollektivität in Buenos Aires", *Galicien Magazin*, 6, 1998:28-34. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin6.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

A autora analiza os trazos específicos da emigración galega a Bos Aires, para estudar logo a presenza da lingua galega nalgúns aspectos da vida dos emigrantes. Na primeira parte describe as diversas

etapas da emigración galega a Latinoamérica e, en especial, á Arxentina, desde a 2ª metade do séc. XIX ata 1960: 1) unha emigración por motivos económicos, sobre todo desde o sector agrario, ata 1930; 2) unha emigración política (exilio) nas décadas de 1930 e 1940; 3) unha ola de emigración masiva a partir da década de 1950, no só do sector agrario, como na primera etapa, senón tamén do secundario e terciario. Canto á lingua, os emigrantes foron socializados xa en Galicia de maneira máis ou menos bilingüe, aínda que un dos motivos do cambio do galego ao castelán a principios do séc. XX foi a posible emigración. Na Arxentina, quizais por considerarse o galego como un "castelán mal falado", deuse tamén unha certa estigmatización do inmigrante galego, que hoxe en día, dado o nivel de integración, parece ser practicamente inexistente. Na segunda parte analízase a pervivencia da lingua galega entre os emigrantes, o seu papel como referente identitario social ou simbólico e as manifestacións da cultura galega na emigración. No campo socioeconómico o galego está presente sobre todo nos nomes do ámbito da gastronomía. En xeral, o emigrante tivo na Arxentina a oportunidade de prosperar economicamente, convertirse en empresario e acceder a estudos superiores. No campo político e sociocultural, a autora destaca a importancia dos centros e asociacións galegos, sobre todo o *Centro gallego de Buenos Aires* e o *Centro Galicia*, aínda que a lingua de comunicación neles sexa, sobre todo, o castelán. Os cursos de lingua (fomentados pola Xunta de Galicia), a música e a danza xogan neles un papel identitario fundamental. No campo linguístico, ademais dos cursos de galego referidos, a autora sinala as emisións en galego e/ou sobre Galicia de distintas cadeas de radio arxentinas, as distintas revistas escritas parcialmente en galego e a recente apertura dun *Colegio Galego* en Bos Aires [B.L.].

630 (N/05). Sinner, Carsten: "El estudio de las consecuencias lingüísticas de la emigración y de la emigración de retorno", *Analecta Malacitana*, XXVIII/1, 2005:141-161.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrece unha sinopse das posibilidades e limitacións do estudo dos aspectos lingüísticos da emigración e, particularmente, da emigración de retorno na Península Ibérica, concentrándose na emigración desde e cara a algunhas das rexións bilingües. O autor sinala as diferentes posibilidades de aproximarse á cuestión da relación entre emigración e lingua para aillar os aspectos máis importantes e determinar o enfoque máis suxerente para un estudo da lingua dos emigrantes e o efecto do retorno sobre a lingua da sociedade natal. O obxectivo é determinar e delimitar as variables que se deben ter en conta no estudo do *efecto retorno* lingüístico.

631 (R/05). Soto Andión, Xosé: "Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1207-1222, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/05/06.%20Xose%20Soto%20Andion.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006]. | [Reed.]: "Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires = Factors that Make Up the Process of *Desgaleguización* of the Galician Inmigrants in Buenos Aires", *Madrygal*, 7, 2004:103-112. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas

Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0404110103A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O fenómeno da migración supón o encontro entre dúas sociedades, que dá lugar a unha serie de novas identidades e vivencias. A lingua, como vehículo de comunicación e como símbolo de identidade cultural, resulta afectada por estes contactos e conflitos culturais. O caso dos emigrantes galegos, que no transcurso das décadas 1940-1960 tiveron como un dos principais lugares de destino Bos Aires, é un dos que menos atención ten recibido dende o punto de vista lingüístico. Este traballo trata de identificar os factores que determinan o actual proceso de desgaleguización dos emigrantes galegos a Bos Aires, a partir da análise de quince entrevistas (cun total aproximado de vinte horas de gravación) realizadas na capital arxentina a galegos e fillos de galegos, ás que se engaden diversas notas tiradas de emigrantes retornados. O autor diferencia factores externos (fundamentalmente de carácter socioeconómico) e factores internos (sobre todo de tipo psicolóxico), malia recoñecer que ambos os dous tipos están interrelacionados e se poden condicionar mutuamente. Entre estes últimos, dedícalles especial atención aos fenómenos de interferencia debidos ao contacto do galego co castelán.

632 (R/05). Villamil Touriño, Asunción: "Gallegos en Madrid: actitudes y mantenimiento de la Lengua Gallega = Galician People in Madrid: Attitudes and Language Maintenance", *Madrygal*, 7, 2004:123-132. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0404110123A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Archivo Institucional E-Prints Complutense, 2005, <http://www.ucm.es/eprints/4904/>, Formato: HTML, [Consulta: 22/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das actitudes lingüísticas dos emigrantes galegos en Madrid a partir de enquisas realizadas a dous grupos xeracionais: 1) persoas entre 40 e 64 anos (primeira xeración); 2) persoas entre 16 e 30 anos (segunda xeración). Os resultados obtidos levan ao autor a concluír que a segunda xeración posúe unha destreza pasiva da lingua e ambas as dúas xeracións teñen unha actitude positiva cara ao galego, se ben a transmisión xeracional na maioría dos casos se rompe.

5213 Traballos sobre a variación lingüística

633 (R/05). Álvarez Blanco, Rosario / Santamarina, Antón: *Variedade e diversidade da lingua: Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar: Discurso lido o día 6 de xuño de 2003, no acto da súa recepción, pola Ilustrísima Señora Dona Rosario Álvarez Blanco e resposta do Excelentísimo Señor Don Antón Santamarina Fernández*, A Coruña, Real Academia Galega, 2003, 51 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/Rosario%20Alvarez.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Comeza lembrando a figura de Antonio Iglesias Vilarelle (1891-1971), predecesor da autora na cadeira da RAG. A seguir, céntrase no estudo da variación lingüística en xeral e a súa aplicación á parcela concreta do galego. Tenta explicar que a tendencia espontánea non é ir cara a unha lingua universal, senón que a diversidade lingüística é "unha condición inherente á natureza da linguaxe humana" (p. 13), e que a intervención é posible sempre e cando as instancias pertinentes sigan os protocolos precisos para evitar "o risco de que individuos ou grupos illados se vallan da súa posición social para impoñeren modelos particulares a contrafío do sentimento lingüístico común" (p. 14). A continuación, fai unhas breves reflexións sobre as características xerais dos cambios lingüísticos espontáneos, explicando a súa xénese, asentamento e expansión; pon como exemplo a irrupción no sistema galego da consoante interdental xorda [θ]. Así mesmo, sinala que os cambios espontáneos non teñen un obxectivo determinado, o que non é óbice para que teñan unhas causas (internas ou externas) que os poñan en marcha, podendo ou non acadar o éxito cun maior ou menor ritmo e mesmo podendo ser reversibles. Estas reflexións xerais complétanse cunha chamada de atención sobre algunhas liñas de cambio observadas no galego contemporáneo, ben endóxenas, ou ben produto das accións de planificación lingüística, que a autora sintetiza en cinco puntos: 1) A influencia mutua entre linguas en contacto é enriquecedora, sempre e cando non sexa produto dunha posición desigual entre unha lingua A[alta] e unha lingua B[aixa], o que provoca intercambios non equitativos, como ocorre entre o galego e o castelán; 2) A discriminación positiva de palabras consideradas máis galegas pode provocar prexuízos verbo doutras formas igualmente galegas, como ocorre nos pares *tartaruga* / *sapoconcho*, *comprar* / *mercar*, *ollar* / *mirar*, *coidar* / *crer*, *rematar* / *terminar* / *acabar*, *lembrarse de* / *acordarse de*; 3) As malas interpretacións lingüísticas de persoas ou grupos con autoridade na materia poden provocar mudanzas inconvenientes, como no caso do par *nidio* / *nítido*; 4) Non se debe caer nun seguidismo excesivo da norma portuguesa (cita como exemplo o par *volver* / *voltar*); 5) Por último, reflexiona sobre se os procesos de normalización e estandarización poden ou non ser empobrecedores para a lingua. Na resposta, Antón Santamarina Fernández lembra os merecementos de Rosario Álvarez Blanco para ser membro numerario da RAG.

634-1 (R/05). Álvarez Cáccamo, Celso: "From *Switching Code* to *Code-Switching*: Towards a Reconceptualisation of Communicative Codes", en Peter Auer (ed.), *Code-Switching in Conversation: Language, Interaction and Identity*, London, Routledge, 1998:29-48. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, Páxina persoal do autor, [2005], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1998routledge.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 28/10/2007].

1. investigación | 2. ámb. xeral/panrománico | 3. sincrónico | 4. c

Neste traballo de relevante repercusión internacional, o autor analiza o concepto de *alternancia lingüística* (*code-switching*) dende as súas orixes e, baseándose nas investigacións empíricas realizadas na conversa bilingüe, sinala que a coocorrencia de dúas linguas nun mesmo episodio comunicativo non sempre responde ao fenómeno da alternancia lingüística. Sinala a necesidade de introducir a diferenza entre *código comunicativo* e *variedade lingüística* para abordar a análise da xustaposición de linguas. Entende os códigos comunicativos como principios xerais que os individuos posúen para sinalar e interpretar intencións. Os significados pragmáticos non responden a estruturas lingüísticas "per se", senón que se interpretan coas operacións dos códigos comunicativos, pois son mecanismos de transdución que organizan tanto os recursos lingüísticos como os paralingüísticos. Por tanto, a alternancia lingüística constitúe un recurso de contextualización que non ten necesariamente que articularse a través dun cambio de linguas. De feito, o autor, baseándose na súa investigación sobre o discurso bilingüe castelán/galego-portugués e achegando exemplos doutros pares de linguas, establece a seguinte tipoloxía: 1)

conmutación de códigos con alternancia de linguas; 2) conmutación de códigos sen alternancia de linguas; 3) alternancia de linguas sen conmutación de códigos; 4) fala monolingüe (unha variedade lingüística e un código comunicativo) [G.P.V.].

634-2 (R/04). Álvarez Cáccamo, Celso: "Variaçom lingüística e o factor social na Galiza", *Hispanic Linguistics*, 2/2, 1989:253-298. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, Páxina persoal do autor, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1989hl.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Ofrece unha panorámica xeral da variabilidade interna do galego moderno tendo en conta os diversos parámetros da variación lingüística (xeográfico, social, contextual e interlingüístico) e tratando de "apresentar um enfoque social e dinâmico do feito lingüístico, que vaia além do tratamento estruturalista da língua como un corpo homoxéneo, e das estáticas descriçons dialectais de sistemas aparentemente discretos, reducíveis a fronteiras xeográficas e conxelados na competência lingüística da comunidade falante à marge das instâncias reais de comunicaçom" (p. 254). Para iso parte dunha concepción da lingua "como un complexo dia-sistema de subsistemas ou conjuntos de traços formais que, em última instância, se manifestam e organizam diversamente na fala como códigos específicos segundo as circunstâncias do acto de comunicaçom" (p. 253). | Índice: 1. Introduçom | 2. O galego: língua, dialecto, co-dialecto [sinala a tradicional dificultade de definir o galego como *lingua* ou *dialecto* con criterios exclusivamente estruturais, debido a que unha lingua é "um conjunto de *continua* lingüísticos no plano geográfico, ao longo dos quais se distribuem as modalidades dialectais" (p. 256) e por iso comparte a idea dos que consideran o galego e o portugués como dúas modalidades dun único sistema (ou diasistema) galego-portugués] | 3. Variaçom geográfica | 4. Variacom social e geográfico-social | 4.1. A gheada | 4.2. O sesseo | 4.3. O *yeísmo* e a despalatizaçom de /š/ | 5. Variaçom contextual [analiza os cambios de rexistro en función dos contextos e a formación e uso dos estándares do galego en relación co proceso de normalización lingüística] | 5.1. A chamada *segunda forma do artigo* | 5.2. Sobre variedades formais e o estândar do galego | 5.3. Variedades formais e fala coloquial | 6. Variedades interferidas e *castrapos* galego-espanhol [describe os sistemas híbridos galego-castelán] | 6.1. Aspectos estruturais | 6.1.1. Espanhol interferido e *castrapos* | 6.1.2. Falas galegas interferidas | 6.2. Aspectos sociais | 7. Conclusons. Cara um enfoque socio-interaccional da variabilidade lingüística [propón unha visión funcional dos fenómenos de variación da fala como expoñentes da diversidade social, xeográfico-social e contextual].

Recs.: LLBA, 23/4, 1989:1445 [8907996].

635 (R/05). Kabatek, Johannes: "A diferenciación diafásica do galego actual", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:379-388. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA

En primeiro lugar, explícase o significado do termo *variación diafásica*, introducido por Eugenio Coseriu na década de 1950 e cuxa interpretación tradicionalmente produciu malentendidos. En segundo lugar, estúdase o proceso creador da diferenciación diafásica. A conquista de novos ámbitos de uso polo galego representa "a creación de algo novo, que esixe a intervención *activa* dos falantes" (p. 382). Segundo o autor, na actualidade estase a crear unha nova distinción dentro do galego que leva á diferenciación dunha lingua *alta* e *culta*, fronte á lingua falada e dialectal: "O que intervén aquí de forma decisiva é a *reflexión* dos falantes, xa que a producción dos textos novos se leva ó cabo en moitos casos cunhas altas posibilidades de elaboración" (p. 383). Finalmente, enuméranse algunhas das características desta diferenciación interna, tanto de tipo fonético como morfolóxico e léxico. Conclúese que as diferentes tendencias son resultado dun proceso de creación en que se observa como as diversas condicións de produción dos textos levan ao predominio de distintos tipos de interferencia.

Vid. tamén as entradas 270, 634-1, 638.

5214 Contacto do galego con outras linguas

636 (R/05). Estévez Forneiro, Reyes: "Lenguas en contacto: hiberno-inglés y galaico-español", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:675-685, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Estevez2.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. investigación | 2. ámb. xeral/panrománico | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral

Traballo derivado da memoria de licenciatura da autora [*Substratum Transfer in Hiberno-English and Code-Switching in Galaico-Spanish* (1996, vid. *bilega* 3530)], presentada na University College Dublin. Nunha situación de linguas en contacto onde a lingua adquirida é socialmente dominante, o modelo de cambio lingüístico réxese por certos procesos de adaptación de L1 a L2 coa conseguinte transferencia de trazos de L1. A interferencia da lingua materna é constante ao inicio do contacto e non chega a ser definitivamente eliminada por xeracións posteriores de falantes. O inglés de Irlanda e o castelán de Galicia experimentaron os mesmos procesos de cambio lingüístico e, a partir desta característica común, a autora pretende describir os trazos diferenciais a nivel fónico, morfosintáctico e léxico das dúas variedades de fala. As mostras de fala en que se basea o traballo foron recollidas entre setembro de 1995 e maio de 1996 mediante gravación en Dublín (Irlanda), Vigo (PO) e nos lugares ourensáns de Piñor e Cachaxúas; corresponden a programas de radio con intervencións de radioouvintes e a conversas espontáneas e informais. Diferencia tres procesos de cambio lingüístico que afectaron igualmente ás dúas variedades de fala, ofrecendo exemplos de cada un nos tres niveis considerados: 1) analoxía; 2) simplificación; 3) reinterpretación.

637 (N/05). Kabatek, Johannes: "Über Trampelpfade, sichtbare Hände und Sprachwandelprozesse", en Thomas Stehl (ed.), *Unsichtbare Hand und Sprecherwahl: Typologie und Prozesse des Sprachwandels in der Romania*, Tübingen, Gunter Narr, 2005:155-174. | [Ed. en liña n.v.]: [Tübingen], Eberhard-Karls-Universität Tübingen, Páxina persoal do autor, [2005], <http://homepages.uni-tuebingen.de/kabatek/Trampelpfad.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/05/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

O autor propón unha revisión crítica das bases dunha teoría xeral do cambio lingüístico e fai unha proposta para establecer os mecanismos de transformación da lingua partindo do estudo empírico das autocorreccións de falantes galegos. Ao comprobar que o estudo dos múltiples fenómenos asociados co cambio lingüístico se está levando a cabo dentro de distintas disciplinas e escolas e desde enfoques heteroxéneos, pon de relevo a dificultade de relacionar as diferentes achegas entre si e de integrar os resultados da investigación no marco dunha teoría xeral. Lembra algunhas teses da monografía de Rudi Keller, *Sprachwandel: Von der unsichtbaren Hand in der Sprache* (Tübingen, Francke, 1990/1994), que parecía ofrecer unha aclaración coherente da evolución desde a fala do individuo á transformación da lingua, sinalando que esas teses achegan, antes ca explicacións científicas, máis ben metáforas coma a imaxe central da "man invisible na lingua"; o cometido da investigación lingüística sería, porén, facer "visibles" os mecanismos do cambio. De aí que boa parte do artigo se dedique a un comentario crítico dalgúns dos postulados centrais da teoría do cambio lingüístico, que han servir de base para o estudo das "mans visibles", é dicir, daqueles factores e mecanismos observables na actividade da fala que poden ser o punto de orixe dos procesos de cambio que experimenta unha lingua. O autor remite, a modo de exemplo, a un traballo anterior seu [*Die Sprecher als Linguisten: Interferenz- und Sprachwandel im Galicischen der Gegenwart* (1996, vid. *BILEGA* 6164)] que presenta a análise de 30 entrevistas con falantes da Galicia actual, unha comunidade de fala especialmente dinámica e altamente sensibilizada polo proceso de converxencia da *coiné* galega, unha situación en que os conflitos lingüísticos entre as distintas variedades do galego e a lingua de contacto, o castelán, xogan un papel importante. O estudo céntrase nas rupturas e autocorreccións dos falantes, xa que nelas se manifestan unhas finalidades e tendencias innovadoras que poderían chegar a impoñerse no proceso evolutivo da lingua. Nas entrevistas identifícanse catro tipos de correccións: 1) a substitución de formas castelás por formas galegas (*empleámolo* > *empregámolo*; *nun solo término* > *nun só termo*); 2) a substitución de formas galegas que coinciden con formas castelás por elementos galegos diferenciadores (*palabra* > *vocablo*; *pregunta* > *demanda*); 3) a substitución de formas dialectais por formas do galego normativo (*máis lex* > *máis lonxe*; *sona* > *sóame*); 4) a substitución de formas do galego normativo por formas dialectais ou formas que coinciden co castelán (*a/...buela*; *afa/apartarse*). Malia que se poida obxectar que en fenómenos coma estes aínda non se manifesta ningún cambio da lingua, senón máis ben algunhas modificacións da frecuencia ou do uso, estas modificacións representan aspectos importantes do cambio lingüístico e son indicadoras da "creación da lingua na dinámica da fala" [B.L.].

638 (R/05). Lorenzo Suárez, Anxo M.: "Evolución estructural dunha variedade minoritaria en contacto: a conformación dunha identidade lingüística diferenciada no galego urbano", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*,

Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:762-777, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Lorenzo.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL)

Análise da variación lingüística que se produce entre dúas linguas en contacto (galego e castelán) como consecuencia de factores lingüísticos e extralingüísticos. Céntrase nas variedades urbanas da lingua galega, concretamente na de Vigo, analizando programas gravados da emisora Radio Ecca.

639 (R/05). Soto Andión, Xosé / Vidal Meixón, Ana: "Consideracións arredor do galego no interior da provincia de Pontevedra", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:834-859, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Soto.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Análise dos contactos entre galego e castelán en dous concellos da provincia de Pontevedra (Forcarei e Cotobade) e as consecuencias que estes teñen nas actitudes e usos lingüísticos. Pártese de gravacións realizadas a 73 informantes de idades e profesións diferentes. Constátase o cambio dunha sociedade monolingüe en galego a unha bilingüe nas xeracións máis novas.

Vid. tamén a entrada 626.

52141 Alternancia de linguas

640-1 (R/04). Álvarez Cáccamo, Celso: "Construindo a Língua no discurso público: Práticas e ideologias linguísticas", *Agália*, 50, 1997:131-150. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 22-V-2002, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=5>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 26/01/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, Páxina persoal do autor, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1997agalia.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007] / <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/lingpubl.html>, Formato: HTML, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Unha versión preliminar deste traballo foi presentada baixo o título "A construção do galego como Língua" no Congreso Internacional *The Linguistic Construction of Social and Personal Identity*, organizado polo Research Commitee on Sociolinguistics of the International Sociological Association e celebrado na Universidade de Évora entre o 25 e o 29 de marzo de 1996. Estuda as prácticas ideoloxizadas da fala no discurso público da Galicia actual, baseado na microanálise de datos (en galego e castelán)

procedentes de debates e entrevistas da TVG. Metodoloxicamente, a investigación introduce recursos da Sociolingüística interaccional e da Análise da conversa para identificar os tipos de procedementos que reproducen as ideoloxías lingüísticas específicas no discurso público actual en Galicia, vencellados a procesos de apropiación do valor simbólico do idioma galego polas elites. Os resultados da análise -que inclúe os diferentes estratos do discurso: secuencial, gramatical, léxico, prosódico e pragmático- revelan unha taxonomía de procedementos discursivos conectados á chamada conciencia *metapragmática*: auto-correccións e reformulacións (do castelán para o galego ou viceversa e de variedades do galego), discurso referido, metalinguaxe (a lingua como emblema e a lingua como comunicación) e autoxustificacións. Nas conclusións, o autor explica os efectos dos discursos ideolóxicos dos especialistas de lingua e das elites políticas na construción do novo galego público no que se invisibiliza o galego-portugués para potenciar o enmarque dominante galego/castelán [G.P.V.].

640-2 (R/04). Álvarez Cáccamo, Celso: "Rethinking Conversational Code-Switching: Codes, Speech Varieties, and Contextualization", en Kira Hall, Jean Pierre Koenig, Michael Meacham, Sondra Reinman e Laurel A. Sutton (eds.), *Proceedings of the Sixteenth Annual Meeting of the Berkeley Linguistics Society (February 16-19, 1990): General Session and Parasession on The Legacy of Grice*, Berkeley, CA, Berkeley Linguistics Society, 1990:3-16. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, Páxina persoal do autor, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1990bls.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007] / <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/bls90.htm>, Formato: HTML, [Consulta: 18/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comeza por sinalar que na investigación que desenvolveu ata agora sobre a conversa bilingüe en Galicia rexistrou "a number of salient cases of language alternation that somehow defy standard interpretations of code-switching. At times it is hard to determine what exactly is being signalled through a specific switch, although it can be seen, after detailed examination of conversational organization, that changes have taken place in terms of activity framing or participants' alignments. Other times, switches seem totally meaningless and unmotivated; they may be connected to some rhythmic properties of talk which I have not explored fully. Yet in other cases, several, simultaneous threads of signification run parallel in code choices. Phonological and prosodic registers, languages, dialects, and styles intertwine in a web of situated meanings, thus concertedly opening a space for interpretation of what is being said" (p. 4). Neste traballo, baseándose na concepción instrumental das alternancias lingüísticas como un mecanismo de contextualización para a interpretación das mensaxes, defendida por John Gumperz (*Discourse Strategies*, Cambridge, Cambridge University Press, 1982; *Contextualization and Understanding*, Berkeley, University of California, Institute of Cognitive Science, 1989), trata de amosar que o que conforma os códigos comunicativos específicos que contextualizan o significado é a co-ocorrencia e interacción destes sistemas de sinalización e non a aparición illada dalgún deles. Para iso analiza dúas conversas en que se dá este tipo de fenómenos, con presenza do galego e do castelán, co obxectivo de contribuír "to a broad, dynamic conceptualization of code-switching which may give account of various sorts of alternation between speech varieties, registers, languages, variants, or single markers in discourse" (p. 5).

640-3 (R/05). Domínguez Seco, Luzía: "Maneiras de educación: trocas de idioma da comunicación empregados-clientes nunha empresa galega", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and*

Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002), Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1537-1550, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/08/02.%20Luzia%20Dominguez%20Seco.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Traballo que forma parte do proxecto *COMTECNO* (*Comunicación e Novas Tecnoloxías*), que está a desenvolverse na Universidade da Coruña. Estuda as alternancias de lingua (castelán-galego) nas interaccións formais empresa-público observados nunha empresa de augas galega en 2001 e recollidas en 25 horas de gravación, que corresponden a un total aproximado de 80 interaccións. Os resultados contrástanse cos obtidos nunha investigación anterior (desenvolvida en 1996) en que se analizaba a comunicación informal nun grupo de amigos de entre vinte e trinta anos, residentes en Santiago de Compostela. A análise céntrase nas ideoloxías lingüísticas e, máis concretamente, en como tales ideoloxías se vinculan aos elementos da cortesía que son postos en escena a través da alternancia de linguas. A autora sinala que "[m]alia a seren os casos observados pouco explícitos respecto da ideoloxía, [...] a xestión das relacións interpersoais observada nos mesmos reflicte os postulados ideolóxicos dominantes na nosa sociedade" (p. 1537). Para iso, parte de dúas premisas teóricas establecidas tomando elementos dalgúns traballos interaccionais de antropoloxía e sociolingüística: "a) As ideoloxías lingüísticas son un conxunto de ideas socialmente constituídas e constituíntes sobre a natureza e funcións da linguaxe; b) Os elementos ideolóxicos fan parte das prácticas sociais e, dentro delas, podemos observar prácticas máis explicitamente ideolóxicas (ou *ideoloxizadas*) e outras menos transparentes a respeito da ideoloxía (*naturais* ou *naturalizadas*)" (ibid.).

641 (R/05). Pena Díaz, María del Carmen: "The Continuum from Pragmatics to Grammatical Structure in Bilingual Speech", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1501-1508, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/07/10.%20Carmen%20Pena%20Diaz.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Publicación derivada da tese de doutoramento que a autora presentou na Universidade de Santiago de Compostela [*Code Alternation in a Trilingual Community: From Pragmatics to Grammar* (2003, vid. *BILEGA* 13346)]. Analiza os diversos tipos de alternancia de linguas a partir dos datos tirados de conversas de individuos trilingües (castelán, galego e inglés) dunha comunidade de emigrantes galegos en Londres e trata de determinar a posición deste grupo de falantes verbo dos correlatos sociolingüísticos de movemento dentro da escala continua proposta por Peter Auer. A análise dos datos permite clasificalos nalgún dos tres tipos de alternancia diferenciados (cambio de códigos, mestura de códigos e lectos

fundidos) para determinar se os individuos/comunidade estudados utilizan a alternancia como un mecanismo contextualizador, se a súa fala carece de función pragmática e aínda non acadou unha estrutura gramatical estable ou se xa se gramaticalizou.

642 (R/05). Prego Vázquez, Gabriela: "Alternancia lingüística e construcción dunha nova clase social na Galicia rururbana", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1579-1592, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/08/04.%20Gabriela%20Prego%20Vazquez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A autora trata de amosar como a alternancia lingüística galego/castelán (con ou sen conmutación de códigos) constitúe un proceso discursivo de construción simbólica da identidade dunha nova clase social na Galicia rururbana. Os datos do traballo "proceden de conversas informais das redes sociais enclavadas entre a zona periurbana da Coruña e a comarca de Bergantiños (Arteixo e arredores). Trátase dunha zona tradicionalmente rural que experimentou un importante proceso de urbanización e transformación social, económica e lingüística, representativo do que se experimentou en Galicia nas últimas décadas" (p. 1579-1580). Os individuos desta zona protagonizan un cambio que consiste nun tipo de mobilidade social, xeracional e horizontal. Como resultado deste proceso, emerxe un novo tecido social: "Ruralidade e urbanidade entrecruzan os seus límites que se esvaecen e se *desconfiguran*"; a isto é ao que a autora chama *espazo rururbano*. Porén, os actores deste cambio social reconstrúeno discursivamente coma un movemento vertical ascendente. A análise cualitativa dos datos amosa como os suxeitos da investigación se distancian das redes rurais a través do discurso de diferentes maneiras: a) evitando os trazos dialectais, propios destas redes e tradicionalmente estigmatizados no mundo urbano; b) estilizando a través de alternancias lingüísticas os trazos dialectais cunha finalidade irónica (a estilización consiste na intensificación dunha maneira particular de falar para conseguir un efecto retórico e metafórico); c) accedendo a novas variedades lingüísticas e a novos recursos discursivos: "O repertorio comunicativo deste novo grupo social amplíase con usos lingüísticos próximos á variedade estándar do galego ou do español. Ademais, no intercambio cotián do grupo, cobrará[n] especial relevancia as alternancias lingüísticas galego/español" (p. 1580).

643 (R/05). Silva Valdivia, Bieito: "Mestura e alternancia de códigos en Galicia: significado e percepción social", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:580-595, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/04/Silva.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Os autores tentan determinar "cómo se perciben socialmente diversas producciónns lingüísticas nas que se mesturan os idiomas galego e castelán" (p. 581). Utilizan como corpus dez enunciados que someteron á análise interpretativa e valorativa dunha poboación formada por 138 alumnos de tres centros de Ensino Secundario de Galicia (I.B. Rosalía de Castro e I.B. Pontepedriña en Santiago de Compostela e I.B. Manuel García Barros na Estrada) e de dous niveis educativos diferentes (3º de ESO e 1º de Bacharelato no caso do Instituto de Pontepedriña e 1º e 3º de Bacharelato nos outros dous centros). A escolla dos centros trata de reflectir tres contextos xeográficos bastante diferenciados: urbano (I.B. Rosalía de Castro), periurbano (I.B. Pontepedriña) e vilán (I.B. M. García Barros). Cinco dos textos representan "discursos bilingües nos que se produce unha alternancia entre os dous códigos dentro dunha situación de comunicación que tacitamente está definida como bilingüe polos participantes" (p. 584); os outros cinco son "manifestacións de discursos pretendidamente unilingües ós que se transfiren certas formas ou estructuras propias doutra lingua coa que o falante está en contacto [...]. Corresponderíanse co que se coñece como *interferencias* lingüísticas no sentido amplo que se lle ten dado desde a sociolingüística a este termo" (p. 585). Velaquí algunhas das conclusións que tiran da análise dos datos: 1) Os alumnos perciben con bastante claridade que a mestura de códigos que manifestan os textos con interferencias é resultado dun proceso inconsciente, mentres que os enunciados con alternancia de códigos son percibidos como máis conscientes; 2) Os textos pretendidamente unilingües son valorados moito máis criticamente desde a perspectiva normativa, mentres que os bilingües se proxectan cara a interpretacións máis abertas; 3) Non parece que ningunha das variables que se utilizaron na estratificación da mostra (a lingua habitual e o nivel educativo) tivesen unha especial indicencia; 4) Porén, a diferenciación parcial entre os dous tipos de fenómenos exemplificados nos textos non permite considerar que haxa unha percepción clara dos diferentes procesos que hai detrás de cada un deles; máis ben parece que a combinación ou mestura de códigos se presenta como unha realidade demasiado familiar e próxima que dificulta o distanciamento crítico e a adopción de criterios definidos.

Vid. tamén as entradas 241, 568, 586, 835.

52142 Interferencias lingüísticas

521421 Interferencias doutras linguas no galego

644 (R/05). Álvarez de la Granja, María: "As interferencias na fraseoloxía", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:614-624, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Alvarez.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das alternancias de linguas e as interferencias que se producen no ámbito da fraseoloxía. A autora parte de exemplos tirados de dicionarios e textos que teñen como lingua base o galego e amosan casos de alternancias e interferencias do castelán. Canto ás alternancias, un dos motivos que as propicia é a actualización de fragmentos producidos con anterioridade ao momento do discurso e por iso, "[d]o mesmo xeito que [...] reproducimos con moita frecuencia títulos de cancións, de películas ou de libros en castelán, porque, por razóns comerciais, nos chegaron desa forma, e malia que o seu título orixinal non estea nesa lingua, tamén actuamos igual outras moitas ocasións con certos fraseoloxismos, esta vez por razóns de tipo cultural" (p. 616); así, é normal escoitar frases como "O exame xa o fixen. *La suerte está echada*" ou "Eu son o *patito feo* dos asistentes ó congreso". Nas interferencias, distingue entre interferencias dentro dunha unidade fraseolóxica (léxicas, fonéticas, morfolóxicas ou sintácticas), do tipo *A quen madruga* Dios *o axuda* ou *Cruzarse de brazos*, e o que denomina fraseoloxismos-interferencias, "unidades fraseolóxicas do castelán adaptadas ó galego mediante a súa tradución literal, palabra por palabra, ou se hai plena coincidencia léxica e estructural, mediante a súa directa integración no discurso, sen conciencia da orixe foráne daa expresión" (p. 620) como, por exemplo, *Q*uedar á lúa de Valencia* ou **Estar de mal leite*; porén, tamén recoñece que cando hai coincidencia con expresións da outra lingua "resulta bastante difícil determinar se se trata dunha unidade propia ou dunha importación do castelán traducida" (ibid.) e por iso sinala algúns criterios aos que habería que atender para determinar o carácter patrimonial ou non da expresión (comprobación do uso na fala viva, etimoloxía dos compoñentes, tradición cultural e costumes, historia), actuando sempre con moita cautela, pois mesmo pode suceder que moitos destes fraseoloxismos teñan carácter paneuropeo.

645 (N/05). Dubert García, Francisco: "Interferencias del castellano en el gallego popular", *BHS*, 82/3, 2005:271-291. | [Ed. facs. en liña]: Abingdon, Oxfordshire, Marston Book Services, [s.d.], <http://www.bulletinofhispanicstudies.org/article.aspx?issueid=190&articleid=517>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das interferencias fonolóxicas, morfosintácticas, léxicas e fraseolóxicas do castelán no galego popular. O autor constata que esas interferencias son maiores no galego popular urbano que no popular rural. No nivel fonolóxico as interferencias no rural son mínimas, se ben se poden considerar o castelán e mais a norma culta do galego as causas da recesión da gheada e do seseo, da perda da labialización vocálica, das vogais paragóxicas e das semivogais antehiáticas, etc. En canto á morfosintaxe, atópanse interferencias: 1) na flexión verbal (no presente de indicativo dalgúns verbos: *parezco, oigo*, no futuro de indicativo e no pospretérito: *saldrei, valdría, pondrei*); 2) nas formas do masculino plural dos demostrativos (*estos, esos* no canto de *estes, eses*); 3) no xénero dalgúns substantivos (*o calor, a nariz*); 4) no non emprego do infinitivo conxugado; 5) na presenza de tempos compostos, etc. No que respecta á sintaxe, no galego urbano percébense interferencias na colocación dos pronomes átonos e tamén no emprego dos reflexivos. En canto ao léxico, aparecen casos de substitución de formas galegas por formas castelás (*Dios, codo, cuchara*) e noutros casos introducíronse formas castelás para conceptos ou obxectos novos que non existían no mundo tradicional.

646 (N/05). Forneiro, José Luís: "Presença da língua castelhana na literatura popular galega", *Agália*, 81-82, 2005:97-119.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. EC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O autor destaca que o romance tradicional galego é un xénero onde está moi presente a lingua castelá, feito que en moitas ocasións foi ocultado total ou parcialmente. O presente estudo achega os diversos contextos de aparición da lingua castelá nos seguintes campos: "o romanceiro vulgar nom tradicionalizado" (p. 100-102), "o parrafeo ou desafio" (p. 102-103), "a lírica tradicional" (p. 103-107), "a festa dos Maios" (p. 108-109), "[o]raçons" (p. 109), "os ensalmos" (p. 109-114), "a narrativa tradicional em prosa: o conto e a lenda" (p. 114-115), "a dramaturgia" (p. 115-117) e "os jogos" (p. 117-119).

647 (R/05). Kabatek, Johannes: "*Dime como hablas y te diré quien eres*. Mezcla de lenguas y posicionamiento social", *RAS*, 6, 1997:215-236. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/cps/1131558x/articulos/RASO9797110215A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

En comunidades dinámicas de contacto de grupos e linguas os individuos definen a súa posición social non só mediante a selección dunha variedade lingüística concreta, senón tamén demostrando a súa relación con diferentes grupos a través da mistura de elementos pertencentes a diferentes variedades ou linguas. Deste modo, hai que considerar a interferencia lingüística non só como "erro" na fala do individuo, senón tamén como técnica de identificación. Pero a interferencia non actúa de maneira uniforme no acto de falar; neste traballo, tendo en conta varios factores (distancia entre as linguas, grao de planificabilidade do discurso, "permeabilidade" das linguas, tradicións comunitarias, factores individuais como a capacidade de mobilidade lingüística), preséntanse distintos tipos de interferencias nos diversos planos da lingua. Mediante exemplos de contacto lingüístico entre galego e castelán, ofrécese un esbozo dunha posible tipoloxía das interferencias que determinan a posición social, na que se distinguen interferencias de transposición (a transferencia de elementos do sistema B a un discurso do sistema A), de hipercorrección (a aplicación de regras de conversión de elementos de B en elementos de A en casos onde os elementos forman parte, en realidade, da zona converxente AB), de converxencia (a realización preferente dos elementos da zona de confluencia AB, tanto por razóns de economía lingüística como por descoñecemento dos elementos diverxentes) e de diverxencia (a realización preferente de elementos diverxentes, coa consecuente realización menos frecuente ou negativa dos elementos da zona común) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

648 (N/04). Martínez Roca, Iggy: "A(s) fonética(s) do galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:269-278. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2008], <http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/05/lingua_vol_iv.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/05/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Partindo do estudo sobre varios aspectos fonéticos de locutores da Radio Galega e Radio Nacional de España (Radio 1) levado a cabo por Xosé Luís Regueira Fernández en "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística" (1994, vid. *BILEGA* 4279), analízase aquí a influencia adstratística da fonética castelá no sistema fonético do galego, que prima nos niveis máis prestixiados da lingua. Neste sentido, afírmase que a

fonética de prestixio do galego culto non é galega, senón castelá, e que resultará moi difícil eliminala pola falta de vontade destes falantes. De feito, este traballo oponse á opinión de Xosé Luís Regueira Fernández de que se poderían mudar esas actitudes asistindo a aulas de fonética galega. Porén, afírmase que "mesmo se fose posible modificala[s], os falantes do galego non ían QUERER facelo, debido á dinámica social que existe entre o galego e o castelán en Galicia" (p. 272).

649 (R/05). Silva Domínguez, Carme: "Un novo intento de clasificación das interferencias do castelán sobre o galego, coa perspectiva do ensino primario e secundario ó fondo", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:818-833, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Silva.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Intenta clasificar as interferencias do castelán no galego e determinar estratexias para seren abordadas polo profesorado nas aulas dos niveis obrigatorios do ensino. | Índice: 1. Introducción | 2. O traballo escolar tradicional na clase de lingua galega | 3. A descrición tradicional das interferencias do castelán sobre o galego | 4. Algunhas ideas para unha nova descrición do fenómeno da *interferencia* | 4.1. A clasificación das interferencias: 4.1.1. Interferencia vs. integración, interferencia na fala vs. interferencia na lingua | 4.1.2. Interferencias e competencia comunicativa | 4.1.3. Code-switching, cambio de código, alternancia lingüística | 4.2. A intervención da escola nos hábitos e comportamentos lingüísticos da sociedade.

650 (R/05). Tarrío Barreiro, Andrés / Seoane García, Miguel: "Contacto e interferencias lingüísticas na prensa escrita", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:871-879, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Tarrio.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA PRENSA)

Estudo das interferencias do castelán no galego a partir dos datos que ofrece *O Correo Galego*, onde traballan os autores como tradutores e correctores. Establecen dous grupos de interferencias: as que abranguen aspectos morfosintácticos (colocación de pronomes, tempos verbais, demostrativos, etc.) e as que afectan ao léxico. Neste último grupo trátanse, por unha banda, os castelanismos e, por outra, a posibilidade de tradución ou adaptación de termos tomados do inglés, francés, etc. Finalmente, céntranse na fraseoloxía, moitas veces copia da castelá.

651 (N/05). Veiga Rodríguez, Alexandre: "Falsos castellanismos en gallego. Anotaciones a la luz de la lingüística diacrónica", [Ed. en liña n.v.]: *RDV*, 4 [= Ana Rodríguez Barreiro e Ana García Lenza (coords.), *El contacto de lenguas*], 2005:23-50, <http://home.pages.at/resdi/Numeros/Numero4/Parte1_Art1.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Ofrécese unha rigorosa análise de cinco fenómenos lingüísticos do galego moderno que nalgún momento da historia da filoloxía galega foron erroneamente considerados como castelanismos e que o autor pretende demostrar que se poden interpretar dentro da propia evolución do sistema lingüístico galego: 1) resultados monotongais de ditongos decrecentes; 2) decadencia dos futuros de subxuntivo; 3) valor subxuntivo das formas verbais en *-ra*; 4) a gheada; 5) o proceso de interdentalización que desembocou na aparición do son fricativo interdental xordo [θ] en boa parte do dominio lingüístico galego. Como dos tres primeiros xa se ocupara en traballos anteriores ["*Oír*, *col* e outros casos de *[ò]* < *au* en galego" (1982, vid. *BILEGA* 881); "La sustitución del *futuro de subjuntivo* en la diacronía del verbo español" (1989, vid. *BILEGA* 6956), que aquí resume], o fenómeno ao que lle dedica maior espazo (case a metade do artigo) é a gheada, centrándose en intentar desmontar as hipóteses mantidas por José Luis Pensado nos seus artigos sobre a orixe do fenómeno ["Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas" (1970, vid. *BILEGA* 569); *Gueada y geada gallegas* (1983, vid. *BILEGA* 2341), en colaboración con Carmen Pensado Ruiz]; segundo Pensado, a gheada é un fenómeno que non se pode explicar dentro da evolución do sistema fonolóxico do galego. O quinto fenómeno recibe, pola contra, un breve tratamento, indicándose a necesidade dun aprofundamento posterior [T.A.G.].

Vid. tamén as entradas 184, 530, 538, 577, 596, 625, 631, 640-2, 643, 1018, 1160, 1165.

521422 Interferencias do galego noutras linguas

652 (R/05). Faginas Souto, Sandra: "A interferencia fonética no español da Coruña. A vocal [o] tónica", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:686-698, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Faginas.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Estudo da influencia da lingua galega na realización do [o] tónico en posición inicial de palabra no castelán da Coruña. A partir de gravacións feitas a oito persoas de distintas idades, a autora conclúe que esta vogal se realiza máis aberta como consecuencia do influxo das vogais medias galegas, incluso naqueles falantes máis novos que teñen como lingua inicial o castelán.

653 (R/04). García de la Torre, José Manuel: "La presencia de Galicia en la obra de Torrente Ballester", en Antonio Vilanova (ed.), *Actas del X Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas (Barcelona, 21-26 de agosto de 1989)*, II, Barcelona, PPU, 1992:1791-1801. | [Ed. en liña n.v.]: Madrid, Centro Virtual Cervantes, [2004], <http://cvc.cervantes.es/obref/aih/pdf/10/aih_10_2_092.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/04/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Vid. especialmente o apdo. "La lengua" (p. 1797-1801), no que se rastrexa a presenza de interferencias morfosintácticas e léxicas do galego na obra en castelán de Gonzalo Torrente Ballester (1910-1999).

654 (R/05). Quintana Font, Artur: "A escritura galaico-catalana de Josep Pedreira", *Galicien Magazin*, 7, 1999:14-17. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin7.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Sobre a produción literaria de Josep Pedreira (Barcelona, 1917), fillo de galegos, na que se mestura galego e catalán. O autor divídea en textos bilingües catalán-galego e textos cataláns con intertexto galego.

655-1 (R/05). Rodríguez, José Luis: "Castelhanismos no galego-português de Afonso X, o Sábio", *BmF*, XXVIII/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, I], 1983:7-20. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/28/boletim28.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda os castelanismos utilizados por Afonso X o Sabio, clasificándoos segundo a apariencia gráfica, as solucións fonéticas insólitas, os trazos morfolóxicos non xenuínos e as formas léxicas ou notas semánticas illadas. Utiliza como corpus as cantigas de escarnio B 482 / V 65 (Inc.: *Ansur Moniz, muit' ouve gran pesar*), B 460 (Inc.: *Med' ei ao pertigueiro que ten Deça*), B 463 (Inc.: *Se me graça fezesse este Papa de Roma*), B 1512 (Inc.: *Rei Don Affonso, se Deus vos pardon*) e o glosario (v. IV, 1972) da edición das *Cantigas de Santa María* de Walter Mettmann (1959, vid. *BILEGA* 447).

655-2 (R/05). Rojo, Guillermo: "El español de Galicia", en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:1087-1101 (= *Ariel Lingüística*). | 2ª ed., 2005:1087-1101.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Tras unha breve descrición da situación social da lingua galega, o autor céntrase nas características fonéticas, gramaticais e léxicas do castelán de Galicia por mor da influencia do galego, se ben sinala que "no son realmente interferencias, sino casos de integración de fenómenos propios del gallego que se han incrustado en el español que habla una buena parte de la población gallega y que forma parte de lo que han aprendido como primera lengua" (p. 1090). Na fonética destaca, entre outras peculiaridades, a entoación, o mantemento de vogais medias abertas e pechadas e a redución de grupos cultos. En canto á morfoloxía, cita o emprego do sufixo *-iño*, a ausencia de tempos verbais compostos, o uso de

cantara con valor de indicativo, a perífrase *ir + infinitivo* sen preposición, a utilización da perífrase *dar + participio*, o dativo ético, etc. No que se refire ao léxico, hai casos en que unha palabra existente en galego e castelán se emprega neste último co significado que posúe en galego (*queso, tiesto, mismo*) e outras que pasan do galego directamente ao castelán (*pocho, cheirar, escachar, larpeiro, esmagar, parvada, carallada*).

Recs.: Pilar Montero Curiel, *RSEL*, 36, 2006:414-424 [419].

Vid. tamén as entradas 523, 623, 640-2, 642, 643, 647, 650.

5215 Escritos reivindicativos a prol do galego

656 (R/05). "[Sen título]", *Revista Gallega*, IV/149, 1898:3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Nota publicada na sección *Campo neutral*. O autor propón que a inscrición que se poña na lápida do tenente coronel Xaquín Reus sexa en galego, denunciando que as cousas propias de Galicia non se fagan en galego, así como as castelanizacións dos topónimos galegos.

Relatorio presentado na *II Jornada Transdisciplinària «25 anys de Constitució Espanyola: un model lingüístic per avaluar»*, organizada polo Centro Universitario de Sociolingüística e Comunicación da Universidade de Barcelona o 7 de maio de 2004 con motivo do 25º aniversario da aprobación da Constitución española. Clasifica as propostas de cambio da actual regulación constitucional do multilingüismo en España a través de diversas consideracións como a identificación de quen quere cambiala e de quen sinte que quere efectuar o cambio. O autor organiza a exposición en tres apartados: 1) Define as nocións de "lingua oficial" (se é adoptada como vehículo de comunicación) e "réxime lingüístico" (conxunto de

unha ou máis linguas oficiais); 2) Presenta unha tipoloxía de réximes lingüísticos para estados federais baseada no réxime lingüístico das institucións centrais do Estado e o réxime lingüístico do territorio das unidades subestatais; 3) Sitúa a regulación do multilingüismo da Constitución española de 1978 na tipoloxía descrita e organiza as propostas de cambio que se propoñen en dous tipos básicos: a) o aumento do número de linguas oficiais das institucións do Estado; b) a redución do número de linguas oficiais do territorio da Comunidade Autónoma. O artigo conclúe cunha pregunta dirixida ao lector: ¿a oficialidade exclusiva do catalán é verdadeiramente unha condición necesaria para que se poida vivir en catalán? [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

707 (N/05). González Riaño, Xosé Antón: "¿Qué ye pasa a Galicia con Asturias?", *Entrambasauguas*, 22, 2005:30-31.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

O autor amósase contrario aos "intentos d'intervención na política llingüística del estremo occidental d'Asturias" (p. 30) por parte das institucións e estudosos do galego.

708 (R/05). Góñez Silva, Mónica: "2001: ano europeo das linguas", *Galicien Magazin*, 12, 2001:73-74. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin12.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve reseña da celebración en 2001, no ámbito da Unión Europea, do ano das linguas.

709 (N/05). Groba Bouza, Fernando: "Descrición sociolingüística e formulación de planos de normalización locais: un caso de estudo (Ponteareas)", *Cadernos de Lingua*, 27, 2005:61-107. | [Ed. en liña n.v.]: en Henrique Monteagudo Romero (dir.) et al., *Kit para a normalización da lingua*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, [2007], <http://www.culturagalega.org/kit/docs/bibliografia/CadernosLingua27_61.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 05/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrece un diagnóstico sociolingüístico do concello de Ponteareas (PO) estruturado en dúas partes: a primeira "céntrase no desenvolvemento dun estudo-diagnóstico da situación da lingua e no resumo dunha proposta de elaboración do PNL" (p. 62) no ámbito do ensino e do sector servizos; a segunda "recolle as principais conclusións sobre os principais problemas que suscitaron tanto a elaboración do propio diagnóstico como a posterior formulación do PNL" (p. 62). A diagnose consta dunha parte cuantitativa elaborada a partir dos datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (vid. *BILEGA* 3481, 5202, 6799) e doutra cualitativa elaborada, basicamente, a partir de enquisas personalizadas. | Índice: 1. Introdución: 1.1. Estado da cuestión | 1.2. Obxectivos | 1.3. Metodoloxía | 1.4. Descrición da vila | 2. Estudo-diagnóstico: 2.1. Datos demolingüísticos | 2.1.1. Coñecemento e usos lingüísticos en Ponteareas: 2.1.1.1. Coñecemento e usos | 2.1.1.2. Evolución dos coñecementos e usos do galego entre 1991 e 2001 | 2.1.2. Lingua inicial en Ponteareas | 2.1.3. Actitudes e opinións lingüísticas en Ponteareas | 2.2. Descrición cualitativa: perspectivas dos axentes sociais implicados | 3. Práctica dun plan de normalización lingüística para o concello de Ponteareas | 4. Conclusións.

710 (N/05). Lorenzo Suárez, Anxo M.: "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego", *Cadernos de Lingua*, 27, 2005:37-59. | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor, [2006], <http://webs.uvigo.es/alorenzo/Docs/Anxo_CadenosdeLingua_2005.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 30/04/2008]. | [Ed. en liña n.v.]: en Henrique Monteagudo Romero (dir.) et al., *Kit para a normalización da lingua*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, [2007], <http://www.culturagalega.org/kit/docs/bibliografia/CadernosLingua27_37.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 05/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Avalía o modelo de política lingüística aplicado en Galicia polos poderes públicos a partir do ano 1980. O autor xulga que este modelo institucional está baseado nunha acción lingüística pouco intervencionista e na realización dunha planificación lingüística de baixa intensidade, consecuencia dunha política lingüística que ten como fundamento o intento de non provocar ningún tipo de conflitividade na sociedade galega por motivos lingüísticos [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. Introdución | 1. Planificación e política lingüística en Galicia | 1.1. Algunhas características estruturais da política lingüística en Galicia | 1.2. O modelo de planificación lingüística institucional galega | 2. O impacto do modelo galego de política e planificación lingüística | Conclusións.

711 (N/05). Lozano, Irene: *Lenguas en guerra*, Madrid, Espasa Calpe, 2005, 206 p. (= *Ensayo*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Ensaio gañador do XII Premio Espasa de Ensaio (2005). Na primeira parte ("La lengua universal", p. 19-73) ofrece unha reflexión xeral sobre a esencia da linguaxe como obxecto natural, antes que cultural; nela achéganse argumentos para xustificar a capacidade do ser humano para a linguaxe, explícase a orixe psicobiolóxica e innata desta capacidade, seguindo as hipóteses postuladas desde a década de 1960 polo lingüista Noam Chomsky e ratificadas en boa medida por investigacións psicolingüísticas posteriores, e contraponse a súa funcionalidade adaptativa orixinaria como instrumento de comunicación á instrumentalización política diferenciadora da que foi obxecto desde a época do Romanticismo. A segunda ("Una convivencia de siglos", p. 75-112) e a terceira ("Las mentiras del siglo XX", p. 113-137) describen os avatares da historia sociolingüística das linguas de España co obxectivo de desenvolver unha análise crítica do pensamento nacionalista (concretamente, do discurso nacionalista catalán), denunciando a artificialidade do mito da lingua como eixe vertebrador dos conceptos de *cultura* e *nación*. A esta crítica está dedicada a cuarta parte ("Lenguas en guerra", p. 139-198), que trata de explicar a tensión lingüística dos últimos vinte e cinco anos, ligada ao concepto de *lingua propia* e ás reivindicacións nacionalistas.

Recs.: Elena de Miguel, *Revista de Libros*, 113, 2006:34-35. [Ed. dix.]: Madrid, Fundación Caja Madrid, 2006, CD-ROM / Formato: PDF | Ester Astudillo, *Astrolabio*, 2, 2006:7-19 [versión cast. en liña n.v.], <http://www.ub.es/astrolabio/Articulos2/Ester.astudillo.cast.pdf> / 2006:7-18 [versión cat. en liña n.v.], <http://www.ub.es/astrolabio/Articulos2/Ester.astudillo.cat.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/04/2008].

712 (R/05). Lugrís Freire, Manuel (co acrónimo M.L.F.): "Boh!", *Revista Gallega*, IV/154, 1898:1-2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual,

2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reivindícase, desde unha posición nacionalista, a cooficialidade de galego e castelán.

713 (N/04). Marí, Isidor: "Cinc qüestions entorn el plurilingüisme estatal", [Ed. en liña n.v.]: *LSC*, 2 [= A. Bastardas e E. Boix (coords.), *25 anys de Constitució Espanyola: un model lingüístic per avaluar*], 2004:25-28, <http://www.ub.es/cusc/LSC/hemeroteca/numero2/articles/Mari.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado na *II Jornada Transdisciplinària «25 anys de Constitució Espanyola: un model lingüístic per avaluar»*, organizada polo Centro Universitario de Sociolingüística e Comunicación da Universidade de Barcelona o 7 de maio de 2004 con motivo do 25º aniversario da aprobación da Constitución española. Presenta cinco reflexións sobre o plurilingüismo do Estado español. A máis relevante xira arredor da igualdade lingüística sen soberanía política. Esta cuestión, que cerra o artigo, vai precedida e complementada por outros aspectos como un marco satisfactorio de debate político, unha igualdade formal das linguas do Estado, un modelo satisfactorio de plurilingüismo estatal igualitario e a introdución do plurilingüismo nos ámbitos de uso de eficacia simbólica e funcional [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

714 (N/04). Melià, Joan: "De la inexistència a la desigualtat", [Ed. en liña n.v.]: *LSC*, 2 [= A. Bastardas e E. Boix (coords.), *25 anys de Constitució Espanyola: un model lingüístic per avaluar*], 2004:29-33, <http://www.ub.es/cusc/LSC/hemeroteca/numero2/articles/Melia.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado na *II Jornada Transdisciplinària «25 anys de Constitució Espanyola: un model lingüístic per avaluar»*, organizada polo Centro Universitario de Sociolingüística e Comunicación da Universidade de Barcelona o 7 de maio de 2004 con motivo do 25º aniversario da aprobación da Carta magna. Ofrece unha reflexión sobre a pluralidade lingüística da Constitución española de 1978, que se inicia cunha descrición das eivas que contén o texto en relación coas linguas do Estado. Estas eivas maniféstanse na desigualdade tanto en comportamentos e actitudes dos organismos e de representantes das institucións, como no réxime educativo e no proceso de integración da poboación inmigrada. O autor conclúe cunha proposta de cambios necesarios no marco lingüístico español, que debe recoñecer o catalán, o éuscaro e o galego como linguas oficiais do Estado e aplicar dereitos territoriais e individuais semellantes para todas as linguas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

715 (R/05). Santos Solla, Xosé Manuel: "O papel da Xeografía Humana na planificación lingüística", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:227-244. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://

www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise da relación existente entre a Xeografía Humana e a Lingüística para logo se centrar na situación de Galicia, onde os contactos entre ambas as dúas disciplinas "son extremadamente tímidos, o que ten impedido dar o paso necesario para desenvolver o campo da xeolingüística e incorporar unha perspectiva de estudio, sen dúbida, necesaria e fructífera" (p. 238) á hora de abordar a planificación lingüística.

716 (R/04). Siguán, Miguel: "Las otras lenguas de España", en *Actas del Congreso de la Lengua Española (Sevilla, 7 al 10 de octubre de 1992)*, Madrid, Instituto Cervantes, 1994:542-559. | [Ed. en liña n.v.]: Madrid, Centro Virtual Cervantes, [2004], <http://cvc.cervantes.es/obref/congresos/sevilla/sociedad/ponenc_siguan.htm>, [Consulta: 02/01/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Panorámica das políticas lingüísticas desenvolvidas por distintas comunidades autónomas do Estado español para defender as súas linguas propias e exame das súas posibles repercusións sobre o futuro do castelán. O caso galego estúdase especificamente nas p. 549-550 e tamén noutros apdos. do traballo, como "Uso institucional", "Sistema educativo", "Medios de comunicación" e "Productos culturales". Para o autor, os procesos sociolingüísticos postos en marcha non derivarán na substitución do castelán, senón na reformulación das regras de convivencia entre este e as outras linguas do Estado.

717 (R/05). Siguan, Miquel: *L'Europa de les llengües: Una proposta per a Europa basada en el multilingüisme, sense renunciar a la propia identitat lingüística*, Barcelona, Edicions 62, 1995, 218 p. (= *Llibres a l'abast*; 285). | 2ª ed., 1996, 218 p. (= *El Cangur*; 225). | 3ª ed., 1999, 218 p. | [Trad. cast.]: *La Europa de las lenguas*, Madrid, Alianza, [1996], 197 p. (= *Alianza universidad*; 839). | 2ª ed., [2005], 232 p. (= *Alianza ensayo*; 263). | Trad. port. de Alexandra Borges de Sousa: *A Europa das línguas: Raizes históricas e as consequências políticas da diversidade linguística da Europa*, Lisboa, Terramar / Sociedade de Intercâmbio de Línguas e Cultura, 1996, 270 p. (= *Colecção da Europa*). | [Trad. fr.]: *L'Europe des langues*, [Bruxelles], Pierre Mardaga, 1996, 200 p. (= *Psychologie et sciences humaines*; 211) | Trad. al. de Silvia Parra Belmonte: *Die Sprachen im vereinten Europa*, Tübingen, Stauffenburg, 2001, 188 p. (= *Stauffenburg Aktuell*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois dunha introdución histórica sobre a pluralidade lingüística de Europa, analiza as políticas lingüísticas desenvolvidas polos diferentes estados europeos, entre eles o español. Inclúe breves referencias á lingua galega. Baseándose en datos censais e en exemplos de varios puntos do espazo europeo (cidades, rexións, canóns, etc.), o autor establece correlacións entre distintos elementos (políticos, sociais, culturais, técnicos, etc.) a partir dos cales formula diversas interpretacións. Entre outras cousas, pensa que o futuro lingüístico da Unión Europea non pode achar en tecnoloxías como a informática unha saída que permita conciliar a súa diversidade lingüística cos problemas causados polo uso desas tecnoloxías. A partir deste problema técnico e económico, aborda tamén o aspecto ideolóxico, co estudo da lingua como símbolo directo de identificación nacional ou rexional dentro da construción da Unión Europea. Desde esta perspectiva, aparecen outras preocupacións discutidas no Parlamento

Europeo e na Comisión da Unión Europea, como, por exemplo, a cuestión do dominio do inglés dentro das institucións europeas. A cuestión lingüística e as súas implicacións (plurilingüismo, nacionalismo, cultura, ensino, etc.) constitúe un aspecto que a Unión Europea deberá ter moi en conta no seu proceso de unificación, xa que se trata non só dun problema de comunicación, senón tamén de identidade.

Recs.: Manuel Regueiro Tenreiro, *RGEn*, 12, 1996:289-292. [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], CD-ROM / Formato: PDF. [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge12.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 06/04/2004] | Marie-Carmen Bindels, *RAS*, 6, 1997:239-241. [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/cps/1131558x/articulos/RASO9797110239A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006] | María López Villalba, *Trans*, 2, 1998:206-207. [Ed. facs. en liña n.v.]: Málaga, Universidad de Málaga, Departamento de Traducción e Interpretación, [2006], <http://www.trans.uma.es/Trans_2/t2_179-212_Reseñas.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 05/09/2007] | Philippe Blanchet, *JMMD*, 19/3, 1998:259-261. [Ed. facs. en liña n.v.]: [Clevedon, Avon], Multilingual Matters, [2004], <http://www.multilingual-matters.net/jmmd/019/0236/jmmd0190236.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/11/2007] | Claus Altmayer, *ZIF*, 8/2-3, 2003:2-5. [Ed. en liña n.v.]: [2005], <http://zif.spz.tu-darmstadt.de/jg-08-2-3/beitrag/Europaeische%20Sprachenpolitik.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 10/10/2007] | Ana Pinto Muñoz, "La Unión Europea, ¿nueva Babel?", *Revista de Libros*, 108, 2005:35-36.

718 (N/04). Solé, Joan-Ramon: "25 anys de la Constitució", [Ed. en liña n.v.]: *LSC*, 2 [= A. Bastardas e E. Boix (coords.), *25 anys de Constitució Espanyola: un model lingüístic per avaluar*], 2004:34-38, <http://www.ub.es/cusc/LSC/hemeroteca/numero2/articles/Sole.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. OUTROS ÁMBITOS | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado na *II Jornada Transdisciplinària «25 anys de Constitució Espanyola: un model lingüístic per avaluar»*, organizada polo Centro Universitario de Sociolingüística e Comunicación da Universidade de Barcelona o 7 de maio de 2004 con motivo do 25º aniversario da aprobación da Constitución española. Valóranse, en primeiro lugar, os principios en que se basea a organización lingüística do Estado español segundo a Constitución de 1978, cuxo texto, en opinión do autor, constitúe un marco que non garantiu un proceso claro de recuperación de todas as linguas propias diferentes do castelán en todos os territorios. A seguir, preséntase un decálogo de propostas para a reforma do Estatuto de Cataluña, que pasan, entre outros aspectos, por declarar o catalán e o aranés como únicas linguas oficiais e nacionais en Cataluña e o Val de Arán, respectivamente. A propósito do exposto, o terceiro apdo. céntrase en consideracións que permiten avalar a constitucionalidade dunha posible declaración de oficialidade única do catalán e aranés a partir da interpretación do concepto de Estado do artigo 3.1 da Constitución española. Finalmente, o autor defende a aplicación ao Estado español dun réxime lingüístico parecido ao de Canadá, Bélxica e Suiza [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

719 (R/05). Suárez Piñeiro, Ana / Soto López, Isabel: "Política lingüística", en *Galicia 2005*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, [2004]:121-132. | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <http://www.xunta.es/galicia2005/gl/politica-linguistica.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Tras unha breve descrición da situación actual do galego, infórmase da xénese do *Plan xeral de normalización da lingua galega* [entrada 704] e das medidas e obxectivos xerais que contén. A seguir, analízanse as estratexias que propón este documento para a normalización do galego nos eidos das novas tecnoloxías, a educación, a familia e a mocidade, a economía e a sanidade. Tamén se analizan as estratexias para a normalización do galego exterior.

720 (N/05). Valle, José del: "La lengua, patria común: Política lingüística, política exterior y el post-nacionalismo hispánico", en Roger Wright e Peter Ricketts (eds.), *Studies on Ibero-Romance Linguistics Dedicated to Ralph Penny*, Newark, Delaware, Juan de la Cuesta, 2005:391-415 (= *Hispanic Monographs. Estudios lingüísticos*; 7 / *Homenajes*; 24).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase o cambio nas políticas lingüísticas que se desenvolveron en España a partir de 1978. Así, o papel do castelán é redeseñado polas institucións investidas con poder lingüístico atribuíndolle catro propiedades: concordia, internacionalismo, rendibilidade e a construción dunha imaxe do español baseada no rexeitamento das premisas do nacionalismo lingüístico. Este último elemento, porén, é o que, en opinión do autor, define as políticas lingüísticas deseñadas en Cataluña, Galicia e o País Vasco. O nacionalismo lingüístico apoiaríase en tres elementos: unha identidade grupal ou cultural (cívica ou étnica) compartida, unha lingua común e un territorio. Daquela, os axentes da política lingüística do castelán terían superado a concepción da lingua como depósito dunha cultura asociada a un territorio, como valor superior en tanto que garante da existencia dun pobo, dunha forma de ver o mundo que se defende nas nacionalidades históricas. O autor considera, porén, que o que verdadeiramente están deseñando estes axentes é unha política lingüística que presenta o castelán como unha patria / lingua universal e rendible que lexitimaría a idea de que Iberoamérica é un obxectivo político, económico e empresarial lexítimo para os españois [T.A.G.].

Recs.: Natalya Stolova, *MLR*, 102/2, 2007:862-863 [863]. [Ed. facs. en liña]: [Oxford], Publishing Technology, Ingenta, [s.d.], <http://www.ingentaconnect.com/>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/01/2008] | David Trotter, *RLiR*, 71/281-282, 2007:216-219 [219].

Vid. tamén a entrada 555-2, 868.

5221 A constitución do galego estándar

721 (R/05). Cuveiro Piñol, Juan: "[Sen título]", *Revista Gallega*, I/35, 1895:4.| [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Carta ao director inserida na sección *Campo neutral* da revista, na que o autor, coa intención de facer unha crítica do mal emprego do galego por parte dalgúns colaboradores, puntualiza algúns dos seus trazos característicos.

722 (N/05). Monteagudo Romero, Henrique: "Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:377-436 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Trátase dunha profunda reflexión de carácter fundamentalmente teórico "sobre a variación lingüística, que se quere ofrecer como un convite a unha pescuda de enorme interese e de importancia difícil de esaxerar no ámbito galego pero aínda case totalmente inédita nos nosos pagos; cunha coda en defensa dun prescritivismo racionalmente motivado, en polémica máis ou menos aberta tanto coas posicións esencialistas (sexan nativistas ou ultrapuristas) canto coas laxistas" (p. 378). Na primeira sección do traballo, atinxente á variación lingüística, o autor intenta "aclarar perspectivas e afinar conceptos nun terreo dabondo complexo e esvaradío ata o extremo" (ibid.), no que xulga difícil avanzar sen o esteo dunha investigación empírica hoxe case totalmente inexistente. A segunda sección, centrada na prescrición, "benefíciase dun labor previo dabondo intenso, ao que hai que engadir a recente descuberta persoal dunha sociolingüística brasileira que está a xurdir con admirable pulo, e coa que coido imperativo que trabemos diálogo intelectual" (ibid.).

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [228] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

723 (N/05). Monteagudo Romero, Henrique: "La estandarización del gallego. Problemas y avances", en Carsten Sinner (ed.), *Norm und Normkonflikte in der Romania*, München, Peniope - Anja Gärtig, 2005:112-130 (= *Études linguistiques = Linguistische Studien*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Índice: 1. Introducción | 2. La norma fónica. Ortofonía | 3. La norma gráfica. Ortografía | 4. La norma morfológica | 5. La norma léxica | 6. Propuestas normativas alternativas: el reintegracionismo | Aceptación y adopción de la variedad estándar. | Faise un repaso polo proceso de estandarización do galego, centrándose na culminación en 1982 nunhas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727], revisadas en 1995 e 2003, e a súa relación co modelo de lingua literaria anterior. Saliéntanse sumariamente algunhas das cuestións suscitadas neste proceso, particularmente no referente á selección, codificación e implementación da norma. No plano fónico, destácase principalmente o feito de que as normas "operaron una revisión más visible de la tradición anterior, al imponer una severa rectificación normalizadora, restituyendo grupos consonánticos y secuencias vocálicas cultas" (p. 116). No tocante á grafía, destácase a culminación que supuxeron para a regularización e simplificación do sistema ortográfico que estaba en marcha desde comezos do séc. XX. Na morfoloxía, consagraron as variantes polas que xa se decantara a lingua escrita. Porén, lexicamente suporían unha "depuración, sistematización y actualización de la modalidad culta/literaria del gallego que se había venido decantando en las décadas anteriores, con un criterio moderadamente purista y diferencialista" (p. 123). Faise tamén unha valoración das características e problemas da proposta ortográfica da AGAL

[*Estudo crítico das* Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego *(Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega, 1982)* (1983, vid. *BILEGA* 1425)]. O autor conclúe que, malia a situación actual ser mellorable, "es difícil no reconocer los avances conseguidos en las últimas décadas" (p. 128).

RECS.: Joan Costa Carreras, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:357-362 [359].

724 (R/05). MULJAČIČ, Žarko: "*Ex compluribus paucae*. Fenomeni di *accorpamento* e di *scorporo* nella storia delle *piccole* lingue romanze", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:39-56. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Revisa os modelos propostos polos romanistas para explicar o proceso de fragmentación do latín nas variedades romances e presenta o modelo relativista que vén desenvolvendo dende 1981 a partir de diversos achados da dialectoloxía, a sociolingüística e a estandardoloxía. Comeza criticando as varias versións do modelo da árbore xenealóxica, que desenvolveu por primeira vez para as linguas indoeuropeas o lingüista alemán August Schleicher (1821-1868). Todas esas versións caracterízanse polo seu determinismo: as linguas descendentes (linguas fillas) veñen determinadas dende a lingua nai e non teñen posibilidade de se xuntar, todas ou unha parte delas, nun momento posterior; isto implica que o número de linguas descendentes dun tronco común somente pode diminuír por mor da morte dalgunhas e nunca por un proceso de fusión de dúas ou máis. Consonte esta concepción tradicional, nun momento determinado da súa historia un idioma só pode ser ou dominante (lingua) ou dominado (dialecto). Porén, o autor argumenta a posibilidade de que unha lingua poida ser dominante e dominada ao mesmo tempo e, por iso, en lugar de falar de linguas e de dous tipos de dialectos, prefire falar de linguas altas (LA), linguas medias (LM) e linguas baixas (LB), admitindo que se pode producir a coexistencia de relacións macrodiglósicas e diglósicas, como tamén pode haber situacións diglósicas illadas. En consecuencia, no ámbito dun só idioma unha LM será ao mesmo tempo a LB da propia LA e a LA das propias LB, debendo interpretarse esta situación como a fusión de dúas diglosias coexistentes sincrónica e sintopicamente. Baseándose nesta concepción, resume as cinco fases que diferenciou en traballos anteriores ao analizar a evolución lingüística da Romania dende o monolingüismo complexo da fase tardolatina. Como remate do relatorio, dedica un breve apdo. ao galego; nel, despois de recoñecer o erro que cometeu no artigo "L'enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)" (1986, vid. *BILEGA* 4717), ao considerar o galego unha lingua por distanciamento do portugués dobremente elaborada, bosquexa como poderían interpretarse as varias fases da súa historia sociolingüística en termos da actual versión da teoría.

725 (R/05). RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús: "Acraracións (1)", *Revista Gallega*, IV/176, 1898:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Jesús Rodríguez López contesta ás críticas feitas por Orsino (no nº IV/174, 1898:6 desta mesma revista) ao prólogo do seu libro *Pasaxeiras* (Madrid, Ricardo Rojas, 1898). Expón as ideas recollidas nese prólogo afirmándose nelas: a existencia dun galego literario e outro vulgar e a necesidade da depuración do primeiro por parte dos autores e dunha Academia galega. Rexeita a idea de que a norma escrita deba ser a do portugués e defende a necesidade dun estándar supradialectal.

726 (R/05). Salinas Rodríguez, Galo: "Nuestro idioma", *Revista Gallega*, XI/551, 1905:1-2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ponse de manifesto que a primeira tarefa que debe emprender a Academia Galega é a unificación da lingua literaria, xa que a falada é imposible pola dialectalización existente. O autor pon este labor por diante doutros, pois, na súa opinión, a lingua é o que caracteriza un país e a base do seu progreso. Indica o xeito de facer isto mediante a recolleita de voces e critica os que fan xuízos de valor sobre a calidade da lingua empregada nas obras literarias. Neste sentido, faise referencia ás polémicas ortográficas existentes na época.

Vid. tamén as entradas 48, 124, 555-1, 599, 634-2, 665, 866.

52211 A normativización do galego escrito

Vid. as entradas 72, 732, 868.

522111 Propostas de normativización

727 (R/05). Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, 1982, 188 p. | 2ª ed., 1983, 188 p. | 3ª ed., 1983, 188 p. | 4ª ed., 1984, 188 p. | 5ª ed., 1985, 188 p. | 6ª ed., 1986, 188 p. | 7ª ed., 1987, 188 p. | 8ª ed., 1987, 188 p. | 9ª ed., 1991, 188 p. | 10ª ed., 1992, 188 p. | 11ª ed., 1993, 188 p. | 12ª ed. rev., 1995, 254 p. | 13ª ed., 1996, 254 p. | 14ª ed., 1996, 254 p. | 15ª ed., 1996, 254 p. | 16ª ed., 1997, 254 p.| 17ª ed., 2000, 254 p. | 18ª ed. rev., 2003, 243 p. | 19ª ed., 2004, 243 p. | 20ª ed., 2005, 243 p. | 21º ed., 2007, 243 p. | [Ed. en liña n.v. da 1ª ed.]: <http://membres.lycos.fr/questione/documentos/normas82/indice.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/06/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 20ª ed.]: [2007], <http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/normas_galego05.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Aprobadas nunha sesión conxunta das dúas institucións celebrada o día 3 de xullo de 1982. Posteriormente foron declaradas oficiais pola Xunta de Galicia no Decreto 173/1982, do 17 de novembro,

de normativización da lingua galega (DOG do 20/04/1983), e aprobadas polo Parlamento Galego como anexo á Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983). Na 12ª ed. fíxose unha revisión coa intención "de realizar pequenas modificacións puntuais, de reforzar algúns dos argumentos e, sobre todo, de cubrir algunhas lagoas que presentaba a versión do ano 1982" (p. 5). Esta revisión foi aprobada polo Consello Científico do ILG o día 11 de novembro de 1994 e pola RAG en sesión extraordinaria do día 25 de febreiro de 1995. Na 18ª edición introducíronse modificacións sobre varios aspectos (adverbios, preposicións, conxuncións, grupos cultos, sufixos, segunda forma do artigo, etc.), a partir dun texto de consenso entre as diversas propostas de codificación existentes, aprobado pola RAG en xullo de 2003.

Recs.: Leodegário A. de Azevedo Filho, "Sobre ortografia e morfologia do galego", *Agália*, 2, 1985:240-241. [Reed.]: *Temas de O Ensino*, II/6-10 [= *Lingüística, Sociolingüística e Literatura Galaico-Luso-Brasileira-Africana de Expressão Portuguesa*], 1986:92-94 | Mª Teresa González Rodríguez, *Lucensia*, VI/12, 1996:196-197.

728 (N/05). Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego: Extracto do texto aprobado pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003. Parte normativa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2005, 134 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2007], <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 28/02/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Contén o texto normativo que se inclúe na vixésima ed. das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727], coa salvedade de que non incorpora o "Índice alfabético de formas" (p. 189-235) da edición da RAG/ILG.

729 (N/05). Rodríguez Alonso, Manuel: "Contra o rexistro literario? O devir dos principios normativizadores do galego", en A. Domínguez Rey (ed.), *Palabra, fogo, alma (Traducir é crear): Textos da V edición do Seminario Internacional de Tradución de Rianxo (Auliga 2004)*, Culleredo, A Coruña, Espiral Maior, 2005:55-98 (= *Auliga ensaio*; 2).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor amosa as liñas e criterios do proceso normativizador do galego desde 1971 -data de fundación do ILG e de publicación do seu método de aprendizaxe do galego *Gallego 1* (1971, vid. *BILEGA* 2375)- ata 1990 -data de publicación do *Diccionario da lingua galega* (1990, vid. *BILEGA* 202), obra conxunta do ILG e da RAG. Logo de analizar todo o proceso, chega á conclusión de que a chamada *normativa de concordia*, aprobada pola RAG en xullo de 2003, significou máis un paso cara ao entendemento entre os defensores das distintas propostas de codificación. Para a aprobación desa nova proposta foi relevante o peso da oposición da ASPG, a Mesa pola Normalización Lingüística e A Nosa Terra, e mais o cambio xeracional experimentado na sede do ILG, "cando filólogos da vella escola como García González ou Lorenzo Vázquez quedan en minoría fronte a outros filólogos máis abertos como Fernández Rei, Monteagudo, [e] o propio Santamarina" (p. 98).

Vid. tamén a entrada 100.

522112 Os debates sobre a normativización: Estudos historiográficos

730 (N/05). Alonso Pintos, Serafín: "Escribir e prescribir. Variación e prescrición ortográfica e gramatical da lingua galega (1950-1982)", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:189-199 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Analízanse as variacións e prescricións ortográficas do galego entre 1950 e 1982 e os diversos posicionamentos sobre a cuestión. Avalíase a recepción e importancia que na súa época tiveron, entre outras, as seguintes obras: *Normas ortográficas do idioma galego* (1970, vid. *BILEGA* 1742) da RAG; *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971, vid. *BILEGA* 1743) da RAG; *Normas ortográficas do idioma galego* (1980, vid. *BILEGA* 1747) da Comisión de Lingüística da Xunta de Galicia; *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727] da RAG-ILG; *Gramática elemental del gallego común* (1966, vid. *BILEGA* 2135) de Ricardo Carballo Calero; os métodos de aprendizaxe *Gallego 1* (1971, vid. *BILEGA* 2375), *Gallego 2* (1972, vid. *BILEGA* 2738) e *Gallego 3* (1974, vid. *BILEGA* 2739) do ILG; "A recuperação literária do galego" (1973, vid. *BILEGA* 1730) de Manuel Rodrigues Lapa; "Unificação ortográfica galego-portuguesa" (1976, vid. *BILEGA* 1823) de Xosé Martiño Montero-Santalha; *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977, vid. *BILEGA* 850); *Orientacións para a escrita do galego* (1979, vid. *BILEGA* 1744) da Asociación Socio-Pedagóxica Galega; *O galego hoxe: Curso de lingua: Publicado en* La Voz de Galicia (1978, vid. *BILEGA* 1020) da Agrupación Cultural «O Facho»; *Problemas da Língua Galega* (1981, vid. *BILEGA* 1785) de Ricardo Carballo Calero. Conclúese que o camiño percorrido entre a década de 1950 e a codificación aprobada en 1982 "caracterízase pola procura constante dun modelo de referencia unificado e digno de estimar, apto para os novos ámbitos de uso que a lingua estaba conquistando" (p. 197). Finalmente, valórase moi positivamente o feito de que o galeguismo de comezos do século XXI teña unha vontade firme por acadar unha unificación no tocante á cuestión normativa.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [227] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

731 (N/05). Alonso Pintos, Serafín: *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Galega, 2005, 359 p. | [Ed. dix.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, [2005], 1 CD-ROM / Formato: PDF (= *Teses de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Filoloxía*) | [Ed. impresa]: [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2006], 344 p. (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*). | [Ed. facs. en liña n.v. da ed. impresa]: [2007], <http://www.fbarrie.org/fundacion/jsp/pdfs/publicaciones/CODIF.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 14/11/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Repasa as propostas de codificación ortográfica formuladas nas décadas de 1950, 1960 e 1970 para acadar un modelo unificado de galego literario. Ademais, tamén se reflexiona sobre os usos e valores con que o termo *norma* figura nos traballos lingüísticos, revisando, alén da oposición entre *normal* e *normativo*, factores como a xerarquía académica, o poder institucional e a súa repartición ou o arquetipo de boa linguaxe que se pretende elevar a modelo de uso xeral. A análise de cada proposta de codificación articúlase a través dos seguintes aspectos (cos que se institúe un marco común de comparación): 1) ideal de lingua; 2) xustificación; 3) ortografía; 4) grafotáctica; 5) galego, portugués e castelán. Preséntanse de maneira cronolóxica, desde o que o autor chama *a primeira normativa Galaxia* (1952) ata as *Orientacións para a escrita do noso idioma* (1980, vid. BILEGA 1744), pasando polas propostas de Ernesto Guerra da Cal [concretadas nos seus poemarios *Lúa de Além-Mar* (Vigo, Galaxia, 1959) e *Rio de Sonho e Tempo* (Vigo, Galaxia, 1963)], Ricardo Carballo Calero [*Gramática elemental del gallego común* (1966, vid. BILEGA 2135)], Valentín Paz-Andrade ["A evolución trans-continental da lingua galaico-portuguesa" (1968, vid. BILEGA 1291)], Manuel Rodrigues Lapa ["A recuperação literária do galego" (1973, vid. BILEGA 1730)], Xosé-Martiño Montero Santalla ["Unificação ortográfica galego-portuguesa" (1976, vid. BILEGA 1823)]; *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa* (1979, vid. BILEGA 476), as *Normas ortográficas do idioma galego* (1970, vid. BILEGA 1742; 1980, vid. BILEGA 1747), as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971, vid. BILEGA 1743), *Gallego 1* (1971, vid. BILEGA 2375), *Gallego 2* (1972, vid. BILEGA 2738) e *Gallego 3* (1974, vid. BILEGA 2739) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

732 (R/05). Diaz Fouces, Oscar: "La codificació del gallec o el pèndol que no s'atura", *Quaderns d'Italià*, 8-9 [= *La ricerca della norma nei dialetti italiani e nelle lingue minoritarie = La recerca de la norma en els dialectes italians i en les llengües minoritàries*], 2003-04:105-121. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Universitat Autònoma de Barcelona, Dipòsit Digital de Documents, [2005], <http://ddd.uab.es/pub/qdi/11359730n8p105.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/04/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Revistes Catalanes amb Accés Obert, [2005], <http://www.raco.cat/index.php/QuadernsItalia/article/view/26276/26110>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Na primeira parte do traballo (apdos. 2 e 3) ofrécese un repaso conciso e ben organizado da historia do debate sobre a codificación do galego moderno entre 1973-2003, onde se subliñan algúns dos trazos máis significativos das principais propostas normativas defendidas neste período, para acabar describindo as liñas básicas da nova normativa aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003, que veu modificar as normas ortográficas e morfolóxicas que a institución aprobara en 1982 [vid. entrada 727]. A segunda parte (apdos. 4 e 5, p. 114-121) está dedicada a desenvolver algúns conceptos teóricos que o autor cre que habería que ter en conta para avaliar este tipo de procesos, especialmente cando afectan ás minorías exoglósicas, e que aplica ás propostas de codificación do galego; para isto, ten en conta os criterios de codificación propostos por Xavier Lamuela ("Criteris de codificació i de compleció lingüística", *Els Marges*, 53, 1995:15-30), introducindo algunhas matizacións a partir da análise do caso galego.

733 (R/05). García Ares, Maricarme: "A derradeira proposta ortográfica de Marcial Valladares", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela,*

16-20 de setembro de 1996), II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:337-344. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Preséntase un manuscrito inédito de Marcial Valladares (1821-1903) datado en maio de 1896 verbo da ortografía da lingua galega. O autor, que xa participara anteriormente nas polémicas ortográficas da época, defende neste texto escribir segundo se pronuncia; de aí que propoña a eliminación do <k>, do <h> do <u> co <g> e co <q>; propón, ademais, representar a consoante interdental sempre por medio do <z> e distinguir graficamente a vibrante múltiple (<rr>) da simple (<r>) independentemente do contexto.

734 (N/05). González González, Manuel: "A visión da ortografía galega de Couceiro Freijomil", en Charo Ferreiro e Inma Pena (coords.), *Simposio sobre Antonio Couceiro Freijomil: Actas do congreso realizado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural (Santiago de Compostela, o día 13 de maio de 2005)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, 2005:43-56 (= *Colección de difusión cultural*; 47).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo baseado en catro traballos de Antonio Couceiro Freijomil: "A nosa ortografía. Sobre o emprego do apóstrofo" (1925, vid. *BILEGA* 1754), "A nosa ortografía: De certas adiciós, supresiós, troques y-enlaces de letras" (1926, vid. *BILEGA* 2683), "Ortografía gallega. Bases para sú unificación" (1929, vid. *BILEGA* 3610) e "Apéndice a la Gramática. Normas ortográficas", incluído nas p. 173-209 de *El idioma gallego* (1935, vid. *BILEGA* 2196). En primeiro lugar, establécense os catro principios que, segundo Couceiro Freijomil, debían guiar a ortografía da lingua galega: 1) escapar dos inventos ortográficos, 2) intentar que cada son estea representado por un signo propio, 3) optar por un punto medio entre unha ortografía fonolóxica e unha etimolóxica e 4) tomar a ortografía do castelán como punto de referencia. A continuación, examínanse algúns problemas concretos da ortografía do galego analizados por Couceiro Freijomil: o tratamento do timbre do *e* e do *o*, a cantidade das vogais, a grafía <y>, a gheada, o seseo, a representación do *x*, a representación do *ll* e do *ñ*, heterografías que cómpre evitar, os grupos cultos, o apóstrofe e o guión. Finalmente, valóranse as achegas ortográficas feitas por Couceiro Freijomil considerándoas moi superiores pola súa sistematicidade e coherencia ás contidas en textos coetáneos como *Algunhas normas pra a unificazón do idioma galego* (1933, vid. *BILEGA* 805) e *Engádega ás normas pra a unificazón do idioma galego* (1936. vid. *BILEGA* 1751), e mesmo posteriores [T.A.G.].

Recs.: Damián Suárez Vázquez, *Cadernos de Lingua*, 28, 2005:183-186 [184].

735 (R/05). Lorenzo, Ramón / García, Constantino: *Reflexións crítico-eruditas e sentimentais sobre a lingua: Discurso lido o día 7 de maio de 1999, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Ramón Lorenzo Vázquez e resposta do ilustrísimo señor don Constantino García*, A Coruña, Real Academia Galega, 1999, 72 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/Discurso%20Ramon%20Lorenzi.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

Nas p. 7-64 recóllese o discurso de Ramón Lorenzo, iniciado cunha semblanza de Paulino Pedret Casado (1899-1969) e de Eduardo Blanco Amor (1897-1979), os seus antecesores na Academia. A continuación, ofrece o seu perfil biográfico salferíndoo con consideracións sobre a lingua galega, centradas en dous aspectos: a cuestión ortográfica e o papel da Igrexa católica no desenvolvemento das linguas. Na contestación (p. 65-70), Constantino García lembra como coñeceu a Ramón Lorenzo e manifesta o seu acordo coas ideas por el expresadas.

736 (R/05). Reymóndez-Fernández, Iván: "O proceso de normativización da lingua galega", *Verba Hispanica*, XI, 2003:79-86. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Ljubljana], Filozofska Fakulteta Univerze v Ljubljani, [2005], <http://hispanismo.cervantes.es/documentos/reymondezXI.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comeza por aclarar as diferenzas entre os conceptos de *normalización* ("proceso conducente ó emprego dunha lingua en tódolos ámbitos da vida e actividades dun pobo") e *normativización* ("elaboración dun modelo de regras gramaticais e ortográficas e dun corpus léxico estable recollido en gramáticas e diccionarios respectivamente, que serve de referencia ós falantes dunha lingua"). A seguir, centrándose xa no proceso de normativización do galego, explícase a problemática que xurdiu na época do Rexurdimento literario do séc. XIX á hora de plasmar a escrita sen modelos previos en que se apoiar. Analízase o labor neste eido da Real Academia Galega, as Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos e, xa despois da guerra civil, da editorial Galaxia. Na parte final do traballo, analízanse as diferentes posturas perante a cuestión normativa e sinálanse as diferenzas máis salientables entre as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727] aprobadas en 2003 e as precedentes, mostrándose o autor en contra desta reforma normativa, por considerar que "reformas deste tipo nunha lingua con tantos problemas no campo da normalización de uso non traen senón confusión e non axudan no seu proceso cara ó que podemos considerar o estado natural dunha lingua, que é o do seu emprego en tódolos campos de uso cunha norma coñecida e recoñecida como tal por tódolos falantes" (p. 85).

737 (N/05). Sánchez Vidal, Paulo: "Unha achega ó estudo do proceso de codificación ortográfica e gramatical da lingua galega (1980-2000)", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:201-221 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Revísanse as distintas correntes de opinión existentes verbo do proceso de codificación ortográfica e gramatical da lingua galega entre 1980 e 2000, que o autor cualifica como "un dos temas máis comprometidos, enleados e espiñentos de cantos se teñen tratado ata este momento no ámbito da lingüística galega" (p. 201). A análise presta atención aos fundamentos teóricos de cada corrente e ás etapas do debate normativo durante o período considerado.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [227-228] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

Vid. tamén as entradas 69, 696.

5221121 Debates anteriores ao ano 1970

738 (R/05). "Pero, Sr. Unamuno...", *Revista Gallega*, IX/444, 1903:1-2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comenta un artigo de Miguel de Unamuno publicado en *La Ilustración Española y Americana*, titulado "Méjico y no México". Nel, preguntábase se a grafía *nh* de *unha* era un intento de aportuguesar o galego. O autor responde a Unamuno salientando o seu descoñecemento do galego.

739 (R/05). Barreiro Meiro, José: "Á todos y á uno", *Galicia-Co*, 1ª época, II/5, 1888:211-214. | [Reed.]: en Carme Hermida [comp.], *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891): Escolma de textos*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [1992]:307-310 (= *Colección de Lingüística*; 2). | [Ed, facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Celso Álvarez Cáccamo, Versão Original, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/vo/1881/188805grr211.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/05/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Defende a necesidade de codificar o galego (nos termos da época), aludindo á importancia de fixar unha ortografía coherente a través do recurso á etimoloxía, etc.

740 (R/05). Barreiro Meiro, José: "A uno, al mismo y á todos", *Galicia-Co*, 1ª época, II/7, 1888:335-337. | [Reed.]: en Carme Hermida [comp.], *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891): Escolma de textos*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [1992]:351-352 (= *Colección de Lingüística*; 2). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca

Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Defensa dun sistema gráfico baseado na fonética fronte á posición de Manuel de Valbuena, etimoloxista e detractor do sistema fonético.

741 (R/05). Barreiro Meiro, José: "En pro de mi lengua", *Galicia-Co*, 1ª época, II/7, 1888:335-337. | [Reed.]: en Carme Hermida [comp.], *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891): Escolma de textos*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [1992]:351-352 (= *Colección de Lingüística*; 2). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Defende determinadas solucións ortográficas para algunhas formas con argumentos procedentes dunha etimoloxía escasamente científica e pouco documentada.

742 (R/05). Carré Aldao, Eugenio: "Del idioma gallego", *Revista Gallega*, XI/518, 1905:2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor contesta a unha carta de Julio Dávila na que denunciaba a manipulación que Uxío Carré Aldao fixera en *La literatura gallega en el siglo XIX* (1900, vid. *BILEGA* 7787), ao substituír a contracción <ó> por <ao> na obra de Manuel Curros Enríquez (1851-1908). Pola súa parte, Carré Aldao defende neste artigo a forma <ao> ou <a o> por considerar que é así como se pronuncia.

743 (R/05). Martínez Salazar, Andrés (co pseudónimo A. Marsal): "Á uno, á otro y á todos", *Galicia-Co*, 1ª época, II/6, 1888:241-250. | [Reed.]: en Andrés Martínez Salazar, *Algunos temas gallegos*, II, A Coruña, Real Academia Galega, 1981:57-70. | [Reed.]: en Carme Hermida [comp.], *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891): Escolma de textos*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [1992]:331-336 (= *Colección de Lingüística*; 2). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Celso Álvarez Cáccamo, Versão Original, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/vo/1881/188806grr241.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/05/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. |

[Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Carta dirixida a J. Barreiro Meiro na que o autor se refire á prosodia e á ortografía galegas, subliñando a necesidade dunha Academia ou de publicacións que informen e se pronuncien sobre o tema, especialmente dun dicionario académico. En relación á ortografía, considera como posibilidade máis científica a adopción dun sistema de tipo fonético ou etimolóxico, aínda que entre os escritores galegos percibe a existencia dun grupo maioritario que segue ao poeta da súa devoción, outro grupo que crea o seu propio sistema e un terceiro que adopta o sistema fonético ou etimolóxico. Céntrase no problema ortográfico da <g> / <j> / <x>.

744 (R/05). Martínez Salazar, Andrés (co pseudónimo A. Marsal): "En tela de juicio", *Galicia-Co*, 1ª época, II/4, 1888:159-167. | [Reed.]: en Andrés Martínez Salazar, *Algunos temas gallegos*, II, A Coruña, Real Academia Galega, 1981:43-55. | [Reed.]: en Carme Hermida [comp.], *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891): Escolma de textos*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [1992]:299-306 (= *Colección de Lingüística*; 2). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Celso Álvarez Cáccamo, Versão Original, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/vo/1881/188804grr159.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/05/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. EC

Con motivo dunha carta de José Barreiro Meiro inserida no nº 227 de *El Ciclón*, na que este facía observacións sobre o "desbarajuste que se observa en la ortografía gallega" (p. 45), o autor busca as posibles causas desa anarquía ortográfica. Lamenta que nin Juan Antonio Saco y Arce (1835-1881), nin Juan Cuveiro Piñol (1821-1906), nin Marcial Valladares Núñez (1821-1903) fixaran as regras prosódicas e ortográficas do galego e comenta algúns aspectos ortográficos de autores do séc. XIX. Finalmente, inclúe unha pequena listaxe de palabras galegas formadas por unha soa vogal coas correspondentes formas castelás e fai referencia á importancia da influencia romana na Península, moito maior, na súa opinión, ca a dos árabes.

745 (R/05). Orsino: "Críticas. Pasaxeiras", *Revista Gallega*, IV/174, 1898:6. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor rebate as opinións expresadas por Jesús Rodríguez López no prólogo da súa colección de poemas *Pasaxeiras* (Madrid, Ricardo Rojas, 1898) sobre a escrita do galego literario e a depuración da lingua. Defende tamén que o portugués debe ser a norma para o galego.

746 (R/05). Pérez Ballesteros, José: "Cuestión gramatical. Conto", *Galicia-Co*, 1ª época, II/5, 1888:231-232. | *O Novo Galiciano*, I/18, 1988:2-3. | *O Tío Marcos d'a Portela*, 2ª época, parrafeo 257, 1888:2-3. | [Ed. facs.]: A Coruña, Edman, V, 1989. | [Reed.]: en José Pérez Ballesteros, *Foguetes*, A Coruña, Andrés Martínez Salazar, 1888:145-150. | [Ed. facs. en liña n.v. da ed. en *Galicia-Co*]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da ed. en *Galicia-Co*]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da ed. en *Galicia-Co*]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Composición poética sobre a polémica ortográfica suscitada en *O Tío Marcos d'a Portela* sobre o uso da grafía <x> para o son fricativo prepalatal xordo.

747 (R/05). Pérez Ballesteros, José: "Indicaciones acerca de la prosodia y ortografía gallegas", *Galicia-Co*, 1ª época, II/8, 1888:379-385. | [Reed.]: en Carme Hermida [comp.], *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891): Escolma de textos*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [1992]:363-367 (= *Colección de Lingüística*; 2). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Sobre a necesidade de establecer unhas regras ortográficas coherentes.

748 (R/05). Valladares Núñez, Marcial: "Escritura gallega", *Galicia-Co*, 1ª época, II/6, 1888:267-269. | [Reed.]: *Cultura Gallega*, 7-8, 1936:37-38. | [Reed.]: en Carme Hermida [comp.], *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891): Escolma de textos*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [1992]:337-339 (= *Colección de Lingüística*; 2). | [Ed. facs. da reed. en *Cultura Gallega*]: [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [1999]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Celso Álvarez Cáccamo, Versão Original, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/vo/1881/188806grr267.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/05/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://

www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [A Coruña], Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Nota centrada fundamentalmente na cuestión do uso de <g> e <x> na ortografía galega. Apunta as cinco propostas seguintes para normalizar e fixar o que, segundo o autor, sería unha ortografía coherente para o galego: eliminar o <x>, usar <g> e <j> como en portugués, non acentuar os artigos agás en determinados casos, usar con moderación o apóstrofo, galeguizar os castelanismos.

749 (R/05). Valladares Núñez, Marcial: "Una reflexión", *Galicia-Co*, 1ª época, II/8, 1888:397-399. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [Madrid], Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Digital, [2006], <http://hemerotecadigital.bne.es/cgi-bin/Pandora>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Nota ortográfica sobre o emprego dos grafemas <h>, <j>, <g> para representar fenómenos fonéticos como a gheada ou a gueada. Sinala a presenza da gheada na lingua oral e como tentaron regularizala Juan Antonio Saco y Arce [*Gramática gallega* (1868, vid. *BILEGA* 1019)] e Marcial Valladares Núñez [*Elementos de gramática gallega [1892]* (1970, vid. *BILEGA* 932)].

Vid. tamén as entradas 77, 81, 82, 83, 86, 89, 685, 725, 726, 1161.

5221122 Debates posteriores ao ano 1970

750 (R/05). Alonso Estravís, Isaac: "Breves aportações para uma ortografia galega", en *Coletânea de Estudos en Homenagem a Rodrigues Lapa*, Anadia, Câmara Municipal, 1984:49-56. | [Reed.]: *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:165-172. | [Reed.]: *Temas de O Ensino*, II/6-10 [= *Linguística, Sociolinguística e Literatura Galaico-Luso-Brasileira-Africana de Expressão Portuguesa*], 1986:69-78. | [Reed.]: en Isaac Alonso Estravís, *Estudos filológicos galegoportugueses*, Madrid, Alhena, 1987:33-42. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed. en *BmF*]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Propugna a necesidade dunha ortografía histórica galaico-portuguesa como elemento práctico e unificador das dúas "variedades" do norte e sur do Miño, pois "através do padrão comum, se resolvem muitos problemas existentes nas diversas falas coloquiais do galego" (p. 168); ofrece algúns exemplos desta diversidade: o artigo indefinido *uma*, o grupo *cua - gua*, o plural dos vocábulos rematados en *-on* (*-ós, -óns, -ois, -õis*) e *-an* (*-ás, -áns, -ais/-aes*), as palabras rematadas en *-an* (*irmán*), a contracción da preposición *a* e o artigo determinado, e algunhas formas verbais como a P2 e a P6 dos verbos *ter* e *vir*.

751 (R/05). Bermúdez Blanco, Manuel: "Novas normas, vellos hábitos", *Novas CTNL*, 16, 2004:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, [2005], <http://www.ctnl.org/upload/des/34-a-novasctnl16.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 15/06/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor reflexiona sobre a reforma das normas de codificación da lingua galega que se levou a cabo en 2003, criticando as dobres posibilidades que se ofrecen en casos como o uso do signo de interrogación ao inicio, a posibilidade de escribir <Galicia> ou <Galiza> ou as terminacións en *-ería* ou *-aría*.

752 (R/05). Carvalho Calero, Ricardo: "O problema ortográfico", *Agália*, 2, 1985:127-134. | [Reed.]: en Ricardo Carvalho Calero, *Do galego e da Galiza*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1990:27-38 (= *Estudos e investigacións*; 1). | [Ed. en liña n.v. da 1ª ed.]: A Coruña, eDixital, 2003, <http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Opror+++1&alias=Ricardo+Carvalho+Calero>, [Formato: HTML], [Consulta: 07/02/2005]. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 25-X-2005, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=121>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 26/01/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Primeira Linha em Rede, 17-IX-2005, <http://www.primeiralinha.org/documentacon/carvalho.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 07/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor defende que a ortografía galega debe ser a reintegracionista, aínda que considera que "em nemgum caso a ortografia reintegrada [...] deveria ser imposta por umha pressom oficial que levasse consigo a inspecçom policíaca, a sançom administrativa ou judicial ou a repressom social do disidente. A competência lingüística teria de afirmar-se na livre contrastaçom de doutrinas e práticas, devendo as autoridades governativas abster-se de assumir umha faculdade de decisom que corresponde à sociedade, e cuja usurpaçom polo aparato político constitui um caso claro de abuso de poder" (p. 134).

753 (R/05). García Represas, Delio: "Planificación lingüística do galego. Algunhas reflexións", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:1051-1057, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/06/GarciaR.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Fanse unha serie de propostas para levar a cabo a estandarización e a elaboración do galego estándar: completar a descrición lingüística do galego, non identificar o texto *normativo* co texto *correcto*, evitar a excesiva incorporación de cultismos, manter termos de forte tradición escrita e coñecidos pola poboación aínda que non teñan unha base científica moi grande (*senso*, *adicar*, *ogallá*, etc.), elaborar gramáticas contrastivas galego-castelán moi útiles para evitar calcos.

754 (R/05). Herrero Valeiro, Mário J.: "Ilusões glotopolíticas e planificação linguística na Galiza", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:1058-1069, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/06/Herrero.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise dalgúns aspectos das "relações entre as ideologias político-linguísticas existentes na Galiza espanhola e as semânticas galego-portuguesa e castelhana do conceito *ilusão* (ilusión)" (p. 1058). O estudo faise desde a perspectiva da glotopolítica, "investigação das relações entre a lingua, a fala e os discursos e instituções de poder" (p. 1058). Así pois, analízase desde este punto de vista a situación lingüística de Galicia, que se pon en relación coa planificación levada a cabo ata o momento desde as institucións públicas, unha planificación que parte da "negação da existência de um conflito linguístico" (p. 1064). O autor interpreta a política institucional a partir do concepto chomskiano de *ilusión necesaria*.

755 (N/05). López-Iglésias Samartim, Roberto: "Ideia de Língua e Vento Português na Galiza do Tardofranquismo: o caso de *Galaxia*", *Agália*, 83-84, 2005:9-50. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 5-II-2006, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=131>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 16/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Analiza o proceso aberto a comezos da década de 1970, tras a aprobación da Lei Xeral de Educación, de 6 de agosto de 1970, que autorizou a inclusión das linguas minoritarias no ensino de dous a trece anos. Isto fixo aparecer no *Proto-Sistema Cultural Galeguista* (onde se atopaban Galaxia e a Real Academia Galega) varias propostas de codificación do galego que tiñan como punto de partida a tradición literaria e a unidade lingüística galego-portuguesa. Porén, o Instituto da Lingua Galega acabou cuestionando este modelo lingüístico e optou por outro baseado na tradición escrita e afastado do ámbito luso-brasileiro. Neste momento prodúcese un gran debate entre os partidarios do reintegracionismo, liderados por Manuel Rodrigues Lapa (1897-1989), axente de Galaxia en Portugal, e os defensores da normativa proposta polo ILG e posteriormente aceptada pola RAG e o grupo Galaxia.

756 (R/05). Martínez Roca, Iggy: "A polémica Lapa-Piñeiro e a planificación lingüística galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A*

Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996), II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:205-215. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Partindo da actual situación sociolingüística de Galicia, ollada a través de datos tirados do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994, vid. *BILEGA* 3481); *Usos lingüísticos en Galicia* (1995, vid. *BILEGA* 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia* (1996, vid. *BILEGA* 6799)], e aceptando, en virtude da constatación da quebra interxeneracional na transmisión do galego, a tese da súa desaparición defendida por Xesús Alonso Montero en 1973, o autor céntrase na polémica ortográfico-filosófica sostida polos profesores Ramón Piñeiro López (1915-1990) e Manuel Rodrigues Lapa (1897-1989) a comezos da década de 1970. Dende unha perspectiva pragmática, analiza as concordancias e discordancias de opinión entre estas dúas personalidades verbo da situación do galego e da estratexia para a súa normalización baseada no achegamento ao portugués.

757-1 (R/04). Peres Rodrigues, José Henrique: "Para umha classificaçom e avaliaçom dos sistemas gráficos: os sistemas gráficos do galego-português e do espanhol", *Agália*, 57, 1999:103-129. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 29-V-2002, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=9>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 26/01/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor, [2004], <http://webs.uvigo.es/h06/weba573/persoal/henr/trab2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/10/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor compara os sistemas gráficos do portugués e do castelán, analizando o seu maior ou menor grao de proximidade á lingua falada (a maior ou menor dificultade do falante para identificar letras e sons) e ofrece as súas consideracións sobre cal debería ser o modelo que se adoptase para o galego (o portugués).

757-2 (R/04). Peres Rodrigues, José Henrique: "Sobre o valor simbólico das grafias e a funçom coesiva da linguagem", *Agália*, 49, 1997:71-80. | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor, [2004], <http://webs.uvigo.es/h06/weba573/persoal/henr/trab1.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/10/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor sostén que a grafía dunha lingua influe decisivamente na consideración que os seus falantes teñén sobre a identidade da mesma. Aplicada esta idea ao galego, significa que se este ten unha ortografía semellante á do castelán, o falante pensará que é un dialecto do castelán e se a ten semellante á do portugués, o falante identificarao coa comunidade lingüística lusófona.

Vid. tamén a entrada 1066-1.

522113 Notas ortográficas

758 (N/05). Cures Vázquez, Luz / Mosquera Carregal, Xesús Manuel: "Problemas na identificación e acentuación das interrogativas indirectas: Dime que acentúo ben / Dime qué acentúo ben", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:165-188 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Partindo da súa experiencia como correctores e/ou tradutores de textos, os autores pretenden poñer de relevo as vacilacións que suscita na escrita da lingua galega a acentuación gráfica das formas pronominais que introducen as denominadas oracións interrogativas indirectas. Trátase dunha cuestión que provoca dúbidas nos usuarios da lingua, que aparece moi pouco clara nas diversas edicións do texto das normas ortográficas da RAG e sobre a que os manuais de lingua ofrecen pouca reflexión gramatical. Constitúe mesmo un tema obxecto de até dous trasacordos normativos desde a publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [entrada 727]: no ano 1995 cando se introduciron lixeiras modificacións e máis recentemente no 2003 cando se oficializou o denominado "Acordo normativo". A hipótese de partida é que a falta de claridade do texto normativo e a ausencia dunha reflexión gramatical ao redor da cuestión derivaron na imposibilidade de que o usuario poida adoptar un criterio coherente xa non só para poder saber cando cómpre acentuar ou non, senón mesmo para saber discernir cando se trata dunha oración interrogativa indirecta e cando non. Os autores xulgan que non se trata dunha cuestión ortográfica que tan só admite dúas opcións (presenza vs. ausencia de acentuación gráfica), senón máis ben unha cuestión gramatical, máis complexa, na cal entran en xogo parámetros como a tipoloxía dos verbos rexentes, a súa modalidade, etc. O período temporal estudado comprende as dúas últimas décadas, é dicir o galego escrito moderno, regulado xa por unha normativa ortográfica e morfolóxica oficial. O traballo baséase fundamentalmente en exemplos tirados do *CORGA: Corpus de referencia do galego actual* [entrada 1106]. Conclúen argumentando unha proposta para aclarar o uso (e, sobre todo, evitar o abuso) do acento gráfico nos interrogativos indirectos.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [231] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

759 (N/05). Diéguez Diéguez, Concepción / Domínguez Portela, Soraya / López Gómez, Belén / Rodríguez Ruibal, Fátima: "Maiúsculas e minúsculas: criterios de uso", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:127-164 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Os autores fan unha proposta para o emprego das letras maiúsculas e minúsculas na lingua galega coa intención de superar as deficiencias ou lagoas das propostas feitas previamente para o galego e outras linguas. Para iso distinguen 42 categorías e, por medio de cadros, indican se existen subcategorías e inclúen comentarios tipográficos, o tipo de letra que debe empregarse en cada caso (maiúscula ou minúscula) e abundantes exemplos.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [230] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

Vid. tamén as entradas 91, 741, 748, 749.

52212 A codificación da pronuncia

760 (N/05). Fernández Rei, Elisa: "O estándar prosódico", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:97-125 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. A autora trata de subliñar as peculiaridades da prosodia tanto desde un punto de vista descritivo como prescritivo. Dende a perspectiva prescritivista, é manifesta a maior dificultade de codificación dos aspectos prosódicos; en canto á perspectiva descritiva, o grao de desenvolvemento que presentan os estudos sobre o nivel segmental é moito maior que o dos dedicados ao nivel suprasegmental (habitualmente menos atendido). Ademais, na análise das unidades segmentais do estándar oral sempre se traballou dentro do lingüístico; porén, verbo de fenómenos como a entoación, bordéanse terreos en que ás veces é moi difícil dirimir que significados son lingüísticos e que outros son paralingüísticos. En calquera caso, parece existir a necesidade de proporcionar algunha orientación sobre a prosodia e, en especial, a entoación. Moitos dos profesionais que traballan nos denominados gabinetes de normalización en medios de comunicación audiovisual teñen exposto a necesidade de contar cunhas pautas que lles axuden a depurar as entoacións consideradas castelanizantes, é dicir, cómpre un labor de prescrición neste campo. Neste traballo, ademais de ofrecer pautas prescritivas, preténdese presentar o labor que se leva feito no ámbito da descrición prosódica do galego, para tratar así a variación na prosodia e facer unha comparación entre distintas variedades na medida en que o desenvolvemento dos estudos neste campo o permite. En primeiro lugar, defínese e delimítase o campo da prosodia e preséntase o estado da cuestión, para así saber que grao de desenvolvemento teñen os estudos prosódicos de índole descritiva e coñecer, en definitiva, non só que describe a prosodia, senón tamén canta prosodia galega hai descrita. En segundo lugar, inténtase poñer de manifesto certas características da prosodia dos medios de comunicación, por seren estes un dos principais difusores do estándar, en comparación

coas descricións existentes doutras variedades. Por último, repásanse as dificultades ás que hai que enfrontarse no labor de prescrición da prosodia.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [230-231] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

761 (N/05). Regueira Fernández, Xosé Luís: "Estándar oral", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:69-95 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua oral: inf. diastrática (nivel culto)

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. O autor comeza sinalando que "[d]esde hai algún tempo parece existir unha maior conciencia da necesidade de *establecer un estándar oral* para a lingua galega, particularmente entre galegofalantes comprometidos co desenvolvemento social da lingua. Ao mesmo tempo tamén é frecuente que algúns profesionais que traballan en galego (medios de comunicación, teatro...) se queixen da *falta de modelos*. A inexistencia dun estándar oral claramente definido contrasta cun estándar escrito cada vez máis asentado, e esa deficiencia é sentida como unha necesidade que empeza a ser urxente atender" (p. 69). En relación con esa conciencia xulga necesario analizar as actitudes e os conflitos que a constitución do galego estándar oral está a suscitar (ou a revelar). Con este fin desenvolve unha reflexión sobre a necesidade e o carácter dese modelo de lingua, así como as ideoloxías e os intereses que poden estar intervindo na súa configuración e na súa aceptación: despois de considerar a natureza dos estándares das linguas do noso ámbito cultural, fai unha breve revisión crítica do proceso de construción do estándar galego; a seguir refírese aos estándares orais, en particular ao caso galego e aos problemas e conflitos que se producen ao seu arredor, para finalizar con algunhas consideracións sobre a conveniencia, o posible alcance e os límites das accións de codificación que poidan ser emprendidas desde ámbitos académicos.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [228-229] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399 | Luz Méndez, "O modelo de galego oral na televisión", en Xosé Ramón Freixeiro, Marisol Ríos e Lucía Filloy (eds.), *Lingua e Comunicación: IV Xornadas sobre Lingua e Usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, 2008:119-133 [124-125] (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 93).

Vid. tamén as entradas 587, 648.

52213 A codificación gramatical

762 (N/05). Álvarez Blanco, Rosario: "A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:359-376 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3).

| [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. A autora trata de establecer e xustificar criterios orientadores para elaborar un estándar sintáctico para o galego moderno, en comparación coas propostas presentadas neste mesmo simposio para as outras linguas da Península Ibérica. Tamén describe os problemas cos que ten que enfrontarse o desenvolvemento dunha proposta para este ámbito da gramática, tendo en conta, por unha banda, a existencia de distintas estruturas sintácticas para expresar un mesmo contido semántico e, por outra, as variantes dialectais. A exposición resulta moi ilustrativa polo numerosos exemplos que achega. A autora remata precisando as dúas liñas mestras que fundamentan as súas reflexións: "dunha banda, que a pesar da unidade de criterios básicos enunciada no inicio e da aparencia de unidade sintáctica das distintas variedades do galego, a escolma e descrición dos trazos definitorios da gramática do galego estándar ten que enfrontarse cun tipo moi variado de problemas que cómpre resolver asisadamente; doutra, que a resolución destas dificultades non se pode basear en apriorismos nin facerse de xeito irresponsable por vía de simple suma, pois incluso coa convicción de máxima apertura é preciso esteala no estudo rigoroso das distintas construcións e no fondo coñecemento da gramática das distintas variedades" (p. 376).

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [229] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

763 (N/05). Dubert García, Francisco: "¿Influente ou influínte? Prescrición e uso da vogal temática verbal da C-III nos adxectivos en -NTE na lingua galega", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:223-246 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2005], <http://web.usc.es/%7Efgdubert/artigos/influente.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Analízase desde un punto de vista descritivo e prescritivo a calidade da vogal situada á esquerda do sufixo *-nte*, xeralmente considerada vogal temática verbal, nos temas de adxectivos que por medio deste sufixo se relacionan con temas verbais da 3ª conxugación. Trátase de ítems léxicos coma *influente*, en que *in-* é prefixo, *-flu-* raíz, *-e-* a denominada vogal temática do verbo, *-nt-* sufixo e *-e* vogal temática do adxectivo. Neles resulta problemática para os usuarios do galego estándar a escolla da vogal temática do verbo. Os obxectivos do traballo son os seguintes: a) describir as diferenzas que se verifican entre as distintas variedades lingüísticas galegas canto ao tratamento da vogal temática do verbo; b) mostrar como interactúan as formas estándar con outras formas; c) describir as tendencias xa existentes nesas variedades. Aparece organizado nos seguintes apdos.: no 1º móstranse e coméntanse as fontes dos datos; no 2º ofrécense unhas breves reflexións teóricas sobre a variación e as variedades lingüísticas

que o autor toma en consideración; no 3º descríbese o tratamento que os adxectivos con *-nte* reciben no galego estándar e no castelán estándar, para así indicar os polos de atracción, é dicir, os teitos que actúan sobre as variedades cubertas; no 4º analízase o comportamento das variedades con respecto a este formante léxico; e no 5º preséntanse unhas breves conclusións.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [233] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

764 (N/05). Xove Ferreiro, Xosé: "O verbo galego: usos e abusos, descrición e prescrición", en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2005]:313-334 (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Prescrición e variación»*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. Análise dos problemas de uso dalgunhas unidades do verbo galego, simples e perifrásticas: 1) problemas atinxentes ao emprego de *ter + participio*; 2) usos do infinitivo conxugado; 3) usos da perífrase *ter de + infinitivo*. O autor céntrase no exame das dificultades que existen para determinar a corrección ou incorrección dalgúns usos destas formas gramaticais situados nos bordos do que consideramos galego, e, en consecuencia, as dificultades de delimitar e describir o bo uso correspondente.

Recs.: José Mª Enguita Utrilla, *RLiR*, 70/277-278, 2006:224-234 [231-232] | Miquel Àngel Pradilla Cardona, *Estudis Romànics*, XXIX, 2007:393-399.

Vid. tamén as entradas 157, 201, 227, 234, 487, 730, 737, 750.

52214 A codificación do léxico

765. Área de Linguaxes especializadas do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela (coord.): *Un idioma preciso*, [Ed. en liña n.v.]: Portal canalciencia.com, 2002-, <http://www.canalciencia.com/faladoiro/>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A linguaxe usada na comunicación técnica e científica debe ser "un idioma preciso", xa que a exactitude e a non ambigüidade é unha das súas características definitorias. O galego neste tipo de comunicacións é tamén un idioma preciso: para a súa normalización é imprescindible que acceda a estes ámbitos expresivos e que os falantes perciban con evidencias que o galego permite comunicar todos os contidos de todos os temas. Esta interesante sección de canalciencia.com, que inclúe un foro de debate, pretende contribuír á normalización do galego neses ámbitos, presentando propostas terminolóxicas que aínda non acadaron unha forma estable ou que se empregan de forma inadecuada. Cada número parte dun pequeno estudo elaborado polos coordinadores en que se analiza un ou varios conceptos dunha área

de especialidade e se propoñen nomes galegos para eles. Partindo dese traballo, os coordinadores convidan a todas as persoas interesadas a opinar sobre a calidade e a conveniencia das formas propostas, e a presentar e defender as súas propias alternativas no foro de debate. Na data da última consulta xa foran publicadas 103 notas terminolóxicas [Adaptación da descrición publicada na web].

766 (R/05). Daviña Facal, Luís: "Notas sobre os nomes vulgares ou vulgarizados dalgúns gastrópodos mariños galegos. Unha proposta", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:271-290. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise da situación dos nomes científicos e vulgares dalgúns gastrópodos mariños. Primeiramente, o autor céntrase nas denominacións científicas e nos problemas que xorden á hora de denominar un gastrópodo para o que existen diversos nomes; a seguir céntrase nos nomes vulgares que estes animais reciben en galego, salientando as confusións existentes que se reflicten mesmo en dicionarios como o *Dicionário da língua galega* [entrada 102] dirixido por Isaac Alonso Estravís e o *Diccionario Xerais da lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) de María do Carme Ares Vázquez et al.. Finalmente fai unha proposta de nome científico de entre as distintas denominacións existentes e de nome vulgar para catorce gastrópodos; as denominacións vulgares que propón son as seguintes: *borracha*, *pé de pelícano*, *corniño*, *cornecho*, *sombreiro chinés*, *corno* ou as formas *buguina* e *bucina*, *caramuxa* ou os sinónimos *caramuxo* e *mincha*, *peneira*, *cornetín*, *corniña*, *lapa* e *margarida*.

767 (R/05). Díaz Abraira, Carlos: "A linguaxe administrativa galega: Situación actual", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:291-296. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Análise da situación en que se encontra a linguaxe administrativa tras ser incorporado o galego a este ámbito. En opinión do autor, a lingua galega debe enfrontarse ao novo modelo de linguaxe administrativa que xa está en marcha noutros países para acadar un estilo claro e sinxelo que permita a fácil comprensión por parte de toda a sociedade. Así mesmo, o galego ten que superar o modelo e a influencia casteláns, potenciando e consolidando as formas propias.

768 (N/05). Galanes Santos, Iolanda: "Procesos de implantación lingüística: a planificación terminolóxica en Galicia = The Process of Linguistic Implementation: Terminology Planning in Galicia", *Madrygal*, 8, 2005:43-54. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense

de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0505110043A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Avalía a importancia da terminoloxía na planificación lingüística do galego a través do estudo da proposta de planificación desenvolvida no *Plan xeral de normalización da lingua galega* [entrada 704]. Analízase especialmente o sector transversal "implementación do corpus", así como a súa implicación e desenvolvemento nos sectores verticais que diferencia o Plan (1. Administración; 2. Educación; 3. Medios de comunicación e industrias culturais; 4. Economía; 5. Sanidade; 6. Sociedade; 7. Proxección exterior da lingua). Para a análise pártese do modelo de xestión terminolóxica que a autora xa aplicara ao galego nun traballo anterior ["A terminoloxía en Galicia" (2003, vid. *BILEGA* 11931)], avaliando as medidas deseñadas para cumprir as oito actividades ineludibles para a implantación terminolóxica. Segundo a autora, este plan "obvia unha análise máis detallada" (p. 53) e, se ben "supón un avance", "precisa dunha adenda que inclúa diagnóstico, obxectivos, medidas, prazos, orzamentos e infraestruturas que permitan implementar a terminoloxía galega no noso País" (p. 54) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

769 (R/05). García Cancela, Xermán: "Avances na fixación do léxico xurídico-administrativo galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:345-351. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presenta un "panorama do estado actual na fixación da terminoloxía propia do ámbito das relacións xurídicas-administrativas en Galicia" (p. 345), feito a partir da observación da extensión real do uso dos "tecnicismos xurídico-administrativos xa fixados en diccionarios da lingua xeral, en léxicos especificamente xurídico-administrativos ou en disposicións normativas sancionadas polo poder galego ou traducidas do ámbito estatal" (ibid.).

770 (N/05). Gómez Guinovart, Xavier / Torres Padín, Ánxeles: "Metodoloxía e ferramentas do traballo terminolóxico baseado en corpus: Do *Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* ao *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán*", *Viceversa*, 11, 2005:141-158. | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2006], <http://webs.uvigo.es/sli/arquivos/viceversa_dilega.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/06/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Presentación dunha investigación sobre terminoloxía xurídico-administrativa que se está a levar a cabo no Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo e cuxo obxectivo é a constitución dun repertorio terminolóxico bilingüe castelán-galego baseado nos datos tirados dos varios subcorpus que constitúen o *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114], que sirva de ferramenta de consulta ao persoal da administración e do dereito. Un avance deste repertorio vén de ser publicado como *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán: Baleirado terminolóxico documentado no Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 397] [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

771 (R/05). Pichel Campos, Xosé Ramón: "Novos rumos para a terminoloxía galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:399-405. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois de subliñar a importancia da investigación e codificación terminolóxica dentro dunha planificación lingüística que persiga a normalización social dun idioma, expón brevemente o perigo que supón para o galego un desenvolvemento da súa terminoloxía científica e técnica baseado en criterios diferencialistas ou castelanizadores, propoñendo como solución o recurso ao portugués. Remata presentando un caso práctico tirado do campo da informática.

Vid. tamén as entradas 253, 256, 269, 772, 777.

52215 A contribución dos escritores á conformación do estándar

772 (R/05). Alonso Montero, Xesús: "O escritor galego e o problema da lingua", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:9-24. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A creación dun galego culto a partir da lingua oral que fala o pobo é o tema do artigo. Analízanse os problemas cos que se atoparon os escritores do séc. XIX, que parten da lingua dos "vellos, pois, son a norma de pureza, de enxebreza" (p. 11) e, ademais, non contan cun sociolecto culto que poidan empregar na súa produción literaria. Nese afán de enxebreza os autores chegan ao hiperenxebrismo que aínda segue presente na actualidade. Nese afán por buscar unha norma culta encádrase a polémica tradución de Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961) dos *Carmina* de Horacio, concretamente o emprego

da voz *estumballado*. Esta forma foi a escollida por Manuel Rodrigues Lapa (1897-1989) para defender que o galego non tiña capacidade literaria ao que van responder Ramón Piñeiro (1915-1990) e Álvaro Cunqueiro (1911-1981), entre outros. No fondo da polémica está a necesidade da creación dunha norma culta diferenciada da coloquial.

773 (R/05). Cociña Souto, Xesús: "Florencio Vaamonde (1860-1925) á procura dunha norma culta", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:247-270. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise do modelo de lingua literaria de Florencio Vaamonde Lores (1860-1925) feito a partir de catro obras: *Os Calaicos* (1894), *Mágoas* (1901), *O Voto* (1907) e *Follas ao vento* (1919). Préstase atención aos aspectos gráficos (p. 251-255), fonéticos (p. 255-259), morfosintácticos (p. 259-264), léxicos (p. 264-265) e sociolingüísticos (p. 265-268). Conclúese que Florencio Vaamonde Lores contribuíu á elaboración dunha lingua literaria "pulida e elegante", se ben se viu limitado pola "inexistencia na súa época dun labor filolóxico e académico que posibilitase a creación dun modelo lingüístico requintado" (p. 269).

774 (R/05). Fernández Rei, Francisco / Santamarina, Antón: *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa: Dúas singraduras na construcción dun idioma para unha patria: Discurso lido o día 25 de setembro de 1999, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Francisco Fernández Rei e resposta do ilustrísimo señor don Antón Santamarina Fernández*, A Coruña, Real Academia Galega, 1999, 146 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/Fernandez%20Rei.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor inicia o discurso cunha semblanza do seu antecesor, Xosé Filgueira Valverde (1906-1996). A continuación fai unha análise lingüística da obra de Ramón Cabanillas (p. 31-62) e da de Manuel Antonio (p. 62-71), e estuda a presenza do léxico mariñeiro na literatura galega, subliñando a necesidade da súa recolleita nos dicionarios galegos (p. 71-122). Exemplifica coas seguintes voces: *traiñeira / traíña, motor, cerco de xareta, tarrafa, dorna, chalana, gamela, babor, estribor, couso, arca, encher, devalar, preamar, baixamar, rifar, medusa, melfa, arear, estrela de mar, tallanta, gradicela*. Nas p. 133-144, Antón Santamarina ofrece a preceptiva semblanza da traxectoria intelectual do novo académico.

775 (R/05). García, Constantino: "De Rosalía a Dieste. Reflexións sobre o léxico dos escritores", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:25-38. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://

www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reflexión en que se intenta amosar a inmensa riqueza do léxico galego tradicional baseándose fundamentalmente nas escollas que aparecen na produción literaria de Rosalía de Castro (1837-1885), Alfonso D. Rodríguez Castelao (1886-1950), Álvaro Cunqueiro (1911-1981), Celso Emilio Ferreiro (1913-1979) e Rafael Dieste (1899-1981) e mais na propia experiencia do autor como dialectólogo. Segundo el mesmo declara, neste relatorio pretende expoñer "algunhas das experiencias que teño sobre o léxico galego que fun adquirindo ó longo de tantos anos buscando voces directamente dos falantes de todo o dominio lingüístico galego e lendo escritos de moitísimos escritores, sobre todo dos cinco citados" (p. 25).

776 (N/05). Freixeiro Mato, Xosé Ramón: "A recuperación da topoantroponimia e a perda de referentes culturais para a mocidade", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:191-204 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Índice: 1. A importancia da toponimia | 2. A importancia da antroponimia | 3. O proceso de deturpación dos topónimos | 4. A castelanización e deformación antroponímica | 5. A toponimia na cidade da Coruña. | En primeiro lugar, resáltase a importancia de manter a macro e microtoponimia propias como parte incorruptible da cultura e como forma de preservación da memoria histórica colectiva, destacando a perda de referentes da cidade da Coruña como *Rego de Auga*, *Campo da Leña* ou *Praza da Fariña*, hoxe relegados dos usos habituais e oficiais. A seguir, ofrécense exemplos da riqueza topoantroponímica existente en Galicia, salientando os descendentes galegos do latín *IOHANNES* (o prenome *Xoán*, os patronímicos *Eanes, Anes* ou *Ianes* e os topónimos *Seoane*, *Sevane do Caurel*, *Seivane* e *Xoane*). Nas epígrafes 2 e 4 denúnciase a "bárbara castelanización, ou en moitos casos pseudocastelanización, dos antropónimos [...] imposta na Galiza como consecuencia da xeral imposición dunha lingua allea a partir de fins da Idade Media" (p. 195). Na epígrafe 3 explícanse as diferentes formas en que se levou a cabo a castelanización toponímica: 1) Por tradución completa: *A Pontenova* > **Puentenuevo*; 2) Por tradución parcial: *Pedrafita* > **Piedrafita*; 3) Por tradución do artigo toponímico: *A Coruña* > **La Coruña*; 5) Por reconversión gráfico-fónica: *Toxal* > **Tojal*; 6) Por adaptación fonético-morfolóxica de sufixos e terminacións: *Goiáns* > **Goyanes*. Na epígrafe 5 repásanse os diferentes estados de conservación dos topónimos da cidade da Coruña, mentres que na 6 se fan unhas breves consideracións sobre a denominación oficial da cidade atendendo a criterios filolóxicos e legais.

Vid. tamén as entradas 656, 729, 1160.

52217 A normalización dos antropónimos

Vid. a entrada 776.

52218 Os dialectos galegos e a conformación do estándar

777 (R/04). Sousa Fernández, Xulio C.: "Léxico dialectal e estandarización", en María Álvarez de la Granja e Ernesto Xosé González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 2003:129-146, 11 mapas (= *Colección Base. Serie Lingüística*; 2). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/estandarizacion.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 02/01/2004]. | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2004], <http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/L%E9xico%20dialectal%20e%20estandarizaci%F3n.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Relatorio presentado no *Simposio «Léxico e estandarización en Galicia»* que tivo lugar na Universidade de Santiago de Compostela entre o 5 e o 28 de novembro de 2002. Reflexións verbo da forma en que as variedades xeográficas están representadas no estándar léxico. Para este fin, inténtase definir e situar dúas variedades de lingua: dialectos e estándar. A continuación descríbese sucintamente o modelo seguido para a constitución do estándar do galego e, por último, ilústrase de que xeito inflúen os dialectos galegos na constitución do estándar léxico. Conclúese que "a dialectoloxía pode e debe desenvolver un papel de relevancia na codificación léxica da variedade estándar, porque é unha fonte especialmente relevante que nos facilita formas vivas que son sentidas como propias polos falantes e tamén porque nos fornece información sobre a extensión xeográfica do seu uso. Os dialectos sempre se consideraron pezas fundamentais para o estudio da lingua, e tamén deben desenvolver un rol clave nos procesos de estandarización como fonte de enriquecemento do patrimonio lexical da lingua" (p. 137-138).

5222 A normalización do galego: Traballos globais

778 (N/05). *European Charter for Regional or Minority Languages: Application of the Charter in Spain*, [Ed. en liña n.v.]: Strasbourg, Council of Europe = Conseil de l'Europe, 2005, <http://www.coe.int/T/E/Legal_Affairs/Local_and_regional_Democracy/Regional_or_Minority_Languages/2_Monitoring/2.3_Committee_of_Experts%27_Reports/Spain_1st_report.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 25/04/2006]. | [Versión fr. en liña n.v.]: <http://www.coe.int/T/F/Affaires_juridiques/D%E9mocratie_locale_et_r%E9gionale/Langues_r%E9gionales_ou_minoritaires/2_Mecanisme_de_suivi/2.3_Rapports_du_Comite_d%27experts/Espagne_1er_rapport.pdf>, [Consulta: 25/04/2006]. | [Versión cast. en liña n.v.]: <http://www.coe.int/T/E/Legal_Affairs/Local_and_regional_Democracy/Regional_or_Minority_Languages/2_

Monitoring/2.3_Committee_of_Experts%27_Reports/Spain_1st_report_esp.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 25/04/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O Comité de Expertos da UE avalía a aplicación en España da *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, aprobada en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 por representantes dos Estados membros do Consello de Europa e ratificada por España o 9 de abril de 2001. O obxectivo é "to examine the real situation of the regional or minority languages in the State, to report to the Committee of Ministers on its evaluation of compliance by a Party with its undertakings, and, where appropriate, to encourage the Party to gradually reach a higher level of commitment" (p. 2). Canto ao galego, nas p. 7-8 faise unha breve descrición da súa orixe e historia externa e enuméranse os territorios en que se fala. Sinálase, así mesmo, que no instrumento de ratificación da *Carta* presentado por España non se menciona o uso do galego en Castela e León, polo cal "encourages the Spanish authorities to clarify, in co-operation with the speakers, the situation of the following languages and to comment in a detailed manner, in the next periodical report, on the application of Article 7 of the Charter" (p. 13). Tamén se avalía a situación do galego en Asturias, sinalando que, se ben o Estatuto da Comunidade Autónoma recoñece o *galego-asturiano* como lingua do Principado e que potenciará o seu uso, o Comité de Expertos "encourages the competent authorities to take measures aimed at increasing the presence and visibility in public life of Asturian Galician" (p. 20). No apdo. 2.2.6 ("Evaluation of the application of Part III to the Galician language", p. 139-158) avalíase a política lingüística desenvolvida en diversos eidos: 1) No ensino o Comité de Expertos "encourages the Spanish authorities to take the necessary measures to ensure that bilingual versions of widely used administrative texts and forms are made available in all State administration offices in Galicia" (p. 147); 2) no ámbito xudicial tamén se insta a modificar o marco xurídico para que as autoridades penais, civís e administrativas leven a cabo os procedementos en galego, a garantir aos acusados e testemuñas o dereito a empregar o galego aínda que dominen o castelán, a notificar ás partes que, se unha delas o solicita, o procedemento será en galego, a promover o emprego do galego no funcionariado (principalmente xuíces e fiscais) e a establecer programas de formación para o persoal administrativo e avogados; 3) no eido da administración estatal e dos servizos públicos ínstase ao goberno central a pór ao servizo dos galegos a documentación en galego; 4) eido dos medios de comunicación; 5) actividades e servizos culturais; 6) vida e economía social; 7) intercambios transfronteirizos. Nas conclusións finais sinálase que, malia a existencia dunha lexislación que regula o emprego do galego na administración, aínda seguen xurdindo problemas de aplicación. Así mesmo, vólvese insistir na situación do galego en Asturias e na necesidade de adoptar medidas de promoción en todo o Estado respecto ás linguas, fonte de riqueza cultural.

779 (R/05). Mariño Davila, Esperanza / Noya Beiroa, Raquel: "A planificación lingüística en Galicia: Un balance do último lustro (1990-1995)", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:103-133. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/ galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analizan a planificación lingüística levada a cabo en Galicia entre 1991 e 1995 desde organismos públicos e privados en distintos ámbitos (ensino, igrexa, medios de comunicación, literatura, etc.) e contrapoñen a situación galega coa de Euskadi e a de Cataluña.

780 (R/05). Monteagudo Romero, Henrique: "Cara á oficialización do idioma galego no Estatuto de Autonomía de 1932: Un proceso complexo e polémico", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:143-196. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Documentado traballo que se ocupa de analizar os debates que sobre a cuestión lingüística se produciron en Galicia en 1931 e 1932, motivados pola elaboración do proxecto de *Estatuto* de 1932. O autor explica como "as resistencias trabadas na propia Galicia ao recoñecemento oficial do idioma do país gozaron dunha notable forza" (p. 144) e como, finalmente, se deu chegado ao recoñecemento do idioma galego no anteproxecto de Estatuto de Autonomía grazas ao traballo de líderes galeguistas como Alexandre Bóveda (1903-1936).

781 (R/04). Peres Rodrigues, José Henrique: "Língua desprestigiada ou falantes desprestigiados?", [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor, [2002], <http://webs.uvigo.es/h06/weba573/persoal/henr/trab8.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/10/2007]. | [Reed.]: *Análise Empresarial*, 34, 2004:97-100.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor sostén a idea de que o conflito lingüístico en Galicia é "a expressom dum conflito mais amplo: um conflito de base social" (p. 97). Ver o problema simplemente dende o plano lingüístico leva a cometer erros de diagnóstico e a seguir modelos de normalización inxenuos, unicamente centrados en lle outorgar prestixio ao código, sen buscar a normalidade social dos seus falantes. Seguindo o exemplo do Quebec, o autor establece unha relación directa entre a mellora social da poboación francófona e a maior consideración que o francés acadou no mesmo proceso. No caso galego, indica, "o reconhecimento (nem sequer igualdade plena) outorgado à lingua galega na legislaçom vigente nom implicou em modo algum uma equiparaçom social dos seus falantes aos falantes de castelhano" (p. 97-98) e, polo tanto, aos galegofalantes quédalles "pura e simplesmente a opçom de mudar de língua e assimilar-se ao grupo dominante para evitar os preconceitos que operam contra eles" (p. 98). Por outra parte, destaca o feito de que "existe umha verdadeira elite com conciência de classe a usufruir e defender um estatuto privilegiado sobre a maioria social galego-falante" (ibid.), que son unha minoria, pero que "disponhem de muita influência e poder, e as suas interferencias sobre o processo de normalizaçom e padronizaçom do galego som patentes" (p. 99). "Nom se trata somente de que o galego continua a ser adscrito ao atraso, à incultura, ao rural, ao barbarismo..., senom também (e sobretudo) de que os falantes de galego continuam a ser olhados como atrasados, incultos, rurais, bárbaros... E essa imagem continua a ser alimentada e mesmo reforçada até a fartura na actualidade por aqueles que controlam os meios de transmissom ideológica" (ibid.).

Vid. tamén as entradas 567-1, 575-1, 864.

52221 Aspectos xurídicos da normalización

782 (N/05). "Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Moaña", *BOPPontevedra*, 16, 25-I-2005:31-34. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, [2005], <http://www.bop.depontevedra.es/bop.PONTEVEDRA/2005/bop.PONTEVEDRA.20050125.016.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/06/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: en Henrique Monteagudo Romero (dir.) et al., *Kit para a Normalización da lingua*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, [2007], <http://www.culturagalega.org/kit/docs/normativabasica/NB_Ord_Moaña.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 03/05/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Publicación do texto íntegro da *Ordenanza de Normalización Lingüística* do Concello de Moaña (PO), asinada o 12/04/2004 pola Técnica de Normalización Lingüística, Paula Soto Viñas, e aprobada por acordo plenario da Corporación Local o 01/07/2004.

783 (N/04). "Ordenanza de uso do galego na Administración municipal de Oleiros", *BOPCoruña*, 91, 22-IV-2004. | [Ed. en liña n.v.]: [A Coruña], Deputación da Coruña, [s.d.], <http://www.dicoruna.es/bop/2004/04/22/3851-x.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 03/05/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Publicación do texto íntegro do *Regulamento de uso do galego na Administración Municipal de Oleiros (A Coruña)*, aprobado por acordo plenario do concello de Oleiros o 29/01/2004.

784 (N/04). "Ordenanza de uso do galego na Administración Municipal do Excmo. Concello de Ribadeo", *BOPLugo*, 113, 30-V-2004:10-13. | [Ed. facs. en liña n.v.]: en Henrique Monteagudo Romero (dir.) et al., *Kit para a Normalización da lingua*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, [2007], <http://www.culturagalega.org/kit/docs/normativabasica/NB_Ord_Ribadeo.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Texto íntegro da norma que trata de promover o uso da lingua galega na administración municipal do concello de Ribadeo (LU). Foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno do concello o 15/03/2004 e definitivamente por este decreto da Alcaldía do 10/05/2004. Aparece organizada en doce capítulos cun total de 26 artigos: I. Do uso do idioma galego | II. Ámbito de aplicación | III. Do uso do galego na organización municipal | IV. Das relacións coas e cos administrados | V. Das relacións institucionais | VI. Dos avisos, publicacións e actividades públicas | VII. Dos rexistros | VIII. Da atención ao público | IX. Toponimia, sinalización e rótulos | X. Da selección, provisión e reciclaxe do persoal | XI. Do impulso institucional | XII. Do cumprimento e seguimento da seguinte ordenanza.

785 (R/05). "Resolución da Alcaldía pola que se ordena a publicación do texto íntegro da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra", *BOPPontevedra*, 231, 30-XI-2004:6-13. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Pontevedra], Deputación Provincial, [2004], <http://bop.depontevedra.es/html/ga/>, [Formato: PDF], [Consulta: 28/08/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Pontevedra, Concello de Pontevedra, [2004], <http://www.concellopontevedra.es/novo/pdf/N20041223840.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 28/08/2006]. | [Nova ed. n.v.]: *Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra*, [Pontevedra], Concello de Pontevedra, Concellaría de Normalización Lingüística, [2005], 24 p. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: en Henrique Monteagudo Romero (dir.) et al., *Kit para a normalización da lingua*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, [2007], <http://www.culturagalega.org/kit/docs/normativabasica/NV_Ord_Pontevedra.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/03/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Norma que trata de promocionar o uso da lingua galega na administración municipal do concello de Pontevedra. Aparece organizada en dez capítulos: 1) "Do uso oficial do idioma"; 2) "Ámbito de aplicación", 3) "Do uso do galego na organización municipal"; 4) "Das relacións cos/as administrados/as"; 5) "Das relacións institucionais"; 6) "Dos avisos, publicacións e actividades"; 7) "Topónimos, sinalización e rótulos"; 8) "Da selección, provisión, formación e reciclaxe do persoal"; 9) "Do cumprimento e seguimento da ordenanza"; 10) "Do impulso institucional". Inclúe un anexo coa listaxe das formas oficiais dos topónimos do concello, organizados por parroquias.

786 (N/05). [Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo]: *Plan de política lingüística da Universidade de Vigo*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2005, 77 p. | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <http://www.uvigo.es/indice/Uvigo_PlanPoliticaLing_2005.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Texto aprobado polo Consello de goberno da Universidade de Vigo o 14 de decembro de 2004. Tras a análise da situación da lingua galega na Universidade de Vigo, expóñense os obxectivos, programas e medidas destinados a acadar a normalización do uso do galego nesta institución.

787 (N/05). Angueira, Anxo: "A lingua galega e a constitución europea", *A Trabe de Ouro*, 61, 2005:95-98 [95-98].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Texto lido no *Foro Social Galego* (xaneiro, 2005). Critica o *Tratado para o que se designa unha Constitución para Europa* por distintos motivos, entre eles o seu silencio sobre as linguas minoritarias e a súa discriminación.

788 (N/05). Cienfuegos Salgado, David: *Políticas y derechos lingüísticos: Reflexiones sobre la lengua y el derecho*, México, D.F., Porrúa, 2005, VIII + 252 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Índice: 1. Globalización y lenguas: la contradicción del universalismo | 2. El derecho a la lengua. Acerca del modelo europeo y el caso mexicano | 3. Soluciones normativas a conflictos lingüísticos: un análisis

de los sistemas estadounidense y canadiense | 4. Notas sobre la política lingüística en Paraguay y Perú | 5. El régimen de las lenguas españolas en las comunidades autónomas | 6. ¿Jueces bilingües? El conocimiento de la lengua autonómica en la constitución y estatutos de autonomía españoles | 7. Nacionalismo y lengua. Una relación compleja | 8. Lenguas indígenas y español en México | 9. El régimen jurídico de la diversidad lingüística en México. A propósito de la Ley general de derechos lingüísticos de los pueblos indígenas | 10. El ejercicio del derecho a la lengua en el ámbito procesal mexicano.

789 (N/05). Costas González, Xosé Henrique: "Notas sobre o informe do Comité de Expertos do Consello de Europa: «Aplicación da *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias* en España»", *A Trabe de Ouro*, 63, 2005:129-140 [417-428].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Tras a descrición da *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, aprobada en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 por representantes dos Estados membros do Consello de Europa e ratificada por España o 9 de abril de 2001, analízase criticamente o informe español sobre a aplicación da dita Carta, o cal cualifica o autor como "un cúmulo de despropósitos estrados ao longo de centos de folios" (p. 134 [422]); ademais, este documento "ignora totalmente a propia existencia do galego en Castelá e León", a pesar de estar recoñecido no artigo 4.2 do Estatuto de Castela e León reformado en 1999, e menciona "algo do «gallego-asturiano" (p. 135 [423]), aínda que non cita o caso do galego en Estremadura, igual có doutras linguas de España como o catalán de Murcia, o éuscaro de Castela e León, etc.

790 (N/05). Ferreira Fernández, Antonio Xavier / Nogueira López, Alba / Tato Plaza, Anxo / Villares Naveira, Luís: *Estatuto xurídico da lingua galega*, Vigo, Xerais, 2005, 254 p. (= *Universitaria. Manuais*; 11).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Utilísima monografía (a máis ampla elborada ata agora) coa que se pretende "facilitar unha ferramenta para que os lectores poidan coñecer tanto o alcance [da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983)] e doutras normas lingüísticas como para amosar o longo treito que falta aínda por andar e as posibles alternativas para percorrelo" (p. 7). Un dos obxectivos principais da mesma é "presentar, dun modo facilmente comprensible, os dereitos lingüísticos dos cidadáns e as vías de defensa dos seus dereitos, xunto cos límites que estes poden ter […]. Tamén […] se lle presta especial atención á evolución da xurisprudencia nos distintos eidos que aclara a interpretación e contido concreto cos que, en definitiva, nos atopamos os e as cidadáns á hora de facer valer os nosos dereitos lingüísticos. Ademais esas referencias xurisprudenciais axudan a comprender o grao de aplicación e os obstáculos cos que se pode atopar a normalización lingüística nos distintos eidos" (ibid.). Por outra banda, "estúdanse tanto as obrigas e dereitos no ámbito público (Administracións públicas, educación, xustiza, función publica…) como as máis recentes tendencias a introducir regulacións lingüísticas que contribúan a normalizar as relacións privadas (publicidade, relacións mercantís…). Como é natural, as primeiras leis de normalización centraron os seus esforzos en iniciar o proceso de normalización no terreo dos poderes públicos, pero é evidente que a consecución dunha efectiva normalización non pode deixar á marxe o amplo abano de relacións privadas […] que, a través doutro tipo de normas, poden ser obxecto da acción normalizadora" (p. 8). | Índice (indícanse únicamen os títulos das seccións e os apdos. xerais de cada unha): [I.] Aproximación ao marco xurídico internacional e constitucional do galego: 1. Introdución | 2. O galego no seo da UE: oficialidade lingüística na UE e liberdades comunitarias

| 3. O marco constitucional e estatutario | 4. Breve análise da evolución da lexislación lingüística en Galicia | 5. Especial referencia ao estatuto xurídico do galego exterior | [II.] O galego no ámbito xurídico público: 1. O galego no eido parlamentario | 2. O galego no eido administrativo | 3. A normalización lingüística 4. A protección do dereito ao uso do galego perante a Administración pública | [III.] O galego no ámbito xudiciario: 1. A lingua perante os procesos xurisdicionais | 2. Tutela xurisdicional dos dereitos lingüísticos | 3. As arbitraxes | [IV.] O galego no eido do dereito privado: 1. A lingua perante os rexistros públicos | 2. A lingua nos instrumentos públicos | 3. A lingua nos documentos privados | [V.] O galego no ámbito xurídico económico e mercantil: 1. Introdución | 2. O Estatuto xurídico da lingua galega perante os Rexistros Mercantís | 3. O idioma da etiquetaxe dos produtos comercializados en Galicia | 4. A utilización do idioma galego na publicidade | 5. Consideracións finais sobre o estatuto xurídico do galego no tráfico mercantil.

Recs.: *O Cartafol*, 22, 2005, <http://ocartafol.usc.es/pasaafolla.asp?OCartafol=22>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/11/2005] | Manuel Rodríguez Alonso, "As leis e o galego", *Cartafol de libros*, 01-VI-2005, <http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>, [Consulta: 08/05/2006] | Josep Ochoa Monzo, *Llengua i Dret*, 45, 2006:345-349 | *Longa Lingua*, 3, 2007:29.

791 (N/04). Freixeiro Mato, Xosé Ramón: "O galego na *Carta Europea de linguas minoritarias*", *A Nosa Terra*, 1133, 2004:16. | [Nova ed. rev.]: en Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Lingua, nación e identidade*, Bertamiráns, Ames, Laiovento, 2006:111-117 (= *Ensaio*; 213).

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Resúmese o contido do informe que o autor, como delegado en Galicia da Axencia Europea para as Linguas Menos Estendidas, presentou perante o Consello de Europa e perante os representantes dos diferentes grupos políticos en cadansúa reunión o 27 de maio de 2004 en Madrid. No informe, valórase un documento previo de 2002 onde o goberno español se declara fiel cumpridor dos compromisos adquiridos na *Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias*, aprobada en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 por representantes dos Estados membros do Consello de Europa e ratificada por España o 9 de abril de 2001. Afírmase que, en contra do exposto neste documento, o goberno "incumpre de maneira flagrante" a Carta e para o demostrar analízanse os usos da lingua galega nos ámbitos do ensino e da administración pública. Tamén se critica a falta dunha política que favoreza as relacións lingüístico-culturais de Galicia con Portugal, Asturias e Castela-León.

Recs.: Rocío Dorado Fernández, *RGaF*, 8, 2007:187-191 [189-190].

792 (N/05). Garcia Negro, Maria Pilar: "Língua Galega e Legislação: Propostas da legalidade/ Propostas da necessidade. Sincronia do Galego a respeito do Espanhol, do Catalão e do Basco", *Diacrítica*, 19/1, 2005:129-138.

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. c

Análise da situación sociolingüística do galego e breve repaso pola súa historia externa. Céntrase basicamente na lexislación actual que establece para as linguas distintas do castelán "um regime [...] de *liberdade vigilada*" (p. 134) en base aos seguintes principios: o castelán é lingua *de iure*, dispón de "mais instrumentos legislativos ao seu serviço" (p. 135) e, tendo en conta o artigo 3 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE do 29/12/1978), "fica legalmente em entredito tanto a fórmula da co-oficialidade territorial como a da co-oficialidade pessoal" (p. 138). Por outra banda, e

fronte ao acontecido en Euskadi e Cataluña, a autora sostén que a política lingüística desenvolvida polo goberno galego en vinte anos non influíu decisivamente no proceso de normalización.

793 (N/05). Gómez-Valadés, Pedro: "Do galego e da Constitución Europea", en *O Tratado da Constitución Europea: Visións desde Galiza*, A Coruña, Baía, 2005:237-239.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reflexión sobre as repercusións da Constitución Europea na lingua galega e a posición da UE ante a diversidade lingüística.

794 (N/05). Hermida Gulías, Carme: "O tratado constitucional europeo e as linguas minoritarias", *A Trabe de Ouro*, 61, 2005:99-105 [99-105].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Texto lido no *Foro Social Galego* (xaneiro, 2005) no que se analizan os aspectos lingüísticos do *Tratado para o que se designa unha Constitución para Europa*: as linguas que se propoñen como oficiais na UE, as linguas minorizadas, os dereitos lingüísticos, etc. Conclúese que, desde o punto de vista lingüístico, o tratado é discriminatorio, contraditorio e inútil.

795 (R/04). Huerga Fidalgo, Gonzalo de la: "Las lenguas oficiales en las Administraciones Públicas", *RAP*, 154, 2001:323-364. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Logroño], Universidad de La Rioja, DIALNET, [2004], <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=17528>, Formato: PDF, [Consulta: 12/03/2008]. | Trad. gal. de Lidia Fernández Pastoriza e Alexandre Alonso Alonso: *As linguas oficiais nas Administracións Públicas*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 2002, 110 p. (= *Conferencias e documentos*; 11).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Índice: I. Preámbulo | Conceptos generales | II. Breves referencias a la situación en el entorno europeo: 1. En la Organización de la Unión Europea | 2. En el Estado irlandés | 3. En el Estado italiano | 4. En el Estado belga | 5. En la Confederación Helvética | III. La situación en el Estado español: 1. Antecedentes generales | 2. Nivel estatal: a) Preámbulo | b) ¿Deber de conocer los idiomas oficiales? | c) Cómo se puede instrumentar la oficialidad | d) Campos en el uso de la oficialidad | d.1) En los Tribunales | d.2) En el ámbito administrativo de carácter general | d.3) En los ámbitos administrativos particulares | d.4) La norma estatal general | 3. Nivel autonómico: a) Consideraciones previas | b) Los ámbitos administrativos de carácter general | b.1) País Vasco | b.2) Cataluña | b.3) Galicia | b.4) Comunidad Valenciana | 4. Nivel local | a) Desde la perspectiva estatal | b) Desde la perspectiva autonómica | b.1) En Galicia | b.2) En el País Vasco | b.3) En Navarra. | Ten interese lingüístico o apdo. titulado "A situación no Estado Español" (p. 39-96 da trad. gal.), no que se repasa a lexislación lingüística existente tanto a nivel estatal (principalmente nos tribunais e no ámbito administrativo xeral e particular), como autonómico e local. Neste último, saliéntase a importancia da Lei 5/1997, do 22 de xullo, sobre Administración Local (DOG do 05/08/1997), que establece no artigo 7 que o galego é a lingua propia da administración local. No que se refire ao nivel autonómico, faise referencia á entrada en vigor da Lei de normalización lingüística [Lei 3/1983, do 15 de xuño (DOG do 14/07/1983)] e o que esta supuxo para a promoción do galego en diferentes ámbitos.

796 (R/05). Milian Massana, Antoni: "La regulación constitucional del multilingüismo", *REDC*, 4/10, 1984:123-154. | [Ed. dix.]: en *Revista Española de Derecho Constitucional, 1981-2004*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2005, DVD / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Logroño], Universidad de La Rioja, DIALNET, [2008], <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=249932>, Formato: PDF, [Consulta: 12/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Índice: I. Introducción | II. El artículo 3 del texto constitucional | 1. Análisis de sus elementos | a. La lengua oficial del Estado | b. Alcance jurídico de la oficialidad del castellano | c. Su ámbito | d. Deber de conocer el castellano y derecho a usarlo | e. Carácter preceptivo de la oficialidad de las demás lenguas españolas | f. Las demás lenguas españolas | g. Sanción de la cooficialidad idiomática en las Comunidades autónomas con lenguas españolas distintas de la lengua castellana | h. Los Estatutos de autonomía como normas jurídicas que hacen efectiva la oficialidad de las lenguas españolas distintas de la lengua castellana | i. Alcance jurídico de la oficialidad de las demás lenguas españolas | j. Las modalidades lingüísticas | k. Respeto y protección de las modalidades lingüísticas | 2. El modelo constitucional de ordenación del hecho multilingüe.

797 (R/05). Petschen Verdaguer, Santiago: "Los principios reguladores de las lenguas en la Europa Contemporánea", *RAS*, 6, 1997:73-87. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/cps/1131558x/articulos/RASO9797110073A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A situación das linguas na sociedade amosa unha gran mobilidade temporal. Nos cambios que se producen inciden factores espontáneos (demográficos, económicos e científicos) e factores dirixidos (a acción do poder). Os factores espontáneos inflúen máis a longo prazo e entre eles destaca o principio de territorialidade, o único capaz de asegurar a pervivencia dunha lingua. As linguas que non contan cun territorio no que sexan consideradas propias, poden temer a súa extinción. No territorio é onde encontran complementariedade o factor espontáneo e o dirixido. No terreo institucional e no que se refire a Europa, as organizacións internacionais teñen un tipo de conduta distinto ao dos estados verbo das linguas de menor difusión (rexionais ou minoritarias). Mentres as organizacións internacionais (Consello de Europa, UE, OSCE) lles prestan atención, os estados reléganas. Na actualidade constátase a existencia dunha acción na sociedade civil internacional que quere incidir nunha máis xusta organización das linguas con primacía moral sobre a acción dos poderes públicos [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

798 (N/05). Ramón i Mimó, Oriol: "Drets lingüístics fonamentals de la ciutadania europea", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:205-225 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Primeiramente, revísase o estado do plurilingüismo na UE, para o cal se ofrece unha breve introdución sobre a lexislación en vigor máis importante. A continuación, explícanse os cambios que experimentan as situacións sociolingüísticas nas cidades, exemplificando coa cidade de Barcelona. Para rematar, explícanse as alternativas que ofrece a *Declaración universal de Dereitos Lingüísticos* verbo da corrección dos desequilibrios que se xeran para os usuarios das linguas.

799 (N/05). Revenga Sánchez, Miguel: "Notas sobre la oficialidad lingüística y cultura constitucional", *Llengua i Dret*, 43, 2005:129-144.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comeza por revisar as dúbidas que se derivan dun concepto tan impreciso como o de *oficialidade lingüística*. A partir da consideración das linguas como poderosos factores de identificación nacional, constata que non existe un contido típico da oficialidade nin tampouco criterios aceptados con carácter xeral para distinguir entre linguas oficiais ou maioritarias e linguas non oficiais ou minoritarias. Desde o punto de vista da cultura constitucional, o importante son as prácticas dos poderes públicos en materia lingüística e non definicións de estatus cheas de imprecisión e ambivalencia. Isto é especialmente certo no caso da Constitución española de 1978, cuxo art. 3 constitúe todo un modelo de declaracións "concentradas" na materia, do que non se deduce con claridade en que consiste a oficialidade, cal é o seu alcance e cales son as implicacións dun concepto como o de *linguas de España*, que non tén no resto do texto constitucional un desenvolvemento axeitado. Por outra banda, os estatutos de autonomía das comunidades con lingua propia centráronse no aspecto promocional da lingua, mais en liñas xerais pódese dicir que o Estado autonómico español non tomou en consideración a idea das modalidades lingüísticas como un patrimonio digno de respecto e protección. Xa que logo, España amosa un panorama sociolingüístico máis diverso do que podería parecer a primeira vista, sen que a lexislación nin a actuación dos poderes públicos estivese en consonancia con esta diversidade. Unha segunda anomalía é a escasa presenza (por non dicir nula) que ata hai ben pouco tempo tiñan as linguas de España distintas do castelán fóra do seu respectivo ámbito territorial, anomalía relacionada con certas visións conflitivas da pluralidade lingüística que conviría abandonar [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén a entrada 706.

52222 A normalización no ensino

800 (R/05). "El idioma gallego en las escuelas", *Revista Gallega*, V/213, 1899:1. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois de destacar a recuperación do uso do galego que se está a producir na prensa rexional diaria e nas sociedades de recreo e instrución, o autor manifesta que o perigo máis importante para o galego está nos mestres de escola que ensinan en castelán ou nunha mestura das dúas linguas. Exalta o labor dos mestres que ensinan en galego.

801 (R/05). Acuña Trabazo, Ana / González Pereiro, Neves / Monteserín Cancio, Ana: "O galego na escola de idiomas de Madrid: entrevista coas profesoras", *Madrygal*, 2, 1999:149-150. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR9999110149A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

As entrevistadas explican a súa experiencia como profesoras de lingua galega na Escola Oficial de Idiomas en Madrid: que tipo de alumnos teñen, que nivel de ensino imparten, que iniciativas desenvolven para a difusión da cultura galega, etc.

802 (R/05). Asorey Vidal, Daniel: "Normalización e ensino secundario", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:59-77. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Repásase brevemente o tratamento que recibiu o galego no ensino, centrándose basicamente nos sécs. XIX e XX para poder analizar os usos e actitudes cara ao galego que amosan os alumnos dun instituto de Santiago. O autor cre que, malia existiren normas legais que regulan o uso da lingua galega no ensino secundario, moitas veces non se cumpren; de aí que "o ensino segue a ter un poder castelanizante, asimilador e discriminante" (p. 76). No que atinxe aos usos e actitudes do alumnado, sinala que en xeral os mozos se declaran favorables á potenciación da lingua galega e que o seu emprego nas aulas non implica unha maior dificultade para a asimilación de contidos.

803 (N/04). González Sanmamed, Mercedes / Fuentes Abeledo, Eduardo José / Iglesias Amorín, Fernando / Santos González, María del Carmen / Veiga Río, Emilio J.: "Demandas de formación para utilizar o galego no ensino", *Adaxe*, 20, 2004:5-22.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presentación dos resultados dunha investigación descritiva orientada a detectar as necesidades e demandas formativas para o ensino en galego que manifestan os profesores de ensinanza infantil e primaria de Galicia. Os datos proceden dunha enquisa elaborada cunha escala de valoración tipo Likert de catro puntos na que, a través de diversos items, se recolleron as opinións do profesorado sobre a formación que desexan recibir. Concretamente, as opinións dos profesores refírense á organización da formación, ao financiamento, ao lugar de realización, á temporalización, á avaliación e aos contidos. Os cuestionarios aplicáronse nos meses de abril e maio de 2001 cunha mostraxe aleatoria estratificada. Do total da poboación de referencia seleccionáronse 164 centros públicos e 31 privados, onde se recolleron 1.347 cuestionarios (574 na provincia da Coruña, 158 en Lugo, 147 en Ourense e 468 en Pontevedra), cunhas porcentaxes de participación moi semellantes á distribución das unidades escolares de infantil e primaria por provincias. | Índice: 1. Introducción | 2. O galego no ensino: a formación do profesorado de Infantil e Primaria | 3. A investigación sobre necesidades formativas do profesorado | 4. Deseño

da investigación | 5. Análise dos principais resultados | 5.1. Características dos participantes | 5.1.1. Distribución dos participantes por provincias e segundo a situación do centro | 5.1.2. Distribución do profesorado participante segundo as variables sexo e idade | 5.1.3. Distribución do profesorado participante segundo a variable plan de estudios | 5.2. Valoración das modalidades de formación | 5.3. Valoración das institucións para organizar a formación | 5.4. Valoración dos axentes de formación | 5.5. Necesidades e demandas de formación sobre a lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino | 5.6. Razóns para participar en actividades de formación | 6. Principais conclusións.

804 (N/05). González Sanmamed, Mercedes / Fuentes Abeledo, Eduardo José / Iglesias Amorín, Fernando / Santos González, María del Carmen / Veiga Río, Emilio J.: "O galego no ensino: perspectivas do profesorado", *RGPPE*, 10/12, 2005:265-289.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presentación dos resultados dunha investigación destinada a determinar as opinións e valoracións que manifesta o profesorado de ensino infantil e primario de Galicia sobre diversos aspectos relacionados coa situación do galego na sociedade e no ensino. A aproximación empírica realizouse mediante a elaboración dun cuestionario cunha escala de valoración tipo Likert de catro puntos, en que a través de diversos ítems se recolleron as perspectivas e opinións dos profesores sobre o proceso de normalización da lingua galega, o seu nivel de competencia lingüística e de uso cotiá do galego, e as condicións que motivan ou non a empregalo no ensino [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

805 (N/05). Lasagabaster, David: "7. El aprendizaje de la lengua minoritaria y la extranjera: ¿dos compañía, tres multitud?", en Xosé Antón González Riaño (coord.), *Llingua y lliteratura nes aules: Actes del X alcuentru «Llingua minoritaria y educación»*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, [2005]:175-201 (= *Estaya Pedagóxica*; 18).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza a política lingüística en materia de educación, que, coa implantación da democracia en España, lle deu un pulo importante ao multilingüismo, incorporando aos currículos oficiais o estudo das linguas minoritarias e das linguas estranxeiras. O autor ocúpase fundamentalmente do éuscaro, se ben sinala que a caracterización que ofrece se pode extrapolar ao asturiano, aragonés, catalán, galego, sardo, bretón, ou calquera outra lingua minoritaria nas mesmas condicións. | Índice: Introducción | 1. El sistema educativo vasco | 2. ¿Son tres lenguas demasiadas lenguas? | 3. ¿En que medida afecta el aprendizaje temprano de inglés a las otras dos lenguas presentes en el currículo en programas bilingües y al desarrollo cognitivo? | 4. ¿Es realmente efectivo el aprendizaje temprano del inglés? | 2. ¿Cuáles son las actitudes de los hablantes de lenguas minoritarias ante la presencia de la lengua extranjera? | 3. Conclusiones.

Recs.: *Lletres Asturianes*, 90, 2005:150-151 [151].

806 (R/05). Mayo Redondo, Susana / Vaquero Quintela, Isabel: "Un exemplo de actividade dinamizadora dun servicio de normalización: O boletín universitario *O Cartafol*", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:135-142. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago

de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Faise un breve percorrido pola historia do boletín *O Cartafol*, que desde 1992 publica o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, e descríbese o seu deseño editorial. O seu obxectivo é favorecer o emprego da lingua galega na comunidade universitaria, ofrecendo información sobre planificación lingüística, sobre materiais lingüísticos, sobre sociolingüística, así como favorecer a participación dos universitarios no proceso de normalización.

807 (R/05). Núñez Singala, Manuel Carlos: "O apoio a traballos de investigación en lingua galega. Unha experiencia de planificación lingüística", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:197-203. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbese a experiencia levada a cabo desde o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela co fin de promover o emprego da lingua galega en traballos de investigación para, dese xeito, favorecer a longo prazo unha maior incorporación do galego ás aulas. Ofreceuse axuda lingüística e económica para todos aqueles que quixesen presentar en lingua galega a tese de doutoramento, a memoria de licenciatura ou o proxecto de fin de carreira. Posto que esta campaña era moi recente no momento da publicación do artigo, aínda non se dispuña de datos suficientes para avaliar a súa repercusión.

Vid. tamén as entradas 107, 567-2, 595, 709, 786, 822, 1044.

52223 A normalización na administración pública

808 (R/05). "Las lenguas regionales", *Revista Gallega*, VI/290, 1900:1. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Comenta a decisión dos colexios de avogados de lles permitir ás testemuñas falar a súa lingua propia para evitar problemas de comprensión.

809 (R/05). Bascoi Maceiras, Beatriz: "Elaboración do Plan de normalización lingüística do Concello de Ferrol", *Novas CTNL*, 16, 2004:5. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, [2005], <http://www.ctnl.org/upload/des/34-a-novasctnl16.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 15/06/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Descríbense as distintas fases polas que pasou a elaboración do *Plan de normalización lingüística [do Concello de Ferrol]* (2003, vid. *BILEGA* 12675), que comezou en xaneiro de 2002, despois de completarse un estudo diagnóstico sobre a situación do idioma galego no concello. O proceso deseñouse coa idea de favorecer a máxima participación cidadá na xestación do documento e por iso se crearon os *grupos de participación social* cuxo traballo rematou coa posta en común do texto final no Consello Municipal de Lingua; ese texto sería finalmente aprobado polo Pleno do Concello por unanimidade. O artigo tamén ofrece unha descrición sumaria dos obxectivos nos diversos ámbitos de actuación que define o plan, así como a estrutura do documento que o recolle.

810 (R/05). Cochón Rodríguez, Concepción: "Luces e sombras na normalización do galego desde os concellos", *Novas CTNL*, 16, 2004:2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, [2005], <http://www.ctnl.org/upload/des/34-a-novasctnl16.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 15/06/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Resposta ao artigo "Política lingüística municipal" (2003, vid. *BILEGA* 13428) de Xosé Manuel Sarille. A autora defende o labor dos normalizadores lingüísticos dos concellos e sinala que en moitos casos os plans de normalización lingüística son froito do labor desenvolvido polos normalizadores. Indica, así mesmo, que a normalización lingüística está condicionada en moitos casos pola situación económica e social dos concellos, o cal repercute no labor dos normalizadores.

811 (R/05). Galanes Santos, Iolanda / Souto González, Marta: "Experiencias normalizadoras no Concello de Vigo", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:91-102. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

As autoras céntranse no proceso de normalización lingüística levado a cabo desde o Servizo de Normalización Lingüística do concello de Vigo. Descríbense as actividades levadas a cabo desde este organismo para lograr a normalización do idioma tanto no eido administrativo como social.

812 (N/05). Ríos Santomé, Soledad: "Coñecemento do galego no acceso á función pública local un estudo de caso: Moaña = Knowledge of Galician Language in the Access to the Local Administration a Study of Case: Moaña", *Madrygal*, 8, 2005:107-118. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0505110107A.PDF >, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Avalía o coñecemento do galego nos procesos selectivos levados a cabo na Administración local -concretamente no concello de Moaña (PO)- entre 1980 e 2000. A autora sinala que "[a]índa sendo este un aspecto no que se lexislou de continuo desde 1983, data da Lei de normalización lingüística, a normativa non sempre se respectou (p. 107) e conclúe da súa análise que o "proceder político de todo este período (1979-2000) verbo do cómputo do galego nos procesos selectivos do Concello de Moaña ofrece unha visión caótica no que a desorganización e a falta dun criterio claro e determinante semellan ser as claves que rexen os diferentes mandatos" (p. 117).

813 (N/05). Rodríguez Ennes, Luis / Fernández Barreiro, Alejandrino: *Fray Martín Sarmiento y el mundo del Derecho: Discurso leído el día 19 de mayo de 2000 en la solemne sesión de ingreso [en la Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación] de Académico de Número Iltmo. Sr. Don Luis Rodríguez Ennes y contestación del Iltmo. Sr. Don Alejandrino Fernández Barreiro Académico de Número*, A Coruña, Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación, 2000, 117 p. | [Reed.]: Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública (EGAP), [2005], 117 p. (= *Conferencias e documentos*; 12). | [Versión gal. dos apdos. II.1 e II.2]: "O marco histórico-cultural do Padre Sarmiento", *BIEV*, 7, 2001:71-83. | [Versión gal. do apdo. V]: "Sarmiento e a galeguización da Administración de Xustiza", *BAL*, 18, 2002:1-3.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E

Índice: I. Exordio | II. Introducción: 1. El marco histórico: la Ilustración | 2. Aproximación a la figura de Fray Martín Sarmiento | III. Sarmiento y el Derecho penal: 1. Situación del Derecho penal en el siglo XVIII | 2. Rechazo de la tortura y abolición de la pena de muerte | 3. Sustitución de las penas corporales por medidas de seguridad | IV. Sarmiento y el derecho de propiedad: 1. Necesidad de una reforma agropecuaria | 2. Crítica a los modos de vinculación de la tierra | 3. Reforma tributaria | 4. Defensa de la propiedad intelectual | V. Sarmiento y la galleguización de la Administración de Justicia | VI. Sarmiento y los derechos de la mujer | VII. Sarmiento y la polémica entre el Derecho romano, el Derecho natural y el Derecho nacional | VIII. Epílogo | IX. Bibliografía. | Ten interese lingüístico o apdo. "Sarmiento y la galleguización de la Administración de Justicia" (p. 79-82), onde se comeza falando do "apartheid" social sufrido polos membros da maxistratura, aos que se lles prohibía toda relación coa poboación da súa localidade natal. Entre os factores que propiciaron este desarraigo social inclúense a prohibición do uso do galego na redacción dos instrumentos xudiciais. Neste sentido, repásanse os precedentes históricos que supuxeron chegar a esta situación, tales como a prohibición por parte de Afonso X de empregar o galego, as sucesivas substitucións nobiliares e eclesiásticas na Idade Media, a ausencia do uso do galego nas escribanías (desde o séc. XIV) e na Real Audiencia (creada en 1840). Desta marxinación, faríase eco frei Martín Sarmiento (1695-1772) nas súas obras, solicitando o coñecemento da lingua vulgar para exercer a maxistratura nos territorios con lingua propia, entresacando exemplos tirados das propias obras do autor.

Vid. tamén a entrada 795.

52224 A normalización nos medios de comunicación

814 (R/05). "Los idiomas nacionales. Era de justicia", *Revista Gallega*, V/229, 1899:1. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Dá noticia da autorización por parte do goberno para usar as linguas rexionais en telegramas, telefonemas e cablegramas. Destaca a importancia que ten isto para a consideración social do galego, ata o momento desprestixiado polas circunstancias históricas, e reivindícao como lingua propia de Galicia e como medio de expresión das particularidades do pobo galego.

815 (N/05). Aneiros Díaz, Rosa / López García, Xosé: "Las fórmulas dialogadas en los orígenes del periodismo en lengua gallega", *EMP*, 11, 2005:223-242. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/inf/11341629/articulos/ESMP0505110223A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/05/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. EC

Repárase na forma dialogada como modalidade expresiva adoptada nos primeiros textos xornalísticos escritos en galego a comezos do séc. XIX e avalíase a importancia deste xénero no rexurdir da lingua galega escrita. Nestes diálogos abórdanse cuestións relacionadas coa vida relixiosa, política e local do momento. Segundo os autores, "[s]u importancia será determinante en el fluir de la larga historia de la lengua gallega en los medios que se asienta por primera vez en 1876 con *O tío Marcos d'a Portela*" (p. 223) [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. El periodismo en Galicia a inicios del siglo XIX | 2. Antecedentes históricos de los diálogos | 3. Análisis formal y de contenido | 3.1. Lugar de edición | 3.2. Formato | 3.3. La autoría de los textos | 3.4. Periodicidad | 3.5. La construcción del relato informativo | 3.6. La cuestión lingüística | 3.7. La asunción del valor de la opinión pública | 3.8. Temáticas | 3.9. El contrapunto. Un diálogo absolutista | 4. La finalidad de las tertulias. A modo de conclusión | 5. Referencias bibliográficas.

816 (N/05). Ares Sanmartín, María: "Os medios de comunicación e o uso do galego na comarca de Ferrol. II", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:109-113 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Repásanse os datos de estudos sociolingüísticos anteriores para explicar a situación lingüística do concello de Ferrol e a xestación do seu *Plan de Normalización Lingüística* (2003, vid. *BILEGA* 12675). O resultado deste proceso deu como froito a fixación de catro obxectivos que se desenvolverán a través de varias liñas de acción que, á vez, terán unha concreción nunha serie de medidas: 1) incentivar o incremento do uso do galego nos medios de comunicación ferroláns; 2) fomentar o uso do galego

entre os xornalistas, apoiando o seu desenvolvemento profesional nesta lingua; 3) promover o uso do galego nos servizos prestados polos medios de comunicación; 4) impulsar estratexias de colaboración e de promoción conxunta do galego no mundo das comunicacións.

817 (N/05). Baleato, Suso: "Galeguizar a informática: O poder político da rede", *Tempos Novos*, 101, 2005:24-25, il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Destácase a alternativa do software libre como a única posible para galeguizar de vez a informática, posto que "é a única opción se queremos incrementar a concorrencia económica ao tempo que a nosa viabilidade cultural" (p. 25). Os constantes cambios de versións que se dan nos modelos de tecnoloxías propietarias deixan obsoletas as versións galeguizadas anteriores, con considerables perdas económicas e sociais, en opinión do autor.

818 (N/05). Loureiro, Ramón: "Os medios de comunicación e o uso do galego na comarca de Ferrol. III", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:115-117 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor remarca a preocupación polo galego como vehículo de comunicación oral e interrógase sobre as medidas que se poden adoptar para que estea presente nos medios de comunicación.

819 (N/05). Sanfiz, Henrique: "Os medios de comunicación e o uso do galego na comarca de Ferrol. I", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:105-107 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrece, entre outros datos, un decálogo de medidas para potenciar o uso do galego nos medios, diante dos medios e desde os medios.

Vid. tamén as entradas 603, 800, 822, 1103.

52226 A normalización no ámbito socioeconómico

820 (N/05). Calvo, Tucho: "Posibilidades de dinamización lingüística e cultural no mundo da empresa. II. Xoguemos a gañar", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade

da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:179-180 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Exponse a importancia de Biblos Clube de Lectores como empresa que transmite ideas positivas arredor da lingua e a cultura galegas. Esta empresa persegue: acadar unha imaxe prestixiosa para os libros e os autores, achegarllos á sociedade e "tinguidos de *glamour*" (p. 180) e facer deles unha referencia de calidade e prestixio.

821 (N/05). Couceiro, Carme: "Posibilidades de dinamización lingüística e cultural no mundo da empresa. III. Libraría Couceiro: A Coruña. A nosa historia", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:181 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Resúmese a historia da Libraría Couceiro, desde os seus inicios na cidade de Santiago de Compostela (1969) ata o ano 1982, en que se decidiu abrir unha outra na Coruña, aínda que con total independencia da primeira. De entre as actividades de dinamización que se levan a cabo desde esta última, saliéntase o feito de que no verán percorran toda Galicia promocionando o galego e que nos últimos anos mesmo tomen parte na feira do libro de Madrid.

822 (N/05). Fernández Carballido, Xurxo: "Entre a fraude e a esperanza: Unha política lingüística para a sociedade", *Tempos Novos*, 101, 2005:28-30, il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Opínase sobre o labor do Goberno galego en materia de política lingüística, nomeadamente do saído das eleccións de 2005. Fálase tamén das iniciativas desenvolvidas desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística e destácanse varias áreas que, en opinión do autor, cumpriría pór en destaque nunha nova política lingüística (p. 29): o cumprimento das normativas respecto do emprego do galego no ensino, a revisión e optimización dos recursos destinados á súa promoción e difusión nos medios de comunicación e industrias culturais, a promoción, difusión e incentivación no mundo económico, comercial e empresarial e, finalmente, a defensa dos dereitos lingüísticos por parte da cidadanía galega.

823 (N/05). Formoso Gosende, Valentina: "A lingua galega na empresa: dos estigmas á modernidade", *ECO*, 170, 2005:50-51.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reflexión sobre a situación da lingua galega no ámbito empresarial. Sinálase que son as empresas galegas máis grandes as que utilizan en maior medida o galego escrito. Segundo a autora, cómpren medidas que impulsen "unha visión da empresa moderna" que inclúa o uso do galego.

824 (N/05). Lado Lago, Xoán Antón: "Posibilidades de dinamización lingüística e cultural no mundo da empresa. IV", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:183-190 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor describe os servizos lingüísticos que ofrece a empresa Reverso e reflexiona sobre o papel da empresa como axente formativo e normalizador no mundo empresarial e sobre a importancia que ten o mundo laboral na produción e reprodución do galego no proceso de socialización do idioma.

825 (N/05). Romero, Daniel: "Posibilidades de dinamización lingüística e cultural no mundo da empresa. I", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:169-178 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor parte da consideración do mundo socioeconómico como un espazo imprescindible para a normalización lingüística, para, a continuación, perfilar algunhas ideas nese camiño. Resalta o papel da administración e da iniciativa social na contribución á dinamización lingüística e á plena normalización social do galego.

Vid. tamén a entrada 604.

52227 A normalización noutros ámbitos

826 (N/05). Bascoi Maceiras, Beatriz: "O proceso de normalización lingüística de tres cidades galegas: Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. II", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:89-95 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Seguindo o artigo "O proceso de normalización lingüística desde unha administración municipal: a experiencia do concello de Santiago" (2002, vid. *BILEGA* 10928) de Socorro García Conde, a autora encadra en tres tipos de actuación a actividade da administración: 1) a intervención directa; 2) a actividade de control; 3) a actividade de promoción. Desde esta tripla estrutura, amósanse as posibilidades que ten un

concello de actuar en materia de normalización lingüística. Ademais, ofrécense exemplos do que se fixo en cada un dos concellos e do que quedou sen facer por falta de capacidade ou por falta de vontade.

827 (N/05). García Conde, Socorro: "O proceso de normalización lingüística de tres cidades galegas: Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. I", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:83-88 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Primeiramente, deséñase o marco xeral de actuación do proceso de normalización lingüística do galego nas tres grandes urbes galegas. A seguir, resáltase o papel das cidades como polo de dinamismo e cambio social. A continuación, remárcase a responsabilidade que teñen as administracións no proceso de normalización lingüística facendo alusión a algúns datos tirados do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (vid. *BILEGA* 3481, 5202, 6799). Logo, enuméranse algúns instrumentos ou ferramentas de administración local para intervir no proceso. Finalmente faise fincapé na necesidade de coordinación dos esforzos entre os distintos axentes que interveñen no proceso para obter resultados exitosos.

828 (N/05). González González, Manuel: "La proyección exterior de la lengua gallega", *El Español en el Mundo*, 2005:441-444. | [Ed. en liña n.v.]: Madrid, Centro Virtual Cervantes, [2005], <http://cvc.cervantes.es/obref/anuario/anuario_05/gonzalez/>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/12/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbense brevemente os esforzos realizados para que o galego acade un estatus de normalidade en Galicia e unha maior proxección exterior. Respecto disto último, saliéntanse como fundamentais as seguintes iniciativas: a tradución de escritores galegos a outras linguas, os cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros, organizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, a creación de lectorados e Centros de Estudos Galegos en universidades estranxeiras e, finalmente, a creación de bolsas para investigadores estranxeiros no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

829 (N/05). Jamardo Curros, María Xosé: "Lingua calidade", *ECO*, 170, 2005:58-59.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reflexión sobre a importancia da normalización do galego no mundo da empresa, para a que é preciso que as institucións potencien o seu uso neste ámbito.

830 (N/05). Souto Vaqueiro, Marta: "O proceso de normalización lingüística de tres cidades galegas: Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. III", en Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (ed.), *Lingua e cidade: I Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións / Servizo de Normalización Lingüística, 2005:97-104 (= *Cursos, Congresos, Simposios*; 81). | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña,

Universidade da Coruña, Servizo de Normalización Lingüística, 2007, <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Cidade.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Trátase a promoción do galego (realización de accións de intervención social para a normalización da lingua). Comézase por salientar que a administración local non é a única que debe realizar este labor e proponse unha nova maneira de formular as accións de intervención. Logo, repásanse algunhas propostas que se levaron a cabo segundo este modelo.

Vid. tamén as entradas 603, 675, 703, 709, 800, 1064.

52229 Os servizos de normalización e os servizos lingüísticos

831 (R/05). Bermúdez Blanco, Manuel / García Conde, Socorro: "A formación dos traballadores de Servicios Lingüísticos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:79-90. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Achegamento ao labor e formación dos traballadores dos servizos de normalización e dos servizos lingüísticos en Galicia. Compárase a situación de Galicia coa de Cataluña e sinálanse as carencias existentes. Segundo o autor, os técnicos, ademais de coñeceren a lingua galega, deben ter outro tipo de coñecementos segundo o servizo lingüístico en que traballen e deben contar con programas de formación específicos.

832 (N/05). Luna Alonso, Ana: "Servizos de normalización lingüística e ferramentas de apoio á tradución cara á lingua galega", en José Yuste Frías e Alberto Álvarez Lugris (eds.), *Estudios sobre traducción: teoría, didáctica, profesión*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2005:173-196 (= *Traducción & Paratraducción*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A autora realiza unha análise exhaustiva dos Servizos de Normalización Lingüística existentes no momento, con especial atención ao ámbito do ensino, da comunicación e da empresa. Esta análise complétase cunha reflexión sobre as funcións que están a cumprir e sobre as carencias que, na súa opinión, se poden atopar no labor que desenvolven, motivadas pola falta de apoio da administración autonómica en cuestións relativas a dotación de material e coordinación entre os distintos servizos [T.A.G.].

Vid. tamén as entradas 806, 807, 811, 1134.

523 Sociolingüística interaccional e etnografía da comunicación

833-1 (R/04). Álvarez Cáccamo, Celso: "Building Alliances in Political Discourse: Language, Institutional Authority, and Resistance", *Folia Linguistica*, XXX/3-4 [= Helga Kotthoff (ed.), *Interactional Sociolinguistics*], 1996:245-270. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, Páxina persoal do autor, [2004], <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1996fl.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 18/03/2006] / <http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/folia96.html>, Formato: HTML, [Consulta: 18/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Estuda a construción da autoridade institucional e da hexemonía interaccional no discurso político público a partir da analise dun pleno do concello de Vigo onde se falou en galego e en castelán. A microanálise detallada dos datos revela que a autoridade institucional constrúese a través dun mecanismo conversacional básico: o entretecido táctico de alianzas de poder local entre os participantes. Así, para forxar as alianzas discursivas na interacción e reforzar o control hexemónico local do espazo da fala, os representantes institucionais mobilizan os seguintes recursos discursivos: discurso referido, linguas e rexistros, prosodia, patróns retóricos e manipulación de elementos indéxicos, termos identitarios e expresións referenciais do espazo. O estudo mostra como o poder conversacional que subxace á construción interaccional da autoridade consiste nun enfrontamento dinámico entre os interactuantes a través de configuracións locais de alianzas discursivas [G.P.V.].

833-2 (N/05). Gestido de la Torre, Eloi: "Principios teóricos da etnografía da comunicación. Consideracións xerais para unha análise aplicada ao contexto galego = Theoretical Rudiments of the Ethnography of Communication. General Considerations to an Analysis within Galician Context", *Madrygal*, 8, 2005:55-64. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0505110055A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL)

Reflexións de carácter xeral sobre a etnografía da comunicación, teoría e método deseñado para a análise das interaccións verbais. A intención é recuperar, revisar e presentar os principios teóricos propostos por Dell Hymes desde 1962 para comprobar a súa aplicabilidade actual no campo concreto da análise de eventos comunicativos desenvolvidos no contexto galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

834 (N/05). Gestido de la Torre, Eloi: *Perspectiva etnográfica para a análise do galego coloquial: Revisión teórica e aplicación do modelo SPEAKING aos eventos comunicativos de sobremesa; consideracións sobre as fórmulas*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución, 2005, 367 p. | [Publics. parciais]: "Principios teóricos da etnografía da comunicación. Consideracións xerais para unha análise aplicada ao contexto galego" (2005, vid.); "*Outro café?* Aproximación ás secuencias de ofrecemento en contexto de sobremesa" (2006, vid.); "O modelo speaking de Hymes: posta a punto teórica e aplicación aos eventos comunicativos de sobremesa" (2007, vid.).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL)

O autor trata de desenvolver un conxunto de principios teóricos e metodolóxicos que posibilitan a análise da lingua galega no estilo de fala coloquial. A perspectiva que adopta, baseada nas propostas establecidas desde 1962 pola etnografía da comunicación, considera a lingua como un sistema de comunicación no que interveñen diversos códigos comunicativos, non só os estritamente segmentais senón tamén os de natureza prosódica, paralingüística, quinésica e proxémica, entre outros; ademais das características gramaticais, o estudo dos usos lingüísticos concíbese tendo en conta aqueloutros factores (psicolóxicos, sociais e culturais referidos ao longo do traballo) que singularizan cada intercambio, que sitúan o discurso e, en definitiva, orientan a significación. Tamén se teñen en conta os avances doutras perspectivas de investigación máis recentes encargadas da análise da fala, como a sociolingüística interaccional, a análise do discurso e da conversa, e a pragmática, cuxas propostas complementan e arrequecen os principios etnográficos de partida. Para demostrar a viabilidade do método proposto, o estudo céntrase nun contexto comunicativo concreto, os eventos comunicativos de sobremesa, e trata de analizar os fenómenos conversacionais particulares denominados *fórmulas* (recoñecidos como unidades fraseolóxicas) mediante a aplicación e refinamento do modelo *SPEAKING*. Nun apéndice final inclúese a transcrición das conversas das que se tiraron os datos analizados no traballo [A.].

Vid. tamén a entrada 245, 576, 609, 640-3, 647.

524 Lingua e identidade

835 (N/05). Alén Garabato, María Carmen / Boyer, Henri: "Jeunes galiciens entre deux pays et trois langues", en Cécile Van den Avenne (ed.), *Mobilités et contacts de langues*, Paris, L'Harmattan, 2005:61-74 (= *Espaces Discursifs*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise do comportamento lingüístico dunha mostra representativa de mozos, fillos da emigración galega asentada en Suíza, que conviven con tres linguas: o francés, o galego e o castelán. A través dunha serie de entrevistas con eles, analízanse os usos lingüísticos na escola e no seo familiar, facendo referencia en cada caso ao tipo de interlocutor a que se enfrontan (amizades, pais, nais, avós ou avoas). A seguir, céntrase na alternancia das linguas galega e castelá manifestada na perda da transmisión xeracional nestes individuos, a quen os pais, galegofalantes entre si, lle falan en castelán nos domicilios, de xeito que "les parents ont manifestement répercuté dans les usages familiaux la situation de *diglossie inégalitaire* (donc *conflictuelle*) de la société galicienne, entre le galicien [...] et le castillan langue" (p. 69). Tamén se fai fincapé no alto grao de prexuízos que demostran ter os entrevistados cara ao galego, ao que describen como unha lingua "bruta", "do monte", ou mesmo denominando "castrapo" a fala coloquial inzada de gheada e seseo, fronte á variedade culta presente nos medios de comunicación galegos.

836 (R/05). Domingues, Caroline: *Identité régionale et stratégie de communication médiatique: L'exemple de la Galice*, Thèse pour le Doctorat, Université de Bourgogne, Dijon, 1999, 462 p., 1 mapa. | [Ed. facs.]: Lille, Atelier National de Reproduction des Thèses, 1999. | [Nova ed. rev.]: *Identité régionale et médias: L'exemple de la Galice*, Paris, L'Harmattan, 2005, 202 p. (= *Recherches et documents. Espagne*). | [Ed. facs. en liña da nova ed.]: [2005], <http://www.

editions-harmattan.fr/catalogue/commande/commande_add.asp?no=20101&cdo=0&cdf=1&cds=0>, Formato: PDF, [Consulta: 30/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Trata de aclarar as relacións entre identidade rexional e medios baseándose no caso galego que, segundo a autora, é unha das rexións máis homoxéneas e definidas territorial e socialmente do Estado español. Para o desenvolvemento do traballo aborda o estudo dos referentes identitarios de Galicia no plano histórico, lingüístico, social e político e logo a análise do papel dos medios privados (prensa escrita e radio) e públicos (radio e televisión) na promoción identitaria. Definido o conxunto dos contextos, adóptase unha aproximación comunicativa para estudar os obxectivos, as intencionalidades e as estratexias dos diferentes actores do campo mediático. Nunha cuarta parte póñense de manifesto as súas estratexias territoriais, as relacións entre lingua e medios, o sistema de interaccións constituído entre o conxunto destes actores, así como as estratexias dos medios en termos de imaxe. O caso de Galicia amosa que unha identidade rexional forte non implica sempre a súa toma en consideración nos medios; a imaxe e as representacións xunguidas a unha lingua, a unha historia, desempeñan neste caso un papel motor.

837 (N/05). González Riaño, Xosé Antón: "¿Qué ye pasa a Galicia con Asturias?", *Entrambasauguas*, 22, 2005:30-31, il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Reflexión sobre a galeguidade en termos históricos, etnográficos e lingüísticos dos concellos do occidente de Asturias. Segundo o autor, perante a actitude "expansionista" do nacionalismo galego, desde a perspectiva lingüística "faise necesario aclariar qu'a *fala* ou gallego-asturiano é úa variedá llingüística que [...] se ten que considerar, a todos os efectos, como a *llingua propia* del Navia-Eo y con úa entidá específica" (p. 31) e, desde unha perspectiva etnográfica, trátase dunha zona "culturalmente asturiana" (ibid.), algo que tamén ocorre do punto de vista histórico. É por iso que considera primordial o recoñecemento oficial da lingua asturiana e da fala ou galego-asturiano no territorio do Navia-Eo "pra manter a integridá y identidá asturianas" (ibid.).

Recs.: *Lletres Asturianes*, 91, 2006:170.

838 (N/04). Loureiro Rodríguez, Verónica: "Género, identidad e ideología en la Galicia diglósica", en Annette H. Levine e Ricardo F. Vivancos Pérez (eds.), *Selected Proceedings: The Sixth Annual Graduate Student Conference on Hispanic and Lusophone Literatures, Cultures, and Linguistics (February 26th and 27th 2004)*, Santa Barbara, CA, University of California at Santa Barbara, Department of Spanish and Portuguese, 2004:159-167.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

839 (N/05). Moreno Fernández, Francisco: "Medias lenguas e identidad", [Ed. en liña n.v.]: en *III Congreso Internacional de la Lengua Española: Identidad lingüística y globalización [Rosario, Argentina, noviembre de 2004]*, Madrid, Centro Virtual Cervantes, [2005], <http://cvc.cervantes.es/obref/congresos/rosario/ponencias/aspectos/moreno_f.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/04/2007]. | [Ed. en liña n.v.]: Madrid, Centro Virtual Cervantes, [2008],

<http://www.congresosdelalengua.es/rosario/ponencias/aspectos/moreno_f.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 12/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Logo dunha breve reflexión sobre a identidade persoal ligada á lingua, sinálase a imposibilidade de achar unha coincidencia real nas ecuacións "lingua = dominio xeográfico", "lingua = nación" e "lingua = estado". Neste sentido, o autor cre que o feito de unha lingua se atopar na periferia dun sistema xeo-socio-lingüístico fai que teña menos prestixio que a que se atopa no centro dese mesmo sistema. A análise dos diferentes centros e periferias que conforman o mundo hispánico merece a atención do groso do artigo, centrándose nas solucións fronteirizas, que o autor denomina "medias linguas". Son estudadas a partir de tres grupos: a) Mestura nas fronteiras xeográficas, onde se inclúen as falas galegas de Estremadura (As Ellas, Valverde do Fresno e San Martiño de Trevello); b) Mesturas nas fronteiras interétnicas (xeo-étnicas); c) Mesturas nas fronteiras sociais, onde se inclúe o caso do "portuñol", o español cargado de elementos do portugués que os hispanofalantes chegados ao Brasil usan desde finais do XIX. Respecto desta variedade lingüística, engade o autor que "cuando los españoles emigrados son de origen gallego, la mezcla a veces no permite identificar dónde acaba el gallego o el castellano y dónde empieza el portugués" (s.p.).

840 (N/05). O'Rourke, Bernadette: "Expressing Identity through Lesser-Used Languages: Examples from the Irish and Galician Contexts", *LAIC*, 5/3-4, 2005:274-283. | [Ed. facs. en liña]: <http://www.multilingual-matters.net/laic/005/laic0050274.htm>, [Consulta: 16/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízase como as linguas minorizadas son empregadas como expresión de identidade, centrándose no caso do irlandés e do galego, para o que se toman como base algunhas conclusións relativas a unha pesquisa sobre as actitudes lingüísticas e ideoloxías de mozos galegos e irlandeses.

841 (N/05). Ovide, Evaristo: "4. L'emplegu de les nueves teunoloxíes na enseñanza del asturianu", en Xosé Antón González Riaño (coord.), *Llingua y lliteratura nes aules: Actes del X alcuentru «Llingua minoritaria y educación»*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, [2005]:55-74 (= *Estaya Pedagóxica*; 18).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Índice: 1. ¿Qué son les nueves teunoloxíes? | 2. Análisis de la situación actual de la llingua asturiana | 2.1. Funciones del asturianu | 2.1.1. Función del asturianu como arbía de comunicación | 2.1.2. Función del asturianu como símbolu d'identidá [Partindo dos datos tirados do *II Estudio Sociollingüístico de Asturias: 2002* (2003, vid. *BILEGA* 14232) de Francisco Javier Llera Ramo e Pablo San Martín Antuña, indícase que para un 31.4% dos asturianos as linguas propias de Asturias son o asturiano e o galego-asturiano, fronte a un 67.8% que cre que é o castelán] | 2.2. Presencia del asturianu | 2.2.1. Cantidá de falantes d'asturianu | 2.2.2. L'asturianu nos llibros, periódicos y revistes | 2.3. Actitúes de los asturianos hacia la llingua | 2.3.1. Oficialidá | 2.3.2. Proteición pal asturianu | 2.3.3. Interés por deprender bien asturianu | 2.3.4. Demanda de medios de comunicación n'asturianu | 3. Conclusiones del análisis | 4. Nueves aportaciones de la informática | 4.1. Meyores dentro de la clas | 4.1.1. Eficacia | 4.1.2. Eficiencia | 4.2. Meyores al traviés de la comunicación entre profesores | 4.2.1. Más recursos con menos trabayu | 4.2.2 Meyora na calidá de los recursos pedagóxicos | 4.2.3. Sofitu pa nuevos profesores | 4.2.4. Posibilidá de facer actividaes

comunes entre centros | 4.3. Presencia de la llingua na sociedá | 5. Ferramientes de la informática | 5.1. Sitiu web | 5.1.1 Tipos de sirvidores | 5.1.2. La información de la páxina web | 5.1.3. Conclusión | 5.2. Corréu electrónicu | 5.2.1. Tipos de cuentes de corréu electrónicu | 5.2.2. Conclusión | 5.3. Programes de voz y testu a tiempu real | 5.3.1. MSN Messenger | 5.3.2. Yahoo! Messenger | 5.3.3 Conclusión | 5.4. Foros | 6. Conclusión.

Recs.: *Lletres Asturianes*, 90, 2005:150-151 [151].

842 (R/05). Romay Martínez, José / García Mira, Ricardo: "Identidad cultural y lingüística en Galicia", [Ed. dix.]: en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües = Bilingual Communities and Individuals: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo = Proceedings from the First International Symposium on Bilingualism (Universidade de Vigo, Galicia-Spain, 21-25 Outubro / October 1997)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 2003:146-160, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/01/Romay.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Traballo encadrado nun proxecto de investigación sobre contacto de linguas e culturas en diferentes comunidades autónomas bilingües españolas. Os autores parten da consideración de que o concepto de *vitalidade etnolingüística* está formado por tres factores socioculturais (o demográfico, o institucional e o de estatus). Por *identidade etnolingüística* entenden a integración da identidade respecto da lingua e da cultura. Os obxectivos deste estudo son: 1) mostrar como se manifestan os diferentes tipos de identidade etnolingüística en suxeitos da Comunidade autónoma galega en comparación con outras comunidades bilingües; 2) analizar a relación entre os diferentes tipos de identidade etnolingüística canto á intensidade da vitalidade etnolingüística percibida (crenzas exocéntricas e egocéntricas); 3) explicar os diversos niveis de identificación neste contexto. Os autores postulan tres tipos de identidade etnolingüística: 1) unha identidade ligada á Galicia como territorio autónomo; 2) unha identidade bicultural-bilingüe que integraría o nivel identitario autonómico e o español; 3) unha identidade ligada á identidade española. Os suxeitos da investigación empírica foron 480 estudantes universitarios dos tres primeiros cursos das tres universidades galegas, dos que se obtiveron datos a través dun cuestionario deseñado no marco do proxecto de investigación. A análise dos resultados permite afirmar que todo o relacionado con cada unha das linguas autonómicas (galego, éuscaro e catalán): competencia, uso, actitudes, etc., é interdependente tanto coa identificación etnolingüística como coa vitalidade etnolingüística. Os resultados tamén apuntan a unha diferenciación entre uso da lingua e a forza e prestixio do grupo lingüístico [L.Z.V.].

843 (N/05). Romay Martínez, José / Iglesias Antelo, Susana: "Lengua y vitalidad etnolingüística en Galicia", en Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, Anxo M. Lorenzo Suárez e Fernando Ramallo (eds.), *Bilingualism and Education: From the Family to the School*, München, Lincom Europa, 2005:363-375, 1 mapa (= *Lincom Studies in Language Acquisition*; 12).

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Estudo das relacións entre lingua e vitalidade etnolingüística en Galicia cos seguintes obxectivos: (a) obter un perfil descritivo de cada un dos grupos de falantes desta comunidade (galegofalantes,

castelanfalantes e bilingües en función dunha serie de variables socioeconómicas e demográficas); (b) valorar a percepción que os diferentes grupos teñen da vitalidade etnolingüística do galego e do castelán. A investigación enmárcase na teoría da vitalidade lingüística (Howard Giles, Richard Bourhis e Donald Taylor, "Towards a Theory of Language in Ethnic Group Relations", en Howard Giles (ed.), *Language, Ethnicity and Intergroup Relations*, London, Academic Press, 1977:307-348; Jake Harwood, Howard Giles e Richard Bourhis, "The Genesis of Vitality Theory: Historical Patterns and Discoursal Dimensions", *IJSL*, 108, 1994:167-206) que estuda cómo os factores demográficos, institucionais e de estatus se interrelacionan cos comportamentos psicosociais e etnolingüísticos presentes e futuros dos falantes. Está baseada nunha mostra de catrocentos suxeitos galegos (51,6% mulleres e 48,4% homes), maiores de 16 anos e agrupados nos seguintes intervalos de idade: 16-25 (19%), 26-40 (24%) e 41-60 (29%) de máis de 61 anos (28%). Seguiuse un sistema de rutas aleatorias e unha representación proporcional das diferentes provincias, hábitat (urbano: 34%, semiurbano/semirural: 32%, rural: 34%) e as pirámides de idade e de sexo. A análise dos resultados permite describir os diferentes perfís: (1) Galegofalantes: individuos de certa idade, nacidos e residentes en municipios rurais, con só estudos primarios, baixos ingresos, con familias establecidas en Galicia dende sempre; o galego é a súa lingua materna; (2) Castelanfalantes: procedencia preferentemente urbana e co castelán como lingua materna; en xeral, teñen estudos de maior nivel e máis ingresos que os galegofalantes; (3) Bilingües: individuos de mediana idade, nacidos en municipios semiurbanos, residentes en ámbitos urbanos, con familias establecidas en Galicia dende sempre e co galego como lingua materna. Todos os grupos de falantes coinciden en opinar que o galego e o castelán son linguas fortes e que o prestixio do galego aumentará no futuro. A maior vitalidade do galego percibida para o futuro obedece á súa institucionalización como lingua oficial en Galicia, á súa presenza no ensino e ao aumento de falantes bilingües ligado á progresiva urbanización de Galicia. O paradoxal destes resultados é que, malia aumentar a vitalidade lingüística do galego, diminúe o número de falantes monolingües en galego [G.P.V.].

Vid. tamén as entradas 244, 503, 563, 575-1, 628, 629.

525 Historiografía da sociolingüística galega

Vid. as entradas 122, 731.

▶ 6 LINGÜÍSTICA HISTÓRICA E CRÍTICA TEXTUAL

62 Orixe e formación do galego

844 (R/05). Brea, Mercedes: "Formación y características del gallego", *RFR*, 3, 1985:121-130. | [Reed.]: en Aurora Juárez Blanquer (ed.), *Las lenguas románicas españolas tras la Constitución de 1978*, Granada, Ediciones TAT, 1988:121-130 (= *Colección Romania. Biblioteca Universitaria de Estudios Románicos*; 1). | [Ed. facs. dix. da 1ª ed.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM8585110121A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

A autora comeza indicando como se formou a lingua galega, a través das achegas dos diferentes pobos que habitaron o noroeste peninsular, desde os habitantes prerromanos ata a influencia árabe e xermánica. A seguir, describe como se produciu a separación política e lingüística entre o galego e o portugués. Finalmente, debrúzase na descrición das características diferenciadoras do galego fronte ao portugués e o castelán. No plano fonético, destaca a existencia de sete fonemas orais en galego, fronte aos cinco do castelán e ás vogais nasais do portugués; a existencia de só tres fonemas vocálicos átonos finais e o mantemento dos ditongos intermedios *ou*, *ei*, *oi* son outros trazos caracterizadores do galego. No consonantismo, establece as diferenzas entre as tres linguas no tocante á existencia ou non do fonema fricativo sonoro /v/, a redución das labiovelares iniciais *KW-* e *GW-*, a palatalización dos grupos iniciais de *oclusiva + L*, a sonorización das xordas intervocálicas, a desaparición de *-L-* e *-N-* latinas intervocálicas, a redución de *-LL-* e *-NN-* latinas intervocálicas, a supresión da oposición xorda / sonora no sistema de sibilantes e a evolución do grupo latino *KT*. As conclusións desta comparativa móstranse nun cadro onde se aprecian de maneira gráfica as características distintivas do consonantismo galego fronte ao do castelán e portugués. No plano morfosintáctico, sinala de maneira sumaria as diferenzas entre as tres linguas nos aspectos que teñen que ver co tratamento do xénero, as formas do artigo determinado, os pronomes persoais, os posesivos, os demostrativos, o sistema verbal [considerado conservador no galego "puesto que no se han desarrollado las formas perifrásticas para los tiempos del perfectum" (p. 129)], os adverbios, as preposicións. No plano léxico destaca os seguintes termos propios do galego: *agarimar*, *aloumiño*, *bágoa*, *cunca*, *lóstrego*.

845 (R/05). Fernández Neira, Santiago: "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II/45, 1896:3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Carta ao director da revista (inserida na sección *Campo neutral*), na que se presentan diferentes opinións sobre a orixe da lingua portuguesa: os que pensan que é celta, os que a consideran latina e tamén

os que lle atribúen unha orixe grega. O autor supón que os filólogos galegos manteñen posicións semellantes, por seren galego e portugués linguas irmás. Salienta a importancia da próxima edición da *Crónica Troiana* galega.

846 (R/05). García Turnes, Beatriz: "A orixe do galego segundo Francisco Adolfo Varnhagen, editor do *Cancioneiro de Ajuda*", *Madrygal*, 5, 2002:53-60. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0202110053A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

En 1849, Francisco Adolfo Varnhagen publicou as *Trovas e cantares de um codice do XIV século: ou antes, mui provavelmente "O livro das cantigas" do Conde de Barcelos*, a primeira edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda*. A pesar de que coñece a cita de Duarte Nunes de Leão, en 1849-50 non acepta a súa idea da unidade lingüística medieval. Como salienta a autora, "non está disposto a admitir que Portugal poida comparti-la súa lingua con outra nación que non sexa ou fose colonia súa, porque unha cousa é afirmar que os lusitanos levaron o influxo civilizador do seu idioma polo mundo todo [...] e outra que as orixes del se encontraron no país veciño. A pesar das semellanzas que, como dialectos latinos que son, os unen, galego e portugués son considerados como unidades diferenciadas dende a Idade Media" (p. 59). Así as cousas, non cabe a posibilidade de que a literatura trobadoresca sexa compartida. Os textos que se conservan ou están escritos en galego ou en portugués e, polo tanto, ou pertencen á literatura galega ou á literatura portuguesa. F. A. Varnhagen inclínase pola opción lusitanista e, de feito, a atribución galega das *Cantigas de Santa María* non deixa de ser fugaz.

Recs.: *LLBA*, 37, 2003:[200306826].

Vid. tamén a entrada 744.

621 O latín da Gallaecia e o proceso de romanización

Vid. as entradas 477, 927-1.

622 Influencias substratísticas e superestratísticas

847-1 (R/05). Correa, José Antonio: "Elementos no indoeuropeos e indoeuropeos en la historia lingüística hispánica", en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:35-57 (= *Ariel Lingüística*). | 2ª ed., 2005:35-57.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Descríbese a situación lingüística da Península Ibérica ao redor do séc. III a.C., cando chegan os romanos. Existen moitas linguas e analiza as máis coñecidas, entre elas o *celtíbero* que ocupa o noroeste peninsular.

Faise unha breve descrición desta lingua, principalmente da súa fonética, e a súa influencia na evolución do latín ao español.

Recs.: Pilar Montero Curiel, *RSEL*, 36, 2006:414-424 [414-415].

847-2 (R/05). Corriente Córdoba, Federico: "El elemento árabe en la historia lingüística peninsular: actuación directa e indirecta. Los arabismos en los romances peninsulares (en especial, en castellano)", en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:185-206 (= *Ariel Lingüística*). | 2ª ed., 2005:185-206.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Estuda principalmente a influencia do árabe no castelán no plano fonético, sintáctico e léxico, aínda que tamén fai referencia ás outras linguas peninsulares. No caso do galego, sinala a existencia de varias voces de orixe árabe, entre elas *ceibe*.

Recs.: Pilar Montero Curiel, *RSEL*, 36, 2006:414-424 [416].

847-3 (N/05). Hilty, Gerold: "La herencia visigótica en el léxico de la Península Ibérica", en Sándor Kiss, Luca Mondin e Giampaolo Salvi (eds.), *Latin et langues romanes: Études de linguistique offertes à József Herman à l'occasion de son 80ème anniversaire*, Tübingen, Max Niemeyer, 2005:473-480, 1 mapa. | [Reed.]: en Gerold Hilty, *Íva.l con la edat el coraçon creçiendo: Estudios escogidos sobre problemas de lengua y literatura hispánicas*, Madrid, Iberoamericana / Frankfurt am Main, Vervuert, 2007:85-94, 1 mapa.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Traballo centrado nos gotismos que entraron directamente no protorromance ibérico. O autor considera gotismos as voces que cumpren unha dobre condición: 1) seren xermanismos cuxa base xermánica concorda co que se sabe da lingua gótica (por este criterio, desbota da listaxe de gotismos as voces gal. *britar* «quebrar», *laverca* «cogujada», *lobio* «emparrado» e gal. ant. *trigar* «apresurar», por consideralas de orixe sueva; aínda que manifesta as súas reservas verbo de *laverca*); 2) seren xermanismos que non aparezan coa mesma forma e cun sentido semellante noutras partes da Romania (cf. as voces gal. *espita* «clavo de hierro con que se asegura la llanta del carro, clavo de madera para asegurar la carga de las albaradas» < gót. **SPITUS* e *brétema* «niebla» < gót. **BRÊþMS*) [T.A.G.].

Recs.: Marc van Uytfanghe, *RLiR*, 71/283-284, 2007:525-533 [530].

848-1 (R/05). Kremer, Dieter: "El elemento germánico y su influencia en la historia lingüística peninsular", en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:133-148 (= *Ariel Lingüística*). | 2ª ed., 2005:133-148.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Ofrece en forma sintética unha avaliación da importancia do elemento xermánico (especialmente, do que o autor chama *hispanogótico*, clasificado dentro do xermánico oriental) no léxico das linguas romances peninsulares (incluídos os nomes de lugar e de persoa). A presenza de xermanismos nas linguas peninsulares é grande, se ben cómpre distinguir entre os préstamos directos (voces de orixe xermánica que só están documentadas na Península Ibérica) e os indirectos (os que se extenderon, por medio do latín, por todo ou gran parte do imperio ou que posteriormente entraron nas linguas

iberorrománicas como préstamos románicos a partir do occitano ou o italiano), malia que non sempre resulte fácil diferencialos. Canto ao galego, ao ser o noroeste unha das zonas conquistadas máis cedo, a presenza de formas xermánicas (especialmente suevas) é maior; de aí que cite voces comúns como *sá*, *escá*, *caste* / *casta*, *lobio* «parral», *boiro* «rústico, patán, hombre zafio, sin ilustración», *laverca* «alondra», *meixengra*, *groba* «cárcava». Ademais, sinala os topónimos e antropónimos rematados en *-iz* e outros como *Gondaisque* (LU) < *WANDALISCUS*, *Sá* / *Saa*, *Saavedra* < **SALA*, *Boiro* (documentado desde o a. 934) < **BURJÔ*, *Lobio* < **LAUBJA*, *Groba* < **GRÔBA* ou os formados co elemento latino *VILLA* + nome xermánico de propietario (*VILLA* + *RODERICI* > *Rodriz*, *Rourís*, *Roiriz*, *Rorís*, *VILLA* + *VALERII* > *Vilaver*, *Ver*).

Recs.: Pilar Montero Curiel, *RSEL*, 36, 2006:414-424 [415-416].

848-2 (R/05). Neuvonen, Eero K.: "Los arabismos en las *Cantigas de Santa María*", *BmF*, XII/3-4, 1951:291-352. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/12/boletim12.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. m | 5. lingua escrita: lingua literaria

Intenta "comprobar cuáles arabismos había en el gallego antiguo, y determinar, [...] [a que] vías de entrada pertenecía cada uno [...]. Por situar y fijar los arabismos de las *Cantigas* en el tiempo y en el uso, he examinado numerosos textos gallego-portugueses aproximadamente contemporáneos [...] de las *Cantigas*" (p. 292). Segundo o autor, a porcentaxe de arabismos nas *Cantigas de Santa María* é do 0'1%: nas 235.286 palabras que constitúen as cantigas marianas, aparecen 47 cun total de 242 documentacións. Son os seguintes: *acitara, açoute, açoutar, alcáçar, alçacuela, alcayde, alcaidesa, alcayota(aria), alcorán, aldea, aldeão, alfamar, alfaquí(n), alfres, algar(a), alguazil, aljama, aljube, almafí, almocela, almoeda, almoganar, almoxerife, aluaraz, aluardan, aluayalde, aluoroçarse, atá / até, ataúde, azaría, azeyte, baldón, belmer, coteif, çurame, enxeco, enxarafe, faagar, mesquinno, morauidí, rafece, rauata, recoua, redoma, requa, tabal, xara*.

Vid. tamén as entradas 21, 310, 320, 342-1, 358, 414, 420, 425, 431, 433, 436, 443-1, 443-2, 446, 454, 455, 457, 461, 462, 464, 467, 468, 477, 480, 873, 891, 921, 922, 926-1, 926-2, 927-1, 927-2, 934, 950, 952, 953.

6230s primeiros textos galego-portugueses

849 (N/05). Boullón Agrelo, Ana Isabel: "Consideracións sobre os primeiros textos escritos en galego na Idade Media", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:45-68 (= *Homenaxes*).

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. diacrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

A autora fai un repaso polas datas dos primeiros documentos escritos nas diferentes linguas romances da Península Ibérica para logo centrarse nos da banda máis occidental anteriores a 1260 e localizados xeograficamente en mosteiros espallados por toda Galicia [Santa María de Melón (OU), San Xiao de Samos (LU), Santa María de Sobrado (CO), a área de Ribadavia (OU), San Xoán de Caaveiro (CO), San Salvador de Vilar de Donas (LU), Santa María de Ferreira de Pallares (LU), San Pedro de Montes (LE), Santa María de Montederramo (OU), etc.]. Logo, incide nas posibles relacións entre a existencia da poesía medieval galega e a aparición dos textos en romance. Conclúe afirmando que a xeneralización dos romances na documentación non literaria se deu na Península a partir da segunda metade do século XIII, a pesar de que xa desde comezos do século foran aparecendo testemuños esporádicos, que, no caso do galego, se localizan en lugares e datas diferentes. Sería a reforma lexislativa de Afonso X a que lle deu preeminencia aos romances en todo o tipo de documentación.

850 (N/05). Kabatek, Johannes: *Die Bolognesische Renaissance und der Ausbau romanischer Sprachen: Juristische Diskurstraditionem und Sprachentwicklung in Südfrankreich und Spanien im 12. und 13. Jahrhundert*, Habilitationsschrift, Eberhard-Karls-Universität Tübingen, 2001. | [Public.]: Tübingen: Max Niemeyer, 2005, 298 p. (= *Beihefte zur Zeitschrift für Romanische Philologie*; 321).

1. investigación | 2. ámb. xeral/panrománico | 3. sincrónico e diacrónico | 4. pm | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

O autor investiga as tradicións discursivas altomedievais de textos xurídicos no sur de Francia e na Península Ibérica, tratando de amosar que un dos máis importantes impulsos para a creación dunha escrita elaborada en romance nos sécs. XII-XIII foi o chamado *Renacemento boloñés*, un movemento cultural que viu a luz na Universidade de Boloña, grazas á recuperación e reinstitución do Dereito Romano, e que desde alí se estendeu por toda Europa, deixando pegadas da súa influencia nos diversos territorios románicos. Para demostrar esta hipótese achega argumentos e datos tanto diacrónicos como sincrónicos. Desde a perspectiva diacrónica, describe como van chegando a determinados territorios e linguas as diversas tradicións discursivas de carácter xurídico. Desde a perspectiva sincrónica, pon de relevo a coexistencia e a interrelación entre estas tradicións. O traballo céntrase, sobre todo, na elaboración do occitano e o castelán, aínda que tamén inclúe referencias ao ámbito galego-portugués, e preséntase organizado en catro partes: o cap. 1 constitúe unha interesantísima introdución teórica e metodolóxica na que se presta atención á relación entre tradición textual, cambio lingüístico e elaboración dunha lingua, desde unha perspectiva que, lonxe de aceptar unha concepción lineal do cambio, propugna a necesidade de ter en conta a súa distribución e difusión no ámbito de variación pluridimensional das linguas e fai fincapé na necesidade de ampliar o horizonte da diacronía incorporando á descrición lingüística aspectos textuais. O cap. 2 está dedicado a definir as condicións históricas nas que xorde e se expande o movemento de renovación que supuxo o *Renacemento boloñés*. No cap. 3 analízase a elaboración do occitano na compilación de leis que, baseada na *Summa Trecencis* latina, se xestou no séc. XII co título *Summa Codicis* [máis coñecida como *Lo codi* (ca. 1149-1176)], que tivo versións en diferentes linguas e obras da Península Ibérica. No cap. 4 analízase a elaboración do castelán en diversas obras xurídicas, desde as *Fazañas de Palenzuela* ás *Siete Partidas*, pasando polo *Fuero de Madrid* (versión castelá de *Lo codi*) ou as *Flores de Derecho*. Canto a Portugal, o encontro co Dereito Romano prodúcese a través de Castela, pero diversos testemuños amosan que tamén existiron relacións directas con Boloña, que se intensificaron a partir do séc. XIII pola presenza na cidade italiana de varios portugueses como profesores [B.L.].

Recs.: Roger Schöntag, *VR*, 65, 2006:254-258 | Araceli López Serena, *RHLE*, 1, 2006:187-191.

851 (N/04). Mattos e Silva, Rosa Virgínia: "Novos indicadores para os limites do português arcaico", *Revista da ABRALIN*, III/1-2, 2004:259-268. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2007], <http://www.abralin.org/revista/RV3N1_2/artigo10/RV3N1_2_art10.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/09/2007].

1. investigación | 2. ámb. portugués | 3. diacrónico | 4. m

En primeiro lugar, a autora discute a cuestión da periodización nas chamadas *ciencias históricas*. A seguir, concéntrase na cuestión problemática do inicio da *scripta* romance en manuscritos portugueses recentemente descubertos no IAN-TT, facendo referencia ás hipóteses formuladas por Ana Maria Martins sobre a datación dos primeiros textos romances, en diversos traballos publicados desde a década de 1990. Canto ao límite final do primeiro período documentado do portugués (o portugués arcaico), presenta novos indicadores lingüísticos que permiten propor os mediados do séc. XVI como un posible límite para este período [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. Problematizando a questão histórica da periodização das línguas | 2. O limite inicial do português arcaico: uma questão reaberta | 3. O limite final do português arcaico: novos indicadores lingüísticos | Referências.

852 (R/05). Souto Cabo, José António: "Novas perspectivas sobre a génese da *scripta* romance na área galego-portuguesa. Textos e contextos", *Aemilianense*, I, 2004:569-599. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Logroño], Universidad de La Rioja, DIALNET, [2005], <http://dialnet.unirioja.es/servlet/fichero_articulo?codigo=1083460>, Formato: PDF, [Consulta: 22/06/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. pm | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Tendo en conta a investigación arquivística levada a cabo nos últimos anos e a reavaliación dos criterios escripto-lingüísticos utilizados para definir o que debe considerarse como texto románico, o autor presenta o novo panorama da documentación tabeliónica aberto na configuración do corpus de primeiros textos galego-portugueses, considerando "o conjunto da produção, com marcas romances de diverso género e grau, até ao ano 1250 inclusive" (p. 570). Analízase a situación que, no período considerado, presenta cada un dos territorios politicamente diferenciados (Galicia e Portugal), identificando e describindo, en total, 31 documentos (24 producidos en territorio portugués e 7 en territorio galego) relevantes para examinar a evolución da *scripta* románica no ámbito galego-portugués, entre eles tres docs. galegos que, malia non seren cualificados polos seus editores como docs. romances, tamén poden considerarse significativos para a análise dese proceso. Inclúe a edición de varios docs. representativos, entre os cales se insere un inédito ata agora (o *Arrendo de Redondo*) do ano 1233, "que constitui o segundo documento plenamente românico dos produzidos na Galiza e também o segundo diploma vernáculo de tipo claramente dispositivo do complexo galego-português" (ibid.).

Recs.: Miguel Ángel Puche Lorenzo, *Estudios Románicos*, 15, 2003-06:169-172 [170].

Vid. tamén as entradas 964, 1006, 1008, 1014.

63 Historia externa do galego

853 (R/05). Aladern, Joseph: "A literatura gallega", *Revista Gallega*, III/120, 1897:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Ao principio do artigo dise que foi previamente publicado en catalán na revista *Lo Somatent* (Reus). Manifesta que o galego é máis antigo que o castelán e que este débelle moito a aquel porque aproveitou moitas das súas palabras. Refírese tamén ás primeiras manifestacións literarias do galego, desde a Idade Media ata o séc. XVIII.

854 (N/05). Asaka, Takekazu: "Galego", en Takakazu Asaka e Shoji Bandoo (eds.), *Supein to Porutogaru no kotoba*, Tokyo, Dogakusha, 2005:135-150.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

855 (R/05). Banet Fontenla, Manuel / Barbeito, Avelino / Vaamonde Lores, Florencio / Lugrís Freire, Manuel / Salinas Rodríguez, Galo / Martelo Paumán, Evaristo: "Prosa y verso. Aos estudiantes lusitanos", *Revista Gallega*, IV/155, 1898:4-5. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Co gallo da visita dunha tuna de Coimbra a Galicia, os autores destacan os lazos culturais existentes entre Galicia e Portugal, entre eles a lingua. Para eles trátase da mesma lingua, separada xeograficamente polo devir da historia.

856 (N/05). Barbosa, José Manuel: "Umha história da língua", [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 23-II-2005, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=108>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 23/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Cunha visión reintegracionista, ofrece unha panorámica da evolución do galego-portugués, desde o nacemento ata a actualidade, coa súa expansión por América, Asia e África baixo o nome de portugués. O diversos apdos. do traballo, dedicados ás distintas fases da lingua, inclúen textos relacionados coa época correspondente.

857 (N/05). Beltran, Vicenç: "La armonía de las lenguas (a modo de introducción)", en Vicenç Beltrán, *La corte de Babel: Lenguas, poética y política en la España del siglo XIII*, Madrid, Gredos, 2005:16-37 (= *Biblioteca Románica Hispánica. II. Estudios y ensayos*; 443).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece unha panorámica da situación política da Península Ibérica no séc. XIII e, nomeadamente, das estratexias políticas de Afonso X (1221-1284) para, a partir delas, interpretar o plurilingüismo do sirventés de Bonifaci Calvo, *Un nou sirventes ses tardar* (do que ofrece unha versión en castelán actual),

como un fenómeno habitual nas tradicións literarias da Europa de entón e explicar a elección de linguas que se fai nesta composición. Logo, trata de explicar o uso do galego-portugués por parte do rei sabio. En último termo, intenta amosar a normalidade da convivencia entre as linguas iberorrománicas nesa época. O autor sostén que "la historia poética y literaria del siglo XIII en la Península Ibérica [...], a pesar de la importancia de las traducciones del árabe y de la presencia de autores hebraicos en la corte de Alfonso X [...], represent[a] un momento de equilibrio y convivencia entre lenguas, más que entre religiones. Y de lenguas, además, culturalmente muy próximas, con una posición a veces tan central en el conjunto europeo como la que corresponde a los trovadores provenzales" (p. 35-36).

858 (R/05). Carré Aldao, Eugenio: "La literatura gallega en el siglo XIX", *RCHLEPH*, IV-V, 1900. | [Reed.]: *Revista Gallega*, VI/271, 1900:1-3; VI/272, 1900:3-4; VI/273, 1900:2; VI/278, 1900: 2-3; VIII/364, 1902: 3-4; VIII/365, 1902:2-3; VIII/366, 1902:3-4; VIII/367, 1902:2-4; VIII/368, 1902:2-3; VIII/369, 1902:2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Na introdución o autor fai unha breve revisión da historia do galego e destaca a situación das linguas rexionais nese momento. A continuación, inclúe os seguintes apdos.: 1. Los orígenes [sobre o esplendor da lingua na Idade Media, a súa decadencia nos Séculos Escuros e o séc. XIX]; 2. Los precursores [salienta os prexuízos que operaban nesta época entre os escritores sobre o galego]; 3. La nueva fase [sobre a obra de Rosalía de Castro]; 4. Los continuadores de Rosalía; 5. Curros Enríquez y la nueva generación; 6. De Re Varia.

859 (N/05). Condé, Valéria Gil: "Particularidades da história social da língua galega", en Luiz Antônio da Silva (org.), *A língua que falamos. Português: história, variação, discurso*, São Paulo: Globo, 2005:253-268.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

Repasa os principais feitos lingüísticos e histórico-sociais que reflicten os camiños percorridos pola lingua galega e a portuguesa, dende a época da romanización ata os nosos días. En relación co período da romanización, sinala as afinidades etnolingüísticas entre a Gallaecia, a Lusitania e a Asturia. Despois da queda da hexemonía romana, describe as varias invasións que sufriu Galicia, entre elas a dos suevos e visigodos. Con respecto á dominación árabe, a partir do séc. VIII, conclúe que en Galicia tivo pouca presenza, pois no universo lingüístico do galego encóntranse poucas palabras de orixe árabe. Analiza a nova xeopolítica da Península Ibérica, despois da invasión dos árabes, e discute a formación do estado portugués en comparación co condado de Galicia, pertencente ao reino de León e que entre 1230-1252 foi incorporado a Castela. A partir desa época, a situación do galego mudou radicalmente xa que perdeu a autonomía como lingua oficial ata a súa recuperación a finais do século XX. Por último, presenta a actual discusión verbo das diferentes propostas de codificación ortográfica existentes (a *autonomista*, a *reintegracionista* e a proposta de concordia aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003).

860 (R/05). Crespo García, Begoña: "English and Galician in the Middle Ages: A Sociohistorical Survey", *RAEI*, 17, 2004:45-63. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alicante, Universidad de Alicante, Biblioteca digital, [2005], <http://publicaciones.ua.es/publica/fichareel.

aspx?Cod=02144808RD2>, [Consulta: 11/06/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante, Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, [2008], <http://hdl.handle.net/10045/1217>, Formato: PDF, [Consulta: 07/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

A autora trata de ofrecer unha nova perspectiva sociohistórica de análise do inglés e o galego mediante a comparación da situación sociolingüística das dúas linguas na Idade Media. A análise das circunstancias externas de cada comunidade lingüística constitúe o punto de partida para describir a súa evolución ao longo da historia. Comeza por sinalar os aspectos comúns da historia de ambas as linguas na Idade Media, especialmente no referido aos seus contactos co normando/francés e o castelán, respectivamente. Logo describe a traxectoria tan diverxente das dúas linguas, precisando o comportamento lingüístico dos principais estratos sociais. Por último, explora os efectos do bilingüismo e a diglosia sobre o inglés e o galego, tratando de ilustrar a gran influencia que os factores externos exercen sobre a correspondente comunidade lingüística. A análise comparativa aquí desenvolvida amosa que o estatus dun sistema lingüístico pode verse alterado pola influencia de certos acontecementos decisivos, pero tamén que factores sociais e acontecementos históricos semellantes poden provocar, a longo prazo, efectos sociolingüísticos diverxentes en diferentes comunidades.

861 (N/05). Echenique Elizondo, María Teresa / Sánchez Méndez, Juan: *Las lenguas de un reino: Historia lingüística hispánica*, Madrid, Gredos, 2005, 535 p. (= *Biblioteca Románica Hispánica. III. Manuales*; 85).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. PMEC

Obra que trata de "explicar cómo se ha llegado a configurar en la historia, en su dimensión lingüística, el espacio geográfico que denominamos España y que está articulado como Estado que reúne un conjunto de territorios con historia propia" (p. 11). Nace da constatación da necesidade de "proporcionar una base filológica suficiente para llegar a conocer y comprender, en toda su complejidad, el proceso histórico que ha conducido a la situación de las lenguas de España de hoy, con el fin de ofrecer un fundamento a las diferentes visiones y actitudes que, lógicamente, tendrán que convivir en el marco social y político actual" (p. 12). Ao longo dela faise especial fincapé no contacto do castelán coas outras linguas hispánicas, tanto desde o punto de vista histórico como do máis actual. Ao final dos caps. dedicados ás diversas variedades lingüísticas recóllese o texto dos diferentes Estatutos de autonomía, así como as referencias, de existiren, a algunha circunstancia lingüística distinta da lingua común de todos os españois. O cap. 9 (p. 416-515) está dedicado a "El gallego y su relación con el portugués" e, no que respecta ao galego, baséase en información bibliográfica incompleta e non sempre dabondo actualizada.

Recs.: Xosé Lluís García Arias (co acrónimo X.Ll.G.A.), *Lletres Asturianes*, 90, 2005:157-158 | Ramón Mariño Paz, *Verba*, 32, 2005:399-402 | Lola Pons Rodríguez, *RHLE*, 2, 2007:205-209.

862 (R/05). Golpe Valera, Salvador "Discurso leído por el sr. D. Salvador Golpe Varela, mantenedor en los Juegos Florales en Betanzos el domingo 29 de septiembre de 1901", *Revista Gallega*, VII/344, 1901:1-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Destaca a variedade lingüística da Península Ibérica e repasa as causas polas que o castelán chegou a ser a lingua nacional do Estado. Indica que a lingua predominante en Galicia é o galego, que xulga idéntica ao portugués.

863 (R/04). Lecours, André: "Regionalism, Cultural Diversity and the State in Spain", *JMMD*, 22/3, 2001:210-226. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Clevedon, Multilingual Matters, [2004], <http://www.multilingual-matters.net/jmmd/022/jmmd0220210.htm>, [Formato: PDF], [Consulta: 02/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

España é un caso crucial de estudo para ver a relación entre as identidades rexionais e a diferenciación cultural. O caso español suxire que o Estado é a variable fundamental á hora de dar forma á identidade cultural e rexional de Cataluña, Euskadi, Galicia e outras áreas, máis que os marcadores culturais en si mesmos. Utilízase o institucionalismo histórico (aproximación xeral apolítica que dá importancia teórica ás institucións políticas) para explicar as identidades rexionais e culturais contemporáneas de España. Amósase como estas identidades foron moldeadas por varias formas históricas do Estado español. Discútense catro formas á luz do impacto da visión xeral da identidade do país: o Estado temperán (no que a estrutura pouco ríxida xerou a tradición da autonomía territorial que fixo difíciles os posteriores intentos de integración nacional), o Estado centralizador da última década do XIX (que ameazou o poder das elites rexionais e levounas a articular formalmente identidades distintas), o Estado autoritario (cuxa represión cultural tivo a consecuencia inintencionada de reforzalas e estendelas ás masas) e o Estado democrático (cuxo marco de Comunidades Autónomas provocou a proliferación das identidades rexionais e culturais) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

864 (R/05). Lorenzo, Ramón: "Der Tag der galicischen Sprache und Literatur", *Galicien Magazin*, 1, 1996:6-14. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin1.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Tras un breve resumo da historia externa da lingua galega, descríbese a súa situación no séc. XX, dende a represión do seu uso na época franquista ata o novo rexurdir a partir da década de 1960, centrándose na celebración do Día das Letras Galegas e no proceso de normativización. Tamén se describe a presenza do galego nos medios de comunicación e na igrexa, así como o aumento de produción literaria e o labor desenvolvido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

865 (R/05). Lorenzo, Ramón: "Galicien zwischen Spanien und Portugal", *Galicien Magazin*, 12, 2001:27-32. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin12.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Reprodución da conferencia pronunciada polo autor en 1991 con motivo da inauguración do centro galego da Universidade de Tréveris. Expón detalladamente a historia de Galicia e do seu pobo, centrándose principalmente na historia do galego e no trato que recibiu ao longo do tempo. Describe,

ademais, a actual situación do galego, facendo fincapé na obrigatoriedade da súa aprendizaxe no ensino, no labor de normalización levado a cabo desde as universidades e na presenza nalgúns medios de comunicación. De todos os xeitos, sinala que aínda seguen a existir fortes prexuízos por parte de persoas que o menosprezan, que evitan o seu uso e que defenden o castelán. Segundo o autor, a esperanza do galego está nas novas xeracións, que deben fomentar a súa utilización.

866 (N/05). Mariño Paz, Ramón / Magguilli, Céline (tr.): "La culture écrite de la langue galicienne pendant l'époque pré-galicianiste", en Carmen Alén Garabato (coord.), *L'éveil des nationalités et les revendications linguistiques en Europe (1830-1930)*, Paris, L'Harmattan, 2005:193-219 (= *Sociolinguistique*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. E

Relatorio presentado no *Colloque International «L'éveil des nationalités et les revendications linguistiques en Europe (1830-1930)»*, celebrado os días 2 e 3 de xuño de 2005 na Université Paul-Valery (Montpellier III), Campus de Béziers. Analiza o modesto progreso que experimentou o uso escrito da lingua galega durante as primeiras décadas do séc. XIX en dous planos: 1) a diversificación de xéneros, literarios e non literarios, na escrita en galego; 2) os primeiros avances que conducen á futura creación dunha variedade escrita que tende a se fixar. Para acadar unha axeitada comprensión destes mínimos progresos, o autor trata de situalos no marco dunha certa conciencia metalingüística sobre o galego e as súas relacións co castelán e o portugués e no contexto histórico da época, caracterizado por un baixo nivel de desenvolvemento político da conciencia da identidade galega [A.].

867 (N/05). Moreno Fernández, Francisco: *Historia social de las lenguas de España*, Barcelona, Ariel, 2005, 287 p. (= *Ariel Lingüística*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

Monografía que presenta a historia lingüística de España desde a perspectiva da sociolingüística e da socioloxía das linguas, tratando de entender como se organizou a comunicación no territorio español e describindo a evolución das súas linguas ao longo do tempo. Para elaborar esta interpretación o autor bota man da teoría da acomodación comunicativa, dos estudos sobre o contacto de linguas, cun enfoque sociolingüístico en que a variación é esencial, e dunha interpretación social da historia das linguas en que se presta atención tanto aos detalles como aos grandes feitos. Ademais, precisa que "[p]ara entender adecuadamente esta obra es imprescindible aceptar que la historia sociolingüística de España no ha sido una guerra sin cuartel entre lenguas, ni un juego de opresores y oprimidos. [...] La historia no puede explicarse como una pugna entre lenguas y etnias de primera o segunda categoría, una pelea por mantener o mejorar el estatus de la lengua propia y desbancar la del vecino; todo ello refleja una visión simplista y maniquea de la vida social de los pueblos. La historia lingüística de España y la historia social de las lenguas de España son reflejo de unos principios comunicativos universales adaptados a unos contextos geográficos e históricos determinados: es una historia de poderosos procesos convergentes y de decididas divergencias; es la historia de un conjunto de hablas, variedades dialectales, jergas y lenguas [...] que han estado en contacto durante muchos siglos [...], contacto del que se han derivado todos los fenómenos característicos de tales situaciones, sin que pueda hablarse de nada especialmente extraño, atípico o aberrante. Cada lengua y variedad de la España actual solo se entiende y justifica al valorar su coexistencia secular con todas las demás" (p. 15). A obra vai dirixida tanto a un público xeral como ao que comeza a se especializar na materia. | Índice: 1. Introducción | 2. La

gran Iberia: genes, migraciones y colonias [rescata o tema da orixe da linguaxe] | 3. Del latín imperial a la voz del minarete (p. 18-73) [a propósito da romanización, analízanse as variedades que debeu posuír o latín desde un punto social e estilístico, ademais da dialectalización que sufriu en Hispania, e danse as características do latín vulgar] | 4. Los reinos cristianos y su vecindario lingüístico (p. 76-124) [formúlase a cuestión de onde acaba o latín e onde comezan os romances peninsulares; tamén se analiza a proxección sociolingüística de Santiago de Compostela na Idade Media, entre outras cidades] | 5. Las lenguas en la cocina del Imperio | 6. Las modas lingüísticas de París (p. 167-214) [téñense en conta os procesos de recuperación do catalán, galego e éuscaro, coa elaboración de gramáticas e un valioso cultivo literario no que, para o caso do galego, se denomina *Rexurdimento*] | 7. Convergencias y divergencias en la España del siglo XX (p. 215-248) [descríbense as políticas lingüísticas desenvolvidas no séc. XX, coa promoción do castelán e a ignorancia das demais linguas durante o franquismo, e a conseguinte reacción que deu lugar á planificación lingüística do catalán, galego e éuscaro na democracia, coa súa elevación ao estatus de linguas cooficiais] | 8. Epílogo | 9. Índice onomástico y de materias (p. 271-287).

Recs.: Ángel López, *RFE*, LXXXV/2, 2005:333-337 [335-337] | Francisco Freites Barros, *NRFH*, LIV/1, 2006:227-234. [Ed. facs. en liña n.v.]: [México], El Colegio de México, [2006], <http://revistas.colmex.mx/revistas/9/art_9_1128_8557.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 22/06/2008] | Daniel M. Sáez Rivera, *RFR*, 23, 2006:253-259. [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM0606110243A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/09/2007] | Antonio Torres Torres, *RILIb*, V/2 (10), 2007:258-263 | Elena Leal Abad, *RHLE*, 2, 2007:210-214.

868 (R/05). Nogueira, Camilo: "O Galego-Português-Brasileiro e a Política Linguística na Galiza", *Agália*, 62, 2000:111-117. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 8-I-2005, <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=32>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 26/01/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. mc

Contén unha breve disquisición sobre a pertenza do galego e o portugués a un mesmo "sistema lingüístico" (p. 111) ata ben entrado o século XII. A continuación, o estudo céntrase no proceso de conformación da norma actual do galego estándar, un proceso que comezou na transición política dos anos setenta e que, segundo a opinión do autor, debería rematar na actualidade coa "convergência no sistema linguístico galego-português" (p. 117).

869 (R/05). R.: "Los orígenes del gallego. Los romances arcáicos gallego y portugués", *Revista Gallega*, II/52, 1896:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. m | 5. lingua escrita: lingua literaria

No contexto do debate sobre a relación entre galego e portugués, desenvolvido na sección *Campo neutral* desta revista, o autor fai referencia ás orixes do galego, recollendo un fragmento dun dos textos máis antigos no que cre percibir xa algúns fenómenos característicos da lingua galega, que analiza brevemente.

870 (R/05). Rodríguez Seoane, Luis / Cabeza León, Salvador / Brañas, Alfredo / Barcia Caballero, Juan: "En honor de Pondal", *Revista Gallega*, VI/270, 1900:1-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Destaca o esplendor literario que acadou o galego na Idade Media e a súa importancia como lingua literaria da Península Ibérica; proba disto é o feito de que o rei Afonso X o Sabio (1221-1284) a escollese para a redacción das *Cantigas de Santa María* e as traducións que se fixeron das súas obras xurídicas ao galego. Refírese logo á decadencia que sufriu desde a época medieval e os intentos de recuperalo que se producen no Rexurdimento.

871 (N/04, R/05). Tavani, Giuseppe / Lorenzo, Ramón: *Unha Provenza hispánica: A Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular: Discurso lido o día 22 de maio de 2004, no acto da súa recepción como académico de honra, polo Excelentísimo Señor Don Giuseppe Tavani e resposta do Excelentísimo Señor Don Ramón Lorenzo*, [A Coruña], Real Academia Galega, 2004, 27 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/Discurso%20Tavani.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/06/2007]. | [Nova ed. reducida]: "Unha Provenza hispánica: A Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular", *A Trabe de Ouro*, 62, 2005:39-47 [183-191]. | [Versión fr. rev.]: "Une Provence hispanique: La Galice médiévale, forge de la poésie lyrique peninsulaire", *Romania*, 126/1-2, 2008:4-17.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor argumenta a inadecuación do termo *galego-portugués* para se referir á produción lírica do oeste da Península Ibérica na Idade Media, propoñendo unha nova formulación do problema desde o punto de vista terminolóxico e histórico-cultural, a partir do feito de que esta tradición poética nos chegou a través de intermediarios non galegos que puideron adaptar a lingua orixinal. A transmisión desta tradición en códices producidos fóra de Galicia influíu na copia da obra de autores galegos, pois os textos sufriron unha adaptación portuguesizante tanto desde o punto de vista gráfico, como lingüístico, co cambio de formas arcaicas ou propiamente galegas por lusismos e neoloxismos. Algúns trazos escaparían a estas substitucións, aparecendo hoxe nos códices B e V (por exemplo, as formas pronominais *che*, *cha*, *cho* e formas verbais exclusivamente galegas como *fige* / *figi*, *quige* / *quigi*, *poide* / *puide*); moitas destas formas aparecen mesmo en composicións de autores de orixe portuguesa ou castelá. A partir destes datos, a hipótese formulada por Giuseppe Tavani é que a lingua da lírica medieval era o galego e non o galego-portugués (por iso considera esta expresión unha imprecisión terminolóxica). A hipótese baséase na análise lingüística das seguintes cantigas: B 1617 / V 1150 (Inc.: *Marinha, ende folegares*) atribuída a Pero Viviaez, V 1022 (Inc.: *Quen ama Deus, Lourenç', ama verdade*) de Johan Soarez Coelho, V 1032 (Inc.: *Rodrig' Ianes, queria saber*) de Rodrigo Eanes Redondo, V 1010 (Inc.: *Lourenço, soías tu guarecer*) de Johan Perez de Aboim, B 1494 / V 1105 (Inc.: *Muito te vejo, Lourenço, queixar*) de Johan Garcia de Guilhade e A 278 (Inc.: *A mais fremosa de quantas vejo*) de autor descoñecido. Saliéntase o feito de que moitos destes autores eran portugueses (Fernán García Esgaravuña, Johan Garcia de Guilhade, Johan Perez d'Avoim, Johan Soarez Coelho, Johan Soarez Somesso, Rodrigo Eanes Redondo) ou casteláns (Pero García Burgalés), o que leva ao autor a suxerir "que os trobadores portugueses e casteláns debían de utilizar o galego nas súas composicións coa mesma competencia ca os poetas orixinarios de Galicia, así como os trobadores italianos ou cataláns

manexaban a lingua d'oc á maneira dos trobadores e xograres provenzais" (p. 187). Confirmaría a hipótese de a lingua poética do occidente peninsular ser o galego o feito de as *Cantigas de Santa María* de Afonso X non constituíren un caso illado dentro da lírica hispánica medieval. O autor prefire, por tanto, falar dunha "orixe galega autónoma, non condicionada -polo menos no inicio- pola poesía provenzal, que só máis tarde, a fins do século XII ou nos primeiros anos do XIII, comeza a exercer a súa influencia coa introdución de xéneros novos" (p. 189), mais sustentada sobre todo na invención da cantiga de amigo, sen parangón nin con "outras *cancións de muller* nin coa kharxa mozárabe nin coa *chanson de toile*" (p. 190). A 1ª ed. complétase coa contestación de Ramón Lorenzo ao discurso de Giuseppe Tavani (p. 21-27), en que se ofrecen datos biobibliográficos do profesor italiano e se salienta a relevancia da súa contribución ao coñecemento da lírica medieval. Esta contestación non aparece na nova ed. galega nin tampouco na versión francesa revisada.

872 (R/05). Vaamonde Lores, Florencio (co pseudónimo Jan de Ouces): "Resume da Historia da literatura gallega: Poesía", *Revista Gallega*, III/132, 1897:2-3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Céntrase nas orixes da literatura galega, salientando o florecemento do romance galego entre os séculos XII-XV, os séculos de decadencia e a súa reaparición no século XVIII, para volver a decaer completamente tras a morte de frei Martín Sarmiento (1695-1772) e Diego Antonio Cernadas de Castro y Ulloa (1698-1777), tamén coñecido na literatura como *o cura de Fruíme* e que o autor do artigo cita como Francisco Cernadas de Castro.

873 (R/05). Vaamonde Lores, Florencio (co pseudónimo Jan de Ouces): "Resume da Geografía de Galicia. VI: Idioma", *Revista Gallega*, III/138, 1897:2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Indícanse as causas históricas polas que o galego e o portugués acabaron sendo linguas diferentes aínda tendo a mesma orixe. Fai unha breve alusión á morfoloxía, fonética e ortografía galegas e recomenda acudir á etimoloxía latina no uso de <g>, <j> e <x>. Fai referencia tamén ás influencias substratísticas no galego.

Vid. tamén as entradas 64, 68, 87, 93, 126, 351, 414, 415, 565, 585, 691, 724, 780, 850, 890.

64 Historia interna do galego

641 Cambios fonéticos e fonolóxicos

874 (R/05). Carvalho, José Gonçalo C. Herculano de: "Comentários às *Notas de paleontologia linguística* I e II de Helmut Lüdtke", *BmF*, XV/3-4, 1954-55:337-345. | [Reed.]: en José Gonçalo

C. Herculano de Carvalho, *Estudos linguísticos*, I, Lisboa, Verbo, 1964:115-126. | 2ª ed., Coimbra, Atlântida, 1973:147-158. | 3ª ed., Coimbra, Coimbra Editora, 1984:147-158. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/15/boletim15.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

O autor replica as propostas etimolóxicas presentadas por Helmut Lüdtke nos dous traballos publicados baixo o título "Notas de paleontología lingüística" (1953, vid. *BILEGA* 376). Como derivados de *TESTIMONIUM* cita as formas gal.-port. *testemoyo* / testemõyo / testemõio / testimõnyo / testimonhyo / testimonho, *testemoya / testem*õia / *testemuia*, *testimonias / testimõias / testimõhyas / testimõnhyas*, *testimoniar / testemonyar*; como derivados de *EXTRANEUS* sinala as formas medievais *straya / strãya / estraya* (en docs. notariais e *CrTroiana*), *estrãio* (*DSG*) / *estranho* (*DSG*) / *estranyo* (*CSM*); de *COMMUNIONEM* cita o gal. ant. *comuyón*; de *JUNIUES* deriva o gal. ant. *juyo* (*CrTroiana*) e o patronímico *Juyãez* (en docs. notariais do séc. XIII). Tamén fai referencia ás formas do gal.-port. *mal, manle* < *MANUALE* e o gal. ant. *oyo* < *OLEUM* [T.A.G.].

875 (R/05). Carvalho, José Gonçalo C. Herculano de: "Sobre a evolução de *LAUDARE* > *louvar*, *AUDIRE* > *ouvir*", *BmF*, XIV/3-4, 1953:218-232. | [Reed.]: en José Gonçalo C. Herculano de Carvalho, *Estudos linguísticos*, I, Lisboa, Verbo, 1964:93-113. | 2ª ed., Coimbra, Atlântida, 1973:125-145. | 3ª ed., Coimbra, Coimbra Editora, 1984:125-145. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/14/boletim14.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Análise da conxugación destes verbos no galego-portugués medieval e en galego e portugués contemporáneos. Recóllense as seguintes variantes medievais: *gouvir* / *goír* < *GAUDIRE*, *chouvir* / *enchouvir*, *choír* / *enchoír* < **CLAUDIRE*, *loar* / *louvar* < *LAUDARE*, *oír* / *ouir* / *ouvir* < *AUDIRE*. As variantes do galego moderno son as seguintes: *loanza, loadeiro, louvar, louvanza, louvo* (*LAUDARE*), *oír, ouvir, ouvido, ouvinte* (*AUDIRE*), *choer, choir, chouvir, choido* (**CLAUDIRE*) e *couve, coeiro, couba* (*CAULIS*). Tamén cita os topónimos gal. *Goyanes*, *Goyáns* < *GAUDILANIS* e *Goence*, *Goente*, *Goiente* < *GAUDENTIUS*. O autor considera que *loar* e *oír* son galeguismos que a lingua trobadoresca aceptou.

876 (N/05). Condé, Valéria Gil: "O consonantismo galego no contexto da Romania Ibérica", [Ed. en liña n.v.]: *Cadernos do CNLF*, IX/17 [= *IX Congresso Nacional de Lingüística e Filologia: Em homenagem a Said Ali (22 a 26 de agosto de 2005)*], 2005:?, <http://www.filologia.org.br/ixcnlf/17/15.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 19/01/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Estudo do consonantismo galego, especialmente de fenómenos moi xerais relacionados coas oclusivas, nasais, laterais e fricativas, e mais do seseo e da gheada. Conclúese que o galego: 1) está en consoancia coa súa orixe galego-portuguesa ao conservar arcaísmos fonéticos e mais presentar solucións innovadoras tamén rexistradas no portugués; 2) insérese no *continuum* lingüístico do noroeste peninsular ao presentar trazos comúns co asturiano; 3) non presenta influxo fonético do adstrato castelán, pois as

semellanzas que presentan poden ser explicadas polo substrato ibérico; 4) amosa innovacións respecto ao galego arcaico que forman parte dun fenómeno máis amplo da Romania occidental.

877 (R/04). Cunha, Celso Ferreira da: "Sobre a evolução ortoépica das formas *ledo* e *leda*", en Dieter Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, [Patrocinada polo] Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, Tübingen, Max Niemeyer, 1988:221-236. | [Reed.]: en Celso Cunha, *Sob a pele das palavras: Dispersos*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira / Academia Brasileira de Letras, 2004:123-138.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estuda a evolución do timbre vocálico de *ledo, leda* < lat. *LAETU, -A*, valéndose da disposición en rima destas palabras e distinguindo catro períodos: do século XIII ata mediados do XIV, de 1450 a 1516, no século XV e a partir do XVIII.

Recs.: Alf Monjour, *RLiR*, 54/213-214, 1990:241-259 [249-250] | Paul Teyssier, *ZRPh*, 106/5-6, 1990:626-635 [629]. [Ed. facs. en liña]: [Göttingen], DigiZeitschriften: Das deutsche digitale Zeitschriftenarchiv, [s.d.], <http://www.digizeitschriften.de/home/>, Formato: PDF, [Consulta: 31/05/2008].

878 (N/05). Dieguez Gonzalez, Júlio: "Ditongação de breves na Galiza: novos testemunhos documentais", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:127-139 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Na mesma liña de traballos anteriores, a partir da consulta directa de novos pergamiños custodiados no Arquivo Histórico Provincial de Ourense e no Arquivo Histórico Nacional de Madrid, o autor pretende abrir perspectivas para o estudo da mudanza lingüística no período medieval, tanto ao respecto da cronoloxía fonética e morfosintáctica, como do proceso de padronización ou formación dunha variante común incipiente. Termina o artigo cun apéndice que inclúe a edición de cinco documentos medievais escritos en galego, conservados nos arquivos anteriormente citados e datados entre 1299 e 1406. Neles rexístranse testemuños da ditongación das vogais /e/ e /o/ breves latinas.

879 (N/05). Dieguez Gonzalez, Júlio: "Sobre o percurso evolutivo dos ditongos *aj (<aej)* e *aw (<aow)* no galego-português oriental", en Miguel Gonçalves, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins e Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e humanismo: Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*, I, Braga, Universidade Católica Portuguesa, Faculdade de Filosofia, ALETHEIA - Associação Cultural e Científica, 2005:283-299.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO ORIENTAL)

As secuencias vocálicas *aej* e *aow* presentan no espazo nororiental unha evolución diferente (*aej* > *aj*, *aow* > *aw*) á do resto dos dialectos galego-portugueses (*aej* > *ej*, *aow* > *ow*). Malia existiren testemuños medievais con <aay>, <aau> na representación gráfica, o exame dos percursos evolutivos posibles suxire que a regra fonolóxica decisiva que xustifica a diverxencia debeu ser *aej* > *aj*, *ãej* > *ãj*, *aow* > *aw*. As variantes con <aay>, <aau> puideron resultar da contaminación das formas arcaicas /aej/, /ãej/, /aow/, polas máis evolucionadas /aj/, /ãj/. /aw/. A presenza da voz *tayga* (< *taleiga*) nun documento

medieval de Galicia suxire un dobre percurso: *taeiga* > *taiga* e *taeiga* > *teeiga*. Que non haxa noticia de ter existido **taaiga* tal vez se xustifique pola escasa vitalidade de *taiga*. A confirmación desta hipótese depende dos datos da documentación medieval e dos que aínda sexa posible resgatar da progresiva descaracterización dos dialectos rurais da Galicia oriental e Trás-os-Montes [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

880 (N/05). Dubert García, Francisco: "Problemas na orixe da alternancia dos alófonos dos fonemas /b d g/", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:323-334 (= *Homenaxes*). | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Páxina persoal do autor, [2006], <http://web.usc.es/%7Efgdubert/artigos/hlordubert.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

O autor trata de mostrar os problemas que a alternancia dos alófonos dos fonemas /b/, /d/ e /g/ "lle pode levantar ó estudoso da gramática histórica galega, quer desde o punto de vista dunha teoría fonética, quer desde o punto de vista dunha teoría fonolóxica" (p. 324). Para iso, bota man de dúas descricións do fenómeno de alternancia: a primeira, de índole fonética, baseada en Peter Ladefoged e Ian Maddieson (*The Sounds of the World's Languages*, Oxford, Blackwell, 1996), e a segunda, de índole fonolóxica, inspirada en Morris Halle ("Phonological Features", en *International Encyclopedia of Linguistics*, 3, Oxford, Oxford University Press, 1992:207-212) e George N. Clements e Elisabeth V. Hume ("The Internal Organization of Speech Sounds", en J. A. Goldsmith (ed.), *The Handbook of Phonological Theory*, Oxford, Blackwell, 1995:245-306). Comeza por describir os fonos implicados e as alternancias (apdo. 1), pasa logo a mostrar os fenómenos que aínda non recibiron unha explicación adecuada (apdo. 2) e remata cunhas breves reflexións en que sinala os feitos que ao seu xuízo deberán ser investigados para achar unha solución (apdo. 3).

881 (R/05). Lapa, Manuel Rodrigues: "Transposição e dissimilação nasal", *BmF*, I/2, 1932:163-165. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/01/boletim01.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. PM

Puntualización á proposta de Edwin B. Williams ["Nasal Dissimilation and Transposition in Portuguese" (1931, vid. *BILEGA* 4826)] sobre a evolución de *CAMPANA* e *VENTANA* a *campá* e *ventá*, resultados que explicou como consecuencia dun proceso de perda da consoante nasal por disimilación e cambio na acentuación por analoxía. O autor destaca a necesidade de esclarecer a falta de nasalidade nas palabras *ventá*, *campá* e *quintá*, así como a dislocación do acento, polo que sinala como posibles factores do cambio analóxico as formas **campãar* > *campar* e *acampar* «tocar a campá», *ventar* «soprar coas ventas» e o numeral *quinta* que influiría en *quintã*, dado que o rendeiro estaba obrigado a dar a quinta parte dos froitos. Así mesmo, fai referencia á evolución e á nasalidade regresiva considerada por Williams para as formas *ANATE* > *anade* > *ãade* > *áad*ẽ > *adem* e *PECTINE* > *pettene* > *pet*ẽ*e* > *pet*ẽ > *p*ẽ*t*ẽ > *p*ẽ*te*; para o primeiro vocábulo propón a evolución *ANATE* > *ãáde* > *aád*ẽ > *ad*ẽ; para o segundo, remite á evolución

PECTINE > *peiten* > *pẽiten* > *penten* > *pente*, xa proposta por José Leite de Vasconcellos, José Joaquim Nunes, António Augusto Cortesão e Oskar Nobiling [D.G.M.].

882 (R/05). Leite, Yonne de Freitas: "Reordenamento ou analogia? (Algumas evidências da história do português)", *BmF*, XXVI/1-4, 1980-81:51-68. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/26/boletim26.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Conferencia de apertura do *II Encontro Nacional de Linguística*, celebrado na Pontificia Universidade Católica do Rio de Janeiro en 1977. Desde a perspectiva teórica da lingüística xenerativa, examínase a regra de asibilación das consoantes oclusivas velares na historia do portugués, tratando de amosar as novas perspectivas de análise que ofrece a corrente xeneratívista. A análise inclúe referencias a algunhas formas verbais da 2ª e 3ª conxugación do portugués arcaico que amosarían unha alternancia na consoante final da raíz debida á distinta evolución segundo a vogal da desinencia sexa anterior ou posterior [cf. *cingo* (P1 do presente de indicativo recollida no *CV*) vs. *cingir*, *aduga* (P1 do presente de subxuntivo) vs. *aduzer*].

883 (R/05). Lüdtke, Helmut: "Notas de paleontologia lingüística: 1. A evolução do grupo *-NU̯* latino; 2. A evolução do grupo *-LU̯* en português; 3. *Fazer/far-*, *dizer/dir-* e a origem do futuro românico", *BmF*, XIV/1-2, 1953:160-167 (1); XIV/3-4, 1953:314-321 (2 e 3). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/14/boletim14.html>, Formato: PDF,[Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMC

O apdo. 1 constitúe unha réplica ao artigo "Coisas e palavras: algúns problemas etnográficos e linguísticos relacionados com primitivos sistemas de debulha na Península Ibérica" (1953, vid. *BILEGA* 1569) de José Gonçalo C. Herculano de Carvalho e nel cítanse as formas gal. *manada* / *mada* / *manda* < **MANUATA* e *manela* < **MANUELLA*. No apdo. 2 cítanse as formas do gal.-port. *testemoio* < *TESTIMONIU*, *Juião* / *Gião* < *JULIANU* e o gal. ant. *oyo* < *OLEU*. No apdo. 3 analízase a formación do futuro e do pospretérito dos verbos irregulares en portugués, incluíndo referencias ao portugués arcaico [T.A.G.].

Recs.: José Gonçalo C. Herculano de Carvalho, "Comentários às *Notas de paleontologia linguística* I e II de Helmut Lüdtke", *BmF*, XV/3-4, 1954-55:337-345. [Reed.]: en José Gonçalo C. Herculano de Carvalho, *Estudos linguísticos*, I, Lisboa, Verbo, 1964:115-126; 2ª ed., Coimbra, Atlântida, I, 1973:147-158; 3ª ed., Coimbra, Coimbra Editora, 1984:147-158. [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/15/boletim15.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

884 (R/04). Malkiel, Yakov: "The Problem of *The Old Spanish Sibilants*: Three Consecutive New-Style Explanations", *BHS*, LXX/2, 1993:201-211. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]. | [Ed. facs. en liña]: Birmingham, EBSCOhost Electronic Journals Service, [s.d.], <http://ejournals.ebsco.com/direct.asp?ArticleID=4961ABAB3FBA50B6D44F>, Formato: PDF, [Consulta: 14/02/2008]. | [Ed. en liña]: London,

Informaworld, [s.d.], <http://www.informaworld.com/smpp/ftinterface~content=a782272053~fulltext=713240928>, Formato: HTML, [Consulta: 15/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Sobre a evolución dos sufixos *-eça / -eza* (< lat. *-ITIA*) en gal.-port. e cast. ant. O autor mantén que a presenza da sibilante sonora (*-eza*) en lugar da xorda (*-eça*), que foneticamente sería a esperable, se debe á influencia que certas palabras (*fineza, gentileza, nobleza*), que chegaron a nós por medio do provenzal (onde a sonorización era o normal), exerceron sobre outras moitas que antes presentaban *-eça*. O galego-portugués detívose neste estadio, mentres que o castelán evolucionou máis e sonorizou outros sufixos como *-aço, -iço, -açon*.

885 (R/04). Malkiel, Yakov: "The Transmutation of Church Latin *(DIĒS) NĀTĀLIS* «birthday» into French *Noël* «Christmas", *Neophilologus*, LXXV/1, 1991:21-30 | [Ed. facs. en liña]: Berlin / Heidelberg, Springer, 2-XI-2004, <http://www.springerlink.com/content/u11241n6407066x0/fulltext.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 25/04/2008]. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2005, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Inclúe referencias ao port. ant. *Natal*.

Recs.: John N. Green, *YWMLS*, 53, 1991:22. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2001, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

886 (R/05). Meier, Harri: "La etimología iberorromance en el siglo XX", *IbAmA*, Neue Folge, 12/2, 1986:141-157. | [Reed.]: *BmF*, XXXI, 1986-87:5-20. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/31/boletim31.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Tras facer un breve percorrido histórico por distintos dicionarios etimolóxicos de linguas da Península Ibérica, aborda algúns problemas etimolóxicos relacionados coa fonética sintáctica e ofrece exemplos das distintas linguas peninsulares, entre elas o galego.

887 (N/05). Nolasco de Macêdo, Anna Maria: "Reflexões sobre locuções prepositivas - Processos de formação e campos semânticos", [Ed. en liña n.v.]: *Cadernos do CNLF*, IX/16 [= *IX Congresso Nacional de Lingüística e Filologia: Em homenagem a Said Ali (22 a 26 de agosto de 2005)*], 2005:?, <http://www.filologia.org.br/ixcnlf/16/19.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 19/01/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Pretende amosar cales son os procesos morfosintácticos de formación de locucións prepositivas no portugués, desde o período arcaico da lingua, tendo en conta especialmente a documentación notarial, por se caracterizar polo uso de expresións formularias conservadoras. Deste xeito, preséntase

a fórmula composicional das locucións prepositivas proposta na tese de doutoramento da autora [*Gramaticalização das locuções prepositivas na história do galego e do português* (2003, vid. *BILEGA* 11511)], referida a todos os procesos morfosintácticos encontrados no galego e no portugués, e proponse unha taxonomía e algunhas conclusións, co obxectivo de agrupar por campos semánticos determinadas locucións prepositivas.

888 (R/05). Pensado Ruiz, Carmen: "Sobre los resultados de las vocales velares latinas precedidas de yod inicial", *RFR*, 1, 1983:109-135. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM8383110109A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Cita as formas galegas *nonca* < *NUMQUAM*; *moito* < *MULTU*; *xugo* < *JUNCU*; *Xugueiras* (Allariz, OU) < *JUGULU*; *Xustáns* (Ponte Caldelas, PO), *Xustás* (LU), *Ponte de Xusá* (LU), *Neira de Xusá* (LU), *Xuxá* (Xinzo de Limia, OU) < *JUXTA*; *Vilaxurxo* (LU), *Santiurxo* (Castro Caldelas, OU), *Sanxurdo* (Lalín, PO), *Santiorxo* (Póboa de Brollón, LU; Sober, LU; Castro Caldelas, OU) < *GEORGIU*; *xogo* < *JOCU*; *xogar* < *JOCARE*; *xovenca / xuvenca*, *Xubencos* (Monforte de Lemos, LU), *Xuvencos* (O Carballiño, OU) < *JUVENCA*; *Xubande* (Pereiro de Aguiar, OU) < **JUVANDU*; *Xovín* (Gondomar, PO), *Xubín* (Abadín, LU; Cenlle, OU; Guntín, LU; Oleiros, CO), *Vilarxubín* (A Fonsagrada, LU; Vilaodriz, LU) < *JOVINU*; *Xovelle* (Vilagarcía de Arousa, PO) < **JOVELLIU*; *Xoibán* (Vilalba, LU) < *JOVIANU*.

889 (N/05). Rodríguez Barreiro, Ana: "Sobre la evolución de las sibilantes medievales en el noroeste de la Península Ibérica", en Mª del Carmen Cazorla Vivas, Narciso M. Contreras Izquierdo, Mª Ángeles García Aranda e Mª Águeda Moreno Moreno (coords.), *Estudios de historia de la lengua e historiografía lingüística: Actas del III Congreso Nacional de la Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española (Jaén, 27, 28 y 29 de marzo de 2003)*, [s.l.], Compañía Española de Reprografía y Servicios, [2005]:423-434.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC

Breve achegamento aos subsistemas de sibilantes propios dalgunhas das modalidades lingüísticas do noroeste da Península Ibérica: o galego, o portugués septentrional (transmontano e baixomiñoto) e determinados dominios do leonés (estremeño e dialectos leoneses en territorio portugués). A descrición faise a partir de fontes bibliográficas, aínda recoñecendo o problema que supón a diverxencia cuantitativa e cualitativa entre os estudos consultados para cada modalidade lingüística. O obxectivo é comparar os diferentes resultados fónicos alcanzados e entrever solucións de continuidade capaces de traspasar fronteiras lingüísticas e límites político-administrativos entre estados ou rexións. No apdo. dedicado ao galego, descríbense os fonemas que conforman cada un dos seis subsistemas de sibilantes [os datos foron tirados de "Subsistemas de sibilantes no galego actual" de Manuel González González (1991, vid. *BILEGA* 226)]: subsistema arcaico, de transición, occidental, despalatalizador e innovador. A estes incorpóranse outros dous subsistemas do galego falado en Estremadura [datos tirados de "Os subsistemas sibilantes no galego do Val do Río Ellas (Cáceres)" de Xosé Henrique Costas González (1998, vid. *BILEGA* 8232)]: subsistema valverdeiro e subsistema mañego-lagarteiro. Conclúese cun apartado

onde se presentan sinteticamente os 16 subsistemas de sibilantes que conforman as modalidades estudadas, cos seus fonemas correspondentes.

890 (R/05). Rodríguez Rodríguez, Manuel: "Declinación gallega", *Galicia-Co*, 2ª época, I/5, 1892:267-275. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estuda a evolución do latín ao romance. Despois dunha breve presentación histórica, céntrase no vocalismo e no consonantismo apuntando o étimo e o resultado no galego moderno.

891 (R/05). Schürr, Friedrich: "Efeito de substrato ou selecção fonológica?", *BmF*, XVIII [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, I], 1959:57-66. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/18/boletim18.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

O autor considera que a diferente evolución dos grupos latinos *PL-*, *CL-*, *GL-*, *FL-* e *BL-* en galego e portugués (por unha banda) e castelán (pola outra) non se debe atribuír á actuación dun substrato prerromano, senón á propia evolución do latín vulgar neses territorios. Para isto, compara a evolución deses grupos no occidente peninsular co ocorrido noutras zonas da Romania que tamén presentan resultados palatais para demostrar que non se trata dun fenómeno exclusivo do occidente peninsular. Neste sentido, a solución que amosa o tronco galego-portugués sería a máis esperable e a do castelán a máis innovadora. Por outra banda, o feito de que o leonés antigo -lingua de transición entre o tronco galego-portugués e o castelán- presente as dúas solucións demostra a convivencia das mesmas nun mesmo territorio, como tamén o demostra o feito de que estes grupos en posición interior de palabra evolucionen de igual xeito nas dúas áreas lingüísticas (galego-portuguesa e castelá). A diferenciación entre as dúas áreas sería atribuíble á propia natureza do latín vulgar da Península Ibérica, máis culto canto máis ao leste e, polo tanto, que mantivo mellor os grupos consonánticos latinos. O autor nega, así mesmo, que a caída de *-N-* e *-L-* intervocálicos no tronco galego-portugués sexa atribuíble á influencia de substrato. Cita gal. ant. *unlla* < *UNGULA*, gal. ant. *senllos* < *SINGULOS* e gal. mod. *solla* < *SUBULA* [T.A.G.].

Vid. tamén as entradas 87, 130, 135, 149, 427, 428, 453, 519, 520, 521, 525, 651, 895, 898-1, 898-2, 906, 930, 942-2, 950, 951, 973-2, 1014.

642 Cambios morfolóxicos

892 (N/05). Barreto, Therezinha Maria Mello: "Argumentadores discursivos na prosa medieval", en Célia Marques Telles e Risonete Batista Souza (orgs.), *Anais do V Encontro Internacional de Estudos Medievais (2 a 4 de Julho de 2003)*, Salvador, BA, Quarteto, 2005:237-241. | [Ed. en liña n.v.]: "Articuladores discursivos na prosa medieval", [Salvador, BA], Universidade Federal da Bahia, Instituto de Letras, [s.d.], <http://www.prohpor.ufba.br/articuladores_discursivos.html>, [Formato: HTML], [Consulta: 28/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Análise dos marcadores discursivos *e, ca, ergo, pois, mas, pero, porque* no período arcaico do portugués (sécs. XIII-XVI). Estes elementos eran empregados para establecer as relacións cohesivas entre as diferentes partes dun texto. Indícanse as posibilidades de colocación de cada un, ofrecendo exemplos de uso tirados do corpus que serviu de base ao traballo, que contén as seguintes obras do período galego-portugués: *Foro Real* de Afonso X e *A Demanda do Santo Graal*. Ademais, tamén se mostra a súa correlación a respecto das diferentes conxuncións. Os datos permiten concluír que no séc. XIII xa se pode falar de argumentadores que expresan relacións variadas na conexión de partes do texto e que moitos deles xa posuían no período arcaico un estatuto discursivo que aínda manifestan na actualidade.

893 (N/05). Bestilleiro Bello, Xosé: "O radical de tema de presente do verbo *trager* no galego medieval: estudo diacrónico", *RGaF*, 6, 2005:11-50.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. ME

Detallada análise diacrónica dos radicais do tema de presente do verbo *trager* documentados nun amplo corpus de textos notariais e literarios do galego medieval (sécs. XIII-XVI), cuxos datos se enfrontan cos das variedades dialectais do galego moderno. Para este propósito, faise unha valoración crítica das fontes empregadas, así como unha descrición dos lexemas existentes e da súa evolución. O autor xulga a evolución destas formas "altamente suxestiva [...] pola ruptura aparente que reflicten os datos desde o galego medieval até o galego medio, e, posteriormente, até o galego actual" (p. 11).

894 (N/04). Campos, Lucas Santos: *A negação prefixal na história da língua portuguesa*, Tese de Doutorado, Universidade Federal da Bahia, 2004, 362 p. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Estuda o funcionamento no portugués arcaico dos prefixos que na lingua actual expresan negación (*a-*, *des-* e *in-*) e das primeiras ocorrencias do emprego de *não* como prefixo. A análise baséase nos datos tirados dun corpus de dez obras en prosa do período arcaico. Neste corpus identificáronse 170 formas co prefixo de negación nas que se verifica: a) 12 caeron en desuso; b) 14 foron substituídas por outras con valor semántico equivalente e a forma *destoruar* foi substituída por unha palabra non portadora do sufixo de negación (*estorvar*). Canto aos prefixos, analízanse os seguintes aspectos: 1) produtividade; 2) valor semántico; 3) sobreposición a outro prefixo; 4) prefixos tradicionais de negación que actúan como mero reforzo; 5) prefixos nulos; 6) identificación das primeiras ocorrencias de *não* como prefixo.

895 (R/04). Dworkin, Steven N.: "The Interaction of Phonological and Morphological Processes: The Evolution of the Old Spanish Second Person Plural Verb Endings", *RPh*, XLII/2, 1988:144-155. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Na p. 146 inclúe a análise da evolución no galego da P2 do plural de todos os tempos da conxugación verbal que teñen a terminación *vogal + des*, desde a época medieval.

896 (R/04). Malkiel, Yakov: "A Cluster of (Old) Portuguese Derivational Suffixes: *-ece*, *-ice*, *-ez(a)*, Viewed in Relation to their Spanish Counterparts", *BHS*, LXV/1, 1988:1-19. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]. | [Ed. facs. en liña]: Birmingham, EBSCOhost Electronic Journals Service, [s.d.], <http://ejournals.ebsco.com/direct.asp?ArticleID=406CA108B8E92B3AE396>, Formato: PDF, [Consulta: 14/02/2008]. | [Ed. en liña]: London, Informaworld, [s.d.], <http://www.informaworld.com/smpp/ftinterface~content=a749166674~fulltext=713240928>, Formato: HTML, [Consulta: 15/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Aínda que o traballo se centra na análise da influencia do castelán sobre o portugués entre 1400-1650 no uso do sufixo derivativo *-ez* para a formación de substantivos abstractos a partir de adxectivos, inclúe referencias aos resultados gal.-port. med. (*-ece*, *-ice*, *-ez*) do sufixo lat. *-ITIE*.

897 (R/04). Malkiel, Yakov: "*Atristar - entristecer*: Adjectival Verbs in Spanish, Portuguese, and Catalan", *Studies in Philology*, XXXVIII/3, 1941:429-461. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Sobre a formación en castelán, galego, portugués e catalán dos verbos que expresan un cambio de estado imposto por un axente ou sufrido por un obxecto, do tipo *entristecer*. Interesa especialmente o apdo. "Comparaison with Portuguese" (p. 451-454). Malkiel sostén que posto que o sufixo verbal latino *-ESCERE* tiña unha dobre función, as linguas románicas intentaron eliminar esta ambigüidade por medio de recursos sintácticos (utilización do pronome reflexivo xunto co sufixo *-ecer*) e morfolóxicos (creando un novo tipo verbal en *-ar* [*entristar, endurentar*]). A tendencia do galego e do portugués foi, segundo o autor, a utilización dos recursos morfolóxicos, malia non faltaren exemplos de recursos sintácticos (preferidos por outras variedades como o catalán).

898-1 (R/05). Malkiel, Yakov: "Semantic versus Formal Ingredients Distillable from Resistance to Language Shift: The Case of Spanish *dormir*, *morir*", *Neophilologus*, LXXVII/3, 1993:395-402. | [Ed. facs. en liña]: Berlin / Heidelberg, Springer, 20-I-2005, <http://www.springerlink.com/content/k0217876653j8544/fulltext.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 25/04/2008]. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2005, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Recolle os resultados do proto-port. e port. ant. *moiro* < *MORIO*, *durmo* < **durmho* < *DORMIO*, proporcionados polos investigadores en gramática histórica do galego-portugués para ver ata que punto *dormir* e *morir* diferían en latín hispano malia a súa semellanza no castelán actual (resultado dun proceso temperán de converxencia analóxica).

898-2 (R/04). MALKIEL, Yakov: "The Overlap of *CŬRRĔRE*, *-CŬTERE*, and *COR-RĬGĔRE* in Hispano-Romance", *RPh*, XXXVIII/2, 1984:127-170. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMC

Estuda a alternancia *-er* / *-ir* nos verbos e a flutuación entre as vogais anteriores (*e, i*) e as posteriores (*o, u*) no lexema dos verbos romances derivados dos latinos sinalados no título. Cita as formas do gal.-port. *erger, deçer, correr, acorrer, socorrer, aduzer, confonder, trameter-se, conquerer, correger, tolheito*, e as formas do gal. mod. *percorrer, acorrer, decorrer, escorregar, escorrentar, escorrallo, escorregadoiro, escorregadela*.

Recs.: Roger Wright e Max W. Wheeler, *YWMLS*, 47, 1985:281. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2001, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]

899 (N/05). MARIÑO PAZ, Ramón: "Cronoloxía da desaparición dos participios verbais terminados en *-udo* en fontes galegas medievais", en Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva (coords.), *Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela*, II, [Organizada pola] Secção de Linguística [do] Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, 2005:795-809 (= *Homenagens*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Análise da cronoloxía da desaparición dos participios en *-udo* que complementa a efectuada en "Cronologia(s) da substituição da terminação *-udo* por *-ido* no português medieval (sécs. XIII-XVI)" (2000, vid. *BILEGA* 10543) de Maria José Carvalho, onde se establecían tres grupos: 1) Verbos cuxo lexema no participio acaba nun fonema consonántico alveolar, dental ou palatal; 2) Verbos cuxo lexema no participio acaba nun fonema consonántico labiodental ou bilabial; 3) Verbos con hiato vocálico no participio. O autor baséase nos datos tirados dun amplo corpus de textos galegos (literarios, historiográficos e notariais) datados entre os sécs. XIII e XVI (vid. índice final de identificadores). Algunhas das formas achadas son: *repentuda, remeudos, perdudos, changido, desvencida, espargido, fodido, sabido, acollidos, basteçida, colluido, conbatidos, conquerido, conteçido, descosidas, enfingidas, espargidas, faliçido, naçido, ongido, perdidos, tollido, tragidas, avida, cabida, comido, comida, mouydo, mouidos, rremouydo, sofrido, aueudo, aviudo, desaueudos, desauiudos, leuda, liuda, mãteudo, teudo, teudos, teuda, ueudo, uehudo, ueudos, uiudo, caydos, rretraydo, retraudo, traydo, engreydo, venido, venjda, conosçudos, coñosçudos, entendudo, perdudo, tangudo, teçudo, vendudos, atrebudos, lambuda, sabuda, temuda, creudos, leudos, cõbatudos, atrebuda, criudo, vjudo, contiudas, costregida, ascondidas, resçebjdos, conthiudo, thiudos,*

avjdo, metuda, etc. Conclúese que a variante innovadora *-id[o(s), a(s)]* xa se usaba no séc. XIII, e que na primeira metade do XIV debía de estar solidamente instalada no romance galego, consolidándose altamente no século seguinte, "coa salvidade dalgunhas poucas, unidades especialmente resistentes á transformación" (p. 806).

900 (N/05). Mariño Paz, Ramón: "Cronoloxía da extinción dos lexemas *criv-* / *crev-* e *siv-* / *sev-* dos temas de perfecto dos verbos *cre(e)r* e *se(e)r* no galego medieval", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:191-204 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

O autor tenta achegar algúns datos que poidan orientar no establecemento da cronoloxía da desaparición dos lexemas *criv-* / *crev-* e *siv-* / *sev-* en galego. A análise dun amplo corpus de textos historiográficos e literarios (vid. índice final de identificadores) lévao a concluír que os lexemas estudados probablemente aínda gozasen de certa vitalidade en galego cara ao final do século XIV ou mesmo nos inicios do XV, sobre todo *criv-* e *crev-*.

901 (R/05). Mattos e Silva, Rosa Virgínia: "*Pero* e *porém*: mudanças em curso na fase arcaica da língua portuguesa", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:129-151. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Análise do proceso de mudanza semántica de *pero* do séc. XIII ao XIV e de *porém* do XIV ao XV, así como do desaparecemento posterior en portugués de *pero* no tránsito do séc. XV ao XVI sendo substituído por *porém*. A análise do primeiro proceso está baseada nos datos ofrecidos polos *Diálogos de S. Gregorio* confrontados cos do Cancioneiro da Ajuda e das Cantigas de Santa María.

902 (R/05). Meier, Harri: "A génese do infinito flexionado português", *BmF*, XI [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, II], 1950:115-132. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/11/boletim11.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

O autor acredita que o infinitivo conxugado procede dunha particularidade rexional do latín vulgar que se estendería por algunhas áreas da Romania, defendendo que procede do imperfecto de subxuntivo latino nunha fase tardía do latín popular e cunha función temporal máis ampla "e explica-se pela larga possibilidade de alternância, naquele ambiente, entre construções conjuntivas e proposições infinitivas" (p. 129) e pola influencia secundaria do futuro de subxuntivo. A seguir, repasa varias hipóteses propostas previamente para explicar a xénese desta forma. Finalmente, critica as interpretacións psicolóxicas que

consideran o infinitivo conxugado como un produto exclusivamente da mentalidade galego-portuguesa ou peninsular, sinalando que "tomam por criação luso-galaica o que foi uma herança de certo tipo de latim falado no sul da Itália e dali exportado para as costas atlânticas da Península hispánica em tempos da romanização" (p. 132)

903 (R/05). Moreno Bernal, Jesús: "La morfología de los futuros románicos. Las formas con metátesis", *RFR*, 21, 2004:121-169. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM0404110121A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Malia os numerosos estudos dedicados ao futuro románico, aínda non se coñecen ben algúns aspectos da súa morfoloxía. O traballo céntrase nas formas do futuro imperfecto de indicativo e do condicional, que dende a perspectiva morfolóxica presentan idéntico comportamento. Preténdese analizar, sobre todo, as consecuencias da perda da tonicidade da vogal da raíz do infinitivo e, entre elas, nomeadamente a síncope e a epéntese, para intentar determinar cales son os factores que impiden e favorecen estes fenómenos. O traballo achega algúns exemplos do galego-portugués, aínda que está dedicado principalmente ao castelán, do que se examina a cronoloxía e a xeografía da epéntese a través dun amplo corpus textual [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

904 (N/04). Oliveira, Marilza: "*Amare aveva* or *amare iva*? A New Look at the Grammaticalization of Portuguese Conditional", *Lingüística-ALFAL*, 15-16, 2003-04:175-184.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

A autora postula que as formas do futuro e do condicional das linguas romances derivan do mesmo proceso de gramaticalización, sendo o resultado da reanálise dunha perífrase verbal en que un dos verbos se convirte en auxiliar. Porén, suxire que o verbo auxiliar empregado na formación do futuro e na do condicional non son o mesmo. Comeza expoñendo a teoría habitualmente defendida para explicar a formación do futuro, que distingue as seguintes fases: verbo pleno > auxiliar léxico > auxiliar funcional > clítico > afixo. A seguir, presenta exemplos de *aver* como auxiliar nas *Cantigas de Santa María* (*Mais aquel dia que sayr / avia sabad' era*; *Pois que soube que avian / as reliquias y andar*) e explica como se produciu o paso de clítico a afixo nas formas derivadas do verbo latino *HABERE*. Finalmente, revisa as hipóteses formuladas para explicar a formación do condicional no portugués e propón unha nova teoría segundo a cal a formación do paradigma do condicional precedeu á do futuro e formouse co verbo *ir* coa significación de dirección e non movemento, ou movemento ficticio, como ocorre nos seguintes exemplos tirados das *CSM*: *Poren vos quero contar / o que ll' aveo um dia de Páscoa, que foi entrar na eygreia, u viia*; *Mas no ryo que soya / passar foi morrer / dentr' afogado*; *Eso foi em Catalonna, u el jogava um dia os dados ant' un' eigreja da Virgen Santa Maria; / E porque ya perdendo, creceu-lhi tal felonia*; *E daquest' um gran miragre vos quer' eu ora contar, / Que fezo Santa Maria por um monge, que rogar- / ll' ia sempre que lle mostrasse qual bem em Parais' á*.

905 (R/05). Piel, Joseph M.: "A formação dos nomes de lugares e de instrumentos em português", *BmF*, VII/1 [= *Homenagem a Gonçalves Viana*], 1940:31-47. | [Reed.]: en Joseph M. Piel, *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*, [Lisboa], Imprensa Nacional - Casa

da Moeda, 1989:201-212 (= *Estudos Gerais. Serie Universitaria*). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/07/boletim07.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estudo semántico-diacrónico dos sufixos substantivadores con función local e instrumental. O autor parte da forma latina do sufixo e analiza se a súa función actual corresponde á antiga ou se adquiriu unha nova e, en tal caso, trata de explicala. Aínda que se centra no portugués, interesa para o galego pola coincidencia na maior parte dos sufixos entre ambas as dúas linguas. Analiza os seguintes: lat. *–ALE* > *-al*, *-AR-ITIA* > *-ariça*, *-ITIU* > *-iço*; *-ETA*, *-ETUM* > *-eda*, *-edo*, *-OSA*, *-OSU* > *-osa*, *-oso*, *-ARIU* > *-eiro*, *-ário*, *-ARIA* > *-eira*, *-ORIU*, *-TORIU* > *-oiro*, *-orio*, *-doiro*, *-douro*, *-ORIA*, *-TORIA* > *-oira*, *-doira*, *-doura*, *-ACULU* > *-alho*, *-aculo*, *-ICULA*, *-ICULU*, *-ILIA* > *-ilha*, *-ilho*, *-TORE* > *-dor*, *-ONE* > *-ão*. Cita as voces gal. *bido(o)*, *segadeira*.

906 (R/05). Ribeiro, José A. Peral: "**ESSERE*, *SEDERE* e *STARE* nas línguas românicas", *BmF*, XVII/1-2, 1958:147-176. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/17/boletim17.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Achega datos referidos ao galego-portugués. Entre os exemplos de uso dos derivados gal.-port. destes verbos latinos hai un de *seer* na cantiga de escarnio B 781 / V 365 (Inc.: *Un ricome, a que un trobador*) de Afonso Sanches: *ben sej' acá, non quero seer melhor*.

907 (R/05). Rodríguez Rodríguez, Manuel: "Declinación gallega de la preposición y del artículo", *Galicia-Co*, 2ª época, I/7, 1893:385-390. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=GRRE>, [Formatos: TIFF/PDF], [Consulta: 29/02/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Tras ofrecer unha panorámica xeral das formas latinas recolle as evolucións ao romance das distintas preposicións e o artigo.

908 (R/05). Rodríguez Rodríguez, Manuel: "Derivación de las terminaciones en los nombres del romance castellano por modificación de la lengua gallega", *Revista Gallega*, VII/304, 1901:2-4; VII/306, 1901:2-3; VII/308, 1901:4-5; VII/310, 1901:3-4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

O autor fai un repaso de diversos sufixos do castelán, explicándoos a partir do galego, pois considera esta última unha lingua aliteraria na súa formación. Recolle os sufixos *-ancia*, *-encia*, *-ura*, *-ble*, *-bre*, *-te*, *-ico*, *-cho*, *-no*, *-ino*, *-ina*, *-jo*, *-ero*, *-urio*, *-nela*, *-ario*, *-erio*, *-orio*, *-lla*, *-ento*, *-mente*, *-miente*, *-on*, *-ante*, *-ente*,

-iente, -ado, -ido, -so. Logo, describe os nomes rematados en consoante *-d, -z, -al, -el, -ve, -an, -en, -on, -ar, -er, -or, -y*.

909 (R/04). Schmid, Beatrice: "Contrastes y afinidades: la forma verbal en *-ra* en la Península Ibérica", *Estudis Romànics*, XXIII, 2001:49-64. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Institut d'Estudis Catalans, Revistes científiques en línia de l'IEC, [2004], <http://www.iec.cat/pperiodiques/>, Formato: PDF, [Consulta: 15/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Revistes Catalanes amb Accés Obert, [2004], <http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/21221/21055>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Preténdense mostrar as posibilidades e as limitacións da análise contrastiva como un método máis de investigación no estudo das traducións. Pártese da análise morfolóxica, das funcións sintácticas e dos valores modais e temporais dos descendentes do pluscuamperfecto latino nas linguas romances peninsulares (galego, castelán, catalán, portugués). En principio, exemplifícase a comparación na dimensión diacrónica para, a seguir, facer o mesmo entre dúas linguas, concretamente entre o portugués e o castelán e mais entre o castelán e o catalán. Cónclúese que este método comparativo "puede resultar especialmente productivo cuando se trata de poner en evidencia la cronología relativa de procesos ocurridos de manera análoga, pero no sincrónica, en dos o más lenguas" (p. 57).

910 (R/04). Szijj, Ildikó: "Desdobramento de morfemas verbais no galego: o sufixo número-persoal na conxugación regular", *Estudis Romànics*, XXIV, 2002:46-69. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Institut d'Estudis Catalans, Revistes científiques en línia del'IEC, [2004], <http://www.iec.cat/pperiodiques/>, Formato: PDF, [Consulta: 15/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Revistes Catalanes amb Accés Obert, [2004], <http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/21236/21070>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Traballo tirado da tese de doutoramento do autor [*A galego ige története = The History of the Galician Verb: Természetes morfológiai megközelités = A Case Study in Natural Morphology* (2002, vid. *BILEGA* 11199)], presentada na Universidade Eötvös Loránd de Budapest en 2000 e publicada en 2002. Na evolución histórica das linguas os elementos dun paradigma poden converxer ou diverxer. A converxencia pode producirse por evolución fonética regular (*CANTABAM* > gal. *cantaba*, *CANTABAT* > *cantaba*) ou mediante un proceso analóxico (*CANTAVISTIS* > *cantastes* > gal. dialectal *cantástedes*, con inclusión do morfema número-persoal *-des* que presentan outros tempos da conxugación). Ademais de converxencia, pode producirse diverxencia entre as formas, xeralmente por procesos foneticamente condicionados [o sufixo número-persoal *-des* nunha parte do dominio lingüístico galego sofre unha erosión fonética despois de vogal (*amades* > *amaes* > *amais*), mentres que se mantén despois de consoante (*amardes*)]. Este traballo examina de forma moi detallada "a cuarta posibilidade, as diverxencias sen condicionamento fonético, para tirar unha conclusión relativa á teoría da morfoloxía natural" (p. 47). A análise destas diverxencias limítase ao sufixo número-persoal dos verbos regulares do galego moderno, prestando atención non só ás formas normativas, senón tamén ás variantes dialectais que poden aparecer en calquera dos 167 puntos documentados no *Atlas Lingüístico Galego*. Estes datos permiten concluír que "no paradigma verbal de moitos dos puntos dialectais producíronse desdobramentos nos sufixos número-persoais, sen condicionamento fonético, tanto entre os tempos como as clases mórficas. Este desdobramento

contradí ó Universal de Humboldt, un dos principios da morfoloxía natural, pero as tendencias xerais pódense explicar mediante o concepto de marca e a relación entre o significado e a forma. A clase mórfica menos marcada, a 1ª conxugación, é a máis innovadora. [N]os tempos prodúcese un número maior de desdobramentos entre os tempos menos marcados e os semanticamente máis distantes" (p. 69).

911 (N/05). Wigger, Lars-Georg: *Die Entwicklungsgeschichte der romanischen Vergangenheitstempora am Beispiel des* Pretérito Perfeito Composto *im Portugiesischen*, Philosophische Dissertation, Universität Tübingen, Neuphilologischen Fakultät, 2004, 265 p., il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: 2005, <http://w210.ub.uni-tuebingen.de/dbt/volltexte/2005/1986/pdf/Dissertation_LarsGWigger.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 29/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Ofrece unha descrición da evolución histórica do preterito perfecto composto (PPC) do portugués que permita establecer a base para unha análise congruente dos seus aspectos formais, semánticos e aspectuais, achegando así unha solución ás controversias referidas á súa descrición sincrónica. Nos caps. primeiro e segundo examínanse as descricións sincrónica e diacrónica do PPC portugués nas gramáticas e na literatura científica, para presentar a continuación un modelo teórico integrativo que intenta reflectir a súa evolución interna e no conxunto das linguas románicas, salientando o proceso de gramaticalización propio do portugués, que leva á formación do pretérito perfecto co verbo auxiliar *ter* con valor aspectual cursivo. O autor dedica un breve apartado ao PPC en galego, resumindo a análise da forma *ter + participio* que pode acharse na gramaticografía, nomeadamente na *Gramática da lingua galega: II. Morfosintaxe* de Xosé Ramón Freixeiro Mato (2000, vid. BILEGA 9769) e na *Gramática galega* de Rosario Álvarez Blanco et al. (1986, vid. BILEGA 930). Sinala como fundamental que estas dúas gramáticas distingan entre a construción do verbo *ter* con participio concordado, de valor resultativo, e a perífrase con participio invariable, onde *ter* aparece totalmente gramaticalizado como verbo auxiliar, con aspecto perfectivo-iterativo e de valor cursivo cando o auxiliar aparece en presente. O autor chega á conclusión de que o uso destas dúas construcións en galego se corresponde co da construción resultativa e do PPC do portugués. A segunda parte do traballo está dedicada á verificación empírica do modelo evolutivo proposto, baseada nos datos tirados dun corpus diacrónico de textos portugueses que abrangue desde o séc. XIII ata finais do séc. XVI (*TüPoDia: Tübinger Portugiesische Diachrone Korpora*). Aínda que o estudo de corpus está limitado aos datos do portugués, na argumentación do traballo asúmese que os procesos de gramaticalización da construción con *ter* se producen de maneira análoga en galego [B.L.].

Vid. tamén as entradas 88, 151, 153, 176, 177, 191, 192-2, 497, 515, 520, 874, 883, 1014.

643 Cambios sintácticos

912 (N/04). Castilho, Célia Maria Moraes de: "A diacronia do dequeísmo: o clítico locativo medieval *em* e o dequeísmo nas orações relativas = On the Diachrony of *dequeismo*: The Medieval Locative Clitic *en* and *dequeismo* in Relative Clauses", *Lingüística-ALFAL*, 15-16, 2003-04:123-160.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

A autora comeza por explicar a diferenza entre os procesos denominados *dequeísmo* e *queísmo*, en relación ao tipo de oracións en que se insiren, e ofrece exemplos tirados da diacronía do portugués, desde a Idade Media ata o século XX. Ademais, considera que ningunha das explicacións teóricas propostas ata o momento son válidas desde un punto de vista diacrónico. A partir da interpretación do *dequeísmo* como resultado de dous procesos sintácticos no período medieval (o *deísmo* e o *queísmo*), os obxectivos do traballo son: 1) mostrar como apareceu o fenómeno do *deísmo*; 2) describir cal era a extensión do *dequeísmo* nas oracións de relativo; 3) verificar se o conxunto *de que* xa se constituíra nunha nova conxunción mediante a incorporación léxica da preposición. Para explicar a aparición do dequeísmo en portugués, proponse a hipótese de que proceda do "pronome clítico locativo redobrado *en*, o qual duplicava um SP, organizando a estrutura *en* + *de NP*" (p. 124); logo, ese locativo redobrado xuntaríase a verbos, nomes, adxectivos e adverbios, pasando por varias fases de gramaticalización ata que o sintagma encabezado por *de* sufriu un deslocamento cara á esquerda para se posicionar antes da conxunción relativa *que*; este dequeísmo nas oracións relativas estenderíase logo ás substantivas e ás adverbiais. O clítico locativo redobrado *en* + *Sintagma Preposicional* considérase "como uma minioração prepositiva que se adjungia, nos promórdios do português, principalmente a verbos, mas também a alguns tipos de nomes, adjectivos e advérbios" (p. 137). Sobre o xurdimento da nova conxunción *de que* postúlase que xa no séc. XIII existen evidencias da formación dunha nova conxunción, ao se lexicalizar *de que* primeiro nas relativas e logo noutro tipo de oracións. Os datos do período galego-portugués proceden dos seguintes textos: *História do Galego-Português* (1986, vid. BILEGA 2411) de Clarinda de Azevedo Maia, *Cantigas de Santa Maria* [ed. de Walter Mettmann (1959, vid. BILEGA 447)], *Cancioneiro da Ajuda* [ed. de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1904, vid. BILEGA 75)], *Crónica Geral de Espanha de 1344* [ed. de Luís Filipe Lindley Cintra (1951-90, vid. entrada 976)], *Documentos portugueses do noroeste e da região de Lisboa* [ed. de Ana Maria Martins (2001, vid. BILEGA 10832)], *Demanda do Santo Graal* [ed. de Irene Freire Nunes (1988, vid. BILEGA 8028)], *Foro Real* [ed. de José de Azevedo Ferreira (1987, vid. BILEGA 4673).

913 (N/05). Costa, Maria João: "*Aver* / *teer* no português arcaico - formas linguisticamente rivais?", en Miguel Gonçalves, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins e Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e humanismo: Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*, I, Braga, Universidade Católica Portuguesa, Faculdade de Filosofia, ALETHEIA - Associação Cultural e Científica, 2005:275-281.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Describe as estruturas sintácticas en que se produciu a substitución do verbo *aver* por *teer* e os factores que favoreceron este cambio. A autora comeza por presentar o contido semántico orixinal destes dous verbos en latín; pasa logo a describir as estruturas en que se empregan en portugués arcaico e os valores semánticos que amosan: 1) estruturas de posesión, que son nas que aparecen con máis frecuencia ["*aver* é utilizado para designar qualquer tipo de posse enquanto *teer* é reservado para designar a posse temporária ou a posse de bens materiais adquiríveis. Em comum, temos o facto de ambos serem utilizados para designarem a posse de bens materiais, palpáveis" (p. 277)]; 2) nas perífrases *aver / teer* + *de* + *infinitivo* e, con menos frecuencia, *aver / teer* + *a* + *infinitivo*, todas con sentido de futuridade ou obriga; 3) *aver / teer* + *participio pasado concordado*, formando unha estrutura en que *aver* / *teer* son aínda os verbos principais e o participio pasado é adxectivo e non verbo; dase logo unha fase de coocorrencia de *aver* e *teer* e, por último, a finais do séc. XV prodúcese a substitución do primeiro polo segundo e o confinamento do primeriro a valores existenciais e de auxiliaridade. A autora describe

así o proceso: "na fase inicial do português arcaico [o período galego-portugués] os falantes tinham interiorizado estas estruturas e seleccionavam ora um verbo ora outro de acordo com o conteúdo nocional a transmitir. O verbo *aver* era utilizado em praticamente todas as acepções ao passo que *teer* tinha um campo de utilização bem mais restrito. O binómio *aver* / *teer* tem, no período arcaico da língua portuguesa, uma relação de interdependência e de complementaridade que acabará por culminar aquando da utilização de *teer* em todas as acepções que até aí eram apanágio exclusivo de *aver*" (p. 277). A análise dos principais textos do portugués arcaico (sécs. XIII-1ª metade do XVI) permite observar a lenta pero progresiva substitución de *aver* por *teer*, proceso que culminou coa desaparición do primeiro de estruturas onde, inicialmente, era o verbo preferencialmente seleccionado polos falantes [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

914 (N/04). Schulte, Kim: *Pragmatic Causation in the Rise of the Romance Prepositional Infinitive: A Statistically-Based Study with Special Reference to Spanish, Portuguese and Romanian*, Ph.D. Dissertation, University of Cambridge, Department of Spanish and Portuguese, Trinity College, 2004, 226 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2006], <http://www.people.ex.uk/kschulte/KimSchultePhDthesis.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Examínase o desenvolvemento das construcións de infinitivo con preposición, inexistentes en latín pero presentes na maior parte das linguas romances. No cap. 1 o autor discute as razóns para adoptar unha análise con base estatística e algunhas das cuestións teóricas que implica. Pasa logo a comparar os tipos de subordinación clausal existentes en latín cos das linguas romances modernas e a analizar en detalladamente os factores que provocan a elección de infinitivos dependentes, con e sen suxeito explícito, en castelán e portugués modernos. Logo ofrece unha análise diacrónica estatística da evolución de cada unha das construcións de infinitivo en cada unha das linguas, desde os primeiros textos conservados. A análise dos datos mostra que a cronoloxía relativa da aparición e desenvolvemento destas construcións é moi semellante nas tres linguas; as diferenzas xorden canto ao momento en que aparecen os infinitivos preposicionais e ao seu grao de expansión. Isto lígase ao feito de que a probabilidade estatística no uso dunhas construcións con máis frecuencia ca outras xoga un papel fundamental no camiño evolutivo que seguiron os infinitivos preposicionais e, polo tanto, tamén na súa distribución actual [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 174, 191, 897, 902.

644 Historia do léxico e etimoloxía

915 (N/05). Baltar Veloso, Ramón: "O nome dourado da *xouba*", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:41-43 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

O autor trata de dar cunha axeitada explicación etimolóxica para a voz gal. *xouba*. Parte da hipótese de Antón Santamarina, que propuxo tiralo do ictiónimo latino *CLUPEA* > **CHOIBA* > *xouba*, mais desbótaa porque nun texto da antigüidade non refire un clupeido. En lugar dela, propón partir dun latín falado *(SARDINA) *FLAUVA* para chegar a unha forma **CHOUBA*, da que sairía *xouba* por mor dunha desafricación. Isto significaría que a palabra *xouba* é unha creación de cuño galaico.

916 (N/05). Barme, Stefan: "Zur Etymologie und Wortgeschichte von pg. *cusco / coscuvilheiro* und okz. / pg. *cascavel*", *ZRPh*, 121/2, 2005:189-196. | [Ed. facs. en liña]: Santa Clara, CA, Atypon Systems, [2005], <http://www.atypon-link.com/WDG/doi/pdf/10.1515/ZRPH.2005.189>, Formato: PDF, [Consulta: 31/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Inclúe referencia ás voces gal. *cascabela* «mujer casquivana», *cascabel* «kleine Glocke».

917 (R/05). Buescu, Víctor: "Etimologias portuguesas e espanholas, I", *BmF*, XVII/3-4, 1958:362-380. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/17/boletim17.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Cita a voz galega e portuguesa *moela* «terceiro estómago das aves» < **MOLELLA* < *MOLA*. O autor sinala tamén que no port. ant. existiu *moela* co sentido de «meollo, médula» e que este derivaría de *MEDULLA*, con transposición de *meola* < *moela*. Esta transposición sería semellante á do port. *joelho* < ant. *geolho* [T.A.G.].

918 (R/05). Carvalho, José Gonçalo C. Herculano de: "*Bueiro, bueira*", *BmF*, IX/4, 1948:340-342. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/09/boletim09.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Cita a voz galega *bueiro* «caño o tubo para salida de aguas», indicando que, como as port. *bueiro, bueira*, deriva do lat. *AQUARIUS, AQUARIA*, do que tamén provirían o gal. e port. *agüeiro*, co significado en galego de «especie de tronera que se deja en muros y paredes, para la salida o entrada de las aguas». Para o autor, as formas *bueiro, bueira* explicaríanse a partir de *agueiro, agueira* pola perda da vogal inicial seguida pola transformación do grupo *gu-* en *bu-*. Finalmente, sinala que Fritz Krüger, na p. 78 do seu artigo "Die nordwestiberische Volkskultur" (1927, vid. *BILEGA* 1329), cita as voces gal. *boéiro* e *buéira* relacionándoas co significado aquí indicado, pero, na súa opinión, esas voces habería que relacionalas con *fueiro, fueira* < **FUNARIUS* [T.A.G.].

919 (R/05). Carvalho, José Gonçalo C. Herculano de: "Derivados do latín *GALLA*", *BmF*, XI [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, II], 1950:1-11. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/11/boletim11.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Inclúe as seguintes formas gal.: *gallo* «retoño no cortado á raiz del patrón», *gallo / galla* «pua de una horquilla, ó de una rama horquillada», *galla* «garabato», *gallo* «instrumento de hierro para sostener las cazuelas y pucheros en el hogar», *gallete* «horquilla pequeña para usarla con una sola mano», *gallete vencelleiro* «horquilla manual, con puas de hierro, para coger los manojos de trigo, ó centeno, por la atadura, ó *vencello*, y alargarlos, ó arrojarlos, al que hacina, cuando la *meda* vá ya muy alta», *gasgallo* «rama, ó vástago, de leña baja del monte», *gasgalleira* «matorral, campo inculto, lleno de maleza, ó leña baja del monte».

920 (R/05). Cintra, Luís F. Lindley: "Áreas lexicais no território português", *BmF*, XX/3-4, 1961:273-307, 8 mapas. | [Reed.]: en Luís F. Lindley Cintra, *Estudos de dialectologia portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa, 1983:55-94, 8 mapas (= *Colecção Nova Universidade. Linguística*; 7). | 2ª ed., 1995:55-94, 8 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Instituto Camões, 2001, <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biblioteca>, Formato: PDF, [Consulta: 02/01/2004]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes-pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/20/boletim20.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Comunicación presentada ao *Primeiro Congresso de Dialectologia e Etnografia* (Porto Alegre, 1958). Análise dos mapas 1 (*ordenhar*), 2 (*úbere*), 3 (*soro*), 4 (*fémea estéril*), 5 (*cria da ovelha*), 6 (*cria da cabra*), 7 (*espiga do milho*) e 8 (*queixo*) do material recollido en Portugal para o *ALPI*. Cita as voces gal.-port. *cordeyro(s)*, *cordeyrinas*, *chibos* [documentadas nos *Foros de Castelo Rodrigo* (2ª metade do séc. XIII)] e gal. mod. *chiva, chiviño, chiviña*, *maçaroca*.

921 (R/05). Cocco, Vincenzo: "Sopravvivenze della cultura dei *castros* nel lessico del nord-ovest ispanico", *BmF*, XVIII [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, I], 1959:71-78. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/18/boletim18.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Inclúe o estudo das voces gal.-ast. *corro*, gal. *curro* e os topónimos gal. *Curro, Curra, Currás, Curras, Currelos, Curros, Curriño, Currovedo*.

922 (R/05). Corominas, Joan: "Duas etimologias portuguesas", *BmF*, X/1-4 [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, I], 1949:334-340. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/10/boletim10.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

A propósito da voz gal. e port. *cotovelo*, o autor indica que é frecuente considerala derivada do lat. **CUBITELLUS* < *CUBITUS*, pero rexeita esta posibilidade, considerando que a súa orixe é unha forma

mozárabe proveniente do sur de Portugal. Para isto apóiase na xeografía lingüística sinalando que a forma *cóvado* (< *CUBITUS*) foi a preferida na Idade Media en todo o norte do territorio lingüístico galego-portugués e que é a forma xeral en galego, aínda que tamén apareza *cotovelo* no suroeste da provincia de Ourense. *Cotovelo* en galego tería os significados de «nó ou articulação dos dedos; saliência ou juntura dos ossos; curva ou volta, ângulo». A propósito da dobre acentuación da voz galega e portuguesa *cantiga* (como *cantiga* ou como *cántiga*), intenta precisar cal das dúas acentuacións é a máis antiga. Na época moderna a forma *cantiga* é a máis frecuente en portugués, mentres que en galego existen tanto *cantiga* como *cántiga*; respecto ás formas antigas, sinala que na literatura medieval galego-portuguesa a única forma que aparece é *cantiga*. Considera que a forma *cántiga* se explica como unha alteración de *cantiga* producida pola influencia das formas cultas medievais *cántigo* (ou *cántico*), *cántica*. Polo que atinxe á etimoloxía da voz, defende que se trata dunha voz de orixe celta que derivaría dun hipotético **CANTICA* [T.A.G.].

Recs.: Emanuel Paulo Ramos, *RPF*, VI/1-2, 1953-55:440-441.

923-1 (R/04). Dworkin, Steven N.: "The Fragmentation of the Latin Verb *TOLLERE* in Hispano- (Including Luso-) Romance", *RPh*, XXXVII/2, 1983:165-173. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estudo dos derivados do verbo latino *TOLLERE* na Iberorromania. Inclúe referencia ao port. ant. *toler, tolher, tolha, tolhedura, tolheito, tolhido*, e ao gal. mod. *tolo, tolería, tolear*, gal.-ast. *tollena*. En relación con *tolo*, cita os sinónimos do gal.-port. *louco, sandeu*.

Recs.: Yakov Malkiel, "Editorial Post-script", *RPh*, XXXVII/2, 1983:173-174. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007] | P. Lore, *LLBA*, 19/2, 1985:507 [8503244]

923-2 (R/05). Giese, Wilhelm: "*Segunda feira*, etc.", *BmF*, VI/1-2, 1939:197-203. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/06/boletim06.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Para o autor, a orixe das denominacións *segunda-feira*, *terça feira*, etc. está en usos eclesiásticos medievais. Manifesta, así mesmo, que o galego moderno coñece, ao lado das formas *luns, martes, mércores, xoves, venres*, as formas *segunda feira, tercia feira, carta feira, quinta feira, sesta feira*, que rexistra na *Gramática do Idioma Galego* (1922, vid. *BILEGA* 1016) de Manuel Lugrís Freire e no *Vocabulario castellano-gallego de las Irmandades da Fala* (1933, vid. *BILEGA* 1042).

924 (R/05). Herrera del Castillo, María Teresa: "Aproximación lexemática a la historia de un trueque: *feria - feira* en el ámbito hispano-lusitano de la Iberorromania", *RFR*, 10, 1993:253-266. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005],

<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9393110253A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Analiza a evolución semántica da palabra *feira* en portugués, galego e castelán, salientando a antigüidade do seu uso na Península Ibérica como parte dos nomes dos días da semana diferentes do sábado e o domingo (segunda feira, etc.), pois está documentada xa desde o a. 1050, e testemuñando a súa presenza actual "en una amplia zona que se extiende desde Santandar hasta el bable occidental, norte de León y algunas áreas de la comunidad gallega" (p. 256), ademais de Portugal.Tamén fai referencia á antigüidade de *feira* co sentido de «mercado» en galego e portugués e sinala varias voces derivadas como gal.-port. *feirar* «regatear», gal. *feirar* «hacer tratos en una feria», *feirado* «de vacacións», *feirante* «tratante».

925 (R/05). Herrera del Castillo, María Teresa: "*Ficar* > *Fincar* > *Hincar*: variaciones lexemáticas de un arcaísmo en el enclave iberorrománico", *RFR*, 11-12, 1994-95:353-365. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9495110353A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Sobre a etimoloxía e evolución do lat. *FIGERE* > gal. *ficar*, *fincar*.

926-1 (R/04). Hubschmid, Johannes: "Asturisch *cuetu* - baskisch *kotor* «felsiger Hügel Fels»: Ein Beitrag Erforschung des hispano-kaukasischen Substrater", *RPh*, VI, 1952-53:190-198. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANRROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Cita os derivados gal. da raíz celta **KOTTO-* > *cotarelo* «pequena prominencia o elevación de terreno; figura cónica o piramidal», *cotillón* «terrón grande», *cotiñón*, *escotexar* «allanar la tierra con el rastro despues de arada, propiamente deshacer los terrones», *cotarro* «nombre de un monte; albergue de pobres», *cota* «mocho, remate grueso y redondo de alguna cosa larga», *coto* «muñón, resto de brazo al que fue amputada una parte; palo», *cotón* «parte de sarmiento que se deja en la vid al podarla; capa fina de vello que queda en la piel de las ovejas recién trasquiladas», *decotar* «podar árboles», *escotar* «truncar un retoño, la vara de un arbusto o el cimo de los nabos», *cotella* «parte más elevada de una cosa, particularmente se da ese nombre a las flores masculinas del maíz por hallarse en la extremidad de la planta», *cotelo* «prominencia formada por los dedos cuando estos se doblan», *cotenos*, *cotobelo* «bulto o juntura de huesos como dedos». Tamén cita **KÓTTUMO-* > gal. *cotomelo* «cada nudillo de los dedos».

926-2 (R/04). Hubschmid, Johannes: "Die Stämme **KAR(R)-* und **KURR-* im Iberoromanischen, Baskischen und Inselkeltischen", *RPh*, XIII/1, 1959:31-49. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Inclúe referencias ao gal. *carolo* «eje de la espiga del maiz», *carozo* «parte dura de algunos frutos», *carepa* «cáscara», *carapela* «cáscara de las castañas», *carocha* «mazorca del maiz», *escarrollar* «cascar las nueces», *carrio* «corteza de la nuez», *carouxo*, *lazo* «hielo», *carazo* «escarcha», *carouca* «morena de maiz», *caroucha* «cabeza de pulpo», *carraina* «vara de vid», *caramecha* «molusco», *carrasco* «puchero», *carrela* «racimo de uvas», *carrupa* «panoja, hojas que recubren la espiga del maiz», *caramiñola*, *carrocha*, *corripa*, *corre* «vara retorcida», *corro* «montón de maiz que se forma en el campo después de la cosecha», *curro* «monte bajo, cerrado sobre sí», *curral* «curro más grande», *corruncho / curruncho* «rincón, escondrijo» e *canto* «esquina, rincón».

927-1 (R/05). Hubschmid, Johannes: "Hispano-Baskisches", *BmF*, XIV/1-2, 1953:1-26. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/14/boletim14.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

Índice: 1. Span. *vega*, port. *veiga* und der Wandel von hispan. *b* > *v* | 2. Port. *várzea* «veiga» und der Wandel von hispan. *-rk-* > *-rg-* und *-lc-* > *-lg-* | 3. Ergebnisse und Ausblick. | No apdo. 1 rexistra en docs. notariais as formas gal. ant. *veigas* (a. 757), *veygas* (a. 841), *veiga* (a. 1019), top. *Veyga* (a. 1276); mod. berc. *veiga*, san. *béiga*, gal. *veiga* «vega, valle, tierra llana y fértil»; repasa as hipóteses etimolóxicas formuladas ata agora para estas formas, mostrándose partidario da que as deriva de **BAIKA* / **VAIKA*; ademais, analiza a evolución *b-* > *v-* en castelán e portugués, nomeadamente no gal.-port., citando formas med. como gal. *barga*, port. *bitualha* (a. 1389), *Bolpeliares* (aa. 1037-1065), *Bolpaiiares* (a. 1312), *Bolpaliares* (a. 1113), *Bolpelleira* (a. 1173) < lat. *VULPECULA*, *Vaseliga* (a. 1023) < lat. *BASILICA*, *velido* < lat. *BELLITUS*, *Bidoedo* (a. 1202), *Viduedo* (a. 1319) < **BETULETUM*, *Viduosa* (a. 1223) < **BETULOSA*, gal. *Bitolarios* (a. 887), gal. mod. *bidueiro*, gal. ant. *Velasco* (a. 912), port. ant. *Velascu* (a. 951, 983), *Valascus* (a. 992), *Vasco* (a. 1281), *Belasco* (a. 985). No apdo. 2 cita as formas ant. port. *varga* (a. 1290), gal. *ercer* < lat. *ERGERE*, port. *burzes* (a. 1096), *varcena* (aa. 897, 985, 1013, 1088, 1115), *varzena* (aa. 906, 924, 927, 957, 973, 1004, 1021, 1047, 1079, 1080, 1314), *varcina* (a. 1023), *vargena* (a. 1107), *varzea* (aa. 1144, 1308), *varcea* (a. 1212), gal. *varcena* (a. 885), *varzea* (a. 928), top. *Varcena* (a. 1112), *Varzena* (aa. 1120, 1228), *Vargena* (a. 1195), gal. mod. *Barcia* / *barcia* «planicie, terreno llano y cultivado», *Barxa* / *barxa* «terreno comunal», *barcela* «pequeño terreno comunal, lugar próximo a un río que lo inunda con frecuencia», top. *Barcela*, ant. *Barcella* (a. 1170), mod. *Barjela*, ant. *Varxeeles* (a. 1157); berc. mod. *holga* «terreno labrantío y regadío situado en las riberas y generalmente entre los prados», port. ant. *olga*, gal. mod. *Olga* (LU); gal. ant. *Barcalla* (924), gal. mod. *Barcala* (PO), *barcial* «brezal». No apdo. 3 inclúe referencia ás formas gal. *petón* «cumbre», *Ibia* (CO), *sámago*.

927-2 (R/05). Hubschmid, Johannes: "Studien zur iberoromanischen Wortgeschichte und Ortsnamenkunde", *BmF*, XII/2, 1951:117-156. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/12/boletim12.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

Inclúe o estudo das voces gal.-ast. *senra*, gal. *senra*, ant. *Senrra / Senra* (top.); ant. *Gandara, Ganderas, Gandra* (tops.), gal. mod. *gándara*, *Granda, Grandal, Grandela* (tops.); ant. *Senera, Seara* (tops.), gal. mod.

Seara, Senra; gal.-ast. *xógara*, gal. *xoga, támaro, sutámbaro*, *Tambre* (hid.); ant. *cómaro, bestigo*, *Camba, Láncara* (tops.), gal. mod. *comareiro, mámoa*, *Láncara* (top.); ant. e mod. *Sena* (top.), ant. *Senabal* > mod. *Siabal* (top.), ant. *Sadava* > mod. *Sada* (top.), *sámago, lúparo*; gal.-port. *siira, assiirar*, gal.-ast. *xira*, gal. mod. *siries, sieiro*, *Sieiro, Sieiros, Sieira* (tops.). Inclúe tamén referencias ao gal. *xenro, tenro*.

928-1 (R/04). Kramer, Johannes: "Der Weg von gr. lat. *PAPYRUS* zu kat. *paper*", *Estudis Romànics*, XXIII, 2001:77-90. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Institut d'Estudis Catalans, Revistes científiques en línia de l'IEC, [2004], <http://www.iec.cat/pperiodiques/>, Formato: PDF, [Consulta: 15/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Revistes Catalanes amb Accés Obert, [2004], <http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/21223/21057>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Informa sobre a historia dos materiais para a escrita (*PAPYRUS e PERGAMENUM)* na Antigüidade e da chegada do papel a Europa na Idade Media, para tratar a continuación os termos gregos e latinos que designan estes materiais flexibles. O terceiro e último apdo. dedícase á etimoloxía das denominacións derivadas de *PAPYRUS* ou *CHARTA* no ámbito románico. O autor argumenta que a evolución semántica de *PAPYRUS* a *papel* e o cambio do sufixo *–YRUS* a *–er* producíronse en Italia e que a palabra catalá *paper* procede dunha variedade do noroeste italiano. Indica a primeira documentación das formas derivadas de *PAPYRUS* en Italia, Francia e a Península Ibérica, sinalando que no galego-portugués a palabra *papel* aparece por primeira vez nun documento de Galicia do a. 1327 [B.L.].

928-2 (R/05). Louro, José Inês: "Considerações etimológicas", *BmF*, XII/3-4, 1951:267-290. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/12/boletim12.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Índice: [1.] *lampa, lampo, relâmpago* [inclúe referencia ao gal. *relampo*] | [2.] *canga, canzil, encangar* | [3.] *pescaz, pescunho* | [4.] *pescola, piscola* | [5.] *pespeneiro, pespinheiro*.

929 (R/05). Louro, José Inês: "*Dantu abrum > dentebrum*", *BmF*, IX/4, 1948:369-374. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/09/boletim09.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Estuda a expresión árabe *DANTU ABRUM* relacionándoa co port. *dentebrum, dentabrura* e o gal. *dentabrú* «fento real».

930 (R/05). Louro, José Inês: "Etimología de *cipreste*", *BmF*, VIII/3, 1947:273-280. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/08/boletim08.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estuda a etimoloxía da palabra portuguesa *cipreste* que, segundo o autor, aparece tamén no galego baixo a forma *acipreste*. Esta última sería anterior historicamente a *cipreste*, xa que a presenza da consoante dental da sílaba final na forma portuguesa só pode ser explicada coa existencia da variante co *a* inicial, sexa protético ou non. Pensa que o arcaico *aciprés* sufriu a influencia analóxica de *acipreste*, forma vulgar de *arcipreste* da que xurdiría por asimilación completa. Xa que logo, *cipreste* é considerada unha falsa corrección erudita de *acipreste*, por suposta restauración etimolóxica e analóxica; *acipreste* sería forma vulgar (e xeral) resultante do arcaico *aciprés*, con influencia analóxica de *acipreste* (variante vulgar de *arcipreste*); *aciprés* sería forma arcaica importada probablemente do provenzal e, á vez, filiada no latín *CUPRESSUS*.

931 (R/05). Louro, José Inês: "Notas etimológicas", *BmF*, IX/1, 1948:79-97. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/09/boletim09.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C

A propósito das formas portuguesas *apertar, perto, preto*, o autor sinala que do verbo latino *PREMERE* hai que derivar dous participios: o participio pasado normal *PRESSUS*, do que derivarían as formas do port. ant. *apresso* e *apressar*, e un participio **PRETTUS*, do que derivarían as formas do port. ant. *preto* (port. mod. *perto*) e *apretar* (port. mod. *apertar*). Canto á forma gal. e port. *acalentar* (ant. *acalantar*), considera que non deriva do lat. *CALENS, CALENTIS* «quente», pois en galego significa «acallar los niños cuando lloran acariciándolos y tomándolos en el regazo», significado este que tamén tiña a forma antiga *acalantar*; a súa orixe hai que buscala no verbo *calar* < **CALLARE* e, máis concretamente, no seu participio presente **CALANTE*, co sufixo verbal *-ar* e a anteposición dun *a* (a + *calante + sufixo -ar). A propósito da voz *latim*, o autor sinala que do adxectivo lat. *LATINUS* derivou o port. ant. *ladinho* e que foi do francés ou do provenzal *latin* de onde derivaría a voz mod. *latim* [T.A.G.].

932 (R/05). Louro, José Inês: "Notas etimológicas", *BmF*, XVI/3-4, 1957:344-352. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/16/boletim16.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

A propósito da voz gal.-port. *mejengra*, o autor cita o gal. *meixengra* «abellaruco» e o gal. e port. meixengro / *meijengro*. Relaciona estas voces coas formas do latín medieval (séc. X) *MISINGA*, *MESENGA*, de orixe xermánica, e cre que a etimoloxía posible sería unha forma xermánica descoñecida (**MAISINGRA*). A propósito da voz *peneira*, rexeita a etimoloxía que a deriva de **PANARIA* < *PANE* «pan» e cre que hai que buscar a súa orixe nun derivado do latín *PINNA* ou *PENNA* (**PINNARIA*), porque estas voces na Idade Media tomaron acepcións novas como «rocha» ou «pel», significado este último que se relaciona facilmente con *peneira* [T.A.G.].

933 (R/05). Machado, José Pedro: "*Miona*", *BmF*, V/3-4, 1938:368-374; VI/3-4, 1940:420-422. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/05/boletim05.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Sobre os derivados gal.-port. med. de lat. *MEA DOMNA* (*miona, meana, miana, minhana*) e de *MEUS DOMNUS* (*meono*).

934 (R/04). MALKIEL, Yakov: "Castilian *albricias* and its Ibero-Romance Congeners", *Studies in Philology*, XLIII/3, 1946:498-521. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Segundo o autor, os derivados do ár. *AL-BISARA* no oeste peninsular diferéncianse dos das variedades do centro da península no mantemento da estrutura vocálica e das variedades do leste no cambio de acentuación sufrido pola palabra. Recolle formas do gal.-port. (*alvíçera*) e do gal. mod. (*alvízara, albíxaras, albízaras, albrízaras*). Inclúe tamén referencias a outras voces do gal.-port. (*bravicia*) e do gal. mod. (*lediza, perguiza, cobiza*).

935 (R/04). MALKIEL, Yakov: "Designations of the Cupbearer in Older Hispano-Romance", *Studies in Philology*, LXXXIII/3, 1986:286-302. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Estuda a etimoloxía das denominacións galego-portuguesas para «copeiro»: *escanção*, *eycham / eychão / (e)ychán / ycham / (h)icham / (h)ucham*, *copeiro*. A esta última, evidentemente derivada de *copa* < lat. *CUPPA*, non se lle presta maior atención no traballo, que se centra nas outras formas. Tras revisar as hipóteses etimolóxicas de estudosos anteriores, o autor defende que, se ben *escanção* e *eychão* (e variantes) tiñan un significado parecido, non eran voces sinónimas nin intercambiables. Para a forma *escanção* sostén que era unha palabra propia do ámbito cortesano e, posto que a Francia carolínxea funcionaba como unha especie de modelo cultural na Península Ibérica, isto axudou á penetración do fr. ant. *eschançon* (dialectal *escançon*) no cast. e gal.-port. A forma *eychão* explícaa como préstamo do cast. ou do leon. *echán*, pois era a utilizada en cast. cando se trataba de usos menos pomposos e formais, menos cortesanos, e resultou dun cruce co verbo *echar*; dado que esta hipótese non vale para o gal.-port., por non existir *echar* co mesmo significado ca no cast. no período medieval, o autor opta por considerala un préstamo de calquera das dúas linguas veciñas (cast. ou leon.).

936 (R/04). MALKIEL, Yakov: "Excessive Self-Assertion in Glottodiachrony: Portuguese *sofrer* and its Latin and Spanish Counterparts", *Lingua*, 65/1-2, 1985:29-50. | [Ed. facs. en liña]: [New York], Elsevier, ScienceDirect, 7-V-2004, <http://www.sciencedirect.com/science/journal/00243841>, Formato: PDF, [Consulta: 30/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

O autor mantén que o paso do gal.-port. *sofrir* > *sofrer* debeuse á reacción dos falantes fronte ao castelán, que presentaba *sofrir*. O galego-portugués tomaría como modelo para este cambio outros verbos que tiñan *-er* (*bater, reger*, etc.), fronte ao *-ir* do castelán. O traballo ofrece moitos datos da redistribución dos verbos latinos nas conxugacións romances castelá e galego-portuguesa.

Recs.: John N. Green, *YWMLS*, 47, 1985:35. [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2001, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008] | *LLBA*, 19/4, 1985:1256 [8507446].

937 (R/05). Malkiel, Yakov: "Latin *IACTARE*, *DEIECTARE* and *EIECTARE* in Ibero-Romance", *BmF*, X/1-4 [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, I], 1949:201-214. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/10/boletim10.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. diacrónico | 4. m

Inclúe breves referencias ás seguintes voces do galego-portugués: *achar, congeitura, deçir, desçer, depos, depois, despois, despos, deitar, echadiço, geito, janela, jantar, jejum, rejeitar, reseitar, sogeiçom, sogeito*.

938 (R/05). Malkiel, Yakov: "Prevention of Highly Objectionable Homonymy in Luso- and Hispano-Romance", *BmF*, XXVIII/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, I], 1983:179-194. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/28/boletim28.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. iberorrománico | 3. diacrónico | 4. m

Inclúe unha breve referencia á forma do gal.-port. *ledo* < *LAETU* para indicar que desprazou a forma cast. *liedo*, a través da influencia da lírica amorosa [T.A.G.].

939 (R/04). Malkiel, Yakov: "The Development of *VERĒCUNDIA* in Ibero-Romance", *Studies in Philology*, XLI, 1944:501-520. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. investigación | 2. ámb. iberorrománico | 3. diacrónico | 4. m

Estuda a orixe do dualismo *vergonha* < lat. **VERECUNNIA* / *vergonça* < lat. *VERECUNDIA*, inclinándose o autor por considerar *vergonha* como a evolución máis arcaica porque reflicte unha pronuncia *VERECUNNIA* por *VERECUNDIA*, ao tempo que *vergonça* apoiaríase na forma tradicional e literaria da palabra por mor das influencias cultas. Malkiel admite que o tipo con <nh> / <ñ> reproduciría a pronuncia popular correspondente ao ano 100 ao paso que a de <nç> / <nz> só tería enraizado na época visigótica.

Recs.: Joseph M. Piel, *RPF*, II/1-2, 1948:283-285.

940 (R/04). Malkiel, Yakov: "The Etymology of Hispanic *destroçar* and *troço*", *Philological Quarterly*, XXIX/2, 1950:151-171. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. investigación | 2. ámb. castelán | 3. diacrónico | 4. mc | 5. inf. diatópica (falas galegas de Asturias, falas galegas de León)

Inclúe ref. ao gal.-ast. *estrozar*, gal. *trouzo / trouso, estrousar, retrouso*, galego do Bierzo *trouza, troza, toza, touza*, gal.-port. med. *tocho*.

941 (R/04). Malkiel, Yakov: "The Etymology of Hispanic *restolho, rastrojo, rostoll*", *RPh*, I/3, 1948:209-234. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

O autor propón a forma **ROSTRUCULUM* (< *ROSTRUM* + suf. *-UCULUM*) como étimo das formas gal.-port. *rastollo, rastrillo / rastrilho, restelo, restrelo / restrello* e gal. mod. *rostrollo, restrillo, restrillar, restelar*. Ademais, inclúe referencias ás formas gal.-port. *geolho, rostro, rezoar, rrazom, proste, rastros, rastrexar* e gal. mod. *garabullos, carabullos, garrabullos, garabujos* [?], *restra, rastra*.

942-1 (R/05). Malkiel, Yakov: "The Luso-Hispanic Triad *pente(m)*, *pende(jo)*, *(em)peine*: The Comb as a Focus of Linguistic Imagery", *BmF*, XIV/1-2, 1953:27-79. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/14/boletim14.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estuda palabras hispánicas relacionadas ou directamente derivadas de lat. *PECTEM*. Entre as formas citadas recóllense as galegas *pente, pentear, pentello, empinxo, pendello, peiteiro, peitieiro, pendado, pieite, pieitar*.

942-2 (R/04). Malkiel, Yakov: "The Evidence of OSp. *erzer* (= OGal.-Ptg.-Leon. *erger*), *yerto*, *coherir*, *apegar*", *RPh*, XXII/4 [= *Lucien Foulet Memorial / Alfred Foulet Testimonial*], 1969:505-508. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Entre os descendentes hispánicos do lat. ERIGERE sinala o gal.-port. *erger*.

943 (R/04). Malkiel, Yakov: "Why Spanish *seso*, but Portuguese *siso*, from Ancestral *se(n) su*?", *Neophilologus*, LXXII/1, 1988:44-55. | [Ed. facs. en liña]: Berlin / Heidelberg, Springer, 9-XI-2004, <http://www.springerlink.com/content/nk0844756446r503/fulltext.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 25/04/2008]. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2005, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

O autor intenta explicar a evolución da forma galega e portuguesa *siso* < lat. *SENSU*, indicando que no galego-portugués conviviron as formas *siso* e *seso* e que a forma *siso* sería explicable por un cambio *e* por *i* parello ao que se dá na serie pronominal *MECUM* > gal.-port. *mego*, *migo*, *comego*; gal. mod. *conmigo*. Cita tamén as voces gal. *asisado*, *desasisado*, *sisudeza* e *sisudo* [T.A.G.].

944 (R/05). Meier, Harri: "*Dezassete*, *diecisiete*, *dix-sept*", *BmF*, IX/3, 1948:287-292. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/09/boletim09.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

O autor sinala que tanto no portugués coma no galego (arcaico e moderno) se rexistran as formas *dezasseis, dezassete, dezaoito, dezanove*, etc., convivindo coas formas con *e* (*dezesseis, dezessete*. etc.), e considera que a orixe das primeiras está na forma latina *DECE AC SEX*, mentres que as formas con *e* derivarían de étimos coa conxunción *ET: DECE ET SEX*. Sinala tamén que no galego se rexistra unha terceira variante (*dazaseis, dazaoito*, etc.) debida a un proceso de asimilación vocálica.

945 (R/05). Merêa, Manuel Paulo: "*Caritel* (A propósito das reflexões de Fray Martín Sarmiento)", *BmF*, II/1, 1933:63-68. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/02/boletim02.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

O autor discrepa da hipótese sobre a orixe da voz *caritel* formulada polo padre Sarmiento no seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega [1769]* (1923, vid. *BILEGA* 793 e entrada 955) e aceptada por Manuel Rodrigues Lapa no artigo "Fray Martín Sarmiento e o vocábulo *caritel*" [entrada 109]. Na súa opinión, tanto a voz *caritel* como o topónimo *Caritel* (cuxa frecuencia en Galicia sinala) derivan de *CARACTELLUM* < *CHARACTER* e significan «sinal, marca». Esta etimoloxía explicaría que as voces medievais *caracter* e *caritel* na área galego-portuguesa presenten o significado de «termo» ou «distrito» ao relacionalas con «marca, padrón, baliza». Estas mesmas voces aparecen en documentos xurídicos dos séculos XI-XIII co sentido de «sinal ou selo de autoridade» [T.A.G.].

946 (N/05). Monteagudo García, Luis: "Nombres etruscos de plantas, setas, pilongas y los castaños de las Médulas", *Anuario Brigantino*, 28, 2005:19-26.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

O autor propón étimos etruscos para algunhas formas toponímicas (de entre as 1600 galegas que di ter identificado con esta orixe) e voces comúns do galego que corresponden a nomes de plantas alimenticias (entre eles, os nomes dos cogumelos e das castañas pilongas do Bierzo): *Coiro, Cores, Coristanco* < *CUR* «organizar»; *Andeiro* (Carral, CO), *Andoio* (Tordoia, CO), *Andión* (Pol, LU) < *ANT-* «silbar»; *Mazaille* (Baralla, LU), *mazán / mazá* < *MATIUS*; *Esparrelle* (Porto Osón, CO), *Valdepares* (El Franco, AS) < *PAR* «extranjero, forastero»; *Perexil* (Guitiriz, LU), *pirixel / pirixil / perexil* < *PERSILIUS*; *cagoxo* (Fonsagrada, LU; Navia de Suarna, LU) < *CACUSIUS*; *cacaforra* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU) < *CAC* «encender, irritar?»; *irto* (Valdeorras, OU; Trives, OU) < *HIRTIUS*; *cogordo* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU) < *COGORDIUS*; *falopo* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU) < **FALOPPIUS*; *cacafina* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU) < **CACAFINIUS*; *cacaviña* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU) < **CACAVINIUS*; *tortullo* (Valdeorras, OU; Trives, OU; Pastoriza, LU) < *TURTURIUS*; *pantorra* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU) < *TORRIUS*; *alborelle* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU), top. *Alborelle* (Sada, CO) < *ALBURELIUS*; *netorra* (Valdeorras, OU; O Bolo, OU; Trives, OU) < *TORRIUS*; *castañas pilongas* < **PILONICAS*;

Maianca (Oleiros, CO) < *MAIANICUS*; *Lariño* (Carnota, CO), *Larín* (Arteixo, CO; Laracha, CO) < *LARINUM*; *Corcoesto* (Cabana de Bergantiños, CO).

947 (R/05). Morala, José Ramón: "Documentación leonesa y léxico hispánico", en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.), Manuela Domínguez García (colab.) e Mercedes Díaz de Bustamante (colab.), *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*, [2], León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:1019-1039 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 100). | [Ed. en liña n.v.]: [León], Universidad de León, Páxina persoal do autor, [2005], <http://www3.unileon.es/dp/dfh/jmr/biblioteca/HCaton.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Despois de salientar a riqueza da documentación medieval leonesa conservada ata hoxe, o autor trata de amosar o interese desa documentación para o estudo do léxico hispánico, analizando algunhas voces referidas ao enxoval doméstico ou aos instrumentos e apeiros propios dunha casa rural que aparecen en tres fragmentos tirados doutros tantos inventarios e testamentos datados nos sécs. XI, XIII e XIV. En relación cos termos que estuda, inclúe referencia ás voces gal. *machado*, *pailla* (Ancares) / *painlla* (Ancares), *paílla* «sartén» (Bierzo, LE; Cervantes, LU) / *paíllo* «sartén pequeña o mala» (Bierzo), *grade* «enrejado, parrilla», *gradil* «dente ou pua da grade, aparello con que se arrastra a terra de un lugar a outro», *pichel* «vasilla, xeralmente de estaño, usado para o viño», *picheta* «recipiente de estaño coa garganta máis estreita que o pichel», *picheleiro* «hojalatero». Conclúe que "la búsqueda en los surtidos archivos leoneses ofrece a cada paso la posibilidad de encontrarnos ante verdaderas reliquias léxicas que nos permiten reconstruir de forma mucho más razonada la historia del léxico hispánico, ya sea en su versión más general, ya lo sea en la de aquellas voces exclusivas del área leonesa o comunes a todo el occidente peninsular" (p. 1038). Para tratar de explicar as voces incorporadas ao castelán dende o occidente peninsular, "el recurso a la documentación del antiguo Reino de León o la comparación con el gallego a través del leonés o asturleonés se tornan imprescindibles" (p. 1039).

948 (R/05). Nogueira, Rodrigo de Sá: "Crítica etimológica (Palavras castelhanas de origem portuguesa)", *BmF*, IX/3, 1948:197-228 (IV); IX/4, 1948:321-339 (Continuação). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/09/boletim09.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Inclúe referencia ás voces galegas *achar canga*, *cambica*, *carballo*, *chantar*, *chanto*, gal. ant. *chanto* «pranto», *cotobelo*, *muiñeira*, *orballo*, *pancada*, *tanque*. Explica tamén o cast. *sarao* como unha deformación da forma galega dialectal *serao* «tarde» [T.A.G.].

949 (R/05). Nogueira, Rodrigo de Sá: "Crítica etimológica", *BmF*, VIII/1, 1945:1-56. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/08/boletim08.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Estuda, entre outras, a palabra *nigromancia*, documentada na *Demanda do Santo Graal*.

950 (R/05). Pensado Ruiz, Carmen: "El contacto de sílabas como origen de las evoluciones de las secuencias de *consonante + wau* en romance", *RFR*, 4, 1986:73-110. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM8686110073A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Inclúe as voces galegas *manda, mada* < **MANUATA*; *manle, mal* < *MANUALE* e o top. de orixe xermánica *Malde* (CO, LU) < *MANUALDI*.

951 (R/04). Pharies, David A.: "The Derivation of Ibero-Romance *sing(l)ar*, *cing(l)ar*, *ching(l)ar*, etc.", *BHS*, LXXI/3, 1994:301-328. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]. | [Ed. facs. en liña]: Birmingham, EBSCOhost Electronic Journals Service, [s.d.], <http://ejournals.ebsco.com/direct.asp?ArticleID=49298DA3E60A552EA20D>, Formato: PDF, [Consulta: 14/02/2008]. | [Ed. en liña]: London, Informaworld, [s.d.], <http://www.informaworld.com/smpp/ftinterface~content=a782272464~fulltext=713240928>, Formato: HTML, [Consulta: 15/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estuda verbos iberorromances coa forma *Sing(L)Vr*, "where S is any sibilant of former sibilant, L symbolizes the (optional) liquids /l/ and /r/, and V is /a/ or /i/" (p. 301). Fai referencia ás voces gal. *cinguir, cincar, xunguir, tengir, cinguidouro, xingar, xingrar, chingar(se), chincar, singlar, singrar, chinglar, gingrar, chinguilear, chinclar, seringa, xiringuido, charinga, ciringuindolas*. Inclúe, ademais, un apéndice no que recolle palabras dos diferentes romances hispánicos (as palabras galegas están na p. 321).

952 (R/05). Piel, Joseph M.: "Apostilas de etimologia e lexicologia portuguesa, II", *BmF*, X/1-4 [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, I], 1949:320-333. | [Reed. corr. e aum.]: Joseph M. Piel, *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega (Primeira série)*, [Coimbra], Universidade de Coimbra, 1953:97-99, 239-249, 295-296, 297-300, 313-314 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/10/boletim10.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Índice: 1. *combarro, combarrada* [inclúe ref. ao top. gal. *Combarro*] | 2. *pojadoiro, pojar, pojante, pojo - poja*, esp. *pujame* [inclúe ref. ao top. gal. *Poxa*] | 3. *pôla, pôlo, pulo - polão, polela*, etc. [inclúe ref. ao ant. *pinpolo*, gal. mod. *pôla* «galiña nova», *pola* «rama de árbol», *rebolo* «rebento de carballo», *repulgou* «cáscara interior da castaña»] | 4. *tôrtor* não *tortoz - rola* e *rol* | 5. *sucata*, esp. *zocato* | 6. *zombar, zombeiro, zombaria*.

953 (R/05). Piel, Joseph M.: "*Cotovelo*", *BmF*, XIII/1-2, 1952:143-148. | [Reed. rev.]: en Joseph M. Piel, *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega (Primeira série)*, [Coimbra], Universidade de Coimbra, 1953:106-112 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/13/boletim13.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Inclúe referencias ás voces gal. *cotovelo, cotomelo, coto, cotelo, queixelo, cóbado*. O autor pon en dúbida que o étimo de *cotovelo* sexa o árabe *QOBTAL*, procedente do latín *CUBITAUS*, como defende Corominas en "Duas etimologias portuguesas" [entrada 922].

954 (R/05). Pinto, Mário Fiúza da Silva: "Subsídios para uma nova edição do Elucidário de Viterbo", *BmF*, XX/1-2 [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Universidade de Lisboa, 31 de março - 4 de abril 1959)*, III], 1961:127-139. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/20/boletim20.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Sobre Fr. Joaquim de Santa Rosa Viterbo: *Elucidário das palavras, termos e phrases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram* (1798-99, vid. *BILEGA* 4778).

Recs.: *RPF*, XII/2, 1962-63:705-706.

955 (R/05). Sarmiento, Fr. Martín: "*Caritel*", *BmF*, I/3-4, 1933:189-198. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/01/boletim01.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Incluído no artigo de Manuel Rodrigues Lapa: "Fray Martín Sarmiento e o vocábulo *caritel*" (vid. entrada 109). Sarmiento relaciona a voz lat. *CARITELLUM* (que documenta en textos notariais do séc. XII de Galicia) co verbo *caritar*, que aínda se usa no galego actual co significado de «ferir, golpear a cara a alguén», e co top. *Caritel* (que testemuña en varios lugares de Galicia). O significado da voz medieval sería o de «multa debida a feridas corporais» e a súa orixe estaría no verbo gr. *CHARASSO / CHARATTO* > lat. *CARACTO / CARATTO*, que significan «arañar, burilar, escribir, esculpir». Suxire que tamén poderían ter a mesma orixe os tops. gal. *Cartel*, *Cartelos*.

956 (R/05). Spitzer, Leo: "A. port. *ergo* «excepté", *BmF*, V/3-4, 1938:377-379. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/05/boletim05.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor analiza a etimoloxía de *ergas*, que aparece nuns versos da cantiga de amigo B 1283 / V 889 / N 6 (Inc.: *Eno sagrado, en Vigo*) de Martin Codax: "*ergas no sagrado' en Vigo [...] ergu' en Vigo, no sagrado*".

957 (R/05). Spitzer, Leo: "Encore une fois sur *caritel*", *BmF*, III/3, 1935:319. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/03/boletim03.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. E

Relaciona a forma *caritel* co termo *chartere*, do cal procedería, tras sufrir disimilación do segundo *r*. O seu significado sería «selo».

958 (R/05). Tilander, Gunnar: "*Rausar, rousar, rouxar, roixar; rauso, rouso, rojo, roxo, roiso*", *BmF*, VI/1-2, 1939:188-197. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/06/boletim06.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Con ref. ao port. ant *rausar* / *rauxar* / *roixar* < *RAPTIARE*. Entre as variantes medievais citadas está *rouso*, tirada dun doc. de Santa María de Seseriz (Galicia) de 1272.

959 (N/05). Verdelho, Telmo: "*Padre/pai*, *madre/mãe*: breve nota de diacronia lexical", en Miguel Gonçalves, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins e Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e humanismo: Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*, I, Braga, Universidade Católica Portuguesa, Faculdade de Filosofia, ALETHEIA - Associação Cultural e Científica, 2005:701-716.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Análise dos pares *padre / pai* e *madre / mãe* á luz de dúas cuestións: como se formaron as formas *mãe* e *pai* e por que e cando se especializaron *padre* e *madre* "na acepção de maternidade e paternidade espiritual e biológica" (p. 701). O autor pretende probar, a través da exemplificación nun amplo corpus textual medieval, como o uso escrito das formas *mãe* e *pai* "parece ter sofrido uma inibição até ao final do século XV" (ibid.) e como despois se recuperou o seu uso, antes de que o humanismo se impuxera. As diferenciacións semánticas entre *padre / pai* e *madre / mãe* a que alude o autor, atópanse presentes tamén, segundo el, nos resultados especializados de *FRATER* e *SOROR*, fronte aos de *GERMANUM* e *GERMANAM*. O corpus textual baséase, entre outros, nos seguintes textos: *TMILG: Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega [Versión 1.0.4]* [entrada 1112], *CIPM: Corpus Informatizado do Português Medieval* [entrada 1113], *Lírica profana galego-portuguesa* [ed. de Mercedes Brea et al. (1996, vid. *BILEGA* 1483) e *A Demanda do Santo Graal* [ed. de Irene Freire Nunes (entrada 984)].

960 (R/05). Wagner, Max Leopold: "A propósito do judeo-espanhol *ermoyo*", *BmF*, IX/4, 1948:349-351. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/09/boletim09.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Inclúe unha referencia á voz gal. *germolo*, indicando que derivaría de **GERMINIARE*, cun cruzamento coa voz tamén gal. *pimpolo* [T.A.G.].

Vid. tamén as entradas 56, 109, 120, 151, 183, 195, 251, 252, 269, 273, 306, 310, 311, 314, 315, 320, 322, 342-1, 344-1, 351, 358, 416, 417, 418, 419, 420, 421, 422, 423, 424, 425, 426, 427, 428, 429, 431, 432, 433, 434, 435, 436, 437, 438, 439, 440, 441, 442, 443-1, 443-2, 444, 445, 446, 447, 448, 449, 450, 451, 452, 453, 454, 455, 456, 457, 458, 459, 460, 461, 462, 463, 464, 465, 466, 467, 468, 479, 480, 490, 509, 510, 518, 847-2, 848-1, 848-2, 875, 883, 886, 888, 897, 905.

65 Crítica textual: Traballos xerais

961 (N/05). Casas Rigall, Juan: "O concepto de erro separativo na crítica textual hispánica. Exame de definicións, con exemplos medievais", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:69-81 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Despois de sinalar a orixe da noción de *erro separativo*, partindo da definición de Paul Maas (*Textkritik*, Leipzig, Teubner, 1927), examina as achegas teóricas hispanas máis destacadas sobre o concepto; entre elas, salienta a de José Manuel Blecua (*Manual de crítica textual*, Madrid, Castalia, 1983) pola influencia que tivo en traballos posteriores como o de José Manuel Fradejas Rueda (*Introducción a la edición de textos medievales castellanos*, Madrid, UNED, 1991) e o de Lucía Megías ("Manuales de crítica textual: las líneas maestras de la ecdótica española", *Revista de Poética Medieval*, 2, 1998:115-153). Por outra parte, Elisa Ruiz ("Crítica textual. Edición de textos", en *Método de estudio de la obra literaria*, Madrid, Taurus, 1985:67-120) baséase, fundamentalmente, nos estudos de Aurelio Roncaglia (*Principi e applicazioni di critica testuale*, Roma, Bulzoni, 1975) e adopta a súa definición, inadecuada. Comenta aínda as interpretacións erradas do concepto que ofrecen Miguel Ángel Pérez Priego (*La edición de textos*, Madrid: Síntesis, 1997) e Vicent Martines Peres (*L'edició filològica de textos*, València, Universitat, 1999). Das diversas propostas teóricas, considera a máis acertada a de Germán Orduna (*Ecdótica: Problemática de la edición de textos*, Kassel, Reichenberger, 2000). Por último, ofrece diversos exemplos tirados de textos literarios medievais como *Con tal alto poderío*, atribuído a Macías o Namorado, a *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)] ou o *Libro de Alexandre* [D.G.M.].

962 (R/04). Cunha, Celso Ferreira da: "Valor das grafias *-eu* e *-eo* do século XIII ao século XVI", en *Estudos Portugueses: Homenagem a Luciana Stegagno Picchio*, Lisboa, Difel, 1991:913-927 (= *Memória e sociedade*). | [Reed.]: en Celso Cunha, *Sob a pele das palavras: Dispersos*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira / Academia Brasileira de Letras, 2004:139-151.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ampliación da comunicación que o autor presentou no *XVII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Aix-en-Provence, 1983)*, co título "O valor das finais *-eu* e *-eo* na língua portuguesa do século XVI". Para o galego, interesa especialmente a análise do período trobadoresco (principios do

séc. XIII-1350), nas p. 913-917, onde se ofrecen exemplos de hiatos e ditongos de palabras en posición de rima tirados do *CA*, *CBN*, *CV* e das *CSM*.

Recs.: Maria Luisa Cusati, *AION-R*, XXXV/1, 1993:241-248.

963 (R/04). Cunha, Celso Ferreira da: "Problemas e falsos problemas dos textos medievais galego-portugueses", en *Atas do VII Encontro nacional de profesores universitarios brasileiros de literatura portuguesa*, Belo Horizonte, 1979:75-82. | [Nova ed. rev.]: "Problemas da editoração de textos galego-portugueses da Idade Média", en *Actas [do] I Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 1984)*, [Ourense], AGAL, 1986:617-645 (= *Universália*). | [Nova ed. aum.]: *Significância e movência na poeia trovadoresca*, Rio De Janeiro, RJ, Tempo Brasileiro, 1985, 95 p. (= *Diagrama*; 12). | [Reed. da ed. aum.]: en Celso Cunha, *Sob a pele das palavras: Dispersos*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira / Academia Brasileira de Letras, 2004:67-98.

1. investigación | 2. ámb. galego | 4. m | 5. lingua escrita: lingua literaria

Análise de problemas relativos á edición de certas palabras polisémicas ou con dobre sentido (literal e figurado), ao carácter de literatura para ser recitada das cantigas, ás diferentes edicións existentes dun mesmo texto, aos problemas métricos e a cuestións estritamente escriptolóxicas.

964 (R/05). Emiliano, António H. A.: "A edição e interpretação da documentação antiga de Portugal: Problemas e perspectivas da filologia portuguesa face ao estudo das origens da escrita em português", *Aemilianense*, I, 2004:33-63. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Logroño], Universidad de La Rioja, DIALNET, [2005], <http://dialnet.unirioja.es/servlet/fichero_articulo?codigo=1083398>, Formato: PDF, [Consulta: 22/06/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. pm | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Centrándose fundamentalmente na documentación notarial latino-portuguesa anterior ao século XIII, o autor reflexiona sobre "algumas *necessidades* urgentes da Filologia Portuguesa, ou seja, áreas cujo desenvolvimento se deve levar a cabo para que o conhecimento da língua, da escrita e dos textos medievais possa assentar em dados sólidos e de acesso fácil" (p. 33). As necesidades que xulga máis importantes son as seguintes: 1) Inventario exhaustivo dos textos contidos nos diversos fondos documentais dos arquivos portugueses, nos rexistros das chancelarías e nos cartularios; 2) Establecemento de criterios de transcrición ultraconservadores para edicións paleográficas destinadas a estudos lingüísticos e escriptolóxicos, quer de documentos individuais, quer de colecções documentais; 3) Boas edicións interpretativas baseadas en edicións paleográficas; 4) Marco conceptual ben fundamentado para a interpretación e análise dos textos; 5) Dispoñibilidade dos datos paralelamente en soporte dixital e en soporte impreso. A estas aínda engade as seguintes: 6) Correcto encadramento diplomático, cultural e xurídico dos documentos; 7) Análises monográficas de documentos individuais ou de conxuntos pequenos de documentos; 8) Estudos globais de grandes conxuntos documentais, cunha perspectiva estatístico-interpretativa que permita a extracción e explicitación de padróns, correntes e tendencias; 9) Estudos comparativos entre núcleos documentais, tipos documentais e dominios lingüísticos. Exemplifica as vantaxes do establecemento paralelo de edicións conservadoras (paleográficas) e interpretativas a través dun fragmento da *Noticia de torto* (a. 1211/1216), texto que, en opinión do autor, "é o mais

antigo documento particular escrito em português conhecido, e apresenta uma forma arcaica e pouco estabilizada de escrita portuguesa, ainda muito próxima da tradição latino-portuguesa" (p. 43).

Recs.: Miguel Ángel Puche Lorenzo, *Estudios Románicos*, 15, 2003-06:169-172 [170].

651 Crítica textual: Traballos específicos

965 (N/05). Acuña Trabazo, Ana: "Voz e memoria: a correspondencia entre Xoán Vidal Martínez e Xosé Mª Álvarez Blázquez = Voice and Memory: Xoan Vidal Martínez Correspondence with Xosé María Álvarez Blázquez", *Madrygal*, 8, 2005:19-31 (I); 9, 2006:15-25 (II). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0505110019A.PDF> (I), [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006]; <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0606110015A.PDF> (II), [Formato: PDF], [Consulta: 27/09/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Testemuña a amizade entre Xoán Vidal Martínez (1904-1994) e Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985) a través da correspondencia que mantiveron. Neste intercambio epistolar abordan distintos aspectos, entre eles os relacionados co labor editorial de Álvarez Blázquez e a edición da obra de Amado Carballo, facendo referencia á documentación, aos criterios lingüísticos da edición, etc. Na primeira entrega publícase a correspondencia enviada por Xosé María Álvarez Blázquez e na segunda a de Xoán Vidal Martínez.

966 (R/05). Álvarez Blanco, Rosario: "Enfiando doas. O cultivo escrito do galego nos séculos XVI e XVII", *Galicien Magazin*, 14, 2003:33-39. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin14.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. E

Analízase a presenza do galego en textos escritos dos sécs. XVI e XVII. Segundo a autora, os textos desta época caracterízanse por ser maioritariamente en verso e corresponderen a unha literatura efémera, fragmentaria e fundamentalmente anónima.

967-1 (R/05). Ferrari, Anna: "Linguaggi lirici in contatto: *trobadors* e *trobadores*", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:35-58. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Volve sobre a cuestión das relacións entre a lírica medieval provenzal e a galego-portuguesa, xa abordada previamente por outros investigadores, tratando de determinar posibles influencias textuais da primeira sobre a segunda. Nesta liña, sinala fórmulas e expresións galego-portuguesas que puideron

ter outras provenzais como modelo directo (case coma traducións) ou ben indirecto (como fonte de inspiración), para así tratar de determinar o grao de coñecemento da lírica provenzal que tiñan os trobadores galego-portugueses [T.A.G.].

967-2 (R/05). Heur, Jean Marie d': "Sur la généalogie des chansonniers portugais d'Ange Colocci", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:23-34. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Selecciónase a primeira cobra de cinco cantigas transmitidas polos cancioneiros B e V, co obxectivo de examinar a súa materialización en cada un dos dous códices, prestando atención aos trazos comúns e a aqueloutros que caracterizan cada unha das copias (disposición, segmentación ou unión de vocábulos, abreviaturas, usos grafemáticos, vacilacións gráficas, posibles lecturas diverxentes, etc). A partir dos datos obtidos da análise de cada texto, o autor establece unha serie de conclusións útiles para esclarecer a relación xenealóxica entre ambos os códices: os dous deberon ser copiados directamente dun mesmo antecedente. Os fragmentos reproducidos por fototipia e analizados son os que seguen: a cobra I da cantiga de amor B 391 / V 1 (Inc.: *Muitos vej' eu que, con mengua de sen*) de Fernan Gonçalvez de Seabra [entre outras particularidades, destácase a puntuación presente en V e a existencia de numerosas lecturas diverxentes: *pieguntar* (V) / *preguntar* (B), *giã* (V) / *grã* (B), *loucuia* (V) / *loucura* (B), *mesuia* (V) / *mesura* (B), *tatã* (V) / *catã* (B), *nrĩ* (V) / *mĩ* (B), *saudec* (V) / *sandet* (B), *pesa* (V) / *pela* (B)]; a cobra I da cantiga de amor B 497 / V 80 (Inc.: *Praz-mh a mi, senhor, de moirer*) de Don Denis [saliéntase a vacilación do copista de B na escrita da primeira palabra do verso 1, onde a forma *Prax* é corrixida por *Praz*, a pesar de que no verso 2 se mantén *prax*; fronte a isto, o copista de V escribiu claramente *praz*. Engádese como diferenza a variante *ende* (V) / *ande* (B)]; a cobra I da cantiga de amigo B 741 / V 342 (Inc.: *Treydes todas, ay amigas! con migo*) de Johan Garcia de Guilhade [poden ser destacados, entre outros, os seguintes trazos diferenciadores: *aqui iam* (V) / *aqui iaz* (B), *uos* (V) / *nos* (B), *Oya* (V) / *oia* (B), *morrer* (V) / *moirer* (B); a disposición do verso 1 do refrán en B en dúas liñas de texto]; a cobra I da cantiga de amor B 942 / V 530 (Inc.: *De me preguntar an sabor*) de Johan Airas, burgués de Santiago [destácase como variante textual *muit9* (V) / *Muyto* (B)]; a cobra I da cantiga de amigo B 1135 / V 728 (Inc.: *Fremosas, a Deus grado, tan bon dia comigo!*) de Bernal de Bonaval [márcanse como variantes textuais: *grado* (V) / *grade* (B), *diseron* (V) / *deseron* (B), *migo* (V) / *comigo* (B)] [D.G.M.].

968 (N/05). Martin de Padrozelos / Pardo de Neyra, Xulio: *Martin de Padrozelos, o primeiro trobador da lírica galego-portuguesa?: Unha aposta pola definición literaria galega do xénero de amigo. Situación, contexto, estabelecemento e cronoloxía das primeiras manifestacións líricas da Galiza medieval*, Noia, A Coruña, Toxosoutos, 2005, 157 p. (= *Serie Trivium*; 18).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo que "tenta reunir investigación histórica e literaria (a situación histórica dun poeta medieval e a súa inserción no quebracabezas da lírica galego-portuguesa), presentación do corpo textual dun trobador concreto atendendo ás fontes primarias (os apógrafos) e as súas posteriores edicións e, finalmente, análise textual dos poemas do referido trobador, neste caso tratando de afastarme do ríxido, e por veces aséptico, costume de afrontar o comentario de textos medievais para aproximarme

a unha análise quen de consideralos como actos de fala concretos e, por iso, como produtos de lingua literaria, sempre seguindo uns intereses pragmáticos" (p. 19-20). | Índice [os erros de numeración son do texto impreso]: I. Introdución | II. Obxectivos e metodoloxía | III. O corpus [constituído por nove cantigas de amigo e unha de amor]: 3.1. Presentación e fixación dos textos. Problemas ecdóticos | 3.2. O cancioneiro de Martin de Padrozelos: 3.3. Reprodución facsimilares | 3.4. Transcrición do cancioneiro de Martin de Padrozelos | 3.5. Edición textual do cancioneiro de Martin de Padrozelos | 3.5.1. Os textos de Martin de Padrozelos | 3.5.2. Análise literaria | 3.3. Martin de Padrozelos, o home e o poeta | 3.4.1. Sobre a identidade de Martin de Padrozelos e a súa inclusión no ámbito cultural da lírica galego-portuguesa. Contextualización histórico-xeográfica do espazo samonego. Os límites conventuais de S. Xiao de Samos, xerme cultural do trobador | 3.4.2. Martin Perez de Padrozelos, o trobador romeiro do Mosteiro de Samos | IV. Coda e recapitulación.

969 (N/05). Megale, Heitor: "A *Demanda do Santo Graal*: tradição manuscrita e tradição impressa", [Ed. en liña n.v.]: *Estudos Lingüísticos*, 34, 2005:135-140, <http://gel.org.br/4publica-estudos-2005/4publica-estudos-2005-pdfs/a-demanda-do-santo-graal-1573.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comunicación presentada no *52º Seminário do Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*, celebrado na Universidade de Campinas en 2004. Analiza a tradición manuscrita e revisa o stemma codicum da *Demanda do Santo Graal* (*DSG*). Parte do cotexo entre os testemuños da *Queste* incorporada ao *Tristan en prose*, da *Queste* da Post-Vulgata e da *DSG*. Así mesmo, contrasta a *DSG* co testemuño de *La Version Post-Vulgate de la Queste del Saint Graal et de la Mort Artu, troisième partir du Roman du Graal*. Esta análise leva ao autor a concluír que a *DSG* debeu ser a tradución primitiva do outro lado dos Pirineos, o que esclarece algo máis o proceso de introdución da materia de Bretaña na Península Ibérica [D.G.M.].

970 (R/05). Megale, Heitor: "A *Demanda* portuguesa de Viena: confronto das edições Magne", *BmF*, XXXI, 1986-87:133-160. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/31/boletim31.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo da xénese, parentescos textuais e fortuna editorial da *Demanda do Santo Graal* (códice 2594 da Biblioteca Nacional de Viena). Analiza con moito detalle o traballo editorial desenvolvido por Augusto Magne nas edicións críticas do texto publicadas en 1944 e 1955-1970 (esta última en dous volumes e un glosario que apareceu en 1967) (vid. *BILEGA* 2564). Nas p. 141-157 faise unha comparación destas dúas edicións para comprobar ata que punto Magne tivo en conta na segunda as críticas que se lle formularon en varias recensións da primeira; nesa comparación recóllese unha ampla serie de lecturas do texto, presentadas por diversos críticos (nomeadamente, Walter J. Schnerr, Pierre David, Joseph M. Piel e Manuel Rodrigues Lapa) como correccións ás feitas por Magne.

971 (R/05). Pellegrini, Silvio: "Appunti su trovatori di lingua portoghese", *BmF*, IV/1-2, 1936:75-83. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/04/boletim04.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Interesa fundamentalmente o apartado II (p. 79-82), onde, para estudar a pertinencia do tema da «malmaridada» e da muller infiel no cancioneiro de Johan Airas, burgués de Santiago, o autor se centra na análise de dúas composicións. A primeira é a cantiga de amigo B 1028 / V 618 (Inc.: *Non vos sabedes, amigo, guardar*), na que se destacan os versos 15-18, porque, segundo a lectura de José Joaquim Nunes [*Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses* (1928, vid. *BILEGA* 4944)], serían: *Do que me guarda tal é seu cuidar: / que amades, amig', outra señor, / e, se a verdade poder osmar, / nunca ver[r]edes já mais u eu for* (p. 80); mais, en opinión de Pellegrini, o verso 13 debería ser emendado, pois B e V presentan un erro de copia na expresión *Do*, que aparece no lugar de *Dos*, e que sería facilmente identificable, xa que a necesidade do plural vén marcada pola persoa verbal *guardan* (*guardar* en V, *guardam* en B) e polo pronome (*lhis*). Paralelamente, como apoio a esta proposta, engade a reiteración dos plurais nas cobras anteriores: *de vos saberen. como me vos sabedes muit' amar* (versos 1-2), *se souberen que mi queredes ben* (versos 6, 13, 20), *saberen* (verso 10), *m' an d'alongar de vós, se o souberem* (versos 10-11), *de longi mi vos faran catar* (verso 24). O feito de presentaren un plural invalida a interpretación de J. J. Nunes para os versos 15-18, en tanto que asociaba a figura dun marido celoso co singular incluído na súa proposta de lectura. Algo semellante acontece cos versos 7-10 da cantiga de amigo B 1037 / V 627 (Inc.: *Vedes, amigo, ond' ei gran pesar*), caracterizados na proposta de Nunes polo singular: *Tal dona sei eu, quando quer veer / seu amigo, a que sabe ben querer, que lho non pode per ren entender / o que cuida que a guarda mui ben* (p. 81). Novamente, Pellegrini, baseándose na lección ofrecida polos códices: *pode* e *cuydã*, ofrece unha nova proposta de lectura: *que lho non poden per ren entender / o[s] que cuidan que a guarda[n] mui ben* (ibid.) [D.G.M.].

972 (R/05). Ramos, Maria Ana: "A transcrição das *fiindas* no Cancioneiro da Ajuda", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:11-22. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, 2005, <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estúdanse os espazos en branco que se encontran ao final dalgunhas composicións do *Cancioneiro da Ajuda* en cuxa estrutura existe finda, pero que non xorden sistematicamente en todos os casos en que aparece esa estrutura métrica. Examínase a relación dos espazos coa tipoloxía das cantigas, chegando á conclusión de que non existe un uso específico para as cantigas de refrán e as de mestría. A seguir, indícanse os trobadores e os lugares do cancioneiro en que se atopan as findas con espazo para a música, incluíndo un cadro explicativo ao final do traballo. Conclúese que o *Cancioneiro da Ajuda* semella ser "um tipo de antologia, feita a partir de vários *Liederblätter*, ou *Liederbücher* vários rolos de diferente proveniência e de diferente qualidade musical (ou então um cancioneiro que copia fielmente outro cancioneiro onde era ainda visível a presença dos diferentes tipos de recolha)" (p. 17-18)

973-1 (R/04). Tavani, Giuseppe: "Eterotopie ed eteronomie nella lettura dei canzonieri galego-portoghesi", *Estudis Romànics*, XXII, 2000:139-153. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Institut d'Estudis Catalans, Revistes científiques en línia de l'IEC, [2004], <http://www.iec.cat/pperiodiques/>, Formato: PDF, [Consulta: 15/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona],

Revistes Catalanes amb Accés Obert, [2004], <http://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/21212/21046>, Formato: PDF, [Consulta: 10/04/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

No ámbito da lírica medieval hispánica e, nomeadamente, no exame dos seus testemuños asístese a miúdo ao rexeitamento inxustificado de datos codicolóxicos debido ao que o autor chama fenómenos de *heterotopía* (argumentos baseados en presupostos científicos distintos do pertinente) e de *heteronomía* (avaliacións baseadas en criterios acientíficos). Estes fenómenos invalidan con frecuencia contribucións que, doutro xeito, serían relevantes. O autor analiza minuciosamente neste artigo dous casos de heterotopía relativos a un problema de atribución [da tensón B 888 / V 472 / V 1036 (Inc.: *Vós que soedes en Corte morar*), atribuída a Pedro de Portugal, a Martin Moxa e a Lourenço] e á cuestión da fixación da tradición manuscrita [sobre a identificación de posibles copias intermedias da lírica galego-portuguesa entre os apógrafos de Angelo Colocci e o seu antecedente común] e un caso de heteronomía relativo a un problema textual [a estrutura do refrán da cantiga de amigo B 852 / V 438 (Inc.: *Sedia-m' eu na ermida de San Simión*) do xograr galego Mendinho] [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

973-2 (R/05). Williams, Edwin B.: "Old Portuguese *-eo*: A Note on the History of Portuguese Ortography", *BmF*, XI [= *Miscelânea de Filologia, Literatura e História Cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho (1847-1919)*, II], 1950:61. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/11/boletim11.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA

En port. ant., na segunda metade do séc. XIII, a terminación *-eu* da P3 do pretérito do indicativo cambiou a *-eo* (agás en *deu*, do verbo *dar*) de forma esporádica e aleatoria, podéndose encontrar nun mesmo texto variantes alotrópicas como *meteo* / *meteu*. Nesta breve nota o autor explica o cambio como unha alteración exclusivamente gráfica coa que se imita a forma *veo* (do verbo *vir*), igual que no séc. XVI se atopa en Sá de Miranda para o mesmo verbo a forma *veu* (que é a do gal. mod.), como imitación en sentido contrario.

Vid. tamén a entrada 1031.

6511 Edicións de textos literarios ou paraliterarios

974 (N/05). Baña Pose, Xosé / Rei Lema, Xosé María (ed.): *As historias de Pepe de Xan Baña*, Santa Comba, A Coruña, TresCtres, 2005, 458 p., il. (= *Vilarnovo*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Edición comentada e anotada das obras e escritos máis significativos de Xosé Baña Pose (1872-1945), que inclúe unha biografía e unha serie de textos poéticos editados con anterioridade, coa pretensión de que axuden a configurar dun xeito máis claro a súa personalidade e valía como escritor [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. Inclúe un capítulo, sintético, aínda que moi completo, sobre o modelo de lingua do autor, baseado na fala das terras de Xallas, Soneira e Bergantiños na súa época,

mais tendo en conta tamén a tradición do galego literario, empregando formas doutras áreas dialectais (*mau, chau, irmáu*), ou mesmo algúns arcaísmos, hipergaleguismos, vulgarismos e castelanismos. Tamén se fai referencia á presenza da gheada, do seseo e mais doutros fenómenos fonéticos e morfolóxicos da zona do Xallas.

Recs.: Engracia Vidal Estévez, *Encrucillada*, 145, 2005:114-115 [562-563] | Francisco Fernández Rei, "As historias do xalleiro Xosé Baña Pose", *A Trabe de Ouro*, 67, 2006:109-113 [397-401].

975 (N/05). Brocardo, Maria Teresa: "A recuperação de fontes para estudos lingüísticos diacrônicos: O *Livro de Linhagens* do Conde D. Pedro, segundo o fragmento manuscrito da Biblioteca da Ajuda", [Ed. en liña n.v.]: *Cadernos do CNLF*, IX/14, 2005:?, <http://www.filologia.org.br/ixcnlf/14/11.htm>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/09/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: lingua literaria

Preséntase a edición crítica dun fragmento dun dos manuscritos que transmitiron o *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*. A autora considera necesaria esta edición polas diferenzas existentes entre as fontes manuscritas e porque nas anteriores edicións de Alexandre Herculano e José Mattoso prestouse maior atención ao contido histórico ca aos aspectos filolóxicos. Porén, cre que non debe ser considerada definitiva, fundamentalmente a causa das limitacións que impón o descoñecemento de moitos dos aspectos relevantes relativos ás circunstancias de produción do texto e o feito de existiren varios manuscritos orixinais. A edición vai acompañada da descrición dos criterios textuais adoptados e dun estudo introdutorio sobre o fragmento conservado na Biblioteca da Ajuda [D.G.M.].

976 (R/05). Cintra, Luís F. Lindley (ed.): *Crónica Geral de Espanha de 1344: Edição crítica do texto português*, Lisboa, Imprensa Nacional- Casa da Moeda, 1951-90, 4 v. (I, 1951, DXCIX; II, 1954, 483 p.; III, 1961, 454 p.; IV, 1990, 553 p.) (= *Academia Portuguesa da História. Fontes Narrativas da História Portuguesa*; 2/I-IV). | [Ed. facs. en liña n.v. dos v. I-III]: Lisboa, Biblioteca Nacional Digital, [2005], <http://purl.pt/336>, Formatos: PDF/JPEG, [Consulta: 20/05/2008]. | [Ed. facs. con versión cast. da introdución]: A Coruña, Ediciones Boreal / Xuntanza Editorial, D.L. 2007, 2 v. (I: Libro Estudio; II: Facsímil do Códice)

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: lingua literaria

Impecable edición crítica que intenta reconstruír a refundición (datada a finais do séc. XIV) do texto tamén coñecido como *Segunda Crónica Xeral de España*, elaborado en 1344 por Pedro de Portugal, conde de Barcelos, nunha versión da que actualmente non se conserva ningún manuscrito. A reconstrución baséase fundamentalmente no manuscrito conservado na Academia das Ciências de Lisboa, que se confrontou co conservado na Biblioteca Nacional de Francia, pero tamén se tiveron en conta as traducións castelás das dúas versións. A ed. complétase cunha ampla e rigorosa análise do texto, que o autor cualifica como "estudo de história da cultura literária" (I, p. XVII) e que ocupa todo o v. I. Nela trata de situalo en relación coas tradicións cronísticas castelá e portuguesa coa finalidade de precisar as posibles fontes e o seu grao de orixinalidade, xulgando que na súa maior parte é unha "simples compilação e arranjo de obras anteriores" (I, p. XVIII). Canto ao interese lingüístico do texto, sinala que é "um dos mais extensos entre os primeiros ensaios da prosa portuguesa. Refundindo a prosa castelhana de Afonso X, o autor da *Crónica Geral de 1344* foi levado a imitá-lo na adaptação do romance português à expressão prosaica das mais diversas situações" (ibid.). O v. I da ed. de 2007 ofrece unha versión en

castelán do estudo introdutorio escrito por Cintra e publicado en 1951 e o v. II contén o facsímile do códice conservado na Academia das Ciencias de Lisboa.

977 (N/05). Cohen, Rip: "*Wake up, Traitor, and Love Me Again*: The Poetics of Praxis in Torneol-1", [Ed. en liña n.v.]: *REEL*, 1/1, 2005, <http://www.ufes.br/~mlb/reel/artigos_rip_cohen.asp>, [Formato: HTML], [Consulta: 15/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A análise da métrica, da sintaxe e da pragmática da cantiga de amigo B 641 / V 242 (Inc.: *Levad', amigo, que dormides as manhãas frias*) de Nuno Fernandez Torneol suxire que os versos 1 e 4 [*Levad', amigo, que dormide-las manhanas frias* (*frias manhanas* no verso 4)] e o refrán *leda mh and' eu* son citados a partir dunha cantiga preexistente e que a amiga os utiliza non para despertar o amigo, senón para o convidar a facer as paces e a reacender a paixón. En apoio desta interpretación cítanse relevantes cantigas de amigo e cantigas de Santa Maria [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

978 (R/04). Cunha, Celso Ferreira da: "Sobre o texto e a interpretação das Cantigas de Martin Codax", en *Critique textuelle portugaise, Actes du Colloque (Paris, 20-24 octobre 1981)*, Paris, Foundation Calouste Gulbenkian / Centre Culturel Portugais, 1986:65-83. | [Reed.]: en Elsa Gonçalves (ed.), *Celso Cunha: Cancioneiros dos Trovadores do Mar*, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1999:509-529 (= *Filologia Portuguesa*). | [Reed.]: en Celso Cunha, *Sob a pele das palavras: Dispersos*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira / Academia Brasileira de Letras, 2004:39-55.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Deste xograr galego consérvanse sete cantigas de amigo (B 1278 / V 884 / N 1 [Inc.: *Ondas do mar de Vigo*], B 1279 / V 885 / N 2 [Inc.: *Mandad' ey comigo*], B 1280 / V 886 / N 3 [Inc.: *Mia irmana fremosa, treydes comigo*], B 1281 / V 887 / N 4 [Inc.: *Ay Deus, se sab' ora meu amigo*], B 1282 / V 888 / N 5 [Inc.: *Quantas sabedes amar amigo*], B 1283 / V 889 / N 6 [Inc.: *Eno sagrado, en Vigo*], B 1284 / V 890 / N 7 [Inc.: *Ay ondas, que eu vin veer*]). Vid. especialmente o apdo. titulado "Grafia e fonética" (p. 74-80 da 1ª ed. e p. 522-529 da reed.), onde se confronta a lingua e a grafía dos textos nos apógrafos italianos e no pergamiño Vindel (ms. 979 da Pierpont Morgan Library de Nova York) e se analiza en que medida a grafía representaba a lingua viva.

979 (N/05). Freitas, Horácio Rolim de: "As duas primeiras cantigas do período trovadoresco", en Miguel Gonçalves, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins e Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e humanismo: Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*, II, Braga, Universidade Católica Portuguesa, Faculdade de Filosofia, ALETHEIA - Associação Cultural e Científica, 2005:395-408.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ocúpase do problema cronolóxico das consideradas como as dúas primeiras cantigas da lírica profana galego portuguesa: o sirventés B 1330bis / V 937 (Inc.: *Ora faz ost' o senhor de Navarra*) do trobador portugués Johan Soarez de Pávia e a cantiga de escarnio A 38 (Inc.: *No mundo non me sei parella*) do trobador galego Pai Soarez de Taveirós. Desenvólvese unha análise contextual da cada unha das composicións o ofrécese a interpretación e un estudo léxico das mesmas [D.G.M.].

980 (R/05). Lang, Henry Roseman: "Readings from the Ajuda-Codex of Old Portuguese Lyrics", *Neophilologus*, XIII/4, 1927:262-266. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2005, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Correccións a algunhas lecturas propostas por Carolina Michaëlis de Vasconcelos na súa edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda* (1904, vid. *BILEGA* 75), que veñen completar as que xa propuxera no artigo "Zum *Cancioneiro da Ajuda*" (1908, vid. *BILEGA* 7123).

981 (N/05). Lorenzo Gradín, Pilar / Díaz Martínez, Eva María: "Algunas peculiaridades del fragmento gallego del *Livro de Tristan*", en Carmen Parrilla e Mercedes Pampín (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*, III, Noia, Toxosoutos, 2005:57-79 (= *Biblioteca filológica*; 15).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece unha panorámica do estado crítico do fragmento conservado da versión galega do *Livro de Tristán*. Céntrase, nun primeiro apartado, nos indicios textuais para pór de manifesto a frecuencia e tipoloxía das lecturas comúns entre o fragmento galego e os testemuños que recollen a versión II do *Tristan en Prose*, e a frecuencia e tipoloxía daqueloutras lecturas singulares do texto galego. As autoras fan novas achegas, baseadas en sintagmas de A ausentes no texto galego e nos franceses, a repetición expresa dos referentes en A fronte a omisión ou substitución pronominal no manuscrito galego e nos franceses. E, por outro lado, presentan indicios de filiación baseados, principalmente, nas lecturas singulares do fragmento galego (omisións e engadidos por homoioteleuton, lecturas significativas, cambios na orde das palabras, forma de uso do estilo directo ou indirecto, simplificacións, pronominalización).

982 (N/05). Manteiga, Luís / Ferreiro Fernández, Manuel (ed.) / Tato Fontaíña, Laura (ed.): *Intres: 1934-35*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, 2005, 223 p. (= *Narrativa*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Edición, estudo lingüístico e estudo literario da obra narrativa de Luís Manteiga (1903-1949). Contén a novela titulada *Intres*, da que en 1934 se publicaran tres capítulos na revista *Nós* ("O que foi", "Derrumbamento" e "Noiturnio"), e mais o relato "Albiña", tamén publicado en *Nós* (1935) e que nesta edición conforma o "Apéndice" (p. 211-220). O estudo lingüístico de *Intres* (p. 59-82) trata de aspectos como o modelo lingüístico, a acentuación, a vacilación de grafías, os trazos e os apóstrofos, así como diversas cuestións relativas á fonética, á morfosintaxe e á léxico-semántica. Finalízase este apartado cunha sumaria descrición do manuscrito orixinal e co estudo dos tres capítulos editados por *Nós*, onde se aprecia a intervención dunha man allea na lingua do autor.

983 (N/05). Muriano Rodríguez, María Montserrat: "Edición de *En gran coita vivo, senhor* de Johan de Gaya", en Carmen Parrilla e Mercedes Pampín (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*, III, Noia, Toxosoutos, 2005:221-237 (= *Biblioteca filológica*; 15).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Presenta a edición crítica da cantiga B 1451 / V 1061 (Inc.: *En gran coita vivo, senhor*), na versión atribuída a Johan de Gaya (non na que a atribúe a Nuno Rodrigues de Candarey en A 68 / B 181 [bis]). Ofrece, ademais, un estudo sobre o autor, un comentario literario da cantiga e outro en que comenta os aspectos formais coas correspondentes implicacións semánticas.

984 (R/05). Nunes, Irene Freire (ed.): *A Demanda do Santo Graal*, [Lisboa], Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1995, 578 p. (= *Biblioteca de Autores Portugueses*). | 2ª ed. rev., 2005, 587 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Edición do ms. 2594 da Biblioteca Nacional de Viena. Consta dunha introdución (na que, entre outros aspectos histórico-filolóxicos, se presentan os criterios de transcrición), texto, apéndice documental, índice de nomes propios e glosario, que inclúe voces salientadas por Joseph M. Piel ("Anotações críticas ao texto da *Demanda do Graal*" [1945, vid. *BILEGA* 2448]) que non foran recollidas na ed. de Augusto Magne [1944, vid. *BILEGA* 2564]).

Recs.: João Dionísio, *Colóquio/Letras*, 142, 1996:234-236.

985 (N/05). Paredes Núñez, Juan: "*Huns an tal preit*. Para una nueva lectura de la cantiga B 495 / V 78", en Carmen Parrilla e Mercedes Pampín (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*, III, Noia, A Coruña, Toxosoutos, 2005:281-289 (= *Biblioteca filológica*; 15).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece unha nova interpretación da cantiga de escarnio B 495 / V 78 (Inc.: *Domingas Eanes ouve sa baralha*) de Afonso X, dedicada á soldadeira Domingas Eanes, que batallou contra un xenete. A composición está artellada no xogo da *equivocatio* polo que xorde a necesidade de decodificar o léxico pertencente semanticamente ao campo do combate. Explícanse algúns termos claves como, por exemplo, *soldadeira*, *soldado*, *soldada*, *soldo*, *arreite*, *tragazeite*, *dous companhoes*, *chaga*, *baralha*, *ferida*, *ardida*, *colpada*, *colbe*, *sinalada*, *perafuso* e *preite* (este último, que o autor asocia con *preito*, é de difícil interpretación, pois non está documentado).

986 (N/05). Pondal, Eduardo / Ferreiro Fernández, Manuel (ed.): *Eduardo Pondal: Poesía galega completa:* IV. *Os Eoas*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco / Real Academia Galega, 2005, LXXI + 670 p. (= *Clásicos Galegos*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Continuación da edición da poesía galega de Eduardo Pondal (1835-1917), que o mesmo autor comezou nas obras *Eduardo Pondal: Poesía galega completa: I. Queixumes dos pinos* (1995, vid. *BILEGA* 6914), *Eduardo Pondal: Poesía galega completa: II. Poemas impresos* (2001, vid. *BILEGA* 13762) e *Eduardo Pondal: Poesía galega completa: III. Poemas manuscritos* (2002, vid. *BILEGA* 13763). Inclúe un índice de palabras e formas comentadas ao longo da obra, constituído por unhas 500 entradas.

Recs.: Diego Pardo Amado, *AELGa*, 2005:216-217 | Teresa Seara, *Tempos Novos*, 109, 2006:70.

987 (R/05). Roncaglia, Aurelio: "Ay flores, ay flores do verde pino!", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:1-9. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro

Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analízase a secuencia *flores do verde pino*, que forma parte do primeiro verso da cantiga de amigo B 568 / V 171 (Inc.: *Ai flores, ai flores do verde pino*) de Don Denis. Ponse en relación con expresións parellas localizadas noutras líricas románicas, tales como *flors d'albespis* nunha composición occitana de Jaufre Rudel ou a variante *flors dels bels pis* no tamén occitano *Chansonnier d'Urfé*. Analízase tamén a repercusión que sobre estas expresións tivo o sintagma latino *ALBU SPINU*.

988 (N/05). Tato, Cleofé: "Leyendo ID 0128 *Amor cruel e brioso* de Macías", en Carmen Parrilla e Mercedes Pampín (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*, III, Noia, A Coruña, Toxosoutos, 2005:547-562 (= *Biblioteca filológica*; 15).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza os epígrafes que acompañan á composición ID 0128 (Inc.: *Amor cruel e brioso*) de Macias o Namorado, trasmitida por cinco testemuños manuscritos. A lingua do texto é un híbrido galego-castelán, aparecendo o galego sobre todo nas rimas (*forte, corte, sorte, morte*). Por outra parte, as rúbricas que refiren á composición serven para situar a Macias entre o 1340 e o 1370, así como para profundar na cuestión da persoa a quen vai dirixida.

989 (R/05). Vallín, Gema: "El deán y el villano: un poema de Alfonso El Sabio y una canción tradicional", *Madrygal*, 2, 1999:133-138. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR9999110133A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Edición crítica da cantiga de escarnio B 459 (Inc.: *Penhoremos o daian*) de Afonso X, acompañada da tradución ao castelán e da análise do seu significado, relacionándoa con outras cantigas de escarnio galego-portuguesas.

990 (N/05). Víñez Sánchez, Antonia: *Las poesías del trovador Don Gonçal'Eanes do Vinhal*, Cádiz, Universidad de Cádiz, Servicio de Publicaciones, 2005, 144 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo do corpus poético deste trobador portugués, constituído por dezasete cantigas: nove de amigo [B 706 / V 307 (Inc.: *Que leda que oj' eu sejo*), B 707 / V 308 (Inc.: *Par Deus, amiga, quant' eu receey*), B 708 / V 309 (Inc.: *Quand' eu soby nas torres sobe' lo mar*), B 709 / V 310 (Inc.: *O meu amigo, que me quer gram ben*), B 710 / V 311 (Inc.: *Amiga, por Deus vos venh' ora rrogar*), B 711 / V 312 (Inc.: *O meu amigo que[i]xa-se de my*), B 712 / V 313 (Inc.: *Meu amigu' é d' aquemd' ido*), V 1008 (Inc.: *Sey eu, donas, que deytad' é d' aqui*), B 1390 / V 999 (Inc.: *Amigas, eu oy dizer*)] e oito de escarnio [V 1000 (Inc.: *Pero Fernandiz, home de barnage*), V 1001 (Inc.: *En gran coyta andaramus con el-rey*), V 1002 (Inc.: *Non levava nen dinheyro*), V 1003 (Inc.: *Hunha dona foy de pram*), V 1004 (Inc.: *Pero d' Anbroa, senpr' oy cantar*), V 1005 (Inc.: *Abadessa, Nostro Senhor*), V 1006 (Inc.: *Quantus mal am se quere[n] guarecer*)], V 1007 (Inc.: *Maestre,*

todo' lus vossos cantares). En primeiro lugar abórdase a cuestión biográfica, para logo concentrarse na análise das cantigas, cun cap. dedicado ás cantigas de amigo e outro ás cantigas de escarnio. Os textos aparecen reproducidos na parte final, a modo de apéndice (p. 89-105), que se completa cun apdo. de notas (p. 111-142).

991 (N/05). Zapico Barbeito, María do Pilar: "O cancioneiro de Estevan Faian", en Rafael Alemany, Josep Lluís Martos e Josep Miquel Manzanaro (eds.), *Actes del X Congrés Internacional de l'Associaciò Hispànica de Literatura Medieval*, III, Alacant, Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, 2005:1597-1616 (= *Symposia philologica*; 12).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Edición crítica do cancioneiro de Estevan Faian, constituído por tres cantigas de amor (A 241 [Inc.: *Por muitas cousas eu que [...]*], A 240 / B 428 / V 40 [Inc.: *Vedes, sennor, querovos eu tal ben*], A 230 / B 420, V 31-32 [Inc.: *Señor, veedes-me morrer*]) e unha de escarnio (B 1561 [Inc.: *Fernan Diaz, fazenvos entender*]). Vai precedida dunha introdución na que se repasa brevemente a biografía deste trobador e se presenta a súa produción literaria. Así mesmo, cada un dos textos editados vai acompañado do correspondente aparato crítico, unha sinopse retórico-formal, a situación do texto no conxunto da tradición manuscrita e, por último, as anotacións aos versos que a autora considerou oportuno comentar.

Vid. tamén as entradas 137, 149.

6512 Edicións de textos científico-técnicos

992 (R/05). Afonso X o Sabio / Ferreira, José de Azevedo [ed.]: *Alphonse X: Fuero Real: Édition, glossaire et concordance de la version portugaise*, Thèse de Doctorat d'État, Université de Paris XIII, 1983, 4 v. | [Public.]: *Afonso X: Foro Real*, Lisboa, Instituto Nacional de Investigação Científica, 1987, 2 v. (I: *Edição e estudo linguístico*, XVII + 650 p.; II: *Glossário*, 310 p.) (= *Textos de Linguística*; 11). | [Ed. en liña n.v. do texto]: en Rosa Virgínia Mattos e Silva (coord.), *Projeto BIT-PROHPOR (Banco Informatizado de Textos do Programa para a História da Língua Portuguesa)*, Salvador, BA, Universidade Federal da Bahia, Instituto de Letras, 2005, <http://www.prohpor.ufba.br/FRAX.doc>, [Formato: DOC], [Consulta: 16/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Excelente edición crítica da tradución galego-portuguesa do *Fuero Real* de Afonso X o Sabio [códice nº 4 do mazo 6º de Forais Antigos (fol. 70 vº-149 rº) do IAN/TT]. No v. I ofrécese: a) un estudo histórico-xurídico (p. 1-122) no que o editor sitúa cronoloxicamente o manuscrito nos "finais do século XIII" (p. 43), considerándoo unha copia e non o texto orixinal, e fai a súa descrición paleográfica; b) un estudo da edición feita en 1946 por Alfredo Pimenta (cuxo escaso valor e múltiples erros de lectura se salientan), as normas de transcrición (p. 115-122) e o texto crítico (p. 124-309); c) un estudo lingüístico, cunha ampla análise escriptolóxica (incluída a puntuación), fonética e dos artigos, nomes, numerais, pronomes, verbos; inclúe tamén unha parte final con datos estatísticos e un apéndice (p. 491-609) coa listaxe das formas por orde alfabética, bibliografía, índice dos libros e títulos do *Foro Real* e índice onomástico. O

v. II contén o glosario, con indicación para cada entrada do(s) significado(s), o número de ocorrencias e exemplos de uso.

Recs.: Ramón Lorenzo, *Verba*, 14, 1987:538-539 | Jesús Vallejo, *AHDE*, 57, 1987.

993 (R/05). Ferreira, José de Azevedo: "Subsídios para uma edição da *Terceira Partida* de Afonso X", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:101-118. | [Reed.]: en José de Azevedo Ferreira, *Estudos de história da língua portuguesa: Obra dispersa*, [Braga], Universidade do Minho, Centro de Estudos Humanísticos, 2001:91-106 (= *Colecção Poliedro*; 7). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

O autor fai un reconto dos manuscritos que conservan fragmentos da tradución gal.-port. da *Terceira Partida* de Afonso X: na Biblioteca Pública de Braga (título VIII, leis 7 e 8; título IX, leis 1 e 2; título X, leis 1 e 8; título XI, leis 1 e 2; título XVI, leis 36, 37, 38, 39 e 40; título XVII, leis 2, 3, 4, 5 e 6; título XIX, leis 3, 4 e 5), no Arquivo Parroquial de São João do Souto en Braga (título XXVII, leis 59, 60, 61, 69 e 70), no IAN/TT (título V, leis 17, 18, 19, 20 e 21; título VII, leis 9, 10 e 11), no Arquivo Histórico Provincial de León (título XVIII, leis, 94, 95 e 96) e no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela (título II, leis 18, 19, 22, 23, 32, 35 e 36). A continuación, compara a versión castelá do texto con varias das traducións conservadas (p. 109-112) e intenta establecer o stemma codicum das traducións.

Recs.: Fernando Tejedo-Herrero, *RPh*, LIX, Fall 2005:211-219 [216].

6513 Edicións de documentos notariais: Normas de transcrición

994 (R/05). Castro, Maria Helena Lopes de / Cepeda, Isabel Vilares / Madureira, Virgílio / Castro, Ivo José de: "Normas de transcrição para textos medievais portugueses", *BmF*, XXII/3-4, 1964-73:417-425. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/22/boletim22.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. portugués | 4. m | 5. lingua escrita: lingua literaria, inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Proposta de regras de transcrición gráfica de textos medievais: vogais, consoantes, oscilacións gráficas, intervencións do editor, particularidades dos textos orixinais. Baixo a dirección do profesor Luís F. Lindley Cintra, os autores forman o grupo dedicado á preparación de edicións de textos medievais que se constituíu en 1970 no Centro de Estudos Filológicos da Universidade de Lisboa, patrocinado pola Fundación Calouste Gulbenkian.

65131 Edicións de colecções documentais

995 (N/05). Cal Pardo, Enrique [trans.]: *Tumbos del Archivo de la catedral de Mondoñedo: Calendarios: Transcripción íntegra de sus documentos*, Lugo, Diputación Provincial, Servicio de Publicaciones, 2005, 772 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Os tombos da catedral de Mondoñedo (LU) están constituídos por dous Calendarios e polo chamado Tombo Pechado. Neste traballo transcríbense os 1783 docs. que conteñen os Calendarios e que son os máis antigos da colección documental da catedral, pois a maior parte están datados entre os anos 1122-1383. Segundo sinala o transcritor na introdución, nestes Calendarios atópase "un no pequeño número de documentos escritos en gallego de[l] siglo XIII, un número muy abundante del siglo XIV y uno no despreciable de comienzos del XV. Se puede afirmar, sin temor a equivocarse, que esta expresión de la lengua gallega es la más importante, por no decir la única, de toda la cornisa norteña de la hoy provincia de Lugo y, me atrevería a decir, de la zona más septentrional de Galicia." (p. 7-8). Constitúen, pois, un rico testemuño da prosa notarial galega medieval de grande interese lingüístico. O traballo complétase cun índice único (p. 623-772) que contén os nomes de persoas e lugares citados na documentación e as materias

Recs.: Óscar González Murado, *Lucensia*, XVI/33, 2006:396-397 | Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, *CEG*, LIV/120, 2007:419-420.

996 (R/05). Cal Pardo, Enrique (ed.): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: Transcrición íntegra dos documentos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico, 1999, 594 p. (= *Fontes para a historia de Galicia*; 2). | 2ª ed., 2005, 594 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcrición de 228 docs. soltos maioritariamente orixinais en pergamiño, redactados en latín, galego ou castelán entre os anos 871-1491, e 29 bulas pontificias datadas entre 1156-1467. Os docs. escritos en galego entre os anos 1232-1488 son 90 (case un 40% do total). Inclúe índice toponímico (p. 562-576) e antroponímico (505-561) moi completos, ademais dun índice de materias (p. 577-588) e outro de oficios, cargos e dignidades (p. 589-594). O arquivo da Catedral de Mondoñedo tamén garda 54 diplomas medievais pertencentes ao fondo do mosteiro de San Salvador de Pedroso e que non se editan aquí porque xa foran transcritos polo mesmo investigador nunha monografía anterior [*El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos: Colección documental* (1984, vid. *BILEGA* 10054)].

Recs.: Carlos de Castros Álvarez, *Estudios Mindonienses*, 17, 2001:823-824.

997 (N/05). Fernández Fernández, Adolfo: *O Mosteiro feminino de San Miguel de Bóveda na Idade Media: Estudo histórico e colección documental (séculos XII-XV)*, Noia, A Coruña, Toxosoutos, 2005, 242 p., il. (= *Serie Trivium*; 17).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcrición de 53 docs. en latín (8), galego (44) e castelán (1), datados entre os aa. 1121-1482 e conservados na súa maioría no ACOurense; os docs. en galego sitúanse cronoloxicamente entre os aa. 1267-1473. Inclúe índice antroponímico (p. 211-226) e toponímico (p. 227-240).

998 (R/05). Floriano Llorente, Pedro: "Colección diplomática del monasterio de Villanueva de Oscos. Primera serie (Años 1136-1200)", *BIEA*, XXXV/102, 1981:127-190. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, [2005], <http://tematico.asturias.es/cultura/ridea/ConsultaBoletines/PDFs/102-06.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/03/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. pm | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo), inf. diatópica (falas galegas de Asturias)

Ofrece a transcrición de 30 docs. redactados en latín e galego (1) e conservados no AHNMadrid. Inclúe índice toponímico (p. 173-179) coa identificación actual dos topónimos e antroponímico (p. 179-187) con descrición de liñaxes. Tamén ofrece os rexestos da documentación editada.

999 (N/05). Iglesias Almeida, Ernesto: "Luis Bieyra, notario del Cabildo de la Catedral de Tui, (1466-1467)", *El Museo de Pontevedra*, LIX, 2005:73-108.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Transcrición dun caderno de protocolos dos sécs. XIV-XV escrito en galego, datado a mediados do séc. XV e conservado no Arquivo da Catedral de Tui. O chamado polo autor *Protocolo de Lus Bieyra* está formado por 32 folios, trascritos ao final do traballo, onde se recollen "los acontecimientos cotidianos del Cabildo de la Catedral, acaecidos durante los años 1466-1467" (p. 73). Inclúense tamén prácticos índices analíticos: índice onomástico, índice toponímico, camiños, costumes, formas de pago, libros, lugares da catedral, muíños, oficios, pontes, rúas, pertenzas do cabildo, termos pesqueiros e tipos de solares.

1000 (R/05). Pérez Rodríguez, Francisco Javier [trans.]: *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico, [2004], 880 p. (= *Fontes para a historia de Galicia*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/tombo_toxos_outos.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 02/09/2005].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. pm | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Ofrece a transcrición dos 796 documentos que constitúen este tombo, a meirande parte dos cales aínda non foran publicados. Están escritos en latín ou galego e cronoloxicamente abranguen dende o ano 1038 ata o 1289. Inclúe índice toponímico (p. 721-765), antroponímico (p. 767-823) e socio-profesional (p. 825-874).

1001 (N/05). Romaní Martínez, Miguel / Otero Piñeyro Maseda, Pablo S.: *El antiguo monasterio de Santiago de Ermelo: Estudio, documentación e índices*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2005, 114 p., il. (= *Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías*; 6).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estudo histórico do mosteiro de Santiago de Ermelo (Bueu, PO). Na "Colección diplomática" (p. 79-99) inclúe seis docs. en galego datados en 1383, 1399, 1418, 1437, 1450 e 1485 e conservados no AHNMadrid. Inclúe, ademais, índice antroponímico (p. 101-106) e toponímico (p. 107-114).

1002 (R/04). VAQUERO DÍAZ, María Beatriz [ed.]: *Colección diplomática do mosteiro benedictino de San Salvador de Celanova (Ourense) (séculos XIII, XIV e XV)*, Tese de Doutoramento, Universidade de Vigo, Departamento de Historia, Arte e Xeografía, 2001, 5 v. (1: *Estudios*; 2: *Documentacion*; 3: *Documentación*; 4: *Documentación*; 5: *Índices*). | [Ed. dix.]: *Teses de doutoramento da Universidade de Vigo: Curso 2002-2003*, Vigo, Universidade de Vigo, 2003, 1 CD-ROM. | [Nova ed.]: *Colección diplomática do mosterio de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*, [Santiago de Compostela], Tórculo, [2004], 4 v. (2172 p.).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcrición de 972 docs. datados entre os secs. XIII e XV e conservados no ACOurense, AHPOurense, AHNMadrid. Inclúe estudo paleográfico e diplomático da documentación transcrita. O estudo paleográfico analiza as características gráficas das escritas empregadas, centrándose sobre todo nos tipos escriturarios galegos, utilizados na maior parte da documentación, é dicir, na escrita gótica cursiva dos anos 1250-1350 e a cortesá que a substitúe. O estudo diplomático analiza os documentos dende un punto de vista tipolóxico, clasificándoos en función da institución da que proceden e da temática que tratan. A análise formal trata brevemente a documentación procedente das chancelarías real e pontificia, das autoridades eclesiásticas e xudiciais, deténdose máis na catalogada como privada e notarial, que é a máis numerosa. Completan o traballo un índice toponímico e catro antroponímicos (un xeral, outro socio-profesional, outro que identifica os membros da comunidade monástica celanovense e outro que os clasifica en función do cargo que ocupan dentro do mosteiro) [*TESEO*].

1003 (N/05). VAQUERO DÍAZ, María Beatriz [ed.]: *Libro das posesións do Cabido Catedral de Ourense (1453): Edición, transcrición e índices*, [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2005, 223 p. (= *Monografías da Universidade de Vigo. Humanidades e ciencias xurídico-sociais*; 65).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición do libro que contén o inventario das propiedades do cabido da catedral de Ourense e das rendas en metálico que xeraban eses bens e que se garda no ACOurense (*Libro das possisoens do cabidoo da igleia de Ourense [...]*, caixa 29, nº 21). Constitúe unha fonte privilexiada para o estudo da composición e administración do patrimonio capitular e os seus xestores na Idade Media e, máis en xeral, da vida do Ourense medieval. O manuscrito, escrito en galego baixo a tutela do mordomo García Fernández de Berlanga, aparece datado en 1453, ano que con toda probabilidade corresponde ao momento do comezo da redacción do inventario, que contén anotacións posteriores. A edición presenta unha breve introdución (p. 7-25), que inclúe o estudo do manuscrito (caracteres externos, autoría, datación, estrutura interna e tipoloxía), ademais da descrición do patrimonio capitular, a transcrición (p. 27-138) e os seguintes índices, que recollen, identifican e ordenan os nomes de persoas e lugares citados no

texto: toponímico xeral (p. 139-163), toponímico de Ourense (p. 165-174), antroponímico (p. 175-208) e socio-profesional (p. 209-223). Todos eles ofrecen información das formas antigas e das correspondentes actuais (ben diferenciadas das primeiras polo tipo de letra empregado).Verbo da transcrición, a autora sinala que "[c]omo norma xeral, respéctanse as particularidades lingüísticas e erros que conteñen os documentos. Porén, ante a necesidade de facer a documentación accesible para a súa utilización como fonte histórica, optouse por realizar unha transcrición afastada dos canons filolóxicos que reclaman unha transliteración exhaustiva. En caso de dúbida á hora de escoller a transcrición adecuada para palabras constantemente abreviadas, elíxese a forma consagrada pola norma actual" (p. 21).

Recs.: Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, *CEG*, LIII/119, 2006:451-454. [Ed. facs. en liña n.v.]: [Madrid], Consejo Superior de Investigaciones Científicas, [2006], <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/15/15>, Formato: PDF, [Consulta: 08/02/2008].

1004 (R/05). Zapico Barbeito, María do Pilar: *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens: Edición e estudio*, Memoria de Licenciatura, [Universidade de Santiago], [Departamento de Filoloxía Galega], 2003, 334 p. | [Public.]: *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens*, Noia, A Coruña, Toxosoutos, 2005, 356 p.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. me | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Transcrición da colección documental do mosteiro de Santiago de Mens (Malpica, CO), conservada no arquivo da colexiata de Santa María do Campo (A Coruña). Descuberta hai pouco tempo e editada aquí por primeira vez, está constituída por 27 documentos notariais privados de carácter dispositivo (fundamentalmente foros e, en menor medida, vendas e doazóns de propiedades por parte do mosteiro, declaracións de lindes e testamentos) escritos en galego entre 1325 e ca. 1480-1490. O traballo ofrece tamén un glosario (p. 83-323) de todos os vocábulos que aparecen nos manuscritos, coa seguinte microestrutura: categoría gramatical, etimoloxía, significado (cando se xulga necesario precisalo), sinónimos actuais (nalgúns casos), nº total de ocorrencias, variantes, nº de ocorrencias de cada variante, contextos e localización no corpus (nº de pergameo e nº de liña). Complétase cun índice antroponímico (p. 325-328) e outro toponímico (p. 329-331).

65132 Edicións de documentos soltos

1005 (R/05). Cintra, Luís F. Lindley: "Sobre o mais antigo texto não literario português: a *Notícia de Torto*: leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário lingüístico", *BmF*, XXXI, 1986-87:21-77, 1 mapa, il. | [Ed. en liña n.v. do texto]: en Rosa Virgínia Mattos e Silva (coord.), *Projeto BIT-PROHPOR (Banco Informatizado de Textos do Programa para a História da Língua Portuguesa)*, Salvador, BA, Universidade Federal da Bahia, Instituto de Letras, 2005, <http://www.prohpor.ufba.br/NDTO.doc>, [Formato: DOC], [Consulta: 16/12/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/31/boletim31.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Fusión de dous traballos anteriores do autor: "Observations sur le plus ancien texte portugaise non littéraire: la *Noticia de Torto*. Lecture critique, date et lieu de rédaction" (1971, vid. *BILEGA* 4408) e o presentado no *XVI Congreso de Filología y Lingüística Románica (Palma de Mallorca, 1980)*, que nunca chegou a publicarse. Ademais, aproveita as achegas do artigo de Avelino de Jesús da Costa, "Os mais antigos documentos escritos em português. Revisão de um problema histórico-linguístico" (1977, vid. *BILEGA* 4759). Ofrece a ed. da *Noticia de torto* (ca. 1214-1216), comentarios lingüísticos, vocabulario, listaxe de topónimos e antropónimos, ademais do estudo sobre o lugar e a data de redacción do mesmo. O documento consérvase no IAN/TT (mazo 2, nº 40, Corporacións Relixiosas - Mosteiro de Vairão). Verbo da lingua do texto, o editor sinala "o carácter arcaico e hesitante da sua maneira de representar os sons do galego-português antigo. Deste ponto de vista, afasta-se radicalmente do outro mais antigo documento redigido em português -o *Testamento de Afonso II*, também ele escrito em 1214 [...], mas cuja grafia se apresenta como muito mais regular e coerente. É evidentemente natural pensar, antes de mais nada, que, num caso, se trata de um rascunho e de um rascunho de notário local que o escreveu numa localidade qualquer rural dos campos nos arredores de Braga ou Barcelos, no território de Entre-Douro-e-Minho, ao passo que, no outro, estamos perante um testamento real e, portanto, um texto, dada a sua própia natureza, cuidadosamente redigido por um notário real, na cidade de Coimbra [...]" (p. 42).

1006 (R/05). COSTA, Avelino de Jesús da: "Os mais antigos documentos escritos em português. Revisão de um problema histórico-linguístico", *RPHis*, XVII [= *Homenagem ao Doutor Torquato de Sousa Soares*, II], 1977:263-340. | [Sep.]: Coimbra, Universidade de Coimbra, 1979, 77 p. (= *Publicação da Faculdade de Letras de Coimbra, Instituto de História Económica e Social*). | [Nova ed. corr. e aum.]: en P. Avelino de Jesús da Costa, *Estudos de cronologia, diplomática, paleografia e histórico-linguísticos*, Porto, Sociedade Portuguesa de Estudos Medievais, 1992:167-256, 8 il. (= *Biblioteca histórica da Sociedade de Estudos Medievais*; II). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Instituto Camões, 2001, <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/hlp/biblioteca>, [Formato: PDF], [Consulta: 02/01/2004]. | [Ed. en liña n.v. da 1ª ed.]: <http://www.prohpor.ufba.br/tast.doc>, [Formato: DOC], [Consulta: 16/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estuda a datación e algunhas cuestións de lingua dos catro documentos galego-portugueses considerados máis antigos: o chamado *Auto de partilhas* (documento notarial de 1192), o *Testamento de Elvira Sanches* (a. 1193), o *Mentio de malfeitoria* (a. 1210), a *Noticia de torto* (a. 1214-1216) e o *Testamento de Afonso II* (a. 1214). Os dous primeiros foron considerados durante algún tempo os textos galego-portugueses non literarios máis antigos, pero o autor demostra que se trata de dúas copias de finais do séc. XIII sobre manuscritos de 1192 e 1193, respectivamente. Canto a *Mentio de malfeitoria* -que, como a *Noticia de Torto*, se refire ás inxustizas de que foi víctima Lourenço Fernandes da Cunha-, considérase máis antigo que a *Noticia de Torto*, pois dátase en 1210. Nun "Apéndice documental" tamén recolle outros 30 documentos breves datados entre 1171 e 1287.

1007 (N/04). DAVIÑA SÁINZ, Santiago: "Los primeros fueros de La Coruña", *Nalgures*, 1, 2004:19-105. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Asociación Cultural de Estudios Históricos de

Galicia, [2008]:19-105, <http://www.estudioshistoricos.com/revista/nalgures1.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 30/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Descrición codicolóxica, transcrición e estudo histórico do *Libro de la Cofradía del clero de Todos los Santos de La Coruña*, texto escrito en galego en 1336 e conservado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (caixa nº 411 *Congregaciones religiosas*). O autor considera que o contido nos documentos deste libro constitúe "los primeros fueros de La Coruña, es decir, las primeras normas de gobierno por las que se rigió la hoy ciudad de La Coruña, y ello con independencia de que los mismos le fueran concedidos a dicha ciudad por Fernando II o por Alfonso IX" (p. 119).

1008 (N/05). Monteagudo Romero, Henrique: *O* Foro do Burgo do Castro Caldelas, *dado por Afonso IX en 1228: O documento máis antigo escrito en galego*, [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2005], 11 p., il., <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/doc_en_galego.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/08/2005]. | [Ed. aum.]: "O *Foro do Burgo do Castro Caldelas* (1228) e a emerxencia do galego escrito", *Grial*, XLIII/166, 2005:113-199.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición provisoria do *Foro do Burgo do Castro Caldelas*, documento conservado no Arquivo dos Duques de Alba (Madrid) e que o autor xulga como o máis antigo escrito en galego. A transcrición vai precedida dunha breve introdución sobre as orixes da escrita en galego e a datación do documento desde que se dá a coñecer en 1896. Na ed. electrónica inclúese unha reprodución dixital do documento e na ed. impresa aumentada tamén se ofrece unha paráfrase do texto en galego moderno.

1009 (N/05). Montero-Santalha, José Martinho: "Documentos medievais galegos", *Agália*, 69-70, 2002:197-200 (1); 75-76, 2003:239-244 (2); 83-84, 2005:255-264 (3); 85-86, 2006:231-235, il. (4); 91-92, 2007:247-252, il. (5).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Edición dos seguintes documentos: na primeira entrega, ms. 9 do mazo 1801 do AHMadrid, baixo o título *1253, julho, 8 (A Ramallosa, Oia)*, que contén docs. pertencentes ao antigo mosteiro de Santa María de Oia (PO); na segunda o ms. 9 do mazo 1107 do AHMadrid, baixo o título *1267, janeiro, 2 (Vila Nova de Lourençá)*; na terceira un doc. datado o 6 de marzo de 1289, conservado no AHMadrid e pertencente ao fondo do mosteiro de Santa María de Monfero (CO); na cuarta, un doc. de 1258, conservado no AHPOurense e pertencente ao fondo do mosteiro de Santa María de Montederramo (OU); na quinta, un doc. de 1290 conservado no arquivo de convento de San Francisco (Santiago de Compostela) co nº 31 do libro 28, pertencente ao fondo do convento de Santa Clara de Santiago de Compostela. Nas cinco entregas ofrécense dúas edicións: 1) paleográfica ou case-diplomática, que intenta reproducir o máis exactamente posible a escrita orixinal, na medida en que un texto impreso o permita, e facilitar a confrontación coa reprodución facsimilar do orixinal; 2) filolóxica, que reproduce con fidelidade a

lingua que o autor pretendía reflectir, pero agora mediante un sistema ortográfico regular acorde coa ortografía actual; así mesmo, faise un estudo lingüístico dos documentos.

1010 (N/05). Moure Pena, María Teresa C.: "Revisión histórico-documental en torno al antiguo monasterio benedictino de San Esteban de Chouzán", *BMPLu*, 12/2, 2005:125-170, il., 1 mapa. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Logroño]. Universidad de La Rioja, DIALNET, [2006], <http://dialnet.unirioja.es/servlet/fichero_articulo?codigo=1301257>, Formato PDF, [Consulta: 30/06/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. pme | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Repasa as vicisitudes históricas polas que pasou o antigo mosteiro de monxas bieitas de San Estevo de Chouzán (Carballedo, LU), coa incorporación dalgúns novos datos e a revisión doutros, a partir de recentes investigacións, que poden contribuír a clarexar aspectos relacionados coa súa fundación, organización da comunidade monástica, adscrición á regra benedictina e evolución histórica ata finais do séc. XV, cando se decreta a súa anexión ao mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares, pasando a ser un simple priorato deste [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. Inclúe un apéndice documental (p. 140-158) coa transcrición parcial de 23 docs. en latín (8), galego (9) e castelán (6), datados entre 986-1509. Os docs. en galego son dos aa. 1262, 1287, 1292, 1302, 1350, 1351, 1361, 1383, 1401.

1011 (N/05). Ríos Camacho, X. Carlos: "Dos ejemplos de documentación monástica gallega altomedieval: Santa María de Sobrado y San Xiao de Samos: Rasgos de mozarabismo, tipología y comentarios", *El Museo de Pontevedra*, LIX, 2005:11-28.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

O autor presenta o traballo como exemplo formal, metodolóxico e introdutorio ao tema da súa tese de doutoramento, *Mozarabismo en la Gallaecia Altomedieval: Estudios generales y análisis desde sus fuentes documentales monásticas (siglos VIII-XI)*, que, na altura, estaba a elaborar na Universidade de Murcia. Céntrase en dous documentos escritos en latín e xa transcritos previamente por Pilar Loscertales de García de Valdeavellano (1976, vid. bilega 8683) e por Manuel Lucas Álvarez (1986, vid. bilega 8680), respectivamente: o *Testamentum de Sanctum Iuliano de Uentosa* (a. 961), transmitido polo tombo I do mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes (fol. 7 vº-8 vº) e o *Inventario del abad Ofilón, monja María y presbítero Vicente sobre bienes traídos de Córdoba y otros* (a. 872), transmitido polo tombo do mosteiro de San Xiao de Samos (fol. 2 rº/vº). Ademais de reproducir no final do traballo a transcrición dos dous textos, inclúe unha serie de expresións en latín tiradas dos documentos editados, que o autor comenta e amplía para mellor comprensión dos textos.

1012 (N/05). Romaní Martínez, Miguel / Otero Piñeyro Maseda, Pablo S.: "Escrituras de Oseira (AHN) sin relación con este monasterio (s. XI-XIV)", *CEG*, LII/118, 2005:217-238.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Transcrición de nove docs. monásticos do fondo de Santa María de Oseira (OU) conservados no AHNMadrid. Entre eles, hai dous redactados en galego dos anos 1291 e 1314. Inclúe índice antroponímico (p. 230-232) e toponímico (p. 233-236).

1013 (N/05). Romaní Martínez, Miguel / Otero Piñeyro Maseda, Pablo S.: "Macías, un juglar del s. XIII: Evidencia documental", *El Museo de Pontevedra*, LIX, 2005:29-37, il.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. e | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Pretende dar a coñecer un documento en latín do ano 1261 conservado no AHNMadrid (Sección clero, carpeta 1859/6) e pertencente ao fondo monástico de San Xoán de Poio. O seu interese radica en ser o único documento coñecido en que se menciona como testemuña un *Mascia iograr*, o que serviría para reafirmar documentalmente a figura de Macías o Namorado. Segundo os autores, a orixe padronesa desta figura carece de toda base científica, afirmando, pola contra, que, a partir dos datos ofrecidos por este novo documento, "*Mascia* era natural de Bueu o de la Comarca del Morrazo" (p. 30). Así mesmo, tamén desbotan a cronoloxía proposta ata este momento para a figura de Macías o Namorado e avogan polo ano 1262 como data en que o situaría este novo documento. Por tanto, "si esto fuese así, habría que considerar que Macías o Namorado perteneció al periodo más brillante de la lírica galaico-portuguesa, en lugar de situarse, como se ha considerado hasta ahora, en el periodo de la decadencia lírica gallega" (p. 31). Complétase o traballo coa reprodución facsímile do documento, así como a súa transcrición e tradución para o galego moderno, achegando ademais unha listaxe das persoas e outra dos topónimos citados no texto, entre os que se inclúen os seguintes: *Santa María de Beluso* (Bueu, PO), *Bueu* (PO), *San Salvador de Coiro* (Cangas, PO), *O Morrazo* (PO) e *Pontevedra*.

1014 (R/05). Souto Cabo, José António: "O *Testamento de Estévão Peres* (1230). Aproximação à primeira escrita galego-portuguesa na Galiza", *RFR*, 13, 1996:123-149. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9696110123A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico e diacrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Transcrición e estudo lingüístico deste documento do a. 1230, tratando de poñelo en relación coas "restantes primeiras mostras do nosso idioma, o que nos permitirá reflectir quer sobre o estado da língua quer sobre os ensaios de constituição da *scripta* em território galego-português" (p. 124).

1015 (N/05). Souto Cabo, José António: "Originais e cópias da *Chancelaria de Afonso III*: o exemplo de uma composição de 1257", en Maria Aldina Marques, Erwin Koller e Aida Sampaio Lemos (orgs.), *Ciências da Linguagem: 30 anos de investigação e ensino*, Braga, Universidade do Minho, Centro de Estudos Humanísticos, 2005:35-43.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Entre os documentos reproducidos na Chancelaría de Afonso III figura o texto dun acordo entre o rei e o mosteiro de Arouca sobre o mosteiro de Bouças e as herdades de Bouças e Vilar de Sande. O orixinal dese documento foi localizado no fondo de *Gavetas da Torre do Tombo* (mazo 2, nº 15 do IAN/TT), onde tamén se conserva a copia. Despois de ofrecer a edición dos dous textos, o autor desenvolve unha análise contrastiva entre ambos co fin de determinar a evolución da *scripta* romance no reino de Portugal entre 1257 (data do orixinal) e ca. 1275 (data aproximada da copia). En primeiro lugar, constata que as versións da Chancelaría non constitúen unha reprodución do orixinal, tal como a concibiríamos hoxe, circunstancia que nos debe alertar sobre os perigos que se derivan do uso de tales traslados para documentar usos gráficos e mesmo aspectos lingüísticos de textos antigos. De feito, o copista procede a actualizar o texto primitivo de acordo coas prácticas dese segundo momento e en probable consonancia cos usos lingüísticos cortesáns. Esa actualización incide fundamentalmente sobre aspectos escriturais, pero tamén ten repercusión a outros niveis. Así, ao lado de transformacións meramente gráficas, entre as que se acha a utilización dos dígrafos <lh> e <nh>, ausentes do orixinal, ou a extensión dos usos de <y>, tamén se detectan cambios máis profundos, como aqueles que levaron a transformar as formas e*ygreia, ouuaya, reia, renuçamos, sobelo, termos, testemoyo* en outras más modernas *egreia, ouaya, raya, renũçamos, sobrelo, termios, testemuyo* [Adaptación do resumo que aparece no orixinal].

1016 (N/05). Souto Cabo, José António [ed.]: *O Pacto de Gomes Pais e Ramiro Pais*, Vila Nova de Famalicão, Quasi, 2005, 16 p., il. (= *Biblioteca Oito Séculos*).

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Edición facsímil e transcrición divulgativa do *Pacto de Gomes Pais e Ramiro Pais* (ca. 1173), documento conservado no IAN/TT (Mitra de Braga, mazo 1º, nº 26/A). A transcrición realízase con adaptación parcial do texto aos usos ortográficos do portugués actual. Segundo o editor, os datos paleográficos e históricos levan a situar a súa redacción na rexión de Braga - Vila Nova de Famalicão (NO de Portugal) entre os anos 1169-1175. Por outra banda, "[a] nível linguístico, o texto do *Pacto* apresenta un tipo de escrita em que, como é esperável, convivem elementos latinos e outros, claramente maioritários, galego-portugueses, pelo qual não duvidamos em qualificá-lo como o documento em língua portuguesa mais antigo dos até agora conhecidos, tal como o consideraram os mais importantes estudiosos da história da língua portuguesa" (p. 10).

1017 (N/05). Zapico Barbeito, María do Pilar: "Edición crítica dun foro procedente do corpus documental do mosteiro de Santiago de Mens", *Murguía*, 6, 2005:25-33, il.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. e | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Ofrece unha descrición xeral (tipoloxía documental e fórmulas contractuais utilizadas nos foros) do fondo documental do mosteiro de Santiago de Mens (Malpica, CO), constituído por 27 pergameos escritos en galego entre 1325 e ca. 1480-1490 e conservados na colexiata de Santa María do Campo (A Coruña). Son documentos dispositivos de carácter privado que conteñen na súa meirande parte foros (50%) e, en menor medida, ventas e doazóns de propiedades por parte do mosteiro, declaracións de lindes e testamentos. A seguir, preséntanse os criterios de edición que adopta a autora na transcrición dun documento deste corpus, datado o 2-XII-1409, en que o abade do mosteiro afora diversos terreos

e propiedades a un particular e que se reproduce fotograficamente en tamaño reducido despois do texto transcrito.

6514 Edicións doutros tipos de textos

1018 (N/05). Álvarez Blanco, Rosario / Rodríguez Montederramo, Xosé Luís: "Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626)", *BRAG*, 365, 2004:253-291, il. (I); 366, 2005:225-303 (II).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIATÓPICA, INF. DIAFÁSICA

Na primeira entrega ofrécese a edición crítica e facsimilar de dez cartas escritas en galego por diversos personaxes entre os anos 1596-1619 e dirixidas a Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar. Seis delas xa foran dadas a coñecer por Luís Tobío Fernández en tres traballos ["Gondomar e o galego" (1973, vid. *BILEGA* 316); "Outras dúas cartas en galego a Gondomar" (1977, vid. *BILEGA* 1872); "Galego familiar escrito a comenzos do século XVII" (1980, vid. *BILEGA* 1873) e unha máis por Xosé Luís Rodríguez Montederramo ("Otra carta en gallego dirigida al conde de Gondomar", Avisos, 17, 1999:8). A elas engádense agora outras tres inéditas dos anos 1596 (2) e 1605 (1). As edicións van precedidas dun estudo histórico dos textos e unha caracterización lingüística xeral en que se lles presta especial atención ás alternancias de lingua que se observan neles. Na segunda entrega desenvólvese un estudo lingüístico máis amplo, que pon de relevo os trazos diatópicos e diacrónicos máis significativos de cara a facilitar a comprensión global dos textos e xustificar a lectura proposta. A análise grafemática (p. 226-233) abórdase en conxunto, trazando unha panorámica da forma de representación dun sistema fónico que sufriu grandes mudanzas desde a época medieval, aínda que prestando atención ás especificidades dos distintos correspondentes. A seguir, estúdanse as formas de tratamento (p. 234-237), por creren os autores "que é de especial interese no xénero epistolar, que ten na rede familiar e clientelar o principal espazo de desenvolvemento e está obrigado a se cinguir a unhas convencións formularias" (p. 225). Inclúe un completísimo glosario (p. 268-303) con información léxico-semántica e gramatical dos lemas escollidos, que aparecen perfectamente localizados nos documentos estudados.

652 Traballos de diplomática, codicoloxía e escriptoloxía

1019 (N/05). Emiliano, António H. A.: "Representational Models vs. Operational Models of Literacy in Latin-Romance Legal Documents (With Special Reference to Latin-Portuguese Texts)", en Roger Wright e Peter Ricketts (eds.), *Studies on Ibero-Romance Linguistics Dedicated to Ralph Penny*, Newark, Delaware, Juan de la Cuesta, 2005:17-57 (= *Hispanic Monographs. Estudios lingüísticos*; 7 / *Homenajes*; 24).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

O autor parte da crenza de que a comezos do séc. XIII non se parou subitamente de escribir en latín para comezar a escribir en galego-portugués, senón que o cambio foi paulatino. Por iso sostén que

a referencia á latinidade nos documentos desta época é máis unha cuestión de marca de calidade, posto que se trataba dun latín moi diferente ao clásico. Por iso propón afastarse dunha perspectiva decimonónica e analizar eses testemuños desde esta nova perspectiva que considera máis acaída e que pretende exemplificar a través da análise de documentos notariais procedentes de Braga (PT), cidade que experimentou a Reforma Gregoriana, entre 1070 e 1091. Máis concretamente, céntrase na análise do *Liber Fidei*, cartulario que contén a maioría dos documentos producidos na contorna de Braga que chegaron ata hoxe. O feito de ser un cartulario dálle o valor engadido de que sería "compiled and written for very practical purposees, which means that the copies of the documents needed to be clearly understood and accepted by any party for whom these records were of importance" (p. 33). Un dos docs. estudados é unha carta coñecida como *Carta de agnição*, testemuñada e confirmada polos reis de León, entre outros nobres e bispos, e datada en 1025; analízase o plano fonético (centrándose na evolución vocálica e consonántica) e morfosintáctico (centrándose na evolución das preposicións *AD*, *PER*, *DE* e dos casos), comparando as dúas versións conservadas. O doc. analizado en segundo lugar é unha carta de 1110 entre o arcebispo e a Se de Braga, conservada en tres versións, das que se dá completa transcrición e análise fonética e morfosintáctica. Finalmente, analízase un pequeno texto escrito da man do arcebispo San Gerald ao final dun doc. xudicial datado en 1101, conservado tamén en tres versións que se transcriben por completo; destácase a súa excepcionalidade e validez como exemplo de convivencia de dúas tradicións escriturais (a do latín medieval reformado fronte ao latín notarial do resto do documento).

Recs.: Natalya Stolova, *MLR*, 102/2, 2007:862-863 [862-863]. [Ed. facs. en liña]: [Oxford], Publishing Technology, Ingenta, [s.d.], <http://www.ingentaconnect.com/>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/01/2008] | David Trotter, *RLiR*, 71/281-282, 2007:216-219 [216-217].

1020 (N/05). Emiliano, António H. A.: "Tipo medieval para computador: uma ferramenta informática para filólogos, historiadores da língua e paleógrafos", *Signo-Alcalá*, 15, 2005:139-176.

1. investigación | 2. ámb. portugués | 4. pm | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Descríbese a fonte para ordenador *Notator Mono*, desenvolvida no Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa para poder ofrecer en forma de edicións diplomáticas unha adecuada e fidedigna representación tipográfica dos sistemas de escrita usados en Portugal entre os sécs. IX e XIV na produción de documentación notarial. En primeiro lugar, expóñense as tres estratexias posibles para a representación tipográfica dos caracteres medievais (representación indirecta, representación directa e normalización) e as implicacións de cada unha das concepcións para a creación dunha fonte medieval para ordenador. Logo, examínanse os criterios seguidos no deseño desta fonte e revísanse algúns dos 223 diferentes caracteres que inclúe [X.A.P.].

1021 (N/05). Mariño Paz, Ramón / Varela Barreiro, Xavier: "O uso dos signos gráficos <u>, <V> e <U> no *Cancioneiro da Ajuda*", en Mercedes Brea (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005:309-374. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/argamed/carolinaajuda.pdf>, Formato: PDF, [Consulta:

13/03/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes / Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, <http://www.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=28775>, Formato: PDF, [Consulta: 25/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Investigan os usos gráficos de <u>, <V> e <U> no *Cancioneiro da Ajuda*, tendo como referencia a lectura paleográfica para unha edición interpretativa establecida por Mariña Arbor Aldea. A análise desenvólvese en tres planos: a) o ecdótico, en que se atende á morfoloxía e trazado dos signos gráficos, diferenciando os usos dos copistas, rubricadores e correctores; sinalan a inexistencia de <v> en A e a utilización das maiúsculas <V> e <U> para <u>, aínda que como letra capital só aparece empregada <U>; no estudo dos usos ábrese unha liña de investigación para contribuír a determinar as mans que interviron na copia de A: unha soa man nos cadernos XIII e XIV e posiblemente máis dunha nos restantes; o estudo das letras capitais facilitou a aproximación a outros manuscritos da época (téñense en conta os códices transmisores das *Cantigas de Santa María*, o pergameo Vindel e o pergameo Sharrer); b) no plano grafemático sinalan a existencia de tres variantes dun mesmo grafema: <u> como minúscula, <V> como maiúscula só en posición capital e <U> como minúscula en contexto capital e, en menor medida, tamén poscapital; os tres representan distintos valores fonéticos, cando teñen algún (glide, vogal, consoante); c) no plano fónico destacan a regularidade dos hábitos gráficos de A no relativo ao uso de <b> e <u> e, quitando o caso de *Segobia*, non achan indicios de desfonoloxización da oposición /b/ vs. /v - b/; tamén sinalan outros fenómenos de regularización, como o uso de *muito*, *nunca*, *logar*, *moller* (e non *moito*, *nonca*, *lugar*, *muller*) e a terminación dos participios en *-udo* (e non *-ido*); porén, hai variación noutros casos como *contar / cuntar*, *foron / forun*, *uos / uus*.

1022 (N/05). Monteagudo Romero, Henrique: "A xeneralización do uso do grafema <x> para a consoante [fricativa palatal xorda] na escrita galega. Notas sobre a súa orixe (ss. XVI-XVIII)", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:405-421 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. E

O autor repasa os antecedentes do uso en galego do grafema <x>, así como a súa evolución en portugués e castelán. Documenta os primeiros casos de confusión e de vacilación gráfica no galego medio, parándose significativamente no estudo do *Coloquio en coplas galegas* (2002, vid. *BILEGA* 10774) de frei Martín Sarmiento (1695-1772) e concluíndo que o criterio deste autor é "un criterio etimográfico estrito, non etimográfico tradicional" (p. 413). Finalmente, aborda o estudo das *Obras en prosa y verso* (1778-1781) de Diego Antonio Cernadas de Castro y Ulloa (1698-1777), o cura de Fruíme, onde rexistra "por primeira vez en textos impresos a xeneralización do uso <x>, concluíndo á vista do exposto que "resulta moito máis sinxelo e acorde cos feitos explicar o fenómeno da xeneralización do emprego do <x> como resultado dunha evolución espontánea, que se desenvolveu paulatinamente e sen rumbo definido nos séculos XV a XVIII e que se precipitou e se encarreirou nos comezos do século XIX, probablemente favorecida (pero non directamente determinada) pola situación de contacto galego / castelán" (p. 419).

1023 (R/05). Nascimento, Aires Augusto: "Hábitos tabeliónicos num manuscrito literário - O *Livro de José de Arimateia* - Lisboa, ANTT, Cod. 643", *BmF*, XXIX/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 1984:119-128. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo codicolóxico do códice 643 do IAN/TT, correspondente ao *Livro de José de Arimateia*. Apoia a hipótese de Ivo Castro, segundo a cal o ms. foi elaborado por diversos escribas ao servizo dun corrixidor e baixo a súa supervisión. Para afianzar esta afirmación realiza unha análise do material codicolóxico e dos hábitos notariais marcados que caracterizan os escribas.

1024 (N/05). Ramos, Maria Ana: "*Mise en texte* nos manuscritos da lírica galego-portuguesa", en Rafael Alemany, Josep Lluís Martos e Josep Miquel Manzanaro (eds.), *Actes del X Congrés Internacional de l'Associaciò Hispànica de Literatura Medieval*, III, Alacant, Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, 2005:1335-1353 (= *Symposia philologica*; 12).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Establécense as tendencias principais na copia dos textos da lírica galego-portuguesa, que varían de manuscrito a manuscrito. A autora adopta como base das súas observacións o ciclo de cantigas de Pero Garcia Burgales, para dar conta do encadeamento textual no propio ciclo dentro do *CA* e do *CBN* [D.G.M.].

1025 (R/05). Ramos, Maria Ana: "Novas observações sobre o sistema de numeração do Cancioneiro da Ajuda", *BmF*, XXX, 1985:33-46. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/30/boletim30.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece unha nova descrición dos sistemas de numeración inseridos no *Cancioneiro da Ajuda* para dar conta da realidade do manuscrito, que sufriu diferentes modificacións con posterioridade a 1904, data da primeira e única descrición do códice realizada ata este momento por Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1851-1925) en que se aborda este asunto. En primeiro lugar descríbese o sistema de numeración en cifras romanas, escritas en tinta, que se rexistra en apertura e peche de unicamente dous fascículos do cancioneiro (fascículos VI e X, actuais cadernos VI e XI de A). Logo, analízanse as cinco numeracións modernas da antoloxía poética, escritas a lapis en distintos puntos dos folios: 1) paxinación colocada na parte superior esquerda do recto e dereita do verso do folio; 2) numeración incompleta, identificada coa numeración de Charles Stuart de Rothesay, presente no centro da marxe superior do folio; 3) foliación escrita no canto inferior esquerdo do recto do folio; 4) numeración complexa, en forma de ecuación, situada no centro da marxe inferior do folio (recto e verso); 5) foliación localizada na marxe inferior dereita do recto do folio. A autora, que analiza as discrepancias que se verifican entre estas numeracións e as que Carolina Michaëlis describira en 1904, conclúe o seu traballo cunha táboa en que se plasman as concordancias que se establecen entre estes cinco sistemas de numeración.

1026 (N/05). Santana, Maria Olinda Rodrigues / Costa, Ana Lúcia Pereira / Mineiro, Mário José da Silva: "A edição dos documentos foraleiros de Trás-os-Montes e Alto Douro insertos na Chancelaria de D. Dinis", en Miguel Gonçalves, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins e Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e humanismo: Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*, I, Braga, Universidade Católica Portuguesa, Faculdade de Filosofia, ALETHEIA - Associação Cultural e Científica, 2005:631-648.

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. pm | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Descrición deste subproxecto de investigación integrado no proxecto máis vasto titulado *Núcleo de Documentação Foraleira Transmontana* cuxos obxectivos son "o arrolamento de toda a documentação foraleira, a elaboração de duas edições (paleográfica e interpretativa), um tratamento estatístico-lexical dos corpora foraleiros medievais e manuelinos e a elaboração de índices vocabulares e dicionários que permitirão dar a conhecer a evolução vocabular de uma documentação autógrafa, datada, localizada e emitida pelo poder régio português ao longo de cinco séculos (XI a XVI)" (p. 632). Este subproxecto pretende establecer un inventario exhaustivo e a edición (paleográfica e interpretativa) da documentación foraleira outorgada polo rei Don Denis (1279-1325) a localidades de Trás-os-Montes e Alto Douro, que se conservan en copias do séc. XV. Neste traballo ofrécese o inventario sistemático e exhaustivo dos documentos que corresponden fundamentalmente ás localidades dos distritos de Vila Real e Bragança (97 docs. escritos en portugués e 4 latino-portugueses romanceados, que fan un total de 101), precísase a tipoloxía documental, descríbense os tipos de edición adoptados e os criterios de transcrición, así como a información que se achega no encabezamento de cada documento. Como exemplos do tipo de edición, ao final do traballo ofrécese a transcrición do *Foral de Sesulfe* [IAN/TT, Chancelaría de Don Denis, Libro IV, fol. 24 vº (numeración árabe) – 20 vº (numeración romana)], datado o 15-III-1302, e a *Carta de foro de Vila do Conde de Aguiar de Pena* [IAN/TT, Chancelaría de Don Denis, Libro I, fol. 185 rº e vº], datada o 3-XII-1286.

1027 (R/05). Sletsjöe, Leif: "L'écriture *ll* pour *l* - signe de vélarité en ancien portugais?", *BmF*, XV/1-2, 1954-55:1-15. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/15/boletim15.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Partindo da tese defendida por José Leite de Vasconcellos, segundo a cal a grafía <-ll> final rexistrada en textos do séc. XIV indicaría a pronuncia fortemente velarizada do *-l*, o autor investiga se se pode dicir o mesmo das grafías de 530 documentos datados entre os anos 773-1075 e recollidos nos *Portugaliae Monumenta Historica: III. Diplomata et Chartae* (Lisboa, 1867), é dicir, se esta velarización da que fala o ilustre filólogo portugués se daba antes do séc. XIV. A conclusión á que chega analizando estes documentos é negativa.

1028 (N/05). Varela Barreiro, Xavier: "Os usos das letras maiúsculas no *Cancioneiro da Ajuda*", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*,

[Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:275-288 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece unha análise do uso das maiúsculas no *Cancioneiro da Ajuda*, baseándose na edición inédita de Mariña Arbor Aldea, a edición facsimilar do códice (1994) e a edición diplomática de Carter (1941). Comenta os dous tipos de variacións gráficas sistemáticas (a grafemática e a alográfica), e tamén as variacións non sistemáticas (coincidentes coas alográficas). Céntrase principalmente nos casos de alografía, estudando os de variación libre ou condicionada (polo contexto, polas grafías contiguas, pola posición na palabra e no verso, pola natureza semántico-pragmática da palabra). A partir desta panorámica, conclúe que a variación entre maiúsculas e minúsculas era sempre de tipo alográfico e non todos os usos das maiúsculas eran de tipo sistemático, aínda que nos contextos principais este tipo de uso estaba asentado [D.G.M.].

1029 (N/05). Ventura, Joaquim: "Algunes reflexions sobre la formació dels arquetips galaicoportuguesos medievals", en Rafael Alemany, Josep Lluís Martos e Josep Miquel Manzanaro (eds.), *Actes del X Congrés Internacional de l'Associaciò Hispànica de Literatura Medieval*, III, Alacant, Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, 2005:1575-1586 (= *Symposia philologica*; 12).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece unha serie de reflexións sobre a formación da tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa, que conclúe cunha nova proposta de relacións xenealóxicas. Neste *stemma codicum*, que inclúe novos manuscritos, hai que ter en conta dous aspectos: 1) a relación entre A e outras copias hipotéticas, en función dunha xénese en paralelo e de proceder A dunha desas copias; 2) a incorporación de poetas do séc. XV cuxas composicións figurarían nun hipótético antecedente.

Vid. tamén as entradas 1015, 1032.

66 Historiografía da lingüística histórica e a filoloxía galegas

1030 (N/05). Arbor Aldea, Mariña: "Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión", en Mercedes Brea (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005:45-120. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/argamed/carolinaajuda.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes / Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, <http://www.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=28775>, Formato: PDF, [Consulta: 25/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Repasa a historia do *Cancioneiro da Ajuda*, desde que o códice foi presentado publicamente en París en 1823 ata o momento actual, sinalando as edicións e estudos máis destacados. A partir do estudo de Maria

Ana Ramos, que acompaña a ed. facs. do texto, publicada en 1994 [*Cancioneiro da Ajuda: Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro: Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda* (vid. *BILEGA* 9335)], a autora describe o manuscrito, descuberto antes de 1810 no Real Colégio dos Nobres de Lisboa e transferido ao Palácio da Ajuda en 1832. Ofrece a descrición codicolóxica, facendo referencia a aspectos cronolóxicos, ao tipo de soporte, á composición e organización do ms. e da páxina, á foliación e á paxinación. Tamén inclúe apdos. dedicados á notación musical, ás notas marxinais, á ornamentación, á encadernación e á escritura do texto (onde comenta o uso de abreviaturas, as características da letra gótica e o sistema de siglas que, ocasionalmente, se presentan nos refráns a partir da segunda cobra; sobre a grafía da *koiné* galego-portuguesa, salienta a súa estabilidade e regularidade, sendo a alografía case inexistente). Ofrece unha minuciosa descrición interna, con indicación das lagoas e os folios en que se transmiten os textos e precisando as composicións que se escribiron en cada un. Expón con detalle as dúbidas existentes sobre o seu responsable, sobre o lugar de composición (¿Castela?, ¿Portugal?, ¿León?, ¿Galicia?) e sobre o *scriptorium* en que se copiou (¿a oficina dun rei?, ¿o taller dun nobre?). Por último, no apéndice I (p. 105-108) reproduce a organización do cancioneiro, segundo Carolina Michaëlis [*Cancioneiro da Ajuda: Edição crítica e commentada* (1904, vid. *BILEGA* 75), p. 11, 147-150], no apéndice II (p. 109-111) presenta a organización do cancioneiro en 1994 [*Cancioneiro da Ajuda: Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro: Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*, p. 68-70] e no apéndice III (p. 112) a organización despois da restauración de 1999-2000 [Maria Ana Ramos, "O Cancioneiro ideal de D. Carolina" (2004, vid. *BILEGA* 12986), p. 28].

1031 (R/05). Brea, Mercedes: "Las anotaciones de Angelo Colocci en el Cancionero de la Biblioteca Vaticana", *RFR*, 14/1 [= *Memoria-Homenaje a Pedro Peira Soberón*], 1997:515-520. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista de Filología Románica, 1983-2001 (nº 1 al 18)*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2003, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/0212999x/articulos/RFRM9797120515A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda as anotacións lingüísticas que Angelo Colocci (1474-1549) fixo no ms. do *CV* (V) [códice 4803]. Estas son menos numerosas que as existentes no *CBN* (B) [códice 10991] (de feito, só se rexistran seis casos) e nelas Colocci presta atención a aquelas construcións que se asemellan a construcións petrarquianas, o cal leva á autora a concluír que "parece lícito deducir que Colocci utilizó B para un estudio más atento de los textos gallego-portugueses, pero que no por ello dejó de hacer su personal revisión de la otra copia (V), quizás con una lectura apresurada, pero suficiente para destacar algunas expresiones que le interesaban de manera particular en su búsqueda de un conocimiento profundo de la lengua poética medieval, estableciendo los evidentes paralelismos entre la lírica provenzal, la gallego-portuguesa y la italiana" (p. 519). As anotacións refírense ás seguintes voces ou construcións: *per mio mal vidi*, m*al senno*, *pago*, *per quanto io veggio*, *allungo andar*, *in multo andando* (na mesma anotación que a anterior) e, finalmente, *cadahuna*.

1032 (N/04). Cunha, Celso Ferreira da: "A contribuição de Lindley Cintra aos estudos scriptológicos", en Celso Cunha, *Sob a pele das palavras: Dispersos*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira / Academia Brasileira de Letras, 2004:361-370.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 4. M

Texto presentado na homenaxe a Luís Filipe Lindley Cintra (1925-1991), promovida pola Universidade de Lisboa en novembro de 1988. O autor comeza por resumir a historia do termo técnico *scripta*, obxecto de estudo da disciplina lingüístico-filolóxica coñecida como *escriptoloxía*, e os principios metodolóxicos fundamentais para unha análise escriptolóxica a partir das formulacións de Carl Theodor Gossen (*Französiche Skriptastudien*, Wien, Hermann Böhlaus Nachf, 1967) e do seu discípulo Hans Goebl (*Die normandische Urkundensprache*, Wien, Hermann Böhlaus Nachf, 1970). Con esta introdución intenta subliñar o carácter pioneiro da contribución de Cintra á escriptoloxía galego-portuguesa, que pasa logo a avaliar a través da análise das conclusións ás que chega no seu traballo *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo [...]* (1959, vid. *BILEGA* 2657), xunto coas críticas que lle dirixiu Maurice Molho, que o levaron a reexaminar as súas bases e a engadir novos argumentos na comunicación "Langue parlée et traditions écrites au moyen-âge (Péninsule Ibérique)" (1979, vid. *BILEGA* 9730). O eminente filólogo brasileiro móstrase de acordo coas propostas interpretativas de Cintra.

1033 (R/04, R/05). Cunha, Celso Ferreira da: "Uma carta de Joaquim de Vasconcellos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*", *BmF*, XXVIII/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, I], 1983:317-327. | [Reed.]: "Uma carta de Joaquim de Vasconcelos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*", en Celso Cunha, *Sob a pele das palavras: Dispersos*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira / Academia Brasileira de Letras, 2004:57-65. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/28/boletim28.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Preséntase o códice manuscrito número 3.419 da Bibliothèque Sainte-Geneviève de París, que contén documentos autógrafos e apógrafos pertencentes ao acervo de Ferdinand Denis. Entre eles atópase unha carta datada o 12-V-1878 na que Joaquim de Vasconcelos fornece ao lusófilo francés información sobre a edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda* (1904, vid. *BILEGA* 75) que a súa muller, Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1851-1925), tiña case rematada. Esta carta é importante porque describe 16 miniaturas do códice, especialmente no que se refire aos instrumentos musicais nel representados e porque ofrece unha proba escrita do estado en que se encontraba naquela data a edición do texto que preparaba a filóloga alemá-portuguesa.

1034-1 (R/04). Malkiel, Yakov: "Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1851-1925)", *RPh*, XLVII/1, 1993:1-32. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 01/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 4. M

Excelente estudo historiográfico sobre a contribucion da gran filóloga alemá-portuguesa á filoloxía románica.

1034-2 (N/05). Mattos e Silva, Rosa Virgínia: "Desenvolvimentos recentes no Brasil dos estudos histórico-diacrônicos sobre o português", en Ana Maria Stahl Zilles (org.), *Estudos de variação lingüística no Brasil e no Cone Sul*, Porto Alegre, Editora da UFRGS, 2005:39-53.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 4. M

Ofrece unha panorámica xeral dos enfoques e liñas de investigación en curso no Brasil no campo dos estudos histórico-diacrónicos relativos ao portugués. Tamén identifica os factores que explican a notable recuperación que experimentou este eido da lingüística brasileira desde a década de 1980. Canto ao período do galego-portugués medieval, faise referencia á orientación descritivo-interpretativa que se practica na Universidade Federal da Bahia, dentro do proxecto *PROHPOR: Programa para a história da língua portuguesa*, ás investigacións sobre o acento e o ritmo dentro das teorías métrica e prosódica, dirixidas por Gladis Massini-Cagliari desde a Universidade Estadual Paulista Júlio de Mesquita Fihlo e aos traballos de crítica textual desenvolvidos, sobre todo, na Universidade Federal da Bahia, na Universidade Federal do Rio de Janeiro e na Universidade de São Paulo.

1035 (N/05). Ron Fernández, Xabier: "Carolina Michaëlis e os trobadores representados no *Cancioneiro da Ajuda*", en Mercedes Brea (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005:121-188. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/argamed/carolinaajuda.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes / Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, <http://www.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=28775>, Formato: PDF, [Consulta: 25/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comeza por sinalar que, desde a súa descuberta e presentación en París en 1823, o Cancioneiro da Ajuda foi considerado obra dun único autor debido á uniformidade temática e á estrutura codicolóxica. Co descubrimento do códice V en 1847 houbo mudanzas nesta opinión, aínda que a autoría múltiple non foi aceptada unanimemente. O achado do códice B en 1878 permitiu establecer correspondencias con V e A. A continuación, dá relevo aos estudos de Carolina Michaëlis sobre a identificación dos 33 autores das composicións que conforman o Cancioneiro da Ajuda e ofrece unha análise individualizada de cada un dos trobadores. En cada un dos apartados que dedica a cada trobador comenta diversos aspectos relacionados coa súa biografía, a cronoloxía e a procedencia (baseándose con frecuencia no sobrenome de orixe toponímica). Conclúe que os erros cometidos por Carolina Michaëlis nos aspectos biográficos poden deberse á pretensión de nacionalizar algún autor ou á falta de datos documentais sumada á mala interpretación do apelido. Por último, ofrece un cadro coa cronoloxía dos 33 autores de A, indicando o período de actividade e a data dos documentos que son referenciais. Nun segundo cadro presenta os períodos dos reinados de Castela e León e de Portugal que afectaron ao trobadorismo. Remata cun cadro no que, sinteticamente, ofrece a cronoloxía, os autores e os investigadores do chamado "ciclo da ama".

1036 (N/05). Rubio Tovar, Joaquín: "Carolina Michaëlis o los saberes de la filología", *RFE*, LXXXV/1, 2005:165-173.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS

Repárase en certos datos biobibliográficos da filóloga alemá Carolina Michäelis de Vasconcelos (1851-1925), destacando fundamentalmente a historia da lingua que desenvolveu en *Studien zur romanischen Wortschöpfung* (1876) pola rigorosidade e elaboración dos datos. Tamén escribiu en alemán unha *Geschichte der portuguesischen Literatur*, pero o que máis se valora é a súa ed. crítica en 2 volumes

do *Cancioneiro da Ajuda* (1904, vid. *BILEGA* 75). Destácase, así mesmo, o traballo doutros estudosos sobre este texto e a pertinencia actual da investigación de dona Carolina, reflectida nos varios congresos dedicados a ela. Entre eles, destácase o celebrado en Santiago de Compostela [*O* Cancioneiro da Ajuda*, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004* (2004, vid. *BILEGA* 12985)], en que se presentaron traballos de ecdótica e sobre trobadores, temas e motivos e a propia estudosa alemá. Por último, o autor informa que na Universidade Libre de Berlín se está a desenvolver un proxecto sobre a presenza das mulleres na romanística, en que se inclúe o estudo da obra de Carolina Michäelis (vid información en <http://www.lingrom.fu-berlin.de/frauen-in-der-romanistik/>).

1037 (N/05). Vieira, Yara Frateschi: "Paixão e paciência: Carolina Michaëlis e a filologia", en Mercedes Brea (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005:13-43. | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/argamed/carolinaajuda.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alicante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes / Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, <http://www.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=28775>, Formato: PDF, [Consulta: 25/03/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M

Examina de forma precisa as numerosísimas e relevantes contribucións á filoloxía portuguesa (e galega) de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1851-1925), contextualizando a análise cun repaso previo ás circunstancias biográficas persoais (incluída a formación inicial) e coa descrición das coordenadas socioculturais da época en que viviu (con especial referencia ao desenvolvemento da filoloxía románica en países como Alemaña ou Francia e á institucionalización dos estudos filolóxicos en Portugal).

1038 (N/05). Vieira, Yara Frateschi: "Um rosto germânico para a lírica galego-portuguesa?", en Célia Marques Telles e Risonete Batista Souza (orgs.), *Anais do V Encontro Internacional de Estudos Medievais (2 a 4 de Julho de 2003)*, Salvador, BA, Quarteto, 2005:59-64.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Analízanse desde unha perspectiva histórica e crítica os traballos e as polémicas mantidas pola filóloga alemá-portuguesa Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1851-1925), para comprobar ata que punto amosan características do historicismo xermánico da súa formación previa.

Vid. tamén as entradas 20, 21, 109, 110, 111, 120, 122.

661 Informes sobre proxectos de investigación de lingüística histórica

1039 (R/05). Bello Rivas, María Xesús: "Das Projekt *Gramática Histórica da Lingua Galega*. Erste Ergebnisse", *Galicien Magazin*, 6, 1998:11-14. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-

Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin6.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. MEC

Presentación deste proxecto que se está a desenvolver no Instituto da Lingua Galega (ILG) e no que participa a autora desta nota.

1040 (R/05). Varela Barreiro, Xavier: "Un proxecto do ILG no abalo da *Gramática Histórica da Lingua Galega*", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:649-684. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

O autor presenta o labor desenvolvido no proxecto *Gramática Histórica da Lingua Galega* do ILG. Comeza ofrecendo unha síntese dos estudos de gramática histórica galega realizados antes da creación do ILG no ano 1971. Pasa logo a describir o labor levado a cabo no proxecto, que, malia nacer co obxectivo de elaborar unha gramática histórica, estivo ata agora centrado na construción dun corpus informatizado de textos medievais (*TMILG: Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega [Versión 1.0.4]* [entrada 1112]), necesario para enfrontar cunha base sólida a redacción dunha obra deste tipo. O corpus está formado por textos (literarios, notariais e técnicos) redactados en Galicia e Portugal entre o séc. XIII e o séc. XVI e actualmente pode consultarse en liña (http://ilg.usc.es/tmilg/). Por último, sinala os problemas -nomeadamente, os referentes ás grafías- cos que se tivo que enfrontar o equipo para a codificación dos textos e as solucións que adoptaron; ademais, indica as posibilidades que ofrece o programa informático TACT para facer buscas e a información que permite recuperar (obra, páxina, liña, data, autor, etc.).

▶ 7 PSICOLINGÜÍSTICA E NEUROLINGÜÍSTICA

1041 (N/05). Arratibel, Nekane / Barreña, Andoni / Fernández, Pilar / Pérez Pereira, Miguel: "Comparaciones interlingüísticas euskera-gallego del desarrollo léxico infantil", [Ed. dix.]: María Ángeles Mayor Cinca, Begoña Zubiauz de Pedro e Emiliano Díez-Villoria (eds.), *Estudios sobre la adquisición del lenguaje = Estudios sobre da adquisición da linguaxe = Estudis sobre l'adquisiçió del llenguatge = Hizkuntzaren jabetzeari buruzko ikerketak: IV Congreso Internacional sobre la Adquisición de las Lenguas del Estado*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, 2005:983-997, CD-ROM / Formato: PDF (= *Aquilafuente*; 90).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Comparación dos resultados obtidos con nenos éuscarofalantes e galegofalantes na adquisición do léxico e de certos aspectos do desenvolvemento morfolóxico e gramatical avaliados coas Escalas MacArthur (Communicative Development Inventories: CDI). A recente elaboración destas escalas e a súa adaptación a un número cada vez maior de linguas facilita que se poidan desenvolver traballos de comparación dos resultados en linguas diversas. Deste xeito, empréganse as versións xa estandarizadas e aplicadas ["El diagnóstico del desarrollo comunicativo en la primera infancia: adaptación de las escalas MacArthur al gallego" (2003, vid. *BILEGA* 11911) de Miguel Pérez Pereira e Xosé Ramón García Soto]. Os CDIs avalían o desenvolvemento comunicativo e lingüístico entre os 8 e os 30 meses e, por iso, os datos están referidos a esta etapa inicial, tanto na comprensión como na produción lingüística. A mostra do éuscaro está constituída por 1.161 nenos e nenas (805 entre os 16 e os 30 meses e 356 entre os 8 e os 15 meses); a mostra do galego é de 722 nenos e nenas (491 entre 16 e 30 meses e 231 entre 8 e 15 meses). Tamén se achegan datos sobre outras variables (porcentaxe de nenos e nenas bilingües e nivel de estudos dos pais). Os aspectos analizados foron os seguintes: 1) Comprensión do léxico entre 8 e 15 meses; 2) Produción de léxico entre 8 e 15 meses; 3) Produción de léxico entre 16 e 30 meses; 4) Diferenzas de xénero en comprensión e produción de léxico; 5) Comparación do vocabulario producido por categorías (nomes, verbos e adxectivos) entre 16 e 30 meses; 6) Lonxitude media das emisións máis longas producidas polos nenos; 7) Produción de 9 sufixos regulares entre 16 e 30 meses. Os resultados da investigación ilústranse con táboas para os aspectos analizados (p. 985-993). Na discusión, os autores explican que as diferenzas que amosan no uso das palabras os nenos éuscarofalantes e os galegofalantes poden deberse a diversos factores: 1) A presenza de interxeccións na adaptación dos CDIs ao galego, que non aparecen en éuscaro; o cal pode ter repercusións sobre todo nos primeiros meses; 2) As dificultades fono-articulatorias, xa que como o éuscaro posúe menos palabras monosilábicas ou de estrutura silábica máis sinxela, o desenvolvemento do léxico é máis lento e tardío; 3) O sistema de recollida de datos de cada lingua foi diferente: o do éuscaro fíxose nas garderías e o do galego no ámbito rural, onde os nenos teñen un contacto máis permanente coas nais; 4) A maior proximidade lingüística do galego ao castelán, polo que a estrutura da lingua podería explicar algunhas das diferenzas. Os datos analizados levan os autores a concluír que os CDIs permiten realizar comparacións interlingüísticas interesantes, aínda que é preciso contextualizar e relativizar moitas das diferenzas observadas [L.Z.V.].

1042 (N/05). Outón Oviedo, Paula: "Abordaxe dun caso típico de dislexia-disortografía", *RGEn*, 45, 2005:161-171. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, [2007], <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge45/eduga45/9.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/07/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Descrición da intervención levada a cabo cun escolar disléxico de 2º de Educación Primaria. Realizouse unha avaliación diagnóstica, estudando diferentes aspectos do suxeito (evolutivos, médicos, escolares, psicopedagóxicos, familiares, etc.). Logo, deseñouse e aplicouse unha recuperación axustada ás necesidades educativas detectadas nese estudo inicial; o modelo de recuperación deseñado reflicte un enfoque teórico integrador, equilibrado, sistemático, centrado na lectura e na escritura e aberto ás diversas orientacións teóricas existentes na literatura sobre este trastorno. Con iso pretendeuse emendar as actuacións reducionistas que ao longo da historia se desenvolveron e que hoxe en día aínda seguen a practicar algúns profesionais con escolares disléxicos. Despois dunhas 30 sesións de recuperación, os

resultados obtidos amosan que a intervención produce unha mellora significativa nas áreas de lectura e escritura, comprobándose así a eficacia do programa.

1043 (R/05). Pérez Pereira, Miguel: "Efectos do bilingüismo na adquisición da linguaxe dos nenos pequenos: un estudio con nenos galegos", [Ed. dix.]: en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:305-318, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/02/11.%20Miguel%20Perez%20Pereira.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comeza por amosar o controvertido que segue a ser o tema dos efectos do bilingüismo sobre o desenvolvemento da linguaxe a través dun repaso da bibliografía pertinente. Logo presenta os resultados dunha avaliación da capacidade de comprensión e produción do vocabulario, así como do coñecemento morfolóxico e sintáctico dos nenos e mesmo do uso de formas de comunicación prelingüística polos máis pequenos. A mostra utilizada estaba constituída por 706 nenos e nenas galegos, dos que 431 (61%) vivían nun medio familiar bilingüe castelán-galego e 275 (39%) nun medio monolingüe galego. A proba empregada para avaliar o nivel de desenvolvemento comunicativo e lingüístico foi a versión galega da escala MacArthur ou *Inventario para o Desenvolvemento de Habilidades Comunicativas*, que "presenta moi bós valores de validez, fiabilidade e consistencia interna" (p. 309) e cuxo contido se describe detalladamente. A partir dos datos recollidos, fíxose unha análise comparativa das medias obtidas polo grupo de nenos bilingües e monolingües e cada un dos principais apartados das dúas formas da escala MacArthur (*Palabras e xestos*, destinada a nenos de entre 8-15 meses, e *Palabras e oracións*, destinada a nenos de entre 16-30 meses). Os resultados dos nenos bilingües nos diferentes apartados do inventario *Palabras e xestos* son mellores que os dos monolingües, malia que as diferenzas non cheguen a ser estatisticamente significativas. Polo que atinxe ao inventario *Palabras e oracións*, os nenos bilingües sempre acadan mellores resultados que os monolingües e as diferenzas en apartados como "uso/entendemento da linguaxe" ou "Complexidade das frases" chegan a ser estatisticamente significativas.

Vid. tamén as entradas 52, 225, 590, 594.

▶ 8 DIDÁCTICA DO GALEGO, TRADUCIÓN, INTERPRETACIÓN E DOBRAXE

81 Didáctica do galego: Traballos globais

1044 (R/05). *Common European Framework of Reference for Languages: Learning, Teaching, Assessment*, Cambridge, Cambridge University Press, 2001, 276 p. | [Ed. ingl. en liña n.v.]: Strasbourg, Council of Europe, Council for Cultural Cooperation, Education Committee, Language Policy División, [2004], 260 p., <http://www.coe.int/t/dg4/linguistic/Source/CECR_EN.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/10/2005]. | Versión gal. de Laura María Lojo Rodríguez e Cristina Suárez Gómez / Asesoramento e revisión: María Sol López Martínez, Xulio C. Sousa Fernández e Elvira Fidalgo Francisco / Colaboradores: Manuel Núñez Singala, Bieito Silva Valdivia e Margarita Chamorro Díaz: *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005, 348 p. | [Ed. facs. en liña n.v. da versión gal.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2007], <http://www.cirp.es/pub/docs/ava/MarcoEuropeoComun.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 25/09/2007], | [Ed. facs. en liña n.v. da versión gal.]: [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, [2007], <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Marco_textoI.pdf> [Formato: PDF], [Consulta: 25/09/2007]. | Versión cast.: *Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación*, [Madrid], Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Subdirección General de Cooperación Internacional / Secretaría General Técnica / Grupo Anaya, 2002, XVI + 261 p. | [Ed. facs. en liña n.v. da versión cast.]: [Madrid], Centro Virtual Cervantes, [2007], <http://cvc.cervantes.es/obref/marco/cvc_mer.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 25/09/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O Marco Europeo Común de Referencia "proporciona unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais, etc., en toda Europa. Describe de forma integradora o que teñen que aprender a facer os estudantes de linguas para comunicarse nun novo idioma e os coñecementos e destrezas que teñen que desenvolver para poder actuar de maneira eficaz. A descrición tamén comprende o contexto cultural en que se sitúa a lingua. O Marco europeo común de referencia define, ademais, niveis de dominio da lingua que permiten comprobar o progreso dos alumnos en cada fase de aprendizaxe ao longo da súa vida" (p. 27). A obra estrutúrase en 9 capítulos: 1) "O *Marco europeo común de referencia* no seu contexto político e educativo" (p.27-35), en que se definen os obxectivos e funcións do *Marco* e se establecen os criterios que debe cumprir; 2) "Enfoque adoptado" (p. 37-51), onde se describe a perspectiva que caracteriza o *Marco*, que pretende ser integradora, transparente, coherente e baseada na acción; 3) "Niveis comúns de referencia" (p.53-82), que establece os coñecementos que deben acadarse en cada nivel e os sistemas de avaliación do progreso da aprendizaxe; 4) "O uso da lingua e o usuario ou alumno" (p. 83-154), onde se establecen as categorías necesarias para a descrición do uso da lingua e o usuario ou alumno; 5) "As competencias do usuario

ou alumno" (p.155-190) que clasifica as competencias xerais e comunicativas; 6) "Aprendizaxe e ensino da lingua" (p.191-222), onde se estudan "os procesos de aprendizaxe e ensino das linguas, referidos á relación existente entre a adquisición e a aprendizaxe, e á natureza e o desenvolvemento da competencia plurilingüe, así como ás opcións metodolóxicas de carácter xeral ou específico relativas ás categorías establecidas" (p. 26); 7) "As tarefas e o seu papel no ensino da lingua" (p. 223-236), onde se examina en maior profundidade o papel das tarefas na aprendizaxe e ensino de linguas; 8) "A diversificación lingüística e o currículo" (p. 237-248), que se ocupa "das consecuencias da diversificación lingüística para o deseño curricular e analiza asuntos como os seguintes: o plurilingüismo e o pluriculturalismo; os obxectivos de aprendizaxe diferenciados; os principios do deseño curricular; os escenarios curriculares; a aprendizaxe de idiomas ao longo de toda a vida; a modularidade e as competencias parciais" (p. 26); 9) "A avaliación" (p. 249-273), que "[e]studa os distintos propósitos da avaliación e os correspondentes tipos de avaliación en función da necesidade de reconciliar os criterios enfrontados de globalidade, precisión e viabilidade operativa" (p. 26). A seguir (p. 275-284) ofrécese unha selección bibliográfica de artigos e obras relacionados cos distintos temas desenvolvidos no *Marco*, así como documentos do Consello de Europa e outras institucións relacionados coas linguas. Nos catro anexos finais explícanse os métodos e criterios para establecer as escalas e ofrécese unha visión xeral do modelo, os "descritores para a autoavaliación dunha serie de niveis adaptada polo proxecto *DIALANG* da Comisión Europea para Internet" (p. 26) e os "descritores *É capaz de* nunha serie de niveis elaborada pola Association of Language Tester in Europe (ALTE)" (p. 26). Aínda que na ficha bibliográfica só se ofrecen os datos das versións inglesa, galega e castelá, o texto foi traducido a outras 28 linguas e está en preparación a versión a outras cinco linguas máis. Poden consultarse datos sobre as distintas versións en <http://www.coe.int/T/DG4/Portfolio/?L=E&M=/documents_intro/common_framework.html>.

1045 (N/05). Barca Lozano, Alfonso / Peralbo Uzquiano, Manuel / Brenlla Blanco, Juan Carlos / Porto Rioboo, Ana / Santamaría Canosa, Silvia: "Enfoques de aprendizaje, rendimiento académico y usos lingüísticos (castellano/parlantes vs bilingües) en alumnos de Educación Secundaria Obligatoria: un análisis diferencial", *PSE*, 4, 2005:13-34.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse as posibles diferenzas significativas na utilización dos enfoques de aprendizaxe por parte dos alumnos de 2º e 4º cursos da ESO de Galicia, en función do rendemento académico e o carácter bilingüe ou monolingüe castelán do 912 suxeitos da mostra. Para isto, administróuselles a subescala CEPA, que avalía os enfoques e estratexias de aprendizaxe que o alumno utiliza á hora de enfrontar unha tarefa de estudo e aprendizaxe. Entre os resultados obtidos, saliéntase o predominio dos estilos de aprendizaxe de tipo profundo (significativo, elaborativo, comprensivo e relacional), en maior medida por parte dos alumnos de rendemento académico medio e alto, mentres que os de rendemento académico baixo adoptan estilos de aprendizaxe de tipo superficial (reproductivo e memorístico, centrados nos aspectos concretos e literais das tarefas de aprendizaxe). Canto á utilización do idioma polos suxeitos da mostra, son os alumnos castelán-falantes e bilingües os que adoptan enfoques e estilos de aprendizaxe de tipo profundo e ademais obteñen un rendemento alto, fronte aos grupos de alumnos de rendemento baixo e enfoques de tipo superficial. Entre ambos grupos as diferenzas son significativas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1046 (R/05). Peliquín Pérez, Florentina: "Estratexias didácticas para unha mellora das actitudes lingüísticas", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón

Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:481-488. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir dos decretos de currículo da área de lingua galega, a autora propón unha serie de estratexias didácticas co obxectivo de mellorar as actitudes lingüísticas do alumnado, de favorecer o uso da lingua galega e de potenciar a normalización lingüística.

1047 (N/05). Vila, Ignasi: "Actualidad y perspectivas de la educación bilingüe en el Estado español", en Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, Anxo M. Lorenzo Suárez e Fernando Ramallo (eds.), *Bilingualism and Education: From the Family to the School*, München, Lincom Europa, 2005:339-352 (= *Lincom Studies in Language Acquisition*; 12).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comeza por constatar que "[l]a educación bilingüe es una realidad extensa en el Estado Español. Evidentemente, su extensión es desigual y, de manera general, queda limitada a aquellos territorios en los que existen numerosas personas que tienen como lengua propia una lengua distinta del español o castellano. Igualmente, su extensión en dichos territorios también difiere" (p. 339). Logo reflexiona sobre a actualidade da educación bilingüe e sobre as súas perspectivas a medio prazo, salientando as cuestións que debe abordar e resolver. En primeiro lugar, explica por que, fronte a unha gran maioría dos países de Europa occidental, unha boa parte do territorio español organiza a súa educación de forma bilingüe. Pasa logo a describir os principais modelos de educación bilingüe que existen en España cunha énfase especial nos problemas que suscitan. En terceiro lugar, ofrece unha presentación xeral dos resultados deste tipo de educación e, como remate, subliña os retos de futuro que se deben abordar: coñecemento das linguas en xeral, dominio dunha lingua estranxeira e incorporación ao sistema educativo de alumnos que teñen como propias linguas moi distintas das que se falan en España. | Índice: 1. Introducción | 2. El marco legal de la educación bilingüe: la Constitución española y la organización autonómica del Estado | 3. Los modelos de educación bilingüe | 3.1. Modelos de mantenimiento de la lengua familiar | 3.2. Modelos de inmersión lingüística | 4. Resultados escolares | 5. Perspectivas de futuro | 5.1. La mejora de las competencias lingüísticas del alumnado | 5.2. La incorporación y la enseñanza de la lengua extranjera | 5.2.1. La enseñanza de la lengua extranjera en un contexto bilingüe | 5.3. La escolarización de la infancia y la adolescencia extranjeras | 5.3.1. Lengua propia y educación bilingüe.

Vid. tamén a entrada 649.

812 Didáctica do galego: Materiais didácticos

1048 (N/04). Domínguez Pena, Cristina: *Técnicas de expresión oral: O uso expresivo da voz*, Vigo, Galaxia, 2004, 73 p., il. (= *Biblioteca de Teatro. Breviarios*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Manual que propón como traballar a voz e a súa expresión desde a unidade corpo-voz. Vai dirixido ás persoas que utilicen a voz como instrumento profesional. Nunha primeira parte explícase o mecanismo da creación da voz desde o punto de vista teórico, con nocións elementais, mais necesarias para comprender o proceso de aprendizaxe. Na segunda parte, explícase a práctica do adestramento da voz, por medio de exercicios en que se describe a colocación do corpo e a emisión dun xeito dinámico. A parte dedicada á expresión da palabra céntrase en respostar ás dificultades con que se pode un atopar á hora de se enfrontar a un texto. Contén exercicios prácticos explicados con detalle e mediante ilustracións. No capítulo central ("A emisión", p. 27-52), comézase ofrecendo unha breve achega ás características principais da voz, para logo adentrarse na análise dos órganos da fala. A seguir, dedícase unha epígrafe á articulación dos fonemas vocálicos e consonánticos do galego, dando unha explicación de cada un que axuda á correcta colocación dos órganos fonatorios para unha óptima pronuncia.

1049 (N/05). Fidalgo Francisco, Elvira / Muíña, Milagros: *Cantigas de Santa María: Proposta de explotación didáctica*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], 325 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Escolma de 40 cantigas (34 de milagre e 3 de loor) das *Cantigas de Santa María*, adaptándoas á lingua actual co fin de lles favorecer a súa compresión aos escolares de niveis básicos, mais "conservando a rudeza dunha lingua medieval, moi forzada a nivel sintáctico porque ten que respectar a dificilísima sintaxe alfonsina" (p. 12). Para cada unha inclúense notas aclaratorias co fin de explicar, entre outros aspectos, o significado de certos vocábulos e expresións como, por exemplo, *afan, prez, bo parecer, saber dereito, doncel, contenda, algaras, vagoroso, coidados*.

Recs.: Lydia Fontoira, *Grial*, XLIV/171, 2006:96-98 [97-98].

1050 (N/05). García Ares, Maricarme / Martínez Mayo, Concepción / Mayo Redondo, Susana: *Formación de adultos en lingua galega: Instruccións para o profesorado*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2005], 112 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Manual cuxo obxectivo é "reflexionar sobre a oferta actual [dos cursos de lingua e linguaxe administrativa] e establecer unhas pautas de reforma en consoancia cos obxectivos do plan de mellora da formación de adultos en lingua galega que está desenvolvendo a Dirección Xeral de Política Lingüística" (p. 7-8). As autoras, que conforman o Seminario Permamente de Linguaxe Administrativa, sinalan que "[o]s obxectivos, os destinatarios e as necesidades de formación en lingua galega que demanda a sociedade actual son totalmente diferentes aos formulados cando se estruturaron os cursos de iniciación e perfeccionamento. Unha análise detallada da situación suxire que, superada esta etapa, cómpre unha revisión conceptual e programática da formación de adultos en lingua galega. Este proceso de modernización necesario abórdase desde dúas claves: a reestruturación do proceso de todo o sistema e a adecuación da oferta formativa ás necesidades e expectativas dos alumnos actuais ou potenciais" (p. 7). O volume aparece estruturado en catro apartados básicos: 1) Plan de mellora, que desenvolve

unha análise previa e unha exposición das liñas de cambio; 2) Módulos, onde se tratan individualmente os obxectivos, o desenvolvemento ao longo do proceso de formación e as indicacións de traballo de cada módulo; 3) Programación, que trata por separado cada un dos cursos de formación xunto cos seus obxectivos, criterios de avaliación, recursos e prácticas; 4) Organización, onde se recollen as normas de funcionamento e os documentos que conforman o expediente de cada curso.

1051 (N/05). Hermida Borrajo, Xosé Avelino (dir. e red.) / Pena Romay, Xosé Antonio (red.) / López Martínez, María Cruz (red.) / Pampín Otero, María (red.) / Rodríguez, Susana (red.) / Campos, Inmaculada (red.): *Pequeno dicionario século 21 castelán/galego, galego/castelán*, [Vigo], Galaxia / Edicións do Cumio, 2005, 1246 p. | 2ª ed., 2006, 1246 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Constituído por 40.000 entradas con 200.000 acepcións. Cada entrada inclúe información gramatical e as diferentes acepcións acompañadas, en ocasións, de sinónimos e antónimos, exemplos e observacións. En menor medida, incorpora fraseoloxía e locucións. Contén léxico científico, culto e patrimonial. A obra está adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003.

1052 (N/05). López Martínez, María Cruz (dir. e red.) / Pampín Otero, María do Carme / Ferreiro Rodríguez, María Isabel / Hermida Borrajo, Xosé Avelino / Pena Romay, Xosé Antonio / González Carballás, María Lucía: *Dicionario século 21 da lingua galega: Primaria*, [Vigo], Galaxia / Edicións do Cumio, 2005, 782 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Constituído por 20.000 entradas con 70.000 acepcións. Na microestrutura de cada entrada inclúese información gramatical e as distintas acepcións acompañadas de exemplos, sinónimos e antónimos, cunha presentación e redacción adecuadas ao nivel escolar para o que está concibida a obra. A obra está adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003.

1053 (N/05). Pena Romay, Xosé Antonio (dir. e red.) / López Martínez, María Cruz (red.) / Hermida Borrajo, Xosé Avelino (red.) / Pampín Otero, María do Carme (red.): *Dicionario século 21 da lingua galega: Secundaria. Bacharelato*, [Vigo], Galaxia / Edicións do Cumio, 2005, 1150 p. | 2ª ed., 2007, 1150 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Constituído por 35.000 entradas con 100.000 acepcións e deseñado para cubrir as necesidades específicas dos alumnos de educación secundaria e bacharelato. Na microestrutura de cada entrada inclúese información gramatical e as distintas acepcións acompañadas de exemplos, sinónimos e antónimos, etimoloxías, frases e locucións, desviacións normativas, falsas entradas. Recolle léxico patrimonial e culto. A obra está adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003.

Vid. tamén a entrada 305.

813 Propostas didácticas e experiencias pedagóxicas

1054 (R/05). Castro Soliño, Dorinda / Gullón González, Rosa: "Didáctica da lingua nos medios de comunicación", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:433-441. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

As autoras estudan a presenza en prensa de programas ou publicacións destinados ao ensino da lingua galega, tendo en conta que os seus destinatarios son moitos e moi heteroxéneos. Sinálanse, entre outros, as publicacións de cursos de lingua galega en distintos xornais, como *El Ideal Gallego*, a publicación en *La Voz de Galicia* das *Normas ortográficas do idioma galego: Texto íntegro, guía e comentarios* (1980, vid. *BILEGA* 1750) xunto con artigos destinados á súa explicación, a emisión de cursos de galego en distintas emisoras de radio e os programas da TVG *¿Imos aló?* e *Cousas da lingua*.

1055 (R/05). Fernández Rei, Elisa: "O ensino da fonética galega a castelánfalantes: problemas e métodos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:443-452. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise dos problemas existentes para a adquisición da fonética galega por parte de castelanfalantes. Descríbense as principais diferenzas fonéticas entre ambas as dúas linguas e logo sinálase a precariedade dos materiais destinados á adquisición da fonética da lingua galega, uns materiais que deberían estar enfocados, por unha banda, á "aprendizaxe da pronuncia correcta dos sons" e, por outra, á "aprendizaxe da entoación" (p. 451).

1056 (R/05). García Piqueras, Isabel: "Adquisición y recepción de la lengua gallega: Una perspectiva castellano-hablante", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:467-474. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise dos problemas aos que se enfrontan os castelán-falantes á hora de aprenderen galego, problemas que poden ser de tipo sociocultural ou lingüísticos. Estes últimos son consecuencia, segundo a autora, das variantes dialectais no ámbito da morfoloxía, polo cal "reacciona con incertidumbre cuando los esquemas gramaticales se alteran o varían *incumpliendo* las normas" (p. 472).

1057 (R/05). Peliquín Pérez, Florentina / Pérez Recarey, Celestino / Rodeiro Barros, Mercedes: "O lecer e a lingua oral: Unha proposta creativa para a Educación Secundaria Obrigatoria", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:489-501. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Proposta didáctica destinada a alumnos da ESO que ten como obxectivo a práctica da lingua oral a través dun tema interesante para o alumnado como é o lecer. Indícase o material con que se traballa e a súa organización, os obxectivos, os contidos, as orientacións metodolóxicas e avaliativas e o desenvolvemento da actividade.

1058 (R/05). Zamora Rodríguez, Elisa Teresa: "Posibilidades de uso do ordenador como recurso ou apoio na aprendizaxe da lingua galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:513-518. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das posibilidades que ofrece a informática como recurso didáctico para o ensino / aprendizaxe da lingua galega. Sinala a importancia da asistencia por medio do ordenador, das bases de datos que poden incluír moita e moi variada información, da tecnoloxía multimedia coa creación de programas interactivos ou das redes telemáticas.

Vid. tamén as entradas 107, 302, 303, 304.

814 Outros traballos de didáctica da lingua

1059 (R/05). Fraga Celeiro, Xoán Carlos: "Os cursos de lingua para adultos: ¿Unha experiencia caduca?", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela,*

16-20 de setembro de 1996), II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:453-466. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor defende a utilidade dos cursos de lingua galega para adultos, se ben propón o emprego dun modelo pragmático de ensino que ofrece mellores resultados que o tradicional. Presenta unha programación dos distintos niveis dividida en tres partes: *Lingua oral*, *Lingua escrita* e *Lectura* e inclúe unha serie de actividades para lograr que o alumnado ao final do curso sexa quen de comprender e elaborar textos en galego. Critica, así mesmo, a avaliación por medio dunha proba escrita final baseada en encher ocos e propón unha valoración continuada por medio de distintas probas que permitan comprobar o nivel de comprensión e de elaboración de textos por parte do alumnado.

1060 (N/05). Fuentes Abeledo, Eduardo José / González Sanmamed, Mercedes / Iglesias Amorín, Fernando / Santos González, María del Carmen / Veiga Río, Emilio J.: "A formación recibida para ensinar en galego: valoración do profesorado", *Innovación Educativa*, 15, 2005:179-197.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presenta os resultados dun estudo realizado para coñecer a valoración dos docentes de Infantil e Primaria de Galicia sobre a formación que se lles ten ofertado en lingua e cultura galegas. A investigación levouse a cabo a través dun cuestionario en que se lles pedía a opinión sobre diversos aspectos organizativos da formación en galego (institucións organizadoras, axentes de formación, avaliación realizada, etc.), así como do que aprenderon a través dos contidos desenvolvidos. Os datos amosan que na década de 1990 a metade do profesorado realizou de 1 a 5 actividades de formación; un 75% das mesmas estiveron subvencionadas e, na súa maioría, foron desenvolvidas fóra do horario de dedicación ao centro. A avaliación desas actividades foi, en xeral, moi positiva, sobre todo polo feito de que "motivaron unha actitude positiva cara ó ensino, sensibilizando ó profesorado sobre a situación lingüística galega e contribuíndo a súa formación didáctica para ensinar en galego" (p. 196). Entre os aspectos menos traballados nestas actividades de formación, destacan os seguintes: programas de inmersión lingüística, estratexias para introducir a segunda lingua, lingüística textual e análise do discurso, modelos de ensino bilingüe, linguaxe técnica e científica da área específica, elaboración de material didáctico para o ensino en galego e planificación da normalización lingüística a nivel de centro.

1061 (R/05). Mejía Ruiz, Carmen: "O ensino do galego en Madrid", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:475-480. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descrición da situación dos estudos de Lingua e Literatura galegas na Universidade Complutense e na Escola Oficial de Idiomas de Madrid. En canto á Universidade Complutense, indícase cal é a presenza dos estudos de galego nas distintas licenciaturas e nos distintos cursos de doutoramento. Así mesmo, sinálanse as opinións do alumnado das dúas institucións sobre a lingua e a cultura galega.

Vid. tamén a entrada 591.

82 A tradución: Estudos xerais

1062 (R/05). Arias, Valentín: "Galiziako Itzultzaile Elkartea [= Asociación de Tradutores Galegos]", *Senez*, 5, 1985:?. | [Ed. en liña n.v.]: Donostia, Euskal Itzultzaile, Zuzentzaile eta Interpreteen Elkartea = Asociación de Traductores, Correctores e Intépretes de Lengua Vasca, 2005, <http://www.eizie.org/Argitalpenak/Senez/19860101/arias>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/08/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

1063 (N/05). Diaz Fouces, Oscar: "Políticas de traducción en Cataluña y Galicia", [Ed. en liña n.v.]: en *Cinquième Colloque sur la traduction, la terminologie et l'interprétation à Cuba et au Canada (Décembre 2004)*, Ottawa, Ontario, Conseil des Traducteurs, Terminologues et Interprétes, [2005], 10 p., <http://www.cttic.org/ACTI/2004/papers/Oscar_Diaz_Fouces_Politicas_en_Cataluna_y_Galicia.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 19/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comeza por definir o que entende por *política pública*, *políticas lingüísticas* e *planificación lingüística* para, a seguir, introducir a nova etiqueta de *planificación da mediación lingüística*, referida á xestión das actividades de mediación lingüística e cultural e que se diferenciaría das *políticas de tradución* (públicas) e do *activismo lingüístico* (privado). Noutra epígrafe ("Cataluña y Galicia, dos ejemplos"), ilustra cos casos galego e catalán a viabilidade dos conceptos anteriormente presentados para dar conta da análise de políticas de tradución a partir das súas dimensións explícitas. Nunha análise comparativa entre Galicia e Cataluña, sinala a falta de atención institucional á xestión da mediación lingüística, malia contar con Direccións Xerais de Política Lingüística e institucións de carácter académico. Denuncia a desatención que amosa a Lei de normalización lingüística do galego [Lei 3/1983, do 15 de xuño (DOG do 14/07/1983)] cara á tradución e os tradutores, mentres que a catalá si atende a este sector. Numera moitas iniciativas parciais que representarían síntomas de actuacións públicas de xestión da mediación lingüística, se ben bota de menos unha estratexia definida e que, no caso do galego, se afaste da hiperestimulación da tradución do castelán, que "delata una visión subsidiaria del propio código, que parece no querer destinarlo a competir con la lengua dominante en todos los ámbitos" (p. 9).

1064 (N/05). Diaz Fouces, Oscar: "Translation Policy for Minority Languages in the European Union: Globalisation and Resistance", en Albert Blanchadell e Lovell Margaret West (eds.), *Less Translated Languages*, Amsterdam / Philadelphia, PA, John Benjamins, 2005:95-104 (= *Benjamins Translation Library*; 58).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor defende a idea de que as linguas minorizadas europeas -entre as que se conta o galego- necesitan dunha política de fortes investimentos en tradución para gañaren espazo e prestixio no mundo globalizado actual [T.A.G.]. | Índice: 1. Introduction | 2. Linguistic inequality and Linguistic mediation | 3. Translating policy for minorised languages | 3.1. Homogeneity criterion: Social cohesion and linguistic cohesion | 3.2. Autonomy criterion: Competition and distinction | 3.3. Prestige criterion; Awareness and pride | 4. Comments and conclusions.

Vid. tamén a entrada 832.

821 A tradución: Estudos específicos

1065 (N/05). Kabatek, Johannes: "Jenseits der Sprachgeschichte: erste Kreationen Galicischer Prosa im 19. Jahrhundert", *Galicien Magazin*, 16, 2005:23-28. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin16.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo dos primeiros textos galegos en prosa do séc. XIX, centrado concretamente nas traducións a esta lingua do *Evanxeo de San Mateo* e da *Bula ineffabilis*, realizadas por Vicente de Turnes en 1860 por encargo de Louis Lucien Bonaparte. O tradutor, ao non existir nese momento unha normativa máis ou menos fixa, atopouse con numerosos problemas, o cal explica a inclusión de numerosos castelanismos, o mesmo que acontece coa tradución que se fai desta obra ao asturiano. O autor do artigo fai unha análise comparativa das dúas traducións, sinalando que poderían ter sido moi importantes no proceso de normalización lingüística, mais non chegaron a coñecerse abondo.

1066-1 (R/04). Peres Rodrigues, José Henrique: "Especificidades do galego-português como língua-alvo da traduçom na Galiza", en José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, I. *A obra de Ricardo Carvalho Calero. Lingüística*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago, 2000:759-769 (= *Homenaxes*). | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Páxina persoal do autor, [2004], <http://webs.uvigo.es/h06/weba573/persoal/henr/trab12.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/10/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego de Tradução, 17-II-2006, <http://193.147.82.95/download.asp?dl=82>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/10/2007].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Para o autor, os problemas relacionados coa tradución ao galego na actualidade xiran ao redor do seu carácter de lingua minorizada (e, ademais, con varios estándares posibles activos).

1066-2 (R/05). Ruiz Lamas, Fernando C. / Calvo Silvosa, Anxo Ramón / Piñeiro Sánchez, Carlos: "XBRL: unha proposta de tradución ao galego da taxonomía IAS-PFS", *RGEc*, 13/1-2, 2004:237-274. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, [2005], <http://www.usc.es/econo/RGE/Vol13_1_2/Galego/art13g.pdf>, Formato PDF, [Consulta:

31/01/2006]. | [Versión cast. en liña n.v.]: "XBRL: una propuesta de traducción al gallego de la taxonomía IAS-PFS", Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, [2005], <http://www.usc.es/econo/RGE/Vol13_1_2/Castelan/art13c.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 31/01/2006]. | [Versión cast. en liña n.v.]: [s.l.], Universidad Autónoma del Estado de México, Red de Revistas Científicas de América Latina, el Caribe, España y Portugal, [2006], <http://redalyc.uaemex.mx/redalyc/pdf/391/39113213.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 05/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A extensión da Internet como medio para a comunicación de información financeira impón a necesidade dun mínimo de normalización na súa presentación, como aconteceu coa presentación en papel. A todo isto engádeselle o achármonos nunha fase de harmonización das normas contables empregadas nos diferentes países. Tal normalización debe abranguer a linguaxe utilizada nas diferentes fases de captación, procesamento e transmisión dos datos; de aí que surxise unha proposta de linguaxe estandarizada como XBRL (*eXtensible Business Reporting Language*) e que o *International Accounting Standards Board* (IASB) desenvolvese unha taxonomía coas etiquetas necesarias para definir as diferentes epígrafes dos estados financeiros obrigatorios. A posibilidade de examinar automaticamente as devanditas epígrafes en diferentes linguas require a existencia de traducións que os identifiquen correcta e univocamente en calquera idioma. Así, a *Asociación Española de Contabilidad y Administración de Empresas* (AECA) elaborou a tradución ao castelán da citada taxonomía e neste traballo preséntase unha proposta de tradución ao galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén a entrada 262.

8211 A tradución de textos literarios

1067 (N/05). Almazán, Eva: "Entre os *best-sellers* e as *belles-lettres*. Tradución e prestixio no sistema literario galego", *Grial*, XLIII/167, 2005:46-49.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza a polémica sobre qué traducir ao galego: obras de valor literario (*belles-lettres*) ou obras de gran tiraxe comercial (*best-sellers*). Sinálanse os argumentos a favor e en contra de cada unha das posturas.

1068 (N/05). Álvarez Lugrís, Alberto / Moscoso Mato, Eduardo: "Galicia, Irlanda e o *Leabhar Gabhala*. O mito celta no proceso de construción da identidade nacional galega", en María Dolores Gómez Penas (coord.) et al., *A identidade galega e irlandesa a través dos textos = Galician and Irish Identity trough Texts*, [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, 2005:55-131.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Capítulo que estuda o valor das traducións no período histórico da Xeración Nós, pois no programa pedagóxico da mesma "as traducións ocupan un lugar destacado non tanto polo seu número [...] como polas súas repercusións no panorama cultural e pola especial concepción que se tiña naquel momento da tradución" (p. 61), de xeito que se facían "para recuperar a identidade [...], non para crear literatura, senón para crear conciencia" (ibid). Destácase o fito que supuxo a aparición da tradución galega duns

fragmentos do *Ulysses* de James Joyce na revista *Nós* (1926), realizada por Ramón Otero Pedrayo (1888-1976). Lingüisticamente, o que lles interesaba era fornecer a lingua de vocabulario, polo que levaron a cabo unha grande depuración léxica e a creación de neoloxismos, moitas veces guiados pola premisa diferencialista (por exemplo: *rubir* por *subir*, *ceibe* por *libre*, *procurar* por *buscar*, *ollar* por *mirar*, *falla* por *falta*) ou hiperenxebrista (*adourar*, *ambente*, *brilo*, *montana*, *península*). Tamén se fala do labor tradutor de Vicente Risco (1884-1963), sempre "motivad[o] e dirixid[o] por uns idearios que poderiamos cualificar como *políticos*" (p. 63), centrándose na análise da súa tradución de *Lebor Gabála: The Book of the Conquests of Ireland: The Recension of Micheál O'Cléirigh* (Dublín, Hodges, Figgis and Company, 1916) de R. A. Stewart Macalister e John MacNeill, publicada en *Nós* en catro entregas ao longo de 1931 baixo o título de "A historia d'El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o Leabhar Gabhala". Os autores dan conta das características máis salientables da obra, para logo centrarse nos diversos erros de lectura e interpretación que achan o texto traducido (p. 83-92) e mais nos principais trazos gráficos, fonéticos, morfolóxicos e léxicos do mesmo (p. 93-103). O capítulo complétase cunha escolma de pasaxes do texto inglés (p. 103-114) e do texto galego (p. 114-127).

1069 (R/05). Araujo Cardalda, Laureano: "A traducción literaria en Galicia: algunhas reflexións e unha experiencia persoal", *Galicien Magazin*, 14, 2003:12-18. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin14.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reivindicación do estatuto do tradutor, moi maltratado en Galicia. Sinálase a necesidade de informar nas introducións aos libros sobre a lectura feita polo tradutor para unha mellor comprensión do seu labor. Dende a teoría dos polisistemas (promovida por Itamar Even-Zohar e Gideon Toury) considérase que o tradutor é un manipulador literario que realiza un proceso de comunicación en constante tensión entre dous sistemas diferentes, o que leva ao autor a interrogarse sobre a concepción clásica das traducións como obras inferiores e sobre a esixencia de invisibilidade do tradutor (ocultación das diferenzas co texto orixe), que conleva a explotación e marxinación deste. Deseguido céntrase no caso galego para denunciar a falta dunha política pública que dá lugar a unha literatura traducida con posición insignificante e periférica no sistema. Sostén que os motivos das traducións hoxe en día son de rendibilidade económica para a editorial, pracer persoal, proxección social, posición ética ou política do tradutor, etc. e salienta a desigualdade entre os sistemas galego e castelán e a presión que este exerce sobre a tradución galega. Remata a análise cunha exemplificación, mediante o parágrafo final de diferentes traducións de *A morte en Venecia* (entre elas a do autor), dos problemas concretos con que se pode atopar un tradutor e as súas diferentes solucións.

1070 (N/05). Bar Cendón, Mónica: "Una traducción al gallego de *La piedra angular*", en José Manuel González Herrán, Cristina Patiño Eirín e Ermitas Penas Varela (eds.), *Actas [del] Simposio «Emilia Pardo Bazán: estado de la cuestión» (A Coruña, 2, 3 e 4 de xuño de 2004)*, A Coruña, Casa-Museo Emilia Pardo Bazán / Fundación Caixa Galicia, [2005]:353-358.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A tradutora ao galego de *A pedra angular* (Vigo, Xerais, 2003) de Emilia Pardo Bazán sinala a importancia da tradución desta obra ao galego e os problemas que foron xurdindo na súa elaboración. Defende a escolla de traducir a galego contemporáneo e non á lingua do séc. XIX "porque resultaría terriblemente

artificial e incoherente con la modernidad de la novela de Pardo Bazán" (p. 355). Así mesmo, optou polo emprego de formas comúns ao galego e ao castelán "o las más semejantes para allegarme a la sonoridad que tanto apreciaba Pardo Bazán en su lenguaje literario" (p. 355). Segundo a autora, as obras de Pardo Bazán poderían gañar novas dimensións ao se traduciren ao galego "porque en el gallego actual, se hacen perceptibles matices que Pardo Bazán no pudo observar. Por ejemplo, los diferentes registros lingüísticos y otros aspectos sociológicos que la novelista marcaba al saltar precisamente del castellano al gallego" (p. 357).

1071 (R/04). Bogdanow, Fanni: "The Relationship of the Portuguese and Spanish *Demandas* to the Extant French Manuscripts of the Post-Vulgate *Queste del Saint Graal*", *BHS*, LII/1, 1975:13-32. | [Ed. facs. en liña]: [Ann Arbor, MI], ProQuest, Periodicals Archive Online, 2004, <http://pao.chadwyck.co.uk/marketing.do>, Formatos: TIFF/PDF, [Consulta: 06/06/2008]. | [Ed. facs. en liña]: Birmingham, EBSCOhost Electronic Journals Service, [s.d.], <http://ejournals.ebsco.com/direct.asp?ArticleID=41CF9079A8AF416EA4ED>, Formato: PDF, [Consulta: 14/02/2008]. | [Ed. en liña]: London, Informaworld, [s.d.], <http://www.informaworld.com/smpp/ftinterface~content=a749164577~fulltext=713240928>, Formato: HTML, [Consulta: 15/02/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Compáranse a tradución gal.-port. (ms. 2594 da Biblioteca Nacional de Viena) e as traducións castelás (Toledo [1515] e Sevilla [1535]) da *Demanda do Santo Graal* cos textos franceses orixinais, concluíndo que a tradución gal.-port. está máis próxima do orixinal.

1072 (N/05). Bueno Alonso, Jorge Luís: "De Frisia a Fisterra, ou como facer unha tradución aliterativa á lingua galega do poema épico anglosaxón *Beowulf*", *Viceversa*, 11, 2005:77-94. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Descríbense os primeiros pasos para levar a cabo a tradución ao galego do poema épico inglés *Beowulf* (ca. séc. VIII). Reflexiónase sobre a necesidade dunha nova edición do texto a partir do códice *Cotton Vitelius A.XV*, sobre o tipo de tradución que se vai facer e sobre os principais problemas que presenta [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1073 (N/05). Carracedo Fraga, José: "A propósito dunha tradución dos *Carmina Burana*", *Viceversa*, 11, 2005:219-226. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Descríbense os principais problemas e as solucións adoptadas polo autor na tradución ao galego dos *Carmina Burana* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo / Galaxia, 2004). A dificultade do texto radica, basicamente, en dous aspectos: a súa antigüidade, que implica un cambio cultural e un código moi distinto ao actual, e o feito de se tratar de poesía, que supón maior concisión, maior ambigüidade e características formais particulares. O

autor sinala que optou pola fidelidade á mensaxe e ao sentido antes que á forma, se ben mantivo a configuración orixinal de versos e estrofas, así como a rima.

1074 (N/05). Castro Buerger, Iago: "Unha visión sistemática das traducións de Cunqueiro no *Faro de Vigo*", *Viceversa*, 11, 2005:23-49. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza o labor de Álvaro Cunqueiro como tradutor no suplemento cultural *Letras* do *Faro de Vigo* (1964-1980). Cunqueiro traducía directamente do francés, italiano e catalán; no caso do inglés e do alemán, "facilmente tiraba para diante coa axuda dun dicionario" (p. 28-29) e naqueles casos en que descoñecía totalmente a lingua do orixinal recorría a traducións ponte. As traducións manteñen a "idea e a forma do poema orixinal" (p. 29), mais, no caso de non ser posible, "sempre han pesar máis as imaxes, metáforas, ou o ton da lectura primeira" (p. 34). As traducións de Cunqueiro tiñan unha tripla función: 1) expansiva ["poñer a lingua en circulación gañarlle espazos e darlle presenza" (p. 34)]; 2) diversificadora, a través da inclusión de traducións de diferentes autores, diferentes linguas e diferentes estilos; 3) á creación dunha nova poética.

1075 (N/05). Cuquejo Enríquez, María: "A elocuencia do silencio", *Viceversa*, 11, 2005:213-218. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analízase a tradución ao galego da novela de Virginia Woolf, *As ondas* (trad. de María Cuquejo. Vigo, Galaxia, 2004), "unha angueira case de miniaturista" por mor dos "diferentes xogos, planos, discursos paralelos e textos" (p. 218) que amosa. Indícanse os aspectos máis difíciles de traducir e as solucións adoptadas.

1076 (N/05). Dasilva, Xosé Manuel: "*A República dos Soños* de Nélida Piñon, en galego", *Viceversa*, 11, 2005:57-75. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Por unha banda, analiza a difusión da obra da escritora Nélida Piñon en España e, particularmente, en Galicia, e, pola outra, a versión galega da súa obra *A República dos Soños* (trad. de Carmen Torres París e Maria Dolores Torres París, Vigo, Galaxia, 2004) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1077 (N/05). Dobarro Posada, José A.: "Tradución ó galego de *Metamorfoses* de Ovidio", *Viceversa*, 11, 2005:227-238. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O tradutor das *Metamorfoses* de Ovidio (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo / Editorial Galaxia, 2004) expón os criterios empregados na tradución do clásico latino e os problemas que achou na realización do traballo. Sinala que primou os elementos poéticos e expresivos fronte aos sintácticos, se ben en determinados casos a sintaxe formaba parte da expresión poética, co cal cumpría buscar esquemas axeitados; do mesmo xeito, analiza a dificultade á hora de traducir a linguaxe alusiva de símiles e metáforas propia de Ovidio, así como os xogos de palabras.

1078 (N/05). Gómez Penas, María Dolores / Álvarez Lugrís, Alberto / Fraga Fuentes, Amelia / MacCarthy, Anne Christie / Moscoso Mato, Eduardo: "En torno a la identidad gallega e irlandesa: aproximación lingüística y literaria", en José Manuel Estévez-Saa e Mercedes Arriaga Flórez (eds.), *Cultura y literatura popular = Popular Culture and Popular Literature: Manifestaciones y aproximaciones en (con)textos irlandeses*, Sevilla, ArCiBel, 2005:53-64 (= *Estudios Culturales y Semiótica*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo derivado do proxecto de investigación *Estudio lingüístico, literario y cultural de dos comunidades del occidente atlántico: Galicia e Irlanda*, desenvolvido por varios profesores das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo. Estuda a tradución ao galego dos caps. XI a XIII do *Leabhar Gabhala (= Libro das conquistas de Irlanda]* (texto medieval gaélico recollido por Micheál ó Cléirigh), realizada por Vicente Risco e publicada en 1931 nos núms. 86, 88, 92 e 95 da revista *Nós*. En opinión dos autores, esta tradución caracterízase por "su literalidad e incorrección, tanto en la lectura e interpretación del original como en su redacción en gallego" (p. 55). A xustificación hai que buscala na función que Risco lle atribúe ás traducións, pois "no creía en la traducción más que como medio para acceder a otros textos escritos en lenguas extranjeras, no como un fin en sí misma. Risco [...] creía que lo que el momento cultural y político gallego demandaba no eran traducciones de otras culturas, sino que la cultura gallega fuese conocida fuera de Galicia: galleguizar a los extranjeros en su propia casa y no en la nuestra [...]. Esto está en consonancia con el objetivo político de que se reconociese internacionalmente la personalidad histórica de Galicia y su derecho a la independencia. Conforme a estas ideas, la traducción no es, en este caso concreto, más que un medio para darles a conocer a los lectores gallegos un instrumento de reflexión intelectual: es una herramienta que permite emplear otra herramienta (el propio texto original) necesaria para la reflexión política" (p. 55-56). Mais tamén cren ver unha razón de tipo lingüístico: a falta dun referente culto do galego.

1079 (R/05). González Fernández, Antonio: "A traducción ao galego do *Gregorio* de Hartmann von Aue", *Galicien Magazin*, 14, 2003:10-11. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin14.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Sobre a tradución ao galego da obra alemá de Hartmann von Aue, *Gregorio* (Vigo, Galaxia, 2002), datada no séc. XIII. O tradutor explica brevemente os motivos polos que se optou por unha tradución a prosa, fronte ao verso orixinario, e os problemas léxicos e estilísticos cos que se atopou.

1080 (N/05). Gutiérrez Izquierdo, Ramón: "Sobre a tradución da poesía lírica. Os sonetos de Shakespeare. Música e sentido: o soneto CXXVIII", *Viceversa*, 11, 2005:195-212. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza as dificultades da tradución de textos líricos, centrándose no soneto CXXVIII de William Shakespeare. Segundo o autor, cómpre manter o sentido, o ritmo e combinar a lectura horizontal coa vertical. Analiza as traducións que do terceiro cuarteto do soneto I de Shakespeare se fixeron ao portugués e ao castelán e propón unha tradución do mesmo ao galego, en que se procura "ser fiel aos principios de lectura vertical, horizontal e musical" (p. 202). A seguir, céntrase no soneto CXXVIII que traduce ao galego xustificando as escollas feitas.

1081 (R/05). Lorenzo Modia, María Jesús / Míguez Ben, Manuel / Sacido Romero, Jorge / Lojo Rodríguez, Laura María / Rodríguez Rodríguez, Beatriz: "Aproximación a la evaluación de la traducción en diferentes lenguas romances: *Time Passes* y un fragmento de *Ulysses*", en Jesús Varela Zapata, J. M. Oro e JoDee Anderson (eds.), *Lengua y sociedad: Lingüística aplicada en la era global y multicultural*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2004:419-438. | [Ed. dix.]: en J. M. Oro, Jesús Varela Zapata e JoDee Anderson (eds.), *La Enseñanza de las Lenguas en una Europa Multicultural: XXI Congreso [de la] Asociación Española de Lingüística Aplicada*, [Santiago de Compostela], Universidad de Santiago, [2005]:744-763, CD-ROM / Formato: PDF (= *Cursos e congresos*; 146).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analizan a tradución ao castelán e ao galego de dous textos literarios ingleses contemporáneos, tratando de amosar o distinto nivel de evolución das linguas meta no momento en que se levaron a cabo, así como a función de normalización cultural e lingüística que as traducións teñen nos territorios en que se falan linguas que durante moito tempo careceron do estatus de oficialidade. O traballo ten dous obxectivos: 1) ofrecer unha hipótese verbo da autoría da recentemente descuberta tradución ao castelán da sección central ("Time Passes") da novela *To the Lighthouse* (1929) de Virginia Woolf, publicada na *Revista de Occidente* en 1931 e considerada como a primeira tradución desta autora ao castelán na Península Ibérica; 2) avaliar a tradución ao galego duns fragmentos do *Ulysses* (1922) de James Joyce, realizada por Ramón Otero Pedrayo e publicada na revista *Nós* en 1926.

1082 (N/05). Malingret, Laurence: "Algunhas reflexións sobre as traducións literarias do galego ó francés", *Viceversa*, 11, 2005:119-128. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reprodución da conferencia pronunciada en *En voz allea: V Simposio Galego de Tradución*, celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo os días 24 e 25 de febreiro de 2005. Ofrece un breve repaso histórico da tradución de obras literarias galegas ao francés, que chega "ligada á literatura hispánica" (p. 119). Se ben en moitos casos as traducións ao francés se levaron a cabo desde a tradución castelá e sen facer referencia á lingua orixinal da obra, na actualidade comezan a aparecer notas sobre

a procedencia galega do texto traducido, aínda cando fose verquido ao francés desde a edición castelá. A autora, tras un breve repaso polas obras traducidas, céntrase na novela de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro* (Vigo, Xerais, 1998), contrapoñendo o orixinal coa tradución castelá de Dolores Vilavedra (*El lapiz del carpintero*, Madrid, Alfaguara, 1998) e coa tradución francesa de Ramón Chao e Serge Mestre (*Le crayon du charpentier*, Paris, Gallimard, 2000).

1083 (N/05). McKevitt, Kerry Ann: "Terence MacSwiney e W. B. Yeats: a poesía traducida dos dous nacionalistas literarios en Galicia", en Adolfo Luis Soto Vázquez (ed.), *Insights into Translation*, VII, A Coruña, Universidade da Coruña, 2005:49-60.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Relatorio presentado nas *X Xornadas de Cultura Galega «Mar por medio»*, celebradas en Ribadeo o 10 de agosto de 2002. Examínase o papel outorgado ás traducións nas revistas *A Nosa Terra* (1916-1935) e *Nós* (1920-1935), a razón de que Terence MacSwiney e William B. Yeats fosen traducidos ao galego e como se traduciron algúns dos seus poemas. A tradución cumpría nesas publicacións tres funcións principais: a) establecer e promover o galego como lingua escrita; b) achegar os lectores á literatura doutras culturas, particularmente as europeas; c) ofrecer modelos para crear e desenvolver unha literatura moderna en galego. Ademais disto, os textos máis traducidos foron obras de autores irlandeses porque os autores das Irmandades da Fala e da Xeración Nós atopaban moitos paralelismos entre Galicia e Irlanda (como a suposta herdanza común celta) e apoiaban a causa dos nacionalistas irlandeses, como os poetas MacSwiney e Yeats. Do primeiro analízanse dúas traducións ao galego anónimas: a do poema "Before the Battle" (publicada en *A Nosa Terra* o 5-XI-1920 co título "Aprendamos a morrer") e a dun fragmento do poema "The Music of Freedom" (publicada no nº 8 de *Nós* o 5-XII-1921 co título "A Múseca da Liberdade"). De Yeats analízanse dúas traducións ao galego feitas por Vicente Risco: a do poema "To An Isle in the Water" (publicada sen título no nº 3 de *Nós* o 30-XII-1920) e a dunha estrofa do poema "A Rose Tree" (publicada no nº 26 de *Nós* o 5-IX-1926 co título "Unha roseira"). Para o autor, a divulgación da obra destes poetas tiña como obxectivo "introduci-los símbolos e ideais nacionalistas no imaxinario galego" (p. 58) [T.A.G.].

1084 (N/05). Montero Küpper, Silvia: "O comportamento tradutivo do alemán ó galego na literatura xuvenil e na literatura para adultos", *Galicien Magazin*, 16, 2005:29-236. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin16.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analízanse as traducións de obras literarias feitas desde o alemán para o galego, concluíndo que se observa unha "tendencia xeral a adecuarse ás estruturas do T[texto]O[rixe]" (p. 35) e "unha acumulación de incoherencias e formas castelanizadas [...] indicio da falta de profesionalidade" (p. 36). Engádese, ademais, que en moitos casos se percibe unha incompetencia lingüística tanto na lingua orixe como na lingua meta.

1085 (N/04). Montero Küpper, Silvia: *O comportamento traductivo do alemán ó galego: Análise da traducción dos verbos modais alemáns*, Tese de Doutoramento, Universidade de

Vigo, Facultade de Filoloxía e Traducción, Departamento de Traducción e Lingüística, 2004. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Trata de determinar a norma que rexe os comportamentos tradutivos do verbo modal alemán *sollen* para o galego a partir dun corpus de dez obras alemás e as correspondentes traducións galegas. Tendo en conta a función normalizadora que ten a tradución en Galicia, a autora toma como punto de partida metodolóxico os estudos descritivos de tradución de Gideon Toury (*Descriptive Translation Studies and Beyond*, Amsterdam / Philadelphia, PA, John Benjamins, 1995), pero adoptando un enfoque ecléctico que inclúe a hermenéutica, co fin de evitar as restricións empiristas que impoñen as análises estritamente descritivas de Toury. A autora considera a tradución como un produto sociocultural do polisistema receptor, polo que explicita aspectos sociopolíticos que afectan á lingua galega e á tradución en Galicia. Tras un estudo do concepto de modalidade como fenómeno universal, analiza as correspondencias semántico-pragmáticas de *sollen* en galego, baseándose nun modelo tridimensional da modalidade elaborado por Carlo Milan (*Modalverben und Modalitat : eine kontrastive Untersuchung Deutsch-Italienisch*, Tübingen, Max Niemeyer, 2001), A posterior análise microestrutural da tradución do verbo modal *sollen* permite tirar conclusións sub e supraoracionais verbo da norma inicial que reflicten as dez obras do corpus. O traballo tamén ofrece unha listaxe das adaptacións e traducións directas e indirectas de textos alemáns ao galego, realizadas entre 1953 e 2001 [*TESEO*].

1086 (N/05). Montorio, Bego: "Escalas dunha viaxe inacabada (traducir do galego ó éuscaro)", *Viceversa*, 11, 2005:107-118. | [Versión cast.]: "Escalas de un viaje inacabado (Traducir del gallego al euskera)", *Senez*, 28, 2005:41-52. | [Ed. en liña n.v. da versión cast.]: Donostia, Euskal Itzultzaile, Zuzentzaile eta Interpreteen Elkartea = Asociación de Traductores, Correctores e Intérpretes de Lengua Vasca, 2005, <http://www.eizie.org/Argitalpenak/Senez/20051219/montorio>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/08/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v. da versión gal.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reprodución da conferencia pronunciada en *En voz allea: V Simposio galego de tradución*, celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo os días 24 e 25 de febreiro de 2005. A autora ofrece a historia da tradución de obras galegas ao éuscaro e conta como chegou ela mesma á tradución do galego ao éuscaro. Sinala que a maioría da produción galega traducida ao éuscaro son poemas e contos, dado que na maioría dos casos foron revistas as que se encargaron da publicación. Agora mesmo, a tradución de obras completas e escolmas por parte de editoriais permite que o público vasco se achegue á literatura galega a través da súa lingua. Finalmente céntrase na tradución de obras de literatura infantil.

1087 (R/05). Pociña, Andrés: "Problemas da traducción poética: O exemplo de Ramón Cabanillas", *Madrygal*, 4, 2001:95-98. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0101110095A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reflexión sobre a problemática da tradución de textos literarios. Exemplifícase cun texto traducido por Ramón Cabanillas do latín para o galego.

1088 (N/05). Ramos, Elisabete: "Os *erros* de *Erros e Tánatos*", *Viceversa*, 11, 2005:133-138. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reprodución da conferencia pronunciada en *En voz allea: V Simposio Galego de Tradución*, celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo os días 24 e 25 de febreiro de 2005. Trata de identificar todas as incoherencias ou erros da versión orixinal da obra de Gonzalo Navaza, *Erros e Tánatos* (Vigo, Xerais, 1996), así como as achadas na tradución ao portugués realizada polo autor deste artigo e as correcións da editora, co fin de se poderen emendar nunha posible segunda edición.

1089 (N/05). Rodríguez Barcia, Moisés: "Cuestiones y criterios de la traducción gallega del *Canzoniere*: su papel en la conformación del canon poético en Galicia", *CFIt*, Número extraordinario, 2005:155-167. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11339527/articulos/CFIT0505220155A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza a tradución ao galego do *Canzoniere* de Francesco Petrarca (trad. de Darío Xohán Cabana, Santiago de Compostela, Consellería de Presidencia e Administración Pública, 1989), que supuxo a creación dun corpus léxico que permitiu emular o ritmo, a musicalidade e os artificios do poeta italiano. Tal e como sinala a Teoría de polisistemas, a tradución literaria favorece a conformación dos sistemas literarios, sobre todo cando se trata de sistemas marxinais ou periféricos. Analízanse os criterios da tradución da obra petrarquista, así como o léxico e os xogos de palabras [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1090 (R/05). Sinner, Carsten: "Análise funcional de *Asterix* en galego", *Galicien Magazin*, 9, 2000:10-13. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin9.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise da tradución ao galego de *Asterix en Hispania* (Vigo, Galaxia, 1997) realizada por Antonio Pichel, tendo en conta o orixinal francés (1969) e unha tradución ao castelán (Barcelona, Grijalbo, 1998). En opinión do autor, trátase dunha tradución deficiente que, ademais, está chea de erros morfosintácticos e léxicos.

1091 (N/05). Tavani, Giuseppe: "A tradución ao italiano de *Xa vai o Grifón no vento* de Alfredo Conde", *Viceversa*, 11, 2005:95-106. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reprodución do relatorio presentado en *En voz allea: V Simposio galego de tradución*, celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo os días 24 e 25 de febreiro de 2005. Ofrece algunhas moi pertinentes consideracións metodolóxicas sobre o proceso de tradución o sobre o resultado dese proceso, comezando por poñer en dúbida a utilidade dunha teoría da tradución, pois "a experiencia de laboratorio, a actividade práctica, os esforzos para vencer a resistencia que os textos —calquera texto— opoñen ás tentativas do tradutor, suxiren que cada texto é un individuo diferente de tódolos demais e que unha teoría da tradución que poida abarcar tódalas continxencias textuais, contextuais e paratextuais conxecturables —ou tamén nada mais que as efectivamente comprobadas— resultaría inútil por ser demasiado abstracta a causa da súa excesiva xeneralidade" (p. 95). Logo, exemplifica esa reflexión metodolóxica describindo as dificultades que atopou para levar a cabo a tradución ao italiano da obra de Alfredo Conde, *Xa vai o Grifón no vento* (Vigo, Galaxia, 1984), co título *Il grifone* (Roma, Editori Riuniti, 1989). Así mesmo, contrasta o texto orixinal galego coa autotradución castelá *El grifón* (Madrid, Alfaguara, 1987).

1092 (N/04). Veiga Díaz, María José: "Literatura infantil e xuvenil: Transferencia cultural e estratexias de traducción", en María José Domínguez, Barbara Lübke e Almudena Mallo (eds.), *El alemán en su contexto español = Deutsch im spanischen Kontext: Actas IV Congreso de la Federación de Asociaciones de Germanistas y Profesores de Alemán en España (Santiago de Compostela, 26-28 de septiembre de 2002)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2004:703-713 (= *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela*; 145).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Despois de ofrecer unha panorámica das traducións ao galego de obras infantís e xuvenís alemás (a primeira delas datada en 1985), a autora céntrase en dous aspectos concretos: as translacións de antropónimos en clásicos da literatura infantil alemá e a translación de expresións relacionadas co sistema educativo en obras contemporáneas da literatura infantil alemá. O primeiro estúdase nas traducións galegas de *Max und Moritz: Eine Bubengeschichte in sieben Streichen* (1961) [*Max e Moritz: Historia de dous pillos en sete trasnadas*, Ourense Linteo, 2001] de Wilhelm Busch, *Der Struwwelpeter auf Englisch* (1994) [*Pedro Guedellas*, Ourense, Linteo, 2001] de Heinrich Hoffmann e *Bei uns in Schilda* (1958) [*Os tolos de Vilasimplona*, Vigo, SM, 1993] de Otfried Preussler. O segundo analízase nas traducións de *Stundenplan* (1975) [*Horario de clase*, Vigo, Galaxia, 1998] de Christine Nöstlinger, *Kurierdienst Rattezahn: Ein Teufelsbraten* (1997) [*Manxar do demo*, Vigo, Galaxia, 2001] de Andreas Schlüter e *Jululuft* (1995) [*Chatarra*, Santiago, Sotelo Blanco, 1997] de Roland Limacher [T.A.G.].

1093 (N/05). Vieites, Manuel F.: "Traducir para o teatro. Ámbitos e niveis na xustificación das traducións", *Viceversa*, 11, 2005:185-194. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Como consecuencia da creación da Escola Superior de Arte Dramática en Vigo e a inclusión da materia *Historia da literatura dramática*, o autor reflexiona sobre a importancia da tradución de obras teatrais ao galego. A tradución teatral non implica unha correspondencia entre texto fonte e meta, pois o máis importante é ter en conta a oralidade do texto, a dimensión fónica e prosódica, a súa emisión virtual;

por iso, o tradutor de textos dramáticos "debe posuír unha ampla formación tanto no eido da análise e interpretación de textos como no campo da Dramaturxia" (p. 189). Así mesmo, analiza a tradución de obras relacionadas coa interpretación e coa historia do teatro, que "debe ser precisa e fiel, pois do que se trata é de transmitir as ideas do seu autor ou autora, por moitos erros que conteña, aínda que neste caso sería mellor non traducilo" (p. 194).

1094 (R/05). Vilavedra, Dolores: "Galego, Portugués e Castelán. Unha interacción productiva", en Maria Helena Mira Mateus (coord.), *Mais Línguas, Mais Europa: Celebrar a diversidade linguística e cultural da Europa: Actas do Colóquio de 25 e 26 de Janeiro de 2001*, Organização: Departamento de Linguística Geral e Românica, Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, [Lisboa], Colibri, 2001:53-60 (= *Actas & Colóquios*; 31). | [Reed.]: "Galego, portugués e castelán. Unha interacción produtiva", en Xosé Manuel Dasilva (ed.), *Perfiles de la traducción hispano-portuguesa*, I, [Vigo], Universidade de Vigo, 2005:63-71.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Exponse a situación editorial do libro portugués en Galicia, tanto en portugués como traducido ao galego ou ao castelán. O libro portugués en lingua portuguesa parece que ten garantida unha certa presenza en Galicia, independentemente dos condicionantes académicos, o que confirmaría a hipótese da autora de que Galicia constitúe un área natural de expansión. O libro portugués en Galicia non compite co libro portugués orixinal, porque teñen públicos distintos, e o libro portugués en castelán parece ter unha presenza garantida polo feito de que se distribúen en Galicia as versións en castelán dos moitos textos de autores portugueses que non están traducidos ao galego. De especial interese é o apdo. 3.2. (p. 57-60), no que a autora conta a súa experiencia concreta como tradutora ao castelán do libro de António Lobo Antunes *A ordem natural das coisas*.

8212 A tradución de textos científico-técnicos

Vid. a entrada 993.

8213 A tradución de textos publicitarios

1095 (N/04). Puga Moruxa, Manuel / Ramallo, Fernando: "La traducción publicitaria en un mercado plurilingüe: el caso gallego", en Lourdes Lorenzo García e Ana Mª Pereira Rodríguez (eds.), *Traducción subordinada (III): Traducción y publicidad*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:67-99, il. (= *Congresos*; 50).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Na primeira parte do traballo descríbese a situación da tradución publicitaria en Galicia, actividade moi recente cuxos datos sinalan que "cualquier trasvase interlingüístico de este tipo ha de sufrir las consecuencias de la situación sociolingüística que se viva en el momento de iniciarlo" (p. 90). Neste sentido, a presenza do galego neste ámbito considérase escasa, debido a que a coexistencia de actitudes positivas e negativas cara á lingua fai que "la normalización lingüística conseguida en el

ámbito administrativo o incluso en el educativo no sea factible en el ámbito comercial: en los primeros existe una imposición de la lengua más o menos velada [...]; por el contrario, el ámbito del mercado se rige por lógicas como las preferencias de los consumidores" (ibid.); aínda así, os autores sinalan que "en un mercado lingüístico como el gallego, la traducción publicitaria debería constituir una estrategia de planificación lingüística de primer orden, tanto en su dimensión pública como en la privada" (p. 81). Con este obxectivo preséntanse unha serie de estratexias de tradución a través dunha pequena mostra de anuncios reais traducidos do castelán ao galego, tarefa que non parece presentar demasiadas dificultades dada a proximidade filoxenética entre as dúas linguas [sendo este grao de proximidade "un factor de especial importancia a la hora de traducir textos publicitarios, caracterizados por una dependencia muy alta entre el soporte lingüístico y el icónico" (p. 91)]. | Índice: 1. Introducción | 2. Panorama sociolingüístico | 3. El mercado publicitario gallego | 3.1. Uso de la lengua gallega en la comunicación pública | 3.2. Publicidad y lengua gallega | 4. La traducción de la publicidad en Galicia | 4.1. Estrategias de traducción de publicidad en Galicia | 5. Conclusiones.

822 Problemas de tradución

1096 (N/05). Oro, José: "English & Galician Canonical Expressions: Morphological and Sintactic Parallelism", en Adolfo Luis Soto Vázquez (ed.), *Insights into Translation*, VII, A Coruña, Universidade da Coruña, 2005:61-73.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor intenta poñer de manifesto a proximidade morfolóxica (na sufixación e na prefixación) e sintáctica (nas formas de interrogación parcial) do inglés e o galego a través de exemplos de traducións do primeiro ao segundo [T.A.G.].

1097 (N/04). Rosales Sequeiros, Xosé: "Formulaic Expressions in Translation", *Trans*, 8, 2004:105-114. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Málaga, Universidad de Málaga, Departamento de Traducción e Interpretación, [2006], <http://www.trans.uma.es/Trans_8/t8_105-114_XRosales.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 05/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A tradución das expresións fixas revela habitualmente as dificultades e a diversidade de formas lingüísticas existentes na comunicación humana. Decote estas formas son, desde un punto de vista lingüístico, radicalmente diferentes dunhas linguas a outras e na maioría dos casos non é posible unha tradución literal. Ademais, normalmente só hai un conxunto limitado de formas para cada tipo de expresión, que pode ou non estar dispoñible na segunda lingua. O autor explora en detalle estas e outras características das expresións fixas e discute o seu tratamento na actividade tradutora, ofrecendo exemplos de varias linguas, entre elas o galego. Nesta análise examínase criticamente o enfoque do estudo da tradución baseado na noción de equivalencia e danse argumentos contra o mesmo. Como alternativa, inténtase xustificar un enfoque baseado na cognición [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. Introduction | 2. Equivalence Approach to Formulaic Expressions | 3. Problems with Equivalence Approaches | 4. What Are Formulaic Expressions | 5. Formulaic Expressions: An Alternative Approach | 6. Conclusion.

1098 (R/05). Sevilla Muñoz, Julia / Veiga Novoa, Cristina (tr.): "O concepto *correspondencia* na tradución paremiolóxica", *CFG*, 6, 2004:221-229. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 13/03/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A tradución de paremias ou enunciados sentenciosos supón un atranco para moitos tradutores, motivado xeralmente por teren unha escasa competencia paremiolóxica e non aplicaren o procedemento tradutolóxico máis axeitado en función da natureza destas unidades lingüísticas. Dado que no proceso de tradución paremiolóxica resulta importante o concepto de *correspondencia*, este traballo trata de precisar o devandito concepto e ilustra as explicacións con paremias de procedencia xeográfica moi variada, aínda que a maioría proveñen principalmente das linguas romances (entre elas, o galego) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1099 (R/05). Tavares, Maria Fernanda Fernandes: "A falsidade amiga dos falsos amigos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:503-512. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir do seu labor docente como profesora de portugués e da experiencia como portuguesa que vive en Galicia, a autora analiza como se debe abordar o tema dos falsos amigos entre galego e portugués (palabras existentes nas dúas linguas con total ou gran semellanza fonética e/ou gráfica, mais con significados distintos). O estudo desenvolvido permite comprobar que a "falsidade podia ser muito mais amiga do que habitualmente se pensa" por dúas razóns, basicamente: "por um maior treino fonético, e [...] pelo recurso mais habitual a conhecimentos [...] de outras línguas" (p. 503). A autora recolleu "palavras que funcionavam como falsos amigos quer perfeitos quer parciais e outras -ou mesmo certas estruturas- que, não podendo ser considerados falsos amigos, criavam aquilo a que chamarei uma certa falsidade" (p. 504). Entre os falsos amigos máis significativos indica, entre outros, *oficina, espantoso, abrigo, bandeja [bandexa]*. Mais non só basea o traballo en palabras con significado distinto, senón tamén no grao de utilización de certas palabras que, mesmo existindo en ambas as dúas linguas, son máis empregadas nunha que noutra ou nunha delas se usan en contextos moi determinados (cf. *berro*, *volver* ou *troco*). Así mesmo, a partir da súa propia experiencia como portuguesa que aprendeu galego, sinala a axuda que supón o coñecemento doutra lingua romance como o francés, que permite determinar o significado que presentan en galego palabras como *billete*, *demandar*, *prender* ou *pipa*. A seguir apela á importancia da exactitude dos dicionarios de falsos amigos e artigos publicados sobre este tema, xa que en moitos casos a información que ofrecen é parcial. Indica, ademais, que contribúen á creación de falsos amigos entre galego e portugués fenómenos lingüísticos e culturais como os seguintes: 1) a falsa amizade de certas actitudes fonéticas; 2) a non realización da consoante sibilante sonora; 3) a non realización das vogais nasais e a ligazón do *-m* final á palabra seguinte; 4) determinados elementos fonéticos e prosódicos como a abertura das vogais ou o corte de palabras; 5) certos posicionamentos lóxicos, como *escova*

de dentes; 6) o emprego indiscriminado do pretérito perfecto simple no canto do pretérito perfecto composto e o abuso do posesivo de terceira persoa; 7) a formación dos plurais rematados en *-z*; 8) a tendencia a desfacer grupos consonánticos.

Vid. tamén a entrada 596.

824 A tradución asistida

Vid. a entrada 1126.

825 Didáctica da tradución

Vid. a entrada 302.

826 Historia da tradución

1100 (N/05). López Silva, Xosé Antonio: "Traducións clásicas e sistema literario galego", *Grial*, XLIII/167, 2005:104-107.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise da tradución dos clásicos gregos e latinos ao galego. O autor distingue catro fases na historia deste tipo de traballos. Na primeira fase, que abrangue desde o 1863 ata os anos vinte do século pasado, as traducións son case testemuñais. A segunda fase chega ata 1936 e nela tivo capital importancia o Seminario de Estudos Galegos e o grupo Nós. A terceira fase, que chega ata 1981, é unha época na que "as traducións dos autores canónicos gregos e latinos cobrarán máis importancia" (p. 106), mais a situación política do país marca a época, aínda que se pode destacar o labor da editorial Galaxia. A cuarta fase abrangue desde a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia ata a actualidade, época en que hai que salientar a importancia da aparición en 1986 da colección *Clásicos en galego*, se ben segue a existir unha eiva moi importante, que caracteriza o sistema literario galego.

1101 (N/05). Luna Alonso, Ana: "A literatura galega traducida no estranxeiro. Un intercambio desigual", *Grial*, XLIII/167, 2005:32-45.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Sobre a importancia da tradución da literatura galega a outras linguas. Ofrécese unha relación pormenorizada de obras galegas traducidas a outros idiomas, sinalando que na última década o castelán segue a ser a lingua meta máis frecuente, se ben tamén se apreza un aumento das traducións a outras linguas como o alemán, francés, inglés, italiano ou ruso.

Vid. tamén a entrada 1094.

8261 Catálogos de traducións

1102 (N/05). Noia Campos, María Camiño: "A tradución literaria en galego", en A. Domínguez Rey (ed.), *Palabra, fogo, alma (Traducir é crear): Textos da V edición do Seminario Internacional de Tradución de Rianxo (Auliga 2004)*, Culleredo, A Coruña, Espiral Maior, 2005:11-26 (= *Auliga ensaio*; 2).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrécese un breve resumo da actividade tradutora ao galego nas súas diferentes etapas históricas. Na etapa medieval (p. 11-12) incídese nas razóns que levaron á nobreza galega a traducir textos históricos e narrativos, que non foron outras que aumentar o seu prestixio social e reforzar a idea de autonomía fronte a Castela. Nunha segunda etapa ("O Rexurdimento do século XIX", p. 12-14), as traducións servirían "para exercitar unha lingua de uso exclusivamente coloquial, e cubriron, en certa maneira, a escaseza de producións do deficiente sistema literario galego" (p. 13). Na terceira etapa, correspondente ao século XX (p. 14-24), distínguense tres subperíodos: época da Xeración Nós, etapa da ditadura de Franco e os últimos vintecinco anos do século XX. Como conclusión, sinálase que, "malia os últimos anos confirmaren a consolidación da práctica tradutora en Galicia, a situación non é, nin moito menos, a ideal" (p. 24-25). Para a autora, as razóns da aínda modesta actividade tradutora son dúas: a falta de lectores e dunha política seria de promoción da lectura en galego.

83 A interpretación

Vid. a entrada 1048.

84 A dobraxe

1103 (N/05). Montero Domínguez, Xoán: "Un achegamento á tradución para a dobraxe en Galicia = An Approach to Translation for Dubbing Purposes in Galicia", *Madrygal*, 8, 2005:91-96. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0505110091A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbense brevemente, en relación co ámbito da tradución para a dobraxe, os procesos que o profesional da mediación lingüística debe coñecer e coméntanse os problemas con que se enfrontan os tradutores ao galego neste ámbito. Ao longo do traballo inclúense algunhas referencias históricas ao grao de normalización do idioma galego neste ámbito.

1104 (R/05). Pérez Faxil, Pilar: "Algúns recursos expresivos na dobraxe ó galego", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de*

1996), II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:389-397. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA

A través da análise dunha serie de películas dobradas ao galego e partindo do suposto de que o estilo xeral das dobraxes que actualmente se emiten pola TVG debe "basarse na realidade viva e plural de situacións comunicativas no noso idioma e nos recursos dos que botan man os falantes para establecer comunicacións eficaces" (p. 389), a autora trata de "facer unha pequena avaliación [...] dalgúns dos recursos expresivos habitualmente empregados nesta clase de producciónns audiovisuais de relativamente recente aparición no noso idioma" (ibid.). Tamén xulga importante avaliar "a adecuación dalgúns destes recursos ós diferentes contextos, ás situacións comunicativas en que se producen, ás características dos interlocutores que aparecen nos actos de fala e ós rexistros esperables neses actos de fala" (ibid.). O obxectivo desta avaliación é "avanzar unha serie de orientacións que contribúan a evita-la pobreza expresiva que ás veces se detecta nestas producciónns que se emiten pola TVG. Con iso procurarase autenticidade nos diálogos e tenderase a facelos máis próximos e más cribles para os telespectadores" (ibid.).

Vid. tamén a entrada 1048.

▶ 9 TECNOLOXÍAS DA LINGUAXE

91 Recursos de axuda á edición

912 Verificación gramatical: Recursos, informes e estudos

Vid. a entrada 157.

92 Lingüística de corpus

921 Recursos

9211 Corpus monolingües

1105. López Pereira, José Eduardo (dir.) et al.: *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004-, <http://corpus.cirp.es/codolga>, [Consulta: 01/10/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Proxecto que está a desenvolverse no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e cuxo obxectivo é constituír un corpus textual coa totalidade da documentación medieval escrita en latín relacionada con Galicia, desde o séc. VIII ata o XV (ambos os dous incluídos). Abrangue os textos recollidos nos cartularios e colecciónsdocumentais dos centros monásticos, así como os documentos das sés catedralicias de Santiago de Compostela, Mondoñedo, Lugo, Tui, Ourense e Astorga, e documentos doutras institucións. O proxecto está a materializarse na base de datos *GALADOC*, en continua ampliación e revisión, que conta actualmente con case 10.000 documentos que conteñen uns 8.000.000 de rexistros e reflicten o contido de 144 edicións. Co buscador *CODOLGA* é posible realizar pescudas na base de datos *GALADOC* de calquera palabra, parte de palabra ou conxunto de palabras segundo diversos criterios. Ata o momento participaron como investigadores no desenvolvemento do proxecto Xosé Luís Couceiro Pérez, José Manuel Díaz de Bustamante, Fernándo López Alsina, Francisco Carrillo Boutureira, Mar Sueiro Pena e María Inés Verde Pena.

Recs.: Dieter Kremer, "Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (GALADOC)", *Galicien Magazin*, 13, 2002:58-66. [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <http://www-alt.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin13.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

1106. Rojo, Guillermo (dir.) / García Gondar, Francisco (dir. adxunto) / Domínguez Noya, Eva (coord.) et al.: *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual (Versión 1.3)*, [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2001-], <http://nunes.cirp.es/corgaxml>, [Formato: XML], [Consulta: 04/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Proxecto iniciado en 1994 co obxectivo de ofrecer en formato electrónico unha colección de textos do galego moderno producidos a partir de 1975, lematizados e anotados morfolóxica e sintacticamente. Son textos de diferentes tipos: xornais, semanarios, revistas, ensaios e textos de ficción (novela, relato curto e teatro). Foron seleccionados con criterios suficientemente amplos como para representar o uso lingüístico do galego actual. A primeira versión do *CORGA* (1.0) estivo operativa entre 2001-2004, a segunda (1.2) entre 2004-2008 e a actual (1.3) está na rede desde o 04/06/2008. Esta última versión -que integra todos os textos das versións anteriores e en cuxa ampliación se traballa actualmente- consta de 23.059.543 formas gráficas (excluídas as cifras), que corresponden a 384.669 formas distintas e que proceden do procesamento de 437 xornais, 86 revistas e 390 libros. Arestora *CORGA* aínda non contén ningún tipo de anotación lingüística, de tal xeito que só é posible facer buscas por palabras, combinacións de palabras ou patróns de palabras illados ou en distintas combinacións, por tipos de texto, épocas, áreas temáticas ou calquera combinación dos parámetros anteriores. Ademais, a partir da versión 1.2 funciona un novo sistema de consulta da nómina de autores e obras que permite buscar

que obras ou autores están no corpus, saber que número de palabras totais e documentos corresponde á busca realizada ou que cantidade de palabras contén o corpus nunha certa área temática, período de tempo, etc. Na documentación do proxecto ofrécese información sobre os índices de frecuencia das 5.000 formas máis repetidas. Os bolseiros que participan actualmente no desenvolvemento do proxecto ou participaron en fases previas son os seguintes: María Teresa Araújo García, Xosé Bestilleiro Bello, Cristina Blanco González, Bárbara Canziani Kristensen, Silvana Castro García, Amparo Cereixo Silva, Inés Diz Gamallo, Sandra Domínguez Carreiro, Beatriz Fernández Paredes, Susana Ferreiro García, Susana García Rodríguez, Sonia Gómez Castro, Déborah González Martínez, Ana Ledo Villaverde, Belén López Gómez, Olalla Márquez Losada, Mónica Martínez Baleirón, María Teresa Monteagudo Cabaleiro, Xesús Manuel Mosquera Carregal, Luísa Pita Rubido, Isabel Porto Cacheiro, Antón Porto Sánchez, Iria del Río Gayo, Damián Suárez Vázquez, Sonia Varela Pombo, Pilar Vázquez Grandas e Susana Vázquez Recarey; do software e a xestión informática é responsable Francisco Mario Barcala.

1107 (N/05). Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo / Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo: *Corpus ACHEGA de textos de economía en galego*, [Ed. en liña n.v.]: en *Corpus Técnico do Galego (CTG)*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática / Observatorio de Neoloxía, [2005-], <http://sli.uvigo.es/CTG/>, [Formato: XML], [Consulta: 10/04/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Subcorpus integrado no *Corpus Técnico do Galego (CTG)* [entrada 1110]. Na data da última consulta estaba constituído por 2.055.837 formas. A interface web permite facer pescudas simples de palabras illadas ou de secuencias de palabras e pescudas complexas con expresións regulares constituídas por secuencias de caracteres e símbolos que describen como son as cadeas de texto buscadas. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1108 (N/05). Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo / Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo: *Corpus AUGA de textos de ecoloxía e ciencias ambientais en galego*, [Ed. en liña n.v.]: en *Corpus Técnico do Galego (CTG)*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática / Observatorio de Neoloxía, [2005-], <http://sli.uvigo.es/CTG/>, [Formato: XML], [Consulta: 10/04/2008]. | [Ed. en liña n.v.]: en *Corpus CTAG: Versión etiquetada do Corpus Técnico do Galego (CTG)*, [2007-], <http://sli.uvigo.es/CTAG/>, [Formato: XML], [Consulta: 10/04/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro científico-técnico)

Subcorpus integrado no *Corpus Técnico do Galego (CTG)* [entrada 1110]. Na data da última consulta estaba constituído por 2.349.362 formas. A interface web permite facer pescudas simples de palabras illadas ou de secuencias de palabras e pescudas complexas con expresións regulares constituídas por secuencias de caracteres e símbolos que describen como son as cadeas de texto buscadas. Na versión etiquetada é posible facer pescudas de formas ou lemas correspondentes a 16 categorías gramaticais. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1109 (N/05). Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo / Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo: *Corpus GALEX de textos xurídico-administrativos en galego*, [Ed. en liña n.v.]: en *Corpus Técnico do Galego (CTG)*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática / Observatorio de Neoloxía, [2005-], <http://sli.uvigo.es/CTG/>, [Formato: XML], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Subcorpus integrado no *Corpus Técnico do Galego (CTG)* [entrada 1110]. Na data da última consulta estaba constituído por 2.516.846 formas. A interface web permite facer pescudas simples de palabras illadas ou de secuencias de palabras e pescudas complexas con expresións regulares constituídas por secuencias de caracteres e símbolos que describen como son as cadeas de texto buscadas. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1110 (N/05). Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo / Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo: *Corpus Técnico do Galego (CTG)*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática / Observatorio de Neoloxía, [2005-], <http://sli.uvigo.es/CTG/>, [Formato: XML], [Consulta: 10/04/2008]. | [Ed. en liña n.v.]: *Corpus CTAG: Versión etiquetada do Corpus Técnico do Galego (CTG)*, [2007-], <http://sli.uvigo.es/CTAG/>, [Formato: XML], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Corpus etiquetado e lematizado de rexistros especializados do galego contemporáneo. Na data da última consulta estaba constituído polos seguintes subcorpus, que suman, en conxunto, 12.261.534 formas: *XIGA* (textos de informática e telecomunicacións, 2.027.816 formas), *GALEX* (textos xurídico-administrativos, 2.516.846 formas), *ACHEGA* (textos de economía, 2.055.837 formas), *AUGA* (textos de ecoloxía e ciencias ambientais, 2.349.362 formas), *SOGAL* (textos de socioloxía, 2.442.765), *MEDIGAL* (textos de medicina, 868.937 formas). O sistema xestor permite facer pescudas globais (en todos os corpus ao mesmo tempo) ou específicas (en cada corpus). A interface web permite facer pescudas simples de palabras illadas ou de secuencias de palabras e pescudas complexas con expresións regulares constituídas por secuencias de caracteres e símbolos que describen como son as cadeas de texto buscadas. No momento da última consulta, a versión etiquetada *CTAG* só contiña textos do *Corpus AUGA de textos de ecoloxía e ciencias ambientais en galego* [entrada 1108] e permite facer pescudas de formas ou lemas correspondentes a 16 categorías gramaticais. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1111 (N/05). Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo / Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo: *Corpus XIGA de textos de informática e telecomunicacións en galego*, [Ed. en liña n.v.]: en *Corpus Técnico do Galego (CTG)*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática / Observatorio de Neloxía, [2005-], <http://sli.uvigo.es/CTG/>, [Formato: XML], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Subcorpus integrado no *Corpus Técnico do Galego (CTG)* [entrada 1110]. Na data da última consulta estaba constituído por 2.027.816 formas. A interface web permite facer pescudas simples de palabras illadas ou de secuencias de palabras e pescudas complexas con expresións regulares constituídas por secuencias de caracteres e símbolos que describen como son as cadeas de texto buscadas. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1112. Varela Barreiro, Xavier (dir.): *TMILG: Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega [Versión 1.0.4]*, [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 2004-, <http://ilg.usc.es/tmilg/>, [Formato: XML], [Consulta: 30/11/2007].

1. investigación | 2. ámb. galego | 4. me | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo), lingua literaria

Ofrece en formato electrónico unha importante colección de textos galegos datados entre o séc. XIII e principios do séc. XIV. Polo momento inclúe a totalidade das obras non notariais e unha boa parte das notariais (85%). Contén uns 12.500 documentos en que se achan máis de sete millóns de palabras. O sistema de consulta permite buscar unha ou varias palabras, facer buscas booleanas e empregar comodíns. Ademais, pódense refinar as buscas facendo restricións cronolóxicas, por xénero, por subxénero ou por obra. No equipo filolóxico e paleográfico do proxecto figuran os seguintes investigadores: Ramón Lorenzo, José Luís Couceiro Pérez, María Sol López Martínez, Ramón Mariño Paz, Eduardo Moscoso Mato, José Antonio Puentes Romay, Alexandre Rodríguez Guerra, Carme Silva Domínguez, Xavier Balsas Barbeira, María Xesús Bello Rivas, Xosé Bestilleiro Bello, Manuel Blanco López, Alexandra Cabana Outeiro, Amparo Cereixo Silva, Ana Escourido Pernas, Sonia Gómez Castro, Ana González Iglesias, Ricardo Gutiérrez Pichel, Clemente López Leizán, Liliana Martínez Calvo, Paulo Martínez Lema, Vicenta Outeiro Suárez, María do Carme Pérez Picallo, Ana Belén Rey Rodríguez, Xoán Carlos Rodríguez Pérez, Xosé Soto Andión, Marta Souto Vaqueiro, Damián Suárez Vázquez, Valentina Veiga Alonso, Ana Vidal Meijón.

1113. Xavier, Maria Francisca (dir.) et al.: *CIPM: Corpus Informatizado do Português Medieval*, [Ed. en liña n.v.]: Lisboa, Universidade Nova de Lisboa, Faculdade de Ciencias Sociais e Humanas, 2003-, <http://cipm.fcsh.unl.pt/>, [Consulta: 16/08/2004].

1. investigación | 2. ámb. portugués | 4. pm | 5. lingua escrita

Ambicioso proxecto de constitución dun corpus do portugués medieval iniciado en 1993 e cuxos responsables actuais son Maria Francisca Xavier, Maria de Lourdes Crispim, Graça Vicente, Maria Lobo, Maria Alexandra Fiéis, Maria Cristina Silva, Ana Castro, Sandro Dias, Maria de Fátima Martins e João Loureiro. Contén un ampla nómina de textos latino-romances dos sécs. IX ao XII e textos galego-portugueses e portugueses dos sécs. XII ao XVI, que van sendo etiquetados automaticamente con posterior revisión dos resultados da etiquetación. Segundo a tipoloxía de xéneros, son textos notariais, cronísticos, de prosa didáctico-moral e literarios, xa publicados ou fornecidos polos propios editores.

Vid. tamén a entrada 391.

9212 Corpus multilingües

1114. Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <http://sli.uvigo.es/CLUVI/>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 4. C

Corpus paralelo aliñado a nivel de frase e constituído por un conxunto de memorias de tradución de rexistros especializados, consultable a través dunha interface web que permite facer pescudas simples e complexas de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües / plurilingües dos termos buscados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. A web é especialmente útil como dicionario bilingüe e tamén funciona como un dicionario de frases. O número de obras aliñadas e os pares de linguas dispoñibles aumenta con regularidade, pois é aínda un corpus en construción. No seu estado actual, os textos do *CLUVI* con presenza do galego pertencen a cinco rexistros especializados (textos xurídico-administrativos, xornalísticos, de informática, literarios e de economía) e a seis combinacións lingüísticas verbo do galego (galego-castelán, inglés-galego-francés-castelán, inglés-galego, francés-galego, castelán-galego-catalán-éuscaro, alemán-galego). Repártense en nove subcorpus e as buscas poden facerse no conxunto ou en cada un deles: *Corpus xurídico LEGA galego-español* [entrada 1120] con 140.376 unidades de tradución e 6.329.655 formas, *Corpus UNESCO inglés-galego-francés-español de divulgación científica* [entrada 1118] con 47.905 unidades de tradución e 3.724.620 formas, *Corpus LOGALIZA de localización de software inglés-galego* (2006-, vid. *BILEGA* 13537) con 133.929 unidades de tradución e 1.979.687 formas, *Corpus literario TECTRA inglés-galego* [entrada 1117] con 51.096 unidades de tradución e 1.476.020 formas, *Corpus literario FEGA francés-galego* [entrada 1116] con 32.796 unidades de tradución e 1.267.119 formas, *Corpus CONSUMER español-galego-catalán-euskara de información sobre consumo* (2006-, vid. *BILEGA* 14272) con 89.780 unidades de tradución e 5.586.431 formas, *Corpus literario DEGA alemán-galego* (2006-, vid. *BILEGA* 13536) con 2.979 unidades de tradución e 76.364 formas, *Corpus VEIGA de subtitulación de películas inglés-galego* [entrada 1119] con 8.717 unidades de tradución e 78.032 formas, *Corpus EGAL de economía galego-español* [entrada 1115] con 19.758 unidades de tradución e 718.642 formas. Na data da última consulta estes nove corpus contiñan un total de 21.236.570 formas. Os responsables do aliñamento dos textos son Ánxeles Torres Padín, Santiago González Lopo, Eva Díaz Rodríguez, Xavier Gómez Guinovart, Elena Sacau Fontenla, Lorena Meizoso Allegue, Anxo Otero Ruiz, Adriana Lago Pena, Miguel López Docampo, Rosa Lubián Campos, Alexandre Insua Moreira, Rocío Abelleira, Asier Alcázar, Santiago García, Patricia Sotelo Dios, Susana López Fernández, e Luis Castro-Rial. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

Recs.: *O Cartafol*, 13, 2004, <http://ocartafol.usc.es/con_creto.asp?OCartafol=13&Artigo=80>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/11/2005].

1115. Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: *Corpus EGAL de economía galego-español*, [Ed. en liña n.v.]: en *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2004-], <http://sli.uvigo.es/CLUVI>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Corpus paralelo galego-castelán aliñado a nivel de frase, constituído por textos de economía e integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. Na data da última consulta contiña 19.758 unidades de tradución con 718.642 formas (346.855 do galego e 371.787 do castelán). A interface web permite facer pescudas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos buscados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. Os responsables do aliñamento dos textos son Susana López Fernández e Luis Castro-Rial. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1116. Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: *Corpus literario FEGA francés-galego*, [Ed. en liña n.v.]: en *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2004-], <http://sli.uvigo.es/CLUVI>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Corpus paralelo francés-galego aliñado a nivel de frase, constituído por textos literarios e integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. Na data da última consulta contiña 32.796 unidades de tradución con 1.267.119 formas (658.221 do francés e 608.898 do galego). A interface web permite facer pescudas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos buscados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. Os responsables do aliñamento dos textos son Eva Díaz Rodríguez, Alexandre Ínsua Moreira e Rocio Abelleira. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1117. Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: *Corpus literario TECTRA inglés-galego*, [Ed. en liña n.v.]: en *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <http://sli.uvigo.es/CLUVI>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Corpus paralelo inglés-galego aliñado a nivel de frase, constituído por textos literarios e integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. Na data da última consulta contiña 51.096 unidades de tradución con 1.476.020 formas (758.575 do inglés e 717.445 do galego). A interface web permite facer pescudas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos buscados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. Os responsables do aliñamento dos textos son Elena Sacau Fontenla, Eva Díaz Rodríguez, Lorena Meizoso Allegue, Anxo Otero Ruiz, Adriana Lago Pena, Miguel López Docampo e Rosa Lubián Campos. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1118. Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: *Corpus UNESCO inglés-galego-francés-español de divulgación científica*, [Ed. en liña n.v.]: en *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística

Informática, [2004-], <http://sli.uvigo.es/CLUVI>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Corpus paralelo inglés-galego-francés-castelán aliñado a nivel de frase, constituído por textos de divulgación científica e integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. Na data da última consulta contiña 47.905 unidades de tradución con 3.724.620 formas (927.698 do inglés, 902.232 do galego, 962.085 do castelán e 932.605 do francés). A interface web permite facer pescudas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos buscados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. A responsable do aliñamento dos textos é Eva Díaz Rodríguez. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1119. Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: *Corpus VEIGA de subtitulación de películas inglés-galego*, [Ed. en liña n.v.]: en *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <http://sli.uvigo.es/CLUVI>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Corpus paralelo inglés-galego aliñado a nivel de frase e integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. Na data da última consulta contiña 8.717 unidades de tradución con 78.032 formas (43.423 do inglés e 34.609 do galego). A interface web permite facer pescudas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos buscados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. A responsable do aliñamento dos textos é Patricia Sotelo Dios. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

1120. Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: *Corpus xurídico LEGA galego-español*, [Ed. en liña n.v.]: en *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <http://sli.uvigo.es/CLUVI>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 10/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Corpus paralelo galego-castelán aliñado a nivel de frase, constituído por textos xurídicos e integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. Na data da última consulta contiña 140.376 unidades de tradución con 6.329.655 formas (3.036.267 do galego e 3.293.388 do castelán). A interface web permite facer pescudas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos buscados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. Os responsables do aliñamento dos textos son Ánxeles Torres Padín e Santiago González Lopo. O responsable do deseño e programación web é Xavier Gómez Guinovart.

Vid. tamén a entrada 391.

922 Informes e estudos

1121 (R/04). Brisaboa, Nieves R. / López, Juan Ramón / Rodríguez Penabad, Miguel / Saavedra Places, Ángeles: "Diachronic Stemmed Corpus and Dictionary of Galician Language", en Alexander F. Gelbukh (ed.), *Computational Linguistics and Intelligent Text Processing: 4th International Conference, CICLing 2003 (Mexico City, Mexico, February 16-22, 2003): Proceedings*, Berlin / Heidelberg, Springer, 2003:410-414 (= *Lecture Notes in Computer Science*; 2588). | [Ed. en liña]: 19-II-2004, <http://www.springerlink.com>, Formato: PDF, [Consulta: 28/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Preséntase un corpus etiquetado manualmente de 460 documentos escritos en galego medieval que conteñen 5.601.290 formas e un dicionario diacrónico tirado del. Explícanse as súas potenciais aplicacións cuxo futuro desenvolvemento figura entre os proxectos dos autores.

1122 (R/04). Brisaboa, Nieves R. / Callón, Carlos / López, Juan Ramón / Saavedra Places, Ángeles / Sanmartín Rei, Goretti: "Stemming Galician Texts", en Alberto H. F. Laender e Arlindo L. Oliveira (eds.), *String Processing and Information Retrieval: 9th International Symposium, SPIRE 2002 (Lisbon, Portugal, September 11-13, 2002)*, Berlin / Heidelberg, Springer, 2002:91-97 (= *Lecture Notes in Computer Science*; 2476). | [Ed. en liña]: 19-II-2004, <http://www.springerlink.com>, Formato: PDF, [Consulta: 30/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Descríbese o algoritmo de lematización de textos do galego moderno desenvolvido polos autores. Este algoritmo é aplicable a textos escritos en calquera das catro propostas de codificación ortográfica existentes naquela altura e atópase na fase de aplicación co obxectivo de melloralo. Porén, non pode ser aplicado aos textos anteriores á codificación ortográfica de 1977 [*Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (vid. *BILEGA* 850)] e, por esta razón, os autores adoptaron unha aproximación exhaustiva consistente en definir un conxunto moi extenso de grupos de palabras que faga posibles comparacións sistemáticas de palabras para lematizar documentos escritos antes desa data. Ademais, describen unha ferramenta para a creación deses grupos de palabras necesarios nesta aproximación [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1123 (N/04). Campillo Díaz, Francisco / Rodríguez Liñares, Leandro / Rodríguez Banga, Eduardo / Iglesias Iglesias, Gonzalo / Méndez Pazó, Francisco: "Desarrollo de un sistema de análisis sintáctico para el idioma gallego", en Emilio Sanchis Arnal (ed.), *Actas de las III Jornadas en Tecnología del Habla (3JTH) (Valencia, 17 al 19 de Noviembre de 2004)*, [Valencia], Universidad Politécnica de Valencia, Facultad de Informática, Departamento de Sistemas Informáticos y Computación, [2004]:159-164, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Madrid], Red Temática en Tecnologías del Habla, [2004], <http://lorien.die.upm.es/~lapiz/rtth/JORNADAS/III/actas3JTH.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbese o actual estado de desenvolvemento dun sistema de análise sintáctica automática para o galego, que se atopa xa nunha fase avanzada. Está constituído por dous módulos: un analizador

morfosintáctico e un analizador sintáctico. O primeiro pódese considerar un estado intermedio entre a análise morfolóxica e a sintáctica e serve para identificar a categoría gramatical de cada palabra na oración; para iso ten en conta a palabra no seu contexto real e combina un conxunto reducido de regras fiables e un modelo estatístico baseado en n-gramas. O segundo determina as funcións desas mesmas palabras e as relacións xerárquicas que se establecen entre elas. Para a análise sintáctica implementouse un analizador de gramáticas non probabilistas de contexto libre, que son un modelo moi utilizado para o estudo estrutural das linguas naturais, deixando a súa adaptación a gramáticas probabilistas de contexto libre (PCFG) para unha fase posterior. Como punto de partida dispoñíase dun analizador morfosintáctico que inclúe un algoritmo de desambiguación de categorías gramaticais e ofrece un nivel de precisión bastante alto. O obxectivo final é a adquisición dun corpus textual analizado sintacticamente que sirva para a estimación das probabilidades necesarias nunha PCFG. Os resultados obtidos ata o momento son claramente positivos no que respecta á análise morfosintáctica e as análises sintácticas que ofrece son tamén moi prometedoras. O analizador sintáctico segue en fase de desenvolvemento, tanto no que se refire ao conxunto de regras de análise como á implementación do propio analizador. No tocante á gramática, contén regras que lle permiten analizar frases sinxelas facendo uso das concordancias que se dan en sintagmas nominais sinxelos. Ademais, é capaz de analizar enumeracións de sintagmas nominais, adxectivas ou verbais, sintagmas adxectivos explicativos e especificativos, proposicións subordinadas adxectivas e algunhas subordinadas substantivas [C.B.G.].

1124 (N/05). Couceiro Pérez, Xosé Luís: "CODOLGA na investigación do léxico hispánico primitivo", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:83-101 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. P

Avaliación provisional da base de datos *CODOLGA: Corpus documentale latinum Gallaeciae* [entrada 1105], de consulta pública no enderezo electrónico http://corpus.cirp.es/codolga, a través da comparación cos datos que ofrece o *Léxico hispánico primitivo* (LHP) (2004, vid. *BILEGA* 11782), proxectado e dirixido por Ramón Menéndez Pidal, redactado por Rafael Lapesa, coa colaboración de Constantino García, e publicado por Manuel Seco. En primeiro lugar, descríbense as diferenzas existentes entre ambas fontes: concentración na lingua latina e escaseza de formas romances en *CODOLGA*, fronte a datos menos marcados no *LHP*, inclusión de elementos onomásticos con capacidade para evocar unha datación concreta en *CODOLGA* e tratamento menos especializado no *LHP*. Escóllense para a comparación textos datados entre os aa. 800-1200 coa intención de intentar manter o equilibrio entre as fontes de referencia. A partir de aí analízase o comportamento das formas A, AB, AD en distintos contextos e expóñense as súas posibilidades significativas (indicación de dirección, relación temporal, marca de complemento directo ou indirecto, etc.). A comparación remata co estudo das distintas manifestacións da forma *ABATE* nos dous corpus. Conclúe o autor defendendo as vantaxes que ofrece o manexo dunha base de datos para o tratamento de grandes colecções de textos que, entre outras cousas, permiten a comprobación dos datos achegados por un vocabulario ou glosario.

1125 (N/05). Díaz de Bustamante, José Manuel: "Notas á xestión de bases de datos textuais: a documentación latina medieval do Reino de Galicia", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos*

ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:115-125 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. P

Estudo sobre o manexo e a xestión de bases de datos textuais, coa intención de describir os distintos métodos de recuperación da información e as vantaxes que pode supoñer o seu emprego no tratamento dun corpus ou varios: establecemento da existencia de variantes gráficas para distintas formas, presentación do contexto de aparición dun elemento concreto ou ordenamento cronolóxico dos usos e casos máis destacables dunha palabra ou conxunto delas. O autor ofrece unha análise pormenorizada dos métodos de recuperación da información textual por medios distintos da lectura secuencial: sistemas indexados, sistemas de texto libre, sistemas de recuperación distribuída, sistemas híbridos, sistemas de corpus etiquetado ou índices de relevancia. A utilidade da xestión de bases de datos textuais vén exemplificada no tratamento dos 77 primeiros documentos do volume primeiro dos *Portugaliae Monumenta Histórica* que, a pesar da súa gran disparidade, presentan un notable valor histórico e lingüístico. Así, e aínda que se constata a imposibilidade de obter unha edición crítica global de todos os documentos dun corpus a partir dunha simple análise estatística de patróns regulares, si se destaca a posibilidade de organizar e estruturar materiais abundantes e de obter informacións varias sobre elementos individuais ou combinacións de palabras, como erros de comprensión por parte dos copistas ou variedade de léxico empregado en distintas áreas temáticas. Finalmente, o autor centra a súa atención no proxecto *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* [entrada 1105], que ofrece acceso gratuíto á base de datos de textos latinos medievais do Reino de Galicia, para defender que un tratamento axeitado dos datos informatizados facilita notablemente a actividade dos investigadores porque favorece as pescudas dirixidas e, consecuentemente, a obtención controlada de datos de cara a unha finalidade concreta.

1126 (N/05). Gómez Guinovart, Xavier: "Procesamiento y aplicaciones de los corpus paralelos", *Novática*, 175, 2005:50-54. | [Ed. facs. en liña]: Barcelona, Asociación de Técnicos de Informática, [2005], <http://www.ati.es/novatica/>, [Formato: PDF], [Consulta: 20/04/2008]. | [Ed. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, 2005, <http://webs.uvigo.es/sli/arquivos/nov175.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse as características dos corpus paralelos (entendidos como colecciónsde bitextos, ou textos constituídos por un texto e a súa tradución) e a súa utilidade no campo das concordancias bilingües, a extracción léxica e a tradución automática. Este tipo de corpus, codificados a partir de estándares relacionados co XML (*eXtensible Markup Language*), entre os que destacan XCES (*XML Corpus Encoding Standard*) e TMX (*Translation Memory eXchange*) supoñen unha especialización dos corpus plurilingües. O seu emprego permite atopar nun texto a tradución de calquera tipo de fragmento textual presentado baixo a forma de expresións regulares nun contexto de uso real e documentado, a elaboración de repertorios lexicográficos bilingües a partir de corpus e a elaboración de regras de tradución despois da análise das equivalencias atopadas en construcións semellantes. A modo de ilustración das características do formato TMX, creado en 1997 para permitir o intercambio de memorias de tradución entre os distintos entornos de tradución, amósase o aliñamento inglés-galego do *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114]. | Índice: 1. Introdución | 2. Corpus paralelos e estándares de codificación | 3. Aplicacións dos corpus paralelos | 5. Conclusións.

1127 (R/05). Graña, Jorge / Barcala, Francisco Mario / Vilares, Jesús: "Formal Methods of Tokenization for Part-of-Speech Tagging", en Alexander Gelbukh (ed.), *Computational Linguistics and Intelligent Text Processing: 3rd International Conference, CICLing 2002 (Mexico City, Mexico, 17-23 February, 2002): Proceedings*, Berlin / Heidelberg, Springer, 2002:240-249 (= *Lecture Notes in Computer Science*; 2276). | [Ed. facs. en liña]: 1-I-2002, <http://www.springerlink.com/content/gwk4ywjclt80utlp/fulltext.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 24/04/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, UDCDSpace, 28-X-2005, <http://hdl.handle.net/2183/148>, Formato: PS, [Consulta: 30/06/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, COLE Research Group, [2006], <http://www.grupocole.org/cole/library/ps/GraBarVil2002a.pdf>, [Formato: PDF] / <http://www.grupocole.org/cole/library/ps/GraBarVil2002a.ps.gz>, [Formato: PS comprimido], [Consulta: 10/06/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbese a estrutura dun preprocesador xenérico que pode ser complementado con información lingüística específica dun idioma e que se encarga de segmentar e preetiquetar textos. As tarefas dun preprocesador poden estar compostas por procesos que son máis complexos que a simple identificación de oracións e de cada un dos constituíntes individuais: separación de contraccións (gal. *do* = *de* + *o*, *nun* = *en* + *un*), pronomes enclíticos (gal. *falarlle* = *falar* + *lle*, *colleuno* = *colleu* + *o*), etc. Os etiquetadores actuais asumen que os textos xa están divididos en palabras gramaticais, é dicir, están correctamente segmentados en 'tokens' ou unidades de información de alto nivel que identifican cada compoñente individual dos textos. Esta hipótese de traballo non é realista, xa que algunhas linguas, como o galego ou o castelán, presentan fenómenos que hai que xestionar antes de facer a etiquetación. No tocante á segmentación, o problema está en que unha palabra do discurso non sempre se corresponde cunha palabra gramatical. Polo tanto, poderíase analizar a primeira de dúas maneiras: 1) como tal palabra do discurso, o cal obrigaría a ampliar o inventario de etiquetas para que desen conta destas unidades; 2) separadamente, dividindo cada palabra do discurso nos constituíntes que a conforman con cadansúa etiqueta. O obxectivo do traballo é describir o preprocesador modular desenvolvido polos autores, que aposta pola segunda opción e se basea en algoritmos xenéricos que se poden usar para diferentes linguas, mais enriquecéndoos con información particular dunha determinada lingua co fin de mellorar os resultados. Este preprocesador está deseñado como unha fase previa ao emprego dun etiquetador automático. No traballo defínense os módulos dos que consta o preprocesador (filtro, tokenizador, identificador de oracións, preetiquetador morfolóxico, contraccións, adestramento de nomes propios, pronomes enclíticos, expresións, nomes propios e numerais), descríbense brevemente os problemas lingüísticos máis complexos que resolve e faise unha breve introdución á estrutura dun posible etiquetador que puidera ser usado para tratar a información proporcionada por este preprocesador [C.B.G.].

1128 (N/05). López Alsina, Fernando: "La red y las fuentes documentales medievales: el ejemplo de CODOLGA", en *Pescar o navegar: la Edad Media en la Red*, Zaragoza, Universidad de Zaragoza, Departamento de Historia Medieval, Ciencias y Técnicas Historiográficas y Estudios Árabes e Islámicos, 2005:19-40, il.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. P

Presentación do *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* [entrada 1105), que está a se desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. En primeiro lugar, descríbese

a base de datos *GALADOC: Gallaeciae Latina Documenta*, que sustenta as consultas do *CODOLGA* a través da rede e explícase brevemente o nome e contido de cada un dos 17 campos (mais un rexesto) que conforman un rexistro: identificador principal, datación desde, datación ata, outorgante, exemplares, forma de transmisión, data de transmisión, soporte, procedencia, arquivo en que se localiza, unidade arquivística, signatura, folios, identificador de edición, código de edición, data de edición, número de documento dentro da edición, páxina(s), estado da revisión, rexesto e documento. O segundo apdo. describe o proceso de incorporación do material á base de datos, desde a selección da publicación que poida conter textos de interese ata a incorporación á base. O terceiro apdo. examina as utilidades actuais do *CODOLGA* e as futuras perspectivas de utilización, por exemplo a través da adopción do SGML. O cuarto apdo., que conta con numerosas capturas de pantalla, explica en detalle o sistema de buscas e expón varias estratexias para optimizar os resultados. O traballo pecha cun apéndice que ofrece unha listaxe das edicións documentais incorporadas a *GALADOC* que contan cun mínimo de 5 documentos nesa base de datos [X.A.P.].

1129 (N/05). López Martínez, María Sol: "El *Corpus de Referencia del Gallego Actual* (CORGA). Problemas de configuración y anotación", en Claus D. Pusch, Johannes Kabatek e Wolfgang Raible (eds.), *Romanistische Korpuslinguistik II = Romance Corpus Linguistics II: Korpora und diachrone Sprachwissenschaft = Corpora and Diachornic Linguistics*, Tübingen, Gunter Narr, 2005:281-292.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Describe as características da base de datos do *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual*, dispoñible na Internet en <http://nunes.cirp.es/corgaxml> [entrada 1106]. Comeza cunha descrición da súa configuración actual e a seguir dá conta dos cambios que se están a efectuar na súa codificación. Presenta finalmente unha análise dos problemas que xorden no corpus cando se aplican lematizadores e etiquetadores automáticos. A meirande dificultade débese á existencia dun elevado número de variantes gráficas, fonolóxicas e morfolóxicas nos docs., que a autora clasifica neste traballo [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Recs.: Lenet Schosler, *RLiR*, 70/277-278, 2006:209-211.

1130 (R/04). Méndez Pazó, Francisco / Campillo Díaz, Francisco / Rodríguez Banga, Eduardo / Fernández Rei, Elisa: "Análisis morfosintáctico estadístico en lengua gallega", *PLN*, 31 [= *XIX Congreso de la Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural (Universidad de Alcalá, 10, 11 y 12 de septiembre de 2003)*], 2003:159-166. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2004], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/31/31-Pag159.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 16/04/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 5-IX-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1504>, Formato: PDF, [Consulta: 08/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descrición dun analizador morfosintáctico para o galego que, ademais do seu interese lingüístico, resulte facilmente aplicable a sistemas de recoñecemento e síntese de voz. Os modelos estatísticos demostraron que son capaces de ofrecer resultados semellantes a sistemas que empregan unha manchea de regras complexas que, por outra banda, son moi difíciles de depurar e manter. Polo contrario, os modelos

estocásticos permiten un deseño rápido, se se dispón dun corpus de adestramento, e son sumamente flexibles, xa que poden ser adaptados a outro idioma sen modificacións excesivas do código. Para adestrar os modelos estatísticos iniciouse a construción dun corpus en galego que, polo momento, consta dunhas 400.000 palabras etiquetadas morfosintacticamente [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1131 (N/05). Moreda Leirado, Marisa / Saavedra Places, Ángeles / Vázquez Fontenla, Eloy / Rodríguez Penabad, Miguel: "Algoritmo de *stemming* para el gallego", *PLN*, 35, 2005:153-160. | [Ed, facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2005], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/35/19.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 07/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 31-VII-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1310>, Formato: PDF, [Consulta: 08/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Coa intención de contribuír ao desenvolvemento de ferramentas e recursos para o procesamento computacional do galego tratando de encher o baleiro que existe neste ámbito, descríbese cada unha das oito etapas de que consta o algoritmo de lematización destinado a esta lingua (redución de desinencias e plural, unificación gráfica, redución de sufixos adverbiais, redución de sufixos apreciativos, redución de sufixos nocionais, redución de desinencias verbais, redución vocálica, eliminación do til). A seguir, preséntanse as principais dificultades coas que hai que se enfrontar para a aplicación deste algoritmo (número elevado de sufixos, interferencias do castelán e baleiro normativo durante séculos). Para a construción do lematizador leváronse a cabo estudos estatísticos a través da experimentación en dous corpus: o *TILG: Tesouro Informatizado da Lingua Galega* [entrada 391] e a *Biblioteca Virtual Galega* (A Coruña, Universidade da Coruña, s.d.). Segundo os autores, o novo algoritmo aquí presentado amosa unha mellora significativa respecto do prototipo creado en 2002, ao ser capaz de tratar a recursividade morfolóxica, co obxectivo de ser usado principalmente en servizos de busca por contido en bibliotecas dixitais. | Índice: 1. Introducción (p. 153-154) | 2. Lematización y *stemming* (p. 154-156) | 3. Particularidades del gallego (p. 157) | 4. Resultados empíricos (p. 157-158) | 5. Conclusiones y trabajo futuro (p. 158).

1132 (N/05). Moreda Leirado, Marisa / Saavedra Places, Ángeles / Vázquez Fontenla, Eloy / Rodríguez Penabad, Miguel: "Ferramentas de Recuperación de Textos para Bibliotecas Dixitais: Lematización", *RGaF*, 6, 2005:73-91.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Un dos servizos máis interesantes das bibliotecas dixitais é o que permite a busca de documentos polo seu contido, é dicir, o que permite achar textos que traten dun certo tema. Para que as bibliotecas poidan implementar servizos deste tipo é preciso que existan recursos e ferramentas de recuperación de textos (corpora, dicionarios electrónicos, lematizadores, analizadores morfolóxicos, etc.) desenvolvidas para o idioma en que estean escritos os documentos da biblioteca. A cantidade e a calidade dos recursos e ferramentas que estean desenvolvidos depende do idioma de que se tratar. Na Península Ibérica as bibliotecas dixitais de textos escritos en galego son as que teñen máis complicado desenvolveren servizos de busca por contido, xa que non existen até o momento as ferramentas e os recursos de apoio apropiados. Neste traballo preséntase unha ferramenta de recuperación de textos desenvolvida para o galego, grazas á colaboración de investigadores en Filoloxía Galego-Portuguesa e Informática da

Universidade da Coruña. Trátase dun lematizador presentado por primeira vez en 2002 e que nos últimos anos foi optimizado, completado e probado con corpora de diferente natureza para ser usado en servizos de busca por contido de bibliotecas dixitais [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1133 (R/05). Parkinson, Stephen R.: "Um arquivo computorizado de textos medievais portugueses", *BmF*, XXVIII/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, I], 1983:241-252. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/28/boletim28.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. portugués | 4. m | 5. lingua escrita: inf. diafásica (rexistro xurídico-administrativo)

Presentación e descrición do proxecto *Arquivo de Textos do Português Antigo*, un arquivo dixital de textos non literarios medievais organizado para a elaboración de cronoloxías de desenvolvementos gráficos e fonéticos mediante a preparación automática de concordancias por ordenador. Non hai indicación de que textos forman parte deste arquivo.

1134 (N/05). Rodríguez Río, Xusto A.: "Da utilidade dos corpus para o asesoramento lingüístico: os corpus galegos", *Novas CTNL*, 17, 2005:3. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, [2005], <http://www.ctnl.org/upload/des/35-a-novasctnl17.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 15/06/2008].

1. divulgación/opinión | 2. ámb. galego | 4. c

Sinálase a importancia dos corpus actualmente existentes (o *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114], o *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* [entrada 1106] e o *TILG: Tesouro Informatizado da Lingua Galega* [entrada 391) no estudo da lingua galega e o proveito que se lles pode tirar desde os servizos lingüísticos, permitindo documentar a vitalidade dunha palabra, coñecer cal é a forma máis frecuente nunha serie de sinónimos, achegarnos ao significado dunha palabra grazas ao contexto ou comprobar a presenza na lingua escrita de formas desaconselladas pola norma.

1135 (N/04). Seijo Pereiro, Lorena / Martínez Ínsua, Ana / Méndez Pazó, Francisco / Campillo Díaz, Francisco / Rodríguez Banga, Eduardo: "A Galician Textual Corpus for Morphosyntactic Tagging with Application to Text-to-Speech Synthesis", en Maria Teresa Lino, Maria Francisca Xavier, Fátima Ferreira, Rute Costa e Raquel Silva (eds.), *LREC 2004: Proceedings of the 4th International Conference on Language Resources and Evaluation (Lisboa, 26-28 May 2004)*, Paris, European Language Resources Association (ELRA), 2004:1759-1762. | [Ed. facs. dix.]: 2004:1759-1762, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://gandalf.aksis.uib.no/non/lrec2004/pdf/111.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 30/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Ljubljana, Slovensko drustvo za jezikovne tehnologije [= Sociedade Eslovena de Tecnoloxías Lingüísticas], [2004], <http://www.sdjt.si/bib/lrec04/pdf/111.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 23/04/2008].

1. investigación | 2. ámb. galego | 3. sincrónico | 4. c

Presentación do etiquetador morfosintáctico e do corpus de galego escrito contemporáneo empregados no desenvolvemento do sintetizador texto-fala *Cotovía*. En opinión dos autores, a calidade e precisión

deste etiquetador demostran que é útil para aplicacións de tecnoloxías da fala e permiten consideralo como unha posible referencia para futuros proxectos de investigación sobre a lingua galega. En esencia, o etiquetador asigna automaticamente diversas etiquetas (entre elas, as das categorías morfosintácticas) ás formas do corpus mediante a combinación dun reducido, pero moi fiable, número de regras e un modelo lingüístico estatístico que utiliza n-gramas de etiquetas cuxas probabilidades son adestradas co propio corpus. Para a etiquetación dos textos utilízase unha técnica de retroalimentación: inicialmente etiquétase de forma automática unha pequena cantidade de texto utilizando un reducido conxunto de regras lingüísticas e logo, reunindo os resultados acadados neste estadio do proceso (despois da revisión manual do etiquetado), constrúese o modelo estatístico inicial. Pode dicirse que o proceso de etiquetación consta esencialmente das seguintes fases de etiquetado consecutivas: 1) uso da última versión do modelo estatístico; 2) revisión manual do etiquetado realizado previamente de forma automática; 3) actualización do modelo estatístico, que consigue etiquetar o texto correctamente [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 770, 1147.

93 Tradución automática: Recursos, informes e estudos

1136 (N/05). *Tradutor OpenTrad apertium español <-> galego*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática / [Alacant], Universitat d'Alacant, Grup d'Investigació Transducens, [2005], <http://sli.uvigo.es/tradutor/>, [Consulta: 31/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Primeiro tradutor automático de certa calidade que funciona tanto na dirección galego > castelán como castelán > galego. Permite traducir documentos introducidos polo usuario nos formatos TXT, RTF ou HTML, traducir o texto escrito na pantalla ou mesmo navegar en tempo real pola Web con tradución automática instantánea das páxinas visitadas. Nesta primeira versión conta cun dicionario bilingüe galego-castelán dunhas 8.500 entradas que está previsto ir ampliando en futuras actualizacións, así como ir implementando novas utilidades. Forma parte dun proxecto máis amplo de tradución automática entre as distintas linguas hispánicas.

Recs.: *O Cartafol*, 24, 2005, <http://ocartafol.usc.es/con_creto.asp?OCartafol=24&Artigo=179>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/11/2005].

1137 (N/05). Armentano-Oller, Carme / Corbí-Bellot, Antonio M. / Forcada, Mikel L. / Ginestí-Rosell, Mireia / Bonev, Boyan / Ortiz-Rojas, Sergio / Pérez-Ortiz, Juan Antonio / Ramírez-Sánchez, Gema / Sánchez-Martínez, Felipe: "An Open-Source Shallow-Transfer Machine Translation Toolbox: Consequences if its Release and Availability", en Proceedings of the *Open-Source Machine Translation: Workshop at Machine Translation Summit X (September 12-16, 2005, Phuket, Thailand)*, [s.l.], International Association for Machine Translation, 2005:23-30. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Alacant, Universitat d'Alacant, Departament de Llenguatges i Sistemes Informàtics, [2005], <http://www.dlsi.ua.es/~mlf/docum/armentano05p.pdf>, [Formatos: PDF/PS], [Consulta: 12/01-2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Machine Translation

Archive, [2005], <http://www.mt-archive.info/MTS-2005-Armentano-Oller.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/08/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrécese unha breve descrición da plataforma de código aberto para tradución automática baseada en transferencia superficial que está a desenvolver o grupo Transducens da Universitat d'Alacant. Esta plataforma é parte dun proxecto máis amplo financiado polo goberno español, no que participan a Euskal Herriko Unibertsitatea, a Universidade de Vigo, a Universitat Politècnica de Catalunya, a Universitat d'Alacant e tres compañías españolas (Eleka Ingeinaritza Linguistikoa, Elhuyar Fundazioa e Imaxin Software) especializadas no desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas. A previsión é que se faga pública baixo unha licenza de tipo GPL e inclúe os seguintes compoñentes: a) o motor de tradución baseada en transferencia superficial, de código aberto e de carácter modular, adecuado para linguas relacionadas e baseado en grande parte nos motores de sistemas previamente desenvolvidos polo grupo de investigación, como *interNOSTRUM* (para o castelán-catalán) e o *Traductor Universia* (para o castelán-portugués); b) unha ampla documentación (incluídas as definicións de tipo de documento), que especifica o formato XML de todos os dicionarios e regras, e os arquivos de xestión de formatos; c) os compiladores que converten eses datos ao formato de alta velocidade utilizado polo motor; d) datos lingüísticos de proba para o castelán-catalán e o castelán-galego e as especificacións da xestión dos formatos HTML, RTF e TXT. Na última parte do traballo explóranse as posibles consecuencias da dispoñibilidade desta arquitectura ou outras semellantes, incluído o desenvolvemento por grupos de voluntarios de sistemas de tradución automática para linguas que carecen deste tipo de tecnoloxía lingüística.

1138 (N/05). Corbí-Bellot, Antonio M. / Forcada, Mikel L. / Ortiz-Rojas, Sergio / Pérez-Ortiz, Juan Antonio / Ramírez-Sánchez, Gema / Sánchez-Martínez, Felipe / Alegria, Iñaki / Mayor, Aingeru / Sarasola, Kepa: "An Open-Source Shallow-Transfer Machine Translation Engine for the Romance Languages of Spain", en *Proceedings of the European Association for Machine Translation 10th Annual Conference (EAMT 2005)*, Budapest, 2005:79-86. | [Ed. en liña n.v.]: Alacant, Universitat d'Alacant, Departament de Llenguatges i Sistemes Informàtics, [2005], <http://www.dlsi.ua.es/~japerez/pub/pdf/eamt2005.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Machine Translation Archive, [2005], <http://www.mt-archive.info/EAMT-2005-Corbi-Bellot.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/08/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Preséntase a situación actual do desenvolvemento dunha plataforma de código aberto para tradución automática baseada en transferencia superficial entre as linguas romances do Estado español (castelán, catalán e galego). Esta plataforma é parte dun proxecto financiado polo goberno español, que incluirá outras linguas como o éuscaro e no que participan a Euskal Herriko Unibertsitatea, a Universidade de Vigo, a Universitat Politècnica de Catalunya, a Universitat d'Alacant e tres compañías españolas (Eleka Ingeinaritza Linguistikoa, Elhuyar Fundazioa e Imaxin Software) especializadas no desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas. A plataforma emprega transductores de estados finitos para as operacións de procesamento léxico, modelos ocultos de Markov para a desambiguación categorial e fragmentación (*chunking*) multietapa baseada en estados finitos para a transferencia superficial. O deseño inicial está baseado noutros sistemas previamente desenvolvidos polo Grupo Transducens da Universitat d'Alacant, como *interNOSTRUM* (para o castelán-catalán) e o *Traductor Universia* (para o castelán-portugués). O

alcance do proxecto, non obstante, será maior porque permitirá empregar o sistema de tradución para novos pares de linguas. Por iso o proxecto tamén traballa no establecemento de formatos estándar para codificar os datos lingüísticos. Neste traballo descríbese brevemente o motor de tradución, os formatos que emprega para codificar os datos lingüísticos e os compiladores que converten os datos nun formato útil para o motor.

94 Recuperación de información: Recursos, informes e estudos

1139 (N/05). Barcala, Francisco Mario / Molinero, Miguel A. / Domínguez Noya, Eva: "Construcción de sistemas de recuperación de información sobre córpora textuales estructurados de grandes dimensiones", *PLN*, 34, 2005:41-48. | [Ed, facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2005], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/34/04.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 07/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, COLE Research Group, [2007], <http://www.grupocole.org/cole/library/ps/BarMolDom2005c.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/06/2008]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 31-VIII-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1436>, Formato: PDF, [Consulta: 08/07/2008].

1. investigación | 2. ámb. xeral/panrománico | 3. sincrónico | 4. c

Avalíanse as principais tecnoloxías para o desenvolvemento de sistemas de recuperación de información baseados en corpus estruturados de grandes dimensións. En primeiro lugar, descríbese brevemente o corpus sobre o que se ilustra o estudo: *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* [entrada 1106]. Logo repásanse as principais alternativas para a construción destes sistemas de recuperación de información. A seguir, avalíanse as dúas tecnoloxías máis aplicadas nas principais liñas de investigación deste campo, definindo previamente as necesidades para este tipo de sistemas: *Oracle* (de Oracle Corporation), xestor de bases de datos relacionais que integra capacidades XML, e *Tamino* (de Software AG Company), indexador nativo XML. Por último, ademais das conclusións, descríbese a tecnoloxía que mellor se adapta ás necesidades previamente subliñadas.

1140 (N/05). Barcala, Francisco Mario / Molinero, Miguel A. / Domínguez Noya, Eva: "Information Retrieval and Large Text Structured Corpora", en Roberto Moreno Díaz, Franz Pichler e Alexis Quesada Arencibia (eds.), *Computer Aided Systems Theory - EUROCAST 2005: 10th International Conference on Computer Aided Systems Theory (Las Palmas de Gran Canaria, Spain, February 7-11, 2005): Revised Selected Papers*, Berlin / Heidelberg, Springer, 2005:91-100 (= *Lecture Notes in Computer Science*; 3643). | [Res.]: en Alexis Quesada-Arencibia, Roberto Moreno-Díaz jr. e José-Carlos Rodríguez (eds.), *Tenth International Conference on Computer Aided Systems Theory - EUROCAST 2005 (Las Palmas de Gran Canaria, Spain, February 2005): Extended Abstracts*, [Las Palmas de Gran Canaria], Universidad de Las Palmas de Gran Canaria, Instituto Universitario de Ciencias y Tecnologías Cibernéticas, 2005:55-57. | [Ed. facs. en liña do texto completo]: 19-X-2005, <http://www.springerlink.com>, Formato: PDF, [Consulta: 30/10/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v. do texto completo]: [A Coruña], Universidade da Coruña, COLE Research Group, [2007], <http://coleweb.dc.fi.udc.es/cole/library/ps/BarMolDom2005b.

pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 05/12/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v. do resumo]: [A Coruña], Universidade da Coruña, COLE Research Group, [2007], <http://coleweb.dc.fi.udc.es/cole/library/ps/BarMolDom2005a.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 05/12/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Na actualidade parece evidente que, debido á rica estrutura dos documentos dun corpus, é necesario construír sistemas de recuperación de información eficientes e flexibles que traballen con corpus estruturados moi grandes. Neste relatorio faise unha análise comparativa das principais tecnoloxías que se poden empregar para desenvolvelos, centrándose nos traballos que usan corpus que non inclúen información morfosintáctica e que están estruturados en formato XML (*eXtensible Markup Language*). Primeiramente, preséntase o corpus utilizado para comprobar a eficiencia das distintas tecnoloxías (*CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* [entrada 1106]) e, a continuación, as principais alternativas para construír sistemas de recuperación de información baseados en corpus estruturados moi grandes. Despois de definir as necesidades deste tipo de sistemas, avalíanse as dúas tecnoloxías máis representativas neste campo de investigación: *Oracle* (de Oracle Corporation), xestor de bases de datos relacionais que inclúe funcionalidades para traballar con XML, e *Tamino* (de Software AG Company), indexador nativo XML. Finalmente, amósanse as conclusións e a tecnoloxía que, en opinión dos autores, mellor se adecúa ás necesidades previamente establecidas. Conclúese que é importante que os documentos do corpus estean nun formato común ao traballar con grandes cantidades de información, o que permitirá consultar todos os textos usando unha única consulta e mellorar o rendemento do sistema. Así, evitaranse problemas de rendemento e de xestión de resultados. Aínda que xa hai algúns tímidos intentos de inclusión de operacións lingüísticas básicas nas tecnoloxías para construír sistemas de recuperación de información, é necesario desenvolvelas moito máis para satisfacer os requirimentos dos usuarios de corpus. Fronte ás tecnoloxías XML, que se están a desenvolver moi rapidamente pero que necesitan asentarse, atópanse os xestores de bases de datos relacionais, que teñen unha estabilidade, flexibilidade e rendemento moi altos. Segundo os resultados obtidos nas probas, o feito de que estes xestores inclúan capacidades de indexación de texto, xunto cos inconvenientes doutras tecnoloxías, son os motivos polos que os autores propoñen Oracle como a primeira opción para a construción dos sistemas de recuperación de información obxecto de estudo [C.B.G.].

95 Extracción de información: Recursos, informes e estudos

Vid. a entrada 1130.

96 Tecnoloxías da fala

961 Síntese da fala: Recursos, informes e estudos

1141 (R/05). Rodríguez Banga, Eduardo / García Mateo, Carmen / Fernández Salgado, Xavier: "Concatenative Text-to-Speech Synthesis Based on Sinusoidal Modelling", en E. Keller, G. Bailly, A. Monaghan, J. Terken e M. Huckvale (eds.), *Improvements in Speech Synthesis: Cost*

258: The Naturalness of Synthetic Speech, Sussex, John Wiley and Sons, 2001:39-51. | [Ed. en liña]: Wiley InterScience, 2002, <http://www3.interscience.wiley.com/cgi-bin/jissue/93516916>, [Formato: PDF], [Consulta: 16/08/2004]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Departamento de Teoría de la Señal y Comunicaciones, Grupo de Tecnologías de la Señal, [2005], <http://www.gts.tsc.uvigo.es/web/imaxes_user/050711010713_Concatenative.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Os autores presentan a investigación que están levando a cabo no campo da síntese concatenativa texto-fala mediante o modelado sinusoidal. Actualmente, os sistemas de conversión de texto a fala baseados na síntese concatenativa son moi utilizados. Estes sistemas requiren un algoritmo que faga posible a concatenación das unidades de fala e o axuste dos seus parámetros prosódicos. O máis coñecido destes algoritmos é o TD-PSOLA (*Time Domain Pitch Synchronous Overlap-Add*), debido á súa simplicidade e á alta calidade da fala sintética que produce; porén, a súa principal eiva é a falta de flexibilidade, xa que a técnica que utiliza non permite modificar directamente as características espectrais da fala. Nos últimos anos, foi gañando terreo a técnica alternativa do modelado sinusoidal, baseada nun algoritmo máis complexo e computacionalmente máis custoso, pero moi flexible. A idea básica da mesma é modelar cada compoñente espectral significativo como un sinusoide. As deficiencias que amosa cando se aplica ao escalamento da duración e da frecuencia fundamental foron corrixidas mediante a técnica coñecida como *Modelo sinusoidal preservador da forma de onda* [*Shape-Invariant Sinusoidal Model* (SISM)], que ofrece resultados bastante bos cando se aplica á fala continua, pero que presenta algúns problemas na aplicación á síntese texto-fala. A principal fonte de dificultades reside na falta de continuidade das unidades de fala tiradas de diferentes contextos. Para resolvelos, os autores propoñen un *Modelo sinusoidal preservador da forma de onda e sincrónico coa frecuencia fundamental* [*Pitch-Synchronous Shape-Invariant Sinusoidal Model* (PSSM)], que utiliza unha serie de marcas tonais para levar a cabo unha análise da frecuencia fundamental síncrona e como puntos de referencia na modificación dos parámetros prosódicos da fala ou na concatenación das unidades de fala. No artigo descríbense brevemente os principios do SISM e o fundamento e aplicación do PSSM, xunto con algúns resultados desa aplicación, para rematar coa análise das posibilidades de aplicación do PSSM a un sistema de síntese concatenativa texto-fala.

Vid. tamén as entradas 116, 1130.

962 Conversión de texto a fala: Recursos, informes e estudos

1142 (N/05). Campillo Díaz, Francisco / Rodríguez Banga, Eduardo: "Evaluación del modelado acústico y prosódico del sistema de conversión texto-voz Cotovía", *PLN*, 35, 2005:5-12. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2005], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/35/01.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 07/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 28-VII-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1262>, Formato: PDF, [Consulta: 08/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

A alta calidade acadada polos sistemas de conversión texto-fala baseados en corpus convertiunos no método de síntese da fala sobre o que máis se investiga na actualidade. Na bibliografía especializada poden acharse múltiples traballos sobre os aspectos clave desta tecnoloxía (o deseño das funcións de custo, a caracterización dos segmentos de voz e a estimación da prosodia), pero hai moi pouca claridade sobre as formas máis adecuadas para avaliar a calidade da voz sintética obtida. Neste traballo preséntanse as probas de avaliación, tanto subxectivas como obxectivas, que se realizaron sobre o conversor de voz Cotovía [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1143 (R/04). Rodríguez Banga, Eduardo / Campillo Díaz, Francisco / Fernández Rei, Elisa / Méndez Pazó, Francisco: "Sistema de conversión texto-voz en lengua gallega basado en la selección combinada de unidades acústicas y prosódicas", *PLN*, 29, 2002:153-158. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2004], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/29/29-Pag153.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 16/04/2005]. | [Ed. facs. en liñan.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 14-IX-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1710>, Formato: PDF, [Consulta: 07/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Descrición do sistema de conversión texto-voz en lingua galega *Cotovía*, baseado nas denominadas *técnicas de síntese baseadas en corpus*. Fronte aos tradicionais sintetizadores de voz por concatenación, que normalmente utilizan un conxunto de unidades de síntese reducido, os sistemas de síntese baseados en corpus consideran múltiples realizacións de cada unidade e, mediante técnicas de programación dinámica, seleccionan aquela secuencia de unidades que minimiza unha función de custo. Por outra banda, tradicionalmente, a xeneración da información prosódica realízase nunha etapa previa á selección de unidades, o que en moitas ocasións obriga a manipular en exceso as unidades seleccionadas co fin de axustalas á entoación, duración e enerxía desexadas. Neste traballo tamén se propón a selección conxunta do contorno entoativo e das unidades de síntese, co obxecto de minimizar a distorsión causada polas modificacións prosódicas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén a entrada 1135.

963 Recoñecemento da fala: Recursos, informes e estudos

1144 (N/05). Diéguez Tirado, Javier / García Mateo, Carmen / Docío Fernández, Laura / Cardenal López, Antonio: "Adaptation Strategies for the Acoustic and Language Models in Bilingual Speech Transcription", [Ed. en liña n.v.]: en *2005 IEEE International Conference on Acoustics, Speech, and Signal Processing (March 18-23, 2005 - Philadelphia, Pennsylvania, USA): Proceedings*, 1: *Speech Processing*, [Piscataway, NJ], The Institute of Electrical and Electronics Engineers, Signal Processing Society, 2005:833-836, <http://ieeexplore.ieee.org/xpl/tocresult.jsp?isnumber=30650&isYear=2005>, [Formatos: HTML/PDF], [Consulta: 29/05/2007]. | [Ed. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Departamento de Teoría de la Señal y Comunicaciones, Grupo de Tecnologías de la Señal, [2005]:833-836, <http://www.gts.tsc.uvigo.es/web/imaxes_user/051104101141_icassp05.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 19/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Os autores presentan a súa actual investigación sobre transcrición fala-texto de gravacións en dúas linguas. O marco experimental (*Transcrigal DB*) está constituído por programas de noticias da televisión emitidos en galego e, en parte, tamén en castelán. Trátase dunha colección de 14 noticiarios da TVG emitidos en outubro de 2002, que se está aumentando na actualidade con outros 14 gravados en 2003 e 2004. A duración de cada programa é de 60 minutos, estruturados en tres bloques ben diferenciados con cadanseu presentador: noticias, deportes e tempo. A media de falantes por noticiario é de 152 e clasifícanse en tres grupos principais: reporteiros galegofalantes, reporteiros non galegofalantes e reporteiros non castelanfalantes. No artigo descríbese o funcionamento do sistema de recoñecemento de fala bilingüe *Transcrigal*, desenvolvido polos autores, cuxo obxectivo é ofrecer unha transcrición detallada destes noticiarios na que, ademais da representación textual da fala, se inclúan etiquetas con información sobre o tema, a lingua e o tipo de falante; por iso, no funcionamento do sistema evítase a detección a priori da lingua das gravacións. O rendemento de *Transcrigal* amósase desproporcionado para os textos de cada unha das linguas, resultando moito máis efectivo para os textos galegos que para os casteláns, debido a que as mostras dos primeiros corresponden principalmente a discursos planificados, mentres que as dos segundos son principalmente discursos espontáneos. Como os recursos lingüísticos empregados polo sistema non inclúen bases de datos de discursos espontáneos, o adestramento para estes diálogos utiliza principalmente un número limitado de transcricións manuais. Porén, os mellores resultados obtéñense cando se ten en conta o falante e o estilo de fala mediante a adaptación de modelos acústicos e lingüísticos. No futuro, preténdese dobrar o número de transcricións manuais para mellorar o adestramento e adquirir transcricións en galego e castelán espontáneas de películas e novelas [C.B.G.].

1145 (N/04). Diéguez Tirado, Javier / García Mateo, Carmen / Docío Fernández, Laura / Cardenal López, Antonio: "Transcrigal: Sistema de transcripción de programas de noticias de la Universidad de Vigo", en Emilio Sanchis Arnal (ed.), *Actas de las III Jornadas en Tecnología del Habla (3JTH) (Valencia, 17 al 19 de Noviembre de 2004)*, [Valencia], Universidad Politécnica de Valencia, Facultad de Informática, Departamento de Sistemas Informáticos y Computación, [2004]:243-248, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Madrid], Red Temática en Tecnologías del habla, [2004], <http://lorien.die.upm.es/~lapiz/rtth/JORNADAS/III/actas3JTH.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/06/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Os autores describen o actual grao de desenvolvemento de *Transcrigal*, sistema de recoñecemento automático de programas de noticias da televisión desenvolvido na Universidade de Vigo. O traballo abrangue tanto a adquisición e etiquetado de recursos lingüísticos, como a construción do sistema de recoñecemento de fala. Salientan dúas importantes limitacións que determinan algunhas das escollas tecnolóxicas e a metodoloxía empregada: 1) o tamaño bastante modesto das bases de datos orais e textuais do galego, sobre todo comparándoo con proxectos semellantes para o inglés; 2) a coexistencia nas gravacións de dous idiomas (galego e castelán). A aproximación utilizada é a de explotar ao máximo as técnicas de adaptación acústica e léxica para paliar a primeira limitación e a construción dun sistema de recoñecemento bilingüe para enfrontar o segundo. Os resultados aquí amosados parecen validar o acerto das dúas decisións. Por último, descríbese como se construíu o demostrador deste proxecto [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. | Índice: 1. Introducción | 2. La base de datos

Transcrigal-DB | 3. El motor de reconocimiento | 4. Segmentación de audio | 5. Modelado acústico | 6. Modelado de lenguaje | 7. Resultados experimentales | 8. Demostrador del sistema | 9. Conclusiones y Líneas Futuras.

1146 (N/05). Docío Fernández, Laura / García Mateo, Carmen: "Effect of Poor Spontaneous Speech Modeling on Broadcast News Transcription Performance", [Ed. en liña]: en *Applied Spoken Language Interaction in Distributed Environments (ASIDE 2005): ISCA Tutorial and Research Workshop and COST278 Final Workshop (Aalborg, Denmark, November 10-11, 2005)*, [s.l.], ISCA Archive, [2005], Paper 19, <http://www.isca-speech.org/archive/aside_2005>, [Consulta: 30/11/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

O recoñecemento de fala espontánea constitúe unha área importante do campo do recoñecemento automática da fala. A maior parte dos sistemas de recoñecemento acadan unha adecuación alta sobre fala planificada, pero funcionan de xeito deficiente con fala espontánea. Os autores presentan como marco experimental a aplicación *Transcrigal*, deseñada para a transcrición de noticias en galego, xa que xeralmente este tipo de programas inclúe datos de diversos falantes con estilos diferentes (planificado, espontáneo, conversacional). *Transcrigal* contén un banco de probas con aproximadamente un 19% de fala espontánea. Os resultados amosan que este sistema acada unha adecuación alta con fala planificada, pero con fala espontánea o seu grao de precisión é máis baixo. Neste traballo analízanse algúns dos trazos máis importantes da fala espontánea, concluíndo que o grao de precisión do sistema de recoñecemento pode ser mellorado utilizando como corpus de entrenamento a maior cantidade posible de datos de fala espontánea e deseñando no decodificador eventos espontáneos tales como pausas longas e breves [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1147 (N/04). García Mateo, Carmen / Diéguez Tirado, Javier / Docío Fernández, Laura / Cardenal López, Antonio: "Transcrigal: A Bilingual System for Automatic Indexing of Broadcast News", en Maria Teresa Lino, Maria Francisca Xavier, Fátima Ferreira, Rute Costa e Raquel Silva (eds.), *LREC 2004: Proceedings of the 4th International Conference on Language Resources and Evaluation (Lisboa, 26-28 May 2004)*, Paris, European Language Resources Assoaciation (ELRA), 2004:1759-1762. | [Ed. facs. dix.]: 2004:1759-1762, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://gandalf.aksis.uib.no/non/lrec2004/pdf/111.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 30/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Departamento de Teoría de la Señal y Comunicaciones, Grupo de Tecnologías de la Señal, [2004], <http://www.gts.tsc.uvigo.es/web/imaxes_user/051104101114_lrec04_transcrigal.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Ljubljana, Slovensko drustvo za jezikovne tehnologije [= Sociedade Eslovena de Tecnoloxías Lingüísticas], [2004], <http://www.sdjt.si/bib/lrec04/pdf/382.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Os autores describen a base de datos de noticias da televisión *Transcrigal-DB*, desenvolvida na Universidade de Vigo como parte do sistema de recoñecemento da fala *Transcrigal*. Esta base de datos está constituída actualmente pola compilación de 14 programas de noticias da TVG emitidos en outubro de 2002, que corresponden a unhas 15 horas de gravación. Os materiais están maioritariamente en galego, aínda que tamén aparece aproximadamente un 11% de datos en castelán. | Índice: 1. Introduction

| 2. The *Transcrigal-DB* Database | 3. Other Spoken and Textual LRs | 4. Speaker Segmentation Module | 5. Automatic Speech Recognizer | 5.1. Acoustic Modeling | 5.2. Language Modeling | 5.2.1. Baseline Language Model | 5.2.2. Block-Adapted LMs for Planned Galician | 5.2.3. Spontaneous Speech LMs | 6. Experimental Results | 7. Discussion and Further Work.

1148-1 (N/04). Pérez Freire, Luis / García Mateo, Carmen: "A Multimedia Approach for Audio Segmentation in TV Broadcast News", en *2004 IEEE International Conference on Acoustics, Speech and Signal Processing (May 17-21 2004 - Montreal, Quebec, Canada): Proceedings*, I: *Speech Processing*, [Piscataway, NJ], The Institute of Electrical and Electronics Engineers, Signal Processing Society, 2004:369-372. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2006], <http://ieeexplore.ieee.org/iel5/9248/29343/01325999.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Os autores propoñen unha aproximación multimedia, que inclúe o procesamento de audio e vídeo, para levar a cabo a segmentación de gravacións de programas de noticias da televisión. O sistema de segmentación que presentan neste artigo está constituído por dúas partes diferenciadas: 1) a que analiza a secuencia de audio, baseándose no ben coñecido *Criterio de Información Bayesiana* (CIB); 2) a que extrae da secuencia de vídeo información útil para aumentar o rendemento do CIB. O banco de datos utilizado para a aplicación deste sistema foi *Transcrigal-DB*, constituído por 13 horas de material audiovisual tirado de programas de noticias en galego emitidos pola TVG. Antes da realización dos experimentos, transcribíronse e etiquetáronse manualmente as gravacións de audio mediante o programa *Transcriber* (vid. Claude Barras, Edouard Geoffrois, Zhibiao Wu e Mark Liberman: "Transcriber: Development and Use of a Tool for Assisting Speech Corpora Production", *Speech Communication*, 33/1-2, 2000:5-22). Para tratar de acadar os mellores resultados posibles nos experimentos de aplicación, tamén se investigaron os parámetros implicados na formulación do CIB. O sistema final amosa significativas melloras tanto no rendemento global como na rubustez.

1148-2 (N/04). Vandecatseye, An / Martens, Jean-Pierre / Neto, João / Meinedo, Hugo / García Mateo, Carmen / Diéguez Tirado, Javier / Mihelic, France / Zibert, Janez / Nouza, Jan / David, Petr / Pleva, Matus / Cizmar, Anton / Papageorgiou, Harris / Alexandris, Christina: "The COST278 pan-European Broadcast News Database", en Maria Teresa Lino, Maria Francisca Xavier, Fátima Ferreira, Rute Costa e Raquel Silva (eds.), *LREC 2004: Proceedings of the 4th International Conference on Language Resources and Evaluation (Lisboa, 26-28 May 2004)*, Paris, European Language Resources Assoaciation (ELRA), 2004:873-876. | [Ed. facs. dix.]: 2004:873-876, CD-ROM / Formato: PDF. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <http://gandalf.aksis.uib.no/non/lrec2004/pdf/70.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 30/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Ljubljana, Slovensko drustvo za jezikovne tehnologije [= Sociedade Eslovena de Tecnoloxías Lingüísticas], [2004], <http://www.sdjt.si/bib/lrec04/pdf/70.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 23/04/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Preséntase un banco de datos paneuropeo e multilingüe de audio e vídeo, que naquela altura estaba constituído por programas televisivos de noticias emitidos en sete linguas (holandés, portugués, galego, checo, esloveno, eslovaco e grego) e foi froito da colaboración de seis empresas públicas e dúas privadas (no caso galego, a TVG). En total, son 23 horas de gravacións procedentes de dez canles de televisión

(aproximadamente, unhas tres horas por lingua). Os autores ofrecen unha breve descrición deste corpus, destinado a servir de marco experimental para unha investigación sobre a transcrición automática da fala, repasan as regras de transcrición adoptadas e analizan o software actualmente existente para a avaliación dos algoritmos de segmentación e agrupamento. Tamén pasan revista aos resultados da avaliación de diversos sistemas e, por último, presentan os seus plans para o futuro e revisan algunhas conclusións iniciais. Na súa opinión, "[b]y evaluating different algorithms using the same software, and by applying algorithms to a multilingual / multi-style corpus, it may be possible to assess the strengths and weaknesses of existing approaches, and to conceive better approaches through collaborative research" (p. 873).

Vid. tamén as entradas 116, 1130.

964 Sistemas de diálogo home/máquina: Recursos, informes e estudos

1149 (R/04). Pérez-Piñar López, David / García Mateo, Carmen: "Integración automática de fuentes de conocimiento lingüístico en el desarrollo de sistemas de diálogo", *PLN*, 29, 2002:197-203. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2004], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/29/29-Pag197.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 16/04/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 14-IX-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1724>, Formato: PDF, [Consulta: 08/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O desenvolvemento de sistemas de diálogo prácticos, orientados a aplicacións específicas, require un gran esforzo de deseño. A práctica no desenvolvemento, manexo e mellora de sistemas concretos leva aos autores a concluír que unha das razóns deste problema é a interdependencia entre as fontes de coñecemento lingüístico, que requiren coherencia en todos os seus niveis. Para solucionar este problema sen afectar á calidade do sistema presentan unha arquitectura específica para sistemas de diálogo que permite a integración automática de todas as fontes de coñecemento lingüístico a partir da especificación formal da aplicación. Esta arquitectura caracterízase pola súa modularidade e independencia completa da aplicación. Tamén presentan a aplicación desta metodoloxía ao sistema de diálogo TelCorreo, ao que engadiron soporte VXML para a especificación formal do diálogo, así como os primeiros resultados obtidos.

1150 (N/05). Pérez-Piñar López, David / García Mateo, Carmen: "Verificación de tema en sistemas de diálogo mediante la aplicación de un test de hipótesis bayesiano", *PLN*, 35, 2005:221-227. | [Ed, facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2005], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/35/27.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 07/05/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 22-VIII-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1318>, Formato: PDF, [Consulta: 08/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Un dos aspectos máis complexos de calquera sistema de diálogo consiste en identificar a intención do usuario e en distinguir os erros de recoñecemento. Neste traballo preséntase unha nova aproximación á tarefa de decidir que dixo o usuario e que quere facer en cada momento do diálogo. Para iso empréganse clasificadores estatísticos dirixidos por medidas de confianza xeradas en paralelo por varios recoñecedores adaptados aos diferentes temas do diálogo. Esta aproximación amósase especialmente adecuada para temas difíciles, como os nomes propios ou as confirmacións. A arquitectura utilizada mellora substancialmente a taxa de recoñecemento e permite identificar a intención do usuario e detectar os cambios de tema [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1151 (R/04). Rodríguez Liñares, Leandro / García Mateo, Carmen: "A Speaker Authentication Module in TelCorreo", en Petr Sojka, Ivan Kopecek e Karel Pala (eds.), *Text, Speech and Dialogue: Third International Workshop, TSD 2000 (Brno, Czech Republic, September, 13-16 2000): Proceedings*, Heidelberg, Springer, 2000:375-380 (= *Lecture Notes in Computer Science*; 1902). | [Ed. en liña]: 19-II-2004, <http://www.springerlink.com>, Formato: PDF, [Consulta: 30/10/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Os autores sosteñen que a combinación das técnicas de verificación do falante coas técnicas de verificación da expresión constitúe unha estratexia adecuada para aumentar a calidade dun sistema de recoñecemento da fala. Neste traballo presentan a implementación desta técnica no módulo de recoñecemento do falante de *TelCorreo* (versión 1.2), unha aplicación cliente bilingüe (castelán/galego) de correo electrónico concibida como sistema de diálogo que interactúa cos usuarios mediante unha interface de fala, pois permítelles acceder á súa caixa de correo electrónico para ler as mensaxes utilizando a fala a través da liña telefónica. Unha das características innovadoras desta aplicación é precisamente ese módulo de recoñecemento do usuario a través da voz, pois existen moi poucos sistemas deste tipo implementados en aplicacións reais [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

1152 (R/04). Rodríguez Liñares, Leandro / García Mateo, Carmen / Pardo Ríos, Santiago / Darriba Bilbao, Víctor: "Un sistema de diálogo para la consulta de correo electrónico en lenguaje natural", *PLN*, 29, 2002:181-187. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, [2004], <http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/29/29-Pag181.pdf>, Formato: PDF, [Consulta: 16/04/2005]. | [Ed. en liña n.v.]: [A Coruña], Universidade da Coruña, COLE Research Group, [2006], <http://coleweb.dc.fi.udc.es/cole/library/ps/RodGarParDar2002a.pdf>, [Formato: PDF] / <http://coleweb.dc.fi.udc.es/cole/library/ps/RodGarParDar2002a.ps.gz>, [Formato: PS comprimido], [Consulta: 05/12/2007]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Alicante], Repositorio Institucional de la Universidad de Alicante, 14-IX-2007, <http://hdl.handle.net/10045/1715>, Formato: PDF, [Consulta: 08/07/2008].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Presentación dun sistema de diálogo para a consulta de correo electrónico mediante a utilización da fala natural. Foi desenvolvido mediante a adaptación do conversor texto-voz *Cotovía* e un recoñecedor de fala e funciona nun ordenador PC sobre sistema operativo Linux. Na súa fase actual de desenvolvemento, funciona a través da utilización da tarxeta de son do ordenador, aínda que sería factible adaptalo a unha tarxeta de xestión telefónica. En primeiro lugar faise unha descrición xeral do sistema desde o punto de vista do seu funcionamento global; a continuación descríbense brevemente as funcións

e características dos bloques que o constitúen; logo preséntanse dous aspectos básicos da consulta en linguaxe natural: a xeración do modelo de linguaxe para o recoñecedor de fala e o problema da especificación dos remitentes das mensaxes; por último, ofrécense as conclusións e apúntanse posibles melloras do sistema.

1153 (R/04). Rodríguez Liñares, Leandro / Cardenal López, Antonio / García Mateo, Carmen / Pérez-Piñar López, David / Rodríguez Banga, Eduardo / Fernández Salgado, Xavier: "TelCorreo: A Bilingual E-mail Client over the Telephone", en Petr Sojka, Ivan Kopecek e Karel Pala (eds.), *Text, Speech and Dialogue: Third International Workshop, TSD 2000 (Brno, Czech Republic, September, 13-16 2000): Proceedings*, Heidelberg, Springer, 2000:381-386 (= *Lecture Notes in Computer Science*; 1902). | [Ed. en liña]: 19-II-2004, <http://www.springerlink.com>, Formato: PDF, [Consulta: 18/11/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Presentación do cliente de correo electrónico *TelCorreo*, que permite aos internautas galegos ler as súas mensaxes desde lugares en que non teñen acceso a un ordenador conectado á rede. A consulta do correo lévase a cabo falando a través do teléfono e o sistema utiliza tecnoloxías da fala desenvolvidas en Galicia, que inclúen un sistema re recoñecemento de voz e e conversor texto-fala.

Vid. tamén a entrada 116.

97 Lexicografía computacional: Recursos, informes e estudos

1154 (N/05). Gómez Guinovart, Xavier / Sacau Fontenla, Elena: "Técnicas para o desenvolvemento de dicionarios de tradución a partir de córpora aplicadas na xeración do Dicionario CLUVI Inglés-Galego", *Viceversa*, 11, 2005:159-171. | [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2005], <http://webs.uvigo.es/sli/arquivos/viceversa_clig.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Vigo], Asociación de Tradutores Galegos, [2007], <http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/11/Viceversa11.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 11/09/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presentación do *Dicionario CLUVI Inglés-Galego (Versión 1.0)* [entrada 106], accesible en liña en <http://sli.uvigo.es/CLIG> como resultado dunha investigación sobre extracción de léxico bilingüe que se está a desenvolver no Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo, orientada á xeración de dicionarios bilingües baseados en equivalencias léxicas de tradución extraídas de corpus paralelos. Os autores céntranse nas técnicas utilizadas no desenvolvemento deste dicionario a partir das traducións recompiladas no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* [entrada 1114], constituído por un conxunto de corpus textuais de rexistros especializados de lingua galega contemporánea. A extracción de léxico bilingüe que serviu de base para xerar o dicionario realizouse, concretamente, a partir do *Corpus literario TECTRA inglés-galego* [entrada 1117], que forma parte du *CLUVI* e está constituído por 1.476.020 palabras). O proceso consta de catro fases: 1) anotación do corpus coas equivalencias de tradución entre frases; 2) preparación do corpus para a extracción (fase de preedición); 3) extracción

léxica bilingüe automática; 4) edición manual dos resultados da extracción (fase de postedición). Ao longo do artigo descríbense estas catro fases, para rematar con algunhas conclusións e liñas futuras de traballo.

Vid. tamén as entradas 102, 104-2, 106-1, 106-2, 391, 770, 1121.

▶ 10 TRABALLOS SOBRE VARIEDADES NON XEOGRÁFICAS DO GALEGO

101 O galego dos textos literarios e paraliterarios

1155 (R/05). Barbosa, Jorge de Morais: "La langue de la *Chronique de Castille* (ms. 8817 de la Biblothèque Nationale de Madrid)", *BmF*, XIX [= *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica ([Universidade de Lisboa], 31 de março - 4 de abril 1959)*, II], 1960:151-158. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/19/boletim19.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor trata de determinar en que lingua (galego ou portugués) está escrita esta obra, datada no séc. XIV. Despois de presentar sumariamente as opinións sobre esta cuestión de filólogos anteriores (José Leite de Vasconcellos, Ramón Menéndez Pidal, Andrés Martínez Salazar, Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Luís F. Lindley Cintra) e de sinalar a falta dun estudo sistemático do galego antigo, describe os trazos característicos do galego medieval, fronte aos do portugués medieval, seguindo a Rudolf Rübecamp ["A linguagem das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X o Sábio" (entrada 149)]. A partir deles revisa os que se achan no texto da *Crónica*, chegando á seguinte conclusión: "On trouve [...] dans la *Chronique* beaucoup de faits typiquement galiciens; quelques-uns d'entre eux n'y ont pas de parallèle portugais. [...] Il nous semble donc que, à l'état actuel de nos connaissances relatives à l'ancien portugais (*latu sensu*), on peut bien considérer comme étant galicienne la langue de la *Chronique de Castille*" (p. 158).

1156 (N/05). Bermúdez Montes, Teresa: "Lingua e estilo [de Xohán Casal, *O camiño de abaixo*]", en Xohán Casal, *O camiño de abaixo*, Vigo, Xerais, 2005:95-100 (= *Biblioteca das Letras Galegas*; 60).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Breves notas sobre a lingua de Xohán Casal (1935-1960), con atención a aspectos fonéticos, morfosintácticos, léxicos e estilísticos.

1157 (N/05). Cordeiro Moledo, Carlos: "*Cobras capcaudadas* na lírica galego-portuguesa", en Carmen Parrilla e Mercedes Pampín (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*, II, Noia, Toxosoutos, 2005:135-155 (= *Biblioteca filológica*; 14).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza a estrutura e o funcionamento das *cobras capcaudadas*, o que implica un estudo do comportamento da repetición das rimas no final dunha cobra en relación co primeiro verso da seguinte cobra. O corpus que serve de base ao estudo está constituído por 219 cantigas, das que só 12 respectan as esixencias da escola occitana. Na parte final presenta a relación de todas as cantigas estudadas (p. 145-155).

1158 (N/05). Freixeiro Mato, Xosé Ramón / Sánchez Rei, Xosé Manuel / Sanmartín Rei, Goretti: *A lingua literaria galega no século XIX*, [A Coruña], Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, [2005], 789 p. (= *Monografías*; 110).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise polo miúdo da lingua literaria do séc. XIX a partir dun corpus formado por "todos os textos (libros, folletos ou mesmo follas soltas) impresos de forma individualizada durante o século XIX (desde 1800 até 1899) ou ben textos non impresos neste período ou parcialmente publicados en xornais ou revistas da época que posteriormente, durante o século XX e inicios do actual século, foron compilados en libro" (p. 10). A obra estrutúrase en 5 capítulos: 1) "O contexto sociolingüístico" (p. 53-168); 2) "Caracterización fonética da lingua literaria do século XIX" (p. 169-250); 3) "Características morfosintácticas da lingua decimonónica" (p. 251-622); 4) "Particularidades do léxico" (p. 323-754); 5) "Conclusións". Na análise sociolingüística desenvolvida no cap. 1 fanse referencias ao pensamento da época, aos estudos gramaticais realizados entón, ao modelo de lingua, etc. Nos caps. seguintes analízase o tipo de galego empregado na literatura dese período desde un punto de vista fonético, morfosintáctico e léxico, "procurando tanto a sinalización das particularidades lingüísticas en cada un deses planos como aquelas singularidades expresivas que contribúen a caracterizar a lingua literaria desa época" (p. 10). En canto á fonética, sinálase que é moi frecuente a alteración do vocalismo cun intento de aproximar a lingua escrita á lingua oral, así como un afán diferencialista con respecto ao castelán. A gheada e o seseo explosivo empréganse maioritariamente co fin de marcar unha lingua rústica e vulgar. No que respecta á morfosintaxe, moitas das solucións morfolóxicas e sintácticas buscan autenticidade fronte ao castelán, en casos como o plural dos nomes, o feminino, o uso do infinitivo conxugado, etc. De todos os xeitos, tamén se sinala a grande interferencia do castelán nesta lingua. No plano do léxico é onde se fai máis evidente a castelanización.

Recs.: Manuel Rodríguez Alonso, "Outra achega da escolar coruñesa de filoloxía", *Cartafol de libros*, 28-XI-2005, <http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>, [Consulta: 08/05/2006] | Begoña Regueiro Salgado, *Madrygal*, 9, 2006:192-193. [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR606110185A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 27/09/2006] | Carme Silva Domínguez, *Moenia*, 11, 2005:503-504 | Leticia Eirín García, *RGaF*, 7, 2006:169-173.

1159 (R/05). Lapa, Manuel Rodrigues: "Los hermanos Eans Mariño, poetas gallegos del siglo XIII", *BmF*, II/4, 1934:382-384. | [Reed.]: en Manuel Rodrigues Lapa, *Miscelânea de língua e*

literatura portuguêsa medieval, Rio de Janeiro, Ministério de Educação e Cultura, Instituto Nacional do Livro, 1965:244-247 (= *Biblioteca Científica Brasileira. Coleção de Filologia*; VII). | [2ª ed.], Coimbra, Universidade de Coimbra, 1982:419-423 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*). | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: Lisboa, Centro Virtual Camões, Biblioteca Digital Camões, [2005], <http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/lingua/boletimfilologia/02/boletim02.html>, Formato: PDF, [Consulta: 26/02/2007].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Recensión do traballo de Armando Cotarelo Valledor, *Los hermanos Eans Mariño, poetas gallegos del siglo XIII* (Madrid, Tipografía de Archivos, 1933, 32 p.), no que se fan consideracións lingüísticas sobre os textos incluídos na obra de Cotarelo (cualificada de "muito deficiente"), que ofrece copia de dous testamentos e unha edición de tres trobadores. Inclúe ref. ás cantigas de escarnio B 1622 / V 1155-1156 (Inc.: *Poren Tareija Lópiz non Pero Marinho*) de Afonso Soares Sarraça; B 1621 / V 1154 (Inc.:*Ena primeira rua que cheguemos*) de Martin Anes Marinho; B 40 (Inc.: *E por quê me desamades*) de Osoiro Eanes; e ás cantigas de amor B 37 (Inc.: *Min pres forçadament' Amor*), B 38 (Inc.: *Sazon é ja de me partir*), B 39 (Inc.: *Eu, que nova senhor filhei*), B 39bis (Inc.: *Cuidei eu de meu coraçon*), B 41 (Inc.: *Vos, mia senhor, que non avedes cura*) de Osoiro Anes; B 935 / V 523 (Inc.: *Boa ssenhor, o que me foy miscrar*) de Pero Eanes Marinho.

1160 (N/05). Mera, Héitor: "A lingua [de Bernardino Graña, *Vinte mil pesos crime*]: na procura dun rexistro literario culto", en Bernardino Graña, *Vinte mil pesos crime*, Vigo, Xerais, 2005:49-52 (= *Biblioteca das Letras Galegas*; 61).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Breve análise dos "desviacionismos típicos" da lingua do momento en que foi redactada a obra: castelanismos (fonético-ortográficos, morfosintácticos e léxicos), vulgarismos e dialectalismos (fonético-ortográficos, morfolóxicos e léxicos).

1161 (R/05). Orsino: "Críticas", *Revista Gallega*, II/76, 1896:4. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Recensión do libro de Amador Montenegro Saavedra, *Muxenas* (Vigo, 1896), na que se critica o tipo de galego que utiliza. Deféndese un sistema etimolóxico de escritura fronte ao fonético.

1162 (R/05). Ruiz de Baro, Mario: "El teatro gallego", *Revista Gallega*, IX/418, 1903:1-2. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Dáse noticia da estrea da obra teatral de Galo Salinas, *¡Filla...!* (publicada en A Coruña, Imp. A. Gutenberg, 1892), e coméntase brevemente a lingua empregada nela.

1163 (N/05). Toro, María Isabel / Vallín, Gema: "Hibridación y creación de una lengua poética: el corpus gallego-castellano", *RPMed*, 15, 2005:93-105.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Preséntase, desde unha nova perspectiva crítica, unha visión diacrónica das escolas líricas medievais da Península Ibérica, con especial atención á hibridación lingüística entre galego e castelán da chamada escola galego-castelá; destácase, ademais, unha liña de continuidade entre a escola galego-portuguesa e esoutra escola, cuxa máis antiga composición sería *En un tiempo cogí flores* de Afonso XI. Segundo as autoras, a hibridación lingüística puido deberse, por un lado, á necesidade de tomar como referencia a tradición lírica máis próxima (a galega) cando os autores querían facer composicións en castelán. De aquí que a escola galego-castelá non sexa vista como epigonal, senón orixe da lírica castelá, que, por outra parte, estaría apoiada pola inminente desaparición da escola galego-portuguesa, provocada en boa medida por cuestións de índole social e económica, pois os poetas desexarían manter esa lírica viva (nos seus motivos, fraseoloxía, vocabulario, etc.), aínda que non fose na súa lingua orixinal. Entre os autores deste período sobresae Alfonso Álvarez de Villasandino, gran coñecedor da lírica galego-portuguesa, como evidencia a ocorrencia de certas expresións na composición *Desque de vós me partí*, ou en *Ay, meus ollos, que quisestes*, na que figuran aspectos formais, expresións, motivos temáticos e a fórmula *ver y desejar* xa presentes na composición de Johan Mendiz de Briteiros B 861 / V 447 (Inc.: *Eya, senhor, aque-vos min aqui!*). As composicións de Villasandino son consideradas como a primeira manifestación da lírica culta na corte dos Trastámara e o hibridismo lingüístico non sería síntoma dunha decadente poesía galega, senón máis ben dunha nacente poesía castelá que toma conscientemente como modelo a tradición lírica máis próxima [D.G.M.].

1164 (R/05). VAAMONDE LORES, Florencio (co pseudónimo Fulvio Vergodense): "Á cada un o seu", *Revista Gallega*, I/20, 1895:5. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Real Academia Galega, Hemeroteca Virtual, 2005, <http://www.realacademiagalega.org/Hemeroteca/Revistas.do?letter=none>, [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Co gallo de atopar unha "Colección de poesías de un cancionero inédito del siglo XV, existente en la Biblioteca del Rey Don Alfonso XII", recolle unha composición en galego de Pedro de Santa Fé, tal e como aparece na compilación, indicando os erros do compilador, quen, pensando que se trataba de castelán arcaico, transcribiu as palabras que non entendía como castelás.

1165 (N/05). VILLAR, Miro: "Análise lingüística [de Emilio Álvarez Blázquez, *Poesía galega completa e textos en prosa*]", en Emilio Álvarez Blázquez, *Poesía galega completa e textos en prosa*, Vigo, Xerais, 2005:43-49 (= *Biblioteca das Letras Galegas*; 62).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise do galego empregado por Emilio Álvarez Blázquez na súa obra poética, salientando basicamente os trazos que se afastan do galego común actual. Analízanse aspectos gráficos (acentuación, representación das contraccións, etc.), aspectos fonéticos (vacilacións vocálicas, seseo, epéntese, grupos cultos, etc.), aspectos morfosintácticos (sufixos, o xénero, o paradigma verbal, etc.) e aspectos léxicos (castelanismos, hipergaleguismos, lusismos, etc.).

Vid. tamén as entradas 18, 65, 137, 144, 145, 149, 180, 186, 192-1, 251, 268, 276, 283, 316, 317, 318, 319, 320, 321, 322, 323, 325, 327, 328, 329, 330, 331, 332, 333, 334, 335, 337, 340, 341, 342, 364, 410, 411, 412, 413, 574, 653, 654, 655-1, 772, 773, 774, 775, 848-2, 869, 871, 956,

962, 963, 965, 967-1, 967-2, 968, 969, 970, 971, 972, 973-1, 974, 975, 976, 977, 978, 979, 980, 981, 982, 983, 984, 985, 986, 987, 988, 989, 990, 991, 994, 1021, 1023, 1024, 1025, 1028, 1029, 1031, 1033, 1067, 1068, 1069, 1070, 1071, 1072, 1073, 1074, 1075, 1076, 1077, 1078, 1079, 1080, 1081, 1082, 1083, 1084, 1085, 1086, 1087, 1088, 1089, 1090, 1091, 1092, 1093, 1094, 1101, 1102.

102 O galego dos textos científico-técnicos

Vid. a entrada 18.

1021 O galego dos textos xurídico-administrativos

Vid. as entradas 173, 243, 339, 342-1, 767, 769, 849, 852, 964, 992, 993, 994, 1004, 1005, 1006, 1009, 1013, 1014, 1015, 1017, 1019, 1026, 1027, 1133.

103 O galego dos medios de comunicación

1166 (R/05). Hermida Gulías, Carme: "A lingua da publicidade", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:361-378. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Tras unha breve introdución sobre a publicidade e as súas repercusións lingüísticas na sociedade, a autora analiza o galego empregado nos anuncios publicitarios, en que se rexistran erros ortográficos, morfolóxicos, sintácticos, léxicos ou de expresión. Entre eles pódense sinalar os que afectan á acentuación, ao emprego de <b> / <v>, á formación do plural dalgunhas palabras, ao emprego de *lle* e *lles*, á colocación do pronome, ao emprego do infinitivo conxugado, á presenza da preposición *a* ante CDir, ao uso de castelanismos e dialectalismos, etc.

Vid. tamén as entradas 603, 1095.

105 Xergas

1167 (N/05). Hermida Gulías, Carme: "Fonética e morfosintaxe dos verbos ou latíns galegos", en Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, [Promovido polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 2005:391-403 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Caracterización lingüística das cinco xergas coñecidas en Galicia: a dos cesteiros, a dos *chafoutas* ou albaneis, a dos telleiros ou *cabaqueiros*, a dos *arghinas* ou canteiros e o barallete dos afiadores ou *naceiros*. | Índice: 1. Textos en verbo | 2. Caracterización fonética dos latíns | 3. Morfosintaxe dos latíns | 3.1. O xénero e o número | 3.2. Determinantes | 3.3. Pronomes | 3.4. Verbos | 3.5. Adverbios | 3.6. As preposicións e conxuncións.

1168 (N/04). Rodrigues Gomes, Jorge: *Estudo comparativo da formaçom de gírias gremiais galegas e castelhanas*, Tese de Doutoramento, Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Traducción, Departamento de Lingua Española, 2004, 2 v. | [Public.]: *Falas secretas: Estudo das gírias gremiais galego-portuguesas e ibéricas*, Ourense, Associaçom Galega da Língua, 2008, 537 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Minucioso estudo das xergas gremiais dos dominios lingüísticos galego-portugués, asturiano-leonés e castelán, que fornece interesantes datos sobre a súa orixe, constitución, características, clasificación e relacións. O material lingüístico examinado procede non só da bibliografía existente sobre estas variedades, senón que tamén do traballo de campo levado a cabo polo autor, entrevistando a usuarios ou coñecedores das mesmas, que lle permitiu recoller máis de mil voces nunca antes rexistradas e o descubrimento dalgunha xerga galega ata este momento descoñecida (o barallete dos cegos). As xergas galegas estudadas son as seguintes: o barallete da Chaira (dos afiadores e outros ambulantes), o verbo dos arguinas (canteiros e pedreiros), o verbo dos cabaqueiros (telleiros), o verbo dos chafoutas (albaneis), a lafrada (albaneis), o verbo dos bogardeiros (cesteiros), o barallete dos grañudos (vendedores ambulantes), o verbo dos xingreiros (músicos) e o barallete dos cegos. Na primeira parte abórdanse os problemas de nomenclatura, caracterízanse as xergas gremiais dentro das linguaxes especiais, determínanse os trazos que as diferencian doutros xéneros de xergas, nomeadamente os argots marxinais da delincuencia, e revísanse os estudos anteriores sobre elas. Na segunda parte analízanse os recursos de adqusición lexical en 29 destas variedades (9 galegas, 8 portuguesas, 7 asturiano-leonesas e 5 castelás). Por último, na terceira parte, clasifícanse segundo os diferentes procesos de adquisición lexical utilizados e relaciónanse por familias baseándose nas maiores ou menores coincidencias lexicais e nalgunha característica morfolóxica. Un aspecto importante da investigación é o estudo etimolóxico dos termos partillados por varias xergas. Examínase tamén a súa orixe e influencias mutuas, á parte da súa relación coas xergas marxinais da delincuencia coma o *calão* portugués e a antiga *germanía* castelá. O traballo complétase con varios apéndices onde se ofrecen novas compilacións do léxico das variedades gremiais galegas.

1169 (R/05). Varela Pose, Francisco Javier: "O Latín dos canteiros en Cabana de Bergantiños = Hewer's Latin in Cabana de Bergantiños", *Madrygal*, 7, 2004:113-122. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0404110113A.PDF>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Descrición das características da xerga dos canteiros de Cabana de Bergantiños (CO), tamén coñecida como *galrrucio*. Tras unha presentación das distintas hipóteses sobre a orixe destas variedades e a súa posible relación co éuscaro e outras linguas europeas, ofrécese un inventario de 47 vocábulos propios desta xerga e compárase cos datos recollidos por Julio Ballesteros Curiel [*Verbo dos arginas (Jerga-latín de los canteros)* (1919, vid. *BILEGA* 2044)] e Feliciano Trigo Díaz [*O verbo dos arginas de Avedra: Xerga gremial dos canteiros de Pontevedra* (1993, vid. *BILEGA* 2589)] sobre a xerga dos canteiros doutras zonas de Galicia. Constátase que as diferenzas son mínimas e que todas teñen como base a lingua galega, o cal permitiría unha comunicación perfecta entre os distintos grupos.

Vid. tamén as entradas 155, 407.

106 Outras variedades non xeográficas do galego

Vid. as entradas 237, 501, 552, 646, 1018.

ÍNDICES

▶ ÍNDICE DE AUTORES[1]

A. Z (acrónimo). 27
Abella Picos, Sonsoles 475
Abelleira, Rocío 1114 (aliñ.), 1116 (aliñ.)
Abilleira Sanmartín, Xosé 418
Acuña, Juan Carlos 225
Acuña Ferreira, Virginia 52 (ed. colab.), 241
Acuña Trabazo, Ana 29, 42, 801, 965
Aladern, Joseph 667, 853
Alarcos Llorach, Emilio 455 (tr.)
Alcázar, Asier 1114 (aliñ.)
Alegria, Iñaki 1138
Aleixandre, Marilar 393
Alén Garabato, María Carmen 689, 835
Alexandris, Christina 1148-2
Afonso X o Sabio 992
Almazán, Eva 1067
Almazán García, Laura 394
Almeida Alexandre, Fernando Manuel de 396
Almeida Suárez, Manuel 554 (rec.)
Alonso Alonso, Alexandre 795 (tr.)
Alonso Estravís, Isaac 102, 750
Alonso Iglesias, Begoña 241
Alonso Montero, Xesús 28, 565, 772
Alonso Núñez, Aquilino Santiago 481 (rec.), 526
Alonso Pintos, Serafín 730, 731
Alonso Priegue, Xosé Ramón 394
Altmayer, Claus 717 (rec.)
Alvar, Carlos 276
Alvar, Manuel 419, 420
Álvarez Blanco, Rosario 47 (ed.), 48 (ed.), 169, 187, 228, 229, 233, 234, 509, 516 (coord., red. e inv.), 521 (rec.), 633, 762, 966, 1018
Álvarez Cáccamo, Celso 567-1, 606, 634-1, 634-2, 640-1, 640-2, 575-1, 833-1
Álvarez Castro, Mercedes 29
Álvarez de la Braña, Ramón 30
Álvarez de la Granja, María 178, 257, 277, 316, 381, 644
Álvarez Giménez, Emilio 278, 279
Álvarez López, Sonia 49 (ed. colab.), 242
Álvarez Lugrís, Alberto 106-2 (red.), 1068, 1078
Álvarez Pérez, Xosé Afonso 421
Álvarez Sousa, Antón 588, 589 (dir.)
Alvariño Alvariño, María del Pilar 382
Ameal Guerra, Ana 590
Andión Fontela, María José 597
Aneiros Díaz, Rosa 815
Angueira, Anxo 787
Anguita Jaén, José María 469
Anido Silvosa, María Jesús 51 (ed. e tr.)
Anónimo 1, 5 (rec.), 17, 23, 24, 25, 26, 54 (rec.), 59, 60, 61, 80 (rec.), 106-2 (rec.), 113, 114, 165 (rec.), 196 (rec.), 237, 366, 367, 368, 391 (rec.), 392, 393, 394 (rec.), 396 (rec.), 404 (rec.), 397 (rec.), 403 (rec.), 406, 416, 417, 505 (rec.), 507 (rec.), 518 (rec.), 529 (rec.), 555-1, 567-2 (rec.), 575-2 (rec.), 634-2 (rec.), 656, 657, 658, 659, 660, 661, 662, 663, 664, 665, 666, 688, 704, 704 (rec.), 738, 778, 782, 783, 784, 785, 790 (rec.),

1 Inclúe autores principais das entradas e editores literarios ou funcións equivalentes (coordinadores, organizadores e directores de proxectos, obras colectivas ou reunións científicas, transcritores de documentos), así como redactores de obras lexicográficas, colabora dores, moderadores de mesas redondas, ilustradores, tradutores e autores de recensións. Agás no caso dos autores principais, indícase sempre a continuación do número da entrada o tipo de responsabilidade autoral. Para os traballos firmados cun acrónimo ou un pseudónimo, indicase o nome completo do autor (se nos foi posible coñecelo).

800, 805 (rec.), 808, 814, 837 (rec.), 841 (rec.), 846 (rec.), 936 (rec.), 954 (rec.), 1044, 1114 (rec.), 1136, 1136 (rec.)
Araujo Cardalda, Laureano 1069
Araújo García, María Teresa 5, 1106
Arbor Aldea, Mariña 1030
Área de Linguaxes especializadas do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela 765 (coord.)
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo 786
Ares Ameixide, Mónica 516 (red.)
Ares Sanmartín, María 816
Ares Vázquez, Carme 103, 369, 605
Ares Vázquez, Ester 394
Ares Vázquez, Nicandro 422, 423, 424, 425, 426
Arévalo Rodríguez, Joaquín de 668
Arias, Valentín 1062
Arias-Cachero Cabal, Álvaro 128, 204
Arias Iglesias, Carlos 101
Armentano-Oller, Carme 1137
Arratibel, Nekane 1041
Arroyo, Paloma 127 (rec.)
Asaka, Takekazu 495, 527, 618, 854
Asociación Xuvenil «Os Estraloxos» 280
Asorey Vidal, Daniel 391 (colab.), 591, 802
Astudillo, Ester 711 (rec.)
Avenoza, Gemma 2
Axeitos, Xosé Luís 669
Azevedo Filho, Leodegário A. de 555-2, 727 (rec.)
Babarro González, Xoán 502
Badía Margarit, Antonio M. 443-1 (rec.), 443-2 (rec.), 492
Baleato, Suso 817
Baleirón Sóñora, Rosario 528
Balsas Barbeira, Xavier 1112
Baltar Veloso, Ramón 915
Baña Pose, Xosé 974
Banet Fontenla, Manuel 670, 855
Bar Cendón, Mónica 1070
Barbeito, Avelino 62, 855
Barbeito Lorenzo, María Dolores 264
Barbieri, Mario 2
Barbosa, Jorge de Morais 1155
Barbosa, José Manuel 856
Barca Lozano, Alfonso 592, 1045
Barcala, Francisco Mario 1106 (informática), 1127, 1139, 1140
Barcia Caballero, Juan 870
Bardio Díaz, Hermenegildo 470
Barme, Stefan 916
Barreiro Barreiro, Xosé Luís 401 (rec.)
Barreiro Fernández, Xosé Ramón 690
Barreiro Meiro, José 739, 740, 741
Barreiros, Cosme 525 (rec.)
Barreña, Andoni 1041
Barrera, Andrés 705
Barreto, Therezinha Maria Mello 892
Bascoi Maceiras, Beatriz 809, 826
Bascuas López, Edelmiro 427, 428
Bauske, Bernd 314 (rec.)
Bechara, Evanildo 525 (rec.)
Bello Rivas, María Xesús 1039, 1112
Beloso Gómez, Josefa 301 (ed.)
Beltran, Vicenç 2, 857
Benavente Jareño, Pedro 296
Beramendi, Justo 691
Bermúdez Blanco, Manuel 751, 831
Bermúdez Montes, Teresa 410, 1156
Bestilleiro Bello, Xosé 893, 1106, 1112
Beswick, Jaine 503
Betancor González, Nerea 106-1 (red.)
Bindels, Marie-Carmen 717 (rec.)
Blanchet, Philippe 717 (rec.)
Blanco Carreira, Natalia 99
Blanco González, Cristina 5, 1106
Blanco López, Manuel 1112
Blanco Ramos, María 589
Blanco Valdés, Juan L. 115
Blas Arroyo, José Luis 554
Blasco Ferrer, Eduardo 415 (rec.)
Blaser, Jutta 3
Boado Rial, María Xesús 101
Bobes Naves, María del Carmen 429
Bogdanow, Fanni 251, 1071
Boléo, Manuel de Paiva 454 (rec.), 496 (rec.), 521 (rec.)
Bomfim, Eneida do Rego Monteiro 188
Bonev, Boyan 1137
Borsari, Elisa 518 (rec.)
Boullón Agrelo, Ana Isabel 31, 54 (ed.), 370, 448 (rec.), 485, 849
Bouzada Fernández, Xan M. 575-2
Bouzas Rosende, Paula 164, 481
Boyer, Henri 567-2, 835
Bragado Trigo, Iago 221
Brañas, Alfredo 870

Branchadell, Albert 706
Brea, Mercedes 55 (coord.), 317, 318, 319, 844, 1031
Brenlla Blanco, Juan Carlos 592, 1045
Brisaboa, Nieves R. 1121, 1122
Brocardo, Maria Teresa 975
Bröking, Adrian 568
Brú Sandement, Juan 671
Búa Carballo, Juan Carlos 430
Bueno Alonso, Jorge Luís 1072
Buescu, Víctor 917
Bugarín López, María Xesús 391 (colab.)
Buján Otero, Patricia 265, 301 (ed.), 281 [ed.], 290 [ed.]
Caamaño, A. Antón 344-1
Caamaño Suárez, Manolo 343
Caamaño Varela, Maruxa 531, 532
Cabal, Constantino 311
Cabana Outeiro, Alexandra 1112
Cabeza León, Salvador 870
Cabeza Pereiro, Carmen 49 (ed.)
Cabeza Quiles, Fernando 431
Cajiao Espino, José Juan 101
Cal Pardo, Enrique 995, 996 (ed.)
Calado, Adelino de Almeida 18 (rec.)
Callón, Carlos 1122
Calo Lourido, Francisco 313 (ed.)
Calvo, Tucho 820
Calvo Ferrer, Ana 101
Calvo Silvosa, Anxo Ramón 1066-2
Camino, Domingo 266
Campillo Díaz, Francisco 1123, 1130, 1135, 1142, 1143
Campos, Inmaculada 1051 (red.)
Campos, Lucas Santos 894
Campos Souto, Begoña 243
Cantera Ortiz de Urbina, Jesús 471
Canziani Kristensen, Bárbara 1106
Carballeira Anllo, Xosé María 103 (coord.), 369
Carballo Covelo, Óscar 106-1 (red.)
Carballo Suárez, Xosé 358
Carbón Rioboó, María Soledad 170
Cardenal López, Antonio 1144, 1145, 1147, 1153
Caridad Arias, Joaquín 432, 433
Carmona Álvarez, María Dolores 312
Carnero Vázquez, Ofelia 344-2 (comp.)
Carracedo Doval, Juan José 623
Carracedo Fraga, José 1073
Carré Aldao, Eugenio 742, 858
Carré Alvarellos, Leandro 320
Carré Alvarellos, Lois 282
Carrillo Boutureira, Francisco 1105
Carvalho, José Gonçalo C. Herculano de 874, 875, 883 (rec.), 918, 919
Carvalho Calero, Ricardo 752
Casal, Fina 692
Casares Berg, Håkan 583 (coord. e rev.), 614, 615, 617
Casares Mouriño, Carlos 269
Casas, Álvaro de las 411
Casas Aguín, Zaixega 5
Casas Rigall, Juan 961
Casielles, Juana María 314 (tr.)
Castilho, Célia Maria Moraes de 912
Castro, Ana 1113
Castro, Ivo (vid. tamén Castro, Ivo José de) 63
Castro, Ivo José de (vid. tamén Castro, Ivo) 994
Castro, Maria Helena Lopes de 994
Castro, Marisa 355, 356
Castro Álvarez, Carlos de 472, 996 (rec.)
Castro Buerger, Iago 394, 1074
Castro García, Silvana 5, 1106
Castro López, María Xosé 589
Castro Macía, Luís 105
Castro Otero, Salvador 409
Castro Soliño, Dorinda 1054
Castro-Rial, Luis 1114 (aliñ.), 1115 (aliñ.)
Catalán, Diego 415
Cepeda, Isabel Vilares 32, 994
Cereixo Silva, Amparo 5, 1106, 1112
Chambon, Jean-Pierre 462 (rec.)
